ENTRE A RESISTENCIA E A ADAPTACIÓN. A SOCIEDADE RURAL GALEGA NO FRANQUISMO (1936-1960)

Ana Cabana Iglesia

Tese de Doutoramento realizada no Departamento de Historia Contemporánea e América da Universidade de Santiago de Compostela baixo a dirección do Profesor Doutor D. Lourenzo Fernández Prieto

Aos meus pais

"De todas as palabras
que se poden dicir coa lingua
ou a pluma, as máis
tristes son estas: podería
ter sido distinto"

Joseph Heller

Agradecementos

Nacín un 20-N e licencieime en Historia, polo que en principio todo parecía indicar certa predisposición para ter no franquismo o meu tema de investigación. Pero nada máis lonxe de fadas e designios divinos que esta decisión tomada en 2001. Na toma deste camiño, como moitas outras decisións acertadas tomadas no ámbito académico, débolle recoñecemento ao profesor Lourenzo Fernández Prieto. Para el vai o máis sinceiro agradecemento, polo apoio e a confianza que me ten amosado nestes anos excedendo a súa función de titor.

Contraín igualmente débedas de gratitude co conxunto de membros do Departamento de Historia Contemporánea e América, sempre prestos en axudas e consellos para as miñas continuadas dúbidas e inseguridades. Quero sinalar que non tería saído a diante no día a día sen o traballo calado e concienzudo de Mari Carme. Sempre solícita, fixo que os labores e requisitos administrativos non foran unha tarefa inasequible. Mención especial quero facer aos profesores e bolseiros que compoñen o Grupo de Historia Agraria (Aurora Artiaga, María Xesús Baz, Eduardo Rico, Xosé Ramón Veiga, Xesús Balboa, María Xesús Souto, David Soto, Miguel Cabo, Daniel Lanero, Antón Santos, Antonio Míguez, Anxo Collarte, Xosé Penedo) que, por proximidade temática, sufriron a miña máis continuada presenza. Agradézolles inmensamente a preocupación e interese pola miña investigación, as lecturas que teñen feito dos meus traballos, as recomendacións bibliográficas e as conversas formais/informais cheas de suxerencias acaídas.

A miña investigación sacou un gran proveito das estadías que puiden realizar fóra da Universidade de Santiago. Por iso quería expresar o meu agradecemento aos profesores que aceptaron converterse nos meus titores na Universidade Nova de Lisboa, a antropóloga Paula Godinho, na London Scholl, o hispanista Sebastian Balfour, e na Universidad Autónoma de Madrid, o historiador Juan Pan-Montojo.

Se algo hai que defina a investigación que comporta facer unha tese é a soidade. O traballo coas fontes, as lecturas bibliográficas e a redacción son tarefas todas elas que non conlevan en xeral o gusto de partillar. Eu probablemente sexa unha excepción pois a miña soidade reduciuse ao mínimo grazas a que Daniel Lanero, Antonio Míguez e Antóm Santos compartiron conmigo congresos, estadías e días de arquivo enriquezendo así o meu traballo. Agradézolles infinitamente as súas lecturas críticas, os seus consellos historiográficos e os seminarios-debate montados. Débolles, igual que a Emilia e Pruden, compaña e amizade, aspectos que me axudaron a ser mellor historiadora e, sobre todo, unha historiadora máis feliz.

Un agradecemento moi especial vai cara aos de Lugo, cara aos meus amigos e compañeiros da Escola Politécnica Superior que, dende que cheguei, outro 20-N, en 2003, acadaron facerme sentir como na casa. Os que teñen mando na praza, Carreira, Teresa e Emilio, aprendéronme a moverme nese edificio enorme cheo de enxeñeiros, e os sen mando, Mar, Marcelo, Pili, Loli, Ana Isabel e Xerardo, acompañáronme na descuberta deses pasillos e dos camiños que hai alén do campus.

Para a miña familia vai o meu último agradecemento malia que, en todo, sempre é o primeiro. Os meus pais e Duarte foron os verdadeiros "sufridores" desta tese. Da súa xenerosidade infinita aproveitouse o meu traballo (como fonte oral uns como maquetador o outro) e beneficiase cada día a miña vida.

Remato cunha lembranza para os que me faltan. Para a madriña, o meu mellor recordo da infancia; para a miña avoa, a quen unha enfermidade deixou sen a súa historia; e ao meu avó, del herdei o gusto pola lectura e, sen iso, nada.

Pacios, xuño de 2006

Este traballo beneficiouse do apoio económico recibido do programa de Bolsas de Formación do Profesorado Universitario (FPU) do Ministerio de Educación.

Índice Xeral

Introducion **1**
1.1 Presentación: tema e camiños 1
1.2 Obxectivos das pesquisas 8
1.3 Metodoloxía e fontes 12
1.4 A memoria do franquismo en Galicia: unha memoria "co medo no corpo" 18

BLOQUE I. A RESISTENCIA: DE ORGANIZACIÓN POLÍTICA A MOVEMENTO CIVIL **25**

2 Volvendo sobre a noción de "Resistencia" **27**
2.1 A conflitividade no agro: nin restrinxida, nin antiga nin irracional . . 29
2.2 Alén da acción colectiva: a resistencia cotiá 37

3 A renovación teórica da "Resistencia" no ámbito de estudo dos fascismos **45**
3.1 A "resistencia civil": ¿sociedade *versus* política? 52
3.2 De "Resistencia" a "Resistencias" 55
3.3 A modo de balance 62

BLOQUE II. AS ACTITUDES DUNHA INMENSA MAIORÍA. ENTRE A ADAPTACIÓN E A RESISTENCIA CIVIL **65**

4 Trazos definidores da resistencia na Galicia dos anos corenta e cincuenta **67**
4.1 Unha realidade de partida. A represión: a destrución do agrarismo . . 68
4.1.1 Unha supervivencia desvirtuada: sociedades agrarias, católicas e mutuas (1936-1944/45) 82
4.1.2 Damnatio Memoriae 88
4.1.3 A represión do asociacionismo agrario nos outros fascismos europeos: Alemaña, Italia e Portugal 92
4.2 Definidores da conflitividade rural ante o franquismo: acción estatal . 96
4.3 Definidores da conflitividade rural ante o franquismo: a "cultura de resistencia" 100

5 A resistencia civil das décadas corenta e cincuenta no agro galego 111
5.1 A elección dunha actitude ante o franquismo: opoñerse, resistir, adaptarse. 115
5.1.1 Referentes na elección dunha actitude ante o poder 116
5.1.1.1 A Segunda Guerra Mundial: un antes e un despois . . 118
5.1.1.2 O papel das autoridades locais na resistencia cotiá . . 124
5.1.1.3 O remprazo xeracional: unha xeración sen pasado . . 131
5.2 As pegadas do disenso e resistencia civil 136
5.3 Tipoloxías da resistencia civil: resistir sen armas na Galicia rural . . . 141
5.3.1 Resistencia aberta: de cara e/ou con determinación 144
5.3.1.1 Negativa á realización de pagos 144
5.3.1.2 Os motíns 161
5.3.1.3 Resistencia simbólica e desacordo a nivel de discurso . 163
5.3.1.4 Boicots 164
5.3.1.5 Absentismo, omisión e non participación 165
5.3.2 Resistencia institucionalizada: facendo partícipe á Administración 170
5.3.2.1 O recurso á xustiza 170
5.3.2.2 Queixas e peticións 172
5.3.2.3 Aproveitando os resquicios das institucións 180
5.3.3 Resistencia non dirixida: protestar de facto 184
5.3.4 Resistencia implícita: calibrando o descontento 197
5.4 A pasividade dos labregos: un arma de doble fío 198
5.5 "Resistentes funcionais": os protagonistas da resistencia civil 209

6 A "adaptación": un "primum vivere" sen claudicación 215
6.1 O franquismo na Galicia rural. Nin "paréntese" nin "culpa colectiva". . 217
6.2 Arredor do debate sobre "consenso". O "consentimento" 220
6.3 Formas e ámbitos de "adaptación" no rural galego 225
6.3.1 Colaboración-realismo 226
6.3.1.1 "Co medo no corpo": o terror vivido e percibido 226
6.3.1.2 Unha sociedade vixiada 236
6.3.1.3 As ansias de voltar á "normalidade" 244
6.3.1.4 A falla de esperanza no cambio 247
6.3.1.5 A *fame neghra* 251
6.3.2 Colaboración-conveniencia 260
6.3.2.1 Medrar á sombra do franquismo 260
6.3.2.2 Os beneficiarios 270
6.3.2.3 Os asegurados e os asistidos. As políticas sociais franquistas: entre a beneficiencia e a creación de redes clientelares 277
6.3.3 A colaboración-providencia 298
6.3.3.1 Filas e trincheiras: lugares para o adoutrinamento e o convencemento 299
6.3.3.2 Entre o cumprimento da legalidade e a "normalidade" dos despolitizados 303

6.3.3.3 A violencia como arma da lexitimidade e o mito da "paz de Franco" . . . 305
6.3.3.4 Dous bastións: a igrexa e o discurso ruralista . . . 307
6.4 Formalizar o consentimento: o papel das denuncias . . . 315
6.5 Balance . . . 320

BLOQUE III. TRES FORMAS DE RESISTENCIA CIVIL NO RURAL GALEGO 325

7 A resistencia medioambiental: a loita polo monte comunal 327
7.1 Introdución . . . 327
7.2 As comunidades rurais fronte "a Forestal". As resistencias contra o "modo de uso industrial" . . . 331
7.2.1 As modalidades de resistencia fronte a política de repoboación franquista no monte comunal galego: a activación dun arsenal amplo e diverso . . . 333
7.2.2 O lume no monte comunal: entre a resistencia aberta e a non dirixida . . . 351

8 A práctica clandestina da solidariedade: "a guerrilla do chao" 363
8.1 Envolverse na oposición: o antifranquismo como opción . . . 365
8.1.1 A oposición no eido rural: fuxidos e guerrilleiros . . . 366
8.1.2 Os perdedores non rendidos . . . 374
8.2 A guerrilla do chao: a resistencia civil como base da oposición antifranquista. . . . 378
8.2.1 O apoio á guerrilla na Galicia rural: as redes de enlaces . . . 380
8.2.1.1 Redes baseadas na relación familiar e o parentesco . . . 385
8.2.1.2 Redes baseadas nas relacións de veciñanza e amizade 390
8.2.1.3 Redes baseadas na afinidade ideolóxica/política . . . 396
8.2.1.4 Redes baseadas nos sentimentos humanitarios . . . 398
8.2.1.5 Redes baseadas no interese económico . . . 400
8.2.1.6 Redes complexas: a rede de enlaces de Manuel Castro Tellado . . . 401
8.3 A relación guerrilla/comunidades campesiñas: alén das redes de enlaces 404

9 Resistencia simbólica: un recurso para unha sociedade intervida 411
9.1 Palabras non cautivas. Os rumores. . . . 413
9.2 O arsenal verbal da resistencia simbólica: de insultos a romances . . . 417
9.3 Unha arma simbólica máis: os acenos . . . 425
9.4 A resistencia da memoria . . . 428
9.4.1 A función social da memoria subversiva: a expulsión dos represores da comunidade . . . 431
9.4.2 A función social da memoria subversiva: a creación do "heroe" . 443

Conclusións 451

Documentación gráfica **459**

Fontes Orais **461**

Bibliografía **477**

Introdución

"Resucitar aos mortos,
non é ningún acto de maxia,
poucos hai que estean enteiramente mortos:
sopra sobre as brasas dun defunto
e verás arder unha chama viva.
Deixa que as súas esquecidas coitas vivan agora,
e agora as súas murchas esperanzas.
Somete a túa pluma a súa escritura
ata que resulte tan natural
firmar co seu nome como co teu propio"

Robert Graves

1.1 Presentación: tema e camiños

A pretensión principal deste traballo é a análise das actitudes e comportamentos da poboación rural galega durante os primeiros vinte anos de vixencia do réxime franquista. Convencidos da súa complexidade e da incapacidade da clasificación do propio réxime -que dividía á poboación en tres categorías, adictos, desafectos e indiferentes- para aprehender e definir as actitudes reais da poboación cara ao poder; e sabedores de que a ausencia de investigacións ten avivado explicacións simplistas baseadas en tópicos ahistóricos, temos o obxectivo de estudar as fasquías da vida cotiá dos galegos que viviron no rural nos anos corenta e cincuenta do século XX para asentar o coñecemento da súa relación co Estado saído do golpe de 1936.

O noso estudo vai na procura de aprehender, sobre todo, a esfera antagónica a aquela outra na que se inscriben os compoñentes fundamentais do proceso hexemónico gramsciano, o da dominación e o do consenso, para reparar nas formas e estratexias de resistencia. Insitiremos na renovación sufrida polo concepto de "resistencia", que acabou coa creba do cadro teórico que sostiña algunhas das interpretacións que se consideraban consolidadas e que se orixinou, en diferentes Ciencias Sociais, a partir dunha mesma matriz: a contemplación de moitas actitudes e accións que quedaban fóra do que se tiña definido como a interpretación clásica de "resistencia", pero que posuían un innegable sesgo incompatible co consenso da poboación co sistema político imposto. Pretendemos adentrarnos nas lecturas renovadoras que van mudando, pouco a pouco, os elementos cardinais da interpretación clásica, dando prioridade a unha ex-

plicación da "resistencia civil" fronte á "resistencia política" entendida como oposición, e subliñando o seu carácter coxuntural e mesmo accidental.

Alonxámonos de análises de corte máis tradicional para comprender o franquismo en termos da experiencia popular, desviándonos así dos camiños analíticos máis transitados. Acometemos o estudo das actitudes sociais amosadas no rural galego durante as primeirs décadas do franquismo franquismo sen recorrer a divisións maniqueas e planas para adentrarnos no que Primo Levi denominou a "zona gris", un espazo onde se agocha o común da poboación e que ten como lindeiros, por unha banda a torturadores criminais e, pola outra, aos torturados inocentes[1]. Enfrontámonos a condutas humanas en toda a súa confusión, contradición e normalidade e isto obriga a que as propostas e análises neste traballo teñan un claro e, seguramente criticable, sesgo valorativo que, se ben nos parece unha vía aceptable para compensar os excesos do pensamento cientificista, entendemos que a suplantación da vía máis positivista por unha meramente valorativa pode levar a dificultades ao relato histórico, cando menos igual de insuperables que as que se derivan da alienación das obxectivacións. É dicir, non é viable para o discurso histórico abandonarse nunha postura relativista radical, pero cremos que non debemos de, para evitar esta deriva, negar a significación do que consideramos un avance da investigación, o de non perseguir xa causalidades unívocas, de outorgar peso ao contexto, a cada situación, poñendo o énfase na realidade específica que se trata e na causalidade complexa. Na nosa análise prestaremos especial atención, xa que logo, a correlatos difusos e imaxes fragmentarias que por dita cualificación, e por aparecer como radicalmente individuais, teñen escapado do relato histórico no seu sentido máis canónico. Pero que, como tratarei de amosar, a suma de excepcións, de singularidades, de detalles, de historias particulares, acaban conformando un discurso con entidade para definir tendencias posibilitadoras de matizar, e mesmo negar, visións mitificadoras asentadas na memoria e na Historia, é dicir, tendencias válidas para ser empregadas como armas dunha análise deconstructivista. Insistimos en soster a radical centralidade do individual, mesmo do anecdótico, porque ensamblados debuxan un cadro representativo. Definir distintos individualismos ten a ventaxa de evidenciar unha variedade de motivacións nos actores históricos.

Non se trata de aseverar que "só o individual conta" e blandir un radical individualismo metodolóxico[2], senón de restar importancia a grandes e organizados colectivos como partidos, sindicatos, etc. para examinar grupos sociais máis estreitos nos que a comunidade, a familia e os amigos marcan lindes. Subliñamos a importancia da comunidade como realidade intermedia que salva a distancia entre o individuo e a sociedade no seu conxunto porque entendemos que o individualismo *per se* non pode dar conta das accións das persoas. A idea de "comunidade" fai referencia a un modelo de asociación configurado a partir dunha serie de relacións: familiares e de parentesco, de continuidade, de inclusión e de exclusión, de identidade e de identificación do outro. Ofrece formas de solidariedade e reciprocidade que están fundamentadas nunha experiencia colectiva de marxinalidade e expropiación. A linguaxe comunitaria brinda

[1] LEVI, P., (2001), *Los hundidos y los salvados*, Barcelona, Muchnik Editores

[2] Unha opción pola que se está a apostar ultimamente, vd. SEIDMAN, M., (2003), *A ras de suelo. Historia social de la República durante la Guerra Civil*, Madrid, Alianza

unha poderosa matriz de identificación e pode funcionar como unha forza de mobilización na transformación das relacións de poder político, pero con capacidade para admitir procesos de diferenciación dentro do seu propio espazo e para aceptar múltiples identidades condicionadas socialmente[3]. O que comparten todos os suxeitos de estudo é un enraizamento no seo dunha comunidade, dunha microsociedade, no que o persoal domina sobre o político, pero sen que este quede desmerecido. A excepción deste nivel micro formado por relacións familiares e de amizade e veciñanza moi íntimos, a cohesión social viuse erosionada polo sistema político, pero non destruída porque foron as redes relacionais, ás que pretendemos dar especial atención, as que mitigaron a dureza da posguerra.

A amplitude da "resistencia civil" non debe ser sobrestimada, a indiferenza ideolóxica e a apatía son factores que afectan á capacidade combativa, ao potencial produtivo e á tan anceiada "paz social" dos sublevados. Os aportes sobre a resistencia requiren, amén de reflictir o debate historiográfico xerado arredor da propia categoría do obxecto, desenvolver unha análise de corte interpretativo, concebida como unha contribución ao replantexamento da resistencia durante o período franquista no agro galego. "As situacións cargadas de poder non son case nunca absolutas, o exercicio do poder sempre despraza a unha porcentaxe do total da realidade social á clandestinidade" (Scott, 1985:286). O "pobo" dificilmente é unha masa monolítica e, é precisamente, a relación entre a política e as masas o que require ser examinado, non presuposto. A hexemonía do Estado franquista non foi absoluta, os socialmente máis débiles non aceptaban sumisamente a ideoloxía dos gañadores da guerra civil nin se sometían pasivamente á autoridade. A normalidade e cotidianeidade das manifestacións indisciplinadas e indóciles volven significativas este tipo de prácticas.

Ao analizar as diferentes formas de resistencia civil, diferentes formas de enfrontarse por parte dos colectivos subalternos á hexemonía imposta, xorden unha serie de desafío. Empezan pola definición e precisión do propio criterio de resistencia, o marco conceptual debe responder a unha dimensión histórica pero tamén á renovación e á inestabilidade de moitas das categorías, como asumir a súa complexidade á hora de facer unha representación da realidade social, como articular e xerarquizar os diversos compoñentes, que prácticas poden ser caracterizadas como un comportamento comprometido ou como conformar a complexa imaxe colectiva derivada da aplicación deste modelo analítico que non implica unha versión cuantitativista. Son algunhas cuestións que falan de serios obstáculos na precisión da análise que serán contemplados.

Pretendemos neste traballo reflexionar sobre a "resistencia civil" a partir da cavilación sobre o papel do conflito social e o seu papel na aplicación das políticas franquistas que máis repercutiron no espazo rural. Neste ámbito estamos ante o eclipse e a substitución das interpretacións de corte estruturalista que recoñecían a posibilidade de basear as explicacións do conflito nos antagonismos identificables entre clases sociais deixando paso a recoñecer a existencia de "un infinito inventario de estratifi-

[3]GONZÁLEZ MILLÁN, X., (2000), *Resistencia cultural e diferencia histórica. A experiencia da subalternidade*, Santiago de Compostela, Soutelo Blanco, p. 71

cación social" e ao establecemento dunha multiplicidade de "motores de antagonismo social" (Beningo, 2000: 9, 195). Refrendamos a imposibilidade de reducir a dialéctica social a unha loita de clases no sentido historiográfico marxista insitindo nunha perspectiva interpretativa centrada nas identidades e nos procesos nos que se precipitan o conxunto de contradiccións dos corpos sociais e cristalizan os frontes de intereses. As liñas de fractura dentro da sociedade non están prestablecidas nin seguen os lindes que diferencian as clases sociais.

Suxerimos realizar unha análise da resistencia tendo en conta o contexto en que o individuo tiña que operar, é dicir, avaliar os graos de oposición que tiña fronte ao réxime e/ou as súas políticas dende unha óptica posibilista. Co caleidoscopio que propicia ao historiador a visión retrospectiva pódense facer xuízos que anubran a valía de actos realizados en vilo, no decurso do proceso e non unha vez rematado e coñecidas as súas consecuencias. Os protagonistas do período non eran quen de poder interpretar o réxime franquista cando a historia aínda non tiña pronunciado sentenza. Virónse na obriga de construír a súa realidade a partir dunha estela imperceptible como é a que deixan acontecementos diarios e a circulación dunha serie de rumores con frecuencia invisibles para o historiador.

O horizonte teórico aquí bosquexado, e que se basea nestes aportes, ten presente o recoñecemento da dimensión histórica de ditos conflitos, propoñendo como obxectivo de estudo de procesos, accións e actitudes que foron relegadas á irrelevancia polos paradigmas predominantes das Ciencias Sociais ata non hai demasiado tempo. As rebelións son unha rareza dentro do proceso histórico protagonizado pola sociedade rural e o campesiñado, xa fora este pequeno propietario, xornaleiro, aparceiro, etc. Esta ausencia tantas veces empregada como crítica que menoscaba as accións campesiñas, ademais de supor que o proceso histórico muda en función destes episodios esporádicos, o cal xa de por si parece non sosterse nos nosos días en tanto que concibe unidos conflito e progreso na súa concepción máis evolucionista, era argumento suficiente para considerar "de segunda" ou desvalorizar outro tipo de actuacións. Eran relegados pola historia social (marxista pero tamén pola romántica e a positivista) cara ao colector da "xente sen política". Unhas actuacións que, en contraposición, eran tidas en conta cando os seus protagonistas eran suxeitos entendidos, dende esta concepción apriorística, como "máis asiduos" revolucionarios e, polo tanto, "xente con política". Pero entendemos que é preciso ollar para os individuos, especialmente para os campesiños, como suxeitos capaces de alterar e dinamizar o seu recorrido histórico dende parámetros propios da súa vida cotiá.

Se a partir dos anos setenta empezan a aparecer unha serie de reflexións e de investigacións que rompen co paradigma clásico de interpretación da "resistencia", tamén o estudo do campesiñado e do conxunto da sociedade rural se envolveu en esquemas renovadores. As novas perspectivas de análise propostas pola historia social e a historia agraria permiten o cuestinonamento dalgunhas das connotacións que con máis insistencia pretendían definir o paradigma baixo o que se acubillaba o marco teórico e metodolóxico da historia social do campesiñado. Se no caso da "resistencia" estamos a falar dunha mudanza cara a ampliar interpretacións históricas asumidas, no caso do campesiñado estamos ante un verdadeiro derrubamento dos principios reitores de estudos sociais clásicos. Reflexións e investigacións da última década romperon o pa-

radigma clásico de interpretación denunciando o compoñente teleolóxico e apriorístico do mesmo e ofertando cadros teóricos alternativos. A superación do marco restritivo que a presenza ou ausencia dunha acción colectiva supoñía para a análise da protesta campesiña, a superación do peso das interferencias presentistas e da concepción acumulativa e liñar de progreso, entre outras cuestións, abriron novas vías para o estudo da historia social do campesiñado.

A apertura na concepción da conflitividade e, sucesivamente, da protesta social, é especialmente trascendental para o estudo dun grupo subalterno como é o campesiñado, que historicamente se ten caracterizado por desenvolver as súas protestas lonxe do marco do conflito aberto. A tendencia a incluír como obxecto de estudo tipoloxías de conflito que arredaran das revoltas campesiñas non abrollou ata os anos oitenta. De feito, ata os traballos de Barington Moore (1966) nin fora tida en conta a importancia dos campesiños nas revolucións, nin pola teoría social ortodoxa nin pola marxista. A partir de 1970, co despegue dos estudos sobre o mundo rural que propicia o contexto social e político, que favorecía a rápida adopción de certas categorías e esquemas teóricos que eran compartidos tamén polos movementos sociais da época, apareceron, especialmente en Norteamérica, investigacións que tiñan como obxecto de estudo as "revolucións campesiñas". Podemos nomear contribucións como as de E.Wolf, J.S. Migdal ou J.M. Paigne, que comparten como espazo de análise os países de Terceiro Mundo. Foron estes e algún traballo máis desta fornada, definidos polo influxo da guerra do Vietnam, os que posibilitaron que a poboación rural fora contemplada como "suxeito" e como protagonista do cambio social, pero unicamente a través da rebelión[4]. Os estudos dos últimos vinte anos dedicados á análise dos seus comportamentos e actitudes participan doutra concepción, abandonando a tradición reducionista de reparar unicamente no conflito aberto, nomeadamente, nas revoltas ou rebelións. O seu coñecemento é entendido, finalmente, como insuficiente e restrinxido a hora de chegar a aprehender as formas de protesta do campesiñado. O erro básico da historiografía ten sido non encontrar a instrumentalización conceptual adecuada para lograr comprender as especificidades propias dos grupos subalternos, concretamente, as do campesiñado.

A crítica foi descompoñendo ese poderoso mito do noso tempo. A imaxe da furia cega dos campesiños foise disolvendo na interpretación dos historiadores, que desviaron a súa atención cara un universo de compatibilidades e de controvertidas lexitimidades, cara a thompsoniana "economía moral". Total cambio nunha liña de análise que vía na pobreza e na carestía as razóns explicativas da protesta. O papel de elementos culturais e identitarios non poden ser desprezados, asi como os factores socioeconómicos mediados polos procesos de atribución de significados. Porque é o mundo dos significados compartidos o que resulta fundamental a hora de entender calquera acción. Manifestacións de protesta como as propias da "resistencia cotiá" (Scott, 1985) ou os motíns de subsistencia, considerados tradicionalmente como irra-

[4]MOORE, B., (1991), *Los orígenes sociales de la Ditadura y la Democracia: señores y campesinos en la construción del mundo moderno*, Barcelona, Península; PAIGE, J.M. (1975), *Agrarian Revolution: social movements and export agriculture in the Underdeveloped World*, Nova Iorke, Free Press; WOLF, E., (1973), *Las luchas campesinas del siglo XX*, Madrid, Ed. Siglo XXI

cionais e premodernos, son interpretados a partir destas novas premisas como unha resposta consciente e calculada ante unha agresión[5].

Non pretendemos aquí infravalorar as revolucións e revoltas, só rehabilitar outros modos e maneiras, que teñen a características de deixar menos pegadas, pero que esconden, se non ansias de cambio social e político, si inquedanzas de mudar determinadas disposicións institucionais e, nese senso, teñen tamén potencialidade de mudar o *quorum* imposto en tanto que forman parte do proceso político. Sen, insistimos, desafiar abertamente o control do Estado, característica definitoria das revolucións. Como veremos, o conflito ten moito que ver coas formas e modos da Administración pública e, a través destas, cos límites da acción do poder político cando este afecta á experiencia da xestión autónoma dos grupos sociais, e no que a nós nos interesa, nas cotas de autoxestión e autorregulación das comunidades rurais. O conflito social, a partir da implicación das valiosas suxerencias da Antropoloxía, aparece esencialmente como un contraste de mentalidades e un enfrontamento de discurso. Insistirase en ver no conflito unha dinámica a través da que se expresa a diversidade de intereses, encontra espazo a diferenciación das concepcións e modifícanse e renóvanse os vencellos de pertenza a un grupo ou comunidade e, por oposición, define os criterios de exclusión, fixando os perfiles "do outro".

Na actualidade as Ciencias Sociais teñen construído conceptos e teorías contrastables historicamente que permiten desfacer erros sobre a interpretación da historia de Galicia establecidos hai anos e que desfiguraron a percepción do seu mundo rural. A historiografía, a social e a agraria, está en condicións de propor unha relectura máis afinada do pasado para a sociedade rural galega, distinta ao tópico indocumentado e ahistórico que acríticamente se ven empregando. No convencemento de que a historia social do campesiñado, e especialmente o ámbito das súas formas de protesta na época contemporánea, merece ser abranguida dende unha historia que non manteña a perspectiva de buscar "o decisivo", o heroico, o comprometido e o militante e que, polo tanto, non pase por alto aquilo que constitúe a maior parte da existencia, o rigor da vida cotiá. Para facelo pretendemos non caer nun idealismo utópico ao realizar as lecturas dos diferentes comportamentos, deixándonos levar por unha concepción pretendidamente contestataria de moitas formas da cultura popular. Con este obxectivo remitirémonos a análises eficaces dende o punto de vista conceptual e metodolóxico, pero sen renunciar a por de manifesto as presións, condicionantes e conflitos derivados da actuación da sociedade rural, sempre están mediatizados e articulados pola condición da subalternidade.

Sendo os habitantes do rural os actores principais deste estudo, tórnase imperativo saber o modo no que se enfrontaban as transformacións que ao seu arredor se producían, como as asimilaban, integrándoas no seu cotiá ou, polo contrario, rexeitándoas procurando esquivalas ou adaptalas. A indocilidade social que as fontes testemuñan

[5]CRUZ ARTACHO, S., (2000), "De campesino a ladrón y delincuente en Andalucía (XIX-XX). Otra mirada a la esfera de los comportamientos sociales del campesinado", en GONZÁLEZ DE MOLINA, A. (ed.), *La historia de Andalucía A Debate. I. Campesinos y Jornaleros*, Barcelona, Anthropos, Diputación Provincial de Granada, 2000, pp. 159-178

dunha forma bastante evidente, parece traducir as tensións e os desequilibrios dunha sociedade en mutación cara a definitiva individualización. Achega, simultaneamente, a vitalidade da que as comunidades son capaces cando, confrontadas con accións desagregadoras do cotidiá actuan, poñendo en práctica mecanismos de defensa, expresando na ruptura dos códigos impostos toda a desesperación mesmo cando esta é aparentemente gratuita ou dirixida contra iguais na súa forma de identificación. Nesta perspectiva a conflitividade pode considerarse como un importante indicador sociopolítico: a súa diferente intensidade, conforme ás comunidades, remite a variados niveis de estabilidade ou inestabilidade atinxidos por estas, e a maior ou menor eficacia dos instrumentos de poder[6].

O estudo da resistencia e do conflito teñen, pois, a virtualidade de facernos reflexionar sobre os límites do poder estatal. É necesario facer unha incursión no pantanoso terreo das percepcións debido especialmente ao carácter clandestino e ao secretismo inherente ao noso obxecto de estudo. A historiografía sobre o franquismo xa ten examinado aos "grandes" homes e grandes colectivos (políticos, partidos, exércitos, etc.) pero aínda son escasas as investigacións sociohistóricas "dende abaixo" de individuos descoñecidos, anónimos e non militantes. O noso traballo pretende tamén afirmar o carácter non específico das accións de resistencia civil que se deron en Galicia e en España durante a guerra e a posguerra, senón situalos nun contexto máis amplo como é o europeo, na intención de entendelos e explicalos como expresións das tensións que nese período histórico se vivían en Europa, de aí o esforzo por realizar comparanzas con outros espazos que estiveron baixo o dominio de réximes semellantes na Europa de entreguerras.

As incertezas, os a priori e as razóns baseadas en análises epidérmicas son polo de agora as bases da información que existen para respostar a cuestións sobre as actitudes sociais da poboación rural galega dos anos corenta e cicuenta. Este feito, de por sí, confire interese á elección do marco xeográfico e dos protagonistas. Nun país eminentemente rural como é Galicia ter as claves sobre o comportamento da poboación que habitaba ese espazo asegura achegarse a unha realidade practicamente global e descoñecida, co que a busca da orixinalidade e da innovación que todo traballo procura está asegurado. A decisión de acotar o estudo aos primeiros vinte anos do réxime franquista, presenta tanto virtudes como feblezas. Empezando por estas últimas si acaso a máis importante é incidir no estudo da década dos corenta, que se ben para o marco de Galicia non supón problema ningún, no estatal soporta xa certa saturación[7]. É, sen dúbida, a década mellor coñecida, sobre todo porque os traballos pioneiros, e hoxe xa clásicos, se centraron no estudo da represión e nos anos da súa máxima dureza, polo que as cordenadas temporais que marca o decenio dos corenta está moito máis transitado. A renovación dos estudos sobre franquismo debe pasar

[6] VAQUINHAS, I., (1995), *Violência, justiça e sociedade rural. Os campos de Coimbra, Montenor-o-Velho e Penacova de 1858 a 1918*, Oporto, Afrontamento.

[7] Sobre a excesiva concentración de traballos na década dos corenta chamaron a atención xa a principios dos anos noventa ARÓSTEGUI, J., (1992), "La historiografía sobre la España de Franco. Promesas y debilidades", *Historia Contemporánea*, 7, pp. 77-99; TUSELL, J. (1993), "La dictadura de Franco a los cien años de su muerte", *Ayer*, 10, pp. 13-28.

por ampliar os marcos cronolóxicos e incorporar decididamente as aínda moi "escuras" décadas dos cincuenta e sesenta. A explicación, que xa acertamos a apuntar, de que o noso traballo non supere a costume de abranguer a década dos corenta, está en que en Galicia non existe esa saturación que se percibe noutros lugares da xeografía española, co que deixar sen estudo esta década tería sido un erro a todas luces a hora de percibir raíces e motivacións do comportamento da poboación. Ademais, ter inxerido os anos cincuenta como ámbito temporal de estudo para a nosa investigación minimiza, se cabe, a decisión de insistir no acontecido nos anos inmediatos á guerra civil, converténdose nunha virtude.

O ano 1960 sírvenos de fronteira, aínda que funciona como un fito flexible, de modo que en determinadas ocasións superaremos esta data coa finalidade de aquelar as explicacións, coa consciencia de que o estudo de comportamentos sociais e actitudes non mudan ou se reformulan a partir dunha data fixa. Por iso, tamén prestamos unha especial atención á situación do rural antes de 1936. Certamente a guerra civil aparece como un acontecemento tan decisivo e traumático que si definiu novas actitudes e a busca destas mudanzas leva á necesidade de aprofundar na situación previa. Con respecto á decisión de acotar o estudo ás dúas primeiras dúas décadas de franquismo, esta foi tomada partindo de que as dúas décadas, malia as súas diferenzas, permiten abranguer o período como un todo, mentres que as mudanzas ocorridas a partir de finais da década dos cincuenta ofrecen un panorama novo, tanto a nivel político como a nivel social, que o singulariza.

Non se pode obviar que a política franquista, sobre todo a política agraria, vai sufrir unha reviravolta a partir de 1959. O abandono da política autárquica na práctica, e non xa só na teoría como fixera o Estado a través do Ministerio de Agricultura en 1951, é innegable que transformou de maneira decisiva a relación entre o poder, o Estado se se quere, e a poboación rural. Pero a mudanza máis profunda, ao noso entender, veu dada pola outra parte do binomio, a propia poboación rural. Nada teñen que ver as fasquías da poboación rural galega dos anos corenta e cincuenta coas da década seguinte. Entre os cambios ocorridos nos sesenta e que supuxeron unha transformación cualitativa destaca o cambio xeracional, a emerxencia dunha xeración de xente nova que non vivira a guerra nin experimentara os efectos da represión máis intensiva, que estaba escolarizada e alfabetizada e cada vez máis acostumada a convivir e tratar cos medios de comunicación de masa. Tampouco se pode esquecer o fenómeno do éxodo rural iniciado a partir de mediados dos cincuenta, con consecuencias culturais moi notables a medio prazo. Por último resulta inevitable referirse aos profundos cambios vividos pola agricultura como sector produtivo, sintetizados no paradigma tecnolóxico da "Revolución Verde", que mudou formas de vida e conciencias.

1.2 Obxectivos das pesquisas

A conflitividade e a resistencia serán as disquisicións teóricas que ocuparán os dous primeiros capítulos, xunto á realización dun estado da cuestión sobre a historiografía que tivo nelas o seu obxecto de estudo, reparando expresamente no período definido polo auxe dos réximes fascistas en distintos países europeos. A historiografía europea atópase nun punto de evolución moi diferente no relativo a análise dos movemen-

tos de resistencia xurdidos fronte aos réximes fascistas. Mentres que Francia segue liderando o interese polo estudo da resistencia en canto a organización opositora, Alemaña erexiuse como o espazo de renovación desa temática deixando as análises sobre as variables das organizacións antifascistas para abogar polo estudo da resistencia entendida non como organización senón como movemento e non como política senón como amplo comportamento da sociedade civil. Estas historiografías, xunto á portugesa e á italiana constituirán un referente no que enmarcar os avances e as lagoas da historiografía española, que aínda que de lonxe e máis paseniñamente, avanzou dende os anos oitenta no estudo das formas de oposición antifranquista que xurdiron no interior e alén mar. Os dous capítulos que abranguen esta temática compoñen o primeiro bloque dos tres nos que vertebra o noso traballo e serven de introdución teórica ao mesmo. Nos seguintes capítulos trataremos daquelas actitudes e comportamentos que foron maioritarios no rural galego, materia que ocupará o segundo dos bloques.

A guerra civil constituiu, sen dúbida, a maior traxedia sufrida polos españois no século XX, unha catástrofe que segue viva na memoria colectiva da poboación. Para os galegos non. Non houbo guerra en Galicia. Aquí o golpe de Estado marcou o inicio da que si foi a maior catástrofe da centuria pasada, a traumante posguerra. Francesca Sallés, una nena de doce anos que vivía en Tarrasa e era, como a súa familia, de dereitas e franquista, apuntou no seu diario o 19 de abril de 1939, "... agora este diario xa non ten razón de ser: a vida será normal e tranquila..." (Hurtado, 2004:31). Para moitos españois e galegos a vida despois do 39 non foi nin normal nin, como veremos, tranquila.

A retagarda, a zona sublevada, e posterior zona vitoriosa, acostuma a introducir no imaxinario a visión dun ambiente desprovisto de resistencia que é totalmente falaz. A represión foi fonda e exhaustiva e tivo profundas repercusións a todos os niveis. Daniel Bensaïd di que o presente sempre se resolve na vestimenta doutra época, baixo nomes vellos, e nese senso é atinado pensar que problemáticas actuais como a falla de calado do sindicalismo no rural galego e determinados receos contra "o político" iniciaron a súa xenealoxía coa represión franquista[8]. Así, a importancia de reparar na represión e nos seus efectos ten valía, primeiro, por insistir en desmentir a visión que conformar a retagarda dá con respecto a tranquilidade e normalidade; segundo, porque permite definir claramente o punto de partida de todas as actitudes que a poboación rural tomou con respecto ao franquismo; e terceiro, porque é a realidade a partir da que se pode medir e conceder valía ás formas de resistencia levadas a cabo.

Por todo iso, trataremos de identificar, no que será o cuarto dos capítulos do traballo, as liñas de ruptura respecto da dinámica social e política de preguerra analizando exhaustivamente o desartellamento da sociedade civil que levou a cabo a ditadura de Franco para asentar o caldo de cultivo no que xurdiron con forza accións e actitudes que xerminaron como elementos constitutivos dunha resposta que non ofrecía "consentimento" nin apoio ao novo sistema político. Procuraremos tamén identificar os procesos a través dos que tivo lugar unha reactivación por parte das co-

[8]BENSAÏD, D., (2004), *Cambiar el mundo*, Madrid, Libros de la Catarata; MOREIRAS, A., "La piel del lobo. Apuntes sobre la categorización de lo reaccionario", *Archipiélago*, 56, pp. 7-11, p. 8

munidades rurais galegas de prácticas de solidariedade, organización e reivindicación que permitiron socializar conceptos de sociedade, mesmo de cidadanía, alternativos aos dados e amparados polo poder[9].

O réxime franquista, como resultado do seu modelo concreto de desenvolvemento, provocou unha mudanza total das fasquías que amosaba o mundo rural galego. Aquí subliñaremos a historicidade dese proceso. Moitas das actuacións franquistas para co agro e a agricultura constituíron focos de conflitividade social ante a negativa dos labregos a aceptar unhas medidas que estimaban lesivas para os seus intereses. Por iso, no capítulo quinto, indagaremos nas formas de contestación social que puideron conlevar proxectos como o establecemento do sindicalismo vertical obrigatorio ou os novos modos de actuar das autoridades. Estamos interesados en coñecer a actitude das comunidades que convivían coas mudanzas que estas medidas supoñían, cal era a súa estratexia para evidenciar o seu descontento e que influencia poden ter tido as súas protestas na evolución, tanto da propia sociedade rural, como da política do réxime dirixida especificamente a este espazo.

Temos que coidarnos de non dar demasiadas cousas por sentadas nin de esbozar conclusións a partir do "sentido común" ou a "evidencia lóxica" nin de establecer correlacións causais sinxelas. Os comportamentos sociais son debedores dunha panoplia de causas que, misturadas en diferentes doses, dá un resultado final ben diferente en cada suxeito e mesmo en cada decisión a tomar. As maiorías non se poden definir en tanto "negro" ou "branco", en relación a actuacións mantidas no tempo ou "predecibles" en función da pertenza a un grupo social, a localización nun lugar ou cores políticas pasadas e/ou familiares. Seguimos a premisa sinalada inicialmente por Borja de Riquer de saír de análises centradas en antagonismos como o de réxime-oposición como claves interpretativas da ditadura[10].

Non se trata neste traballo, que centra os seus esforzos en por de manifesto as formas populares de resistencia, de perder de vista o vasto campo de consenso ou consentimento e de apoio existente. No seo da sociedade rural galega hai homes e mulleres que toman partido polo franquismo. Asumen opcións e adoptan comportamentos que os convirten no que o propio réxime denomina como "adictos", en partidarios do réxime e das súas políticas, ou cando menos, xa na nosa linguaxe, en

[9]Teoricamente o concepto de cidadanía ten sido abordado dende marcos moi diferentes, distinguíndose duas grandes liñas de pensamento, a tradición liberal e os enfoques sociohistóricos. Ambos difiren nas hipóteses sobre como se define e se estuda a cidadanía. Segundo Touraine é consustancial a unha lóxica universal que subxace na definición de dereitos dos cidadáns e está relacionado co espírito republicano, coa sociedade política da libertade e a igualdade e fai referencia aos deberes que o cidadán debe asumir para beneficio da comunidade. A outra liña interpretativa entende que evolúe a partir de que os diferentes contextos históricos contribuen a unha comprensión da construción do acceso e a identidade como dimensións fundamentais da cidadanía. Afirma os dereitos do individuo, non como un membro dunha comunidade política, senón como "home". Este enfoque brinda aos individuos garantías fronte aos poderes e ás institucións, e eventualmente contra eles. É dicir, apela ao dereito natural e vólveo inalienable fronte aos posibles abusos do dereito positivo. Sobre os diversos enfoques existentes arredor do concepto de cidadanía, vd. CORTINA, A., (1998), *Ciudadanos del Mundo: Hacia una teoría de la Ciudadanía*, Madrid, Alianza Editorial

[10]RIQUER, B. DE, (1990), "Rebuig, passivitat i suport. Actituds polítiques catalanes davant el primer franquisme (1939-1950)", en GARRABOU, R. et al, (ed.), *Franquisme. Sobre resistència i consens a Catalunya (1938-1959)*, Barcelona, Crítica, pp. 179-193

"adaptados". É preciso, por tanto, e así o trataremos de facer, analizar, as bases de apoio coas que contou o réxime franquista. A isto irá adicado o capítulo sexto do noso traballo. Porque un sistema político non se sostén unicamente a partir do uso da represión e da violencia. Facer referencia á cara "amable" da ditadura franquista é preciso para entender o comportamento de boa parte da poboación que atopou no réxime franquista vantaxes e beneficios suficientes para outorgarlle o seu consentimento, xa pasivo, xa activo. Abogamos por falar de consentimento e non de "consenso" porque entendemos que éste é só posible en sistemas democráticos que aseguran a libertade para expresar descontento e disenso por parte da poboación, por tanto, nada que ver coas fasquías do réxime imposto polo xeneral Franco en España. Este, sen renunciar en ningún momento dos seus primeiros vinte anos de existencia, os aquí estudados, ás "políticas da vinganza", desenvolveu as "políticas da vitoria" no senso de apoiarse en medidas que buscaban a adhesión da poboación. No rural galego a "adaptación" xirou arredor de tres eixes básicos: o medo e a necesidade; a conveniencia e o convencemento. Os tres, en diferentes medidas, suxeitos e momentos acadaron desactivar o potencial opositor ao franquismo e instaláronse como unha das coordenadas explicativas do comportamento de boa parte da poboación rural galega.

Os últimos tres capítulos, que conforman o terceiro bloque, e que pechan o estudo do comportamento da poboación rural durante as primeiras dúas décadas de franquismo, están chamados a incidir nalgunhas formas de resistencia civil consideradas, por algunha das súas fasquías, dignas de relevancia. Se en capítulos anteriores repararemos na posible tipoloxía que as agrupe e que permita a súa definición e comparación, nesta parte tratamos máis polo miúdo as tres que consideramos máis significativas. Escollemos a resistencia definida por conter conflitos medioambientais, a resistencia protagonizada polos "guerrilleiros do chao", é dicir, polos enlaces e soportes do movemento guerrilleiro galego, e a resistencia simbólica. O capítulo séptimo tratará sobre as resistencias xeradas arredor da política de repoboación forestal franquista, sen dúbida, e por iso entendemos que merece un estudo diferenciado, a política máis contestada a todos os niveis: en canto a formas de resistencia activadas, en canto a extensión xeográfica da conflitividade, no relativo á duración temporal da protesta, etc. Grazas a traballos como os de Eduardo Rico Boquete e ás contribucións de Antóm Santos e David Soto hoxe coñecemos mellor este fenómeno, pero cómpre insistir en fasquías aínda descoñecidas para completar o cadro de resistencias do rural galego contra "a Forestal", como son os incendios e a problemática que estes levan asociada, na que entraremos devagar.

As axudas que a guerrilla tivo son outra fórmula de resistencia civil que merece ser estudada por ser de grande interese na formulación da relación oposición antifranquista-resistencia civil, e a ese obxectivo adicaremos o oitavo capítulo do noso traballo. En Galicia a oposición armada á imposición do franquismo realizouse en forma de loita guerrilleira, primeiro en torno aos escapados e, dende os primeiros corenta, de maneira máis organizada militarmente. Non nos deteremos nos que exerceron esta oposición, os "guerrilleiros do monte", senón na súa intendencia, no bastión no que se apuntalou a súa supervivencia e a súa acción. Repararemos nas razóns múltiples e diversas nas que se artella este auxilio, no grao de represión que esta fórmula de resistencia acarreou

para o, en principio, "afín" agro galego e incideremos en como estas redes de axuda aos *fuxidos* serviron para canalizar a conflitividade rural.

A resistencia simbólica ten sido a gran esquecida da historiografía. Unha contradición se se ten en conta a importancia que os réximes fascistas ou análogos daban ao eido do simbólico a hora de instalarse no poder e de relacionarse coa poboación. De feito, e como veremos, non ten sentido esquecerse dun modo de resistencia, se se quere un dos máis senlleiros da conflitividade cotiá definida por J. C. Scott, cando un dos grandes esforzos do franquismo foi acabar coa simboloxía que lle era allea ou sentida como contraria a través da represión psicolóxica e a propiamente simbólica. Xa que logo, o capítulo noveno adicarémolo a debruzarnos sobre as formas e os espazos que esta forma de resistencia ocupou, nas súas consecucións e na actitude que cara ela mantiñan as autoridades.

1.3 Metodoloxía e fontes

Pescudar mecanismos e lóxicas de interacción entre actores implica unha escolla metodolóxica consciente. Este traballo, como se mencionou, opta pola acción fronte a estrutura, outorgando á xente común un lugar na Historia. Non un lugar con nomes e a apelidos en moitas ocasións, pero si concedéndolles capacidade para interpretar a realidade circundante, para a toma de decisión e para actuar dacordo cun contexto onde as posibilidades de elección nunca son infinitas, senón limitadas. Os individuos teñen un abano finito de escollas que realizan dacordo cos seus valores, co seu marco de referencia (social, económico, etc.), coa súa "economía moral" (Thompson, 1995:213-394).

Dende o punto de vista metodolóxico, o estudo inscríbese no marco da historia local, que se usará como escala na que se recolla a transformación do marco interpretativo. Tómase así como referencia unha unidade espacial restrinxida, destinada a servir de base para identificar e explicar as "resistencias", na intención de ofrecer unha "microanálise con carga teórica" (Sanz, 1998:14) na que se xunten a temporalidade histórica a métodos e conceptos empregados por sociólogos e antropólogos. Faremos nosa a máxima que debe presidir os traballos de referente local, que a singularidade do feito non impida a universalidade da lección que del se extrae.

A historia local ten amosado a súa valía para anovar e mellorar a historiografía sobre a ditadura tanto metodoloxicamente como na temática e nos debates. Dentro do estudo do franquismo as análises de realidades locais foron as que serviron de canle para a introdución de preocupacións sobre a historia social, a microhistoria ou a nova historia cultural, máis volcadas no estudo dos entresixos da relación entre ditadura-poboación, que en seguir debates máis manidos sobre aspectos puramente políticos[11]. Innovación e orixinalidade son os obxectivos que se perseguen e se poden conseguir co estudo de novos espazos que, como o de Galicia ata o de agora, permaneceron fóra das zonas obxecto de estudo. A comparanza con traballos xa feitos para outras partes

[11]RODRÍGUEZ BARREIRA, O.J., "La historia local y social del franquismo en la democracia, 1976-2003. Datos para una reflexión.", *Historia Social*, (en prensa)

da xeografía estatal, permitirá o enriquecemento do cadro xeral e posibilitará aprenhender o verdadeiro calado do réxime franquista en España, sopesando diferenzas e valorando semellanzas. Porque a superestrutura política imposta era homoxénea, como pretendía que fora de alí en diante o país, pero as estruturas sociais e económicas nas que se impuxo foron moi diferentes, antagónicas nos máis dos casos, polo que, como sabiamente avisaba Alexis de Tocqueville, non se pode caer no erro de estudar unicamente o organigrama político e a súa estrutura como se nel estivera a resposta que permitira coñecer a realidade dun réxime político.

Dentro da opción, valorada e consciente, de realizar un exercicio de historia local, debemos confesar que o estudo duns lugares ou parroquias e non doutoras é accidental. As fontes tiveron a palabra, e como se recoñecerá, o peso das realidades da provincia de Lugo é apreciable. O acceso e cercanía da documentación tivo un grande peso, pero tamén o interese por achegarse á realidade dunha provincia que a non ser para o estudo da represión, grazas aos traballos de María Jesús Souto, permanecía nun absoluto secano no relativo ao coñecemento do período franquista[12]. Poderían aparecer o nome doutros concellos, de habitantes doutras aldeas, da provincia do lado,... pero podemos confiar en que o marcos xeográficos escollido en cada caso, e as catas feitas para servir de comparanza, poden funcionar a maneira de caleidoscopio para o conxunto da realidade da Galicia rural.

Outra das nosas pretensións está en levar a cabo unha análise interdisciplinar abandoando as técnicas seriais de investigación e optando pola a métodos expositivos de narración porque entendemos que ésta é a metodoloxía que permite perfilar as contraposicións nas que se move o discurso dándolle a este unha decidida autonomía[13]. O obxectivo do noso estudo está en recoller as formas de resistencia e de conflitos acontecidos no contexto das primeiras dúas décadas de franquismo no espazo rural galego, pero non é contabilizar nin facer unha recollida exhaustiva. O que pretendemos é ofrecer unha mostra significativa que permita ter unha imaxe xenérica e, sobre todo, proceder á realización dunha categorización que permita a comparación e a análise. Seguro que hai motíns dos que non damos conta por non dar coa documentación precisa. Estamos convencidos de que hai redes de enlaces da guerrilla das que

[12]Como se verá pola bibliografía citada ao longo do traballo, calquera das outras provincias conta cun maior número de estudos sobre algún aspecto relacionado co franquismo que Lugo. Ourense é cuantitativamente a provincia obxecto de máis estudos, destacando o labor de Raúl Soutelo e Xulio Prada. Entre as investigacións existentes que teñen esta provincia como espazo de estudo, PRADA RODRÍGUEZ, X., (2002), "Control político y dominación social en la retaguardia franquista: Ourense (1936-1939)", en MIR CURCÓ, C.; VICEDO, E., (ed.), *Jornades sobre Sistemes Agraris, Organització Social i Poder Local als Països Catalans*, Lleida, Institut d'Estudis Ilerdens, pp. 581-599; SOUTELO VÁZQUEZ, R., VARELA SABAS, A. (1994), "Variaciones en las formas de represión y resistencia popular en el mundo rural ourensano, 1936-1946", en TRUJILLANO SÁNCHEZ, J.M., GAGO GONZÁLEZ, J.M., (ed.) *Actas de las Jornadas de Historia y fuentes orales: historia y memoria del franquismo*, Ávila, pp. 217-233. COLLARTE PÉREZ, A., (2004), "Sindicalismo agrario vertical, lexitimación política e control social no franquismo a través do caso de Ourense", *Actas del Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, Santiago de Compostela- Ourense, CD Rom

[13]Así o demostrou Conxita Mir nun traballo de referencia, MIR CURCÓ, C., (2000), *Vivir es sobrevivir. Justicia, orden y manipulación en la Cataluña rural de la posguerra*, Lleida, Milenio

non soubemos ou altercados por impago á Hermandade noutros concellos dos que nos estudamos. Sería enganoso argumentar que isto non empobrece o noso traballo, que este non se vería beneficiado pola existencia dun levantamento íntegro de fontes que recolleran todas as formas de resistencia existentes. Pero que isto quedara fóra das nosas posibilidades e capacidades non desemerece a análise aquí presentada. A interdisciplinaridade, a riqueza de enfoques que disciplinas adxacentes á Historia como a Antropoloxía e a Socioloxía complementan un abordaxe que de quedar parcelada ás armas teóricas e conceptuais do historiador perdería profundidade e valor analítico. A proposta metodolóxica baséase na complementaridade para conseguir unha adecuada comprensión do obxecto de estudo, malia que o protagonismo, por razóns evidentes, sexa para as ferramentas da Historia.

Un problema metodolóxico para facer historia da poboación común é que estes non deixaron testemuño propio. As súas vidas e actos na documentación primaria son recollidos por outros. Na España franquista dos anos corenta e cincuenta estes son os activistas e organizadores dos extremos en liza, os dos partidos clandestinos e os de Falanxe. Nos seus informes recollen información sobre as actitudes populares. E dado que a documentación oficial sempre é a mellor gardada e a máis numerosa, os historiadores podemos caer en dar por válida a imaxe que o Estado quere dar da sociedade. A maneira de recoller os dados non é obxectiva e está imbuida por xuízos e perxuízos do poder e o que se busca é minimizar o descontento popular para baixar o nivel do conflito presentado ante autoridades superiores, co obxectivo de minimizar aos ollos das xefaturas as incapacidades para manter a paz social esixida.

Neste senso, e enlazando xa coa análise das fontes empregadas, optamos por dar á fonte oral un espazo privilexiado como única fórmula válida para que esa xente ata agora "sen historia" puidera dar a súa opinión sen ningún tipo de mediador. Xa que logo, a fonte oral foi un recurso empregado como un corpus con entidade e non só para contrastar outro tipo de fontes. A escolla dos testemuños recopilados resultou totalmente aleatoria, polo que a riqueza da mostra entendemos que é maior. Unha boa parte das entrevistas aquí reflictidas pertencentes aos fondos do Arquivo de Historia Oral de Galicia (HISTORGA). Outros testemuños sobre os diferentes aspectos das primeiras décadas de fanquismo son extractos das entrevistas realizadas polo alumnado da materia de Historia Agraria Contemporánea da Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago de Compostela. Debo agradecer a súa disposición para incorporar unha serie de preguntas á entrevista que lles servía de actividade práctica da asignatura e que eran exclusivamente do meu interese. Esta impagable axuda permitiunos ampliar a mostra empregada en todos os sensos: idades dos entrevistados, lugares xeográficos de referencia, nichos laborais, etc. O resto de testemuños son produto das nosas propias entrevistas ou de conversas informativas máis ou menos informais (sobre un aspecto concreto, para esclarecer dúbidas, etc.).

A utilización historiográfica dos arquivos orais presenta o problema da representatividade sobre a memoria histórica dun colectivo humano, como o uso das memorias de vida, da memoria individual e familiar, pero como se verá, conseguiuse unha mostra ampla que entendemos aporta "a voz" dos protagonistas e serve de contrapunto á información oficial minimizando ao máximo esa eiva. Pero nós non partimos do presuposto que supón entender que a fonte oral trasmite a "realidade" dos feitos.

Coñecemos os seus perigos e as súas debilidades, e entre elas está a presentación dunha realidade deformada polo propio efecto de rememorar. Non entraremos no debate sobre si a memoria é o que importa e non tanto saber o que pasou porque non concordamos con que a memoria sexa o obxecto de estudo do historiador. É preciso evitar "caer na trampa do deber de memoria", en palabras de Paul Ricoeur, e empeñarse, preferentemente, no traballo de recuperar a memoria[14]. A memoria, ao noso entender, e como tal foi empregada neste traballo, é un recurso para o historiador que non debe estar libre de crítica, como o están as demais fontes. A memoria, o tipo de memoria e o esquecemento dan moita información ao historiador, tanta como o coñecemento do acontecemento que se rememora, pero non exime do achegamento á realidade deste para poder valorar a súa entidade real e a pegada que na poboación deixou. Voltaremos sobre este aspecto para acabar este apartado inicial do traballo por entendelo fundamentel nun estudo, coma este, baseado en moitos eidos sobre a recolla da memoria dos protagonistas.

Unha fonte complementaria e enriquecedora da fonte oral resultou ser o recurso ás memorias de vida. Hoxe en día, e máis conforme avanza o tempo e a guerra civil queda máis lonxe e polo tanto, o seu recordo é menos traumático, contamos cun número significativo de memorias escritas por protagonistas dese período histórico que se decidiron a deixar o seu testemuño. Evidentemente non todos teñen a mesma valía como fonte histórica. As máis ricas son as de aqueles que nunca tiveron pretensión de publicarse nin de ser un referente moral para os lectores, senón que eran de consumo persoal ou familiar ou, sinxelamente, un exercicio de memoria. Pero todas revisten interese. Empregamos memorias de guerrilleiros, xa foran da súa autoría, xa recollidas por escritores ou xornalistas; memorias de cadros dirixentes dos partidos clandestinos; memorias de xente corrente que recolle comentarios sobre o franquismo de maneira colateral en tanto que mudou ou trastocou dalgún xeito (para mellor ou para peor) os seus plans de vida; e memorias de vida de emigrantes, algúns deles exiliados, que dan unha visión matizada pola distancia. Non sería de xustiza non poñer de relevo o traballo feito pola Editorial Edicións do Castro no relativo á publicación destas memorias que ten o mérito de non ter coincidido no tempo co interese social nacido nos últimos anos sobre o franquismo, senón de ser unha empresa iniciada cando poñer á luz moitas destas memorias de "perdedores", exiliados e damnificados era, se non impopular, si *demodé*.

A documentación oficial é a outra base na que se sustenta este estudo. Os obstáculos que ofrece, como a fonte oral, son numerosos e obrigaron a un importante traballo de crítica. As trabas máis importantes veñen dadas en boa parte pola natureza do obxecto, a resistencia civil, caracterizada pola clandestinidade, por diluírse en accións cotiás e pola percepción mediatizada que del fai o sistema político. Toda esta documentación oficial requeriu un traballo de crítica para illar a información e os diferentes xeitos de expresión e redacción dos trazos debidos á intención de sesgar a información por parte da autoridade comunicante xeradora da fonte.

[14]RICOEUR, P., (2000), *La mémoire, l'histoire, l'oubli*, Paris, Seuil

Para a investigación consultamos tres tipos de arquivos basicamente. Un arquivo que podemos definir como central, o Arquivo General da Administración (AGA); un arquivo rexional, o Arquivo Histórico do Reino de Galicia (AHRG); os arquivos provinciais é municipais (Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Arquivo Militar de San Fernando, Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Arquivo Histórico da Deputación Provincial de Pontevedra, Arquivo Municipal de Foz, Arquivo Municipal de Ribadeo e Arquivo Municipal de Mondoñedo); e, por último os arquivos ou fondos documentais de institucións (Arquivo da Cámara Agraria de Pontevedra; Fondo Documental da Cámara Agraria Provincial de Lugo; Fondo Documental da Hermande Sindical de Labregos e Gandeiros de Castro de Rei e Fondo Documental da Delegación Provincial de Medio Ambiente de Lugo).

A consulta nestes arquivos posibilitounos achegarnos, por unha banda, á documentación xerada polos diferentes niveis da Administración e, pola outra, á debida ao Partido Único, a Falanxe.

Os informes sobre o ambiente público realizados polas Delegacións locais de Falanxe, polo Xefes provinciais de Falanxe á Delegación Nacional do Partido e polo Servizo de Seguridade amosáronse unha fonte excelente, aínda que non consigan ofrecer un barómetro exacto da actitude da sociedade cara ao poder político e as súas medidas pola pretensión, compartida por toda a documentación oficial, de preservar esa mítica idea da harmonía que reinaba entre os súbditos. Pero a súa valía é evidente a hora de dar referencias na seguridade de estar recollendo información destinada a consumo propio a través da cadea de poder. A través deles obtense o punto de vista que o Estado ten sobre o "ambiente", é dicir, as problemáticas existentes na sociedade e o estado da opinión pública. A información recollida indica onde e cando se percibe que existe un problema, o grao de transcendencia que se atribúe dende o sistema político aos comportamentos disidentes e os métodos cos que se trata de subsanar ou de evitar que estes continúen ou se estendan.

Dentro da información xerada polos diferentes estadios da Administración franquista privilexiamos a consulta dos fondos dos Gobernos Civís, xa que neles se atopan informes chegados dende os diferentes concellos que describen os conflitos rastrexados e as contestacións dende o estamento provincial, igual que as consultas deste ás entidades nacionais. A condición de bisagra do poder provincial faino emisor e receptor de novas, amén de xerador de oficios e requerimentos igualmente ricos para a análise da resistencia, polo que a corresponencia foi unha documentación especialmente favorecida na nosa investigación.

Entre o núcleo de documentación primaria posibilitadora dunha análise sobre a resistencia civil atópase a procedente da xestión do sistema xudicial franquista. Neste caso privilexiamos a derivada da xudicatura militar. A explicación desta predilección ten que ver con que as atribucións desta foron extendidas amplamente durante o período da guerra civil e primeiros anos de instauración do franquismo, de modo todo o que era considerado como oposición ou resistencia ao réxime, e esa conceptualización era recibida por delitos que non amosaban ningún caríz "revolucionario", pasaba a ser didimido na xurisdición militar. Declaracións de imputados e testemuñas, comentarios en sentenzas e outra documentación agregada (informes da garda civil, dos concellos,

etc.) deixan entrever actos e posturas en nada sustentadoras dos principios rectores do réxime franquista e/ou das súas medidas políticas.

A documentación xerada por entidades sindicais resultou outra peza chave. Sen ela a visión procurada sobre a poboación rural sería deficiente. Os sindicatos foron no rural un dos bastións máis importantes do réxime. Foron básicos para que o Estado e a súa política, sobre todo a máis vencellada a este espazo, a política agraria e a social, se deixaran sentir de aí que os comportamentos que suscitaron ás Hermandades locais son tan importantes, senón máis, que os provocados polas disposicións e actuacións das corporacións municipais e outras autoridades locais. As actas das reunións da Asamblea, do Cabildo, os orzamentos, as disposicións sobre axudas e obras elaboradas, etc. son infomacións vitais para coñecer aspectos tan decisivos como a súa real implantación, o grao de consentimento xerado ou os conflitos inducidos e/ou intermediados por estas entidades. Complementaria desta fonte foi a consulta da prensa sindical. AGRO, o voceiro da Hermandade Provincial de Pontevedra e posteriormente da Cámara Oficial Sindical Agraria (COSA), resultou un complemento perfecto para acadar o perfíl sobre a relación sindicatos-sociedade rural que se buscaba. Os seus artigos de opinión, a reprodución dos acordos das entidades sindicais, etc. foron unha ferramenta indispensable para o noso traballo.

O recurso á prensa escrita xeralista non foi igualmente prolixo en información, dado o alto nivel de control e censura existente. Con todo, unha análise da inmensa cantidade de artigos de propaganda e laudatorios ás políticas do réxime, si se amosou útil no sentido de percibir, nas súas reiteracións e obxectivos, aqueles ámbitos nos que era necesario aleccionar insistentemente a unha poboación desobediente ou non convencida ou ben gabarse polo consentimento conseguido. A cabeceira máis consultada foi EL PROGRESO, o xornal da provincia de Lugo. FARO DE VIGO e LA COMARCA, órgano de prensa da zona da mariña luguesa, foron empregados para comprobacións e informacións concretas.

As pescudas realizadas na documentación e na prensa tiveron que salvar escollos que non foron pequenos. O máis evidente ben dado porque os comportamentos sociais non son un criterio á hora de arquivar nin emitir dita documentación. As actitudes da poboación agóchanse en documentación de todo tipo e, ao non ser obxecto prioritario de ningunha, son recollidos sen ningún tipo de uniformidade e con graves lagoas (non reparar no número ou identidade de participantes –pobo, algúns da aldea, casi toda a parroquia, os homes, as mulleres, etc.-, emprego de xenéricos pouco precisos para definir o conflito, etc.). A documentación estaba realizada con outro fin e foi arquivada con outro criterio polo que o achádego de conflitos e formas de resistencia que é, nas máis das ocasións, fortuita tras a consulta de documentos da máis diversa índole (a lectura das actas das Asambleas das Hermandades é necesaria, por exemplo, para poder constatar se as autoridades da mesma dan contan dalgunha problemática –escasa de asistencia, impagos, desacordos con respecto a algunha decisión, etc.-). En certa maneira, o esforzo de facer esta investigación estivo na consulta de todo un corpus documental que non serviu como fonte. Outra gran traba foi acceder a algunha documentación. En moitas ocasións as datas (finais dos anos cincuenta) imposibilitaron consultas, outras veces tratarse de información persoal que non é de libre acceso por atoparse vivos os protagonistas. Outras veces a non consecución de permisos para

realizar a consulta (á documentación dos arquivos eclesiásticos non nos foi posible acceder, como a parte dos fondos dalgunhas Hermandades Sindicais de Labregos e Gandeiros) ou o estado desta documentación fixo imposible o noso anceio.

Unha aclaración antes de proseguir. Permítasenos unha mostra de "resistencia" nun traballo adicado a elas: foron traducidas ao galego as citas textuais extraídas da documentación primaria e da bibliografía. É unha decisión que pode ser tildada de pouco "científica", pero coidamos que o rigor co que se levaron a cabo as traducións evita calquera menoscabo. Respectamos, iso si, o idioma orixinal dos testemuños orais recollidos.

1.4 A memoria do franquismo en Galicia: unha memoria "co medo no corpo"

Como diciamos máis arriba, o uso privilexiado que facemos para este traballo da fonte oral, impón certa reflexión sobre a memoria, un dos obxectos sen dúbida máis en voga e a debate na historiografía (e na sociedade) do momento.

En Galicia, é innegable que a imaxe que prevalece na memoria colectiva da poboación rural é a da ausencia de resistencia á imposición do sistema franquista. Esta, totalmente asumida polo groso da poboación, provoca que xa de primeiras a resposta a preguntas sobre disidencias e formas de resistencia sexan contestadas cun "aquí nada diso" que só se matiza con algunha referencia á acción da guerrilla. A cuestión non sería relevante se non fora porque esta resposta a dan suxeitos multados en repetidas ocasións por queimar o monte repoboado, detidos por participar nun motín, pleiteadores contra os amillaramentos, protagonistas da negativa é entrega do cupo obrigado de gran ou os que boicotearon as máquinas que traballaban na concentración parcelaria. "¡Ah... iso!" acostuma a ser a resposta. A memoria desvalorizou todos estas actuacións, ata as esqueu nalgúns casos, e mesmo son recoñecidas con vergoña porque, ¿onde se coloca este comportamento cando non pode enmarcarse en "oposición" nin en "antifranquismo" e o discurso xeral/oficial insiste en que a poboación en Galicia, e expresamente no rural, foi un bastión do franquismo sen paliativos?

A escaseza, ou cando menos a aínda novidade e pouca divulgación de traballos focalizados no estudo das atitudes sociais, xa de cohesión, xa de resistencia, fronte á intervención continuada do sistema político franquista nos múltiples ámbitos da vida non deixa de ser unha das súas consecuencias. E, á súa vez, a falla de estudos históricos xeradores de debate social veu retroalimentando a puxanza desa imaxe de afinidades sistema político-sociedade, posibilitando que continúe, a maneira de estereotipo, dominando a memoria histórica e a memoria colectiva da poboación.

É evidente que algunhas temáticas sociais, especialmente o estudo da represión e os maquis, teñen interesado a algúns historiadores, existindo xa un bó número de estudos rigorosos que permiten que memoria colectiva e historia sobre estes aspectos convivan e se complementen entre si[15]. Pero outros moitos ángulos da realidade da Galicia dos

[15]Entre eles os traballos de SOUTO BLANCO, M^a.J. (1998), *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada, Ed. Do castro; RODRÍGUEZ TEIJERIO, D. (1998), "Represión,

anos corenta e cincuenta e, especialmente, o aspecto que desperta o noso interese, os comportamentos sociais, non contan aínda con estudos que o posibiliten. Esta lagoa historiográfica, que xa ten sido en parte colmatada para outras rexións[16], supuxo unha rémora para que a sociedade galega dispoña dunha memoria histórica sobre a que ou coa que empezar a debater e enfrontar as diferentes memorias individuais ou grupais e, tamén, coa que facer fronte á memoria oficial imposta dende o poder durante a longa ditadura. Ésta foi quen tivo os resortes para xestionala e controlala e, grazas a efectividade da súa represión e propaganda e, máis tarde, ao pacto de silencio, e á "memoria tullida"[17] de moitas das súas vítimas, segue confirmado, sen paliativos o axioma da pasiva aceptación do réxime e a total ausencia de resistencias de calquera tipo[18].

Son moitos os autores que aluden ao silencio que protagonizaron as vítimas da represión franquista (de calquera das súas variantes), que mesmo deformou a súa memoria favorecendo o esquecemento. En todos os casos, o silencio acostuma a representarse como unha derivación directa da acción represiva do franquismo ou como unha resultante da necesidade de consentimento que requería para conseguir a transición democrática. Segundo Josefina Cuesta, o réxime franquista impón unha nova memoria que silencia a memoria das vítimas. Para Jesús María Palomares, o silencio ten que ver con causas políticas "de aí a necesidade de superar o estadio dunha historia escrita dende un bando calando ao vencido, que implica igualmente superar a cultura do silencio, así como o invocado "pacto de silencio" o de aparente desmemoria durante a transición democrática por temor a retrasar a recuperación democrática" (Palomares, 2004:38).

---

educación e ideoloxía: o ensino no sistema penitenciario do primeiro franquismo", en *Historia Nova* V, Santiago de Compostela, pp 161-175; PRADA RODRÍGUEZ, J. (1998), "Estado y represión: aproximación al estudio de los mecanismos represivos durante el primer franquismo", en *Estado, protesta y movimientos sociales. Actas del Tercer Congreso de Historia Social de España*, Vitoria-Gasteiz, Universidad del País Vasco, pp. 183-188. GRANDÍO SEOANE, E., (2000), *Años de guerra: A Coruña, 1936-1939*, A Coruña, Vía Láctea, SUÁREZ MARTÍNEZ, J. A. (2000), "A investigación sobre a represión en Galicia na Guerra Civil", en *A Trabe de Ouro*, 43, pp. 355-360

[16]Destaca o caso de Cataluña, País Valenciano, con centros en Valencia e Alicante, Murcia, Andalucía e Aragón. Sobre os lugares onde se centrou o interese polo estudo do franquismo nos anos noventa pode verse o completo estudo de Óscar J. Rodríguez, que ten en conta tanto as Teses Doutorais lidas sobre esta temática como os artigos que apareceron nas revistas máis punteiras de Historia Contemporánea, vd. RODRÍGUEZ BARREIRA, O.J., "La historia local y social del franquismo en la democracia... *op cit.*

[17]As antropólogas lusas que traballan no Centro de Etnoloxía Portuguesa observaron este mesmo fenómeno ao facer historia oral sobre os fenómenos de resistencia no medio rural durante o Estado Novo, que elas designan como *memória envergonhada*. FREIRE, D.; FONSECA, I.; GODINHO, P. (1999), "Formas de luta nos campos durante o Estado Novo", Comunicación ao *Coloquio 25*25 de Abril de 1974*, Odivelas/Loures

[18]Sobre a importancia das campañas de persuasión que influiron tanto sobre a memoria como nas maneiras de descubrir o ocorrido e na insistencia nun argumento que sirva como lexitimador para un episodio crítico do pasado podemos reparar no ben estudado caso de Polonia, en WERTH, N., (1999), "Les formes d'autonomie de la "société socialiste", en ROUSSO, H., (dir.), *Stalinisme et nazisme. Histoire et mémoire comparées*, París, Ed. Complexe, pp. 145- 183

A "memoria tullida" está no silenciamento e desvirtuación da represión franquista e dos seus episodios. Esta permanece, efectivamente, como discurso xeralista, pero foi esquecida e desbotada en moitos casos a nivel individual. Actuacións represivas, pola interiorización que delas se fixo para poder seguir vivindo, e pola necesidade de telas silenciadas por décadas, por non merecer ata a actualidade máis recente a debida atención nin restitución, por recordalas como humillantes, por evitar rememorar as imaxes que a represión deixa en corpos e espíritos, non mereceron a posta en marcha de mecanismos de transmisión da memoria que se gardan para outro tipo de actos.

O silenciamento da memoria dos represaliados funcionou a dous niveis. Primeiro no propio suxeito, que decidiu autorreprimir a súa memoria anulando a súa posición de vítima, de perdedor, ata conseguir negarse a si mesmo dita condición. A supervivencia tivo o coste do esquecemento do que xa moitos non puideron saír cando o réxime que os oprimía finou, pois a reconstrución que fixeron do seu pasado, sen golpes, sen multas, sen malestar, xa se convertera no pasado aceptado e asumido como certo. Fuxidos, dos que se coñece a súa condición polos veciños, negan ter tido problemas e ter pasado temporadas ocultos por medo ás represalias dos falanxistas; sostedores das redes de auxilio á guerrilla que seguen gardando o segredo o seu labor tanto a familiares diretos como a veciños; mulleres simpatizantes de partidos de esquerda que perxuran que a elas non lles raparon o pelo e as fixeron percorrer a súa aldea, aínda que o feito conste nos informes oficiais dos perpetradores da represión[19]. Non menten, simplemente decidiron non recordar ou silenciar a súa memoria.

E segundo, aínda que o represaliado se representara como tal, en moitos casos a súa memoria quedou circunscrita ao seu círculo máis achegado. A memoria da represión é unha memoria familiar, e aínda así, non sempre enche os circuítos familiares. Fillos e netos que non coñecen o sufrimento imposto polo franquismo nos seus devanceiros son a norma e non a excepción. A memoria das vítimas é íntima, como quixeran que tiveran sido os efectos da súa represión. Un exemplo da actuación deste tipo de memoria tullida faise patente agora co gallo de que unha serie de organizacións traballa na recuperación da memoria histórica e, con ela, na memoria dos vencidos, dos que non tiveran voz polo momento. Os fillos e familiares máis directos dos represaliados cuxa memoria se quere recuperar non se atopan normalmente entre os batalladores do esquecemento. Moito máis a miúdo sosteñen discursos sobre a conveniencia de que "a cousa quede así", "no pasado non hai que remexer", "se el non quixo falar deso en vida eu tampouco o vou facer" ou de "agora eso non vale de nada". Son herdeiros da memoria tullida da propia vítima e que decidiu non facer pública a súa condición certo de que esa era a mellor decisión que podía tomar para asegurar a súa supervivencia e a dos do seu redor. Unha postura que os descendentes non fan máis que continuar como se dun desexo póstumo de tratara. Herdaron a memoria tullida, e, con ela, os valores políticos hexemónicos que erosionaron a identidade política do seu ancestro. Son os outros membros da familia e círculo social, os que non sabían nada,

[19]Estes episodios de autorrepresión da memoria son testemuños extraídos das entrevistas que sobre a Guerra Civil e a posguerra en Galicia se atopan no Arquivo da Historia Oral de Galicia (en adiante, HISTORGA). Entrevista nº 1016, a C.S.F. de S. Cosme de Barreiros, Lugo; Entrevista nº 244, a A.G.P., de San Breixo, Palas de Rei, Lugo

os que non participaron da transmisión do legado de medo e inseguranza da vítima, os que só tiñan noción por un rumor, os que o souberon á morte do protagonista, os que se atoparon con ese pasado por casualidade os máis activos na recuperación da memoria dos que decididiron silenciar a súa memoria e desmemoriar á súa familia máis achegada.

A memoria imponse, sobre todo, como unha selección de recordos individuais. O proceso de escolla destes recordos persoais depende do contexto social do individuo que recorda e constitúe unha estratexia individual de integración nun grupo e de identificación con outros individuos[20]. Outra característica da memoria é que é unificadora. A memoria social é un proceso de reconstrución do pasado que apaga os elementos indesexados das memorias individuais e selecciona os momentos a exaltar. Simultaneamente é unha memoria xeradora de consentimentos da que son afastados os elementos que pertencen ao ámbito do particular e individual[21]. Estas características da memoria explican a necesidade que as vítimas tiveron de coartar a súa memoria persoal para poder seguir vivindo nun mundo rural no que os represores e os represaliados eran veciños e membros dunha mesma comunidade. O proceso de esquecer, seleccionar e reconstruír permitiu á poboación rural adaptar a memoria de eventos traumáticos como foron os acontecidos durante a Guerra Civil e a posguerra aos seus marcos sociais de referencia, aos valores e crenzas dominantes. Porque "o que non se fala non queda" e disto era ben consciente o franquismo que usou o silencio como unha arma política para afogar a memoria da cultura política do rural e impuxo unha memoria exclusiva, a súa, no intento de artellar un control social que sabía que se alongaría no tempo.

Maurice Halbwachs define a memoria colectiva como anti-histórica en tanto que é unha memoria que simplifica a complexidade do recordado, esencialízao e, ademais non é o resultado da acción do pasado sobre o presente, senón da acción dun presente sobre o pasado[22]. A memoria colectiva ao non funcionar como un rexistro histórico, tendeu a esquecer aquilo que foi máis negativo para ter unha visión máis positiva do pasado grupal inmediato. De aí a pertinencia da apreciación de Gentress e Wickham sobre que a memoria social non é estable como información, pero si ao nivel dos significados compartidos e das experiencias recordadas[23]. Unha retahíla de casos concretos exemplifican esa memoria tullida, e, á súa vez, permiten comprobar que esta memoria

[20] A memoria, como sinala Josep Fontana, é un discurso dinámico e non permanece detido no tempo como unha fotografía. O devandito autor define a memoria como "unha construción efectuada a partir de fragmentos de coñecemento que xa eran, no seu momento, interpretacións dos feitos e que, no momento de volverse a reunir, xa sexa a través dunha entrevista ou da redacción dunhas memorias autobiográficas, voltan a ser obxectivo dunha reinterpretación condicionada pola aportación de novos coñecementos e novos puntos de vista". FONTANA, J., (1997), "Franco y el franquismo a través de los libros de memorias", en TRUJILLANO SÁNCHEZ, J.; GAGO GONZÁLEZ, J.M., (ed.), *Actas IV Jornadas Historia y fuentes orales*, Ávila, Fundación Cultural Sta. Teresa, pp. 19-26

[21] FONSECA, I., (1997), *O dia em que deixaram de "comer de boca fechada". Memórias de um conflito social-fomras de resistência em meio rural*, Dissertação de Mestrado, Lisboa, FCSH/UNL (inédito)

[22] HALBWACHS, M., (1968), *La mémoire collective*, Paris, Presses Universitaires de France

[23] FENTRESS, J. ; WICKHAM, C., (2003), *Memoria Social*, Madrid, Cátedra

coartada, e aínda amedrentada, é con moito, a maioritaria e a principal conformadora da memoria colectiva no rural galega dos nosos días.

Ésta albíscase na incapacidade para falar de represión usando esa palabra ou sinónimos e na busca de xiros lingüísticos e silencios que fagan sobreentender ao interlocutor que ese é o tema. Está nos "ti xa me entendes", nos "digamos que che facían unha chaqueta nova", nos "parecías outro diante do espello". E está igualmente nos anonimatos. O que reprime é case sempre "un de aí", un "fulano das casas de acolá", sen máis "un falanxista". E tamén na despersonalización das vítimas, porque elas non son as únicas coa memoria tullida, a comunidade, por respecto ou por ese medo no corpo a tratar sobre os tempos da represión, tamén fai anónimos aos represaliados, que son "unha chavaliña que nunca se metera con ninguén", "un home, que ata sempre foi bo veciño", "un señor de aí ao pé, de enfronte" ... [24].

Quizais non se trate de falar de "desmemoria", senón, como apunta J. Dakhlia cando trata da memoria de "ida e volta", circunválase a memoria, pásase baixo o silencio o que remite a unha forma reservada, quizás de latencia, que fai sentir toda a insuficiencia ou a impropiedade do termo "olvido", porque presupón demasiado rápido a perda, ou a falla, alí onde pode concibirse a espera[25]. Hai xente que non quere recordar, ou que non quixo ata o de agora, pero non hai que confundir o silencio co olvido. O silencio foi o plano cotiá de moitas familias afectadas pola represión, que optaron por protexerse contra o recordo e simularon unha perda de memoria. A experiencia traumática quedou confinada a un segredo. Deste modo a historia oficial tecida nos corenta anos de franquismo, o silencio, socializouse e encontrou eco na memoria dos propios afectados que, na súa maioría, non chegaron a traspasar o umbral do propio recordo individual, imposibilitando con iso a constitución dunha memoria colectiva e o continuísmo da memoria tullida.

Más alá das súas raíces francesas, con Halbwachs, a noción de "memoria colectiva" tivo por fundamento a socioloxía anglosaxona e especialmente os traballos sobre inmigración, as historias de vida, e os traballos sobre a cultura obreira en Inglaterra. A historia oral, polo tanto, constituíu unha contribución a unha historia ou a unha cultura da comunidade, desvinculadas do Estado, a imaxe dos grupos e dos individuos interrogados. O obxectivo desta metodoloxía histórica definiuse rapidamente como a produción de "contra-historias". A historia oral convertíase en punto de vista dos que non accedían á historia dominante. A súa intención non é só sacar á luz "memorias plurais", senón dar a palabra aos "excluídos da historia", aos dominados, en reacción ante unha versión dominante e oficial da historia. Na historia oral é onde se comproban os niveis da memoria tullida da poboación rural que viviu a represión ou se

[24] Entre as abundantes mostras dos medos e dos anomimatos, HISTORGA. Entrevista nº 609, entrevistado R., da parroquia de Currelos, O Saviñao. Entrevista nº 765, entrevistado L.D.I, da parroquia de Prevesos, Castro de Rei. Conversa con T., da parroquia de Estelo, concello de Mondoñedo. Conversa con M.P.F., da parroquia de Padrón, concello de A Fonsagrada.

[25] DAKHLIA, J., (1998), "De África a Francia, ida y vuelta: ¿una especificidad francesa de la memória?", en CUESTA BUSTILLO, J. (ed.), *Memoria e historia*, *Ayer*, nº 32, pp. 69-79, p. 79

socializou no franquismo en Galicia. Pero é esta metodoloxía, certamente, a mellor maneira de converter a memoria tullida en memoria orgullosa[26].

A memoria individual adaptouse por si mesma ás convencións do grupo (estereotipos, valores, usos, costumes, etc.), porque o colectivo social, como insiste M. Halbwachs, é determinante á hora de conformar e reconstruír a memoria individual. Unha sociedade que non puido aínda desmitificarse a si mesma como é a da Galicia rural, sen o respaldo dunha memoria histórica e unha política da memoria que a restitúa e sirvan de referencia, segue amoldando os seus recordos e o seu esquecemento ao que a sociedade e os políticos primaron ata escasas datas, o pacto de silencio, e non pon en valor, e xa que logo, en numerosas ocasións non transmite, a súa memoria sobre o seu pasado politizado e sobre o episodio da represión que o cercenou[27].

O pasado é algo que está sempre presente nas vidas dos individuos, sexa conmemorado e exaltado ou esquecido e rexeitado. O mesmo fenómeno pasa a nivel das sociedades: o pasado pode ser incómodo, embarazoso e para evitalo existen diversas estratexias de branqueamento, como a amnesia social, ou de rememoración, a través da construc¡ción do pasado. En palabras de Javier Rodrigo "memorialística, socialización do recordo e, no terreo da investigación, subxetividade e historia oral serían os elementos que configurarían o cambio da perspectiva cara a investigación do recordo da represión franquista" e, engadimos nós, racharían coa preminencia da memoria tullida como referente da memoria social e, aínda se cabe, da memoria histórica[28].

[26] A transformación que pode provocar a valorización da experiencia vital dunha persoa en canto a enorgullecemento e decisión de non seguir co seu silencio pode verse nos testemuños recollidos en JARDÓN PEDRAS, X. et ali, (1997), "¡Eu tamén son vella e recordo! A fonte oral na recuperación etnohistórica do pasado: algúns problemas metodolóxicos dunha experiencia compartida", *Actas III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*. Tomo I, Santiago de Compostela, CSIC, pp. 605-630

[27] O historiador alemán Jan Assman escribiu que "as sociedades que imaxinan imaxes de si mesmas e dan continuidade ao longo de xeracións a unha identidade, en canto dan forma a unha "cultura da memoria", baseada en gran parte, aínda que de ningún modo exclusivamente, en formas de referencia ao pasado". PEIRÓ MARTÍN, I., (2004), "La opinión pública y los historiadores: memoria, historiografía y política", en FORCADELL, C., et ali., (eds.), *Usos de la Historia y políticas de la memoria*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, pp. 145- 165, pp. 162-163

[28] RODRIGO SÁNCHEZ, J., (2004), "En el limbo de la historia. La memoria de los campos de concentración franquista, entre el olvido oficial y el uso público", en FORCADELL, C., et ali., (eds.), *Usos de la Historia y políticas de la memoria*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, pp. 55-72, p. 62

BLOQUE I.

A RESISTENCIA: DE ORGANIZACIÓN POLÍTICA A MOVEMENTO CIVIL

Capítulo 2

Volvendo sobre a noción de "Resistencia"

"Á historiografía, que xa perdeu a súa inocencia,
no lle queda máis remedio que reconstruír,
a partir dos escombros da interpretación social clásica..."

BENIGNO, F., (2000), *Espejos de la Revolución*, Barcelona, Crítica, p. 1

Nas últimas dúas décadas o estudo da "resistencia" sufriu un tumultuoso proceso de reinterpretación que afectou tanto ás categorías de análise como ás conclusións ás que a historiografía chegara. Ata ese momento, "resistencia" era unha categoría precisa para as Ciencias Sociais. Concebida como un dos compoñentes do dualismo "dominación/resistencia", no cal "dominación" remitía a unha forma de poder relativamente fixada e institucionalizada e "resistencia" era esencialmente a oposición organizada ao devandito poder. O antagonismo existente nese binomio redefiniuse en razón do cuestionamento que sufriron como categorías conceptuais ámbolos dous termos da disxuntiva dende múltiples frontes, especialmente por parte da Antropoloxía social e da Socioloxía[29].

[29]Entre outros,THOMPSON, E.P., (1995), *Costumbres en Común*, Barcelona, Crítica; SCOTT, J. C., (1976), *The moral economy of the peasants: rebellion and subssitence in South Asia*, New Haven, Yale University Press; SCOTT, J. C., (1985), *Weapons of the Weak: Everyday Forms of Peasant Resistance*, New Haven, Yale University Press; SCOTT, J.C., (2003), *Los dominados y el arte de la resistencia*, Tafalla, Txalaparta; FOUCAULT, M., (1986), *Vigilar y castigar: nacimiento de la prisión*, Madrid, Siglo XXI; FOUCAULT, M., (1978), *Microfísica del poder*, Madrid, La Piqueta; ADAS, M., (1986), "From Footdragging to Flight: the Evasive History of Peasant Avoidance Protest in South and Southest Asia", *Journal of Peasant Studies*, 13, vol. 2, pp. 64-86; GUPTA, A.; FERGUSON, J. (eds.) (1997), *Culture, Power, Place. Explorations in Critical Anthropology*, Durham, Duke University Press; WELLER, R.P.; GUGGENHEIM, S. E-V., (ed.) (1982), *Power and protest in the countryside. Studies of rural unrest in Asia, Europe and Latin America*, Durham, Duke University Press; ORTNER, S. B., (1996), "Resistence and the Problem of Ethnographic Refusal", en McDONALD, J.T. (ed.), *The Historic Turn in the Human Sciences*, Michigan, University of Michigan Press, pp. 291-304; GONZÁLEZ-MILLÁN, X., (2000), *Resistencia cultural e diferenza*

A Historia foi receptora destes cambios, á vez que desenvolveu unha liña de renovación propia a partir do impulso que supuxo o traballo pioneiro de E.P. Thompson. Esta conxunción fai da análise histórica un campo privilexiado de estudo para seguir e confirmar a ruptura das liñas clásicas de interpretación. A renovación parte dunha lectura crítica arredor da teoría dos movementos sociais que tivo unha participación decisiva na caracterización do conflito e na formalización da interpretación histórica máis extendida de protesta. Opera cunha definición moi restritiva de acción colectiva, entendida basicamente como fenómeno concreto de mobilización, unha sucesión de "eventos de protesta" (Kriesi, 1992:221) e só ten en conta aquel conflito que se manifesta de maneira colectiva e organizada e a ser posible cunha vangarda consciente, o que acotío desestima as accións campesiñas[30]. Unha proposta que ten atopado o seu correlato historiográfico no afamado *primitivismo* definido por Eric Hobsbawm, que o emprega para referirse ás sociedades aínda non completamente industrializadas que non encontraran unha linguaxe específica na que expresar as súas aspiracións[31].

As formas destes suxeitos "prepolíticos", maneiras máis individualizadas de conflito, as accións que resultan menos vistosas, con escasa repercusión e, aparentemente, menos ameazantes para o poder imposto, non suscitaron a fascinación dos analistas dos movementos sociais. Estes dirixen os seus esforzos teóricos e analíticos a estudar os movementos carismáticos por entendelos como a única forza para o cambio social. Fixan a súa atención en actividades públicas desenvolvidas a través de certas formas organizadas como sindicatos ou partidos políticos, apelando ao visible e ao cuantificabel. Dende a concepción thompsoniana, seguida e desenvolvida posteriormente por James C. Scott, amplíase o punto de vista cara a feitos outrora "insignificantes" e que non están vencellados a unha determinada forma de acción, organización e conciencia propia da sociedade industrial. Accións silenciosas ou feitos protagonizados por calquera persoa poden ser parte da historia social se son entendidos como conformadores do mosaico dun problema histórico. A apertura que significa traer a colación este obxecto impón novos modos de análise. Non é posible abranguelos dende métodos e rutinas tradicionais que obviaban comportamentos determinados polo que Ramachandra Guha denominou a "lóxica da actuación campesiña" (Guha, 2002).

---

histórica. A experiencia da subalternidade, Santiago de Compostela, Soutelo Blanco; PETTIT, F. (1999), *Republicanismo: una teoría sobre la libertad y el gobierno*, Barcelona, Paidós; GUHA, R., (2002), *Las voces de la historia y otros estudos subalternos*, Barcelona, Crítica

[30] O estudo da acción colectiva e dos movementos sociais atraeu a atención dun grande número de científicos sociais. Entre eles, TILLY, Ch., (1986), *The contentios French. Four Centuries of Popular Struggle*, Cambridge, Harvard University Press; TARROW, S., (1997), *Poder en movimiento. Los movimientos sociales, la acción colectiva y la política*, Madrid, Alianza Editorial; McADAM, J. et ali., (1996), *Comparative Perspectives on Social Movements: political opportunities, mobilizing structures and cultural framings*, Cambridge, Cambridge University Press; RIECHMAN, J.; FERNÁNDEZ-BUEY, (1994), (eds.), *Redes que dan libertad. Introducción a los nuevos movimientos sociales*, Barcelona, Paidós; KRIESI, H., et ali, (1992), "New Social movements and political opportunities in Western Europe", *European Journal of Political Research*, 22, pp. 219-244

[31] HOBSBAWM, E., (1974), *Rebeldes primitivos. Estudio sobre las formas arcaicas de los movimientos sociales en los siglos XIX y XX*, Barcelona, Ariel; HOBSBAWM, E., (1976), *Los campesinos y la política*, Barcelona, Anagrama

2.1 A conflitividade no agro: nin restrinxida, nin antiga nin irracional

"Non tedes que ter morriña de épocas pasadas de axitación e folgas para conseguir as vosas xustas demandas. No cauce sereno da xustiza e o traballo, baixo o mando do noso Caudillo, tedes ao voso favor, todos os elementos para actuar"

Congreso sindical de la tierra, Sevilla, maio-1948. Palabras do Delegado Nacional de Sindicatos, Fermín Sanz Orrio. Extracto da súa ponencia ¡¡Trabajadores de la Tierra!![32]

Certo grao de conflito, dunha ou doutra natureza, é inherente a todo tipo de sociedade. O interese que desperta o estudo da conflitividade, en calquera que sexa o período, xustifícase porque permite a observación duns procesos sociais cuxos rasgos se atopan apegados aos contextos históricos nos que transcorren e porque son reveladores de características políticas e sociais das sociedades en cuestión. Analizar a conflitividade no agro galego durante o réxime franquista ten a virtude engadida de reclamar para a historia un ámbito que permaneceu na esfera da memoria e, desa maneira, opera como rompedor dun tópico asumido aprioristicamente pola memoria colectiva[33]. Trátase da imaxe que igualaba aos campesiños galegos con suxeitos pasivos e sumisos ante as disposicións impostas polo franquismo. Esta visión, avalada polas premisas da teoría dos movementos sociais, parte da constatación de que, nos anos que durou a ditadura, non se levaron a cabo certas formas de acción colectiva e de mobilización aberta que noutras etapas históricas tiveran lugar. Esta ausencia, porén, non supón a inexistencia de conflitividade, salvo se se parte do erro de menosprezar os modos de contestación que se foron artellando a partir do aproveitamento dos recursos legais existentes e nas accións inequívocas de descontento que atopaban canles de expresión nas estratexias da vida cotiá.

A análise histórica dos escenarios onde se xeraban estas respostas ás disposicións políticas, onde a política se toca coa realidade e coas prácticas sociais, devolve unha imaxe definida pola existencia dunha conflitividade que rompía, diaria de xeito cotiá, coa ansiada e pregonada "paz social" franquista. A nosa interpretación da conflitividade resulta de tres piares conceptuais fundamentais. O primeiro deriva dunha concepción ampla do que significa "conflitividade"; o segundo, da consideración de que é un erro establecer unha división entre "repertorio antigo" e "repertorio moderno" para categorizar os modos de protesta que poden resultar da existencia de dita conflitividade[34]; e o terceiro supón desmarcarse de toda aquela literatura histórica que concibe ao campesiño como un axente social de carácter residual, das consideracións pexorativas sobre os seus presupostos culturais e universos conceptuais e da postura

[32]Citado en BARCIELA, C., (1990), "La colonización agraria en España, 1939-1951" en PÉREZ PICAZO, M.T. et. ali., (eds.), *Agua y modo de producción*, Barcelona, Crítica, pp. 98-120, pp. 112

[33]Seguimos, como se dixo na parte introductoria deste traballo, a Maurice Halbwachs cando define a memoria colectiva como anti-histórica. HALBWACHS, M., (1968), *La mémoire collective*, Paris, Presses Universitaires de France

[34]TILLY, CH., (1986), *The contentious French... opus cit.*

historiográfica que considera todo acto da poboación rural como primitivo e falto de concienciación.

Comezando pola puntualización inicial, sinalar que partimos dunha noción ampla de conflitividade. Aínda existe unha tendencia maioritaria a ler o conflito dentro dun esquema orde/desorde que parece insuficiente se se pretende aprehender a complexidade dos fenómenos que a compoñen e as suas dimensións políticas e culturais no plano histórico. A superación nos últimos anos do marco restritivo que a presenza ou non dunha acción colectiva supoñía para a análise da protesta campesiña debe ir acompañado da decisión de deixar atrás dicotomías tradicionais como primitivo/moderno, prepolítico/político, reactivo/proactivos, etc. aos que a Socioloxía se ten sobreposto pero que aínda están moi presentes nas análises históricas. Optamos, no intento de superar esa limitación, por aproximarnos á conflitividade e ás formas que toman os conflitos seguindo a tipoloxía dos sociólogos Edwards e Scullion[35],

1. "conflito aberto", aquel que se refire aos casos nos que o conflito era recoñecido polos participantes e onde tiña lugar unha acción para expresalos. Manifestar frustración considérase como unha forma de conflito aberto na medida en que os participantes conectan explicitamente as súas accións coa fonte de frustración, o que non quere dicir que a acción teña que ser usada deliberadamente como presión na discusión dunha cuestión específica. O "conflito aberto" é, pola súa natureza, o máis fácil de recoñecer tanto por ter quedado na memoria colectiva como na documentación oficial.

2. "conflito non dirixido", casos onde existe un comportamento concreto pero onde este non é abertamente conflitivo. Esta categorización implica dar importancia á acción aínda que a concepción que a xenere non derive de pensamentos conscientes e continuados de conflitividade, ou estes sexan embrionarios. As valoracións das distintas actitudes sociais cara ao conflito non poden limitarse ás percepcións, xa que as accións destes poden dicir máis que as súas "actitudes".

3. "conflito institucionalizado", o que recibe algún tipo de recoñecemento institucional a través dun acordo formal, unha norma de costume e incluso unha práctica aceptada tradicionalmente que non conqueriu o estatus de norma. A forma e o alcance da institucionalización do conflito afectan ao modelo de conflito no nivel de comportamento, en principio porque os controis institucionais teñen niveis de forza variable, e porque o conflito institucionalizado non se limita a ofrecer un "marco de referencia" para a acción, xa que os acordos institucionais aparecen implicados nas prácticas cotiás e estas poden alterar a forma en que se entenden os acordos.

4. "conflito implícito", fai referencia ás situacións nas que o conflito non estaba expreso, xa fora no nivel de comportamento ou no institucional, porque o nivel ou grao de dominación impide o seu encauzamento en acción. O conflito está

[35]EDWARDS, P.K.; SCULLION, H., (1987), *La organización social del conflicto laboral: control y resistencia en la fábrica*, Madrid, Ministerio de Trabajo, pp. 27-33, 342

> implícito na estrutura da situación se hai un desencontro de intereses recoñecible e se se poden aducir razóns específicas para explicar por que ese choque non conleva unha expresión observable. Cando a dominación é tan efectiva que non existen nin sequera normas informais para institucionalizar o conflito este pode permanecer latente, queda implícito na propia natureza da relación dominante-dominado.

A conflitividade pode ter moitas manifestacións e definilas e catalogalas non é labor sinxelo. A expresión dun conflito é fácil de percibir pero non implica poder dar resposta as súas motivacións, a súa xénese ou a súa intencionalidade. E moitas veces non é dabondo con recoñecer e seguir as condutas concretas, o conflito pode permanecer implícito na situación específica en ausencia de canles capaces para trasladalo a nivel institucional ou de comportamentos.

No que compete á segunda das puntualizacións iniciais, a referida a rebater a división realizada por Tilly entre "repertorio antigo" e "repertorio moderno". Nós compartimos a idea de que os diferentes repertorios de protesta postos en práctica están ligados ao contexto no que xorden, pero convimos que son froito da historia compartida e dos constreñimentos estruturais e culturais nos que ten lugar a dinámica de confrontación. En moitos casos é a capacidade creativa para xerar repertorios disruptivos nas marxes do que se poida entender como "repertorio moderno" o que posibilita a súa realización, a captación de potenciais participantes e a consecución dos beneficios ou metas que se perseguen[36]. E esa capacidade creativa para saírse da senda marcada pola modernidade no senso weberiano, non supón unicamente un proceder ex novo, senón tamén un retomar, asimilar e aproveitar estratexias empregadas historicamente. É máis, no marco da discusión sobre os condicionantes da elección dun repertorio de protesta, parece existir unha correlación entre o grao de liberdade existente nun determinado sistema político e as posibilidades de desenvolver o que se considera un "repertorio moderno". Só no entorno dun sistema político que permita a institucionalización da articulación e a organización do descontento posibilita a súa plasmación, polo tanto, non sería procedente tachar de "antigos" aos métodos empregados no marco dun sistema ditatorial.

Moitos estudos demostraron xa que a continuidade e a persistencia de tipos de acción asociados coa protesta "antiga" son a norma. A aparición de prácticas como os motíns en etapas contemporáneas moi recentes rompe co esquema unilinear e acumulativo propio da historia social cando consideraba que a historia dos movementos sociais tiña fases funcionais ou primitivas dende as que se evolucionaba a formas máis modernas[37] . Este tipo de prácticas non se reducen a ser propias dun período cronolóxico determinado e a súa lonxevidade tampouco invita a catalogar ditas accións como formas primitivas ou antigas dunha suposta primeira etapa "de formación" do reper-

[36]FERNÁNDEZ, C.; SABUCEDO, X.M., (2004), *Do descontento á acción. A construción social da protesta campesiña en Galiza*, Vigo, Xerais, p. 32

[37]CASANOVA, J., (1991), *La historia social y los historiadores*, Barcelona, Crítica, p. 105

torio de protesta campesiña, senón a inserilos na lóxica de resistencia da comunidade campesiña[38].

Sirva de exemplo o propio caso do rural galego. Os labregos desenvolveron unha forte e continuada conflitividade contra a imposición da cota empresarial da Seguridade Social Agraria, un trabuco moi gravoso que entrou en vigor en 1971 e que non foi retirado oficialmente ata 1995. É dicir, estariamos ante un conflito que se estende do tardofranquismo ata a época democrática. Neste tempo é innegable que o repertorio de formas de loita evoluíu e incluíu accións "novidosas", pero as prácticas pretendidamente "antigas" non foron desbotadas. A opción maioritaria foi negarse a cumprir cos pagos da cota de maneira colectiva, é dicir, escolleuse unha fórmula nada novidosa se reparamos en que foi a mesma empregada para opoñerse á continuidade do réxime foral ou, como veremos, a políticas extractivas impostas polo franquismo nos primeiros vinte anos de existencia. Concellos ourensáns como Verín, Muíños, A Merca, Bande e Paderne e os lugueses de Pedrafita, O Incio e Rábade protagonizaron en 1972 todo un movemento de impago colectivo das taxas da cota empresarial. E esta fórmula seguiu sendo válida unha vez rematado o franquismo e así, en Triacastela en 1977, en plena Transición e co apoio dun xa legalizado sindicato agrario, Comisións Labregas, optaron por continuar con esa mesma medida de resistencia[39]. A segunda fórmula de protesta foi o envío de cartas de a autoridades e prensa. Esta táctica, como veremos, foi accionado habitualmente durante os anos corenta e cincuenta para protestar contra determinadas medidas relativas á política agraria ou a actuación de autoridades locais. Ben é verdade que na Transición esta fórmula vai "actualizarse" en razón das circunstancias do momento (por exemplo dado o fin da censura as cartas eran remitidas en ocasións á prensa e así pasaron a ser públicas), pero non deixa de responder á mesma realidade: seguíase entendendo que era un recurso válido para obter solucións ao problemas plantexados nas protestas. A terceiro modo de proceder nesta loita para conseguir a suspensión da cota empresarial da Seguridade Social Agraria foi acudir á vía institucional. É dicir, os labregos presentaron reclamacións contra os diferentes aspectos da cota nas súas respectivas Hermandades Sindicais de Labradores e Gandeiros sabedores de que éstas actuarían como mediadoras do conflito en razón de capitalizar o descontento reinante e non deixar que os sindicatos agrarios alleos ao Estado aproveitaran a situación para asentarse como representes válidos dos labregos[40].

Para completar este repertorio aparecen formas novedosas sendo a máis rompedora, polo seu simbolismo e eco no futuro, a tractorada. Nesta fórmula de mobilización debemos ver a carta de presentación pública masiva das organizacións agrarias legalizadas que, sustentadas por redes de descontento e mobilización preexistentes no agro,

[38]Unha explicación máis ampla deste presuposto en CRUZ ARTACHO, S., (2000), "De campesino a ladrón y delincuente en Andalucía (XIX-XX). Otra mirada a la esfera de los comportamientos sociales del campesinado", en GONZÁLEZ DE MOLINA, M., (ed.), *La historia de Andalucía A Debate. I. Campesinos y Jornaleros*, Barcelona, Anthropos, Diputación Provincial de Granada, 2000, pp. 159-178, p. 172

[39]TERRA E TEMPO, marzo 1972; FOUCE, setembro 1972; maio 1974; setembro 1977

[40]Arquivo Cámara Agraria Provincial de Pontevedra (en adiante, ACAPP). Caixa: Xornadas Teóricas. Reclamacións.

van crear outras novas que axudan a amplialas. Pero o importante é que as fórmulas do suposto "vello" repertorio e as do "novo" conviven no tempo e no espazo, non se dá unha substitución. Así, a negativa ao pago da cota foi un arma poderosa de protesta aínda na década dos oitenta mentres que a tractorada se foi consolidando no repertorio. Do mesmo xeito, os boicots seguiron presentes compartindo espazo coas folgas ata os anos noventa[41].

O desacordo con esta división vello/novo enmárcase tamén dentro dunha crítica máis ampla arredor da concepción de progreso no seu senso máis clásico (unilinear, ilimitado e evolutivo). O resultado da acepción deste concepto pola historia foi a reconstrución dun pasado imbuído pola fe modernizadora. O abandono da perspectiva unidireccional da evolución e a posta en evidencia da pluralidade de alternativas, da falla de coherencia e de amplo espectro da evolución, practicamente sen ápice de racionalismo e plena de aspectos ocasionais e contraditorios, provoca que resulte obsoleta a interpretación que concebía esta división dos repertorios de protesta entre antigos e modernos partindo de dito presuposto sobre a idea de progreso[42]. Entendemos que todos os repertorios de protesta son novos e vellos á vez en tanto que reaccionan ante un novo contexto e aprenden da experiencia de protestas previas, adoptando moitos elementos das súas formas de organización e dos diferentes aspectos que os definen[43]. Hoxe por hoxe non é nada riguroso negarlle ao campesiñado a capacidade de participar e protagonizar o cambio social baseándose en que as súas formas de acción non son "modernas". A historia demostra que o cambio social non se produciu só mediante procesos revolucionarios senón por vías non, ou escasamente, organizadas e pouco ideoloxizadas.

Igualmente criticable é o uso do calificativo de "primitivas" ou "milenaristas"[44] para definir as prácticas campesiñas, eixe de nosa segunda puntualización, que remite á idea de "modernidade" que, tradicionalmente, se ten identificado coa cidade, interpretándose como un conxunto de significados, valores e prácticas sociais que se exportan dende o urbano a un mundo rural identificado, por oposición, coa tradición[45]. Polo tanto, o abandono do primitivismo acostuma a ser entendido en termos de procesos de aculturación da cultura campesiña. Na maioría dos traballos que seguen esta conceptualización está presente a asociación da xeralización do sindicalismo de clase coa modernización das prácticas sociais. Esta visión parte dunha representa-

[41]Nos números de FOUCE, o órgano voceiro do sindicato Comisión Labregas pode seguirse a loita mantida contra a cota empresarial da Seguridade Social Agraria ao longo do tempo.

[42]NORGAARD, R. B., (1994), *Development Betrayed: The End of Progress and a Coevolutionary Revisioning of the Future*, Londres, Routledge; CAMPILLO, A., (1995), *Adiós al progreso. Una meditación sobre la historia*, Barcelona, Anagrama; CARDESÍN DÍAZ, J.M., (1997), "Miseria de la teoría de la modernización: una revisión de algunos sociólogos sobre el mundo rural contemporáneo", *Agricultura y Sociedad*, 84, pp. 141-164

[43]MEES, L., (1997), "¿Vino viejo en odres nuevos? Continuidades y discontinuidades en la historia de los movimientos sociales", *Historia Contemporánea*, 16, pp. 219-253, p. 228

[44]HOBSBAWM, E., (1974), *Rebeldes primitivos... op cit.*

[45]HABERMAS, J., (1989), *El discurso filosófico de la modernidad*, Madrid, Taurus, p. 12

ción da ruralidade con connotacións despectivas que, a maiores, xerarquiza a diferenza entre o mundo urbano e o mundo rural nun plano de inferioridade deste último[46].

Enlazando co dito, á hora de adentarse pola senda da conflitividade protagonizada polo campesiñado topámonos cunha liña argumental que parte da concepción do campesiñado como un axente social de carácter arcaico e secundario. Quen asentou dita concepción foi Eric Hobsbawm, que falaba de "primitivismo" e de "xente prepolítica" (Hobsbawm, 1976:99) para describir un estado de absoluta ou case total ausencia de conciencia política ou de organización, e encontra que as formas tradicionais de descontento campesiño estiveron virtualmente desprovistas de calquera ideoloxía, organización ou programa explícitos. Son moitos os traballos que ratificaron esta visión, legado da interpretación do marxismo agrario e das teorías da modernización agraria, que acabaron por asentar na historiografía a súa definición como "formas residuais de protesta"[47]. Shanin xa rebatiu esta concepción igualando as aspiracións que moven as loitas campesiñas coas que fan o propio no mundo obreiro, igual de próximas e concretas e faltas de reivindicacións políticas e ideolóxicas amplas[48]. Ranajit Guha vai máis alá reivindicando o carácter político das revoltas rurais ao afirmar a existencia dunha "conciencia" detrás das experiencias individuais que emerxe en forma de tendencias xerais con coherencia interna, malia as posibles contradicións que amosen, froito da complexidade de todo movemento social[49]. Reflexión aplicable ao conxunto das clases subalternas pois "unha concepción da política enfocada exclusivamente ás que poden ser manifestacións impostas de anuencia ou na rebelión aberta reduce enormente a imaxe da vida política, sobre todo en condicións de tiranía ou de casi tiranía nas que se atopa gran parte do mundo" (Scott, 2003:47). Non se trata de entrar nese querela xa debidamente transitada de negar ás actividades protagonizadas polo campesiñado un carácter político, senón de aceptar os difusos lindes que separan o "conflito social" e o "conflito político"[50]. Un exemplo dentro do ámbito do noso interese atopámolo no traballo de Mercedes Yusta, que demostra que fenómenos de resistencia política como a loita armada da guerrilla antifranquista son o "resultado da interacción dun conflito de carácter político cunha conflitividade especificamente rural" (Yusta, 2003: 14)

O rico debate que dende a segunda metade dos anos setenta se abriu arredor das "revoltas polo pan" borrou definitivamente a concepción de conflito derivado de "estómagos baleiros", consecuencia de actos *irracionais* en tanto que instintivos e espontá-

[46]VIVES RIERA, A., (2005), "La resistencia de la Mallorca rural al proceso de modernización durante la II República y el primer franquismo", *Historia Social*, 52, pp. 73-87, pp. 73-74

[47]Unha crítica pormenorizada a este posicionamento nos traballos de Manuel González de Molina, GONZÁLEZ DE MOLINA, M., (1996), "Los mitos de la modernidad y la protesta campesina. A propósito de "Rebeldes primitivos" de Eric J. Hobsbawm", *Historia Social*, 25, pp. 113-158; GONZÁLEZ DE MOLINA, A., (2000), "Introducción", en GONZÁLEZ DE MOLINA, M., (ed.), *La historia de Andalucía a debate. I. Campesinos y Jornaleros*, Barcelona, Anthropos, pp. 7-39

[48]SHANIN, T., (1990), *Defining peasants: essays concerning rural societies, expolary economies and learning from them in the contemporary world,* Oxford, Basil Blackwell, pp. 156-161

[49]GUHA, R., (2002), *Las voces de la historia y otros estudos... op cit.*

[50]BENIGNO, F., (2000), *Espejos de la Revolución*, Barcelona, Crítica

neos[51]. A superación doutra interpretación, a estritamente economicista, que iguala o conflito social coa mera expresión directa dunha loita maximadora por recursos escasos, deixou o debate sobre a causalidade do conflito campesiño no marco da *irracionalidade*, en tanto que non explicable dende a *racionalidade instrumental* (Álvarez, 2002)[52]. A falla de racionalidade ten sido para moitos autores a explicación fácil na que encaixar actitudes e accións levadas a cabo polos campesiños que non responden ao canon propio da *racionalidade instrumental* non significa que haxa que interpretalas como irracionais, senón como inserilas dentro doutras lóxicas e racionalidades. Caeuse con frecuencia en igualar o todo (racionalidade) cunha parte (racionalidade instrumental), condenando as preferencias e eleccións de suxeitos sociais, especialmente, do campesiñado, ao ámbito do irracional.

Unha desas partes, necesaria para comprender no seu conxunto das accións do campesiñado, é a *racionalidade expresiva*. Esta noción é usada por Hargreaves Heap para referirse a lóxica que ten en conta o papel da identidade persoal na emerxencia e mantemento de pautas de conduta do suxeito[53]. Trátase, polo tanto, dunha lóxica orientada a identidade, centrada nos códigos culturais e nos modos de comunicar a súa adscrición aos grupos ou comunidades das que o suxeito forma parte. A esta corresponderían pois, os compoñentes "identitarios" da acción, mentres que os "estratéxicos" estarían abranguidos pola racionalidade instrumental. Nalgúns casos os compoñentes expresivos poden formularse como restricións da racionalidade instrumental, pero a cuestión non é explicar unhas accións dende a noción instrumental e outras dende unha perspectiva expresiva, senón que se trata de advertir a complementaridade sistemática das mesmas na toma de decisións e comportamentos.

Detrás dos comportamentos dos campesiñas, e polo tanto, das súas formas de conflitividade, está tamén a *racionalidade procedimental* (Ortíz, 2000), a lóxica da que resultan as convencións e os procedementos, é dicir, as reglas de conduta social. Dificilmente pode un suxeito social, un campesiño no caso que nos incumbe, "pensar" a economía e a sociedade á marxe da súa cultura que, na práctica, é unha serie de convencións e fórmulas por medio das que se identifica coa súa comunidade. As actuacións derivadas destas lóxicas analizadas dende o punto de vista da racionalidade instrumental son meramente "condutas arbitrarias", en tanto que poden ser melloradas en termos de eficacia, pero que dende a aceptación ampla de racionalidade proposta, son pautas de comportamento regradas e racionais[54]. A condición de "irracionalidade" das formas de protesta campesiña esváese tan axiña como se inscriben dentro da lóxica de

[51]TAYLOR, M., (1990), "Racionalidad y acción colectiva revolucionaria", *Zona Abierta*, 54-55, pp. 69-112

[52]Este recoñecemento non implica asumir ao campesiñado como ente anti-mercado, como ben ten demostrado S. Popkin, aínda que dende uns parámetros críticos coas teorías da "economía moral" que non compartimos. POPKIN, S., (1979), *The rational peasant. The political economy of rural society in Vietnam*, Berckley, University of California Press, especialmente capítulos I e VI

[53]HARGREAVES HEAP. S., (1989), *Rationality in Economics*, Oxford, Blackwell

[54]Unha aproximación máis extensa e pormenorizada ás formas de racionalidade das comunidades campesiñas, aplicadas ao estudo das identidades das comunidades campesiñas de Castela no Antigo Réxime, en IZQUIERDO MARTÍN, J., (2000), *El rostro de la comunidad. La identidad del campesino en la Castilla del Antiguo Régimen*, Madrid, Consejo Económico y Social

comportamento dos seus protagonistas, sen apriorismos e visións pexorativas. As diversas prácticas sociais de protesta de grupos sociais subalternos como o campesiñado están definidas por usos, modos e convicións distintas á concepción de racionalidade instrumental, dominante na "modernidade", pero iso non redunda no seu primitivismo.

Que non respondan a pautas irracionais non implica que as formas de conflito, como o conxunto de prácticas sociais, arranquen de análises puramente cognitivas e non emocionais. É preciso incidir na relación que a construción social da protesta garda con sentimentos como a afrenta e o menosprezo. Como Jesús Izquierdo expón "...o conflito social adquire un sesgo radicalmente moral: aparece en contextos históricos nos que lesionou os principios valorativos polos que colectivos diferentes se reconocen..." (Izquierdo, 2001:199). B. Klandermans define como "marcos de inxustiza", a un dos marcos necesarios para que a conflitividade e a protesta se xeneren, refiríndose a pertinencia "dunha evaluación por parte dun suxeito social que considere unha situación como inxusta, baseándose en parámetros preferentemente inmateriais" (Klandermans et ali., 2000:135,139-140). Entendemos que é a ruptura o intento de socavar a identidade colectiva do grupo, a súa "economía moral", os seus códigos e a súa cosmovisión o que serve como acicate para o xurdimento da conflitividade. En palabras de Francisco Cobo, o que supón o colapso da "orde moral campesiño" (Cobo, 1998:52). Situar o conflito no plano da ruptura de vínculos e identidade colectiva, extrapolándoo do plano economicista, ten a vantaxe de minimizar ou neutralizar a cuestión sempre esquiva aos historiadores da motivación, da intencionalidade ou non intencionalidade, dos protagonistas individuais das accións, inscribíndo as cuestións de xeración de conflito no ámbito do colectivo, do grupal.

As condicións obxectivas (estrutura da propiedade, nivel económico, etc.) non son suficientes, polo tanto, para explicar as razóns nin da existencia de conflito nin da tipoloxía formas de protesta. Como xa apuntara E.P. Thompson, "o motín non é unha resposta natural ou obvia da fame, senón unha complexa pauta de comportamento colectivo, unha alternativa colectiva ás estratexias de supervivencia individualistas e familiares. Dende logo, os amotinados por causa da fame están famentos, pero a fame non dita que deban amotinarse nin determina as formas do motín" (Thompson, 1995:302). "Nin as visións exclusivamente románticas nin as exclusivamente racionalistas do campesiñado están xustificadas. Un campesiño, coma calquera, precisa da cabeza e do corazón" sinala Mark Lichbach ao adentrarse na crítica a algunha das teorías que tratan de explicar a racionalidade do campesiñado que toma a decisión de protestar e rebelarse de maneira simplista (Lichbach, 1994:417). Na configuración da conflitividade e da resistencia hai que ter moi presente, como subliña S. Ortner, o trinomio constituído polas interacións entre a subxectividade, unha mistura de visión particular e de *valoracións fortes*, que pode que non se atope nada próxima á realidade obxectiva; a identidade, definida por parámetros como a racionalidade expresiva e de procedemento, e polo que en conxunto podemos denominar *economía moral*; e a intencionalidade, un cálculo de beneficios nun senso máis amplo que o meramente económico[55].

[55]ORTNER, S.B., (1996), "Resistance and the problem of Etnographic refusal", en MAcDONALD, J.T.,(ed.), *The historic turn in the Human Sciences*, Michigan, University Press, pp. 281-304, p. 299

Estes tres piares non son máis que a concreción de boa parte dos avances que os estudos sobre conflitividade rural experimentaron nas últimas décadas. Novas vías de análise que posibilitaron a redefinición dos mesmos, dos procesos que os limitan e das motivacións dos seus protagonistas e están reparando nese espazo que existe baixo a mobilización social rotunda, aberta e articulada. Non se abandonou a busca do conflito aberto, dominante na historiografía dos años setenta e oitenta, pero proliferaron estudos que permitiron a "inserción do periférico, do inarticulado" (Casanova, 2004:249-250)[56] como son os fenómenos conflitivos formulados a través de experiencias propias da cotianeidade, do que Rafael Cruz denomina, "resistencia elíptica" (Cruz, 1998: 144). Son actos que, de maneira illada poden non revestir interese histórico, pero isto muda cando permiten detectar un patrón de comportamento que os converte en formas expresas de conflitividade. Nesta renovación tivo un papel fundamental a obra do antropólogo James C. Scott, un referente que merece unha análise máis pormenorizada por ser un dos puntais teóricos fundamentais da nosa aportación, en tanto que centra o seu interese esplicitamente na conflitividade rural.

2.2 Alén da acción colectiva: a resistencia cotiá

No proceso de revisión do concepto de resistencia estivo moi presente a perspectiva da Antropoloxía. A raíz de que Foucault (1978) prestara atención ás formas de poder menos institucionalizadas e máis preventivas abriuse todo un camiño para a análise das fórmulas empregadas para resistilas. Michael Adas propuxo o concepto de "protesta de evasión" para enfatizar a preferencia dos campesiños por evitar os conflitos dada a súa condición de grupo subalterno e dependente. Trataríase de fuxir das consecuencias que as confrontacións directas conlevan, de evitar os custos. Adas propón unha sistematización destas formas de resistencia pasiva en tres categorías: formas de protesta de negación, que implican as formas de resistencia máis esvaídas; formas de protesta de fuxida, que envolven un maior grao de risco para os seus protagonistas; e formas de protesta contestataria, actos que perxudican aos que se pretende contestar[57].

Nelas tamén focalizou o seu interese James C. Scott, que elabora unha teoría para abranguer a conciencia das clases subalternas, nomeadamente a dos campesiños, e úsaa para refutar a maioría das teorías de hexemonía tradicionais. Esta liña de análise posibilita unha interpretación da conflitividade rural que proporciona claves para entender como os campesiños actúan ante a implantación e consolidación do poder, así, enlaza a conflitividade vivida no rural coa estrutura da resistencia civil.

O traballo de Scott sobre as formas de resistencia campesiña abriu novas perspectivas no estudo e interpretación dunhas prácticas que a historiografía dos movementos

[56] Un compendio sobre os cambios de perspectiva ocorridos na historia agraria española recente en VILLARES PAZ, R., (2004), "La renovación de la historia agraria española", en CANAL, J. (dir.), *Societés rurales du XX Siècle. Francee, Italie et Espagne*, Roma, École Française de Roma, pp. 53-73. Para os avances no eido da historia social, CASANOVA, J., (2003), "El secano español revisado", en FONTANA, J., (dir.), *Historia y proyecto social*, Barcelona, Crítica, pp. 239-261

[57] ADAS, M., (1981), "From avoidance to confrontation... *op cit*, pp. 217-247

sociais entendera como resultado de estadios primitivistas. Nós non pretendemos dar conta ou resumir a súa contribución, pero si consideramos de importancia subliñar e presentar algúns aspectos desta liña de análise, en tanto que forma parte do marco teórico do noso traballo pois permite interpretar accións do campesiñado en condicións de alto risco para actuar dentro de sistemas políticos con amplas restricións para o exercicio de dereitos, e de limitacións para coordinar actuacións abertas e directas de enfrontamento, por tanto, en condicións como as que impuxo o franquismo. A súa teoría é particularmente valiosa para entender o cotiá das relacións de poder evidentes, pois enfatiza a dramaturxia do poder, as oportunidades para a comunicación e a formación de definicións alternativas da situación entre os subalternos e as expresións culturais desas oposicións.

Scott abriu unha nova vía de análise que coa súa xeralización nos estudos históricos nos anos noventa provocou un considerable debate nas Ciencias Sociais no relativo ás teorías de poder, dominación e resistencia. A súa teoría da resistencia social supón a superación da análise da conflitividade dos grupos subalternos baseada en movementos abertos e organizados, é dicir, na mera aplicación da "plantilla" que a historia social tiña aceptado como válida para o mundo urbano e a clase obreira, para deterse noutras formas, menos vistosas e contundentes, mediante as que o campesiñado defendeu ao longo da historia os seus intereses ante o poder político e as elites. O autor despregou toda unha batería conceptual, creada nalgúns casos e innovación noutros, arredor da que se artella o seu aparato crítico, "armas do débil" (weapons of the weak), "resistencia cotiá" (everyday forms of resistence), "rexistro escondido" (hidden transcript) ou "infrapolítica" (infrapolitic).

Desenvolveu a súa concepción de resistencia en tres obras[58] nas que se amosa debedor, entre outros, da historia social marxista británica, e nos que trata de achar unha resposta a pregunta de como individuos ou grupos marxinados do e polo poder, xa fora político ou socioeconómico e cultural, actúan ante condicións de explotación e dominación[59]. Na súa análise polariza dúas dinámicas que moitas veces se teñen interpretado en termos de causalidade e consecuencia, a subsistencia e a resistencia, e prioriza os aspectos interactivos, dinámicos e de relación da contestación pública e o conflito. A súa visión da subalternidade, derivada dun achegamento ao obxecto de estudo a través da metodoloxía antropolóxica, evidencia a capacidade dos grupos dominados para crear "rexistros escondidos" nos que se materializa a crítica ao poder ás costas do colectivo dominante. Polo tanto, recoñece aos colectivos subalternos unha existencia fóra do control inmediato do poder, a posibilidade de mediatizar o control do poder.

Boa parte da súa teorización descansa no paradigma representado polo binomio, "rexistro público" e "rexistro escondido". Scott establece a existencia de ámbitos non

[58]SCOTT, J. C., (1976), *The Moral Economy of the Peasant: Rebellion and Subsistence in SouthAsia; (1985) Weapons of the Weak: Everyday Forms of Peasant Resistence*; *Domination and the Arts of Resistence: Hidden Transcript (1990).* Todas publicadas en New Haven por Yale University Press.

[59]As débedas teóricas de Scott están perfectamente recollidas en CASANOVA, J., (2000), "Resistencias individuales, acciones colectivas: nuevas miradas a la protesta social agraria en la historia contemporánea de España", en GONZÁLEZ DE MOLINA, M., (ed.), *Historia de Andalucía a Debate...op cit.,* pp. 289-301

visibles (rexistro escondido) para o poder predominante onde se agochan as visións críticas, opostas e resistentes aos procesos de opresión (toda serie de formas discursivas: expresión, declaracións, xestos ou prácticas), mentres que de cara ao poder (rexistro público) establécese toda unha estratexia de finximentos que son os que impregnan o discurso público (adulación, dobres significados, enmascaramento, etc.). Os grupos subalternos, faltos da posibilidade de modificar ou cambiar calquera das esferas onde as concesións se producen e distribúen, poñen en marcha a táctica racional de producir unha falsa sensación de obediencia no "rexistro público". En circunstancias especialmente opresivas as formas de resistencia social dos colectivos subalternos tenden a ocultarse do control sistemático dos grupos que ostentan o poder, e encontran acubillo mediante actividades cotiás, quedando oculta a súa expresión, só perceptible para os membros do colectivo. Scott trata de entresacar da complacencia que publicamente amosan os campesiños para co poder dominante, a subversión que privadamente amosan en busca da identificación dunha resistencia cognitiva á dominación e á hexemonía política. O "rexistro escondido" supón ter presente que os grupos subalternos teñen ámbitos relativamente illados nos que poden desenvolver concepcións alternativas, limar as diferenzas e reafirmar ou mudar formas culturais. No seu nivel máis básico estes refuxios son lugares de encontro nos que a comunicación pode ser posta en práctica sen deferencia ao poder, son zonas "liberadas", "de reserva", onde a cultura oposicional e a solidariedade de grupo poden ser alimentadas, postas en proba, protexidas. Con frecuencia, estes abeiros existen como espazos culturais tradicionais ata que aparece, de aparecer, un carácter oposicional, potenciando o radicalismo que vive en estado de hibernación na tradición[60].

Scott sostén que as rebelións campesiñas son poucas e lonxanas entre si, polo que desenvolve o concepto de "resistencia cotiá". Dada a inexistencia de mecanismos institucionais e/ou oficiais que permitan aos campesiños expresar libremente as súas protestas e facer oír as súas voces, e na imposibilidade de facelo abertamente a través de formas organizadas por estar sometidas a unha forte represión, estes optan por usar as actividades cotiás como estratexias para defender os seus intereses e contrariar unha situación que lles é desfavorable. Define a resistencia cotiá como unha resistencia rutineira infrinxida por individuos pertencentes a clases subalternas que non provocan, nin o pretenden, grandes cambios no sistema de dominio contra o que resisten, senón que actúan para frustrar unha política particular que toca e afecta a súa vida diaria.

Esta tipoloxía de resistencia amósase como inherente a propia cultura campesiña que conta con todo un conxunto de formas de oposición silenciosa e corrosiva, que requiren pouca ou ningunha coordinación, válense de acordos implícitos ou redes informais de sociabilidade e evitan unha confrontación directa coa autoridade manténdose nun *rexistro escondido*, ás que Scott chama "armas do feble". Refírese de modo esencial as "armas" como sabotaxes, fraudes, lentitude no traballo, disimulo, falsa ignorancia,

[60]Reflexións sobre a noción de "rexistro escondido" en GÓMEZ MILLÁN, (2000), *Resistencia cultural e diferenza histórica... op cit.;* FANTASÍA, R.; HIRSCH, E., (1995), "Culture in Rebellion: The Appropiaton and Transformation of the Veil in the Algerian Revolution", en JOHSTON, H.; KLANDERMANS, B., (ed.), *Social Movements and Culture*, Minneapolis, Univ. Mimnesota Press, pp. 145-146

difamación, deserción, furtivismo, incendios... e todas aquelas accións que se volvían eficaces co anonimato dos seus protagonistas, o uso da cotidianeidade e a contestación indirecta os opoñentes. A súa teoría permite apreciar o amplo rango de posibilidades de patróns de resistencia dos grupos subalternos que teñen en común que responden a actos cotiás que son usados de forma rutineira ou casual cos que se pretende mitigar ou negar esixencias por parte do poder, e incluso, coa finalidade de impor as reivindicacións propias. Como xa indicara Foucault para a Francia do setecentos, certos espazos de ilegalidade convertéronse en ocasións en "condición do funcionamento político e económico da comunidade ao propiciar ás capas máis desfavorecidas da poboación...os beneficios, nas marxes do que lles estaba imposto polas leis e costumes, dun espazo de tolerancia, conquistado pola forza ou a obstinación, tan indispensable para a súa existencia, que a miúdo estaban dispostos a sublevarse para defendelo" (Foucault, 1994).

Scott ademais afirma que a diversidade dos actos de resistencia cotiá traduce diferentes niveis de protesta e a súa elección depende de varios factores, dende o motivo de descontento, ao grupo de individuos que expresa ese descontento e as formas de represión as que están expostos. Así, segundo o autor, as accións de resistencia poden caracterizarse como formais ou informais; colectivas ou individuais; públicas ou anónimas; e desafiantes co sistema de poder ou con obxectivos de tipo marxinal. Esta é unha das grandes aportacións de Scott, a alusión a unha grande variedade de formas de resistencia que recorren a formas indirectas de expresión, que el conceptualiza como "infrapolítica". Son formas básicas para achegarse a unha análise sobre o poder e a hexemonía. Porque non supoñen un desafío articulado ante a hexemonía por parte dun colectivo subalterno, pero que non son inocuas nin carecen de importancia.

A resistencia cotiá, e as armas do feble nas que se artella, teñen tres consecuencias de grande relevo: a mellora do benestar dos seus protagonistas, pois alivia as súas condicións de vida; a acumulación de actos de resistencia cotiá pode erosionar leis e disposicións; e poden converterse no substrato para unha actividade política aberta. Ademais, nas formas de resistencia campesiña ligadas á subsistencia hai algo que vai máis alá da fronteira de sinxelas reaccións instintivas para asegurar o sustento. O que os "infractores" poñen sobre o tapete é o feito de que as novas formas e regras impostas dende fóra non se atopan por encima das súas necesidades vitais e das súas familias, senón que estas teñen prioridade sobre aquelas e, é máis, o que se está poñendo en cuestión son as formas en que o poder se lles impón en ámbitos como a apropiación de traballo, a conduta, etc. Non se trata, pois, sen máis, dun desafío de individuos illados fronte a unha nova orde imposta, senón, como designa Josep Fontana, "da contraposición dun proxecto social distinto" (Fontana, 1997).

A resistencia cotiá como teoría ten gañado interese historiográfico debido á súa potencialidade. Para analizar os movementos das clases subalternas, e tendo en conta a necesidade de confrontar teorías comprensivas sobre o conflito social, os antropólogos volcáronse nela, pero tamén outros científicos sociais, especialmente os historiadores. Nos últimos quince anos, o traballo de James C. Scott tivo un gran impacto nos estudos rurais, estudos culturais e estudos africanos e asiáticos, sensibilizando aos in-

vestigadores sobre a diversidade das formas cotiás de oposición á dominación[61]. Os historiadores europeos tamén recepcionaron as proposta sobre as "formas cotiás de resistencia", que, debido aos seus difusos lindeiros, acubilla realidades totalmente diferentes[62]. Ao seu arredor abrollou todo un movemento de estudosos entusiastas que aplicaron os preceptos para todas aquelas poboacións que, nos máis diferentes espazos xeográficos e temporais, comparten, polo menos en termos sociolóxicos, puntos en común co campesiñado do sudeste asiático, inicial protagonista do estudo de Scott. A súa teoría é tan versátil porque se move preto de afirmacións esencialistas, aínda que sen caer en dar por sentadas características inmutables da resistencia cotiá. Faise eco da similitude que amosan as estruturas de dominación ao longo da historia (conduta arbitraria, uso de elementos de terror, etc.), de maneira que percibe como estas provocan reaccións e estratexias comparables a grandes rasgos, porque son os medios usuais cos que contan para enfrontarse a políticas ou condutas ofensivas sobre os seus bens ou os seus presupostos morais.

O risco desta teoría "todoterreo" é ter a impresión de que todos os campesiños son iguais, por riba de estruturas sociais e de diferentes políticas de cada caso concreto[63]. Xeralmente a utilidade da teoría scottiana e a súa aplicación efectiva en tantos casos leva aos historiadores a non exercer a necesaria labor de crítica da mesma. Nada máis lonxe da nosa intención, pois coidamos que reparar nas debilidades das teorías nas que repousa o noso traballo non ten máis que efectos positivos en tanto que nos permite telas en conta á hora da súa aplicación como marco referencial. Neste senso, convimos na necesidad de destacar a conveniencia de aprehender e apreciar as formas da resistencia cotiá, pero reparamos, como advirte M. Gutmann, no perigo

[61] Latinoamericanistas e estudosos das sociedades campesiñas asiáticas e africanas aplicaron este marco de referencia (Tutino, Jiménez, Edelman, Foweraker, etc). Algúns deles colaboraron na obra colectiva, COLBURN, F. D., (ed.), (1989), *Everyday forms of peasant resistence*, Londres, M. E. Sharpe e outros son asiduos articulistas da revista *Journal of Peasant Studies*, como KOROVKIN, T., (2000), "Weak weapons, strong weapons? Hidden Resistence and political protest in Rural Ecuador", *Journal of Peasant Studies*, 27, pp. 1-29

[62] Como amosa a sesión adicada ás "armas do débil" no *Fith European Social Science History Conference* celebrado en Berlín en 2004, vd. CABO VILLAVERDE, M., (2004), "La Historia Rural en la Fifth European Social Science History Conference (Berlín, marzo de 2004)", *Historia Agraria*, 33, pp. 165-172, pp. 171-172. En España son prolixos os traballos que beberon da teoría de Scott, especialmente subliñable son os adicados ao estudo da conflitividade xerada arredor da destrución dos comunais e a privatización do monte, entre outros, COBO ROMERO, F.; CRUZ ARTACHO, S.; GONZÁLEZ DE MOLINA, M., (1992), "Privatización del monte y protesta campesina en Andalucía oriental (1836-1920)", *Agricultura y Sociedad*, 65, pp. 253-302; GEHR (Grupo de Estudos de Historia Rural), (1994), "Más allá de la "propiedad perfecta". El proceso de privatización de los monte públicos españoles (1859-1926)", *Noticiario de Historia Agraria*, 8, pp. 99-152. Os estudos que abranguen todo tipo de conflitividade referida á sociedade rural tamén optaron por aplicar a teoría de Scott, non só aos interesados na propiedade comunal, vd. FRÍAS CORREDOR, C., (2000), "Conflictividad, protesta y formas de resistencia en el mundo rural. Huesca, 1880-1914", *Historia Social*, 37, pp. 97-118; GASTÓN AGUAS, J.M., (2003), "Los campesinos navarros ante la revolución burguesa, 1841-1868", *Historia Social*, 46, pp. 25-47

[63] Crítica na que insiste SKOCPOL, T., (1982), "What makes peasant revolutionary?", *Comparative Politics*, vol. 14, nº 3, pp. 351-173. (Artigo que tamén foi publicado un ano despois en WELLER, R.P.; GUGGENHEIM, S.E., (ed.), *Power and protest in the countryside. Studies of rural unrest in Asia, Europe and Latin* America, Durham, Duke University Press)

de que estas formas de resistencia encuberta se comprendan como a única forma viable de resistencia para os explotados e oprimidos o que, seguindo a argumentación deste latinoamericanista, supón unha trivialización do conflito social[64]. Considera Gutmann que esta teoría está provocando que se desestimen as manifestacións abertas e organizadas. Entendemos que Scott non nega a resistencia aberta, pero está moi preto de cruzar os lindeiros que levan a menosprezar a transcendencia das formas de loita política aberta ou as rebelións. A insistencia nun dos tipos que adoptan as formas de descontento campesiño, as formas de resistencia cotiá, lévao a un desinterese polas outras dúas formas, movementos rurais de protesta e rebelións ou revolucións campesiñas, que raia no menosprezo das mesmas[65].

Outros polemistas argumentan que a proposta de Scott supón a consagración da resignación como característica do campesiñado, en tanto que este se adapta pragmaticamente á realidade sen pretender un cambio estrutural. Saca toda caracterización revolucionaria e excepcional ás formas de resistencia e, nese senso, moitos autores entenden que non é máis que recoñecer unha acomodación ao sistema de dominio establecido, como o fixera o africanista M. Gluckman[66]. A súa teoría, enunciada con anterioridade á de Scott, presenta importantes similitudes coa exposta por este, se ben chega a diferentes conclusións. Gluckman entende que as resistencias cotiás "están baseadas na aceptación da orde establecida como bo, correcto, e incluso, sagrado, e axudan a conseguir a práctica anquiescencia do sometemento político á orde social" (Gluckman, 1954:127). Argumenta este autor que certos actos de resistencia cotiá están permitidos polo Estado en razón a calmar a oposición, funcionando como "válvulas de escape" que reafirmarían a resignación pragmática do campesiñado. Así, insiste, a resistencia cotiá pode, ás veces, servir para reforzar a posición de subordinación e a desarticulación política do campesiñado pola canalización das súas demandas cara este tipo de resistencia.

Esta crítica radica basicamente na idea de que a resistencia cotiá pode fortalecer a estrutura de dominación padecida, e é unicamente válida se se pretende ver nas súas formas potencialidade para un cambio revolucionario do poder que, cando menos nós, non acadamos a concibir. As formas de resistencia cotiá producen melloras reais para os grupos subalternos que as poñen en práctica e mesmo poden estar no substrato

[64]Gutmann é un dos estudosos máis críticos coa teoría de Scott, e mantivo con el unha interesante querela nas páxiñas da revista *Latin American Perspectives*, por exemplo, GUTMANN, M., (1993), "Rituals of Resistence: a critique of the theory of Everyday Forms of Resistence" e SCOTT, J. C., (1993) "Reply", os dous en *Latin American Perspectives*, vol. 20, nº2, pp. 74-92; pp. 93- 94.

[65]Esta organización tripartita das formas de descontento campesiño en LICHBACH, M., (1994), "What makes rational peasants revolutionary? Dilemma, paradox, and irony in peasant collective action", *World Politics*, 46, pp. 383-418, p. 385. Unha reflexión moi acaida sobre as formas que se atopan entre a revolución e as resistencias a pequena escala, denominadas polos autores como "protesta intermedia" (*protest in between*), que supón unha crítica ao éxito das teorías de Scott en canto que estas potencian o escurecemento destas accións intermedias, en FOX, R. G.; STARN, O., (ed.), (1997), *Between resistence and revolution. Cultural politcs and social protest*, Nova Iersei, Rutgers University Press

[66]GLUCKMAN, M., (1954), *Rituals of Rebellion in South-East Africa*, Manchester, Manchester University Press.

de ulteriores formas organizadas de protesta, pero non perseguen o derrubamento do sistema de poder imposto. O potencial revolucionario ou político do campesiñado non radica nestas formas de resistencia e estas, nin moito menos, evitan que os marcos de descontento dos seus protagonistas para co Estado se conformen.

Levando esta argumentación a unha exemplificación concreta poderiamos concluír que si os incendios contra os montes repoboados foran eficaces provocando a erradicación da política forestal ou as ocultacións ante as requisas desembocaran na eliminación desta disposición, o corolario sería que eses éxitos terían privado aos campesiños de converterse en antifranquistas, porque as válvulas de escape funcionarían. Cremos que non. A súa non operatividade ou eficacia á hora de minar disposicións estatais non son decisivos na produción dos marcos precisos para que se xerara unha revolución ou a concienciación política contra o franquismo. A desconexión entre unha e outra realidade apréciase en que as armas do feble tamén eran usadas por suxeitos afíns ao Estado e aos seus principios ideolóxicos. Na nosa opinión, a resistencia cotiá está máis en liña de formar parte do substrato do nivel de descontento preciso para, xunto a outros aspectos, posibilitar unha ulterior protesta aberta e organizada, que de evitar a conformación desta última.

Teresa M^a Ortega estuda para o caso de Granada como ao final dos anos cincuenta, no ámbito da fixacións das condicións laborais, van empezar a despregarse múltiples actos de rexeitamento cara as adversas condicións laborais impostas polo empresariado que, co tempo, fóronse consolidando dentro dun novo rexurdimento das prácticas de conflitividade laboral despregadas pola ditadura franquista ata a súa fin. O ascenso da conflitividade laboral, pois, conduciría cara unha crecente indisposición política de importantes colectivos de traballadores urbanos e agrícolas contra o réxime político[67]. Podemos pensar o mesmo do caso galego: a escalada da conflitividade aberta na década final do franquismo puido verse facilitada e posibilitada pola existencia dunha anterior resistencia cotiá, que xa lle provía dun substrato, e conseguiu que un amplo sector do campesiñado se amosara indisposto cara ao franquismo, marco no que se inscribe o nacemento dos sindicatos agrarios.

O tema da "eficacia" destas formas de resistencia é un tema tamén moi debatido[68]. Nós participamos da idea de que as formas de resistencia cotiá non son en absoluto inocuas para o poder porque o seu alto grao de rutina, de persistencia, a súa mesma condición de "cotiás" provocan un impacto nas esferas de dominación, causando erosión e limitando o poder do Estado ou das elites que a sofren. Ademais non se pode negar que, como instrumentos de resistencia cotiá, as armas dos febles alivian a situación sempre e cando o poder dominante non lles dea unha resposta inmediata. E cremos que a súa non trivialialidade está en boa medida no seu efecto acumulativo.

Nós optamos por priorizar este marco teórico ofertado por Scott tamén debido ao exitoso que resultou a súa aplicación no estudo da resistencia ao Salazarismo en

[67] ORTEGA LÓPEZ, T. M., (2003), *Del silencio a la protesta. Explotación, pobreza y conflictividad en una provincia andaluza, Granada 1936-1977*, Granada, Universidad de Granada

[68] Entre os autores que o fan, MONSMA, K., (2000), "James C. Scott e resistência cotidiana no campo: uma avaliaçao crítica", *Revista Brasileira de Informaçâo Bibliográfica em Ciências Sociais,* 49 (edición dixital)

Portugal. As antropólogas do Centro de Etnoloxía Portuguesa da Universidade Nova de Lisboa Paula Godinho, Dulce Freire e Inês Fonseca levaron a cabo un proxecto de investigación de gran envergadura, coordenado por Jorge Crespo e Fernando Rosas, no que recolleron as formas de resistencia cotiás e conflitos ocorridos no rural portugués durante o Estado Novo[69]. O seu traballo demostra a existencia de movementos de resistencia e de axitación no medio rural portugués durante o Estado Novo en todo o país, e non unicamente como subliñara xa a historiografía portuguesa, nas rexións do sur, Alentejo e Ribatejo, onde domina a grande propiedade e os xornaleiros, organizados polo Partido Comunista, levaron a cabo movementos de protesta e axitación abertas en determinados períodos ditatoriais. As accións e actitudes de resistencia protagonizadas polos pequenos campesiños propietarios do norte nas que as antropólogas reparan asumen características que responden á definición de formas de resistencia cotiá de Scott: non requiren dunha gran coordinación, válense de redes informais de relación e de acordos implícitos, poden representar formas de autoaxuda para cada un dos individuos e evitan a confrontación directa coas autoridades para evitar grandes prexuízos.

A validez dos estudos destas antropólogas como referente de comparación para o caso galego é evidente, tanto pola semellanza entre os sistemas impostos por Salazar e Franco como polo tipo de sociedade rural imperante no norte de Portugal e en Galicia. Pero tamén porque as autoras sumaron á metodoloxía propia da Antropoloxía (estudo de campo, observación participante, historias de vida) a propia da historia, a busca sistemática en arquivos, para realizar unha tipoloxía das actitudes e accións de resistencia cotiá e de conflito aberto. Ademais, contamos con estudos que teñen aplicado esta teoría para o caso do monte e da conflitividade arredor do seu uso e aproveitamento durante o franquismo que operan a modo de valiosísimo primeiro paso no achegamento cara ao coñecemento das accións e actitudes no rural galego[70].

[69]FONSECA, I.; FREIRE, D.; GODINHO, P., *Resistencia e conflicto no contexto rural portugués (1926-1974)*, Relatorio final de investigación, Facultade de Ciencias Sociais e Humanas, Universidade Nova de Lisboa, Lisboa, (en prensa)

[70]SOTO FERNÁNDEZ, D., (2002), *Transformacións productivas na agricultura galega contemporánea: da Agricultura Orgánica á Revolución Verde (1752-1986), unha aproximación a partir das macromagnitudes*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (Tese inédita); SOTO FERNÁNDEZ, D.; FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2004), "Política forestal e conflictividade nas terras comunais de Galiza durante o franquismo (1939-1975), en FREIRE, D. et ali., (ed.), *Mundo Rural. Transformaçao e Resistência na Península Ibérica (século XX)*, Lisboa, Ed. Colibrí, pp. 225-249

Capítulo 3

A renovación teórica da "Resistencia" no ámbito de estudo dos fascismos

"O curioso é que, malia isto, o Goberno nacionalsocialista non se resigna a prescindir por completo da oposición, nin sequera a ignorar a súa existencia. En Alemaña non hai oposición legal, pero si real. É unha oposición que carece de forza e de importancia, por suposto. É unha oposición perfectamente despreciable formada polos eternos descontentos, polos inadaptados conxénitos, polos que o Ministerio de Propaganda, doutor Goebels, chama "criticastros" e "gruñóns", polos axentes de Moscova e por algúns reaccionarios que soñan na resurrección dun pasado morto para sempre. Trátase, en suma, de residuos humáns e sociais condenados á esterilidade; pero irredutibles e existentes"

Crónica de E. Xammar para o xornal "AHORA". Berlín, 6-12-1935.

XAMMAR, E., (2005), *Crónicas desde Berlín (1930-1936)*, Barcelona, Acantilado, p. 321

O noso interese céntrase nas consecuencias que este cambio de paradigma provocou nun dos eidos de investigación que máis interese aglutina actualmente, a "resistencia" aos réximes fascistas europeos. Aínda que xa pasou máis de medio século dende que rematou a II Guerra Mundial e caeron réximes como o Terceiro Reich e ou fascismo italiano, o debate historiográfico sobre estes períodos continúa estando de actualidade nas respectivas historiografías nacionais. O grao de coñecemento que se posúe é moi amplo nalgúns aspectos, pero é insuficiente e parcial en temas tan importantes como o do consentimento ou consenso da poboación, e sobre todo, no relativo ás formas e á extensión da oposición ao sistema. Neste senso, os traballos que pretendan cubrir este baleiro historiográfico terán que asumir a reforma epistemolóxica acontecida, de aí a súa transcendencia.

A significación dada á noción de "resistencia" ata desbordar á súa clásica concepción, que se ben enriqueceu o concepto, e subsidiariamente a profundidade da análise, provocou a súa conversión nunha categoría que abrangue unha realidade ambigua e imprecisa, como ambiguas e imprecisas son as relacións de poder. En *estricto sensu*, no marco dos estudos sobre réximes fascistas, "resistencia" nomeaba e definía aos grupos

organizados, politicamente conscientes e ideoloxizados cuxas actividades, inscritas na clandestinidade e cun claro soslaio heroico, se opoñían a unha forma de poder institucionalizado, co obxectivo de derrocalos[71]. Esta visión convencional de "resistencia" nos estudos históricos eurocentristas fraguouse ao socaire do caso máis paradigmático de resistencia europea contra o fascismo, a *Résistance* francesa, que serviu de arquetipo e de referente de comparación para o resto. O patrón empregado para a análise da *Résistance* utilizouse para determinar a existencia ou a ausencia de "resistencia" nas demais sociedades europeas sen sufrir a penas adaptacións nin modificacións. Esta concepción de "resistencia" e a metodoloxía que leva aparellada, tivo, e ten, efectos positivos evidentes como o de proporcionar un coñecemento profundo, e dende os diferentes ángulos posibles, dos grupos organizados que loitaron pola deposición dos líderes fascistas e dos seus gobernos.

A *Résistance* atraeu máis atención historiográfica que calquera outro movemento de resistencia en Europa, debido probablemente ao seu decisivo papel na restauración do orgullo nacional francés nos anos posteriores á fin da guerra e a súa pegada na memoria colectiva[72]. Os máis de dous mil títulos publicados son un aval sobre a profundidade e amplitude de análise alcanzada[73]. Guerra e posguerra historiáronse dende o punto de vista militar e político, analizando sobre todo a resistencia e o colaboracionismo, liñas que serviron para sinalar unha das bifurcacións que presenta a historiografía francesa. As grandes directrices de estudo foron a análise do papel xogado na *Résistance* polos diferentes segmentos sociais e institucións políticas francesas, como o Partido Comunista, a igrexa católica, etc. Estas investigacións permitiron cuantificar os seus cadros, coñecer a súa adscrición sociolaboral, descubrir os motivos da súa adhesión, cartografiar e describir as súas accións, explicar o seu funcionamento e obxectivos, reparar no seu peso e importancia social e definir a súa ideoloxía política. Actualmente cóntase con estudos para a maior parte da xeografía gala, podendo descender á escala local e microespacial, ademais de con exhaustivos estudos de caso e

[71] En palabras de François Bédarida, "a acción clandestina levada a cabo no nome da dignidade do home por persoas voluntarias que se organizan para loitar contra a dominación, é moi a miúdo a ocupación do seu país, por un réxime nazi ou fascista, ou satélite ou aliado", BÉDARIDA, F. (1986), "L'histoire de la Résistance, lectures d'hier, chantiers de demain", *Vingtiéme siécle. Revue d'Histoire*, 11, pp. 75-90

[72] O papel desa memoria é destacado por, entre outros, ROUSSO, H., (1992), *Vichy, l'évenement, a mémoire, l'histoire*, Paris, Ed. Gallimand; RICOEUR, P., (2000), *Mémoire, l'histoire... op cit.* Os dous coinciden na necesidade de rachar coa mitoloxía e estereotipos que rodeaban á historia da Resistencia francesa, dominada polo culto pasivo aos heroes e ás vítimas e por un papel dos historiadores servicial coa memoria coas testemuñas protagonistas do antifascismo galo. Este "culto á memoria", foi criticado duramente por Rousso, que sinalou que "aqueles, entre os historiadores ou entre os antigos resistentes, que pretandan escribir unha histoira da resistencia mantendo no seu espírito que é preciso, oa mesmo tempo, conservar too o seu valor edificante, equivócanse gravemente". Esta cita e un acaído comentario sobre a relación e o desencontro entre "mito" e "historia", en TODOROV, T., (2002), *Memoria del mal, tentación del bien. Indagación sobre el siglo XX*, Barcelona, Península, pp. 237-246. Cita pp. 245-246

[73] Dentro da inxente bibliografía que abrangue o tema da ocupación nazi de Francia e os movementos de resistencia que provocou cabe destacar o clásico estudo de MICHEL, H., (1975), *Histoire de la Résistance en France (1940-1944)*, París, PUF, e os máis actuais de WIEVIORKA, O., (2000), "France", en MOORE, B. (ed), *Resistence in Western Europe*, Oxford, BERG, pp. 125-157; BURRIN, P. (2003), *Francia bajo la ocupación nazi, 1940-1944*, Barcelona, Paidós

biográficos, ademais de con apreciacións sobre o papel dos membros da organización na Liberación[74].

Igual que o estudo da *Résistance* aparece continuamente tratado a partir da liña de fractura (a segunda), Francia ocupada/Francia non ocupada, a referida ao contexto italiano responde ao criterio resistencia antifascista/resistencia á ocupación alemá do norte do país, é dicir, por unha parte, resistencia a Mussolini e á República de Saló, e, por outra, á loita armada contra o ocupante. Dende o clásico estudo de R. Battaglia, chamouse a atención sobre as accións armadas levadas a cabo polos partisanos, estudando tanto os grupos que mantiñan esta resistencia como as súas múltiples relacións, tanto cos Aliados, coma co goberno de Badoglio e, de xeito moi rico, cos seus apoios sociais[75].

En Alemaña foi o estudo clásico de Peter Hofmann o que fixou a clásica definición de "Resistencia" con fasquías como ideoloxía, redes clandestinas, acción armada, etc.[76]. Seguindo esa premisa, destacan sobretodo as investigacións dedicadas á resistenica protagonizada pola poboación xudea, aspecto con entidade bibliográfica *per se* máis alá da temática da resistencia. Fóra deste ámbito, os estudos focalizaron o seu interese nas actuacións da elite social (mandos do exército e a armada, importantes burócratas e aristocracia) e nas accións contrarias ao nazismo do Partido Comunista. A acción militar que culminou co complot do 20 xullo de 1944, a expresión máis visible da actividade opositora ao Terceiro Reich, actuacións da dereita nacional-conservadora, como o *Kreisauer Kreis*, e as accións de espionaxe foron o principal obxecto de estudo para a historiografía que opera cos canons que impón esa concepción clásica de resistencia[77].

A historia da resistencia ao réxime de Salazar tamén é a historia da oposición antifascista portuguesa. En Portugal, o estudo da resistencia ao salazarismo acaba

[74]Un balance bibliográfico en GUILLÓN, J.-M.,(1995) "Résistance, 50 ans et 2.000 titles après", en GUILLON, J.-M.; LABORIE, P., (dicir.), *Mémoire et Histoire: Résistance,* Toulouse, Privat, pp 27-43; PROST, A., (ed.), (1997), "Résistance et societé: quels liens?", *Le Mouvement Social*, 180, pp. 1-6; TAYLOR, L., (1997), "The black market in Occupied Northen France, 1940-4", *Contemporary European History*, 6, 2, pp. 153-176

[75]Unha análise algo menos suscintA e acompañadA de referencias bibliográficas en MOORE, B., (2000),"Introduction: Defining Resistence", en MOORE, B., (ed.), *Resistence... opus cit.*, pp. 15-16; Obras de referencia sobre a acción dos partisáns italianos en BATTAGLIA, R. (1959), *The story of the Italian Resistance*, Londres, Odhams; BOCCA, G. (1966), *Storia dela'Italia partigiana*, Milán, Mondadori; SPRIANO, P., (1978), *Resistenza: Togliatti e il partito nuovo*, Turín, Giulio Einaudi; VALIANI, J. BIANCHI, G., RAGIONIERI, E., (1988), *Azionisti, cattolici e comunisti nella Resistenza*, Milán, F. Angeli; PUZZO, D.A-N., (1993), *The Partisans and the War in Italy*, Nova Iorke, Peter Lang; REVELLI, M., (1995), *Fascismo-antifascismo. Le idee, le identitá*, Florencia, La Nuova Italia; BOSWORTH, R., (1998), *The italian dictatorship: problems and perspectives in the interpretation of Mussolini and Fascism*, Londres, Arnoldi.

[76]HOFMMAN, P., (1977), *The History of the German Resistence: 1933-1945*, Cambridge, Cambridge University Press

[77]MERSON, A., (1985), *Communist resistance in Nazi Germany*, Londres, Lawrence and Wishart; MÜLLER, K.J., (1987), *The Army, Politics and Society in Germany, 1933-45. Studies in the Army's Relation to Nazism*, Manchester, Manchester University Press; KLEMPERER, K. von, (1992), *German Resistance agaisnt Hitler: the search for Allies Abroad, 1938-1945*, Oxford, Oxford University Press; GALANTE, P.; SILIANOFF, E., (2002), *Operation Valkyrie: the German general's Plot agaisnt Hitler*, Nova Iorke, First Cooper Square Press; KOEHN, B., (2005), *La resistencia alemá contra Hitler, 1933-1945*, Madrid, Alianza Editorial

converténdose irremisiblemente na historia da evolución dos partidos de esquerda portugueses. As mudanzas e escisións do partido comunista, a reorganización do socialista e a resistencia político-militar dos sectores do republicanismo, o *reviralhismo*, o *Movimento de Unidad Nacional Antifascista* (MUNAF) e o *Movimento de Unidad Democrática* centran a análise. A lectura da resistencia acostuma a facerse dende un punto de vista elitista: cúpulas que organizan golpes pacegos, líderes políticos e sindicais que levan os fíos, co caso senlleiro do comunista Álvaro Cunhal, conspiradores militares... e céntrase nos momentos heroicos nos que esas elites tentaban organizar revoltas a través da súa influencia no movemento estudiantil e obreiro e, especialmente, no seguimento e explicación do golpe de estado militar do 25 de abril de 1974[78].

En España que o ditador morrese "na cama" remitiu ao estudo da resistencia a un lugar moi secundario con respecto ás demais historiografías europeas comentadas. Evidentemente este dado evidencia a consistencia e solidez do réxime imposto polo xeneral Franco e, en consecuencia, á febleza da oposición. Ademais, ao contrario que no caso da resistencia francesa ou italiana, a española non forma parte da identidade democrática, por iso a "memoria do antifranquismo" está aínda por facer. Estes aspectos, xunto ao efecto profiláctico do "pacto do esquecemento", provocaron que só a partir de finais da década dos oitenta a historiografía se achegara ao estudo da resistencia, permitindo puntualizar e matizar a condición de "afín" que a maioría da poboación española se granxeara na memoria colectiva.

Para o ámbito español, a aplicación desta concepción de "resistencia" e da metodoloxía que leva aparellada, permitiu avanzar no mellor coñecemento das organizacións e grupos que loitaron en contra de Franco e o sistema que impuxo, especialmente os xurdidos no exilio a través da actividade de políticos ou intelectuais que conseguiron interaccionar con grupos no interior, e a que abrollou no mundo obreiro e universitario[79]. Os estudosos que se ocupan da resistencia organizada fano, por efecto da conceptualización de resistencia empregada, sobre todo ao longo dos anos sesenta e setenta, cando o descontento dos grupos estudados se converte nun factor decisivo da vida política, xa porque a conflitividade social adquire unha dimensión esplicitamente

[78]ROSAS, F., (2003), "La oposición a la dictadura militar y al Estado Novo (1926-1974). La larga marcha de las izquierdas portuguesas", *Studia Histórica. Historia Contemporánea*, 21, pp. 137-154; FARINHA, L., (1998), *O reviralho: revoltas republicanas contra a ditadura e o Estado Novo: 1926-1940*, Lisboa, Estampa; FARIA, C., (2000), *As lutas estudiantís contra a Ditadura Militar: 1926-1932*, Lisboa, Colibrí

[79]A relación sería extensa, cabe citar entre outros, FERNÁNDEZ VARGAS, V., (1981), *La resistencia interior en la España de Franco*, Madrid, Itsmo; os artigos de SOLÉ TURA, HARMUT HEINE, FUSI en FONTANTA, J. (ed.), (1986), *España bajo el franquismo*, Barcelona, Crítica; BABIANO MORA, J., (1995), *Emigrantes, cronómetros y huelgas. Un estudo sobre el trabajo y los trabajadores durante el fraquismo (Madrid, 1951-1977)*, Madrid, Siglo XXI; BENITO DO POZO, C. (1993), *La clase obrera asturiana durante el franquismo*, Madrid, Siglo XXI; MOLINERO, C.; YSÁS, P., (1998), *Productores disciplinados y minorías subversivas. Clase obrera y conflictividad laboral en la España franquista,* Madrid, Siglo XXI; CARRERAS ARES, JJ.; RUIZ CARNICER, M.A., (eds.), (1991), *La universidad española bajo el régimen de Franco (1939-1975)*, Zaragoza, Institución Fernándo el Católico; NICOLÁS MARÍN, E.; ALTED VIGIL, A., (1999), *Disidencias en el franquismo (1939-1975)*, Murcia, Diego Marín Ed; YSÁS, P., (2004), *Disidencia y subversión. La lucha del régimen franquista por su supervivencia, 1960-1975*, Barcelona, Crítica

política, xa porque a oposición organizada vive unha fase de claro crecemento[80]. Como indica Juan Pablo Fusi "foi nos anos sesenta e non antes cando o réxime de Franco tivo que facer fronte a niveis de conflitividade importantes como para afectar decisivamente á vida pública e á dinámica política do propio réxime. Esta conflitividade tivo unha manifestación cuádruple: laboral, estudiantil, rexional e eclesiástica" (Fusi, 2000:160). Manifestacións, folgas e a acción dos sindicatos clandestinos son obxectos nucleares da análise, de aí que o mundo urbano se convirta no espazo prioritario de estudo, nomeadamente Barcelona, Madrid, País Vasco e Asturias[81].

O único episodio da resistencia ao franquismo que supera estes límites temporais, esas formas de protesta e a natureza urbana é o fenómeno da guerrilla. Numerosos estudos se teñen centrado no estudo dos *maquis* nos últimos anos, o que permite escapar de visións de primeira hora elaboradas por persoas afíns ao réxime e tamén posibilitan a crítica dos traballos realizados por persoas vencelladas coa loita guerrilleira. A bibliografía existente actualmente permítenos coñecer con bastante fiabilidade parámetros idénticos aos da *Résistance* francesa[82]. Unha situación que se reproduce para casos como o dos *andartes* na Grecia ocupada ou para o dos xa mencionados partisanos italianos[83].

O estudo deste tipo de "resistencia" non está obsoleto en absoluto e, de feito, na maior parte dos países de Europa occidental onde se desenvolveu debe aínda facer fronte a retos importantes. O primeiro e máis capital é o de levar a cabo un exercicio de historia comparada. É necesario realizar estudos comparados, especialmente pertinentes se temos en conta o factor homoxeneizante que foi a ocupación nazi para moitos deles, que vaian máis alá do usual contexto nacional no que se circunscriben. Moitas

[80] A folga xeral de Barcelona de 1951 funciona como fito fundacional no estudo das protestas colectivas, aínda que a vaga maioritaria de conflitividade dátase entre 1959 e 1962 a raíz do novo sistema de relacións laborais introducido pola Lei de Colectivos de 1958 e a partir do 1963-1964 no caso das axitacións estudiantís.

[81] Cabe destacar o bo coñecemento que existe sobre a conflitividade en Asturias, especialmente das folgas de 1962 a través das obras coordenadas por R. Vega García. Vd. VEGA GARCÍA, R., (coord.), (2000), *Hay una luz en Asturias... Las huelgas del 1962 en Asturias*, y (2002), *El camino que marcaba Asturias. Las huelgas de 1962 en España y su repercusión internacional*, Oviedo, Ed. Trea, Fundación Juan Muñíz Zapico

[82] O atractivo da temática acercou a autores con formación e metodoloxías moi diferentes cara ao seu estudo, e, igualmente, con moi distinta fortuna. A eles uníronse nos últimos anos os protagonistas do propio movemento guerrilleiro a través de numerosas biografías e memorias. Sen ánimo de exhaustividade cabe citar a MONTAÑÉS, S., (2001), *Maqui. Historia de la guerrilla antifranquista*, Madrid, Temas de Hoy; DOMINGO, A., (2002), *El canto del buho. La vida en el monte de los guerrilleros antifranquistas*, Madrid, Oberón.; HEINE, H., (1980), *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Xerais; ROMEU ALFARO, F. (1987), *Más allá de la utopía: perfil histórico da Agrupación Guerrillra de Levante,* Valencia, Alfons El Magnànim; VIDAL CASTAÑO, J.A-N., (2004), *La memoria reprimida. Historias orales del maqui*, Valencia, Universitat de Valencia; MORENO GÓMEZ, F., (2001), *La Resistencia armada contra Franco: tragedia del maqui y la guerrilla: el centro-Sur de España: de Madrid al Guadalquivir*, Barcelona, Crítica; SERRANO, S., (2001), *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista*, Madrid, Temas de Hoy; YUSTA RODRIGO, M. (2003), *Guerrilla y resistencia campesina. La resistencia armada contra el franquismo en Aragón (1939-1952)*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza

[83] No referido aos primeiros, vd. MAZOWER, M., (1993), *Inside Hitler's Greece: the experience of Occupation, 1941-1944*, Londres EDIT; GEROLYMATOS, A., (1992), *Guerrilla warfare and espionage in Greece 1940-44*, Nova Iorke, Pella

investigacións examinaron "a súa" resistencia como parte da "súa" historia nacional, moi poucas trataron de levar a cabo tentativas de comparación entre Estados[84]. O carácter intimamente nacional das reflexións está vinculado co papel fundamental que os devanditos estudos tiveron no sentido profundo da identidade colectiva. Esa carga ideolóxica, especialmente visible no caso francés, estivo presente no debate historiográfico, igual que nas características das celebracións ao redor das organizacións "resistentes".

Un tema merecedor de profundización é o da lexitimación popular das organizacións da resistencia, ou se se quere, a súa relación coa poboación civil. Sería inxusto non recoñecer os esforzos que está a facer neste senso a historiografía francesa preocupándose nos últimos anos por facer unha "historia social da resistencia", na que o obxectivo central deixa de ser tanto a resistencia en si mesma, organización e accións, para pasar a ser o seu lugar no conxunto da sociedade francesa. Elección que remite a un segundo plano cuestións como as rivalidades e solidariedades entre as diferentes organizacións resistentes, centrándose na análise do influxo da sociedade na resistencia e viceversa[85]. Outro dos desafíos que se presenta é abordar dúas zonas de sombra que aínda presenta a investigación, comúns ao conxunto das historiografías, incluída a prolífera francesa: o papel da poboación rural e o da muller. Rexistrouse un interese crecente por afondar no rol desenvolvido polas mulleres na resistencia antifascista, pero continúa recibindo unha consideración de suxeito secundario e adxacente, tanto na análise das tarefas desempeñadas por elas nas organizacións coma nos seus graos de compromiso político e ideolóxico, ademais de ser maioritario un tratamento centrado en destacar individualidades. Así, todo remite á excepcionalidade. O estudo do papel da muller na resistencia ao fascismo europeo como "resistente" por dereito propio e a significación que para elas mesmas e para o conxunto da sociedade tiña ese compromiso, polo tanto, o seu salto á escena política, está aínda por escribir[86].

A cuestión da resistencia do e no mundo rural é, como acertadamente noutou Laurent Douzou "...le plus souvent assimilée á une Résistance du monde rural en question" (Douzou, 1999:108). Saír dos discursos convencionais sobre a poboación rural que durante moito tempo permaneceron vixentes ditados por *a priori* ideolóxicos e políticos foi, e está a ser, o primeiro paso para a realización de investigacións

[84]Este aspecto é destacado na introdución realizada por Bob Moore, editor dunha das obras que mellor deixa ver o interese que ten o exercicio da historia comparada, malia tratarse unicamente da publicación conxunta de artigos xustapostos adicados ao estudo da resistencia en cada país, MOORE, B., (ed) (2000), *Resistence ... opus cit.*, pp. 10-11; Outro exemplo desa tentativa comparativa, en KIRK, T.; McELLIGOTT, A. (ed.) (1999), *Opposing Fascism. Community, Authority and Resistence in Europe*, Cambridge, Cambridge University Press. No camiño do que debe ser este esforzo está KORNETIS, K., (2003), "¿Un 68 periférico? Reflexiones sobre un análisis comparativo de la resistencia estudiantil en los régimenes autoritarios de la Grecia de los coroneles y de la España tardofranquista", *Studia Histórica. Historia Contemporánea*, 21, pp. 83-112

[85]Sobre a necesidade e a intencionalidade desta proposta, PROST, A., (1997), "Résistance et société:... *op cit*, pp. 1-2

[86]Achegamentos moi acertados á historia da muller na resistencia en ROSSITER, M., (1986), *Women in the Resistence, 1940-1944*, Nova Iorke, Praeger; WILLSON, P. (1999), "Saints and heroines: re writing the history of Italian women in the Resistence", en KIRK, T.; McELLIGOTT, A. (ed.), *Opposing... opus cit*, pp. 180-198; ANDRIEU, C. (1997), "Les résistantes, perspectives de recherché", *Mouvement Social,* 180, pp. 69-94

e interpretacións rigorosas sobre o papel do campesiñado na resistencia organizada de carácter político, teña carácter armado ou non. As dificultades de fontes e de metodoloxías apropiadas son un obstáculo que este tipo de estudos non puideron evitar á hora de achegarse ao mundo rural e é, en moitos sentidos, o seu principal reto a bater[87].

Ademais destas feblezas xerais o caso da resistencia ao franquismo adoece de estudos que nos acheguen de maneira máis definitiva aos ámbitos laboral e cultural. Coñécense algo das estratexias das organizacións antifranquistas, das tensións entre os seus líderes, etc. pero falta moito por saber da acción militante cotiá: sobre como se transmitía o antifranquismo, recuperar a memoria dos cadros baixos e medios das organizacións, etc. porque só isto permitirá coñecer a importancia real e o calado da oposición ao franquismo. Ademais poñerá en camiño un proceso de recuperación da memoria do antifranquismo, imposibilitada ata agora porque a atención está unicamente dirixida ao estudo de personalidades, de próceres, o que inhibe a atención que merecen os cambios existentes na sociedade[88]. Ancorarse en traballos que se adiquen a subliñar o papel das individualidades relevantes acaba por supoñer a banalización do antifranquismo. E esto, a súa vez, repercute no proceso de banalización do que foi o tardofranquismo e que ten como conclusión a presentación da instauración do réxime democrático como algo desevencellado e alleo á mobilización social e desligar a posta en crise da ditadura do ascenso da democracia.

A vixencia destes traballos sobre a resistencia é evidente, pero, malia a súa pertinencia, amósanse insuficientes para dar conta do conxunto de actitudes exemplificadoras da "non adhesión" aos réximes políticos fascistas. A imaxe que a aplicación desta categoría ríxida de "resistencia" devolve é a dun grupo pouco numeroso e moi concreto de persoas envolvidas nunha loita armada clandestina, a de axentes secretos, a de cadros políticos opositores tecendo actuacións de sabotaxe contra o goberno opresor e colaborando co persoal no exilio, a de asasinatos políticos e similares. É pois, o reflexo da historia, da verdade e da memoria dunha minoría, dun pequeno grupo, que non acada o 1% da poboación dos seus respectivos países, que actuaron como "heroes" (Lüdtke, 1995) e enfrontáronse organizadamente e/ou de xeito armado contra o fascismo.

Polo tanto, as limitacións que presenta o achegamento á historia da resistencia dende o punto de vista puramente político e priorizando aquela que é claramente

[87]Evidentemente hai excepcións, estudos que souberon enfocar o papel da guerrilla inscribíndoa na análise global das comunidades rurais, é dicir, que tiveron moi presente o contexto no que xurdiu e sobreviviu o fenómeno, como o traballo de KEDWARD, H.R., (1993), *In search of the Maquis: Rural Resistance in Southern France, 1942-1944*, Oxford, Clarendon Press; LABOIRE, P., (1990), *L'opinion française sous Vichy*, Paris, Seuil, ou para o caso español o traballo de YUSTA RODRIGO, M., (2003), *Guerrilla e resistencia campesiña... opus cit.* Traballos que superaron o tópico do caracter sumiso e servil dos sectores rurais, incapaces doutra cousa que o pasivo acatamento do *statu quo* imposto polas políticas fascistas e demostran a súa condición de resistentes politizados no caso do Salazarismo, GODINHO, P., (2001), *Mémorias dá Resistência Rural non Sul. Couço (1958-1962)*, Oeiras, Celta; SILVA, M.C., (1995), *Resistir e adaptarse. Constrangimentos e estratégias camponesas non Noroeste de Portugal*, Porto, Afrontamento.

[88]Perfectamente definidos en SANCHEZ RECIO, G., (2003)), "Inmovilismo político y cambio social en los años sesenta", *Historia Contemporánea*, 26, pp. 13-33

visible e organizada son evidentes. Esta constatación, unida ou paralela ao interese suscitado nas diferentes historiografías europeas por coñecer máis en profundidade as actitudes da poboación que viviu baixo os réximes fascistas e fascistizados xerou unha fructífera discusión sobre a cuestión da "resistencia". Un debate que ocupa un lugar central nas polémicas mantidas polos estudosos de ditos réximes nas últimas dúas décadas, o que produciu unha cuantiosa bibliografía que renovou completamente tanto os aspectos teóricos como a metodoloxía tradicionalmente empregada para o seu recoñecemento e comprensión. Novos suxeitos, novos conceptos e novos contextos chamaron a atención dun grande número de historiadores de xeito recorrente. A controversia inicial e máis decisiva xorde a partir da propia definición do concepto de "resistencia". Establecer que significado é o que debe acoller este significante é a cuestión central do debate e sobre iso pivota a revisión historiográfica. Evidentemente o nivel de renovación e os parámetros seguidos para conquerila non son os mesmos en tódalas historiografías, como tentaremos amosar, pero estas diferentes vías de renovación desembocaron unanimemente en conferir amplitude ao obxecto de estudo e en reparar no seu matiz multidimensional, subliñando ámbitos que permanecían alleos ao interese historiográfico como era o caso da "resistencia civil".

3.1 A "resistencia civil": ¿sociedade *versus* política?

Partimos, xa que logo, de diferenciar "resistencia" e "oposición". Verbas que se teñen usado como sinónimos en innumerables ocasións ata levar a equivoco, pero que os dicionarios se encargan de diferenciar. Segundo o Diccionario[89], "resistir" ten como unha das principais acepcións a de "durar, non terse destruído, morto ou inutilizado unha cousa ou persoa malia o paso do tempo ou doutras causas destructuras"; e a de "aguantar, sufrir, soportar, manterse con sufrimento ou molestia sen sucumbir ou sen pronunciarse ou sen procurar poñerlle término". Porén, por "oporse" enténdese "plantar cara, afrontar, argüir, presentar batalla, facer a contra, contradicir, contrapoñer, desaprobar, enfrontarse, frear, impedir, interpoñerse, interferir, ir contra, loitar, obstaculizar, refutar". O salto cualitativo é evidente.

Michael Richards insiste nos signos que desminten a pasiva e masiva aceptación do réxime franquista por parte do conxunto da poboación española cando afirma que "a miúdo, organízase e simbolízase unha resistencia á marxe da actividade política. En tempos de Franco, a educación, a relixión, a prensa, a radio e a censura da literatura tiñan como obxecto a despolitización da conciencia social. E inevitablemente a resistencia configurouse en conformidade co alcance deste réxime...o rexeitamento acadou expresarse a través dunha especie de cinismo popular, articulado entre as rendixas da retórica oficial..." (Richards, 1999:165-166). Con esta reflexión asenta, aínda que sen mencionalo, o significado do concepto "resistencia civil". Trátase dun termo que resulta moi útil para describir e analizar os diferentes ámbitos nos que se debate a imposición dunha determinada hexemonía sociocultural e política sobre os diversos colectivos sociais. Deriva da concepción de Gramsci de "sociedade civil"

[89] *Diccionario María Moliner*, Ed. Gredos. (Consultada a versión de 1983)

no estudo do protagonismo dos diferentes grupos sociais, especialmente os subalternos, dentro da súa reflexión sobre as dinámicas colectivas sometidas a procesos de dependencia e marxinalidade polo poder hexemónico.

Gramsci distingue entre "sociedade política", a representada polos aparatos de coerción que obrigan aos diversos sectores dunha determinada formación social a aceptar a lóxica da súa forma de produción económica, e a "sociedade civil". Na trama da sociedade civil sobreviven e coexisten a defensa daqueles intereses clara e abertamente colectivos coas preocupacións e as accións dunha máis ampla solidariedade entendida esta última, como "a habilidade dos individuos a responder e a identificarse cos outros sobre a base do mutualismo e a reciprocidade, sen ter que intercambiar a mesma cantidade de apoio, sen ter que calcular as vantaxes individuais, e, sobre todo, sen que eso sexa obra da compulsión" (Cohen e Arato, 1995: 472).

Esta distinción ten valor analítico e é pertinente porque deslinda o xenericamente social do poder político. Se algo queda claro da tese gramsciana sobre a sociedade civil, é o recoñecemento inequívoco que este fai da importancia e da solidez que esta acada nas sociedades occidentais e da resistencia que, ao mesmo tempo, esta ofrece a todas aquelas tentativas de cambios revolucionarios, precipitados ou violentos. No seo da sociedade civil xéranse, consolídanse ou desfanse tradicións; anúlanse, fortalécense ou erosiónanse múltiples solidariedades; confórmanse, redefínense ou esvanecen un sinnúmero de identidades. A sociedade civil remite a procesos relacionados ou illados, de transmisión cultural (legado de valores, crenzas e normas), de integración social (cohesión que serve de base para o desenvolvemento de accións conxuntas ou colectivas) e de acompasada ou desfasada socialización (é dicir, incorporación progresiva, nos individuos, deses diversos contidos culturais que poden permitir a eclosión de sentimentos de pertenza e adhesión a un "nós" parcial sempre redefinible).

É posible afirmar que nas súas diversas e sucesivas formulacións, a noción de sociedade civil enfrontou unha concepción de civilidade polémica coas prácticas e representacións do poder predominantes no seu momento histórico, a da irredutibidade da vida social e cultural fronte ás tentativas de control e de subordinación por parte dun poder central, monopolizador da iniciativa e da accción política. Nos procesos de transición democrática experimentados en sociedades de América do Sur que padeceron durante a década dos setenta o exercicio de gobernos de corte militar, como naquelas outras sociedades de Europa do Leste con réximes comunistas, o estandarte da sociedade civil chegou a simbolizar a resistencia de sectores subalternos ou excluidos á arbitrariedade do poder político ou militar. En ámbolos casos, o protagonismo da chamada sociedade civil estivo ligado á mobilización de actores que non tiñan inxerencia ou participación activa nun xogo político que os excluía, oprimía ou satelizaba. Sen pretender enfrontar á ditadura na área propiamente política, buscaríase máis ben reforzar as solidariedades social e cultural para reconstruír, dende as súas bases, unha sociedade civil organizada e autónoma. Nas últimas concepcións de sociedade civil esta tórnase a canteira na que se prefiguran, e con frecuencia se configuran, as

orientacións e as actuacións dos cidadáns, ou dos futuros cidadáns, en relación coa economía e co poder[90].

Partindo desta concepción, imos empregar o de "resistencia civil" para englobar todas as formas de resistencia que imos tratar. Esta noción nomea formas de loita que non implican o uso de armas. Deste modo, diferénciase da disidencia individual, illada, puntual, e non acumulativa, por un lado, e das formas de resistencia política que inclúen a acción militar, por outra. Esto non implica que a resistencia civil esixa a aceptación dunha "ética non violenta" (Randle, 1998:25), pero diferénciaa como fenómeno social da insurrección armada. A "resistencia civil" pode definirse como a resistencia protagonizada por actores sociais mediante medios xurídicos, económicos, culturais e políticos alén da loita armada[91].

Na nosa opinión a importancia deste concepto radica en abranguer aquela resistencia que non implica a existencia dunha conciencia política como motivadora da acción, senón que recolle as accións derivadas de descontentos puntuais e relacionados máis intimamente coa esfera do social (laborais, condicións de vida, etc.) nos que a concienciación aparece á maneira de proceso e aprendizaxe. É dicir, nos actos e actitudes definidos dentro da "resistencia civil" a existencia dunha opción política contraria a aquela contra a que se dirixen non é unha premisa inicial senón máis ben un corolario ou evidencia dunha evolución. Así o evidenciou Woodhouse para o caso da resistencia grega a ocupación nazi. No seu clásico estudo explica como as orixes da resistencia civil son máis de tipo socioeconómico, amosando que eventos que teñen pouco que ver con ideoloxías e partidos políticos, como a experiencia da Campaña de Albania de 1940-41 ou a carestía e o mercado negro, provocaran un tremendo cambio na sociedade detrás do que estaba a emerxencia da resistencia civil[92]. Convimos totalmente co apuntado por X. Doménech, "as motivacións para iniciar un conflito existen, pero de forma demasiado complexa, contraditoria e interconectada para reducilos a un binomio interpretativo do tipo: orixe económica e consecuencias políticas. Non é estrano baixo o franquismo ver como unha protesta empeza por unhas causas e cambia de natureza no seu decurso por múltiples factores: represión, comprobación da realidade das forzas, etc. (Doménech, 2002:142).

[90] O devalar do concepto "sociedade civil" e o seu uso para períodos definidos pola transición democrática dende ditaduras en FERNÁNDEZ, O., (1997): "Los avatares de la noción de sociedad civil", *Boletín Electoral Latinoamericano*, nº XVII, pp. 79-96 (versión dixital).

[91] Entre a casuística que exemplifica esta noción de "resistencia civil" pode citarse a resistencia do pobo finés á dominación rusa a finais do século XIX, a resistencia checoslovaca á invasión das forzas do Pacto de Varsovia en agosto de 1968 e, máis recentemente, a loita do pobo albanés de Kosovo contra a dominación serbia. Os diferentes autores que estudaron estes episodios tomaron en conta tanto as mobilizacións protagonizadas "polos de abaixo", como as realizadas dende postos "altos" da sociedade, caso dos chamamentos de líderes políticos apelando a resistir á poboación, e mesmo as mobilizacións "dialéticas" de certos actores sociais situados nos dous vértices do escalafón social. Un estudo máis detallado en SEMELIN, J. (1989), *Sans armes face à Hitler: la résistance civil en Europe*, 1939-1943, París, Payot

[92] WOODHOUSE, C.M., (1948), *Apple of discord. A survey of recent Greek Politics in their International Setting*, Londres citado en MAZOWER, M., (1999), "Structures of authority in the Greek resistence, 1941-1944", en KIRK, T.; McELLIGOTT, A., (ed.), *Opposing Fascism. Community, authority and resistence in Europe*, Cambridge, Cambridge University Press, pp. 120-132

Xa que logo, entendemos que a concienciación política é un proceso de aprendizaxe para o suxeito e a conflitividade opera como escola. De aí que a nosa opción para achegarnos ao coñecemento da resistencia civil se basee nun estudo inicial sobre a conflitividade. A resistencia civil é o resultado da conflitividade social no marco dun Estado pechado e falto de liberdades como era o franquista. Eso si, sen perder de vista que converter a concienciación e a politización dos protagonistas da conflitiviade nun "non a priori" non redunda en afirmar a súa inexistencia, senón en non recoñecela como condición indispensable como elemento previo ou de substrato.

3.2 De "Resistencia" a "Resistencias"

"¡A resistencia! ¿Onde estaba entón a nosa resistencia?...se no momento dos arrestos en masa, por exemplo en Leningrado,...a xente permaneceu na súa casa, morta de medo cada vez que a porta de entrada se abría..., nós temos ben merecido o que nos pase!" (Soljenitsyne, 1974:24).

Esta reflexión sobre a falta de resistencia ante o Réxime de Stalin por parte da poboación rusa feita por Alexandre Soljenitsyne, corrobora, como comentamos, a posición teórica ata non fai moito tempo dominante na historiografía á hora de valorar ou percibir a actitude da poboación baixo o réxime estalinista e os fascistas ou análogos. E, por suposto, é unha boa mostra do sentimento colectivo que embarga a memoria dos que viviron baixo a éxida destes réximes obsesionados polo control total da súa poboación sen ser protagonistas dunha épica resistencia política e un martirio heroico. Que moitas desas ditaduras non tivesen a súa fin nunha revolta ou nun ciclo de protestas non parece deixar dúbidas sobre a pasividade da sociedade. Para a maioría dos autores, a ausencia de resistencia política ou "a cínica mentalidade da mera supervivencia, da pasividade e do conformismo" (Mommsen, 1992:126) da sociedade civil reforzou os valores e ideais hexemónicos. ¿E se non como explicar que non houbese un rexeitamento masivo a ditos réximes e aos seus dirixentes, como encaixar que non se puxese en marcha a oposición política de inmediato, ou como entender se non esa indiferenza xeralizada?[93]

Non houbo resistencia organizada contra o nazismo en Alemaña sentenciaba Dietrich Orlow (1973:24) "só se oíu algún que outro gruñido desorganizado". O estudo deses "gruñidos desorganizados", dos "graos de ineficacia do Réxime", en palabras de Merle Fainsod (1979), pasaron a congregar o interese de toda unha serie de investigacións que tiveron no estudo das actitudes sociais destas sociedades o seu eixe. Porque a poboación non se divide entre resistentes e colaboradores, estas son categorías insuficientes para enmarcala. As liñas de ruptura son moito máis sutís. Se a humillación e explotación dos vencidos se realizou mediante unha complexa interacción da violencia institucional, ideoloxía, relixión organizada, economía e privación

[93] Como xa se ten preguntado, entre outros, MORENO LUZÓN, J., (1990), "El estudio de los apoyos sociales del franquismo. Una propuesta metodológica" en, CASTILLO, S. (coord.), *La historia social en España. Actualidad y perspectivas*, Madrid, Siglo Ventiuno, pp. 541-543

social non se debe menos que recoñecer a utilidade do desbordamento sufrido pola categoría de resistencia, útil en tanto que sinala a presenza do poder en moitas formas diferentes de relación e de acción. A natureza complexa dos réximes políticos autoritarios produce un amplo e variado abano de formas de oposición, e se se acepta que a "resistencia" non é o resultado dunha decisión estática, senón dun proceso, desenvolvido en resposta a diferentes circunstancias, é posible comprender a diversidade de naturezas, obxectivos e intensidades dás formas de protesta non tempo. Esta constatación supuxo o desbordamento do obxecto de estudo, superando, ou se se quere, complementando, o ámbito de resistencia organizada, política e activa, para colocarse nun campo moito máis amplo no que "as zonas de evasión, de ignorancia recíproca entre goberno e gobernantes, espazos de autonomía da opinión pública...a impermeabilidade das culturas populares..." (Werth, 1999:147) teñen cabida.

Dentro desta corrente de estudos que provocaron a ruptura epistemolóxica destacan especialmente as achegas realizadas dende o ámbito dunha renovada historia social e da Antropoloxía, concretamente os aportes da Escola da Vida Cotiá Alemá (*Alltagsgeschichte*) e da corrente xerada a partir dos traballos de James C. Scott sobre a "resistencia cotiá".

A historiografía alemá foi a primeira en acometer a mudanza, de aí que hoxe conte cun abundante volume de estudos adicados á resistencia civil e sirva de referente para outras historiografías. A reforma veu da man dunha das liñas de renovación da Historia social alemá, a "Historia da vida cotiá"[94]. Esta escola, nacida nos anos setenta, propón a recuperación do suxeito intencional reaccionando contra as interpretacións estruturalistas e funcionalistas clásicas poñendo en valor as accións e decisións que os individuos ordinarios protagonizan no seu existir diario e cotiá. Esta atención cara as actitudes sociais e o interese polo "home común" como obxecto vertebraron toda unha serie de investigacións que amosaron o seu potencial renovador na súa aplicación ao estudo do período nacionalsocialista. Importantes proxectos de investigación, como os realizados para a zona do Rühr baixo a dirección de L. Niethammer ou para Baviera con M. Broszat, e os traballos de autores como D. Peukert, I. Kershaw ou A. Lüdtke, baixo os presupostos desta tendencia, conseguiron rachar con vellas interpretacións, xa non só arredor das actitudes e dos comportamentos da poboación senón sobre a natureza mesma do nazismo, entendéndoo como un fenómeno non meramente político senón como unha experiencia social[95].

A *Alltagsgeschichte*, retomando os plantexamentos de E.P. Thompson sobre a economía moral, redimensionou o concepto de "resistencia", reparando nas pequenas rebeldías cotiás. Considerou modalidades de oposición e de resistencia civil que ata entón se desbotaran por non ser organizadas e con fins especificamente políticos, con-

[94]LÜDTKE, A., (1994), *Histoire du quotidien*, París, Maison de Sicences de l'Homme; LÜDTKE, A., (1995), "De los héroes de la resistencia a los coautores. "Alltagsgeschichte" en Alemaña", *Ayer*, 19, pp. 49-69; DE TORO MUÑÓZ, F. M., (1996), "Historia social de la resistencia alemá al nazismo", *Historia Social*, 26, pp. 129-140; BALDWIN, P., (1990), "Social Interpretation of Nazism: Renewing a Tradition", *Journal of Contemporary History*, 25, pp. 5-37

[95]KERSHAW, I. (1983), *Opinion and political dissent in the Third Reich: Bavaria, 1933-1945*, Oxford; PEUKERT, D, (1987) *Inside Nazi Germany. Conformity, Opposittion and Racism in Everyday Life,* New Haven, Yale University Press

seguindo integrar na análise unha grande diversidade de manifestacións, evitando os reducionismos apriorísticos. Os autores adscritos a esta viraxe interpretativa sentaron as bases para integrar na análise unha vasta paleta de comportamentos sociais que, se ben están afastados de formar parte desta oposición, amosáronse igualmente distantes de estear a idea dunha sociedade dócil e sostedora incondicional do sistema político imposto por Hitler. Mommsen sintetiza a renovación historiográfica ocorrida como a primeira ollada cara a resistencia "en todas as formas de expresión de consenso antifascista... considerando o espectro enteiro de actividades de oposición cara ao intento de penetración por parte do réxime nacionalsocialista na sociedade" (Mommsen, 1992:113).

A resistencia perante ou Terceiro Reich converteuse nun obxectivo central do debate académico (e social), especificamente, a partir da publicación do traballo de Martin Broszat, que cuestiona o axioma establecido polos estudos clásicos sobre a ausencia de resistencia ao nazismo por parte da poboación alemá, en virtude da aplicación da conceptualización e metodoloxía propostas. Calquera debate sobre o papel histórico da resistencia visto dende a perspectiva ofertada por esta liña da Historia social alemá provoca discusións sobre ditos parámetros obxecto de redefinición. De feito, a primeira gran dificultade albiscada refírese a concreción do propio concepto de "resistencia" para convertelo nun termo funcional cunha definición o suficientemente aberta e ampla para dar cabida ás actitudes de non conformidade existentes na sociedade, que inclúen os casos menos heroicos de parcial, pasiva e ambivalente resistencia. A adopción do concepto funcional introducido para o nacionalsocialismo por Martin Broszat de *resistenz* foi a opción maioritariamente admitida en tanto que posibilita contemplar comportamentos colectivos e individuais como a non conformidade, o descontento, o consenso parcial ou os diversos graos de protesta, que non están rifados con certa acomodación ou adhesión a determinados valores ou decisións do réxime. *Resistenz* é, pois, todo aquel comportamento revelador da colocación dun límite ao control total pretendido polo poder, que pode perfectamente coexistir co que el denomina *winderstand*, a oposición radical e determinada contra o sistema político[96].

As críticas a esta liña interpretariva, xeralmente, combinan reproches a nivel das súas premisas ideolóxicas, denunciando que o afán exculpatorio e reivindicador estaría moi presente na revisión historiográfica, e obxeccións no eido máis epistemolóxico e metodolóxico. Centrarémonos agora en enunciar as condenas que recibe pola súa "politización" por tratarse de cuestións específicas do caso alemán, mentres que será posteriormente, a modo de balance, cando nos ocupemos das censuras "de fondo" por

[96]BROSZAT, M., (1991), "A Social and Historical Typology of the German Opposition to Hitler", en LARGE, C., (ed.), *Contending with Hitler. Varieties of German Resistance in the Thrid Reich*, Cambridge, German Historical Institute, Cambridge University Press, pp. 25-33. Coincidente coa definición de Broszat está a de Kwiet, que, se cabe, é aínda máis rotunda. Este autor, xusto ao contrario ca nós, define "resistencia" como organización política antifascista, e "oposición" como comportamento non conformista e non compracente, vd. KWIET, (1991), "Resistence and Opposition: the exemple of the German Jews", en LARGE, C., (ed.), *Contendig with Hitler... op cit.*, pp. 65-74, pp. 65-66. Unha opción análoga é a ofrecida por Linda Raby para o estudo do salazarismo. RABY DAWN, L., (1988), *A resistencia antifascista em Portugal 1941-74,* Lisboa, Salamandra, p. 15.

tratarse, como veremos, de críticas xenéricas cara o conxunto de vías de renovación do estudo das "resistencias". Algúns autores, nomeadamente os seguidores da Escola de Bielefeld, acusan á Historia Cotiá alemá de ter unha marcada impronta ideolóxica que favorece uns resultados que posibilitaban situar á poboación alemá lonxe da identificación co réxime nazi ou do sentimento de culpa polo seu pasado. Desvíase a atención cara aos aspectos "normais" da vida baixo o fascismo e cara á indiferenza da poboación, en lugar de preguntarse polo compromiso e o apoio prestados aos sistemas fascistas, dando así a impresión de que estes non contarían cun apoio masivo[97]. Segundo os seus detractores, a revisión historiográfica faise "a carta" das necesidades de pechar a ferida do nazismo que ten a sociedade alemá, para crear unha memoria oficial que redima á maior parte da poboación alemá que se involucrou directamente co réxime.

O eventual transfondo político non impide recoñecer a valía desta renovación historiográfica. Na nosa opinión, conseguiu desmitificar a resistencia entendida en termos clásicos, demasiado intencionalista e restritiva, reparando na complexidade das condutas sociais, e posibilitou o recoñecemento das accións que amosaban un comportamento non conformista na esfera privada ata recoñecerlles a relevancia que tiveron dentro da sociedade alemá, sen deixar de contemplar detalladamente os compromisos e os graos de colaboración nos diferentes grupos sociais. Non apuntan cara a "rehabilitación" do conxunto da poboación alemá que viviu o nazismo nin cae no "xustificacionismo" da sociedade, senón que demostran que o coñecemento da relación entre fascismo e loita política organizada (armada ou non) non é xa suficiente porque non axuda a comprender como viviu ese período e os diferentes acontecementos a maioría da poboación comprometida de moi diferentes xeitos con esas dúas opcións, e as reaccións que esa pugna suscitou. En ningún caso se anula a responsabilidade da poboación nos crimes acaecidos. Sería reducionista considerar o conxunto de problemas plantexados pola crítica como unha simple derivación dun perfil ideolóxico ou político sen recoñecer os seus logros historiográficos.

A maiores, sería a todas luces inxusto non recoñecer que, dentro do que é o estudo "clásico" da resistencia o esforzo tamén debe encamiñarse a emancipar a historia da ideoloxía e separar as razóns da verdade histórica das esixencias da razón política. As razóns ideolóxicas e os fins políticos estiveron detrás da construción historiográfica clásica. Como menciona R. De Felice para o caso italiano, tratábase de "lexitimar a nova democracia co antifascismo ou a esquerda comunista coa democracia" (De Felice, 1996:45). A resistencia organizada e política foi desfigurada por unha historiografía que a ten reducido a obxecto de culto, tanto en Italia como, sobre todo, en Francia coa xeneración de estudosos pioneiros como H. Michel ou H. Noguères, moi marcada pola memoria e a forza do compromiso ideolóxico.

Alemaña posúe a primacía e a condición de pioneira, pero non a exclusiva desta liña interpretativa anovada. En Francia o pioneiro e definidor da "resistencia civil" foi Jacques Semelin, que realizou unha análise sistemática da mesma en Europa no

[97]DE TORO MUÑOZ, F. M, (1996), "Historia social de la resistencia alemana al nazismo... *op cit*, pp. 131-132; SAZ CAMPOS, I., (2004), *Fascismo y franquismo*, Valencia, Universitat de Valencia, pp. 101-102

contexto da II Guerra Mundial. El distingue dúas formas fundamentais de resistencia civil, unha despregada e mesmo integrada no proceso bélico, como a axuda da poboación civil á constitución e á protección dos maquis. A outra autónoma con respecto á guerra e que consiste no recurso a formas de mobilización e de non cooperación co fin de preservar e defender obxectivos da sociedade civil. Son formas que non teñen como finalidade a destrución ou a paralización das tropas inimigas senón o mantemento da integridade da sociedade civil, a cohesión dos grupos sociais que a compoñen e o respecto aos dereitos e liberdades considerados esenciais pola poboación. Semelin analiza as formas anónimas e clandestinas que toma a resistencia civil, como o traballo lento, a sabotaxe industrial, a desobediencia á lei sobre o Servizo de Traballo Obligatorio (S.T.O.) ou a protección a persoas perseguidas polo réxime nazi. Tamén identifica expresión desa resistencia que teñen un carácter aberto como as folgas, as protestas ante o sistema xudicial e diversas formas de resistencia de organismos profesionais, educativos, médicos ou culturais[98].

Centrados xa no estudo do caso francés debemos destacar os traballos derivados da corrente "la vie quotidienne", que estudan a vida cotiá dos franceses baixo a ocupación ou durante o réxime de Vichy e que tamén fixaron o seu interese nas formas de resistencia civil. Esta corrente fai uso dunha historia sociocultural alonxada de anteriores mitificacións sobre a *Résistance* e trata de explicar fenómenos conflitivos e silenciados como a colaboración ou a depuración[99]. Nos traballos derivados desta corrente os autores describen as restricións impostas á poboación local, o tratamento dos xudeos polas súas comunidades, as dificultades para o aprovisionamento de alimento, os problemas derivados do sistema de racionamento e ocúpanse do problema do mercado negro[100]. A revisión tamén se ten estendido a outros países, como Italia, Austria ou Rusia. A historiografía sobre os países do Leste na era post-Estalin entrou nestas disquisicións, e converxe á hora de empregar o termo "oposición" para describir aos grupos políticos organizados e as súas accións que funcionan tendo como obxectivo o derrocamento do Estado, e fala de "disenso" para outro tipo de subversións. Á hora de fixar tipoloxías optouse por identificar catro grandes tipos en relación co ámbito no que pretenden ser subversivo: disenso político, económico, nacional e relixioso[101].

Os avances destes estudos posibilitaron que aparezan na actualidade varios temas recorrentes na análise das diferentes resistencias civís europeas: a importancia crucial

[98] SEMELIN, J., (1989), *Sans armes face à Hitler... opus cit*

[99] YUSTA RODRIGO, M., (2003), *Guerrilla y resistencia campesina... op cit*, pp. 11

[100] Un exemplo en SAINCLIVER, J.; BOUGEARD, CH., (1995), (dir.), *La Résistance et les français. Enjeux stratégiques et environnement social*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes

[101] GRACE, E.; LEYS, C., (1989), "The concept of subversion and its implications", FRANKS, C.E.S. (ed.), *Dissent and the State*, Toronto, Oxford University Press, pp.62-85. Froito da revisión realizada para o caso ruso, entre outros, VIOLA, L., (1986), *Peasant rebels under Stalin. Collectivization and the Culture of Peasant Resistence*, Nova Iorke, Oxfor University Press. Para o caso austriaco, HANISCH, E., (1990), "Peasant and workers in their Environment: nonconformity an opposition to National Socialism in the Austrian Alps", en NICOSIA, F.; STOKES, L. (ed.), *Germans against nazism... opus cit*, pp. 175-190. O caso ruso estase a converter nun dos exemplos paradigmáticos a hora de desmentir a regra de tres establecida entre sistemas que non remataron por un ciclo de revoltas e protestas e sociedade pasiva. A fin do socialismo real amosa a forza da resistencia civil e cotiá fronte ás pretensións hexemónicas do poder organizado.

do papel desempeñado polo campesiñado e o mundo rural; as reaccións negativas deste fronte ás políticas económicas do ocupante ou o réxime no poder; e, específicamente, a coexistencia de diversas formas de resistencia, que non se reduce á resistencia armada senón que inclúe a resistencia civil[102].

Malia a riqueza da análise que permite, esta revisión historiográfica enfrontouse e segue enfrontando, grandes dificultades e críticas derivadas de ter exposto esta temática ao esbaradizo marco das percepcións e da subxectividade. Os seus principais detractores son os autores que non están dacordo coa ruptura dos cánones clásicos. Estes non definen como resistencia as actividades e actitudes as que se abriu un espazo na nova definición dando por feito que non eran "en principio" unha protesta contra a ditadura senón un esforzo por tratar de superar os hándicaps e obstáculos debidos a medidas políticas concretas. Autores como Von Klemperer, aseveran que actos de rexeitamento e non conformismo non deberan ser considerados como "verdadeira" resistencia á tiranía[103]. A crítica fai fincapé en que non se trata de actuacións encamiñadas a ameazar o dereito dos sistemas políticos en cuestión a impor novas regras, senón unha ameaza ás novas medidas impostas. Tamén se toma en consideración por parte dos críticos a actuación do propio Estado, en concreto o diferente trato que recibían á hora de ser reprimidos os "resistentes de verdade" con respecto ás persoas protagonistas destas accións, que recibían un castigo máis benévolo[104].

A estas interpretacións críticas coa ampliación do obxecto de estudo xúntanse as doutros historiadores que denuncian que a división das formas de resistencia que se ofertan como referentes non está libre de equívocos, e que a cualificación de moitos comportamentos e actitudes amósase extremadamente complicada. Housden, critica o excesivo relativismo no que esta vertente fai caer o estudo da resistencia, pois, na súa opinión, atende á singular natureza de cada acto, impoñendo "estruturas artificiais nun pantano de accións incomparables e enteiramente diferentes dadas pola experiencia vital única e o carácter de cada autor" (Housden, 1997:166).

Ante estes reproches non se pode negar a falta de "positivismo" da renovación acaecida, o seu carácter interpretativo e mesmo as súas concomitancias con reducionismos propios da postmodernidade. Pero, na nosa opinión, é evidente que se trata da opción máis válida para analizar unha realidade moi complexa. É incuestionable que esta liña interpretativa tende a profundizar, corrixir e aclarar a encorsetada reconstrución clásica. Ter presente na análise a "condición humana", cos seus múltiples estados de ánimo, problemas morais ou de vida material enriquece a interpretación de tal maneira que non é factible negar a súa valía escudándose en que compón un novelo enmarañado con moitos nós por desfacer.

Un dos maiores inconvenientes que ten a revisión é a percepción da intención que hai detrás dos actos de resistencia. O propósito dos individuos e a conciencia de estar levando a cabo un comportamento hostil ou desviado é un compoñente para moitos au-

[102]YUSTA RODRIGO, M., (2003), *Guerrilla y resistencia campesina... op cit*, p.43
[103]KLEMPERER, K. von, (1992), *German Resistance agaisnt Hitler: the search for Allies Abroad, 1938-1945*, Oxford, Oxford University Press, pp. 135
[104]TAYLOR, L., (1997), "The black market in Occupied Northen France... *op cit*, p. 174

tores decisivo á hora de poder aseverar a existencia da resistencia[105]. Esta percepción é moi complicada e, consecuentemente, a súa non aprehensión é unha das maiores debilidades desta proposta historiográfica. Moitas actitudes son ameazas abertas á autoridade e ao control da administración pois supoñen a elección de desobedecer e transgredir unha lei. Así poden ser entendidas e avaliadas como unha protesta contra as disposicións do réxime. Pero outras, a maioría, non levan aparelladas a asunción de non conformidade ou protesta en tanto que concienciación da ruptura das normas establecidas.

A cuestión que agroma é a de poder identificar estas actividades cunha ameaza á autoridade e ao control do Estado sobre a poboación. Os motivos que levaban ao suxeito a resistir non son centrais para a investigación feita dende os parámetros da Historia da vida cotiá. Os autores seguidores desta corrente sobrepuxéronse a este obstáculo ao dar á motivación un posto secundario en relación á importancia moral dos actos e ás posibilidades de conseguir algo[106]. Con esta opción coinciden autores como Robert Gellately, que entende que calquera posta en valor do compromiso dos disidentes debe tomar en consideración a natureza da situación á que se enfrontaban e a envergadura das forzas que se lle opuñan[107]. Remitir a intencionalidade a un lugar non preferente tamén é a aposta dun bo número de sociólogos e etnógrafos que insisten en sinalar que as intencionalidades dos actores desenvólvese a través da praxis, e o que é decisivo é coñecer non os motivantes que desencadean os actos, senón os significados destes actos e as súas consecuencias[108].

Houbo quen non compartía os puntos de vista políticos ou ideolóxicos dos seus dirixentes políticos, que non estaban dacordo coas medidas tomadas, pero isto non foi un factor crucial para o desenvolvemento do proceso de implantación real do réxime se non trouxo consigo actuacións que debilitaran ou imposibilitaran dita imposición e, por tanto, ofreceu cooperación de facto. Pero a resistencia está xusto na situación inversa. Unha das referencias centrais da nosa argumentación está no comentario de Gramsci no que advirte da necesidade de facer distinción entre pensamento e acción, dado que un grupo social pode ter a súa propia concepción do mundo, aínda que sexa embrionaria; esta maniféstase na acción, pero ocasionalmente é en escintilacións[109]. O pensamento dun grupo pode basearse en diferentes concepcións e pode implicar unha aceptación da orde existente, pero as accións poden contradicir dito pensamento. Neste senso, aínda que o grupo social en cuestión poda optar pola ideoloxía do grupo dominante, as súas prácticas poden revelar cando menos un rexeitamento parcial das disposicións derivadas desas ideoloxías[110]. Aínda máis, o repudio completo da ideoloxía dominante non ten por que traducirse de forma automática nun enfrontamento organizado e aberto. Estamos, por tanto, ante un obstáculo, o da aprehensión en todas

[105]FEGAN, B., (1986), "Tenants. Non-violent resistence to landower claims in a Central Luzon Village", *Journal of Peasant Studies*, 13, 2, pp. 87-106
[106]DE TORO MUÑOZ, F. M., (1996), "Historia social de la resistencia... *op cit*, p. 136
[107]GELLATELY, R., (2004), *La Gestapo y la sociedad alemana. La política racial nazi (1933-1945)*, Barcelona, Paidós, pp. 222
[108]ORTNER, S.B., (1996), "Resistance and the problem of... *op cit*, p. 283
[109]GRAMSCI, A., (1971), *La política y el Estado moderno*, Barcelona, Península, p. 327
[110]EDWARDS, P.K.; SCULLION, H., (1987), *La organización social del conflicto... op cit*

as súas dimensións da intencionalidade dos suxeitos, que non ten o efecto paralizante que os críticos denuncian para a realización de investigacións históricas en tanto que o esquema interpretativo prima a importancia da acción.

Outra falla evidente é a de sustento cuantitativo. É practicamente imposible establecer un parámetro cuantitativo, entendido como preciso co obxectivo de evitar que os resultados devolvan unha imaxe dun pobo contestatario. Innegablemente sería idóneo poder combinar un enfoque cuantitativista coa dimensión cualitativa, pero as características das fontes primarias e a propia natureza do obxecto dificúltano en extremo. O único modo viable de achegarse a parámetros numéricos é acudir ás fontes que recollen os castigos e penas impostas e seguir as súas fluctuacións no tempo. Con todo, esta contabilidade *sui géneris* ten moi difícil interpretación pois as súas variacións son consecuencia do grao de represión en cada momento máis que a calquera outra premisa. Sen minusvalorar esta eiva, é de recibo recoñecer que hai múltiples exemplos das insuficiencias do método cuantitativo. Un caso ilustrativo é o estudo da represión, onde o mero reconto de vítimas ten conducido a debates estériles. Ademais, cuestións como o número de participantes non axudan en moito a considerar a relevancia da acción a non ser que aceptemos a supremacía do prisma cuantitativo, un erro que provocaría que moitas destas accións pasaran a, na nosa interpretación, nefasta conceptualización de "formas residuais de protesta" (Cruz Artacho, 2000:160) en aras de aplicar un vector de análise inservible dada a natureza da resistencia que nos interesa. A nosa proposta é a de substituír o cuantitativismo pola selección cuantitativa de evidencias xa que non se busca establecer series numéricas, senón centrarse no aspecto interpretativo, primando unha análise de tipo descritiva e optando por acudir a estudos de caso[111].

3.3 A modo de balance

A reflexión historiográfica tradicional fixo unha gran aportación á imaxe da resistencia ao fascismo, ofrecéndolle unha serie de características totalmente obxectivables que permitían un estudo medible e cuantificable do fenómeno, converténdoo desta maneira nun fenómeno "sen incertidume". Ademais tiña creado un marco onde os contemporáneos puideran recoñecer aos protagonistas, ofrecendo unha base na que as súas figuras podían destacar e sobresaír nitidamente, de forma complexa e dramática, pero admirable en todos os sentidos. A renovación historiográfica acabou con esa transparencia. Esas "diáfanas" particulares que definían á resistencia e aos seus protagonistas atópanse agora esvaídas. A historiografía sobre *Résistance* francesa, entendida como a *primus inter paris*, pasou a ser percibida como un modelo de ensaio experimental marcado pola ilusión ideolóxica. A renovación teórica preséntanos un obxecto de estudo liberado do esquematismo branco/negro das anteriores proxeccións historiográficas, dá protagonismo aos diversos matices e insiste nos diferentes vértices

[111] KEDWARD, H.R., (1993), *In search of the maquis: rural resistence in Southern France, 1942-1944*, Oxford, Clarendon Press, p. 281 ; MIR CURCÓ, C., (2000), *Vivir es sobrevivir... op cit,* p. 19

do fenómeno subliñando a súa alteridade e complexidade. Lonxe de representar un abandono temático, o rearme teórico da Historia social e da Antropoloxía permiten a análise noutras direccións, posibilitando escudriñar no estudo da construción do sistema de dominación reparando nas actitudes sociais que sustentan as máis variadas formas de oposición ao mesmo. É indubidable a riqueza de matices que aporta, pasando dun achegamento á sociedade civil baixo un réxime opresor simplista e reducionista nas que as únicas opcións contempladas eran a adhesión ou a resistencia política, a unha aproximación na que o común da poboación ten que dividirse en vítimas ou perpetradores[112].

Asumimos para o noso traballo o referente teórico e metodolóxico aportado tanto pola corrente da Historia da vida cotiá alemá como pola Antropoloxía porque nos parece a maneira máis válida se pretendemos escapar do xogo de oposicións binarias (poderosos/indefensos; bos/malos; resistentes/colaboracionistas, etc.), para situarnos nun plano menos maniqueo e máis realista das condutas sociais. Conceptos como resistencia cotiá ou disenso comprenden todo un conxunto de antagonismos intermedios que se presentan entre os actores con intereses que se contrapoñen en múltiples ámbitos evidenciando a súa fortaleza analítica.

A resistencia organizada e política, a oposición, en puridade, foi un gran acontecemento histórico e ningunha renovada liña historiográfica o poderá negar. Non se trata de destruír a súa esencia, senón de dirixir o esforzo a incardinar na análise as realidades e os feitos que os estereotipos propios dos resistentes políticos impedían ter en conta. As vías de renovación inciden neles e por iso merecen ser tidas en conta para enfrontarse a unha realidade que tan só ten sido visualizada da forma máis clásica, como é o caso do rural galego.

Insistimos na presentación das críticas que ambas interpretacións recibiron, unhas veces porque estamos dacordo e outras porque subliñan as debilidades das teorizacións e axudan a ter presentes precaucións, evitando caer na elaboración dunha visión romantizada do suxeito[113] e intentando eludir o perigo da magnificación da resistencia que de repente aparece por todas partes[114]. Malia as continxencias que o xiro historiográfico leva aparelladas parécenos un achegamento moi válido á hora de revisar a actitude da poboación en momentos de ausencia de liberdade para expresar a súa opinión e mobilizarse abertamente. Así, conscientes das potencialidades e das feblezas do marco teórico, seguiremos as liñas xerais da interpretación intentando presentar un boceto das accións de resistencia civil que tiveron lugar no agro galego nas primeiras décadas do franquismo.

Para dito fin debemos, primeiramente entrar devagar no campo da conflitividade social no rural galego en tanto que son as mostras de conflito da sociedade para co Estado e coas súas disposicións as que conforman a resistencia civil. O significado da conflitividade amósase complexo cando, coma neste caso, deben ser contextuali-

[112] CREW, D., (1994), "Introduction", en CREW, D. (ed.), *Nazism and german society, 1933-1945*, Londres, p. 1

[113] FOX, R. G.; STARN, O., (ed.), (1997), *Between resistence and revolution... op cit.*, p. 3

[114] MEES, L., (1996), "La "catástrofe alemá". El fin del régimen nacionalsocialista 50 años después", *Historia Contemporánea*, 13-14, pp. 465-484, p. 477

zada nun período ditatorial. A cuestión central é se formas de conflitividade, como os boicots ou os motíns, poden definirse como resistencia civil ou quedan adscritos a estratexias de supervivencia en función da súa ambigüidade, dualidade e falta de intencionalidade expresa. Sen entrar en pormenorizacións que serán obxecto do noso interese a posteriori, ben vale a pena sinalar o risco de caer na condescendencia de analizar as prácticas de conflitividade concretas sen tratar de ir máis alá pola ausencia dunha filosofía ou ideoloxía articulada que lles proporcione cobertura e polas posibles fallas de coherencia das mesmas. Calquera posta en valor do compromiso dos protagonistas da conflitividade debe tomar en consideración a natureza da situación á que se enfrontan e a envergadura das forzas as que se opuñan[115] .

A interpretación da resistencia durante o franquismo debe englobar a actividade política e organizada de determinados grupos, a oposición, en puridade, pero tamén debe ter en conta actividades conflitivas menos espetaculares, máis mundanas, se se quere, feitos illados que frustraban á ditadura nalgún ámbito. Estos actos quedan na categoría do conflito cando se activan contra un réxime político non autoritarista e pluralista, pero baixo un réxime como o franquista, ou como o III Reich, o fascismo italiano ou o salazarismo parece lexitimada a opción de entendelos como resistencia civil, dado o despotismo co que estes sistemas políticos os perseguían. J. Stephenson indica que onde o conflito non poden ser expresado abertamente, sen medo ás consecuencias, é onde a poboación entende que eses sentimentos de desacordo son perigosos para a súa posición, "cada acto de disidencia acada a condición de resistencia para a orde existente" (Stephenson, 1990:351). Polo tanto, unha reflexión sobre a conflitividade existente no agro galego, as súas formas e os seus motivantes é básica para adentrarse no estudo da súa resistencia civil.

[115]GELLATELY, R., (2004), *La Gestapo... op cit,* p. 222

BLOQUE II

AS ACTITUDES DUNHA INMENSA MAIORÍA. ENTRE A ADAPTACIÓN E A RESISTENCIA CIVIL

Capítulo 4

Trazos definidores da resistencia na Galicia dos anos corenta e cincuenta

"Xunto aos males modernos, estamos oprimidos por unha serie de males herdados... Sufrimos non só dos vivos, senon tamén dos mortos"

MARX, K., *El Capital (Prefacio)*

Non podemos abranguer o estudo da resistencia no rural galego durante as primeiras décadas do franquismo sen situar histórica e culturalmente os modos tradicionais cos que os sectores sociais que habitaban o agro galego tiñan amosado o seu descontento. Na conformación dos repertorios de protesta son básicos dous aspectos que imos tratar devagar: a actitude do Estado con respecto ao que considera subversivo e a formulación que tradicionalmente reflictían as protestas da poboación ante outros grupos sociais ou ante un Estado que entendera como opresor. A primeira das razóns definidoras da natureza e forma da resistencia que se vai adoptar (e por tanto tamén explicativa da que se desbota) vaise establecer nos primeiros días que seguen ao golpe de Estado e irá parella á aplicación da consecuente represión de todo aquilo que fora alleo ou contrario aos postulados nacionalcatolicistas do novo Estado. A represión no ámbito rural vai ter como expresión máxima o desartellamento da sociedade civil a través da destrución do movemento societario. A represión marcará dun modo tal á sociedade rural galega que se conforma como un elemento central na explicación da ulterior resistencia que esta protagoniza, de aí que sexa o noso punto de partida na argumentación. A violencia posta en práctica provoca na poboación a sensación de ter que convivir cun Estado policial que a controlaba en todo momento e cunha Administración, apoiada por forzas de seguridade e pola parte afín da sociedade, que amosaba unha capacidade imperturbable para impor a vontade da ditadura. A estrutura da vida cotiá no agro, seguindo esta premisa, viuse coartada pola presenza física de persoas (exército, garda civil, igrexa, falanxistas,...) ás que lles era posi-

ble sometela a vixilancia e control e que eran quen de censurar calquera forma de desobediencia convertíndoa en delictiva.

O segundo trazo definidor da resistencia que se dá nos anos corenta e cincuenta é a forma da "resistencia pasada". As canles polas que flúen as mostras de conflitividade son totalmente diferentes ás existentes nas tres décadas anteriores á sublevación, pero son respostas que lle son propias ao campesiñado galego no proceso histórico na longa duración. Esta constatación impón subliñar o papel da comunidade rural como marco para o artellamento da resistencia civil e, igualmente, revalorizar as "armas" que a cultura campesiña pon a disposición dos labregos á hora de disentir con respecto a un Estado opresor.

4.1 Unha realidade de partida. A represión: a destrución do agrarismo

"Os falanxistas sacaban xente inocente e fusilábana no monte. Moita xente, a maioría afiliada a sindicatos".

Testemuño de Herminia Blanco, de Vilagarcía

Os estudos empíricos sobre represión e de historia local cos que contamos para as diferentes partes do Estado revelan que a intención básica dos sublevados estaba en eliminar aos disidentes e someter ao resto da poboación á ideoloxía imperante a través de instrumentos férreos de dominación que impediran a acción de futuros e potencias disidentes e conseguiran a suxección ás novas autoridades[116]. En Galicia non contamos cun traballo global sobre represión, pero si con estudos de ámbito provincial e local moi abondosos porque a represión foi un dos aspectos que máis atraeu aos estudosos da época franquista, e que refrendan este carácter aleccionador da violencia indiscriminada posta en marcha polos vencedores da guerra civil[117]. A calidade e categoría dos traballos e moi diversa, salientando especificamente a entidade dos traballos dos profesores María Xesús Souto Blanco e Xulio Prada, a primeira para a provincia de Lugo e para Ourense o segundo. A minuciosidade e riqueza destes estudos exímennos de ter que reparar devagar no que foi a nivel xeral o fenómeno

[116]Este epígrafe é debedor dun traballo anterior da autora coa coautoría de Miguel Cabo Villaverde é que foi presentado co título de "Cuando lo viejo muere y lo nuevo no acaba de nacer". El asociacionismo agrario en Galicia entre el Golpe de Estado y la creación de las Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos" ao Congreso do Seminario de Historia Agraria celebrado en Aguilar de Campóo, Palencia, en 2005

JULIÁ, S., (1999), *Víctimas de la guerra civil*, Madrid, Temas de Hoy; JULIÁ, S., (2000), *Violencia política en la España del siglo XX*, Madrid, Taurus; CASANOVA, J., (coord.), (2002), *Morir, matar, sobrevivir. La violencia en la ditadura de Franco*, Barcelona, Crítica; EIROA SANFRANCISCO, M., (2006), "Represión, restricción, manipulación: estrategias para la ordenación de la sociedad y del Estado", *Hispania Nova*, 6 (consulta versión dixital http://hispanianova.rediris.es)

[117]FERNÁNDEZ SANTANDER, C, (2000), *El Alzamiento de 1936 en Galicia*, Sada, Ed. do Castro; WOUTERS, M., (1993), *Os primeiros días*, Vigo, Xerais; GRANDÍO SEOANE, E., (2001), *Vixianza e represión na Galicia da Guerra Civil. O "Informe Brandariz"(A Coruña, 1937)*, Sada, Ed. do Castro

represor en Galicia para centrarnos no que foi a súa consecuencia máis fonda no espazo rural, a destrución do agrarismo[118]. O que si cabe mencionar, como deixan claro estes autores, é o alto grao de represión sufrido pola poboación galega. Esta forte incidencia só pode ser explicada en virtude da identificación de Galicia cun territorio hostil aos sublevados, debido á extensión dos movementos sociais de esquerda, do republicanismo e do galeguismo, á forte implantación do societarismo agrario de esquerdas e ao baixo nivel de afiliados a Falanxe.

A desactivación do societarismo agrario de preguerra é un proceso paralelo e inseparable da ascensión ao poder e á consolidación do Réxime saído do Golpe de Estado do 36 e de todos os réximes fascistas ou parafascistas europeos. A ilegalización do sindicalismo agrario e a represión, nas súas múltiples vertentes, dos seus dirixentes e afiliados son unha realidade iniciática naqueles territorios que, como Galicia, quedaron axiña baixo o control dos golpistas. "En Galicia non hai represión despois da derrota militar, senón represión de posguerra" (Fernández Prieto, 1993:51) e isto confírelle as características propias dos espazos da retagarda franquista, alonxando o caso galego dalí onde se estableceron frontes e existiu un conflito bélico como tal.

No relativo ao proceso de destrución da sociedades agrarias galegas contamos con varios traballos específicos, dous de ámbito provincial, en concreto o de Lourenzo Fernández Prieto para a provincia da Coruña e os diferentes estudos de Xulio Prada para Ourense, e un que cobre o conxunto da xeografía galega, o de Miguel Cabo[119]. Os diferentes estudos constatan que se trata dun claro exemplo de profundidade, minuciosidade e duración de todas as vertentes posibles da represión. Pois os autores citados repararon, non só no seu aspecto máis visible, no labor de desmantelamento físico, no que lexislación e acción punitiva e represora se mesturan, senón tamén na "destrución da súa memoria". É dicir, a *damnatio memoriae* do caudal de experiencias de politización e organización rural do primeiro terzo do século XX ditada polas autoridades franquistas, que conseguiron borrar non só o legado material do movemento agrarista senón en boa medida o seu lugar na memoria histórica. Os sublevados puxeron en marcha todo un operativo de represión e alienación que partíu da actividade política e laboral do individuo, na súa actitude pública, e que acabou nos espazos íntimos das familias e na formación dos seus espíritos. A represión directa (execucións, fusilamentos, encarceramentos), a represión económica (multas, requisas), o sometemento á ideoloxía oficial (imposición da moral católica, do pensamento nacionalista español, da sindicación obrigatoria) e a censura eran partes dun todo, da "estratexia concer-

[118]SOUTO BLANCO, M^a.J., (1987), *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada, Ed. do Castro; PRADA RODRÍGUEZ, X., (2004), *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión*, Sada, Ed. do Castro

[119]FERNÁNDEZ PRIETO, L., (2000), "Represión franquista e desarticulación social en Galicia: a destrución da organización societaria campesiña, 1936-1942",en FERNÁNDEZ PRIETO, L. (dir.), *Terra e progreso:historia agraria da Galicia contemporánea*, Vigo, Xerais, pp. 193-213; PRADA RODRÍGUEZ, X., (2004), "De la explosión societaria a la destrucción del asociacionismo obrero y campesino. Ourense (1934-1939)", *Historia del presente*, pp. 11-28; PRADA RODRÍGUEZ, X., (2004), *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra... op cit.*; CABO VILLAVERDE, M., (1999), *A integración política do pequeño campesiñado: o caso galego no marco europeo, 1890-1939*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela. (Tese inédita), pp. 383-432

tada polos grupos vencedores da guerra civil para controlar o poder e os privilexios" (Eiroa, 2006:1).

Os niveis de represión sufridos pola armazón societario non son explicables en función da resistencia armada efectiva ofrecida ao golpe militar, a penas consistente debido á falla de coordinación e armamento, senón porque o novo réxime carecía da conivencia da maioría destas organizacións. A única excepción era a dun sindicalismo agrario católico á defensiva durante o período republicano e que practicamente desaparecera das dúas provincias meridionais. As sociedades agrarias non foron represaliadas polas súas actuacións concretas de resistencia ao golpe militar como tales organizacións ou dos membros das súas directivas, senón pola súa propia existencia, como expresión da autonomía da sociedade civil. A súa continuidade era incompatible co futuro que se abría a partir do 18 de xullo, quizais impreciso nos perfís do novo modelo de sociedade que se quería deseñar, pero onde estaba moi claro aquilo que se viña erradicar. Así se explica, por exemplo, a detención de varios directivos da Sociedade de Agricultores, Oficios e Profesións de Palas de Rei, aínda que dende o 1928 se trataba dun sindicato católico[120] ou que en Lourenzá fora detido o presidente da Sociedade "La Unión de los Barrios de Canedo, Sto. Tomé e S. Adriano", asociación que polas súas bases e programa podía considerarse tamén de carácter católico. Tamén o peche e incautacón da Sociedade de Agricultores de Benza, no concello de Trazo, malia que o Gobernador Civil da Coruña era coñecedor de que "a sociedade en cuestión non tomou parte a favor dos marxistas no último movemento, nin tampouco se distinguiu nunca polo seu carácter extremista, sendo máis ben unha sociedade de carácter cooperativista entre os seus asociados, e estes están do lado do exército e do movemento"[121]. A significación social do societarismo foi o que provocou que o Estado franquista empregase o seu aparato represor de xeito exhaustivo, mesmo con aquelas sociedades non especialmente significadas nin significativas a nivel político.

Exceptuando a poboación dalgunhas vilas onde existía unha forte implantación de organizacións sindicais obreiras, na Galicia rural non houbo unha oposición ao golpe de entidade. Esta constatación de partida non é óbice para sinalar que nos casos concretos onde se rexistra un movemento no rural contrario ao golpe este foi protagonizado por persoas vencelladas ao societarismo. Afiliados e directivos das sociedades tiveron un papel destacado ao facer fronte aos golpistas, e con iso convertíronse en obxectivos prioritarios na posterior represión do agrarismo. En Ribas do Sil, por exemplo, os membros das agrupacións agrarias socialistas das parroquias de S. Clodio, Torbeo, Figueirido e Piñeira foron acusados de facerse con armas para patrullar S. Clodio nos días seguintes a sublevación e de opoñerse ao exército realizando cortes na estrada para evitar o paso dos sublevados[122].

[120] Segundo a información que dá María Xesús Souto, dous deles foron detidos acusados de rebelión aínda que non foron procesados e un, parece que foi asasinado. SOUTO BLANCO, M^a.J., (1997), *La represión... op cit*, p. 145

[121] Archivo General de la Administración (en adiante, AGA). Goberno Civil. Xustiza. Caixa 75/951

[122] E non só na primeirá hora coa saída ás rúas con armas, senón a posteriori. Como os membros da Sociedade Agraria Socialista de Sta. Marina del Monte, de Monforte e afecta á UXT, que xa sufriran a clausura da súa sociedade con motivo dos sucesos do 34, e que foron acusados de reunión

Para comprender a inactividade das sociedades fronte á sublevación debe repararse en aspectos como a tantas veces aludida falla de organización e liderazgo na conformación dunha resistencia armada de primeira hora[123], pero tamén a inexistencia dun clima social crispado e polarizado con anterioridade á data do golpe. Así o reflicte, por exemplo, o informe do Gobernador Civil de A Coruña en 1935 cando evalúa o estado social dos concellos da provincia e estima que "en xeral non se dan nos pobos conflitos graves de carácter político, e a desharmonía, se existe, entre autoridades locais e pobo, non se acusa de forma notoria e acusada"[124].

Un dos eidos máis baleiros de estudos é a violencia política no mundo rural galego durante a Segunda República, pero malia esta falla, os achegamentos indirectos que se teñen feito fornecen da idea de que ésta tiña unha intensidade moito menor en Galicia que noutras zonas do Estado e, dentro de Galicia, as vilas foron o seu escenario prioritario, sendo moito menos significativa no rural[125]. Núñez Seixas ten comentado a incidencia desta violencia política adscribíndoa ao espazo urbano e ás xeneracións máis novas[126]. As manifestacións de violencia política acaecidas no agro nos momentos anteriores ao golpe de Estado parecen estar máis relacionadas con formas de violencia social tradicionais, modalidades como as disputas entre mozos de diferentes aldeas nas festas parroquiais e romerías. Estas formas de violencia son recordadas en ocasións como puntos de inflexión respecto ás mudanzas que se deron nas relacións sociais no rural e como explicación concreta da represión local posterior[127], pero non como

---

e tenza de follas clandestinas. Tamén é sometido á xustiza militar no ano 37 o que fora presidente da Agrupación de Campesiños da Sociedade de Traballadores da Terra de Mondoñedo acusado de tratar de convencer aos reclutas para que non se incorporaran ás filas do exército sublevado e para que seguiran as consignas do goberno lexítimo. SOUTO BLANCO, M^a.J., (1997), *La represión... op cit*, pp. 55, 179

[123] Da mala organización e da ineficiencia dos movementos de defensa da legalidade republicana levada a cabo por aqueles que tentaron oporse ao golpe, dan conta referencias como as que aparecen na Causa aberta contra Manuel Rodríguez Careu no Tribunal de Responsabilidades Políticas en outubro de 1938. O inculpado, dirixente da CNT en Bouzas "intentou a requisa de armas, que non levou a cabo por non encontrar cartuchos para elas ou por resultar aqueles inservibles...". Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (en adiante, AHPP). Tribunal rexional de Responsabilidades políticas. Xulgado instructor provincial de Pontevedra. Caixa 19248

[124] Arquivo Histórico do Reino de Galicia (en adiante, AHRG). Goberno civil. L. 4369

[125] Foi nas grandes cidades onde os enfrontamentos e disputas físicas tiveron lugar, tamén nalgunhas vilas, pero, a diferenza das primeiras, nestas non acostumaban a ser armadas nin existiron vítimas mortais. Sobre o ambiente de preguerra no concello coruñés de Carballo, vd., RIESGO RAMA, S., (2000), *Control social y proyectos políticos en una sociedad rural. Carballo, 1880-1936*, Santiago de Compostela, Documentos de Traballo do IDEGA; Para o caso de Santiago de Compostela, vd. MÍGUEZ MACHO, A., (2005), "Movemento obreiro e nacionalismo na Segunda República en Galicia: o caso da Compostela de Ánxel Casal", en *Xornadas Ánxel Casal. Unha vida por Galicia, Santiago de Compostela*, (inédito); Sobre a vila de Arzúa, vd. LANERO TÁBOAS, D., *A represión franquista no concello de Arzúa*, (en prensa)

[126] NÚÑEZ SEIXAS, X.M., (1998), "Violencia política e represión en Galicia da Segunda República á posguerra: algunhas reflexións históricas", *V e VI Xornadas Galegas de Historia. Morte e sociedade no Noroeste peninsular / Un percorrido pola Galicia cotián*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, pp. 217-232

[127] Segundo os dados que proporcionan os estudos sobre represión non existe unha relación directa entre a conflitividade política de preguerra e as zonas de maior incidencia da represión, que si gardan

exemplos da existencia dun alto grao de violencia política nas aldeas, xa que eran entendidos como fórmulas propias da tradición e a costume,

> "cando eu tiña catorce anos estalou a República e houbera aquelas trangalladas que botaron ós de Fuentefiz dunha festa porque eran moi ricos... Eran catro ou cinco irmaus dunhas ideas que non eran istes e nunha festas do Santo Cristo botáronos fóra... Despois díu a volta outra vez e empezaron os falangistas a coller a todo aquil que tuvesen un pouquiño de reollo e matábano. Entonces o meu primo escondeuse por medo a que o mataron como mataron a outros que tamén estuveran neso de botaren ós ricachóns fora nesta festa de Ferreiros... Entonces tuveranse que se esconder e pasáronas negras."[128]

Esta segunda circunstancia imposibilitou a conformación dunha conciencia sustentadora de actuacións bélicas e de decisións como a de armarse, e impediu, asemade, a mentalización dos leais á República. A sublevación colleu de improviso ás sociedades agrarias e ao conxunto da sociedade rural galega. Na fonte oral rastréxase á perfeción como a poboación rural non chegou a entender, nin a calibrar, nos primeiros momentos o que estaba a pasar. Noticias difusas da radio e rumores na veciñanza eran un substrato insuficiente para que na mentalidade colectiva xurdira algún tipo de acción defensiva do goberno leal, sobre todo, porque tampouco se identificaba ao inimigo.

> "... eu entereime da guerra porque a xente comentaba que empezaba, que gobernaba Franco e que había a revolución que había a guerra... enterábame deso porque a xente falaba"

> "... daquelas decían que se empezaba a guerra e que viñan os falangistas... e non sabía que eran os falangistas... eran uns homes que chegaron un día na navidade do 36 e me sacaron unha navalla" [129]

Por outra parte, tamén se debe reparar en que o golpe atopouse cun societarismo debilitado polo proceso de represión debido aos "Sucesos Revolucionarios" de Asturias en outubro do 34[130]. Non compartimos con X. Prada a idea de que as clausuras de sindicatos agrarios establecida nesa ocasión sexa o inicio da vaga represiva que culminará o franquismo, pero si entendemos que este episodio colleu a algunhas das

---

vencello cos lugares onde existía unha maior implantación do agrarismo. SOUTO BLANCO, M^a.J., (1997), *La represión... op cit.*

[128]Testemuño Angela C. R. de Pousada, concello ourensán de Coles. SOUTELO VÁZQUEZ, R., (2006), *Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas. Experiencias de vida e lembranzas de mulleres na Galicia rural: 1900-1960*, Valga, Concello de Valga, p. 181

[129]HISTORGA. Entrevista n^o 64. Entrevistada M.A.A.C., da parroquia de Xesteira, concello de Monforte. HISTORGA. Entrevista n^o 224. Entrevistado A.G.P., da parroquia de S. Breixo, concello de Palas de Rei

[130]En Galicia foi a orde do xefe da Octava División do 28 de outubro do 34 a que decretou a clausura e a disolución destas sociedades agrícolas "por perxudiciais para o mantemento da orde pública" AHPL. Goberno Civil. Sección Asociacións. Correspondencia 6-10-1934/22-12-1934. Sig. 13056

sociedades máis activas e politizadas desconfiguradas ou nun incipiente proceso de "rehabilitación" e, polo tanto, con ínfimos recursos para a organización de calquera tipo de resistencia ante a sublevación. Na provincia de Lugo, segundo os datos do Goberno Civil, foron clausuradas 42 sociedades especificamente agrarias, das que se permitiu a reapertura de 23 ao ano seguinte. Destaca a represión sufrida polas sociedades de concellos como Chantada ou Paradela onde é posible constatar o fondo calado desta desactivación da sociedade civil. Na primeira pecháronse todas, 13 de carácter parroquial e 2 dunha maior entidade, a Federación Agraria de Chantada, que abranguía sociedades dos concellos de Chantada e O Saviñao, e a Xuventude Agraria de Chantada. No segundo dos concellos clausuráronse as tres asociacións vencelladas á UXT, a Sociedade de Oficios Varios de Traballadores de Loio, a Unión de Labradores de Vilachá de Cortes e a Sociedade de Agricultores "La Unión" de Lor[131].

Outra razón que se ten esgrimido para explicar as razóns desta falla de actividade defensiva por parte dos membros das sociedades agrarias é a escasa politización e o pouco calado ideolóxico que en xeral caracterizaba á sociedade rural. A adopción deste razoamento leva a determinar que non habería unha oposición xeral da poboación rural ao golpe porque tampouco existiría unha base social e política republicana e esquerdista suficiente en número para tal cometido. A aceptación deste presuposto debera ir precedido por un debate arredor do propio movemento agrarista que non estamos en disposición de facer aquí, pero que responde a inquezandas xa amosadas, aínda que de maneira incipiente e puntual[132].

As dúas visións existentes sobre o fenómeno diverxen á hora de valorar o efecto do agrarismo, non como movemento artellador da sociedade rural, senón como fenómeno de politización e democratización da mesma. É evidente que neste caso a historia oral non se amosa como unha fonte válida para un achegamento caval sobre o asunto, pois a deformación da memoria producida pola acción do franquismo, na que entraremos máis devagar máis adiante, diminúe considerablemente a obxectividade da fonte. O alegato á necesidade de afiliarse para poder traballar aparece como a razón primordial para a asociación na memoria colectiva, igual que nos testemuños dados por afiliados ante as autoridades xudiciais franquistas, minimizándose a importancia da afinidade e o compromiso ideolóxico, inclusive cando este se ten presente[133]. Se en algo foi existoso o réxime franquista foi na xestión da memoria e en facer dominante a memoria que creou, de si mesmo, e do pasado, investindo na fundación e consolidación de mitos e na fabricación de desmemoria. O agrarismo do primeiro terzo do século XX foi

[131] Arquivo Histórico Provincial de Lugo (en adiante, AHPL). Goberno Civil. Asociacións. Informes de clausuras, sig. 13056-1 e 2; Asociacións Rehabilitadas. Levantamento de Clausuras. Sig. 13056-3

[132] Por exemplo, nol *XI Congreso do SEHA* na Sección dedicada ao "Cooperativismo y asociacionismo agrario: España en el contexto europeo" a través de las comunicacións presentadas por Miguel Cabo e Ana Cabana, Isidro Román Lago e Antonio Sobreira, e Antonio Míguez Macho.

[133] Así o reflicten numerosas testemuñas orais "... ó meu irmán metérono na cárcere *porque era de ideas contrarias*,...había unha sociedade no concello que pertencía, entón estaban facendo unha carretera e *o que non estivera afiliado a esa sociedade non lle daban traballo, o meu irmán necesitábao e entón por eso se asociou a eles*. E por só... foi a causa de levalo a cadea...saíronlle catro anos". HISTORGA. Entrevista nº 791. Entrevista a E.M.V., da parroquia de Sacadoiro, concello de Paradela. A cursiva é nosa.

un dos grandes damnificados do labor levado a cabo polos poderosos altofalantes cos que contaba o réxime: propaganda, censura, control de medios de comunicación, control do ensino, etc. A existencia dunha lexislación represiva sobre o fenómeno asociativo e a incautación exhaustiva da documentación vencellada están na raíz non só da desactivación do movemento, senón do seu ulterior esquecemento por parte da sociedade rural, pois favoreceu a recreación dunha memoria adaptada ás necesidades puntuais impostas polo réxime e á desvalorización e desvirtualización dos recordos dos derrotados.

De todos os xeitos, cómpre ter presente que en espazos rurais onde o grao de politización da poboación é evidente e indiscutida, mesmo no relativo ao triunfo das esquerdas nas eleccións, tampouco se participou activamente nunha defensa do sistema republicano. Basta retomar as conclusións do estudo realizado por Antonio Miguel Bernal para as organizacións xornaleiras andaluzas, "a penas amosaron unha ténue resistencia á sublevación fascista e militar, precisamante alí onde a tradición histórica sinalaba o berce do sindicalismo revolucionario na zona máis característica do latifundismo e primeira cabeza ponte do exército sublevado: as campiñas gaditanas de Xeréz, Sevilla e Córdoba" (Bernal, 1993:145)

Formulamos o estudo da represión franquista sobre o agrarismo a partir do esquema proposto para a represión en xeral por X. Prada, que establece unha tipoloxía con catro categorías, non sucesivas no tempo nin excluíntes, aínda que o seu peso varía nos diferentes momentos segundo a distancia que os separe do verán de 1936[134]. A primeira sería a "represión paralegal", os paseos e as sacas, a forma que predomina nas semanas inmediatas ao golpe de Estado. Unha vez consolidada a situación os golpistas dótanse dun marco pseudolegal e a represión adquiriría un carácter máis sistemático no marco dun novo marco xurídico que culmina coa Lei de Responsabilidades Políticas de febreiro de 1939. É o que o autor denomina "represión institucionalizada". A "represión social",máis a longo prazo e con miras á aceptación do Réxime, suporía a imposición dos seus valores e simboloxía e exerceríase a través da Igrexa, do control dos medios de comunicación e do sistema educativo. Por último, cabería falar de a "represión psicolóxica", que actuaría a nivel individual, moldeando as propias ideas e representacións en función das reaccións inducidas por outras modalidades represivas.

A represión inicial da que foi obxecto o societarismo rural responde aos parámetros dunha "represión de estatus". Neste aspecto, como no conxunto do fenómeno represivo, o agrarismo mimetiza as pautas xenéricas que, como apunta Xulio Prada, en principio "diríxese contra aqueles sectores que ostentaban poder, recoñecemento e influencia social e se identificaran con posicións republicanas, de esquerda ou anticlericais. Procedesen poder e influencia do exercicio dunha determinada profesión socialmente valorada, da súa posición no seo da administración local, da súa riqueza persoal, da súa capacidade para intervir no mercado e nas relacións sociolaborais, ou, naturalmente, da súa influencia ideolóxica e cultural sobre as masas... unha repre-

[134]PRADA RODRÍGUEZ, X., (1993), "As modalidades represivas no primeiro franquismo. Unha proposta de sistematización", *Minius*, VI, pp. 99-115; unha referencia máis ampla en PRADA RODRÍGUEZ, X., (2003), *Metodoloxía e fontes para o estudio da represión franquista en Galicia*, Ourense, Obradoiro de Historia de Galicia

sión, pois, marcadamente de estatus" (Prada, 2004). Paseos, sacas e persecucións serán sufridas polos cadros directivos das sociedades a partir do 18 de xullo, no que constitúe o primeiro chanzo no proceso de desactivación do agrarismo. Sen dúbida un paso decisivo pois o carisma e a consideración social que moitos posuían era un valor indiscutible para o éxito das sociedades. Predicamento que se multiplica ao ter en conta que a maior parte dos directivos eran tamén partícipes dos gobernos locais, moitos deles membros destacados do Frente Popular, así, a represión acadaba os dous ámbitos de representación da poboación[135].

A violencia física contra os posuidores de tal capital social tivo un efecto amedrentador sobre os socios de a pé. Como ten sinalado M. Gutmann, o papel xogado pola experiencia de homes e mulleres represaliados no desenvolvemento dunha "identidade coartada" (Gutmann, 1993:86) no conxunto da sociedade é central. Ben é certo que os efectos da represión van dende a concienciación ata a alienación pero neste caso o Estado represor, o franquista, reparaba en que a súa acción provocara o efecto desexado[136]. Sería demasiado extensa e á forza incompleta a lista de individuos vencelladoss ao agrarismo en postos de liderato que perderon a vida no verán do 36. Por citar algúns de entre os máis coñecidos, Enrique Jaso, histórico do agrarismo tudense, Xoán Xesús González en Compostela, Bernardo Miño Abelenda en Betanzos, Waldo Gil Sansostegui en Vigo ou o caso de particular encarnizamento de Benigno Álvarez, o carismático veterinario de Maceda que conseguira en poucos anos artellar unha rede de sociedades próximas ao Partido Comunista na provincia de Ourense. Significativas foron tamén as mortes violentas de Manuel Raposo Baamonde membro da xunta directiva da Sociedade Agraria Republicana de Esquerdas de Begonte e do secretario da Sociedade de Labradores de Guntín, José Penas Pérez, por recoller algúns que non son referentes do societarismo galego como tal, pero si figuras de grandes simbolismo no nivel local[137].

---

[135] Por exemplo en Samos había numerosas sociedades agrarias vencelladas ao PARG e algúns dos seus directivos eran á súa vez concelleiros do FP e no concello de O Incio algúns dos directivos das agrarias formaban parte das xuntas de goberno do comité de Izquierda Republicana. AHPL. Goberno Civil. Sociedades

[136] "... abusaban moitísimo e daban palizas a diestro e siniestro, acordome unha vez foron unha pandilla deles de aí de Baleira e foran a Martín e alí colleron... tódolos señores de Martín que eran, bueno, que lles parecía que eran republicanos e tal... e xente ademais maior e leváronos todos a S. Bernabé que había unha pendiente tremenda de 3 quilómetros, un señor ata coxo, enfermo, leváronos a todos...e entón déronlles unhas palizas e mandáronos para as casas e así esas cousas facían, así como a xente non ía ter medo...tiñan a alma nun fío...facían moitas inxustizas...eran xente normal e corrente dos pobos, pero déronlles unhas boas palizas". HISTORGA. Entrevista nº 357. Entrevistada E.R.N., da parroquia de S. Martín, concello lugués de Cádavo-Baleira

[137] Entre os paseados da provincia de Lugo que tiña adscrición societaria atopamos a Jesús Chao García (20/10/40) en Balsa, partido xudicial de Viveiro, que pertencía á xunta directiva da Sociedade Liga Agropecuaria "La Defensa" de Ourol; a Manuel Raposo Baamonde, da xunta directiva da Sociedade Agraria Republicana de Izquierdas de Begonte, (17/4/39) en Parga; Hipólito Veiga Novo, irmán do que fora presidente da Sociedade Agraria Unión de Labradores de Arcillá, en setembro do 36;a José Penas Pérez, secretario da Sociedade de Labradores de Guntín, (24/11/39) en Monte de Meda; e Antonio Pereira Calderón, directivo da Sociedad Unión de Labradores de Montecubeiro. Información cumprida sobre estas e outras mortes violentas de directivos das sociedades luguesas en SOUTO BLANCO, Mª.J., (1997), *La represión... op cit.*, pp. 252-257

A "represión institucionalizada" completou o labor represivo sobre os directivos a base de condenas penais e multas. Unha forma de represión que en numerosos casos non se fixo esperar e coincidiu co "terror quente" dos primeiros días. Moitos máis sufriron condenas derivadas da lexislación imposta polos sublevados. Porque coetaneamente ao avance do conflito bélico, o réxime dotouse dunha lexislación que daba cobertura legal á represión do societarismo, tanto ás accións contidas como aos instrumentos para a súa execución. Comezou coa Lei de Incautación, a partir da que se elaborou o censo e a administración de bens pertencentes ás organizacións do Frente Popular, aprobada antes de rematar a guerra (1-10-1937), seguiu coa Lei de Responsabilidades Política (9-3-1939), e culminou coa lei que estipulaba a entrega dos bens dos sindicatos de clase á Dirección Nacional de Sindicatos e á Falanxe (29-9-1939)[138].

A documentación xerada pola Xustiza Militar, fonte empregada por Xulio Prada para o caso ourensano e por nós e María Xesús Souto para a provincia de Lugo, evidénciao. As altas cifras de presos ou represaliados políticos están en directa relación coa existencia, calado e radicalismo das sociedades agrarias existentes[139]. Esta é a razón para que as cifras de detidos políticos sexan altos en parroquias luguesas como as de Doade, concello de Sober, onde existía unha Sociedade de Traballadores da Terra, clausurada polos sucesos de Asturias e posteriormente rehabilitada, e a Sociedade Agrícola de Doade, Balmonte e Sober, que si foi clausurada definitivamente no 34. O mesmo pasa no concello de Ribas de Sil, onde os detidos políticos correspóndense coas parroquias onde as sociedades agrarias socialistas, a Sociedade de Agricultores A Unión de Torbeo, a Sociedade de Agricultores Os Unidos de Figueirido e a Sociedade Agraria Pablo Iglesias estaban radicadas. X. Prada constatou que durante o período bélico a xurisdición de guerra en Ourense encartou a un total de 74 directivos do total de 811 persoas imputadas por ter filiación societaria[140]. Cifra considerable e

[138]Outros pasos legais foron o decreto 108 do 13/9/1936 polo que se declara fóra da legalidade partidos, agrupacións políticas ou sociais integrantes do Frente Popular, e organizacións que tomaran parte na oposición ás forzas que cooperaban co Movemento Nacional. No mesmo texto impúxose a incautación dos bens dos ditos partidos e agrupacións pasando os bens á propiedade do Estado. Pola Orde de 1/10/1937, pola que se crea as Comisións Provinciais de Incautación de Bens, entendéronse comprendidas no ámbito do decreto nº 108 da Xunta de Defensa Nacional a CNT e a UXT. As Comisión Proncinciais dependían da "Xunta Central de Incautación de Bens", e estaban compostas por un avogado do Estado e un maxistrado da Audiencia Provincial, designados polo presidente da Xunta Técnica do Estado, e presididas polo Gobernador Civil. A Lei do 9/2/1939 sobre Responsabilidades Políticas engadía que quedaban incluidos en responsabilidades políticas e suxeitas a sanción aqueles que tiveran desempeñado cargos directivos nos partidos, agrupacións e asociacións que quedaran fóra da lei. Pola Lei 23/9/1939 créanse as Comisións calificadoras de bens sindicais marxistas, a partir da que se leva a cabo o espolio do patrimonio das organizacións.

[139]Carlos Gil chega a esta mesma conclusión no seu estudo de seis localidades da Rioxa Alta, sostendo que a represión, tamén de retagarda como a galega, tívose que "empregar con máis firmeza e brutalidade alí onde as propostas reformistas de esquerda obtiveran un maior peso social e as organizacións obreiras tiñan certa forza para plantexar as súas reivindicacións". GIL ANDRÉS, C., (2005), *Lejos del frente. La guerra civil en la Rioja Alta*, Barcelona, Crítica, p. 440

[140]PRADA RODRÍGUEZ, X., (2003), *Metodoloxía e fontes para o estudio da represión... op cit*, p. 22

que, máis alá da súa contía, denota toda a súa crudeza, ao igual que no referido á represión paralegal, ao observar a dimensión social e simbólica dos represaliados.

Esta magnitude foi moi tida en conta polos represores e tanto a represión de primeira hora, a paralegal, como a posterior, a institucional, cumpriron un labor que se encargará de rematar a ulterior represión psicolóxica. No primeiro dos casos debe subliñarse a efectividade demostrada polos grupos armados encargados de reprimir directivos das sociedades agrarias. Cebáronse cos de máis prestixio e predicamento, sen dúbida, a súa desaparición causaría maior consternación e abatemento social pola súa relevancia a nivel comunitario. Son casos como o de Antón Alonso Ríos, único deputado agrario da historia de Galicia, elixido pola provincia de Pontevedra nas listas da Fronte Popular, que se converteu nun prezado trofeo para as autoridades franquistas, pero que conseguiu esconderse e cruzar a fronteira portuguesa en 1938. Ou a detención de Manuel Pardo Vidal na súa casa do pobo de Rao no 36, quen logrou fugarse e permaneceu así ata o final da contenda, momento no que se entregou para ser xulgado, entre outros delitos, pola súa condición de Presidente da Sociedade agrícola de Rao e Castañedo, en Navia de Suarna[141]. Así pois, o papel xogado pola experiencia destes represaliados, os líderes agraristas máis representativos e destacados, é decisivo non pola a súa propia vivencia, senón polos efectos psicolóxicos que provocou, é dicir, á hora de explicar a alienación e a auto represión de boa parte dos afiliados. Estas actuacións de por si lograron, alén de desactivar o societarismo, imposibilitar calquera tipo de potencial ou futura rexeneración de tal movemento social. O franquismo asegurouse non ter que lidiar cunha resistencia, entendida en termos clásicos, que se apoiara nunha sociedade civil forte ao descabezar, física e/ou simbolicamente aos líderes da mesma.

Ao descabezamento do movemento seguiuno a desarticulación das súas estruturas e bases[142]. Neste senso cabe salientar o exercicio de auto represión que seguiu, tanto a título individual como colectivo, á desaparición, á morte ou á fuga de directivos e que precedeu á represión que sobre eles exerceu o novo sistema político. A decisión de fuxir ao monte por parte de moitos afiliados temerosos de padecer idénticas represalias ou a de suspender o funcionamento das súas organizacións, antes de que as disposicións gobernativas decretasen a incautación dos seus bens e o sometemento a expedientes de responsabilidades civís aos seus responsables, responden ao devandito fenómeno de auto represión. Este é perfectamente visible no caso lucense, onde a maioría dos agrarios procesados pola xustiza militar durante os primeiros anos corenta optaran por engrosar o colectivo de *fuxidos* dende o inicio da contenda. En Lugo 1940, o 41%

[141] ALONSO RÍOS, A. (1979), *O siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*, Vigo, Ed. Castrelos. AHPL. Goberno Civil. Asociacións. É o caso tamén de César López Otero, presidente da Federación lucense que estivera vinculada durante a República á ORGA e a IR. Manuel Pardo Vidal, ademais, debeu responder do delito de adicarse a aconsellar aos rapaces que tiñan que incorporarse a filas que non o fixeran. EL PROGRESO, 3-11-36

[142] Nalgúns casos a represión das bases, dos afiliados societarios non agardou á "decapitación" do movemento senón que se realizou de modo paralelo. En Lugo, por exemplo, o primeiro consello de Guerra Sumarísimo ten a vespertina data do 31 de xullo de 1936 e como protagonista ao labrego de Vilaodrid Jaime García Pérez, SOUTO BLANCO, M^a.J., (1997), *La represión franquista... op cit*, p. 45

das causas militares seguidas por causas políticas teñen como protagonistas afiliados de organizacións agrarias de preguerra que tomaran a decisión de "desaparecer", ben subindo ao monte, ben agochándose e que, unha vez acabada a guerra se decidiron a entregarse ás autoridades ou foron detidos[143].

Os afiliados que non se viron afectados por este episodio auto represivo de primeira hora, en moitos casos, seguiron os pasos dos directivos, se ben debemos ter en conta que algúns puideron borrar o seu pasado agrarista grazas a que a documentación da sociedades foi destruída polos seus propios directivos ou socios como medida de precaución[144]. Acusacións, condenas penais e/ou multas[145] estigmatizaron moitas persoas con antecedentes de simple afiliación[146]. Na memoria colectiva das comunidades rurais permanece o recordo desta represión, unha memoria que, como veremos, debidamente deformada polo franquismo, estableceu un paralelismo entre asociacionismo e represalia, o que derivou nun lastre estrutural para futuros movementos asociativos e de sindicación no medio rural galego.

Existía unha clara vontade de destruír non só aos mandos senón tamén ás bases dos partidos e sindicatos leais á República implantados no rural e ás sociedades agrarias o que conlevou o exercicio sistemático e selectivo da violencia, que se cebou de maneira especial nas comarcas e concellos galegos máis activos politicamente. Resulta difícil calcular que proporción de sociedades agrarias existentes en 1936 foron clau-

[143]Arquivo Militar de S. Fernando de Lugo (en adiante, AMSF). Causas Militares.

[144]Xosé Manuel Sarille recorda como sendo neno colaborou con directivos da Unión Labrega de Montecubeiro, do concello lucense de Castroverde, "... axudei a Cándido e a Bonifacio a meter as bandeiras e os libros da Unión en catro baúis enormes, levámolos a unha choza da nosa casa, cavamos un burato baixo a herba e alí quedaron por sempre...entrar ó foso sen distinción, sobreviviron os que estaban prestados...", en SARILLE, X.M., (2003), *Polos fillos... op cit.*, pp. 100-101. A mesma precaución levou a que se queimasen o libro de rexistro de socios e as actas do Ateneo Popular de Nós e da Sociedade "El Avance Campesino" da parroquia de Iñás, as dúas no coruñés concello de Oleiros. No primeiro caso desa actuación confésanse autores catro mozos "que o fixeron por temor... advertindo que o acto de queima o realizasen sen consentimento do secretario, para o cal violentaron o caixón onde estaba gardada a documentación". AGA. Xustiza. Caixa 75/951. "...os papeles da de aquí...avisaron a miña nai...non sei quen..."agora teu home marchou a guerra e é un problema que teñas aí toda a filiación de toda a xente e todo isto vaiche ser un problema"...ela non deixou nada máis que a bandeira e a mesa,...os papeles tirounos na finca dos nabos,..fixo un rego longo e alí os enterrou todos...proba deso é que cando empezamos a arar sendo pequenos, arando co arado de pao, levantabamos libros enteiros e folios...Ela pois..., claro fíxoo con todo o medo, con todo o que lle podía traer...claro...salvou tamén de que se enteraran quen eran os socios, ou como estaba montada a sociedade". HISTORGA. Entrevista nº 156. Entrevistado T. M. B., parroquia de S. Miguel do Monte, concello de Chantada

[145]A práctica totalidade dos membros das directivas das sociedades de Oleiros (Sociedade El Avance Campesino de Iñás, o Ateneo Popular de Nós, a Sociedade Unión Campesina Autónoma de Perdillo, o Sindicato de Mariñeiros e Oficios Varios de Serantes, da CNT, e a Sociedad Recreativa de Sta. Cruz e sus contornos) foron sancionadas con multas. AGA. Xustiza. Caixa 75/951

[146]A filiación societaria era moitas veces unha das razóns máis válidas para acusar alguén de calquera falta ou delito como demostra a documentación xerada pola Xustiza Militar. Este é o caso de Manuel Goás, antigo afiliado á Sociedade de Traballadores da Terra e Oficios e Profesións Varias de Alfoz, de quen, por ditos *antecedentes,* reiteradamente sospéitase que alberga maquis, aínda que "non se lle puido demostrar nada malia os múltiples rexistros que se lle practicaron", polo que consegue librarse de ser condenado, pero non de aparecer continuamente nas listas de posibles infractores da lexislación franquista. AMSF. Causa 30/40.

suradas ou simplemente deixaron de funcionar. A documentación consultada sobre o peche e a confiscación dos bens das sociedades agrarias nas catro provincias galegas amósase fragmentaria e ofrece só datos parciais. Por exemplo, en Pontevedra a información sobre as sociedades disoltas, entre as que se atopan as 67 que conformaban a Federación Provincial Agraria, sábese incompleta pois no listado que serviu de base para a súa ilegalización faltan sociedades significativamente contrarias aos principios do novo réxime[147]. Os dados que para a provincia de Lugo contén o AGA son igualmente incompletos pois unicamente confirman a clausura e confiscación de bens de seis sociedades e da Federación de Fonsagrada, cifra evidentemente inexacta porque non están incluídas mesmo organizacións de esquerda que se significaron na oposición armada contra as forzas militares[148].

A parcialidade das fontes primarias é un factor limitante á hora de facer unha análise cuantitativista do fenómeno pero non impide, porén, recoñecer a pertinencia da súa análise para chegar polo menos a estimacións fundadas. Así o fixeron Lourenzo Fernández Prieto e Xulio Prada, que salvando as carencias da documentación e complementándoa con fontes indirectas, conseguiron dar porcentaxes acaídas sobre o número de sociedades que foron desarticuladas, aceptando que, na Coruña un 70% das que funcionaban en 1936 deixaron de facelo, estimación que é revisada á alza para o caso ourensán. A porcentaxe moveríase probablemente nos mesmos parámetros en Pontevedra, onde os sindicatos católicos desapareceran previamente, mentres en Lugo o peso destes e das mutuas gandeiras fan pensar nun impacto proporcionalmente menor da represión.

O conxunto de sociedades agrarias galegas desarticuladas reunira ao longo do tempo un patrimonio moi considerable, malia que a moitas delas, de xeito individual, contasen con escasos ou mesmo ningún tipo de bens[149]. Na investigación que sobre o seu patrimonio realizan as Comisións Provinciais de Incautación[150], moitas sociedades

[147] Como a Sociedade Agraria El Progreso da parroquia de Beluso, concello de Bueu, que pertencía ao FNTT e da que foron asasinados tres directivos. PARADA SEQUEIROS, E., (2003), "O patrimonio histórico da Unión General de Trabajadores (UXT) na provincia de Pontevedra: sociedad de oficios varios e agrarios", *Murguía. Revista Galega de Historia*, nº 1, pp. 119-128

[148] Os dados sobre para a provincia lucense dos que dispoñemos indican que foron incautados os bens dos Sindicatos Agrícolas de Fonsagrada (4.424,10 ptas); os do Sindicato agrícola de Navia de Suarna (527,09 ptas); os da Sociedade de Traballadores da Terra de Paradela (105,15 ptas); os da Sociedade de Labradores de Galdo (38,29 ptas.); os da Sociedade Unión de Labradores de Sillán (155,80 ptas); os da Unión Labrega de Montecubeiro, Castroverde (edificio) e a Irmandade Labrega de Conforto, Vilaodrid (1.647,50 ptas). AGA. Xustiza. Caixa 75/951. Outras sociedades cuxos bens foron incautados pero que non teñen un carácter eminentemente agrario, aínda que tamén o campesiñado nutrira algunhas das súas filas en SOUTO BLANCO, Mª.J., (199), *La represión... op cit.*, pp. 277-278

[149] Que moitas sociedades fosen sorprendidas polo golpe de Estado en trámites legais para a súa constitución ou recentemente constituídas (caso da Unión Mutualista Campesina de Convesto, do concello de Cabana, constituída con data de maio de 1936) ou, como veremos máis en profundidade, fosen espoliadas antes do proceso de incautación e outro tipo de continxencias provocou que o devandito patrimonio sufrise unha importante mingua. O case centenar de sociedades incautadas na Coruña puxeron a disposición do erario franquista un total de 118.315 pesetas, tendo en conta só o diñeiro en efectivo e o depositado en entidades bancarias. AGA. Xustiza. Caixa 75/951

[150] O grao de fiabilidade desta fonte é discutible dadas as destrucións e incautacións arbitrarias e irregularidades durante as semanas posteriores ao golpe. Como mostra, a actuación nos arredores

non pasan dunha modesta cantidade en metálico e dalgúns mobles, sendo o local de boa parte delas alugado, un espazo público ou a casa dun dos seus afiliados[151]. Pero noutros casos, en cambio, as sociedades dispoñían de cantidades importantes, ben en efectivo, ben en libretas de aforro de entidades bancarias, útiles de uso colectivo (maquinaria agrícola, básculas, gando, etc) e un considerable patrimonio inmobiliario[152].

A Lei de Responsabilidades Políticas establecía a entrega dos bens dos sindicatos incautados a Falanxe e á Dirección Nacional de Sindicatos. O local era sen dúbida o maior botín do que podían apoderarse os represores, xa non polo o seu valor en termos económicos, senón, unha vez máis, polo seu simbolismo. O local das sociedades convertíase nun punto de referencia da comunidade, nun marco de sociabilidade, e atribuíaselle un sentido de logro colectivo. A súa consecución equivalía a unha proba de madureza e da capacidade de acción das sociedades agrarias, de aí o impacto que para moitas poboacións rurais resultou ver a súa sede empregada para fins que desvirtuaban totalmente a súa función inicial. Xosé Manuel Sarille recorda no seu libro de memorias a desolación que lle provocou comprobar como o sobrado da casa da Unión Labrega de Montecubeiro pasou a facer de barracón para as forzas do exército que perseguían aos fuxidos da zona, e os estantes estaban cheos das súas pistolas e macutos[153]. Este proceder é un dos máis claros exemplos da represión psicolóxica levada a cabo polo franquismo, que se asegurou de que lugares ata entón remitían no imaxinario colectivo a experiencias de organización cívica e mesmo a actividade política pasasen a converterse en espazos de poder e represión.

---

de Pontevedra de Víctor Lis Quibén (deputado de Renovación Española) e Rafael Areses (camisa vella e enxeñeiro do Distrito Forestal de Pontevedra) que clausuran de motu propio e se incautan de bens e diñeiro en metálico nos locais de sindicatos obreiros e sociedades agrarias, o cal mesmo dá lugar á protesta inútil dalgunha autoridade local. CABO VILLAVERDE, M., (1999), *A integración poltica... op cit*

[151] Cabe dar conta das dificultades que as autoridades tiveron para clausurar as sociedades que non contaban cun local propio e usaban espazos non precintables, xa fora pola súa natureza pública, como o caso da Sociedade Agraria de Mosteirovello, en Paradela, onde a escola era o centro de reunión, como privada, sendo xeral o uso dunha habitación na casa nun dos membros, usualmente da directiva, como na Sociedade Agraria de Traballadores da Terra de Xermade, que tiña como domicilio social a casa do seu secretario, Constantino de Castro, ou a Sociedade de Agricultores de Monfero, sita na casa do seu tesoureiro, Pablo Rico Couceiro. AHPL, Goberno Civil, Asociacións. AGA. Xustiza. Caixa 75/951

[152] Podería destacarse o local da Casa do Pobo de Betanzos, na Coruña, na que se investira o legado de 50.000 ptas deixado polos irmáns García Naveira, o patrimonio inmobiliario das cinco sociedades clausuradas e incautadas en Redondela, valorado en máis de 70.000 pesetas ou o fastoso edificio da pontevedresa Caja Rural do Lérez. AGA. Xustiza. Caixa 75/951

[153] SARILLE, X.M., (2003), *Polos fillos dos fillos*, Santiago de Compostela, Candeia, p. 150. Os habitantes de S. Andrés de Somoza, parroquia do municipio pontevedrés da Estrada, viron como o lugar de reunión da súa Sociedade de Agricultores, a caseta da Igrexa, era dedicada durante a guerra a depósito de cadáveres. AGA. Sec. Xustiza. Caixa 75/915. "Desfixeron canto tiñamos na casa da agraria dicindo que non era nosa. ¡Que a compraramos co diñeiro dos socios e emigrantes en Arxentina!", en palabras dun antigo socio da Sociedade Agrícola de Amoeiro, termo contiguo a Ourense capital. SOUTELO VÁZQUEZ, R.; VARELA SABAS, A., (1995), "Variaciones en las formas de represión y resistencia popular en el mundo rural ourensano ... *op cit*, p. 221

Diversas institucións solicitan apropiarse das sedes das sociedades agrarias clausuradas, especialmente o Exército, as seccións locais de Falanxe e as alcaldías[154]. Os mobles e pertenzas que escapan ao interese desas mesmas institucións son vendidos en pública poxa, e chama a atención que a estas xeralmente só concorra un único ofertante[155]. Indubidablemente o espolio do patrimonio societario enriqueceu ao Estado, pero este tampouco se atopou cos bens intactos. Os múltiples saqueos e rexistros dos locais das sociedades agrarias, xeralmente as máis esquerdistas, antes da entrada en vigor da lexislación sobre incautacións, na fase paralegal da represión, fixeron que o patrimonio de moitas sociedades se vise minguado[156]. A estes espolios realizados por grupos armados, uniuse a acción de socios e directivos que trataron de evitar que os seus bens caesen en mans dos sublevados escondéndoos ou desfacéndose destes e a actuación dalgunhas directivas que tentaron congraciarse coas novas autoridades mediante donativos a favor do Exército. As subscricións patrióticas na práctica eran un modo máis de espoliación, dándose casos de sociedades que practicamente debían entregar a totalidade dos seus fondos ou unha parte tan substancial que xa non eran capaces de recuperarse. A Unión de Labradores de Limodre e bisbarra, en Fene, por exemplo, doou 2.037 ptas en 1937, o que supoñía a quinta parte dos seus ingresos dese ano.O carácter punitivo destas *doazóns* faise evidente ao comparalos montantes económicos achegados polo mesmo concepto polas sociedades dereitistas, que colaboran con cifras moito menores[157].

[154]Na Coruña, por exemplo, o local da Sociedade de Oficios Varios de Cée, adscrita á UGXT, é ambicionado pola alcaldía para dedicar á casa Consistorial e Xulgado Municipal; o local da Sociedade de Sada e os seus Contornos destínase a fogar infantil; e a Casa do Pobo de Betanzos pasou ás mans da Falanxe local, que primeiro o usou como almacén e despois como cuartel. En Lugo o edificio da Unión Labrega de Montecubeiro, malia a estar aínda en construción, é anceiada pola alcaldía, e o alcalde de Vilaodrid recalca o Gobernador Civil que "a Corporación Municipal fará canto sexa necesario..." para conseguir que o edificio que era propiedade do Sindicato Irmandade Labrega de Conforto pase a formar parte do erario municipal que o destinará a escola para nenas. En Pontevedra o local da Sociedade Agrícola La Honradez da parroquia de San Vicente, de O Grove, pasa a ser sede dunha cantina escolar. En Ourense os talleres de xornal agrario *La Zarpa*, embargado debido ao expediente aberto contra o seu propietario, Basílio Álvarez, dispútanos entre a Editorial Católica, que edita *La Región*, e Falanxe. Esta última será a que consiga en depósito o soar do taller, dende onde publicaba o xornal *Rumbo*. AGA, Xustiza, Caixa 75/951

[155]A subhasta saíron os bens do Sindicato de Agricultores e Oficios Varios de Sardiñeiro e o Sindicato de Oficios Varios de Fisterra. AGA, Xustiza, Caixa 75/951. Nos casos en que a poxa quedaba deserta os bens e aparellos dos sindicatos pasaron a mans de Falanxe, que decidiu se facerse cargo destes ou simplemente queimalos.

[156]Falanxistas doutro municipio incautaran a documentación da Sociedade Agraria Socialista de Benantes, en Miño, e os carabineiros fixeran o propio co Sindicato de Pescadores Oficios Varios de Serantes, en Oleiros. AGA, Xustiza, Caixa 75/951

[157]A Asociación de Propietarios de Terreos Rústicos "A Fraternal", de Buxán, na Coruña, achega, en 1937, 5 ptas para o acorazado España. A finais de 1936 o Sindicato Agrícola Católico de Castro de Rei e o seu homónimo de Ribeiras de Piquín, en Lugo, doaron 50 e 25 pts respectivamente para os hospitais de sangue. En contraposición, a Sociedade de Calo, en Teo, doa por diferentes conceptos 11.500 ptas entre 1936 e 1938. AHRG, Goberno Civil, sig. 1856; sig. 2053. EL PROGRESO, 11-11-1936; 3-12-1936. DOMÍNGUEZ ALMANSA, A., (1997), *A formación da sociedade civil na Galicia rural: asociación agrario e poder local en Teo (1890-1940)*, Santiago de Compostela, Grafinova, p. 169.

A represión ten unha xeografía bastante definida, concentrándose nas zonas nas que a esquerda e o republicanismo tiña máis implantación e onde polo tanto o agrarismo se amosou máis forte e combatibo: mariñas coruñesas, Ferrol, Ortegal e arredores de Santiago en A Coruña, zona de Ourense e Valdeorras en Ourense, e o sur da provincia e Viveiro no caso de Lugo. O desmantelamento do movemento agrarista supuxo o fin do pluralismo asociativo, da sindicación mediante modelos propios ou adaptados á realidade local nos planos organizativos e programáticos e dos procedementos participativos e democráticos. A represión paralegal e institucional acabaron co movemento social de máis importancia que tivo o mundo rural galego, pero isto non supón que todas as sociedades de preguerra existentes foran destruidas, moitas delas languideceron e fóronse extinguindo ao lentor da represión administrativa e o forte control estatal.

4.1.1 Unha supervivencia desvirtuada: sociedades agrarias, católicas e mutuas (1936-1944/45)

Ata que o Estado creou a nova armazón sindical as vías de sindicación existentes foron as sociedades confesionais e as mutuas gandeiras, tanto preexistentes como de nova fundación a partir de 1936, e aquelas sociedades agrarias non confesionais que sobreviviron á represión paralegal e institucional. De feito, os primeiros pasos da Central Nacional Sindicalista no campo galego van darse de xeito non sistemático mediante a captación de algunhas destas sociedades e mutuas, existindo algúns núcleos dispersos, como no municipio pontevedrés da Estrada e no lucense de Foz, nos que a CNS conseguiu certa implantación mediante o devandito procedemento nos anos finais da contenda[158].

Malia á exhaustividade da represión desencadeada no caso galego onde, como sinalamos, as autoridades golpistas disolveron e confiscaron os bens da maioría das sociedades agrarias que non fosen de signo católico ou mutuas gandeiras, debe constatarse a supervivencia desta mínima porcentaxe de sociedades, persistencia que non supón unha continuidade en ningún sentido. O agrarismo como movemento social desapareceu no 36. As sociedades que continuaron o seu labor fixérono, como espuxo L. Fernández Prieto, baixo un control administrativo inexorable e nun clima de suspicacias que explica o seu refuxio en actividades de baixo perfil[159]. Todo iso con

[158]CABO VILLAVERDE, M., (1999), *A integración política... op cit.*, p. 401. A Sociedade de Seguros Mutuos de Ganado "El Ideal Campesino", de Nois, en Foz, por exemplo, acorda por unanimidade dos seus 68 asociados ingresar na CNS o 28 de xaneiro de 1937. E un ano despois acordan o mesmo os 45 socios da Sociedad de Seguros de Gando "La Unión de Labradores" de Fazouro. AHPL, Goberno Civil, Asociacións, sig. 13047-35

[159]FERNÁNDEZ PRIETO, L., (2000), "Represión franquista e desarticulación social en Galicia ... *op cit.* O control que exercían era palpable aínda nos mínimos asuntos de tipo burocrático. Por exemplo ao presidente do Sindicato Agrícola de Ribadeo Prosperidad Cantábrica comunícalle o Gobernador Civil que "debe participar a este en forma regulamentaria e non en carta que me dirixe a relación da Xunta Directiva de dita Entidade". Arquivo Municipal de Ribadeo, (en adiante AMR), Caixa Correspondencia

directivas sometidas ao máis estricto dos escrutinios, a pesar de que os elementos máis abertamente esquerdistas xa foran depurados ao inicio do conflito.

Habería que mencionar tamén os cambios de nomenclatura das sociedades ou a marcha atrás en procesos de constitución ou para mudar a súa natureza confesional[160]. A modificación dos nomes das sociedades que contradixesen os valores da España *nacional* empezou por todas aquelas que portaban o cualificativo de *republicano,* como o Sindicato Republicano Agrícola e Pecuario de San Xulián e San Salvador de Bastavales, do concello coruñés de Brión, o presidente da cal se apresurou a aclarar que a súa inclusión se debera meramente a que o sindicato se fundara durante o período republicano[161].

A presión e control que soportaban non chegaba soamente dende a Administración senón dende o sindicalismo confesional, que vía chegada á hora da revancha e de ver recompensados os seus sacrificios en defensa de valores agora enxalzados polos golpistas. Así, os dirixentes das Federacións católicas non dubidan en reclamar outra volta de rosca na represión e en denunciar ás sociedades non confesionais ("laico-vermellas" na súa terminoloxía) superviventes. As Federacións católico-agrarias atravesaban no momento en que estala o conflito unha profunda crise, manifestada na existencia de menos de douscentos sindicatos no conxunto da xeografía galega, concentrados nas dúas provincias setentrionais, moitos deles ademais inactivos na práctica[162].

Unha debilidade que é recoñecida por Manuel Silva Ferreiro, coengo da Catedral de Santiago, cando en 1938 publica *Galicia e o Movimiento Nacional.* Nela percórrese cada bisbarra galega sinalando os focos de axitación. O panorama que presenta Silva é dende o seu punto de vista desolador porque o social catolicismo a penas tiña presenza efectiva e, polo tanto, non estaba en condicións de cumprir a súa misión contrarrevolucionaria. Mesmo na Coruña, a provincia xunto con Lugo onde maior fortaleza conservaban os sindicatos católicos, a Federación "arrastraba unha vida lánguida, conservando pouco máis que o nome, que foi o único que puido salvar do abandono en que a tiveron os poderes públicos, e da ineptitude dalgúns dos seus dirixentes" (Silva, 1938: 22)[163]. Esta realidade confire ao caso galego certa especificidade con respecto ao acontecido en boa parte da zona de retagarda xa que provoca que a implantación do novo Estado no rural non conte cunha ancoraxe sólida nin cun

[160]Sorprendido no tránsito cara á súa conversión en sociedade non confesional atopouse o Sindicato Agrícola Católico de Trasmonte, no municipio coruñés de Oroso, que a principios de 1937 acorda repoñer no cargo de Consiliario ao cura párroco, dando por retirada a documentación presentada para reformar algúns dos artigos do seu regulamento. E en vías de constitución a Sociedad Agrícola de Soaserra, no concello de Cabanas, que aínda non tiña redactara o seu regulamento, pero cuxos directivos curáronse en saúde afirmando que "ía adicarse só a fins agrícolas e sen ningunha fin política". AHRG, Goberno Civil, sig. 2.872. AGA, Xustiza, 75/951

[161]AHRG, Goberno Civil, sig. 2.053

[162]En concreto uns 139 repartidos entre A Coruña (96), Lugo (23) e Mondoñedo (20). MARTÍNEZ LÓPEZ, A., (1995), *O cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, p. 80

[163]A constitución de sindicatos confesionais nos anos da guerra é indicativa de que a actividade dos sindicatos católicos que chegaran aparentemente con vida á Segunda República, a penas funcionaban, o que obriga a procesos de nova fundación ou refundación nunhas condicións máis favorables. Un destes sindicatos foi o Sindicato Agrícola Católico de Arzúa, fundado en outubro de 1937.

apoio espontáneo. As organizacións católicas, en seguida se identificaron co bando rebelde obtendo un trato de favor por parte das autoridades e isto vailles permitir recuperar parte do terreo perdido dende principios dos anos vinte, aínda que seguen sen ter capacidade para implantarse nas provincias de Ourense e Pontevedra. Van continuar funcionando as Federacións da Coruña e Lugo, creándose novos sindicatos en ámbalas dúas, especialmente na primeira delas, onde se fundan máis dun centenar, o que posibilitou que o sindicalismo confesional recuperase as altas cotas da etapa pre-republicana.

Os sindicatos católicos sacaron partido do trato de favor estatal para colocarse nunha posición vantaxosa no grande negocio que se abría para os exportadores de gando co abastecemento de carne ao Exército franquista e para axustar contas, ademais de ás sociedades non confesionais, aos intermediarios no comercio de gando. En ámbolos dous casos non dubidarán en denunciar os antecedentes políticos e a falta de patriotismo e mesmo sabotaxe do esforzo de guerra por parte duns e outros. O anteriormente citado coengo de Santiago, Silva Ferreiro, critica que na maior parte das bisbarras galegas as sociedades agrarias estaban conformadas segundo pautas inaceptables dende o punto de vista da xerarquía católica, ben en forma de sociedades *neutras* como as do Ortegal ben baixo bandeiras de clase nos arredores das cidades de acordo co movemento obreiro local aínda no 38. Nunha comunicación da Federación Católico Agraria da Coruña ao Gobernador Civil en 1937 albíscanse todos estes parámetros cando aquela recorda á autoridade que a súa "folla de servizo" é moi honrosa e que "foi vítima da política caciquil... no nefasto Frente Popular... unha vida tan chea de honrosas cicatrices... e de tantas persecucións" que "ben merecía unha protección decidida por parte do Novo Estado... concedéndonos o honor de ser os únicos abastecedores de gando, non só para o exército do norte, senón incluso para o abastecemento total do exército". Non esquece tampouco mencionar que os "abusos dos tratantes seguen vixentes malia ás medidas que propuxo a Federación a Gobernación Civil", nin de pedir un maior control para as sociedades de esquerdas pois, "por novas recibidas dos nosos sindicatos e do clero de Ortigueira sabemos que se intenta levantar aos sindicatos laico-roxos do condado ... que malia que por Decreto da Xunta de Defensa están suspendidas as actividades políticas e sindicais, seguen anunciándose mitins obreiros ou agrarios, como o que anunciaba a prensa con data de onte para data próxima en Mugardos..." [164].

En todo caso, convén apuntar aquí, aínda que sexa a modo de inciso que, malia esta afinidade, o pulso que estas sociedades católicas botaron contra o proceso fascistizador que inicia Falanxe unha vez rematada a Guerra Civil, explica en boa medida a lentitude coa que a armazón sindical corporativa se foi asentando e en certa medida a súa falta de calado social. Os receos entre os elementos integrantes do bloque de poder franquista e a súa conflitiva integración no seo da organización sindical, retardaron a implantación do sindicato vertical, ademais de menoscabalo ao manter certo ámbito de autonomía a través das cooperativas, no que foi un claro triunfo da CNCA sobre Falanxe. As sociedades cooperativas foron a atalaia dende a que,

[164] AHRG. AISS. Fondos Antigos. Correspondencia Delegación Provincial da Organización Sindical de A Coruña co Gobernador Civil. Legaxo 2966

ben como sindicatos agrícolas católicos, ben xa transformados en Cooperativas do Campo, presentaron batalla estas "vellas" realidades sindicais á hora de cumprir coa Lei de Cooperación (1943) e integrarse na correspondente Hermandade Sindical de Labradores e Gandeiros[165]. A peculiaridade en Galicia é a suma debilidade que presentaban os sindicatos católicos nas provincias meridionais, o que provocou que o cooperativismo nas provincias de Pontevedra e Ourense se definise máis a partir dos principios falanxistas da organización sindical que pola pegada católica.

En ausencia de investigacións máis profundas sobre a transformación das antigas sociedades católicas, pódese adiantar que a súa mera supervivencia e a resistencia ofrecida á unificación sindical, ademais da súa popularidade demostrada, supoñen un claro síntoma da debilidade do sindicalismo vertical no seu intento por penetrar na sociedade rural. Unha languidez que hai que poñer en relación precisamente coa existencia dun período relativamente longo de *impasse* que permitiu que unha vía de sindicalización esóxena á armazón estatal apuntalase a súa capacidade de organización e se fixese cun espazo ao que, nin unha vez establecido o sindicalismo vertical, puido facérselle renunciar[166].

Fronte á terceira vía de asociación, as mutuas gandeiras, a Administración non vai mostrar a mesma intolerancia que fronte ás sociedades agrarias, especialmente, pola súa menor carga política e polo carácter máis concreto das súas funcións. En Lugo, sen mencionar as que existían de xeito alegal, sen rexistrarse debidamente no Goberno Civil, como acordos entre veciños, das que ignoramos o número, perviven 21 das mutuas fundadas antes de 1936, a maioría concentradas na zona norte da provincia[167]. Este alto nivel de continuidade explica que non se contabilice ningunha fundación no

[165] PENEDO FERNÁNDEZ, X., (2003), *"Por Dios, España y la revoución nacionalsindicalista..."*. *El cooperativismo en el norte de Galicia a través de la documentación de la OSC: La Coruña y Lugo, 1942-1975,* Santiago de Compostela, USC (TID inédito), pp.35-36. Así o demostra a comunicación á Xefatura Provincial sobre a Xunta Xeral celebrada pola cooperativa Órrea, do concello lucense de Riotorto, que en maio de 1955 aínda comenta "en canto á integración da Cooperativa na Hermandade Local de Labradores e Gandeiros ata a data non se recibiron instrucións sobre o particular". O número de cooperativas que na segunda metade da década dos cincuenta aínda permanecían alleas ás Hermandades era significativo, así como as que se declaran contrincantes destas. Estas cooperativas que tiveron na súa orixe a conversión dun vello sindicato católico foron constantemente criticadas polos dirixentes da Obra Sindical de Cooperación de Lugo. AHPL. AISS. Correspondencia.

[166] Majuelo demostrou claramente o triunfo das opcións confesionais fronte ao sindicalismo vertical para o caso navarro en todas aquelas frontes nas que os intereses das dúas opcións entraban en colisión, especificamente, no control do mundo cooperativo. MAJUELO GIL, E., (2001), "El cooperativismo católico agrario durante el franquismo", en LÓPEZ VILLAVERDE, A.; ORTIZ HERAS, M. (coord.), *Entre surcos y arados. El asociacionismo agrario en la España del siglo XX*, Cuenca, Universidad de Castilla La Mancha, pp. 137-169, pp. 147-148. As sociedades católicas cántabras, como sinala Abdón Mateos, seguiron as mesmas pautas que as galegas e tamén evadiron a integración real polas mesmas vías, as UTECO, malia integrarse teórica e formalmente na Central Nacional Sindical en 1941. MATEOS, A., (2003), *La Contrarrevolución franquista: una aproximación microhistórica a la represión contra UGT y el nacionalsindicalismo desde la Cantabria rural, 1937-1955*, Segovia, Asociación de Historiadores del Presente, p. 100 e ss.

[167] Sete foron as máis lonxevas e permanecen en funcionamento, polo menos segundo o rexistro público, ata 1948. Hai un claro sesgo que demostra a vitalidade deste tipo de asociacións na cornixa cantábrica da provincia, situándose todas menos nesa parte da provincia. No sur só opera unha en Monforte. É en Foz, Viveiro, Xove, Barreiros e Lourenzá onde se concentran. Destacar o caso de Foz, con 5 sociedades. AHPL, Goberno Civil, Asociacións

quinquenio 1936-41, a diferenza do acontecido nas provincias de Coruña e Pontevedra, onde se crean 33 e 9 respectivamente[168]. Resulta significativo do seu arraigamento e da súa eficacia que o Estado permita o funcionamento das mutuas non unicamente ata a entrada en vigor das Hermandades, senón mesmo a partir de 1945, manténdose en funcionamento un grande número delas como acordos privados. Como veremos máis polo miúdo, a súa actividade explica en boa medida que o sindicalismo oficial teña grandes dificultades para implantar súa propia sección mutualista de gando, a Mutua Sindical de Previsión Pecuaria, malia ser unha das actividades máis difundidas e requiridas polos labregos nas sociedades agrarias de preguerra.

Así pois, á dinámica de destrución non a substitúe unha mecánica de construción do novo sindicalismo oficial. No período de baleiro entre as dúas realidades organizativas de sindicación, sociedades de preguerra e Hermandades, as únicas vías de sindicación existentes non estiveron organizadas dende o Estado. O franquismo acernou de raíz o societarismo de preguerra sen substituílo por outro medio de penetración no mundo rural ata 1945 pois, aínda que as Hermandades contan con carta de natureza legal dende principios da década dos corenta, a partir da Lei de Constitución dos sindicatos (6-12-1940), a construción do modelo franquista de sindicalismo agrario e a unificación de boa parte das variantes superviventes non se realizará ata a Lei de Unidade Sindical Agraria, de xullo de 1944 e a redacción das Ordenanzas das Hermandades, xa en 1945. A finais de 1946 o número de Hermandades inscritas no Rexistro Central de Entidades Sindicais para a provincia de Pontevedra, onde sen dúbida a implantación ía máis rápida que no conxunto do territorio galego, era de 52, faltando aínda por organizarse as Hermandades de 12 concellos. Na provincia de A Coruña parece que a finais de 1946 a implantación estaba tamén adiantada con 84 Hermandades constituídas das 94 que debían ser creadas para completar o mapa provincial. En Ourense ese mesmo ano só 40 dos 94 municipios contaban con Hermandades. O caso de Lugo aínda era máis negativo no avance do sindicalismo vertical. En 1947 as autoridades locais non dan resposta ás preguntas continuadas da Xunta Nacional de Hermandades sobre como ía o establecemento de Hermandades locais, o que significa que este debía ir con moita lentitude[169].

Non existe ningún tipo de continuidade entre a nova organización vertical e os sindicatos de preguerra porque as autoridades franquistas así o estableceron destruíndo a armazón, silenciando e terxiversando a súa memoria e de calquera elemento ou persoa que puidese facer recordar a existencia da realidade anterior a 1936. A decisión de non substituír inmediatamente o "vello" por o "novo" e deixar pasar o tempo confiando nas afíns sociedades católicas e nas sociedades mutuais, que operaban fóra do circuíto oficial, está en relación co desexo de desmolibizar á poboación rural e evitar que calquera bagaxe do movemento asociativo de preguerra puidese influír,

[168] CABO VILLAVERDE, M., (1999), *La integración... op cit*, p. 400

[169] Para unha información completa sobre como foi a implantación das Hermandades Sindicais nos concellos galegos, vd. LANERO TÁBOAS, D., (2001), *Las Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos en el campo pontevedrés: una aproximación a su proceso de implantación y primeros años de funcionamiento (1939-1959)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (TID inédito), p. 30 e ss.

mesmo simbolicamente, na reactivación a nivel social e político do campesiñado. Esta é a primeira sinal que nos leva a pensar que o campesiñado galego, asimilado a sostén inequívoco do réxime establecido polos sublevados, non era concebido como tal por estes máis que a nivel discursivo. Os feitos demostran que non foron tratados como afíns senón como parte dunha sociedade rural organizada á que era preciso represaliar as cabezas e desactivar a masa a base de negar unha continuidade organizativa. O franquismo non quería correr riscos cunha poboación á que actualmente se lle nega a capacidade para mermar nin unha pinga este sistema ao afirmar a súa condición de sumisos. O novo Estado tivo moi presente a necesidade de non relacionar o potencial asociativo anterior ao 36 coa súa organización sindical. Renunciou a el conscientemente ao evidenciar que se trataba dun substrato que podería ser artellado para operar como base para unha resistencia organizada.

Desta decisión derivou no desaproveitamento dos cadros directivos formados en décadas de experiencia organizativa. Non se trata unicamente de que, en razón da súa relación con realidades políticas afíns á Fronte Popular, fosen desbotados os directivos das sociedades de preguerra para acometer o labor de organizar o sindicalismo oficial. Isto podería supoñer que os reitores das sociedades confesionais ou das mutuas se abrisen camiño nos postos de prohomes e consellos das Hermandades, pero non foi así. O novo Estado demostrou a súa firme decisión de empregar este persoal formado e experimentado na xestión societaria noutros ámbitos e non para a posta en marcha do seu proxecto sindical.

Os postos de poder a nivel local, especialmente a administración municipal, serán os destinatarios principais deste capital humano. Na provincia de Lugo, por exemplo, atopamos exercendo algún posto de relevancia política nas primeiras xestoras a 38 persoas cun pasado relacionado con sociedades agrarias de preguerra, a maior parte deles procedentes de sindicatos católicos, pero tamén de sociedades de esquerdas, socialistas e republicanas. En A Coruña, o caso é parello ao de Lugo, podendo citar a modo de exemplo ao concelleiro de Aranga Ramón Pato Fidalgo, que fora directivo da Sociedade de Campesiños de Fervenzas, da UXT, ou do concelleiro de Laracha Jesús Rodríguez Carro, dirixente do Sindicato Agrícola de Soandres[170]. Unha realidade que nos fala do intento por continuar en postos de relevancia de moitas persoas e de intentos de sobrevivir esquecendo un pasado oscuro, pero tamén da escaseza de persoal que Falanxe tivo en Galicia, aspecto sobre o que voltaremos dada a súa transcendencia, que levou a que un réxime firme na decisión de non reutilizar persoal sindical ou societario, asumira a necesidade de cubrir postos políticos con algunhas destas persoas que sabía advenedizos e que moitas veces consideraba "desafectas" ou, cando menos, "indiferentes". Na administración local poderían ser "rehabilitados" algúns cadros que non sería pertinente que pasaran ao eido sindical franquista porque supoñían unha continuide que non era desexada. Esta decisión contrasta co acaecido no agro andaluz, onde dende os primeiros momentos da posguerra o sindicalismo do réxime tentou atraer ás súas filas a destacados militantes cenetistas cuxa traxectoria persoal non supuxera unha eiva para integralos, fenómeno que estará na base da

[170] AHRG. Goberno Civil. Informes dos concellos. Sig. G-2872

actuación "reformista" do sindicalismo andaluz "dentro da legalidade franquista" na década dos sesenta[171].

A negativa do Novo Réxime a reempregar o persoal e o acervo de experiencias das sociedades de preguerra galegas viuse acompañado pola mesma consideración cara aos seus bens patrimoniais. A bagaxe económica e infraestrutural podería perfectamente ser a base da nova organización sindical pero tampouco vai ser así[172]. Como xa sinalamos as incautacións dos locais e bens do sindicalismo de preguerra, os seus bens serán vendidos ou entregados para outros fins. Con iso trátase de percibir financiamento para o esforzo de guerra e preténdese borrar toda posible relación ou recordo das sociedades democráticas[173]. O desinterese por reempregar os bens inmobles do "vello" societarismo chega ao punto de que aínda en 1949 se segue anunciando no órgano de prensa que exerce a portavocía da COSA de Pontevedra a disposición de locais das antigas sociedades para o seu uso por parte das Hermandades,

"...insistiuse ante todas as Hermandades de Labradores e Gandeiros, advertíndoas que poden solicitar o emprego para fins relacionados con estas, de inmobles procedentes de organizacións marxistas ou sociedades agrícolas disoltas, bens que actualmente pertencen ao patrimonio da Delegación Nacional de Sindicatos, a cal lles cede ás Hermandades, simplemente con que as soliciten...é de esperar que se destinen a unha finalidade práctica os numerosos existentes na nosa provincia..."[174]

En conclusión, establecer unha Hermandade nun lugar onde existira unha sociedade agraria de esquerdas durante a República tería un valor simbólico que non podía soportar a armazón sindical vertical pola falla de calado social que padecían tanto a propia Falanxe como, especificamente o sindicalismo oficial, as Hermandades, no ámbito rural galego.

4.1.2 Damnatio Memoriae

Dende o mesmo momento do golpe de Estado hai un empeño manifesto por destruír a realidade asociativa existente no rural, xa non a nivel estrutural senón tamén no plano máis simbólico. Josefina Cuesta puxo esta cuestión de relevo ao referirse a dúas ferramentas empregados polos sublevados. Un mecanismo de esquecemento e

[171] BERNAL, A.M., (1993), "Resignación de los campesinos andaluces: la resistencia pasiva durante el franquismo", en SÁNCHEZ, I. et ali (ed.), *España franquista. Causa General y actitudes sociales ante la dictadura*, Ciudad Real, Universidad de Castilla La Mancha, pp. 145-159, pp. 156-159

[172] Existen contadas excepcións que confirman a norma: en Ponteareas onde o "Fogar do Produtor" está na sede da O. S. local, ou en Luou, onde a sede da SS.AA. actualmente coñécese como o "Teleclub", orixe da cooperativa católica.

[173] Nin sequera os aparellos agrícolas, incautados en boa parte das sociedades de preguerra da provincia da Coruña. Destacan as sociedades de Cercido, o Sindicato Agrícola de Casares e o Sindicato Agrícola de Cerdido, que reuniron varios arados, tres grades de ferro, catro sulfatadoras e sulfatadoras. Mesmo un touro semental que tiña en propiedade o Sindicato Sociedade Agraria de Mazaricos, da parroquia de Chacín, é posto, seguindo os consellos do Director da Granxa Agrícola da Coruña, en mans dun veciño de "recoñecida solvencia moral e que axudara ao Movemento", pero en ningún caso se sopesou a súa reutilización dentro dos servizos ofertados pola Hermandade de Outes, municipio ao que pertencía a Sociedade. AGA. Xustiza. Caixa 75/951

[174] AGRO, xaneiro de 1949.

de silencio que trata de borrar o pasado recente e un mecanismo de sustitución e imposición da súa memoria, unha que "deixara para olvido" á Segunda República[175]. Conforme avanzaba a guerra civil a Xunta de Defensa Nacional, a Xunta Técnica do Estado e, a partir de xaneiro do 38, o primeiro goberno franquista, apuntalaban ese labor desmantelador. Todo ía encamiñado a eliminar o recordo de persoeiros, institucións e leis vencelladas co tracto republicano[176].

Con esta finalidade inundará o discurso do réxime durante o primeiro franquismo a idea de que a guerra civil era un enfrontamento entre a España rural, relixiosa, mantedora das tradicións e a España urbana, estranxerizante e dexeneradora, o que colocaba a Galicia indubidablemente no bando dos sublevados, converténdoa en referente dos valores polos que se estaba en liza[177]. Ademais de nos discursos, nas obras de propaganda franquista en ningún caso se recoñece ás sociedades agrarias ningún labor que non fose o de axitadoras e de atalaias para o adoutrinamento ideolóxico. Luis Moure Mariño[178] en *Galicia en guerra* (1939) describe unha Galicia case idílica onde a penetración de ideoloxías disolventes fora moi limitada pola natureza das súas xentes e en particular polo "san sentido común das xentes do campo". Entre as causas, por separado dos tópicos ruralistas ao uso: "A serenidade e a desconfianza galega, que non se deixa arrebatar de calquera modo polas ideas que chegan con aire de novidade [...] o sistema minifundista da encomia campesiña de Galicia [...] ¿Como ían escoitar os labregos de Galicia, que tiñan [...] –as súas vacas e as súas terras- aos mercadores do comunismo, o único lema da cal cifrábase en lanzar denuestos contra a propiedade privada" (Moure, 1939:23-24).

Aínda que se fai referencia vaga ás cabezas de ponte establecidas por inmigrantes retornados ou mestres, non se menciona expresamente ás sociedades agrarias e o groso do libro adícase a enxalzar a contribución galega aoo "bando nacional" e a subliñar a "sinxela naturalidade coa que toda a rexión se sumou ao Movemento [...] dun xeito espontáneo, sinxelo, ateigado de limpa naturalidade".

Pola súa parte Joaquín Arrarás na súa *Historia de la Cruzada Española*, xa de 1941, alónxase da idílica visión dada por Moure, e enumera as resistencias ao golpe e os principais focos agraristas, en particular na provincia de Pontevedra onde segundo el "hábiles profesionais da perturbación social conduciran aos incautos campesiños aos brazos da Fronte Popular" (Arrarás, 1941:77). En todo caso en varias ocasións afirma que mesmo entre os campesiños afiliados a organizacións frentepopulistas o bo sentido se impuxera ná hora decisiva e poucos se sumaran a accións violentas.

---

[175] CUESTA, J., (2002), "La destrucción de la memoria de la Segunda República (1936-1944)", en *Histoire et mémoire de la seconde République espagnole*, París, París X, p. 348

[176] PALOMARES, J.M., (2004), "La depuración de la historia", en VV.AA., (2004), *La memoria de los olvidados. Un debate sobre el silencio de la represión franquista*, Valladolid, Ámbito Ediciones, pp. 37-43, p. 40

[177] Sobre o uso desta interpretación dicotómica en proclamas dos vencedores, MORADIELLOS GARCÍA, E. (2004), *1936. Los mitos de la Guerra Civil*, Barcelona, Península, pp. 19-22

[178] Notario lugués que foi falanxista de primeira hora e ao comezar a guerra civil formou parte da sección de prensa estranxeira da Delegación de Prensa e Propaganda e posteriormente sería redactor-xefe de Radio Nacional de España.

Na prensa sindical agraria do primeiro franquismo en Galicia e na publicística asociada ás Hermandades e ás UTECOs faise referencia en relativamente poucas oportunidades ao movemento agrarista de preguerra. Iso é tanto máis sorprendente cando se toma en consideración que a maior parte das iniciativas e funcións que pretenden cubrir as Hermandades tiñan antecedentes na actuación das sociedades agrarias de preguerra, aínda que obviamente nun contexto ben distinto. As mencións ao movemento agrarista teñen como obxecto recrear unha contraimaxe do aparato sindical agrario franquista para resaltar as súas supostas virtudes, reutilizar argumentos despregados ao longo das décadas anteriores contra as asociacións agrarias dende posicións *de orde* e moi en particular dende o mundo social-católico. Iso perséguese mediante dúas vías. A primeira consiste en silenciar por completo as actuacións das sociedades agrarias nos ámbitos educativo, cooperativo ou de divulgación técnica. O que perpetuaba o tradicional discurso do catolicismo social-agrario que presentaba aos seus sindicatos como eficientes e dedicados a resolvelos problemas prácticos dos agricultores mentres os *neutros* estarían animados unicamente por motivacións políticas e de proselitismo ideolóxico.

Precisamente a segunda vía para distorsionar a memoria do movemento agrarista dende os medios franquistas consistía en presentalo como un vehículo de manipulación do campesiñado e de difusión de ideoloxías estrañas. Négase toda continuidade coas sociedades agrarias, meros "focos de odios encirrados e avivados polos dirixentes que non buscaban con iso outra cousa que fomentar o clima propicio para as súas apetencias políticas"[179]. A política, con toda a carga valorativa negativa que a esta palabra se daba durante o franquismo e que en boa medida adaptaba a crítica rexeneracionista á Restauración, quedaba así convertida na única razón de ser dunhas sociedades agrarias que en realidade desempeñaban un amplísimo abano de actividades.

A única herdanza que se recoñecía ao movemento agrarista era negativa, posto que reforzaría a desconfianza do campesiñado galego cara a calquera intento de organizalos. O Delegado Provincial de Sindicatos de Pontevedra, Diego Aparicio López, no seu discurso ante a asemblea plenaria da Hermandade Provincial en 1946 invoca precisamente esa dificultade

> "Moitos creron que a constitución destas Hermandades era sinxelo xogo, un feito máis sen ningunha fin concreta, e era lóxica a vosa desconfianza. Aquelas sociedades agrarias que explotaban a credulidade e boa fe do honrado traballador tralos anos dunha República que estafaba os vosos

[179] "Carta aberta a Manuel Martínez (de Pazos)", AGRO, 1946. Comentarios deste tipo aparecen tamén nos informes que as Comisións de Incautación de Bens nos que se recolle, por exemplo, o informe da alcaldía de Oleiros que sinala que as sociedades constituidas nese concello tiñan como finalidade "de facer ostentación dunha forza política que non existía, a mesma pesou bastante nas pasadas eleccións de Diputados do Frente Popular, algún dos seus compoñentes, como o secretario, Marcial Castro Paradela exerceu no pasado bienio de Casares Quiroga o cargo de xuíz municipal, e o único que buscaba era figurar co fin de colocarse e subir políticamente" AGA. Xustiza. caixa 75/951

> intereses mentres facían o seu xogo buscando o medrar persoal dos caciques e líderes políticos"[180].

Sobre as sociedades agrarias cravábase outro estigma como era o da violencia, cando a propaganda franquista incorporaba á súa apoloxía do Réxime a orde lograda tanto a nivel exterior (mantemento de España á marxe do conflito mundial grazas á habilidade do Caudillo) como interior (paz social). Certamente o movemento agrarista fora asociado a episodios de violencia durante as fases máis agudas do conflito antiforal, en particular nos anos anteriores á Ditadura de Primo, e así mesmo o mantemento da unidade do colectivo de socios e a prevención da aparición de *free-riders* buscábase frecuentemente mediante a coacción e o boicot. Con todo, é inxusto (e sobre todo erróneo) situar a violencia como un dos trazos de identidade do agrarismo[181]. O grande mito da loita contra o foro, o masacre de Sobrado no termo municipal de Tui en novembro de 1922 de tres veciños a mans da garda civil ao tratar de impedir un embargo por non pagamento da renda foral. No órgano das Hermandades pontevedresas acúsase ás sociedades agrarias de "[lanzar] aos homes do campo ás eternas revoltas, dando como resultado en moitísimas ocasións que o sangue dos nosos campesiños empapase as súas terras ¿Non recorda vostede as vítimas de Sobrado? Pois eu téñoas na memoria"[182].

Hai que facer dúas salvidades. A primeira é que os cooperativistas das UTECO buscan reforzar a súa lexitimidade inseríndoa na mesma traxectoria dos sindicatos católicos de preguerra, cos que efectivamente existían moitos elementos de continuidade nas dúas provincias setentrionais. Salas Pombo expón que no rural galego "... nunca houbo sindicatos campesiños, nin a CNT nin a UXT lograron xamais proxectarse sobre o agro... os únicos ensaios serios foron os realizados polas Cooperativas Agrícolas e Gandeiras da Federación Católico-Agraria"[183]. A segunda que nun momento dado dende as Hermandades se debe tomar en consideración ás únicas sociedades que nun limbo alegal, sobreviviran ata os anos cincuenta (e de feito farano máis alá): as mutuas gandeiras ou *obrigas*. En concreto a principios dos anos cincuenta, cando se crean as Mutuas Sindicais de Previsión Pecuaria dentro das Hermandades e dentro da de Pontevedra desenvólvese unha polémica sobre se incorporar ás obrigas ou ignoralas, o cal en todo caso supoñía recoñecer a existencia dunhas asociacións que

[180] Discurso íntegro reproducido en AGRO, 1946. Nese mesmo número o director de AGRO, Enrique Quesada, rememoraba o "ambiente de frialdade, desconfianza e temor dos nosos campesiños, escaldados de politiqueos" ao iniciar a fundación das Hermandades.

[181] Unha reflexión sobre estes aspectos en CABO VILLAVERDE, M., (1999), *A integración... op cit*, pp. 469-477

[182] "Carta aberta a Manuel Martínez (de Pazos)", AGRO, 1946.

[183] Diego Salas Pombo (1918-2001), aínda que nado en Barcelona, era un bo coñecedor da realidade galega pois cursara estudos en Santiago con anterioridade á guerra e fora un dos fundadores na cidade de A Coruña d Falanxe e do SEU (do que trala vitoria franquista chegaría a ser secretario nacional). Os seus informes confidenciais sobre a situación en Galicia e na provincia da que estaba á fronte eran polo xeral perspicaces e en absoluto complacientes, polo que recorreremos a eles acotío ao longo do traballo. AGA. Presidencia. Caixa 51/20586

rompían os principios de "Unidade, Totalidade e Xerarquía" e constituían os restos do naufraxio do agrarismo de preguerra[184].

O discurso do réxime sobre Galicia debía confluír na imaxe dun país atrasado, un páramo desarticulado eternamente desatendido dende a Administración e no cal o campesiñado só era obxecto de interese para ser manipulado por demagogos sindicalistas e políticos para os seus propios fins. 1936 convertíase así nun verdadeiro "ano cero", cunha idea fundamental:

"a do agradecemento ao Caudillo e ao Movemento, que por primeira vez na historia, dedicou unha atención preferente ao problema do campo galego, tan abandonado eternamente"[185].

Neste esquema non podía ter cabida o movemento agrarista, que con todas as súas limitacións representara un claro avance na consolidación dunha sociedade civil artellada, precisamente a causa da súa meticulosa desarticulación. A memoria prohibida da experiencia asociacionista republicana serviu para facilitar a experiencia sindical promovida polo Novo Réxime, de aí o empeño das novas autoridades por maquillar a historia recente da Galicia rural, potenciando o silencio sobre a realidade sindical inmediatamente precedente. O mantemento da memoria asociativa quedou enteiramente relegado a espazos de confianza e privacidade, de onde escasamente acadou saír aínda na actualidade. Os mesmos contemporáneos, xa non as seguintes xeracións socializadas totalmente no franquismo, asumiron o esquecemento[186].

4.1.3 A represión do asociacionismo agrario nos outros fascismos europeos: Alemaña, Italia e Portugal

A desactivación do organigrama asociativo rural preexistente será unha pauta xenérica nos primeiros momentos da implantación de réximes fascistas ou fascistizados en

[184]O debate pódese seguir a través das páxinas de AGRO a partir do número correspondente a maio de 1949, con predominio das voces contrarias a absorber as obrigas por consideralas organismos arcaicos.

[185]Extracto do discurso de Diego Salas Pombo, gobernador provincial da Coruña, no Congreso Agrícola de Galicia de 1944, en CABO VILLAVERDE, M., (1999), *A integración... op cit.*

[186]Malia insistir reiteradamente ante os informantes de maior idade sobre a existencia e caracterización das sociedades e sindicatos durante a Segunda República, casi ningún puido darnos informacións, escasamente referencias indirectas. Sería longa a lista de persoas entrevistadas que negaban a existencia de ningún tipo de asociación ou sindicato de preguerra. Como exemplo o testemuño de D.R.P., de Begonte, provincia de Lugo que, malia a ter nacido en 1918 e unha gran memoria, afirma que antes das Hermandades non había organizacións asociativas nin no seu concello nin noutros. En realidade en Begonte conviviron dende 1931 ata o remate da guerra cinco sociedades, dúas cun carácter explicitamente agrario, a Sociedade Agraria Republicana de Izquierdas de Begonte e a Agrupación Socialista Agraria de Baamonde. Ou de M.G.P., de Présaras, no concello coruñés de Vilasantar, que lembra que "non houbo" sociedades agrarias no seu concello, que só funcionaban "as asociacións de traballadoras da fábrica de fiado" (refírese á Unión de Obreiros e similares da industria textil "La Hilatura de Présaras" e á Sociedade "La Montaña" de "Obreros de Hilar, Tejer y derivados" de Présaras). Segundo o rexistro de asociacións na parroquia de Présaras funcionaron a Sociedade Agraria de Labradores de Présaras e a Sociedade de Agricultores de Présaras. Entrevista a D.R.P., de Begonte e a M.G.P., de Présaras. AHPL. Goberno Civil. Asociacións. AHRG. Delegación Provincial de Traballo de A Coruña. Relación de Sociedades constituídas con arreglo á Lei de Abril de 1932.

toda Europa ou xa na súa escalada cara ao poder. Este converterase nun primeiro paso obrigado para a posterior creación de organizacións sindicais propias que, como lle é propio a este tipo de réximes, inserísense dentro do Estado. Este proceso de deconstrución-construción no caso do fascismo español presenta un comportamento similar na elaboración deste cometido ao caso de Alemaña, Italia e Portugal, como era de esperar nun réxime que adoitaba adaptar medidas e estilos dos gobernos deses países, pero mostra algunha característica distintiva que o afasta do paradigma xeral.

Estámonos a referir ao xa comentado *impasse*, un espazo temporal amplísimo no que o Novo Estado, tras desmantelar o sistema sindical existente non vai implantar un novo baixo os presupostos fixados pola ideoloxía nacionalsindicalista que ocupe o seu lugar. A excepcionalidade recae na existencia mesma deste período de baleiro, sen parangón no resto de Europa, onde os diferentes réximes optaron por impoñerse á estrutura societaria agraria preexistente, que acabou sendo sumida polos principios fascistas e o seu persoal afín con solución de continuidade. A excepcionalidade que conferiu ao caso español dentro do contexto europeo a existencia dunha guerra civil é de seguro a raíz da explicación deste comportamento non homologable.

Entre o dominio militar de Galicia, que inmediatamente quedou na retagarda dos sublevados, e a construción da alternativa asociativa en consonancia cos principios do Novo Estado este, insistimos, non realizou ningún intento por impoñer a súa ideoloxía e o seu *potestas* ao sistema sindical establecido previamente no campo nin de infiltrarse na armazón para tratar de facerse dende dentro con resortes de poder elaborando unha acción de zapa ou de conversión. Os seus esforzos encamiñáronse, como xa se comentou, á súa total destrución, moi ao contrario do acontecido tanto na Alemaña nazi, coma na Italia fascista e no Portugal de Salazar. Baixo estes réximes rexístrase un alto grao de continuidade no referente á permanencia das estruturas (locais, fondos económicos) e mesmo de capital humano, co que se asegurou a continuidade do funcionamento do sistema de sindicación no medio rural, iso si, baixo novos presupostos ideolóxicos.

As sociedades agrarias alemanas dan substanciais mostras da penetración dos principios nazis xa a finais dos anos vinte. O éxito do partido nacionalsocialista no rural alemán nas eleccións 1928 e 1930 non se explicaría sen o intenso labor de infiltración levado a cabo nas asociacións agrarias. Evidentemente o NSDAP tiña a finais dos anos vinte un terreo fertilizado para lograr calar e consolidarse no campo alemán e nas súas organizacións sindicais. Os efectos producidos pola crise agraria dos anos vinte, apuntados pola criticada postura separatista de moitos líderes agraristas de preguerra durante a ocupación francesa en zonas como a renana, colocaban nunha difícil tesitura ás devanditas organizacións e ós seus máis carismáticos dirixentes, sendo continuas as expresións de protesta do campesiñado alemán[187]. O nazismo aproveitou a crise existente para nazificar as devanditas organizacións e gañala adhesión campesiña e, baixo o liderato de Darré, desenvolver o seu programa de política agraria. O nacionalsocialismo non desarticulou senón que controlou ás sociedades agrarias preexistentes en Alemaña, o que supuxo un chanzo máis no seu camiño á completa

[187] OSMOND, J., (1993), *Rural protest in the Weimar Republic. The Free Peasantry in the Rhineland and Bavaria*, N. York, St. Martin Press, pp. 20-149

coordinación do sector agrario a través do *Reichsnährstand*. No estudo dos cadros da organización sindical pode identificarse a integración de persoal administrativo e técnico que proviña dos vellos sindicatos agrarios, das Cámaras Agrícolas, de organizacións agrícolas sectoriais e do *Landbund*, existindo unha adscripción praticamente automática que non implicaba inicialmente sequera a afiliación ao partido nazi[188]. O éxito foi o resultado da infiltración das organizacións agrarias dende os niveis directivos, a elaboración dun programa agrario atractivo para os produtores agrarios, a manipulación de movementos de protesta e a captación da base social dos numerosos partidos agrarios de base rexional.

A mesma debilidade de asociacións e cooperativas alemanas, que perdían membros e cotas de poder sobre a poboación a marchas forzadas, facilitou ao partido nazi levar a cabo unha contundente actividade de socavamento mediante constantes e numerosos mitins e manifestacións que acabaron transformando as asociacións agrarias democráticas en proclives ao nazismo, é a que pode atopase nos sindicatos agrícolas no Portugal pre salazarista. A transformación dos sindicatos agrícolas en *Gremios de Lavoura* foi aparentemente indolora xa que o golpe de Estado de Salazar tivo lugar nunha fase de evolución antisocialista e reaccionaria do movemento sindical portugués, o que non evitou que en 1939 fose decretado a súa extinción e integración na organización corporativa. Pero o paso de sindicatos a gremios realizouse de xeito automático, sen ningunha etapa de baleiro como a acontecida no Estado español. No caso portugués, as continuidades entre o "vello" e o "novo" son moito máis evidentes que no caso alemán, xa que, como aqueles, dispuxeron de edificios, mobiliario e fondos económicos, pero, ademais, herdaron a mesma ideoloxía interclasista e paternalista e, frecuentemente, os mesmos corpos directivos[189].

En Italia o fascismo desencadeou a violencia squadrista ante a cómplice inhibición das autoridades do Estado liberal, golpeando con dureza as organizacións de clase. Así e todo, este despregamento coercitivo ía acompañado frecuentemente no caso das cooperativas da imposición en asembleas indubidablemente mediatizadas dunha nova dirección, posto que o obxectivo era descabezar o liderato do movemento cooperativo pero non extirpalo como tal, posto que se mantiña técnicos e empregados naqueles casos en que se lles considerase reciclables. Así mesmo, sóubose aproveitar a diversidade de intereses entre os braceiros e as restantes categorías como os parceiros, arrendatarios e pequenos propietarios, que non se sentían representados nin defendidos no discurso e a praxe da Federterra socialista e sobre os que repercutían as alzas de salarios agrícolas e as condicións de traballo nos distintos *patti* provinciais. En parte forzada e en parte voluntaria segundo os casos, o que interesa subliñar aquí é que o transvasamento dos cultivadores da terra ás organizacións fascistas era o obxectivo das campañas, non a simple destrución das organizacións de signo contrario[190].

[188]FARQUHARSON, J.E., (1986), "The Agrarian Policy of National Socialist Germany", en MOELLER, R. G. (ed.), *Peasants and lords in Modern Germany: recent studies in agricultural history*, Boston, Allen and Unwin Ed, pp. 71-75, 233-259

[189]LARCHER GRAÇA, L., (1999), *Propiedade e agricultura: evoluçâo do modelo dominante de sindicalismo agrário em Portugal*, Lisboa, Consello Económico e Social, pp. 225-231

[190]CORNER, P.R., (1974), *Il fascismo a Ferrara*, Roma, Laterza, p. 81

De feito a énfase no cooperativismo será un dos puntos fortes da política agraria fascista unha vez no poder, como parte da súa aproximación "técnica" aos problemas agrarios[191].

Así pois, a opción franquista amósase diferente á seguida polos outros fascismos europeos. A existencia dun período de varios anos caracterizado pola ausencia total de marcos de sindicación xerados e coordenados polo Estado saído da guerra civil ven dado polo afán de destruír de raíz a experiencia sindical precedente e pola súa firme pretensión de xerar unha total pasividade na poboación rural. Non era cuestión de impoñerse e subsumir estruturas ou mecanismos que puidesen recordar, dalgún modo, actuacións pasadas, senón de deixar ermo de organización ao mundo rural para conseguir a súa desmobilización. Ademais deste desexo de que non quedase en pé nada da experiencia inmediatamente precedente de sindicalismo rural, debemos ter presente a realidade de partida do franquismo, a guerra civil. A devandita orixe diferénciao dos réximes europeos análogos, e axuda a comprender a existencia dunha severa represión e do "período de ninguén". Sen dúbida, o episodio bélico fixo que as distintas "sensibilidades" dentro do bando golpista, antes de asegurarse a vitoria, se limitaran a poñerse dacordo naquilo que debía ser erradicado, dilatando e atrasando a concreción dun plan común de construción do seu propio proxecto. Porque, mesmo despois, unha vez proxectada a armazón sindical oficial, tanto o partido oficial que debía levar a cabo a fascistización da sociedade rural galega, como o vencello que o Estado estableceu coa poboación rural a nivel local, as Hermandades, non dispoñían dos medios para acometer a devandita tarefa, xa non pola negativa a reutilizar estruturas, experiencias e persoas de valía con vinculación ao sindicalismo precedente, senón, como os seus mesmos responsables manifestan, pola súa imposibilidade para impoñer unha unidade sindical real.

O recoñecemento desta incapacidade ten especial relevancia nun caso como o galego onde o novo réxime contou con tres anos máis para lograr impoñer a súa presenza que en moitos outros territorios do Estado onde o conflito bélico tardou en dilucidarse e onde, ademais, o sindicalismo de corte confesional era especialmente débil. A consagración desa ruptura que significa o franquismo na traxectoria deste asociacionismo agrario que nace en Galicia na crise finisecular vai ser a creación das Hermandades. Entre unha e outra realidade, entre a destrución da tradición asociativa anterior e a implantación real das Hermandades, esténdese practicamente un decenio, unha verdadeira terra de ninguén na cal se tolerou a pervivencia de determinadas modalidades asociativas consideradas proclives ou inofensivas ao novo réxime, pero que en todo caso non eran creación súa nin respondían ás aspiracións dos sectores que se identificaban coas experiencias totalitarias europeas. As Hermandades de Labradores e Gandeiros poderían supoñer un paso inicial para o verdadeiro encadramento da sociedade rural nas organizacións fascistas, unha vez eliminados de escena vía integración no sistema os últimos restos de pluralismo sindical aparente, os sindicatos católicos. Porén, como tampouco o supuxo a propia FET, as Hermandades non significaron en Galicia mobilización, senón que funcionaron como un instrumento

[191] BONFANTE (et al.), (1981), *Il movimento cooperativo in Italia. Storia e problemi*, Turín, Einaudi, pp. 180 e ss.

de control e dominación do campesiñado[192]. Non se pretendeu nin se buscou nos anos inmediatos á sublevación a súa mobilización a favor do Réxime, a diferenza do acontecido no resto de países con réximes análogos, senón mantelo nunha pasiva resignación.

O franquismo arrasou con todo o que significara a politización e artellamento do mundo rural nas súas ansias de convertelo nun espazo inerme, facilmente sometible, dócil e illado. Pero o custo estivo en non poder construír de maneira rápida e sen atrasos a súa propia opción de sindicalismo como fixeron os seus homólogos europeos. Neste ámbito albíscase, como noutros que veremos máis adiante, que ºs lindes que a realidade social herdada impuxeron aos proxectos de control absoluto sobre todas as actividades sociopolíticas que o falanxismo pretendeu con insistencia durante os primeiros anos do réxime unidos aos colleitados noutros ámbitos (educativo, relacións laborais, etc.) certificaron na práctica o fracaso do maximalismo totalitario falanxista" (Majuelo, 2001:148-149).

Reparar na destrución do agrarismo e no desartellamento da sociedade civil que leva asociado axuda a valorar na súa xusta medida as manifestacións de conflitividade e protesta que nos anos corenta e cincuenta teñen como protagonistas a labregos. Saídos dun episodio de represión que os afectou a todos os niveis, conscientes da criminalización que o novo Estado fixera da asociación e da politización e amedrentados polo alarde de forzas de orde exhibido, moitos foron quen de deixar traslucir rexeitamento e malestar social. Durante o franquismo as estratexias de resistencia en ocasións quedan confinadas ao ámbito do privado e xeralmente vóltanse parte do cotiá. Para moitas comunidades o contrabando ou levar o gando a pastar nun monte repoboado eran actitudes necesarias para a súa reprodución económica, pero tamén eran rupturas conscientes das disposicións do poder político dominante. Estas e outras moitas actitudes, case sempre anteriores ao propio réxime autoritario, inscríbense e mestúranse cos modos de vida. Son manifestacións máis sutís que as transgresións abertas que evitan prexuízos como multas, enxuizamentos ou mesmo a prisión. Son as mostras de conflitividade, e por tanto de resistencia civil, máis racionais ante a postura tomada polo Estado, negador de toda "válvula de escape".

4.2 Definidores da conflitividade rural ante o franquismo: acción estatal

Como sinala James C. Scott, "segundo as circunstancias ás que se enfrontan, os campesiños poden oscilar entre a actividade electoral organizada e os enfrontamentos violentos, e os actos silenciosos e anónimos de retrasar o traballo e os furtos. Esta oscilación nalgúns casos pode deberse a cambios na organización social do campesiñado, pero é igualmente posible, ou quizais incluso máis, que se deba a cambios no nivel de represión" (Scott, 1997:36).

A guerra civil supuxo o inicio da transformación das estruturas sociais, das elites, da política e das institucións. A inversión da orde existente imprimiu un carácter es-

[192]LANERO TÁBOAS, D., (2005), *Sindicalismo agrario franquista en la provincia de Pontevedra... op cit.*

pecífico ás formas de protesta rural. Baixo o réxime franquista toda protesta aberta e opinión crítica directa destinaba aos seus protagonistas ou sustentadores a ser obxectivo prioritario de represión, de aí que a resistencia política activa, da que a loita armada é a actuación máis subliñable, e a conflitividade directa e aberta, tomaran carta de natureza de maneira moi minoritaria no agro galego. As persoas, campesiños ou non, non participan en formas de conflitividade que consideran inviables, e as formas abertas, e organizadas deixaron entón de ser unha opción racional. Ante esa inviabilidade, o campesiñado optou por poñer en marcha outro tipo de tácticas e métodos para expresar o seu descontento e facer patente as súas demandas que, cando menos a priori, supuxeran menos custos.

Apoiamos a premisa verbalizada por Rafael Durán cando sostén que "a percepción que poidan ter os colectivos sociais inmersos en situacións conflitivas respecto de oportunidades ou constricións ás súas mobilizacións é determinante na configuración do repertorio de formas de loita susceptibles de emprenderse nun contexto de cambio de réxime político, así, optan por unhas ou outras accións colectivas en función da alteración ou continuidade da relación custos-beneficios percibida na súa interracción cos cales ostentan o poder estatal..." (Durán, 2000:38). Para Klandermans os custos percebidos son un importante motivo que modula e explica a ausencia/presenza da acción colectiva. Entende que estar motivado para participar en accións colectivas está vencellado á percepción dos custos e beneficios que ocasionan e/ou reporta a participación. Débense ter en conta tanto os custos persoais (tempo, diñeiro, problemas coas autoridades, económicos, etc.), como os custos "normativos", aqueles derivados da presión exercida por familiares, amigos e veciños[193].

As maneiras que adoptan os conflitos, base da resistencia civil, responden a unha multitude de condicionamentos, entre eles e sobre todo, ás condicións concretas que o sistema político de cada momento impón. Que a "estrutura" da situación afecta ás accións é innegable, como a capacidade destas accións para reflectirse nas estruturas existentes e mesmo mudalas. Coincidimos con Tarrow e Tilly en que a acción colectiva se desenvolve a partir das posibilidades de participación que aporta o Estado. É o poder e as súas normas quen definen que é conflito e resistencia en cada réxime e en cada momento. A maneira en que estes actos de conflitividade son perseguidos, sancionados e reprimidos, en función da conxuntura política do momento, aporta un claro indicio da marxe de tolerancia existente e de que é considerado "desviado" e mesmo "subversivo" por parte do Estado. A visión que este ten das diversas accións e as súas reaccións ante as mesmas contribuen a definir o seu significado, a falta de poder inferir as motivacións dos que as protagonizan. O Estado ocupa, así, un papel central na análise da conflitividade e da resistencia.

No caso do Estado franquista, todo aquilo que ía en detrimento dos seus presupostos sociais, económicos e ideolóxicos era perseguido e reprimido como oposición. Todo conflito era entendido polas autoridades como mostra de resistencia e de antifran-

[193]KLANDERMANS, B., (1997), *The Social Psychology of protest*, Oxford, Blackwell Publishers; KLANDERMANS, B. et ali., (2000), "Injusticial and adversarial frames in a supranational political context: Farmer's protest in the Netherlands and Spain", en DELLA PORTA, D., et ali., (ed.), *Social Movements in a Globalizing World*, Londres, MacMillan Press.

quismo, e convertido nun asunto especificamente político[194]. Sirva como exemplo que os "actos individuais ou colectivos" que dalgún modo turbaran "a normalidade da produción" ou atentaran contra ela eran definidos polo Estado como "delitos de lesa patria" e obxectos de dura sanción (Molinero e Ysás, 1998:1-12). Xunto á aniquilación física a ditadura franquista asegurouse o control e un importante grao de submisión da poboación ao longo da súa traxectoria a través dunha plétora de normas, decretos e leis nos que se confundían os delitos contra o Estado cos delitos de orde pública[195]. A concatenación de decretos e leis relativas á desaparición da disidencia e ao control social foise elaborando dende a temperá data do 25 de outubro de 1936, na que un decreto suprimía toda a actividade política e sindical e non culminará ata a creación do Xulgado e Tribunal de Orde Público en decembro de 1963. A efectividade destas medidas de represión é en boa medida a que determina a configuración das formas de protesta, en canto que é a súa validez que a obstaculiza severamente unhas formas, potenciando outras.

A resistencia civil non debe ser entendida como "prepolítica" porque o propio Estado converte as súas manifestacións en políticas definíndoas e penándoas como tal. Evidentemente hai graos. Non se trata de que as percibira como unha ameaza para o seu mantemento, como o era a oposición antifranquista, pero ían en contra do seu ideal de paz social, e rachaban co férreo control social que tiñan implantado, de aí que foran duramente castigadas e silenciadas[196].

Na Galicia rural dos anos corenta e cincuenta a vida cotiá viuse politizada e criminalizada, dado que o seu control e en moitos sensos desartellamento, constituía un interese supremo para o réxime. A esfera das relacións, tanto amistosas como sexuais, acabaron estando sometida a un especial escrutinio. Por iso os desvíos cometidos nesa vida cotiá con respecto ás normativas e leis impostas son vistas como mostra de hostilidade para co "Movemento". O réxime politizou tanto as relacións como as actitudes, moitas delas asentadas na "economía moral", e por iso tratou de estar ao tanto de

[194]Moitos autores se teñen achegado a aspectos da conflitividade laboral para coñecer a resistencia política no tardofranquismo. Porlo tanto no ámbito urbano e obreiro permítese unha relación clara entre conflitividade con medidas puntuais e próximas e unha ulterior concienciación contra o sistema político que no mundo rural parece non ser lícito facer. Sobre a conflitividade laboral existe unha extensa bibliografía que abrangue a práctica totalidade da xeografía española MOLINERO, C.; YSÁS, P., (1998), *Productores disciplinados... op. cit*; ORTEGA LÓPEZ, T. M., (2003), *Del silencio a la protesta ... op cit*; RFIG, R., (1999), "Repertorios de la protesta. Una revisión de la posición de los trabajadores durante el primer franquismo", en SAZ, I.; GÓMEZ RODA, A., (eds.), *El franquismo en Valencia. Formas de vida y actitudes sociales en la posguerra*, Valencia, Espisteme, pp. 37-76; DOMÉNECH SAMPERE, X., (2002), "El problema de la conflictividad bajo el franquismo: saliendo del paradigma", *Historia Social*, 42, pp. 123-143; GARCÍA PIÑEIRO, R., (1990), *Los Mineros asturianos bajo el franquismo: 1937-1962,* Madrid, Fundación 1º de Mayo; GÓMEZ ALÉN, J., (1995), *As Comisións Obreiras de Galicia e a conflictividade laboral durante o franquismo*, Vigo, Xerais

[195]ARÓSTEGUI, J., (1994), "Violencia, sociedad y política: la definición de la violencia", *Ayer*, 12, pp. 17-55, p. 24

[196]A prensa ou documentación con finalidade de ser pública non recollen estes actos de protesta e resistencia, de aí a importancia de analizar a documentación interna do sistema para poder aprehendela. Igual ocorría para o resto de sistemas fascistas europeos, por exemplo, o estudo da resistencia civil fronte o estalinismo tense feito a partir dos *svodki*, informes secretos da Policía Política, e a consulta dos documentos da policía política portuguesa, a P.I.D.E., amosáronse indispensables para facer o propio no caso do réxime salazarista.

todas as posibles transgresións exercendo un férreo control social. O franquismo converteu en delito moitos comportamentos propios da costume co que conseguiu reforzar os principios de xerarquía e subordinación social dos que facía gala. E para controlar á poboación e criminalizar os seus actos cotiás primouse a presenza do que Ramón García Piñeiro denomina "tupida rede de uniformados" (García Piñeiro, 2002:45), policías, falanxistas, curas e militares. O seu despregue no mundo rural asegurou a total prepotencia dos actos de forza que perseguían ter un carácter exemplarizante, cun efecto intimidador e aleccionador. Con todos eles o labrego debía comportarse obsequioso, pois a súa violencia exercíase non só para destruír ao disidente, senón porque se estimaba que só nela se podía fundamentar a pretendida orde social.

A importancia dada a estes "delitos" por parte do Estado queda clara ao constatar que moitos deles caían na competencia da xurisdición militar, derivada en principio da situación bélica, pero que non conclúe coa fin da contenda. Ao contrario, finalizada ésta, continúa a tendencia a atribuir a esta xurisdición o enxuizamento dos máis diversos feitos que constitúen a resistencia civil. Así, a represión dun delito común, como é o acaparamento endurécese por medio dunha ampliación do contido do delito, a agravación inusitada das penas, e fundamentalmente, pola atribución do seu coñecemento aos tribunais militares. Igualmente ocorre con formas de resistencia como o espallamento de rumores contrarios ao sistema ou as súas autoridades[197].

O similar carácter represivo dos sistemas fascistas e a existencia dunha lexislación semellante en canto a políticas a implantar no medio rural, é, evidentemente, un dos motivos que explica a similitude de actitudes de protesta no mundo rural europeo no período de vixencia de tales sistemas[198]. Así, debe recoñecerse que a diversidade e a natureza das formas de conflitividade gardan unha estreita relación coas características do Estado en cuestión. Por exemplo, o nivel de protestas nos países ocupados polos nazis dependeu do nivel de imposición ideolóxica implantada sobre a poboación autóctona, que variaba dacordo coa visión que o ocupante nazi tiña da poboación en

[197] A disposición máis significativa neste senso é a Lei de Seguridade do Estado, de 29 de marzo do 41, que, nunha concepción moi ampla deste termo, atribue á xurisdición militar os delitos do Código Penal de carácter esencialmente político e "os comúns con móviles políticos", aumentando tamén de paso as penas correspondentes. Á xustiza militar compete xulgar dos delitos contra a seguridade interior e exterior do Estado e sobre o Goberno da Nación (inclúe traición, guerrilla, levantamento separatista e todo tipo de subversión contra o goberno; a creación de asociacións paramilitares, a tenencia de armas e a destrución de dependencias militares, fábricas, vías de comunicación e igrexas. Tamén a participación ou indución a estes delitos en igual medida e, asimesmo, a propaganda e apoloxía destes), delitos contra o Xefe do Estado, revelación de segredos políticos e militares, a circulación de novas e rumores perxudiciais para a seguridade do Estado e ultraxes á Nación, especialmente a súa unidade e aos seus símbolos; asociación e propaganda ilegal, e a propaganda desas mesmas; folgas e suspensión de servizos públicos; atentados e ameazas contra autoridades e funcionarios e roubos a man armada e secuestros. Sobre o alcance da xustiza militar, vd. LANERO TÁBOAS, M., (1996), *Una milicia de la justicia. La política judicial de la justicia (1936-45)*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales

[198] Como ben sinalan Edwards e Scullion a "estrutura" da situación afecta ás accións, e as accións reflíctense nas estruturas existentes. EDWARDS, P.K.; SCULLION, H., (1987), *La organización social del conflicto... op cit*, pp. 31-32

cuestión e da liberdade para actuar concedida[199]. E, ao igual que na era post-Estalin nos países do Leste de Europa, o franquismo e as súas forzas represoras tiñan un efecto profiláctico máis que punitivo, é dicir, existía unha forza disuasoria xeral. O réxime encargábase de facer ver á xente o temible de verse envolto en "indesexables" actividades potencialmente conflitivas, aspecto que debe terse en conta á hora de considerar as accións de protesta existentes[200].

Pero o potencial de comparación da conflitividade e resistencia existente non ven dado unicamente pola semellanza da acción estatal fronte ás comunidades rurais destes países. Como comenta Charles Tilly, o repertorio de actuacións non é só un conxunto de formas de acción colectiva practicadas, é unha creación cultural que resulta da historia das mobilizacións emprendidas ata entón, é o retomar das formas de loita que lle son propias, e debe terse en conta, como factor explicativo central da súa natureza, a medida en que esas formas de loita veñen determinadas polas oportunidades e/ou constricións conxunturais percibidos pola sociedade[201]. Esta percepción, definida pola interacción co poder estatal, é a partir da que se configura a panoplia de formas de conflitividade[202]. É de destacar, pois, a importancia da pegada dos fenómenos de resistencia pasadas, mesmo das históricas, das que os modos poden ser rastrexados nas oposicións presentes, como outro dos condicionamentos da tipoloxía das formas de protesta. A diferenza do que se poida pensar, os repertorios de protesta entre os que unha poboación pode optar son máis limitados e a escolla está definida, entre outras cousas, polas tácticas empregadas de maneira histórica e que se manteñen na mentalidade colectiva desa poboación[203].

4.3 Definidores da conflitividade rural ante o franquismo: a "cultura de resistencia"

Un fenómeno como a conflitividade sempre está moi condicionado pola evolución do escenario histórico global, de forma que as súas motivacións, obxectivos e estratexias varían ao tempo que o fan estas condicións xerais. Tentar discernir a conflitividade de etapas anteriores a posguerra é preciso para reflexionar sobre as liñas de continuidade

[199] Así, por exemplo, mentres que noruegeses e holandeses foron tratados con "máis benevolencia", os belgas tiveron que soportar unha interferencia completa na súa vida cotiá, MOORE, B., (2000), "Comparing Resistance and Resistance Movements", en MOORE, B., (ed.), *Resistance ...op cit,* pp. 249-262, p. 254

[200] Para pormenorizar no caso no disenso nas antigas democracias socialistas do Leste, BRAUN, A., (1989), "Dissent and the State in Eastern Europe", en FRANKS, C.E.S., (ed.), *Dissent and the State*, Oxford, Oxford University Press, pp. 111-137

[201] TILLY, Ch., (1986), *The contentious French...op cit.*

[202] DURÁN MUÑOZ, R., (2000), *Contención y transgresión. Las movilizaciones sociales y el Estado en las transiciones española y portuguesa,* Madrid, Centro de Estudos Políticos y Constitucionales

[203] Esa identificación de tradicións de resistencia é claro no caso da resistencia francesa á ocupación nazi, onde é posible facer un "dejá vu" cara formas de resistencia á autoridade da Revolución de 1789 ou á Constitución de 1793.

e de ruptura que esta presenta na etapa franquista[204]. As formas de protesta que adquiren os conflitos coa Administración franquista denotan unha ruptura evidente coa etapa inmediatamente precedente (1900-1936), consecuencia da destrución dos anteriores instrumentos de organización, e, no seu conxunto supoñen a reactivación de formas históricas de resistencia. Reactivación no senso de pular que non de recuperación xa que, en ningún momento, nin cando existían outras opcións para canalizar a protesta, como durante a Segunda República, foron abandonados[205].

A economía moral do campesiñado puido preservar formas colectivas de xestión na propiedade, no usufructo e na apropiación diferencial do traballo, que axudaron a tecer redes intanxibles de amizade, confianza e contraprestacións dadas/agardadas entre as familias veciñas dunha mesma aldea. Como sinalan X. Jardón et ali, "estas redes e a existencia dunha ética thompsoniana do "xusto/inxusto", xunto coa demostrada capacidade para adaptar o seu repertorio de estratexias de resistencia á existencia dun bloque de poder compacto ou feble en todas as épocas históricas e espazos xeográficos, integran o conxunto dos "recursos culturais" imprescindibles para toda mobilización" (Jardón et ali, 1997:18)

Non se trata, como facían os líderes agraristas do primeiro terzo do século XX, de retrotaerse invocando as revoltas Irmandiñas do século XV. O referente histórico, e non mítico, é suficiente buscalo no século XIX, máis concretamente na segunda metade da centuria, pois é aí onde a conflitividade rural se orienta a facer fronte a presenza dun Estado en constante consolidación e, polo tanto, cada vez máis presente na vida cotiá. Ata o oitocentos, a conflitividade caracterizouse pola abundancia de estratexias de baixo risco, a maneira da resistencia cotiá, con puntuais momentos de formas máis abertas como o establecemento de preitos ou a realización de motíns. Os episodios de acción colectiva estiveron relacionados coas agresións exteriores á comunidade rural polas esixencias de nobreza e igrexa, sendo os principais motivos de conflito as ameazas á seguridade da tenza da terra, as trabas ao aproveitamento dos montes, os dereitos señoriais, e as crecentes esixencias dos décimos e trabucos[206].

Cando no século XIX os liberais asumiron o rol que tradicionalmente tiñan nobres e eclesiásticos, as formas de conflitividade dirixíronse contra a lexislación que trataban de impor, que operaba como unha forza externa trastocadora dos marcos de existencia das comunidades campesiñas. Estas aproveitaron a crise nos mecanismos de coerción estatal para acadar o éxito nas súas formas de protesta. Así, nun primeiro momento, e ata case a década dos cincuenta, a debilidade amosada polo réxime foi aproveitada

[204]Unha reflexión sobre a importancia das dimensións clásicas das formas de conflitividade nas formas de conflito da contemporaneidade en ALVES CALEIRAS, J.M. (1999), *Globalizaçao, nova ordem regulatória agrícola e mal-estar social: estudo dos conflictos rurais en Portugal entre 1986 e 1996*, Coimbra

[205]Un percorrido histórico sobre as formas de resistencia do agro galego, en HERVÉS SAYAR, H., et ali., (1997), "Resistencia e organización, a conflictividade rural en Galicia desde a crise do Antiguo Réxime ao franquismo", *Noticiario de Historia Agraria,* 13, pp. 165-191; JARDÓN PEDRAS, X.; MARTÍNEZ RISCO, L.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (1997), "Resistencia ó Estado e Adaptación ó mercado. Unha caracterización dos Movementos Sociais na Galicia rural contemporánea: 1808-1997", *Arquivos da Memória*, 3, pp. 15-33

[206]REY CASTELAO, O., (1995), *Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela

polos campesiños galegos para incrementar a conflitividade e maximizar a fraude fiscal, o impago de rendas e os amotinamentos contra os aparatos fiscais e xudiciais da época, contribuindo así de certa maneira a finiquitar o Antigo Réxime[207].

Non foi ata despois do remate das guerras carlistas, en 1840, e do paulatino asentamento do réxime liberal, malia aos enfrontamentos ideolóxicos e a precariedade económica, cando os alvos da conflitividade rural comezaron a ser as disposicións liberais, nomeadamente, o remozado sistema tributario, as novas formas de recrutamento militar e a lexislación forestal. A presenza dun Estado en proceso de consolidarse provocou a desaparición de vellas causalidades de conflito, pero xerou novos motivos e tamén novas formas e manifestacións de conflitividade. A resistencia campesiña fronte a penetración da propiedade privada e a desarticulación do comunal manifestouse cos medios habituais e coñecidos de acción colectiva e, con eles, combináronse outro tipo de protesta, non colectiva, a que o Estado considerou delictiva. Así, métodos como a emigración ou a automutilación, mecanismos de resistencia as quintas mesturáronse con formas como os motíns contra as contribucións ou os preitos en defensa do seus dereitos de propiedade e uso das terras comunais[208]. A reforma agraria liberal converteuse no principal "pretexto para a acción" (González de Molina, 2000:267-268) e a protesta predominante tivo as características dun conflito comunitario en defensa dun modo de uso dos recursos e dun tipo de relacións sociais propias do campesiñado, fronte a implantación da propiedade privada e mercantilización cada vez maior de elementos precisos para a reprodución campesiña.

Carlos Velasco e outros autores teñen demostrado a falsidade histórica da imaxe tópica dun campesiñado galego decimonónico carente de conciencia social e de recursos culturais para mobilizarse contra as formas de opresión exercidas por elites e Estado, unha imaxe falsa construída a consecuencia do tremendo impacto da crise de 1853 (cólera, pragas, fame, etc.) e da conseguinte sangría poboacional que levou á emigración masiva cara Latinoamérica[209].

A mudanza máis evidente na conflitividade no agro galego operouse no período que marca o comezo do século XX e a guerra civil e vén definida polo artellamento da poboación rural mediante a adopción de formas de asociacionismo que, pola vía do agrarismo, asumen unha estrutura estable e institucional. Dito proceso de autoorgani-

[207] VELASCO SOUTO, C. (1995), *Agitacións campesiñas na Galiza do século XIX*, Noia, Edicións Laiovento. Como sinala Tarrow, a percepción desta debilidade ou vacío de poder, da creba do poder estatal, fai vislumbrar aos colectivos sociais unhas posibilidades de radicalizar as súas accións de presión e protesta. Case todos os estudosos dos movementos sociais sinalan o influxo da capacidade política e coercitiva das autoridades para aplicar a lei e a orde no estalido das accións colectivas, é dicir, a crise política opera á maneira de desencadeante. O Estado convértese nun factor explicativo relevante, enfatizando o nivel de control social ou represión con que responden as autoridades políticas. É o que D. Della Porta denomina *policing of protest*. TARROW, S., (1997), *Poder en movimiento. Los movimientos sociales, la acción colectiva y la política*, Madrid, Alianza Editorial, p. 104; DELLA PORTA, D., (1995), *Corruzione e democrazia: sette paesi a confronto*, Napoles, Liguori, pp. 11

[208] BALBOA LÓPEZ, X. L., (1988), "Quintos e prófugos: os galegos e o servicio militar no século XIX", CASTRO, X.; JUANA, J. de, (ed.), *V Xornadas de Historia de Galicia*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense; BALBOA LÓPEZ, X.L., (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais

[209] VELASCO SOUTO, C. (1995), *Agitacións campesiñas... op cit,* p. 104

zación permite falar dunha comunidade campesiña no camiño cara a transformación en sociedade civil a partir da apertura de novas formas e canles de expresión para as súas reivindicacións e de mudar as dimensións no que a acción colectiva se refire. O movemento agrario galego foi unha forma de mobilización social que reacciona ante os cambios e mudanzas que a crise agraria finisecular provoca no mundo rural. Nomeadamente, foi unha resposta social ante os novos retos plantexados pola restruturación da economía capitalista, a partir da mundialización do mercado de produtos agrarios. O movemento agrario galego naceu tamén ao calor da nova estrutura de oportunidades políticas xurdidas no cambio secular como consecuencia do establecemento do sufraxio universal masculino en 1890 e da promulgación da Lei de Asociacións de 1887 e a posterior Lei de Sindicatos Agrícolas de 1906, que plasman o aumento das posibilidades de acceso á participación electoral e societaria[210].

O agrarismo serviu de canle de interacción entre elites procedentes do mundo rural e o campesiñado, de vehículo de relación co poder local, de entramado difusor do cambio técnico e de colchón atenuante das restruturacións do mercado, así como, e é o que aquí nos interesa, de canalizador do conflito social no rural[211]. Entre 1900 e 1936 moitos dos motivos e das formas de expresión de conflito teñen un carácter secular, pero aparecen novas formas conquerindo a acción colectiva novas dimensións, en virtude da aparición de soportes organizativos potenciados polo movemento agrarista[212]. O agrarismo supón novas formas de organización (sindicatos e sociedades) dirixidas á compra colectiva de *inputs* agrícolas (adubos, sementes seleccionadas, praguicidas, etc.) ou a comercialización da produción excedentaria (venda colectiva de gando vacún salvando intermediarios), pero tamén a loita colectiva, cun programa de reivindicacións, pola propiedade plena da terra ou aos esforzos colectivos subsidiarios da acción do Estado en ámbitos como o educativo ou a divulgación agronómica. Hábitos colectivos como a participación en mítins e nas chamadas "festas agrarias" con motivo da inauguración de locais sociais ou diferentes aniversarios xeralizáronse, xunto co emprego de medios de protesta novidosos naquel entón como a folga e as manifestacións.

Estas formas colectivas de mobilización que se institucionalizan a través das sociedades agrarias teñen como complemento as estratexias definidas por Scott como "resistencia cotiá". Non se pode esquecer que con estas "formas ordenadas de protesta" (Cruz Artacho, 2000:174) coexistiron e conviviron estratexias de protesta cotiá que respostaron a motivacións e liñas de actuación que completaban espazos de conflitividade existentes. Unha relectura dos espazos de conflitividade campesiña demostra que estas formas de protesta encontraron acomodo nun escenario definido pola imposición do aparello estatal e no proceso de diferenciación interna da comunidade campesiña galega por efecto do avance da mercantilización das súas economías na súa adaptación ás prácticas capitalistas. Formas percibidas polo Estado como "delitivas" que son o

[210] CABO VILLAVERDE, M., (1999), *A integración política do pequeño... op cit,* pp. 41-88

[211] ROMÁN LAGO, I.; BERNÁNDEZ SOBREIRA, A., (2005), "Agrarismo en la Galicia Contemporánea: entre el populismo y la reivindicación social", *Actas del XI Congreso de Historia Agraria*, Aguilar de Campó, pp. 1-21, p. 1

[212] HERVÉS SAYAR, H., et ali., (1997), "Resistencia e organización... *op cit.*, pp. 181-186

resultado de estratexias que pretendían manter vixentes tradicións no sistema de produción e reprodución social ante as mudanzas provocadas pola consolidación do Estado nacional[213].

É necesario subliñar que, como vimos de expor, a conflitividade histórica do agro galego defínese pola presenza continuada dende o Antigo Réxime de formas como os preitos, a fraude, os boicots e os intentos de evasión que, durante unha trintena de anos, compartiron protagonismo con folgas ou manifestacións. Formas todas elas dirixidas non a derrocar a orde establecida e provocar un cambio revolucionario, senón a defender os seus modos de vida, a asegurarse a subsistencia e a reprodución, minimizando os aspectos máis opresivos do sistema. Neste senso, destaca que as formas de resistencia non van dirixidas só contra as clases dominantes, senón tamén contra o Estado e os encargados de tomar decisións políticas. Seguindo a Julián Casanova, "iso significa que os motíns de subsitencia, as revoltas antifiscais, as roturacións ilegais, a oposición á perda dos dereitos comunais ou os motíns antiquintas son fenómenos que inflúen na formación e ampliación do Estado nacional, mecanismos a través dos que políticos, elites sociais e económicas, e as clases populares disputan, e ao disputar alteran, que é o Estado, ... e quen ten acceso aos recursos" (Casanova, 2000:299)

As formas que toma a conflitividade rural galega no franquismo son respostas que lle son propias e respostan ás súas lóxicas e racionalidades e que amosaron a súa valía no percurso histórico para frear a extensión do poder estatal ou das elites, ou ás imposicións daquilo que é visto como demandas non razoables. Réplicas ao que é considerado unha ofensa contra as normas polas que se rexe a sociedade en cuestión. Esta constatación subliña a impronta da memoria grupal como estruturante das escollas no relativo aos modos e maneiras de actuar. O repertorio de protesta campesiña non mudou, cambiaron as formas dominantes de acción que se adoptaron aos distintos momentos históricos. É dicir, dependendo de cambios estruturais e mesmo culturais, variaron as maneiras de protestar no seu grao cualitativo e significativo, pero o repertorio básico mantívose. As formas máis habitualmente empregadas convertéronse nas distintiva da protesta campesiña porque eran o instrumento socialmente máis aceptado, porque estaban consolidadas nos repertorios de acción e porque estaban inseridas na cultura dos protagonistas da protesta.

Polo tanto, as formas elixidas no período franquista, non son específicas dese período histórico nin da rexión xeográfica, son sociolóxica e historicamente distintivas das clases subalternas, especificamente do campesiñado, porque parten dun acervo histórico, dun pasado común, dunha *cultura de resistencia*, que proporciona as "ar-

[213]Rafael Burrillo demostra para Zaragoza como o sindicalismo campesiño da II República non evitou as accións tradicionais de protesta no campo. Analiza os motíns; atentados, ameazas e resistencias ás autoridades locais e a Garda Civil, símbolo do Estado más próximo fisicamente a un pobo farto da súa asfixiante presenza e da súa arbitraria actuación favorable aos poderosos, invasión de fincas; roubos e furtos, caza e pesca furtiva e prácticas de pastoreo abusivo; incendios, talas de árbores e danos entre outra accións. BURRILLO GIL, R., (2001), "Rebeldía campesina y represión estatal en la Zaragoza rural de la II República", en CASTILLO, S.; FERNÁNEZ, R., (coord.), *Campesinos, artesanos, trabajadores. Actas del IV Congreso de Historia Social de España*, Lleida, Ed. Milenio, pp. 225-263

mas" que a poboación pode aproveitar nas marxes que un Estado opresor daba, por telas adquirido no proceso de aprendizaxe social[214].

Unha cuestión bastante difícil é a que concerne á relación entre a actividade práctica e a conciencia de modos de protesta, que distingue a acción colectiva organizada colectivamente da individual ou falta de articulación, e o coñecemento acumulativo e a interpretación da experiencia. A acumulación do coñecemento e da experiencia é unha cousa, a acción colectiva baseada no compartimento de significados é outra. Scott presume unha unidade histórica acumulativa dun tipo de protesta, experimentada como individual pero, lida no tempo e recoñecible como colectiva. A metáfora da barreira de coral que usa Scott para argumentar o "valor acumulativo" das formas de resistencia cotiá incardínase nesta lóxica. Na súa teoría, a máis recente das formas de resistencia cotiá súmase á anterior, e o coñecemento do previo acto de resistencia constitúe un arquivo acumulativo de conciencia compartido entre aqueles que resisten[215]. ¿Debe ser cada barreira entendida como a acumulación de actos de autoconcienciación ou, meramente como actos que ocorren naturalmente e de maneira coincidente? Non se pode estar seguro na formulación de Scott de si a construción dunha barreira de resistencia é un acto de autoconcienciación ou non[216]. Na nosa argumentación este aspecto non é decisivo xa que apostamos, como xa apuntamos, por interpretar estes actos non dependendo da súa intencionalidade a maneira de "rito iniciático" senón do valor moral que se desprende da súa posta en práctica e como pasos cara unha ulterior posible, que non obrigada, concienciación.

O que si resulta preciso é entrar no tema da "experiencia", no senso thompsoniano, como elemento mediador entre a estrutura e o proceso histórico, é dicir, sentar as bases da impronta das actuacións pasadas. É posible diferenciar dúas modalidades de actualización social do pasado explicativas do uso destas formas de protesta histórica. Unha é a reactivación práctica de maneiras de facer, de sentir e de percibir típicas dun determinado grupo. A continuidade das prácticas tradicionais de protesta (ou doutro tipo) non é necesariamente conscciencializada polos axentes e, cando o é, non constitúe un referente nin o motivo da acción[217]. A outra modalidade de actualización social das prácticas do pasado, e do pasado en si mesmo, consiste na súa representación, tanto na acepción cognitiva como na acepción dramatúrxica do termo. Narrativas

[214] ¿Acaso os labregos norteamericanos non defraudan cando poden? ¿Acaso os agricultores irlandeses non contabilizan máis vacas das que teñen no reconto para as subvencións da UE? Son formas asumidas pola cultura campesiña. O que sí ten relevancia é relacionalas coas oportunidades políticas nas que se inscriben, porque en casos como as ditaduras son as únicas fórmulas de protesta que non implican uns custos moi altos e iso establece unha gran diferenza. Tanta que pasan a ser entendidos como fórmulas de resistencia.

[215] SCOTT, J.C., (1985), *Weapons of the weak... op cit*

[216] Neste plantexamento insiste HANCHARD, M., (2004), "Weapons of the Weak and Quotidian Politics", *Africa and the african diaspora Workshop*, University of Madison (consultada versión dixital)

[217] Na teoría da práctica de Pierre Bourdieu, co concepto de *habitus*, que designa sistemas de disposicións incorporadas, conqueridas de maneira inconsciente nas experiencias de sociabilidade, duradeiras e xenerativas, describe procesos de actualización do pasado deste tipo. P. Cornnerton fala de "memorias-hábito", subliñando que a memoria, ou a tradición, é transmitida de maneiras non textuais e non congnitivas. BOURDIEU, P., (1988), *Cosas dichas*, Barcelona, Gedisa, p. 84.; CONNERTON, P., (1989), *How societies remember*, Cambridge, University Press, pp. 23-23, 36-40

comparativas sobre tempos pasados, moitos rituais e celebracións conmemorativas son exemplos deste tipo de actualización[218].

Xa que os repertorios de protesta son á vez "recursos dos membros da poboación e formas culturais das poboacións" (Fernández e Sabucedo, 2004:31), a razón da posta en práctica no rural galego dunhas actuacións e non doutras diferentes explícase en grande medida en función dos recursos que proporcionaba a súa *cultura de resistencia*, matizados polo contexto político existente. E, se como temos sinalado, os modos de protesta recollidos neste caso concreto non distan dos que outros historiadores teñen observado para as zonas rurais dos países que tiveron un rexíme fascista ou análogo[219], foi, ademais de pola similitude da actuación estatal, pola existencia dunha *cultura de resistencia* semellante no conxunto do campesiñado europeo. É máis, as formas estudadas non varían en demasía da que outros autores, especialmente antropólogos, teñen recollido das súas investigacións sobre sociedades rurais extraeuropeas e mesmo históricas, aspecto explicable en virtude do que Pierre Bordieu denomina *homoxeneidade das condicións de existencia*[220].

O que os campesiños comparten é un sistema de valores morais, culturais e ecolóxicos, lóxicas clasificatorias, principios interpretativos e orientadores das súas prácticas, que poden definirse como conciencia colectiva. Se os individuos actúan dende criterios culturais compartidos, é porque existen representacións da realidade imposibles de ser desagregadas, representacións que non son produto da agregación de preferencias ou ideas individuais[221]. Isto é o que encerra a noción durkheimiana de *representacións colectivas*, unha forma máis concreta de referirse aos feitos inmateriais que a idea de conciencia colectiva e que, segundo Durkheim, en conxunto, conforman o sistema cultural, a estrutura simbólica e a cohesión social dunha colectividade. Estas repre-

[218]Esta é a maneira empregada polos campesiños portugueses do Couço, como ben estuda Paula Godinho, para reactualizar a súa memoria de resistencia empregando a oralidade, a conversa, e os encontros, xa organizados, xa fortuitos. GODINHO, P., (2001), *Mémorias da Resistência Rural no Sul... op cit.*

[219]As formas de protesta atopadas no agro galego son as mesmas que as detectadas no rural alemán a raíz da implantación da política agraria nazi ou no Portugal salazarista. KERSHAW, I, (1983), *Popular opinion and political dissent... op cit.*, pp. 41-44; STEPHENSON, J. (1997), "Nazism, modern war and rural society in Wuttemberg, 1939-45", *Journal of Contemporary History*, 32, pp. 239-354; FONSECA, I.; FREIRE, D.; GODINHO, P., *Resistencia e conflicto no contexto rural portugués... op cit.*

[220]Segundo Pierre Bourdieu a homoxeneización dos hábitos de grupo ou de clase que resalta esta homoxeneidade das condicións de existencia é o que fai que as prácticas poidan estar obxectivamente concertadas sen cálculo estratéxico algún nin referencia consciente a unha norma, e mutuamente axustadas sen interacción directa algunha e sin concretación explícita. Así, a reivindicación da explotación ou do desequilibrio na distribución de bens e servizos, simbólicos ou materiais, como principal impulsora da "homoxeneidade das condicións de existencia", permite falar do campesiñado como grupo, como colectivo, aínda que sin perder de vista os perfís cambiantes e a autopercepción que os campesiños teñan de si mesmos. BOURDIEU, P., (1991), *El sentido práctico*, Madrid, Taurus, p. 101; GONZÁLEZ DE MOLINA, M., (2000), "Introducción"... *op cit.*, pp. 27-28

[221]A Socioloxía recoñeceu o papel das conciencias colectivas como estruturas simbólicas encargadas de atribuír sentido á realidade e definir e orientar comportamentos, igual que as novas vías da Historia Social teñen recoñecido que a xente cando entra na escena dos acontecementos, faino dacordo coa súa propia esfera de significados. LÜDTKE, A., (1994), *Histoire du quotidien*, París, Maison des Sciences de l'Homme, p. 47

sentacións, na medida en que son compartidas, definen grupos por aquilo que os seus membros teñen en común, máis alá das diferenzas, e levan a entender os procesos que facilitan interpretar e construír a realidade de maneira grupal[222]. Tal é o caso das comunidades campesiñas, nelas predominan as representacións colectivas que imbrican e dotan de unidade a toda unha serie de factores institucionais, territoriais e ecolóxicos por enriba de divisorias clasistas, de estatus, de facción ou de xénero.

Son estas representacións as que proporcionan aos suxeitos individuais os parámetros cos que actuar, cos que relacionarse cos seus semellantes e co mundo exterior á comunidade. E ditos parámetros non son cálculos obxectivos, senón *valoracións fortes* (Taylor, 1994) sobre as máis diferentes realidades e ámbitos[223]. Son estas valoracións compartidas as que serven para sustentar a identificación da comunidade e só a través delas se pode formar a identidade individual, polo tanto, axudan a dar forma a súa autopercepción e aos seus modos e motivos de accións.

A forte pegada da *cultura de resistencia* é a que determina a xénese histórica dos modos de resistencia e fundamenta a tipoloxía elixida polo campesiñado galego para defender os seus intereses. Así, non é de estrañar que este nas súas formas de protesta ante o franquismo se mostre debedor e seguidor daquelas maneiras coas que tratara de minimizar e adaptar ameazas históricas para a súa supervivencia e reprodución das súas formas de organización social, a expansión da economía capitalista e a consolidación do Estado liberal no século XIX, e xa anteriormente no Antigo Réxime, contra os dereitos señoriais ou as crecentes esixencias fiscais por parte da realeza e da igrexa[224]. Por tanto, existía no agro galego unha tradición de conflitividade enmarcable nun tempo histórico longo que conformaba parte da mentalidade campesiña que definirá a accionada nas primeiras décadas do franquismo.

Como expresou a socioloxía dualista dende F. Tönies para aquí, o asociacionismo moderno nace dunha previa desestruturación da comunidade, e algo de iso hai no tránsito entre a "sociedade tradicional" e a "sociedade moderna", baseada nun certo nivel de despersonalización das relacións[225]. Pero en Galicia os anos de asociacionismo moderno, os anos nos que aprendera a actuar mediante accións colectivas que empregaban métodos de participación institucional (o voto) e canles de participación política formais e convencionais (manifestacións, folgas, etc.), pode que afectaran en certa medida os lazos persoais comunitarios obrigándoos a unha nova "adaptación", foran

[222] BERIAIN, J., (1990), *Representaciones colectivas y proyecto de modernidad,* Barcelona, Anthropos

[223] En palabras de Habermas, "a nosa vontade está facticamente determinada por desexos e valores; determinacións ulteriores só se realizan en atención ás opcións na elección de medios, ou ben na fixación de fins", en HABERMAS, J., (1991), *Escritos sobre la moralidad y la eticidad*, Barcelona, Paidós, p.36

[224] FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, A., (2000), "As estratexias antifiscais nas sociedades campesiñas tradicionais: Galicia, 1700-1840", en FERNÁNDEZ PRIETO, L. (dir.), *Terra e progreso: historia agraria da Galicia contemporánea*, Vigo, Xerais, pp. 103-127; SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., (2003), *Señoríos y comunidades campesinas: aportaciones a la historia rural de la España moderna*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza

[225] Como exemplifica UGARTE TELLERÍA, J., (1998), *La nueva Covadonga insurgente. Orígenes sociales y culturales de la sublevación de 1936 en Navarra y el País Vasco*, Madrid, Biblioteca Nueva, p. 106

soamente trinta, un período demasiado pequeno para erosionar as prácticas comunitarias. Tanto é así que o repertorio de formas de protestas, malia a ampliarse, non acabou con tácticas "tradicionais", de xeito que as formas dominantes de acción non resultaron danadas nin cualitativa nin significativamente, só se ampliaron en función dos cambios estruturais habidos nese período histórico.

A *cultura de resistencia* foi a resposta porque era nela onde repousaban as armas válidas para o novo contexto político; porque era o que estaba arraigado na memoria e na cultura; e porque a expansión das fórmulas do capitalismo e da política liberal que inevitablemente supoñen a fragmentación do campesiñado (monetarización, urbanización, ensino, comunicacións, individualización do comunal, propietarización, etc.) non conseguiran socavar totalmente as bases sobre as que susbsitía a organización da comunidade campesiña galega. O protagonismo acadado pola comunidade no oitocentos é facilmente observable na defensa dos comunais. Evidentemente a individualización destes e a súa privatización alteraron un dos basamentos arredor dos que se artellaba a comunidade rural e isto someteuna a unha crise. Pero a unha crise entendida como mudanza e non como declinio. Existían outros ámbitos que funcionaban como alicerces (traballos colectivos como a malla e a vendima, etc.; compra colectiva de maquinaria; decisións consensuadas sobre obras locais como mellora de camiños; importancia dos fortes compoñentes comunais da agricultura galega, máis alá dos montes: uso de fornos e muíños comunais, etc.; aspectos simbólicos como as festas patronais, etc.).

A poboación rural dos anos corenta e cincuenta articúlase no seo da comunidade, unha agrupación humana concibida teoricamente como "preindustrial" evidenciando un prexuízo bastante arraigado nas perspectivas da economía clásica e nas teorías da modernización: a incapacidade dos entramados comunitarios para adaptarse aos procesos de evolución do campesiñado propios da contemporaneidade[226]. Pero a permanencia da comunidade rural trascende no tempo e a súa desaparición parece non ter finalizado nesas datas, o que non nega que a introdución das lóxicas de mercado e do Estado puxeran en entredito e desafiaran o entramado de valores e sistemas de solidariedade que a definen[227]. Entendemos ademais, que a *cultura de resistencia* non é privativa das comunidades rurais senón doutros agregados que están ben lonxe de caracterizarse por estar estas pechadas e ser alleas a influencias exteriores[228]. O traballo

[226]Baste facer referencia aos tópicos asumidos dende a teorizacións de Weber sobre "comunidade" e "mercado" como conceptos antagónicos e as asimilacións teóricas marxistas da comunidade rural coa idea de subsistencia e co principio de inmobilismo, refrendando unha visión con tintes lexendarios de comunidade pechada identificada por Eric Wolf. Sobre o debate teórico arredor do concepto de comunidade rural, vd. GIMÉNEZ, G., (1990), "La polémica europea sobre la comunidad aldeana", *Agricultura y sociedad*, 55, pp. 10-55

[227]Sobre o mito da decadencia das comunidades rurais, vd. DOMÍNGUEZ MARTÍN, R., (1998), "De l'aldea perduda a l'aldea recuperada: el mite de la decadència de la comunitat pagesa a Cantàbria (1750-1950), *Recerques*, 36, pp. 53-80

[228]Sabemos ben da influencia da cidade no rural e da permeabilidade das comunidades rurais FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1996), "Cidades de labregos, hortas de obreiros. Campo, cidade e historia agraria da Galicia contemporánea", en VVAA., *A guerra en Galicia; O rural e o urbano na historia de Galicia*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, pp. 413-430

da Luisa Passerini sobre os operarios turineses evidencia as características da *cultura de resistencia* propia doutro tipo de comunidade, unha colectividade obreira[229].

É preciso insistir nesa precisión conceptual. Falamos de comunidade para remitir a todo tipo de prácticas culturais e materiais que non están institucionalizadas ou formalizadas senón arraigadas na costume. Non pretendemos dar a idea de unidade e homoxeneidade da comunidade rural a partir destes preceptos e caer en falaces romanticismos: nin colectivismo, nin igualitarismo nin illamento son as súas características definitorias[230]. As comunidades teñen intereses comúns pero os seus compoñentes diferéncianse sobre todo polas súas distintas posibilidades de acceso á propiedade e aos recursos, ao control de decisións e ao poder local, e por un marcado grao de diferenciación económica, social e cultural. A comunidade rural galega caracterizouse ao longo da historia pola diversidade, polo interclasismo e polas relacións de reciprocidade asimétrica que destas desigualdades se derivaban. Unha comunidade é un agrupamento de individuos envoltos en patróns de interacción regular (como a aldea, a veciñanza, a unidade de produción, a asociación) dentro dunha grande heteroxeneidade. Esta realidade non está reñida coa existencia de cohesión, ao contrario, só racha coa idea mitificada de comunidade unitaria e sen conflitividade interna[231]. A única homoxeneidade é a que remite a certas pautas culturais, como a *cultura de resistencia*, e que entra en xogo, sobre todo, en momentos de conflitividade co exterior, cando a comunidade se ve afectada directamente. O sentido de pertenza á comunidade subxace nesa defensa da "economía moral" e, polo tanto, aquela opera como mobilizadora dos individuos que a compoñen[232].

Entendemos que foi o franquismo o que provocou unha subversión dos marcos das relacións sociais, políticas e económicas que aprofundaron o traballo de erosión iniciado polo Estado liberal con respecto ás comunidades rurais. Como apunta Alberto Sabio para o caso específico do comunal "aínda que o arsenal xurídico estaba dispoñible dende comezos do XIX, houbo que esperar máis dun século para que triunfara

[229]Igual que no caso do estudo do ámbito rural, Passerini tivo que adecuar as metodoloxías históricas e usar a terminoloxía e os conceptos da Antropoloxía e a Psicoloxía para proverse de claves interpretativas sobre linguaxes e comportamentos aparentemente impenetrables. PASSERINI, L., (1984), *Torino operaria e fascismo, una storia orale*, Roma, Laterza

[230]Esa visión idealizada é a que difundiron estudosos como Robert Redfield, que destacaba a homoxeneidade, a autosuficiencia e a harmonía das relacións intracomunitarias. REDFIELD, R., (1960), *The little community and Peasant society and culture*, Chicago, Univerity of Chicago. Na crítica desta visión insiste BALBOA LÓPEZ, X., (1996), "A comunidade campesiña na Galicia Contemporánea: algunhas reflexións sobre a súa persistencia e a súa crise", en VVAA., *A guerra en Galicia; O rural e o urbano na historia de Galicia*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, pp. 431-449

[231]As comunidades rurais contan cos seus propios mecanismos de corrección de desigualdades sociais e de cohesión social, explicables en razón do que Scott denomina "ética campesiña da subsistencia", contraposta a ética do traballo e do beneficio propia das sociedades industriais. Delimita o que é especificamente característico do comportamento económico campesiño -aquilo que Scott designa como "principio de seguridade-primeiro". Este principio maniféstase en dous mecanismos ideolóxicos: a insistencia na reciprocidade e o dereito a subsistencia do campesiño. SCOTT, J.C., (1976), *The moral economy of the peasant...op cit.*, pp. 13-35.

[232]PETERSON, R., (1993), "A community-based Theory of Rebelion", *Archives Europpéennes de Sociologie*, 1, vol. XXXIV, pp. 41-78, p. 45

definitivamente a lexislación liberal" (Sabio, 2002:141). A posta en cuestión de formas de xestionar os recursos e a penetración do individualismo na mentalidade labrega incorporou elementos desestruturantes novidosos como a desconfianza e o medo entre os compoñentes da comunidade que ían contra a liña de flotación da ética campesiña de subsistencia. Aínda así, durante as primeiras décadas do franquismo será a comunidade rural, como veremos, o sostén da resistencia civil en tanto que eixe da conflitividade social e "intermodal" provocada pola implantación dos principios do réxime no agro[233].

[233]Un conflito intermodal ten lugar "cando un modo de utilización dos recursos entra en contacto con outro modo organizado sobre principios sociais e ecolóxicos moi distintos". GUHA, R.; GADGIL, M., (1993), "Los hábitats en la Historia de la Humanidad", en GONZÁLEZ DE MOLINA, M.; MARTÍNEZ ALIER, J., (eds.), *Historia y ecología, Ayer,* 11, pp. 49-110, p. 95

Capítulo 5

A resistencia civil das décadas corenta e cincuenta no agro galego

O réxime franquista naceu e foi sostido para impor a súa ideoloxía e para reprimir calquera forma de conflito, por tanto, para acadar a "paz social". Ata agora mantívose que no agro galego se acadou plenamente tal obxectivo, cando menos durante as primeiras décadas da súa existencia, pois a resignación social parecía total, xa fora pola intensidade da represión, xa polo control social, xa pola afinidade da poboación rural para cos principios do réxime ou o total acordo coas súas disposicións.

A primeira vista parece que hai un desfasamento entre a situación socioeconómica empobrecida dos labregos galegos e unha posición non correspondentemente activa e constestaria, polo contrario, resignada e fatalista. E para este embarazoso conservadurismo é para o que se tenta encontrar unha explicación. O aparato propagandístico sempre dá conta da existencia dun amplísimo soporte popular ao réxime nos primeiros anos da súa vida. Os grandes actos con asistencia masiva son a evidencia que deste apoio popular recollen os xornais e a radio. Pero que a maioría da poboación optara por unha vida discreta que non chamase a atención non implica que non houbera quen amosara a súa disconformidade co réxime de maneira puntual, mesmo illada, ou que se negara a obedecer os seus chamamentos. O franquismo manipulou os medios de comunicación para xustificar a súa dominación, pero existiu un amplo sector da poboación que, sen ter antecedentes esquerdistas, sen ter colaborado en contra do golpe de Estado, viuse desfavorecido por determinadas políticas postas en marcha polo réxime e amosou o seu descontento e/ou protestou. Esta actitude de rexeitamento era claramente percibida polas autoridades franquistas, aínda que publicamente afirmaran o contrario. Como ben sinalou Ian Kershaw para a Alemaña nazi, unha cousa é a "opinión pública", construída pola propaganda do réxime, e outra é a

"opinión popular", condicionada pero independente da anterior, na que se expresaba o disenso con respecto ás medidas estatais[234].

A visión dunha Galicia sumisa e afín ao réxime é a que se reflicte na prensa e nos discursos, nos que non se deixa de alabar os seus múltiples contribucións á "causa". Non é preciso recordar a importancia dada polo réxime ás centrais propagandísticas e ao control de medios de comunicación co fin de facerse presente no día da día da poboación. O aparello policial era o único que igualaba en importancia ao propagadístico encargado de censurar e lanzar consignas que, por repetidas e publicitadas, convertéronse en aceptadas. A censura constituíu a principal ferramenta de deformación das "representacións fortes" que a poboación rural tiña sobre si e sobre o que estaba a suceder. Como temos mencionado con ocasión de tratar a "damnatio memoriae" do agrarismo, Luis Moure Mariño afirmaba que "Galicia sumouse ao Movemento dunha maneira espontánea, sinxela, rebordante de limpa naturalidade" (Moure Mariño, 1939), e de "despensa e criadeiro" calificou o papel de Galicia na Guera Civil o xeneral Cabanellas. Antonio Rosón escribía en El Progreso de Lugo[235],

> "Dende o Glorioso Alzamento Nacional podemos soster con lexítimo orgullo que a provincia de Lugo,..., non aparece xa como unha comarca inédita. Aquilo da inacción e pasividade de Galicia cun xénero especial de vitalidade resignada queda para sempre desmentido polo feito da súa magnífica contribución á guerra; tan considerable que mereceu o recoñecemento do Caudillo no discurso do 21 de agosto ao decir que "un 50 ou 60 por 100 das columnas levaba sangue galega". E se desta aportación da sangue- a máis valiosa e decisiva- descendemos a orde da economía de guerra, tamén se recorda con cifras impresionantes o que respecto ao abastecemento fixo entón a nosa provincia..."

Xornais locais e provinciais están cheos de artigos que dan mostra da existencia dunha idílica tranquilidade por toda a xeografía galega. A crónica de El Progreso de principios de agosto de 1936 para Vilalba responde á tendencia xeral e recolle que,

> "nesta vila fíxose cargo do mando a autoridade militar sen a menor oposición. Dende entón a vida cidadá e a actividade pública desenvólvese normalmente. Cafés e bares estiveron abertos. O abastecemento de comestibles como sempre. Os domingos celebráronse as acostumadas sesións de cinema. En fin, tranquilidade absoluta."[236]

Os informes da Delegación Xeral de Seguridade sobre a provincia de Pontevedra en 1942 comentan que,

> "a excepción da capital, foi sempre unha das máis apolíticas de España... salvo raras excepcións estaba a marxe da política e xiraba arredor dos

[234] KERSHAW, I, (1983), *Popular opinion and... op cit.*
[235] EL PROGRESO, 18-7-1943
[236] EL PROGRESO, 10-8-1936

> que mandaban: os caciques, durante o golpe o pobo reaccionou, incluso a masa obreira, numerosa en Vigo e esclava da tiranía marxista... por aquí, pasados os primeiros apuros foi todo alegre e fácil... por iso a retagarda funciona tan ben..."[237]

"Agricultores e gandeiros que forman o total poboación da provincia, agrúpanse cun sentido pleno de unidade ao lado de todo o que representa o Caudillo" sinalaba o Xefe Provincial de Falanxe de Lugo para escomenzar os seus partes mensuais sobre o "ambiente" provincial a altura de 1946[238]. O enxeñeiro de montes Martín Lobo no ano 1965, conmemorativo dos "25 Años de Paz", afirmaba que en todo este tempo o agro vivira unha auténtica "paz octaviana" (Rico 1999:374). Para argumentar o seu discurso propagandístico a ditadura acudía a unha exposición das que consideraba as súas principais realizacións (hectáreas repoboadas, éxito da política colonizadora, das súas políticas sociais, etc.) nas que os labregos eran presentados como sumisos convencidos das virtualidades da política de Franco. Instrumentalizouse unha imaxe tópica, que os resultados dunha década de investigacións dende a Economíca e a Historia agraria desminten, dun campesiñado galego alleo á conflitividade consustancial a outras formacións sociais agrarias. Destacábase cun fin apoloxético-instructivo, o seu carácter sumiso e servil, a falta de conciencia de clase e un arraigado individualismo que conformaban esa tan intencionada como distorsionada imaxe do conservadurismo tradicional e esencial dos sectores campesiños[239]. O que é certo, como argumenta Julia Varela, é que a retórica oficial do franquismo puido exercer un certo influxo na representación que de si mesmos fixeron os labregos galegos, o que conlevou a desvalorización e o esquecemento de accións e actitudes que racharan esa idealización ideolóxica, pero nisto incidiremos máis adiante ao tratar da "adaptación" da poboación ante o réxime saído da golpe de Estado do 36[240].

As apariencias relegan ao terreo do inexistente o que si parece ter cabida noutras zonas de España, incluso da España que tamén formou parte da retagarda, e que acertadamente verbaliza Rafael Cruz, "ao ser a resposta das autoridades franquistas desproporcionadamente represiva, numerosos individuos, grupos sociais e asociacións políticas, se ben en ocasións se enfrontaban directamente ao réxime, foron inventando e articulando unha acción colectiva diferente, menos custosa, máis formativa, que permitirá a creación e extensión dunha cultura política amplamente compartida en total pugna coa cultura política gubernamental. Esta mobilización do consenso e resistencia elíptica non conduciu a unha loita na rúa nin se dilucidou en campo aberto, senón nos escenarios e plateas de teatros independentes, libros moi asequibles, revistas, cines, e a través doutras redes sociais de comunicación e actuacións colectivas que non cesaban de significar protesta, ao comunicar, difundir, extender unha definición

[237] *Documentos Inéditos para la Historia del Generalísimo Franco.* Tomo III. Informe da D.G.S. 7-4-42

[238] AGA. Presidencia. Xefatura Provincial de Falanxe. Lugo. Partes mensuais. Parte do mes de abril de 1946. Caixa 51/20674

[239] SOUTELO VÁZQUEZ, R.; VARELA SABAS, A. (1994), "Variaciones en las formas de represión y resistencia popular en el mundo rural ourensano... *op cit,* pp. 232-233

[240] VARELA FERNÁNEZ, J., (2004), *A Ulfe...op cit*, p. 264

antifranquista da situación española, e ao crear e propagar un sentido de inxustiza ligado á natureza do réxime" (Cruz, 1998: 145)

O noso obxectivo é aprehender estas formas de disenso na actitude dos labregos, porque o réxime podía promulgar moitos tipos de medidas, eran moitas as súas intencións, pero, ¿acadou facelas cumprir tal e como anceiaba? ¿Ata que punto tivo éxito na imposición da gran variedade de medidas promulgadas no que afectaba ao rural? ¿Tivo que enfrontarse a algunhas limitacións e adaptacións o seu éxito? Trátase de debuxar a natureza da resistencia civil para poder confirmar o tópico con respecto a que actitude da poboación foi resignada ou ben desbotalo ao percibir expresións de resistencia. E tamén de ver se é posible considerar a resistencia civil, tendo en conta que ser contrario ás disposicións do Estado non equivale a optar pola resistencia mecanicamente como modo de actuación, como un movemento popular de masas.

Empezamos primeiro por deixar claros os presupostos que nos moven neste apartado do noso traballo. Entendemos que non conduce a nada situar nos extremos a interpretación das actitudes propias da resistencia civil: non son mostra dun implacable antifranquismo, pero tampouco remiten a nada significativo, son evidencia dunha conflitividade inscrita na cultura política do campesiñado. O seu alcance social é indiscutible, ao igual que a súa capacidade mobilizadora. En moitos casos é unha conflitividade de baixa intensidade vencellada á cotidianeidade que acada a súa importancia no contexto no que xorde porque provoca a aparición de focos de tensión entre a sociedade e un réxime ditatorial. Trátase de accións que remarcan a vontade de conservar principios propios e que implican a habilitación de ferramentas para mellorar as súas condicións de vida. Son elementos indicativos do rexeitamento e da desaprobación cos que o réxime implantou as súas políticas e cos que conviviron as súas formas de actuación, pero están moi lonxe de supor un rexeitamento xeral do sistema ou un sentido antifascismo. Debemos ter presente, tamén para conquerir unha interpretación aquelada de dita conflitividade, que un dos principios básicos que decían defender os rebeldes era a ºrde". A súa obsesión por conseguila chegou a converterse nunha necesidade psicolóxica, nun argumento ao que recorrer con frecuencia para xustificar as súas actuacións. Esta fixación converteuse en confusión entre o que era a ºrde pública"e a disidencia política. Asimilados ambos os conceptos como un todo homoxéneo, o paso seguinte era tratar de manter a "paz social" a toda costa, polo que a represión da conflitividade acadou uns niveis certamente extremos.

Despois de establecer cales foron os referentes que serviron de marco a toma de posicións por parte da poboación rural galega con respecto as novas autoridades e de establecer unha tipoloxía en canto á resistencia protagonizada por aquela, abranguemos un asunto de grande interese para nós, o de como interpretar e explicar a "indiferenza" e a falla de implicación que amosaban a maioría dos labregos con respecto a determinadas medidas políticas tomadas polo réxime. Porque esa indiferenza pode ser vista en tanto que forma de "complicidade pasiva" (Gellately, 2004:28), xa que esta actitude non era incompatible coa fácil posta en práctica das políticas públicas, ou ben como mostra de disidencia por indicar ausencia de adhesión.

5.1 A elección dunha actitude ante o franquismo: opoñerse, resistir, adaptarse.

Se hai algún terreo onde a subxectividade e a variabilidade sexan a norma este é o dos comportamentos e actitudes da poboación cara á política, máis aínda se nos atopamos, como é o caso, ante un sistema ditadoral. A. Lüdtke sinala que, para a poboación alemá que viviu o nazismo, "... os casos indican a permanenza de diferentes modos de comportamento nos individuos. Estes non seguiron unha liña reta, senón un zigzag. O paso da non complacencia, á complacencia, e incluso, ao activo entusiasmo, non eran un cambio liñar" (Lüdtke, 1992:49). Jordi Font, para o caso da poboación da comarca do Empordá, en Girona, tamén conclúe que "no terreo das actitudes políticas baixo a ditadura, a complexidade, as paradoxas, as incongruencias e os contrasentidos son o que máis abunda, e calquer determinismo simplificador non ten cabida" (Font i Agulló, 2004:51). A multipicidade e diversidade de comportamentos son igualmente as características definitorias das posicións tomadas polo groso da poboación rural galega. Incorporar esta subxetividade non supón, porén, renunciar a atopar explicacións a tales comportamentos. Ben ao contrario, entendemos que os cambios e evolucións das actitudes son o mellor campo dos posibles para valorar a eficacia dos instrumentos de control social, amén de para coñecer as consecuencias que tivo na vida cotiá das comunidades rurais a implantación do franquismo.

A eleción de participar na protesta, e polo tanto pasar do descontento á acción, require da conxunción de varios elementos. Ese cúmulo de factores pode categorizarse no que B. Klandermans define como "marcos". Son o "marco da identidade", o "marco da inxustiza", do que xa temos apuntado algunhas características, e o "marco motivacional" (Klandermans et ali, 2000). Trátase, suscintamente, de entender que a existencia de protesta pasa pola presenza dunha identificación entre o individuo e o seu grupo (neste caso labrego-comunidade) que permita valorar unha situación como indigna moralmente e profundamente inxusta e que, ao mesmo tempo, se entenda que os riscos que se plantexan ao protestar son asumibles. O trinomio "identidade", "indignación moral" e "racionalidade" debe confluír para que a opción dun suxeito ou dun colectivo sexa oporse[241]. A inexistencia dun deles leva, consecuentemente, a

[241] Segundo Concha Fernández e X.M. Sabucedo, que comparten o razoamento de Klandermans, o marco de identidade implica a existencia dunha identidade compartida, precisa para que a acción colectiva emerxa. A identidade colectiva "implica definicións compartidas relativas ás metas, significados e campos de acción... Involucra redes de relacións activas entre actores, que interactuan, que se comunican e inflúense, negocian e toman decisións [Do mesmo modo], requiren un certo grao de implicación emocional que permite ás persoas sentirse parte dunha unidade común". O marco de inxustiza é aquel no que se produce o paso do descontento á sensación de que existe un agravio, un sentimento de indignación moral, e no que se dá unha atribución de responsabilidade respecto ao mesmo. Este marco permite entender como se xeran, interpretan, senten e difunden as inxustizas, a atribución das mesmas e a indignación que provocan entre os potenciais participantes do movemento social. E o marco coste/beneficio implica a creación e difusión de crenzas sobre a eficacia da acción colectiva e é, xunto co agravio, en opinión de Klandermans, unha das claves da construción social da protesta. Só cando os potenciais participantes nun movemento social, sinalan, pensan que as estratexias e as accións colectivas son instrumentais para cambiar a situación e reducir o malestar

unha situación de "adaptación" que pode implicar diferentes niveis de descontento, pero non conclúe na acción de oposición.

O tipo de protesta, sexa resistencia civil, sexa oposición, é dependente da fortaleza que amose o Estado contra o que operen. As formas de disenso aumentan cando hai máis presión por parte do poder, unha presión que erosiona as opcións para artellar unha oposición. Así, a protesta campesiña con respecto ás medidas agrarias franquistas non se asemella á protesta organizada e aberta empregada ante as disposicións liberais. Os labregos galegos pasan de oporse a unha acción política e institucional facilmente resistible dende posturas abertas, legais e organizadas, á verse ante políticas agrarias dun Estado con vocación totalitaria ás que as comunidades rurais teñen moito máis problema para substraerse debido ao contexto de desarticulación, autoritarismo e represión existente. O que une a ámbolos períodos, son as fórmulas de resistencia cotiá, sempre presentes nos colectivos subordinados, aínda que existan canles para organizar unha oposición de caríz máis aberto e planificado.

O que é evidente é que nunca existe un grupo subalterno unitario senón que aparecen división internas en torno á idade, ao xénero, estatus. Os suxeitos ocupan diferentes posicións e perspectivas, mesmo opostas con respecto a obxectivos a primeira vista análagos, en tanto que varían as súas percepcións e o grao no que se sinten afectados. De aí tamén que as alianzas entre diferentes sectores socioeconómicos muden. Polo tanto, sería unha falacia falar do "campesiñado galego" como un ente unitario que asumiu unha postura ante o franquismo unívoca e conxunta. As diferenzas internas, os contextos puntuais e as razóns persoais definiron a elección dunha actitude ante o poder. Para comprender a amplitude de actitudes tomadas ante o franquismo hai que ter presentes os condicionantes que a determinaron e que operaron na elección dos individuos respecto a actitude a tomar para co réxime. Así, elementos como as políticas despregadas e a súa incidencia son sumamente decisivos porque as políticas non afectan a todos por igual. Isto leva a algún autor a falar dunha "lóxica da adaptación social" (Burrin, 2004:190). Esta concepción, aínda que certamente non consegue reflectir as situacións e as decisións sociais en toda a súa complexidade, permite comprender como unha chea de intereses, amiúdo limitados e ocasionais, deciden as actuacións da maior parte da poboación.

5.1.1 Referentes na elección dunha actitude ante o poder

Como sinalamos, os actores sociais elixen racionalmente entre as diferentes opcións que se dan en cada escenario concreto, o que obriga a facer un estudo multidimensional das causas que configuran dita elección. Analizaremos, neste caso, as respostas dadas a situación económica e social das décadas dos anos corenta e cincuenta, marcados pola represión coa disidencia política e/ou social e pola miseria entendida nun senso amplo.

existe un vencello entre o descontento e a conduta de protesta. FERNÁNDEZ, C.; SABUCEDO CAMESELLE, X.M., (2005), *Do descontento á acción... op cit.*

Un aspecto a ter en conta na escolla da forma de protesta é que un sistema político ditatorial non ten a mesma fortaleza durante toda a súa existencia. O seu grao de perduración, o longo prazo, modela a actitude contraria da poboación pois, xa que por cuestións internas, xa pola realidade xeopolítica exterior, o Estado non se mantén continuamente co mesmo nivel de dominio. O nazismo, o fascismo italiano, o Estado Novo portugués e o franquismo español teñen formas de goberno comparables, incluso, aínda que de meneira menos xenérica o estalinismo, que fan asimesmo, como temos dito, similares as maneiras de resistencia atopadas, e son as súas diferenzas, como a forma de acceder ao poder e, sobre todo, a diferente duración, ás que as especifican. Recordemos que o Terceiro Reich durou doce anos, o fascismo italiano, tendo en conta a Republica de Saló, vintetrés, e o réxime franquista trinta e seis. A duración ten boa parte da resposta de por que a resistencia mudou de natureza, de formas e de protagonistas. As alteracións son moito máis evidentes nos réximes máis lonxevos, como o estalinista, porque os fenómenos represivos variaron, reflectindo as transformacións do réxime en si mesmo e o seu grao de forteza, o mesmo que as condicións externas[242].

Así pois, non se pode entender unha análise do disenso no rural galego sen ter en conta as alteracións graduais na calidade e na apariencia do réxime franquista, xa que estas ocasionaron os correspondentes cambios nos modelos de protesta. O emprego da violencia, caracterizada por diferentes niveis de intensidade na incerta fronteira entre o legal e o ilegal, e os modos de socialización foron combinándose ao socaire de dita evolución en diferente grao. Establecer que a violencia, física e psicolóxica, é un elemento consustancial ao Réxime ao longo do tempo que durou, non exime de recoñecer que experimentou modificacións e intensidades distintas na medida que as circunstancias ían impoñendo cambios. É loxico, por outro lado, que exista esa transformación paulatina do tipo de coerción, tendo en conta que o réxime sobrevive a contextos moi diferentes. No exterior a presión internacional, que o vía como un resto dos Estados fascistas vencidos na Segunda Guerra Mundial, provocou que o franquismo, cando menos, "maquillara" o sistema de dominación, optando por vías menos sanguinarias. No interior, a represión dos primeiros momentos deu os seus froitos axiña, polo que a violencia física deixou o seu lugar predominante a encarceramentos e detencións arbitrarias, que xeraron un novo tipo de preso nas décadas avanzadas do franquismo.

Ao noso entender cabe diferenzar tres tempos no que a modos de oposición e resistencia no rural galego se refire[243].

---

[242] WERTH, N., (1999), "Logiques de violence dans L'URSS ... *op cit*, pp. 99-128

[243] Aceptando as variables introducidas polas diferenzas rexionais e as pertinentes mudanzas conceptuais, a análise de Carme Molinero e Pere Ysás para o caso catalán sobre as actitudes dos distintos sectores sociais non se distancia moito da nosa pois, ceñíndonos a actitudes que indican a non adhesión, os historiadores cataláns falan de "passivitat i resistència" no primeiro franquismo; "protestes populars, trencaments i continuïtats en l'oposició antifranquista", na fase intermedia; e de conflitividade para o tardofranquismo. MOLINERO, C.; YSÁS, P., (1992), *El régim franquista. Feixisme, modernització i consens*, Vic, Eumo

1. Nun primeiro momento, correspondente á década dos anos corenta e primeiros cincuenta, fíxose explícita unha vía insurreccional en contra do réxime, representada pola oposición exercida nomeadamente pola guerrilla e polos restos das organizacións pasadas á clandestinidade, que acompañou a toda unha serie de formas de resistencia civil que respostan ás leis agrarias e disposicións de primeira hora dos sublevados.

2. Un segundo momento, que cobre a segunda parte da década dos cincuenta e os primeiros anos sesenta, caracterízase pola práctica ausencia de oposición e polo protagonismo das formas de resistencia civil, incluídas protestas parciais. Esta exclusividade é sintomática dun período de consolidación e expansión do franquismo e do declive da oposición política co enfraquecemento da acción guerrilleira.

3. No terceiro momento, no que novamente abrollan formas de oposición por parte de grupos organizados na clandestinidade que coexisten con formas de resistencia civil que lles serven de substrato, cubriría a última parte da ditadura ata a súa disolución no 1975.

Ao igual que no caso alemán, segundo o estudado por Martin Brozsat, a oposición só se alzou nas fases inicial e final do réxime, quedando a resistencia civil como única protagonista da intermedia[244]. Son momentos caracterizados por unha visión posibilista sobre o derrubamento do sistema, xa fora baseado en esperanzas infundidas pola situación exterior (a derrota do Eixo na Segunda Guerra Mundial), xa en perspectivas interiores (a decadencia persoal do ditador e, con el, do seu réxime). Na fase intermedia, a máis longa no tempo, cando se deu a efectiva consolidación do poder franquista a oposición debilitouse tremendamente e o descontento expresouse en exclusiva vía actos de resistencia civil. Trátase dunha resistencia de carácter moito máis funcional e ampla ás reglas e imposicións franquistas, novas regulamentacións que infrinxían os patróns da vida cotiá e as normas internas de convivencia da poboación rural. Estas provocaron unha escalada de actitudes en contra, dende as máis aparentemente triviais, pasando por actitudes indolentes e de falsa ignorancia, ata respostas de protesta máis organizadas.

O que cambiou nos setenta non foi o descontento, senón as metas e as súas formas de organización. A inflexión observada nos esforzos organizativos da oposición hai que vela en paralelo aos cambios sufridos polo réxime e coa politización dese descontento e non en relación coa existencia "ex novo" de descontento para co réxime franquista.

5.1.1.1 A Segunda Guerra Mundial: un antes e un despois

Na etapa de resistencia que nos interesa pola acotación temporal do noso traballo, a primeira, oposición e resistencia civil conviven. A importancia do contexto internacional que, como as diferentes teorías sobre revolucións tratan de explicar, contribúe a

[244]BROSZAT, M., (1991), "A Social and Historical Typology of the German Opposition to Hitler... *op cit*, p. 27

fortalecer ou debilitar os movementos de protesta, está moi presente na configuración do tipo de protesta ante o franquismo nese período, e define dous subperíodos[245].

A influencia do conflito armado europeo non é exclusivo do caso español. Fernando Rosas describe a axitación social que recorreu os campos portugueses durante a Segunda Guerra Mundial, sobre todo entre 1941-1945. A tensión, sinala o historiador portugués, deixábase sentir na documentación oficial e estaba en relación coa protesta contra a requisa obrigatoria de produtos de primeira necesidade e a inoperatividade do sistema de racionamento salazarista[246].

Como acertadamente advirte Óscar J. Rodríguez ao estudar o impacto do conflito armado europeo tivo na provincia de Almería, a Segunda Guerra Mundial é "un acontecemento que encherá de esperanza e ilusións ás persoas de sentimentos antifranquistas... Aqueles que asistiron impotentes á derrota da República, puxeron as súas esperanzas na intervención das potencias democráticas tral a vitoria na II Guerra Mundial" (Rodríguez Barreira, 2006). Así, o desenlace da Segunda Guerra Mundial fixo que a oposición ao franquismo pasara de estar esperanzada e ilusionada na rápida intervención en España das democracias europeas vencedoras a caer nunha profunda decepción e desmoralización.

Os antifranquistas, a oposición, como moi ben amosan as memorias de Manuel Pillado, mariñeiro de S. Ciprián e activo membro do PCE antes e despois da guerra civil, tiñan no panorama internacional unha vara de medir a súa potencialidade,

> "a situación non variaba, pero a ilusión de tempos mellores non faltaba. Perderamola guerra pero confiaba en que o fascismo español caería, co alemán e co italiano. Nunca pensei que o Eixe puidese gañar a guerra... despois de que Alemaña tivera conquistado media Europa, xa non as tiña todas conmigo... as miñas expectativas agonizaban ao tempo que os nazis avanzaban..." (Pillado, 2002:229).

Caso parello ocorría con Partido Galeguista como demostran as memorias de Ramón Piñeiro,

> "así pasaron máis de dous anos, sen esperanza, ata que no outono de 1942 o Mariscal Montgomery derrotou ao Africa Keops e cos italianos no norte de África e a guerra pareceu cambiar de signo...Nese momento chegamos á conclusión de que a guerra aínda podía durar moito tempo, pero que os alemáns, durase o que durase, xa non a gañarían. Entón foi cando empezamos a pensar que a derrota de Alemaña suporía tamén a derrota de Franco e ese feito nos obrigaba a prepararnos. Esas eran as cousas que comentabamos daquela os galeguistas, pero sen elaborar plans de ningún tipo, especulando soamente co que nos podía deparar o futuro" (Piñeiro, 2002:62)

[245] A definitiva pegada que para calquera movemento revolucionario ten o contexto internacional no que se inscriba é enfatizado en HAWES, G., (1990), "Theories of peasant revolution: a critique and contribution from the Philippines", *World Politics*, vol. 42, 2, pp. 261-198.

[246] ROSAS, F., (1995), *Portugal entre a paz e a guerra: estudo do impacte da II Guerra Mundial na economia e na sociedade portuguesas, 1939-1945*, Lisboa, Afrontamento

E malia que en moitos informes sobre o "ambiente actual" realizados polas autoridades falanxistas nas distintas provincias galegas tratan de amosar unha total normalidade, estes deixan entrever que a guerra europea era un asunto seguido e comentado pola poboación[247]. No parte quincenal corresponente a xullo de 1940 o xefe da Falanxe luguesa insiste en que "se existe algunha característica especial en Lugo é a indiferenza nunha inmensa masa da poboación", aínda que despois puntualiza que "ao igual que no resto de España polarizáronse as opinións e simpatías para os belixerantes do mesmo modo que o estaban cando sufrían a guerra nacional... expontaneamente non se ten observado ningún apaixoamento, cousa natural se se ten en conta a frialdade coa que se comentou por estas latitudes a ocupación de Tanxer polas nosas forzas"[248]. De igual maneira, a boa situación no aspecto político que con respecto á provincia de Pontevedra predomina nos informes que entrega a Dirección Xeral de Seguridade varía a altura de 1942 e como un dos motivos desa mudanza apúntase a "guerra en Europa" e as "influencias de poboación doutros lugares"[249]. Segundo estes informes a Guerra era un elemento de distorsión para a poboación xeralmente tranquila e, ademais, no seu parecer, Galicia, e sobre todo a provincia de A Coruña, era un lugar onde a actividade do Servizo de Intelixencia Británico en España tiña un maior despregue a través de súbitos ingleses afincados na provincia que se encargaban de "recrutar" aos descontentos co franquismo e aos "sedimentos que en gran cantidade quedaron do Frente Popular"[250].

Polo tanto, a evolución da guerra europea era sentido como un problema en relación co ambiente político reinante en Galicia, malia aos intentos de negar que houbera ningún tipo de concienciación e interese por parte da poboación que as autoridades facían. Nos casos en que o ocultamento da situación non estaba expreso, os informes dan conta de que a opinión púbica era maioritariamente "simpatizante de Inglaterra" e de que había unha "maioría moi absoluta de partidarios dos aliados, sono os ricos pola crenza de que unha orientación inglesa puidera satisfacer mellor as súas ambicións e tamén o son os pobres por tendencia a acatar a súa redención a través das democracias. Nestes sectores, a través do bulo e o comentario clandestino, abrígase

[247] Sobre a maneira de describir as actitudes sociais nos informes emanados das diferentes organismos do réxime, vd., GÓMEZ RODA, J.A., (2002), "Percepciones de las instituciones y actitudes políticas dela sociedad en la posguerra", *Pasado y Memoria*, 1, pp. 59-80

[248] AGA. Presidencia. Parte Mensual da Secretaría Xeral do Movemento do mes de xullo de 1940. Lugo. Caixa 51/20533

[249] *Documentos inéditos para la Historia del Generalísimo Franco*. Tomo III. Pontevedra. Informe D.G.S. 7-4-1942

[250] *Documentos inéditos para la Historia del Generalísimo Franco*. Tomo III. Coruña. Informe D.G.S. 4-1-1942. Esta sensación estaba moi presente tamén no caso da cidade de Vigo, tanto porque igualmente había unha colonia inglesa importante afincada alí como porque sabían da existencia de intereses económicos dalgúns grupos de comerciantes da cidade olívica con Inglaterra. AGA. Presidencia. Parte Mensual da Secretaría Xeral do Movemento do mes de decembro de 1941. Pontevedra. Caixa 51/20560. Que os grupos burgueses das cidades se amosaran aliadófilos non é estraño, como demostra Óscar J. Rodríguez para o caso da oligarquía almeriense, ésta afinidade non era incompatible coa adhesión ao franquismo "senón que sinxelamente denotaba os fortes intereses económicos existentes en que se normalizaran as relacións con Inglaterra". RODRÍGUEZ BARREIRA, O.J., (2006), "Cuando lleguen los amigos de Negrín... Actitudes individuales y opinión pública ante la II Guerra Mundial en una provincia del sur. Almería 1939-1945" , (en prensa)

certa seguridade de que as nacións do Eixo perderán a guerra". Evidentemente a análise do xefe de Falanxe de Lugo acaba concluíndo que esta situación debíase a "unha tenaz incomprensión xeral"[251]. No caso da provincia de Pontevedra insístese en que a poboación rural "a penas segue as incidencias da guerra", pero "porén atribúelle a carencia dalgúns artigos de primeira necesidade, pero nun senso derrotista e mal intencionado como supor que a falla de aceite e trigo é porque se exporta a Alemaña e Italia. Estes rumores son diseminados polos elementos contrarios a actual situación e non simpatizantes co Partido..."[252]

O que está claro é que, como expón Francisco Sevillano, a Segunda Guerra Mundial deu lugar a unha intensa politización dos sectores máis concienciados da sociedade, pero alén disto, engadimos nós, supuxo un revulsivo para o conxunto da poboación[253]. Non estamos a falar dun interese xeral por cuestións políticas, senón da mobilización e aproveitamento de informacións contraditorias e dos bulos extendidos por grupos opositores amosando certo grao de independencia con respecto ao ascendente do establecido polo poder. Oficialmente o rural galego era un espazo "en comunión" coas directrices emanadas das autoridades, un espazo no que non hai lugar para a existencia dunha opinión pública non totalmente seguidista dos preceptos de Falanxe, un espazo, en fin, onde tivera cabida certa intranquilidade no relativo a un comportamento non afín. A Segunda Guerra Mundial veu demostrar que a sociedade rural non era apática, que era permeable ao labor dos grupos opositores e que non era favorable ás potencias do Eixo, rachando así coa publicitada "comunidade nacional". Insultos cada vez menos agochados, comentarios sobre "arreglar as contas" feitos por familias de represaliados, rumores trampeiros sobre a situación da guerra artellados e expandidos a conciencia, multas máis duras por escoitar a radio, etc. deixan entrever que a "calma" sempre aducida polas autoridades locais non era tal ou era menos. Como diría P. Morgan, existe un comportamento que se ben non se pode tildar de descontento político para co réxime, si que denota "distancia psicolóxica" con respecto ás disposición oficiais (Morgan, P., 1994:163)

Os vaivéns da contenda mundial aparecen como elemento a subliñar na redacción dos partes de Falanxe. "... É indubidable que a evolución da guerra nos últimos días ten repercusións favorables no sentido de impor silencio aos desafectos e decidir a moitos indecisos a medida que a Vitoria se perfile máis claramente"[254], advírtese cando a confrontación parece franca para o Eixo. Cando a marcha da guerra non invita a unha visión optimista para os intereses do Eixo, o réxime comeza a preocuparse polo rebrote do "perigo comunista" interior. Por iso, e como tamén constata Alfonso Lazo para a zona sevillana de Aljarafe, no 1943 volve a esixirse dos responsables locais de Falanxe unha posta ao día e un maior control dos "vencidos". Debían redobrarse

[251] AGA. Presidencia. Parte Mensual da Secretaría Xeral do Movemento do mes de decembro de 1942. Lugo. Caixa 51/20593

[252] AGA. Presidencia. Parte Mensual da Secretaría Xeral do Movemento do mes de decembro de 1941. Pontevedra. Caixa 51/20560

[253] SEVILLANO CALERO, F., (2000), *Ecos del papel. La opinión política de los españoles en la época de Franco*, Madrid, Biblioteca Nueva, p. 40

[254] AGA. Presidencia. Parte Mensual da Secretaría Xeral do Movemento do mes de xullo de 1942. Lugo. Caixa 51/20593

os esforzos para controlar a situación: enviar unha relación de todos aqueles que pertenceron ao Partido Comunista, dos relacionados co Socorro Rojo, dos familiares de represaliados, dos antigos dirixentes do Frente Popular e incluso daqueles que tivesen algún familiar no estranxeiro[255]. Só hai que seguir os partes de Falanxe sobre o ambiente na Galicia rural dos anos 43-45 para decatarse do pulo que a perspectiva da perda da guerra por parte de Alemaña deu tanto á oposición, cunha guerrilla alentada e que reactivou as súas actividades, como á resistencia civil.

Nun informe sobre a provincia de Lugo de xaneiro de 1943 faise referencia explícita a que entre a xente do rural a través de bulos, rumores e comentarios amosan unha maior confianza na vitoria dos Aliados dado o resultado do cerco de Stalingrado. No que leva data do mes seguinte recoñécese que aínda que "decreceu o bulo insidioso que ten o seu xerme nos focos de elementos contrarios ao Réxime, non por iso debe omitirse o consignar que ditos elementos ven con satisfacción calquer fracaso de carácter político-militar sufrido polas potencias do Eixe, na esperanza de que éstes determinarán a vitoria das potencias democráticas, e por ende a instauración en España dun orde político por eles desexado"[256]. "Nótase a labor de zapa que con bulos e comentarios realizan os activos esquerdistas que aínda teñen a súa última esperanza na vitoria dos aliados da que poden sacar como froito a devolución a España dos xefes do Frente Popular" indicaba un informe do Delegado de Falanxe no concello lugués do Valadouro[257]. Na mesma liña en xaneiro de 1945 recoñécese como "o ambiente está impresionado pola marcha da Guerra Mundial... os éxitos militares da URSS teñen repercusión en grupos de intelectualismo rojo que considerándose xa dentro de posicións máis fortes abandoan a súa peculiar cobertura facendo comentarios pouco favorables..."[258].

A incertidume causada pola cambiante situación internacional afectou non só os antifranquistas, senón tamén aos propios apoios do réxime e fixo avanzar o proceso de desfascistización[259]. Na Coruña o Xefe Provincial de Falanxe recibe en marzo de 1945 a consigna de realizar actos conmemorativos que demostraran o éxito do encadramento do Partido, o fondo calado social que este conseguira. Ademais entendíase que estas mobilizacións forzosas causaban o desánimo dos considerados desafectos, polo que

[255]LAZO, A., (1998), *Retrato de fascismo rural en Sevilla*, Sevilla, Universidad de Sevilla, p. 60

[256]AGA. Presidencia. Parte Mensual da Secretaría Xeral do Movemento dos meses de xaneiro e febreiro de 1943. Lugo. Caixa 51/20615

[257]AGA. Presidencia. Informes sobre a orde pública na provincia de Lugo. Parte da Xefatura local do Valadouro de maio de 1940. Caixa 51/20533

[258]AGA. Presidencia. Parte Mensual da Secretaría Xeral do Movemento do mes de xaneiro de 1945. Lugo. Caixa 51/20674

[259]Nas autoridades tamén se deixaba sentir que o triunfo Aliado na Guerra podía mudar as cousas en España que se transformaba en falta de moral e mesmo intentos de confraternizar co "outro bando". É o caso dalgún dos gardas do penal de Santa Isabel, en Santiago, que melloran o trato e se achegan aos presos políticos alí detidos facendo comentarios exculpatorios da súa posición e actitude, vd. PILLADO, M. (2002), *Desde el mar que perdiste*, Sada, Ed. do Castro, p. 285. O proceso de desfascistización, como subliña Ismael Saz, ten o seu punto de arranque en 1942 e o seu final en 1945, coa viraxe da política franquista en aras da súa conservación do novo marco internacional. SAZ CAMPOS, I., (1999), "El primer franquismo", *Ayer*, 36, pp. 201-221

estes actos tiñan dobre valía como demostración de adhesión e como aparato represivo no que se consideraba "un momento delicado"[260].

Así pois, para o franquismo os anos máis difíciles trala vitoria con respecto ao "ambiente social" son os que van de 1945 a 1948 moi en liña coa derrota fascista que suscita expectativas fóra e dentro de España, conlevando os de máis intensa loita guerrilleira e o "rearme" das seccións clandestinas dos partidos políticos. Como sinala Abel Paz, durante 1945-46 a CNT conseguiu acadar niveis de militancia notables en Galicia, igual que en Canarias, Alicante e Murcia, alén de recuperar o seu "forte" en Barcelona[261]. Ao respecto da loita armada, non é que a debilidade do réxime se debera á intensidade da guerrilla, senón ao revés, o esforzo guerrilleiro redobrouse porque a febleza do réxime se acrecentaba e porque entre a poboación calaban os rumores e comentarios sobre a posibilidade de que o sistema político mudara. Estes anos son tamén nos que con máis ansia o Estado organiza ceremoniais como paradas militares, desfiles, etc. destinados a facer ver o alto grao de adhesión do social e denotar que non existía preocupación polos efectos da derrota do Eixo.

Neste contexto de fortes expectativas hai que entender o desespero que causou o desleixo dos países aliados con respecto á situación que se estaba a vivir en España. O dirixente galeguista Manuel García Barros, un labrego do concello pontevedrés de A Estrada, deixa constancia do desalento que arrumou ás filas da oposición antifranquista,

> "Estou un pouco desalentado co que sucede; coidaba que coa vitoria dos aliados quedaría o mundo libre da peste fascista, pero, polo que vou vendo Hespaña non é do mundo. Tiña certas esperanzas da Francia e veño de escoitar que vía a vir unha representación a Madrid para concretar un tratado comercial. Por outra banda Churchill di que hai que evitar o triunfo das esquerdas nas eleccións inglesas porque iso abriríalle a porta ao comunismo. Vexo que non pode un fiarse de ninguén" [262]

No relativo á resistencia e á oposición a Segunda Guerra Mundial constituíu un fito. Deu pé a un momento de auxe das dúas expresións namentres as esperanzas da vitoria aliada e da intervención en España se mantiveron. Pero concluíu cunha debacle para unha e para a outra, xa non só pola actitude non belixerante e adaptaticia dos Aliados con respecto ao réxime franquista, senón polo triunfo que para o réxime e, sobre todo, para a figura de Franco, supuxo a non intervención. Como veremos máis devagar cando tratemos o tema do consentimento, as ansias de paz da poboación

[260] AGA. Presidencia. Delegación Nacional de Provincias, Caixa 51/20639

[261] PAZ, A., (1982), *La CNT*, Barcelona, Hacer. "Durante o pasado mes de abril hai que sinalar un recrudecemento da propaganda clandestina, tanto monárquica como comunista, sendo de destacar esta última pola variedade de publicacións e os distintos procedementos empregados para a súa entrega", recoñecía o Xefe de Falanxe da Coruña nos informes elevados á Xefatura Nacional de Falanxe en 1947. AGA. Sección Presidencia. Informes da Secretaría Xeral do Movemento. A Coruña. Parte do mes de abril de 1947. Caixa 51/20586

[262] GARRIDO COUCEIRO, X.C., (1995), *Manuel García Barros. Loitando sempre*, Lugo, Fouce, p. 179

estaban por riba de calquera outra consideración e a neutralidade, funcionará como un foco xerador do mesmo e, polo tanto, minimizador da resistencia civil.

5.1.1.2 O papel das autoridades locais na resistencia cotiá

No reletivo á fortaleza ou fraqueza do poder tamén se debe poñer atención a todas aquelas formas de resistencia localizadas, é dicir, daquelas protestas que se inxiren nunha lóxica resultante de medidas políticas tomadas no ámbito local. As actitudes de alcaldes ou concelleiros municipais e mesmo de autoridades locais de Falanxe ou dos curas párrocos son decisivas no abrollamento das actitudes de resistencia. A alianza entre a poboación e algunha autoridade, non só permite desencadear unha forma de protesta senón que a protexe ante a potencial represión por parte do poder central ou outra autoridade local. É, por exemplo, un aspecto decisivo para a realización dos motíns, que nunca se terían levado a cabo de non contar con algún grao de certeza por parte dos participantes con respecto a que algunha autoridade local os apoiase ou fose o suficientemente débil para non poder impoñer as multas e condenas que a lexislación prevía para esos graves incidentes. O exemplo máis esclarecedor ocorre no motín de Tordoia, na Coruña. Nel a interpretación das disposicións da Xefatura Provincial do SNT realizada polo alcalde, que o propio Gobernador Civil define como "torcida", sobre a entrega obrigatoria do cupo, e o papel dos alcaldes pedáneos, apoiando aos veciños na realización do tumulto son cruciais[263]. Alén dos motíns é o caso, por exemplo, das autoridades locais que deciden non tramitar multas, é dicir, non cooperan co Estado na sanción de accións ou actitudes de resistencia civil ou deixan que estas sucedan sen poñer medios para abortalas. O alcalde falanxista de Palas de Rei, Alejo Vázquez, non parou unha manifestación de protesta dos veciños contra o repartimento que chegou á mesma casa consistorial, actuación que lle valeu o cese pola súa "notoria incapacidade"[264]. En Castro de Rei, a negativa a participar en traballos asignados polas autoridades dos veciños víase favorecida pola actuación do alcalde José María Pillado Mouriz, pois, como se denuncia nun informe da Policía Gubernativa, "na prestación persoal para o arranxo de camiños veciñais foron denunciados polo capataz varios veciños que non asistiron a ditas obras" e o alcalde non tramitou dita denuncia nin impuxo sanción ningunha[265].

De encubrimento poderiamos tildar a actitude dos alcaldes dos concellos coruñeses de Padrón e do Val do Dubra en 1944. Os dous decidiron non tramitar nin iniciar delixencias contra varios individuos dos seus concellos que infrinxiran a lei de pesca fluvial, despois de ser informados polo Distrito Forestal da infracción, o que lles valeu unha queixa por parte de dito organismo ante o Goberno Civil de A Coruña[266]. Tamén en relación coa pesca ilegal podemos mencionar o papel da Hermandade do concello pontevedrés de Cercedo, que intercece con motivo dunhas sancións que o Servizo Nacional de Pesca Fluvial tiña posto a varios veciños para que foran condonadas.

[263] AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración local. G-2936
[264] AHPL. Goberno Civil. Administración local. Sig. 12.708
[265] AHPL. Goberno Civil. Administración local. Sig. 12.699
[266] AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración local. G-2808

Neste caso a finalidade publicística que buscaba este organismo entre os seus afiliados é ben explícita "a cuestión, puido ser resolta satisfactoriamente con gran contento dos agricultores-gandeiros interesados que viron na práctica os beneficios que lles reporta atoparse encadrados na Organización Sindical Agraria"[267]. Outra ruptura do seu papel como transmisores de ordes superiores foi a do alcalde do concello de Ortigueira ao autorizar aos veciños a realizar matanzas de porcos en 1942, polo que lle foi aberto un expediente por parte da Fiscalía Superior de Taxas[268].

Os membros do clero parroquial revélanse tamén ás veces como "protectores" dos descontentos das súas parroquias, evidenciando certa solidariedade, non tanto en clave de caridade ou responsabilidade, senón máis en regra coa defensa dos seus intereses. Accións como encabezar as cartas de queixa contra a repoboación dos montes comunais nas parroquias nas que exercían o seu labor eran relativamente usuais. No concello de Baralla os curas das parroquias de Guimarei, Constantín, S. Xoán de Arroxo, Sobrada do Picato, Pacios e Vilachambre foron os firmantes únicos da petición de descatalogación dos montes veciñais de ditas parroquias para evitar a repoboación. Un caso parello foi o ocorrido no concello de Castroverde, onde o cura de Montecubeiro persoalizou o descontento dos veciños dos seus curatos, Montecubeiro, Vilabade e Bolaño; e no concello de Abadín co cura das parroquias de Vilarente, Graña, Samartiño de Corbelle e Moncelos. O protagonismo dos curas párrocos ás veces é compartido con outras autoridades das mesmas parroquias como eran os alcaldes pedáneos. En O Saviñao, por exemplo, os dous compartiron a sinatura das protestas de dúas parroquias. Noutras ocasións os curas comportábanse como un veciño máis e firmaban entre o conxunto de solicitantes do fin dos labores de repoboación forestal. Así o correu na parroquia de Viduedo, en O Incio; na de Folgoso, en O Corgo e nas parroquias de Chave e Reiriz en O Saviñao[269].

Á vista destes e outros casos semellantes podemos concluír que as autoridades locais xogaron un papel de primeira orde nas primeiras décadas de franquismo. Eran a "bisagra" do réxime no rural e operaron sopesando o seu dobre papel, o de autoridades e o de veciños. Á veces eran os intereses e solidaridades locais os que tiveron máis peso nas súas actuacións fronte ao apoio e seguidismo ao réxime. A posibilidade de controlar e xestionar os recursos nun período no que eran sumamente escasos dáballes un papel dominante e facíaos meros axentes reprodutores da "cadea de mando" superior en tanto que debedores do "favor" dos seus cargos. Pero a súa condición de "veciños", con intereses privados coincidentes en moitas ocasións co resto da comunidade, convertíaos non en transmisores do poder central senón nos primeiros moldeadores e negociadores de ordes superiores. Que primara unha ou outra condición, a de autoridade ou a de veciño desbarataba ou alentaba as formas de resistencia cotiá, camufáblaas ou facíaas innecesarias ao colaborar na mellora da situación problemática. Ao falar da

[267] AGRO, marzo 1949
[268] AHRG. Goberno Civil. Expedientes de concellos. Sig. 2768
[269] RICO BOQUETE, E. (1999) "Política forestal y conflictividad social en Galicia durante el primer franquismo, 1939-1959", *IV Encuentro de Investigadores del Primer Franquismo*, Valencia, Universitàt de Valéncia, pp. 374-381, p. 380

súa condición de "veciño" non tratamos só de subliñar os seus intereses similares aos do resto da comunidade local, senón de evidenciar que en moitas ocasións, ao entender que a súa autoridade e dominio así o requerían, amosábanse prestos a dar saída a problemas de dita comunidade. Sentir que a súa postura estaba segura e, en certa medida, respectada, era o que xeralmente movía ás autoridades locais a amosarse máis proclives a dar traslado tal cual a medidas políticas superiores ou a adaptar, transformar ou mesmo transgredir as mesmas.

No caso do Estado Novo portugués Dulce Freire ten sinalado como as elites locais e autoridades portuguesas presentaron críticas públicas na década dos anos trinta contra a medida salazarista de introducir o seu principio corporativista no sector vitivinícola, nomeadamente contra a acción da Federaçâo de Vinicultores do Centro e Sul de Portugal. Segundo a autora, o descontento xeral da poboación dos concellos vitícolas afectados foi usado polos representantes do poder local como arma de presión do poder central, pero non se revelaban como incompatibles coa adhesión ao Partido Único luso, a Uniâo Nacional e a devoción para co réxime salazarista[270]. No estudo xeral que a mesma Dulce Freire realizou con Inés Fonseca e Paula Gondinho, estas verifican que frecuentemente, en casos como a repoboación forestal ou a construción de encoros, ante a ameaza que o poder central infundía nos intereses das autoridades desas localidades e elites sociais comprometidas co réxime salazarista, defenden propostas que non coincíden co establecido en Lisboa, senon aquelas que "menos perjudicam a terra que os viu nascer" aínda que éstas "esteja em clara contradiçâo com o bem da Naçâo" (Fonseca, Freire e Godinho, 1999). No caso galego nós non somos quen de aseverar unha tendencia maioritaria ou xenérica por parte das autoridades locais con respecto a postura a tomar en caso de disintonía entre os seus propios intereses e os designios da política centralista estatal. O que si podemos mencionar é que aínda cando a "bisagra" se tornaba cara os intereses locais, igual que no caso estudado por Dulce Freire no marco dos produtores vitivinícolas, o límite da súa defensa estaba en saírse do que podía entenderse que rompía a adhesión e fidelidade esixida.

Amén da axuda dalgunha autoridade local, a resistencia civil tamén aproveitou o rescoldo que daban as relacións tirantes entre diferentes ámbitos de poder, véxase alcaldes e xefes de Falanxe cando estes postos non coincidían na mesma persoa ou das novas autoridades franquistas cos tradicionais poderes fácticos do rural, os caciques. A lóxica da defensa de intereses persoais parece ser a regra definidora da diversidade de autoridades locais que mantiveron confrontacións entre si. As retesías e malas relacións deixaban un espazo para evaluar positivamente os riscos e os custos da acción, por tanto, posibilitan a operatividade do "marco motivacional" necesario para artellar a protesta. No caso antes descrito da manifestación contra o repartimento en Palas de Rei a actuación da veciñanza e do propio alcalde atópase enmarcada nunha loita de

[270]FREIRE, D., (2000), "A difícil "paz social". Contestaçâo à Federaçâo de Vinicultores do Centro e Sul de Portugal (1933-1937)", *XX Congresso da Associaçâo Portuguesa de Història Económica e Social*, Porto. Sobre a importancia dos cargos locais lusos durante o Estado Novo e a súa práctica patrimonialización dos cargos no tempo, sobre o estudo dunha vila de Tras-os-montes, vd. RAMOS, R., (1986), "O Estado Novo perante os poderes periféricos: o governo de Assis Gonçalves em Vila Real (1934-1939)", *Análise Social*, 9, vol. XXII, pp. 109-135

poderes na que o cacique de Palas, José Ouro, actúa como contrapoder. A petición dos veciños de Carballedo ao Gobernador Civil para destituir ao alcalde Manuel Vázquez Ferreiro en febreiro de 1944, firmada por veciños e curas das diferentes parroquias do concello, na que o acusan de ser un mero instrumento dos intereses do cacique Federico Fernández González, tamén se produciu ao amparo da loita polo poder que o dito alcalde e o xefe de Falanxe de As Nogais libraban nese intre[271]. Igualmente, en Xove a denuncia feita en agosto de 1951 ante o Gobernador Civil por parte dalgúns veciños do concello (64 firmantes, a maioría labregos) contra a posibilidade de que José Rodríguez González se faga co cargo de alcalde en tanto que,

> "é público que José Rodríguez, actualmente xefe local de FET e segundo tenente de alcalde pode ser designado alcalde... ten a cartería de correos, encargado de teléfonos, ten un café-bar e unha industria de ultramarinos cuns 550 inscritos nas Cartillas de Abastecementos e tamén ten un estanco con veciños inscritos nas Tarxetas de Fumador. O delegado local de Abastos de Xove ordenou que se repartira o aceite que o establecemento de José Rodríguez tivera en existencia pero, como éste era de boa calidade, o mencionado individuo comprou xénero de borras e entregou este malo para o racionamento dos veciños, aos cales non serviu para nada dada a súa mala calidade.....home conflitivo sempre metido en xuízos ... multa por escándalo público... na ano 1950 en forma caprichosa e vengativa elevou as cotas de arbitrios a varios contribuintes da parroquia de Xove, baixando a súa en 30 ptas... rogan non nomeen alcalde a dito individuo..."[272]

conta co pulo e a aquiescencia do secretario do concello e doutros dous comerciantes do concello, evidentemente perxudicados por un posible ascenso do seu competidor no mercado e no cargo a un posto de máxima autoridade. No apoio que os curas de varias parroquias do tamén concello lugués de Castro de Rei deron aos veciños que demandaban un reparto dos comunais nunha carta que elevan ao Gobernador Civil pode apreciarse como a súa postura está detrás dunha loita polo poder no concello entre Falanxe e os "vellos políticos" de dereita, alén de evidenciarse que actúan movidos polo interese económico que os curatos tiñan nos comunais. No escrito que os curas das parroquias de Bexán, Duancos, Bendia, S. Xulián de Mos, Triabá e Ribeiras do Lea dirixen ao Gobernador Civil en 1937 resaltan a obstrucción sistemática que o daquela alcalde, José Pillado, realiza contra as denuncias emitidas polos veciños de Mos polo pastoreo abusivo nos sus montes comunais. Como sinalan estes curas, "e a parroquia cos cuantiosos danos que sufriu e sufrimos todos, polo que nosoutros tamén subscribimos dito documento, porque temos os mesmos intereses en ditos montes, como os demais veciños perxudicados" (Souto, 1999:42-43). En Trabada a situación é igualmente clara. A mala relación entre o secretario do concello e o xefe local de Falanxe acaba fornecendo a actitude non colaboradora da poboación para coa entrega do cupo de cereal. O primeiro capitaliza o descontento dando pulo á poboación que,

[271] AHPL. Goberno Civil. Administración local. Sig. 12.699
[272] AHPL. Goberno Civil. Administración local. Sig. 12.703

mantendo a súa negativa á entrega os primeiros anos da década dos corenta, provoca a intervención do Gobernador civil, que ordea ás autoridades locais que busquen o medio de que se entregue, polo menos, o 60% do cupo imposto. Os labregos mantiveron a súa negativa amparados pola acción do secretario ata que o xefe local de Falanxe propón facer un novo chamamento á entrega "sen a súa intervención". Os labregos acoden así ao pago sacando da súa protesta unha rebaixa considerable de cupo e o seu "protetor", o secretario do concello, consigue tamén o seu propósito, ridiculizar ao xefe do partido[273].

Os conflitos institucionais que enfrontaron ao longo das primeiras décadas de franquismo a Hermandades con outros organismos do Estado encargados de levar a cabo a política económica de intervención de prezos e mercados de produtos agrarios e factores de produción vencellados á agricultura (Comisaría Xeral de Abastecementos e Transportes, C.G.A.T., o SNT ou a Fiscalía Xeral de Taxas), por unha banda, e as tiranteces mantidas entre as entidades sindicais agrarias e os concellos rurais arredor da fiscalidade local e da atribución de determinadas competencias, pola outra, tamén teñen o seu reflexo na conflitividade da poboación rural galega. O posicionamento das Hermandades con respecto a medidas intervencionistas da economía en certas ocasións supuxo unha atenuación das consecuencias negativas desta e das medidas sancionadoras que a resistencia exercida pola poboación conlevaría sen a súa actuación. Estamos a falar de peticións de condonacións de multas por atraso na entrega de cupo e mesmo pola negativa a súa entrega; de amosar desacordo coas proposta de cupo para determinada campaña, o que conlevou nalgunha ocasión unha significativa revisión á baixa dos mesmos, como ocorreu na de 1949 cando dezaseis Hermandades de Pontevedra manifestaron o seu desacordo co cupo asignaron e forzaron, coa axuda dos dirixentes da COSA, ao xefe provincial do SNT a reducilo; etc.

Coincidimos con Daniel Lanero cando indica que esta "conflitividade institucional controlada" non plantexou nunca un ataque directo ao réxime político como tal, senón que é mostra de discrepancias entre as diferentes institucións pola loita constante polo control de recursos nun contexto de escaseza e de parcelas de poder político[274]. Pero aínda así, axudaron a "recubrir" demandas sociais que acadaron a categoría de conflito e resistencia civil. Quizáis un dos exemplos máis clarificadores sobre unha toma de postura das Hermandades favorecedora das demandas sociais do rural galego témola no caso dos amillaramentos. Antes de abranguela devagar é preciso deixar constancia de que as Hermandades non se amosaban preocupadas por mellorar a situación dos seus encadrados alineándose coas súas posturas. Loitaban, aproveitando o descontento existente, por facerse con espazos de poder que ata ese momento lle estaban vetados e, ademais, defendían os dereitos de moitos dos seus integrantes que, como veremos, como grandes propietarios e contribuíntes que eran, saían lesionados nos seus intereses se non estaban en boas relacións coas autoridades do concello.

[273] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12715

[274] LANERO TÁBOAS, D., (2004) "Conflitos institucionais na Galicia de posguerra", *Pontevedra, Revista de Estudios provinciais*, 20, pp. 87-111.

A realización de amillaramentos, rexistros nos que se establece o valor das posesións e propiedades rústicas da poboación rural coa finalidade de repartir, en función dese valor, o imposto da contribución rústica estivo na raíz dunha das resistencias máis xenéricas que se constantan en Galicia a partir da segunda metade dos anos corenta e cincuenta do século XX. A Reforma Tributaria de decembro de 1940 e as disposcións da Lei do 26 de setembro de 1941 dispuxeron a revisión, conservación e rectificación dos amillaramentos establecidos con anterioridade ao novo réxime. Esta lexislación, xunto ás circulares de 14 e 28 de maio de 1943 da Dirección Xeral de Propiedades e Contribución Territorial, encomendaban este servizo a concellos e Deputacións Provinciais. Dende o inicio deste labor a poboación rural amosouse contrariada polas formas e maneiras en que éste se realizaba activando toda unha variada gama de resistencias. As primeiras están relacionadas coa non cooperación cos encargados de confeccionar a información e coa negativa ao pago dos gastos que cada propietario debía facer en concepto de pago da xestión de rexistrar as posesións e valoralas economicamente. O malestar incrementouse ante a ineficacia na recollida de dados sobre as propiedades e animais domésticos que debían figurar no amillaramento. Os agricultores denuncian desleixo por parte dos xestores, erros no rexistro de información, relacións de favor con determinadas persoas, etc., actitudes todas que acaban convertendo o amillaramento nun rexistro falaz que, por selo, condena á realización de pagos do imposto da contribución que non respostan á realidade da situación económica do labrego.

As mostras do descontento social xerado pola confección dos amillaramentos afectan a toda a xeografía galega e mantéñense estables no tempo ao longo das dúas primeiras décadas de franquismo. Sirva un botón de mostra referido á provincia de Lugo. En 1947 tres labregos de Pobra do Brollón decidiron denunciar ante o Goberno Civil as irregularidades cometidas pola corporación municipal ao confeccionar o amillaramento, mentres que ese mesmo ano a práctica totalidade dos veciños de Abadín incoaron un preito xudicial polo mesmo motivo. Tres anos despois, non concello de Baleira tamén se presenta unha carta denunciando ante a dita autoridade provincial que "hai gran malestar polo pouco equitativo do mesmo e cobráronse recibos dúas veces o mesmo ano". En Guntín en 1952 os problemas denunciados refírense a que as autoridades locais pedían diñeiro "en gran cantidade" aos labregos que ían declarar os seus predios. En 1955 tamén decidiron expresar o seu malestar os veciños da parroquia de Doncos, medida que lles foi profundamente negativa pois, segundo dá conta o Comisario de Lugo en relación a "anomalías" detectadas nese concello,

> "amillaramento: feito con pouco escrúpulo, problemas en Doncos, por darse a circunstancia que un veciño dela, sendo un dos maiores propietarios resultou ser un dos máis favorecidos polo amillaramento, ao verse que este fora designado como representante pericial, alterou un tanto os ánimos e con este motivo varios veciños que se crían perxudicados, reuníronse algunhas veces en As Nogais, na casa de Jesús Núñez Bermúdez (a) "Rucho", quen elevou reclamacións que se dí non tiveron efecto algún ao ser desestimadas pola Delegación de Facenda de Lugo, tendo que abonar os

> participantes nestas reunións en concepto de gastos e honorarios ocasionados 1.000 ptas cada un..."[275]

Na protesta contra os amillaramentos e as súas deficiencias os labregos contaron co apoio das Hermandades[276]. Dende 1945 ata 1950 van ser continuadas as alusións na prensa sindical e nas asambleas das Hermandades Provinciais ao "carácter francamente abusivo" daqueles, ata o punto de crear, cando menos no caso da Hermandade Provincial de Pontevedra, unha "Comisión ou Servizo" encargado de informar e preparar un "plan de amillaramento" alternativo ao dos concellos, entidades encargadas de organizalo, e de elevar unha queixa formar ante a Delegación de Facenda. O ente sindical argumenta que a súa postura proclive a favorecer as demandas campesiñas no caso dos amillaramentos é unha cuestión de "xustiza". Segundo as conclusións da Asamblea Provincial de Hermandades de Pontevedra,

> "non se oculta que o campesiñado da nosa rexión foi sempre reacio a calquera reforma tributaria, fenómeno que nada ten de particular dada a pobreza en que normalmente viviu, pero é que no presente caso non evita a aportación de recursos á inxente tarefa ecónomico-social que están levando a cabo o Estado, senón que pide que o reparto da contribución se faga con xustiza e que cada un pague polo que debe pagar...neste momento esta inxusta distribución da contribución rústica crea unha situación de verdadeira calamidade para un gran número de campesiños"

Xustiza social e consolidación no seu papel de representante válido dos homes e mulleres do rural son os motivos explicitados, mais detrás desta actitude de colaboración sindicato-encadrados está o claro interese deste por lograr o traspaso desta atribución do concello ás súas máns. Afianzar o seu papel no agro non era baladí se temos en conta as dificultades de implantación que as Hermandades tiveron en Galicia e así se entende que titularan máis dunha información sobre o aplazamento ou a revisión dos amillaramentos co significativo epígrafe de

> "Defensa dos intereses campesiños. Contra a inxustiza dun procedemento absurdo. Merecido aplauso do agro á valentía e xestión dos seus mandos provinciais"

Pero son sobre todo os problemas competenciais os que levan ao ente sindical a actuar decididamente. A posibilidade de facerse co control dun novo eido de recadación, como o eren as cotas que esixían aos seus encadrados a nivel local, e arrogarse potestades para intervir na fiscalidade municipal eran ambos botíns que merecían a súa aliñación coa demanda campesiña.

As protesta das Hermandades con respecto a como os concellos están levando a cabo o proceso de elaboración dos amillaramentos céntrase en tres aspectos. Primeiro,

[275] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.697; 12.702; 12.707; 12.710

[276] Os dados sobre a acción das Hermandades no conflito dos amillaramentos foi extraída dos artigos publicados en AGRO, xullo-setembro de 1945; febreiro- novembro de 1946; febreiro de 1949

denuncian a ilegalidade dos cobros que se fan aos agricultores por realizar o servizo. Insisten en que os concellos non acatan os principios polos que se debe rexir o servizo de revisión e rectificación dos amillaramentos pois, segundo a lexislación en vigor os gastos ocasionados polas Comisións de Avaliación do Patrimonio correría a cargo do Estado, véxase do orzamento municipal, facendo que os gastos sexan pagados polos agricultores. Amén da ilegalidade no cobro as Hermandades fanse eco de que os concellos están contratando a particulares (individuos ou empresas) a tarefa da elaboración do amillaramento, o que supón, amén da elevación dos gastos do labor, e polo tanto, dos pagos que se lles requiren aos labregos, un desleixo nas certificacións. Sobre este aspecto xira o segundo corpus de críticas das Hermandades. Na súa opinión, os novos amillaramentos "teñen máis erros e máis ocultación que os que se trata de rectificar" pois os axentes contratados só se ocupaban de cobrar aos agricultores pero non de comprobar que as declaracións sobre as propiedades foran correctas nin en extensión nin en clase de cultivo. A terceira petición das Hermandades está en deixar sen efecto os amillaramentos levados a cabos nesa situación para proceder a súa revisión (que eran arredor de vinte na provincia de Pontevedra) e, en xeral, á redución da Táboa de Valores, que establecía que aumentara a presión fiscal máis dun 200%.

As Hermandades conseguiran que a súa posición na "batalla dos amillaramentos" contra os concellos fora recoñecida en 1949 pois prohibiuse a exacción directa aos labregos polo servizo da elaboración do amillaramento e posibilitouse a súa rectificación cando fora solicitado polo concello en cuestión ou un grupo de propietarios que representara, polo menos, o 25%. Pero, como se aprecia nas protestas recollidas en poboacións da provincia de Lugo, os amillaramentos e a súa confección non deixaron de estar en mans dos concellos e non deixaron tampouco de provocar resistencias por parte dos labregos, alén da acción das Hermandades.

5.1.1.3 O remprazo xeracional: unha xeración sen pasado

Neste exercicio de parcelación temporal das formas de resistencia, é fundamental recoñecer a existencia de diferentes posicións, é dicir, de considerar, a inevitable heteroxeneidade dos grupos sociais que viviron o franquismo. As posicións tomadas pola poboación están determinadas por diversas condicións, entre as que temos que ter moi presente a idade. A renovación xenealóxica vai ser un dos determinantes dos comportamentos sociais de resistencia no eixe do tempo. Isto ten que ver coa construción dunha conciencia histórica diferente entre xeracións que someten o poder a visións diferentes (ter vivido a guerra /non, poder comparar coa realidade de preguerra/non, etc.), pois dita conciencia redefine as posicións dentro dos suxeitos á hora de formular os modos de resistencia.

Así, a biografía xeracional é crucial para a comprensión de moitas cuestións sobre os niveis de resistencia e as súas diferenzas. Non se pode esperar a mesma actitude daqueles que foron criados na Galicia da fame e o medo da posguerra e educados no conformismo cara ás autoridades do réxime franquista. A toma de poder franquista alterou as relacións sociais existentes de maneira clara, asi, xeralmente a vella xeración permanecía máis escéptica e crítica mentres que a xeración máis nova amosouse menos

combativa. A importancia do papel da escola, e doutros piares do franquismo, como entes propagandísticos e socializadores neste aspecto é evidente[277]. Pero a familia tamén foi un foco para a creación de consentimento con respecto ao franquismo. Malia que se tratara de pais combativos no seu momento, os comentarios e conversas aleccionadoras cos fillos, co anceio de protexelos e asegurarlles non ter que pasar por situacións perigosas e perxudiciais para eles, apuntalaban a necesidade de aceptar a situación[278]. Salvo casos de compromiso excepcional, a maioría das primeiras xeracións que viviron o franquismo encargáronse de non dar ás novas elementos cos que comparar a situación do momento e procurar a súa aceptación,

> "Eu recordo precisamante na casa onde eu nacín, pasoume con dous que andaban refugiados do ejército... era a feira do 26 dixéronlle a guardia civil que fulano e fulano vímolos na feira, e mobilizaron a feira... mira daquí e mira dalí, os tíos non os colleron na feira, pero si máis tarde colleron a outros sospeitosos que non eran...eran os tres veciños, trouxéronos a nosa casa porque o meu abuelo fora concejal do ayuntamiento e pasárallo a meu pai, que pasou de ser concejal a ser o alcalde pedáneo da parroquia... trouxéronos a miña casa... un era sobriño de meu pai... trouxéronos e déronlles unha pasada pa que cantaran onde estaban os que andaban detrás deles... *a nosoutros os chavales metéronnos nun cortello para que non víramos nada daquelo, para que non víramos como lles zoscaban*"[279]

> "Cando estallou a guerra pois el [o mestre de Foz, unha das persoas máis senlleiras da República nese concello] dábame moitos consellos... cando estallou a guerra el empezou a ter medo, un medo negro, porque estaba fichado e tal... e non se atrevía nin a falar pero a min dábame moitos concellos, de que nunca me metera en política ou seña que non me afiliara a ningún partido"[280]

> "... politicamente todos éramos dun lado, estábamos tan concienciados, desde que tiña uso de razón, e non vin máis que eso...e concienciado sobre todo polas personas maiores da casa "ai neniños! Tede cuidado non faledes de política, non vos metades en nada...", non había nada en que meterse todos éramos dun bando...un foi criado nesa cultura, e non vías máis ca eso...e eso é punto, e eso iba a misa e namais, o resto non existía, non era decir que tuveras unha opción, o resto non existía...dábalo por

[277] O conflito xeracional é moito máis importante na Alemaña nazi, onde se fala dunha "guerra en cada fogar", aínda que non provocou unha resistencia aberta porque a xente viuse enredada na "trampa ideolóxica"que identificaba as medidas autoritarias que o nazismo implementaba coas que calquer cabeza de familia debía tomar para asegurar o benestar e alimentación dos seus. WILKE, G. (1987), "Village life in nazi Germany", en BESSEL, R. (ed.), *Life in the Third Reich*, Oxford, Oxford University Press, pp. 17-24, p. 21

[278] AGUILAR, P., (1996), *Memoria y olvido de la Guerra Civil española*, Madrid, Alianza, p. 65. M. sinala "... había moito medo e os pais pasáronllo aos fillos". Entrevista a M.L.G., veciña da parroquia de Seivane, concello de Abadín.

[279] Entrevista a M.D.G., parroquia de Seoane, concello de Friol

[280] Entrevista a G.R.S., do concello de Foz

> non habelo... despois houbo épocas en que, xa cos aparatos de radio que se oía a "Pirenaica", e, pero bueno, había que ter moito coidado con que non che oíran que era motivo de sanción e todo eso, pero bueno, todo o que oías a través da "Pirenaica" tamén che parecía unha trapallada que non conducía a nada, non había unha argumentación que te convencera, porque estabas influenciado pola coexistencia, polo día a día"[281]

> "Eu nunca quixen que se falara de política na miña casa cos rapaces. Non me gustaba que soubesen certas cousas porque neste país non se poder meter un nelas (...) Mira, os meus fillos nunca souberon que ese da carretera foi o que me denunciou a min, e que estaba cos que nos deran aquela malleira... Nin sequera o saben hoxe, e eso que de pequenos eran moi amigos dos fillos de L."[282]

O mutismo dos pais favorecía a penetración de sentimentos de identificación co réxime nos fillos[283]. A diferenza xeracional foi percibida especialmente polos emigrados-exiliados de primeira hora que, despois de reanudarse o fluxo migratorio a partir de 1946, se atopan cun emigrante moi diferente tanto sociolóxica como politicamente a súa chegada. Castelao, en 1949, expresaba amargamente como "a mentalidade dos novos emigrantes galegos, que veñen a enriquecerse cos métodos correntes en Hespaña. Falaría da emigración dos xurelos con tanto respeto como falaría da emigración dos galegos de hoxe en día"[284].

A medida que avanza a ditadura aparecen o que R. Soutelo e A. Sabas teñen denominado "mentalidades auto-reprimidas" (Soutelo e Sabas, 1994:232). O control das autoridades pode facerse menos evidente e presente, ata mesmo desaparecer, deixando todo o protagonismo aos afectados pola ditadura que mantiveron este control deliberadamente, transformándose en represores de si mesmos

[281] Entrevista a M. L-Q. R., parroquia de Friol, concello de Friol.

[282] Entrevista con C.A.G., reproducida en PRADA RODRÍGUEZ, X.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (1997), "Antropoloxía da memoria: representación simbólica e función social das construccións míticas relativas á represión franquista", *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*. Tomo I, Santiago de Compostela, CSIC, pp. 631-651, p. 636

[283] Ismael Saz fai especial fincapé nesta realidade que segundo el suporía ter "unha especie de ampliacion por vía xeracional do consentimento, que sintetiza no binomio pais republicanos/fillos franquistas", relacionando cun fenómeno de recatolización. Sánchez Léon entende que recoñecer esa diferenza xeracional, "diferenza a veces radical, antropolóxica, cultural, é facer xustiza e tratar de non distorsionar... As costumes sociais que promovera o franquismo non tiñan sido expresamente cuestionadas por ninguén no pasado recente, de maneira que non existían experiencias ou tradicións en que apoiarse para por en marcha novas formas de sociabilidade. A xente nova, ao asistir a un proceso de declive da represión non puido en moitos casos replantexarse o "franquismo sociolóxico". SAZ, I., (1990), "Entre la hostilidad y el consentimiento. Valencia en la posguerra", en SAZ, I.; GÓMEZ RODA, A., (eds.), *El franquismo en Valencia... op cit.*, pp. 9-35, p. 28; SÁNCHEZ LEÓN, P., (2004), "Estigma y memoria de los jóvenes de la transición", en SILVA, E., et ali., (coord,), *La memoria de los olvidados. Un debate sobre el silencio de la represión franquista*, Valladolid, Ámbito, pp. 163-179, p. 173

[284] NÚÑEZ SEIXAS, X.M., (2004), "Emigración y exilio antifascista en Alfonso R. Castelao: de la Pampa solitaria a la Galicia ideal", *Anuario IEHS*, 19, pp. 95-125, p. 125

e inculcando o medo ás xeracións seguintes[285]. Unha autorepresión que pasa da familia ao conxunto da sociedade por mera agregación. De aí que se pase dunha época inicial onde existe unha oposición ao sistema no medio rural a outra onde ésta practicamente se esvae e prima a resistencia civil. Medo e miseria conseguiron en España en xeral e en Galicia en concreto algo sen parangón en Europa, que maioritariamente se acabara asumindo un sistema de autocontrol, de autovixilancia que impedía calquera posible manifestación de oposición para o común da poboación[286].

Neste senso debe puntualizarse que representar ao subalterno da represión fascista acostuma a ter como resultado trazar instintivamente un retrato amable e xustificativo da vítima. Para esa representación parece que a vítima ségueo a ser sempre e continúa formando parte do bloque de damnificados, e se cala ou potencia o silencio, é por causas que lle sobreveñen, moito máis poderosas que ela, que segue arrastrando a debilidade do espazo e do momento que a converteu en tal vítima. Representar así ás vítimas dalgún tipo de represión é, paradoxalmente, deshistorizalas, esencializalas e petrificalas na súa condición. Neste senso, a idea de que o esquecemento e o silencio son sempre froito de presións negativas sobre o suxeito non é sempre veraz. Esta decisión non é o resultado unidereccional da relación vítima-perpetrador. O silencio parece obedecer tamén ao papel xogado por individuos que non queren recordar deliveradamente, que non queren ser pecibidos como disidentes das disposicións franquistas, que non se recoñecen no papel de vítimas porque iso supón un lastre para o seu presente e potencial futuro que pasa, moitas veces, pola promiscuidade co outrora "inimigo".

Así, antigas vítimas convertéronse co tempo en gardiáns da "normalidade" franquista[287]. Foi o caso de Gonzalo Rodríguez Pérez, de Alongos, concello de Toén, en Ourense. A súa condición de galeguista e fundador dunha delegación do Partido Galleguista na súa aldea fixo que se convertera en fuxido, "¡Eiquí foi un desbarajuste o que fixo a Falange co pueblo que esto merecían matalos a todos!", recorda. Ao entregarse, ao final da guerra, debeu cumprir condena servindo no exército ata 1942, ano en que o licenciaron de servizo. Poucos anos despois, porén, foi elixido presidente da Hermandade de Labradores de Vilamarín, co que puxo fin a súa condición de vítima do réxime[288]. A mesma situación é a de moitos "colonos" da zona de colonización que o franquismo levou a cabo na comarca luguesa da Terra Chá. Nun primeiro momento estamos ante, se non represaliados, sí dagnificados polo franquismo. Trátase

[285]Baste recordar a actitude do mestre Gregorio Sanz, un dos persoieros máis senlleiros do auxe político e cultural da República en Ribadeo e principal valedor do agrarismo, despois de ser condenado dúas veces a morte e pasar cinco anos na cadea optou por esquecer o seu pasado e negalo mesmo unha vez acabado o réxime. A súa experiencia no presidio relátaa en primeira persoa en SANZ GARCÍA, G., (1986), *Uno de tantos. Cinco años a la sombra*, Sada, Ed. Do Castro. Sobre a súa persoa tamén CAL MARTÍNEZ, R.M., (2000), "O Mestre don Gregorio", *Tempos Novos*, 40, pp. 12-13

[286]ORTIZ HERAS, M., (2004), "Instrumentos "legales" del terror franquista", *Historia del Presente*, 3, pp. 203-220, p. 206

[287]PIEDRAS MONROY, P., (2004), "La lista de Ángel Piedras". Memoria de la Guera Civil y subalternidad", *Actas del Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, Santiago de Compostela-Ourense, CD Rom

[288]Un extracto da súa memoria de vida está recollida en JARDÓN PEDRAS, X.X. et ali, (1997), "¡Eu tamén son vella e recordo!... *op cit*, pp. 622-623

de pequenos labregos cuxas casas e fincas son expropiadas polo réxime ben para levar a cabo un decreto obrigatorio de repoboación forestal, ben para a construción dun encoro nos concellos de Quiroga e Negueira de Muñíz. Esta incidencia conceptuounos, e así se categorizaron eles mesmos, como "vítimas" pero, co pasar do tempo e ao converterse en exitosa economicamente a actuación colonizadora dende a segunda metade dos anos sesenta, deixaron de identificarse de tal xeito, é máis, pasaron a recoñecerse no seu discurso como beneficiarios das medidas franquistas[289]. Sobre este punto voltaremos ao falar esplicitamente tanto sobre a forma de resistencia posta en práctica como ao falar de consentimento para co réxime, baste aquí con sinalar que vítimas e perpetradores, pois, son categorías as máis das veces volátiles e cambiantes no decorrer do tempo e non poden verse como departamentos estancos en boa parte dos casos.

En relación con isto, e con respecto á toma de postura ante o franquismo, e sen ánimo de caer en demasía en eidos posmodernistas, debe recoñecerse que os suxeitos non permaneceron estables en canto a súa actitude cara ao réxime. No curso dunha vida xorden problemas e incertidumes, decisión, aspectos da vida cotiá que fan dubidar, cambiar ou tomar actitudes diferentes fronte ás decisións tomadas previamente. Contradicións que van acompañadas dunha contínua formación de novas situacións de equilibrio, suxeitas a novas rupturas. E baixo un réxime totalitario, un mesmo individuo pode amosar formas de lealdade acordes co sistema e noutras circunstancias tornarse un resistente implacable. Pero máis a miúdo, coexisten na persoa o rexeitamento e o consentimento, e o balance entre ámbalas dúas varía por razóns puntuais[290]. Existe unha enorme ambigüidade nas tomas de decisións polas condicións de incertidume que distorsionan mesmo as preferencias individuais.

E se os suxeitos non permanecen estables no tempo, tampouco as formas de resistencia o fan. O desenvolvemento histórico da réxime e dos propios protagonistas da resistencia civil fai que todas as formas de acción non aparezan no mesmo momento nin coa mesma intensidade. A acción de protesta ten o seu espazo e as súas formas en cada momento. Así, toda a sociedade rural non valora por igual unha forma de protesta ao longo do tempo porque ésta non ten a mesma "utilidade" (dende o punto de vista do actor) nin o mesmo potencial "erosionante" (dende o punto de vista do sistema). Un caso evidente, e do que trataremos máis devagar cando nos ocupemos das formas de resistencia recibidas pola política forestal franquista, é o do incendio. A súa escasa presenza como "arma" de protesta nos anos corenta e cincuenta responde non a unha actitude pasiva ou adaptatica das comunidades afectadas a primeira hora pola repoboación do seu comunal, senón a unha preferencia destas por outras formas de protesta porque nos primeiros anos trataban de paliar unha decisión política e para iso entendían que era máis útil, por exemplo, as queixas e peticións administrativas,

[289]Un amplo estudo sobre a colonización en CARDESÍN DÍAZ, J.M., (1987), *Polúticia agraria y transformaciones en la agricultura gallega: la zona de colonización de Terra Chá (1954-1973)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (Tese de Licenciatura inédita)

[290]Tal foi o caso de D., que foi Vogal da Hermandade de Ribadeo "toda a vida" ao mesmo tempo que tivo na súa casa resgardado un fuxido "3 anos e 18 días", ou de excombatentes laureados do exército sublevado que foron protagonistas da loita contra as repoboacións dos seus montes veciñais. Entrevista a J.A.D.L., da parroquia de Cubelas, concello de Ribadeo

pero a partir dos sesenta, o que buscan é destruír a "obra do inimigo", e aí si ten toda a súa racionalidade o incendio forestal.

5.2 As pegadas do disenso e resistencia civil

A visión dunha Galicia pasiva e resignada foi construída a partir da análise da documentación producida para consumo público polas autoridades franquistas e pola ausencia de insubordinación popular despois de 1936, pero a extensión acadada pola desobediencia e as expresións de descontento é máis grande do que previamente se podía imaxinar.

Unha das tarefas máis importantes que debían acometer os gobernadores civís era asegurarse a adhesión inquebrantable da poboación e a paz social. Dese entusiasmo dependía a súa continuidade no posto e futuros ascensos no *cursus honorum*. Deste xeito a norma era que nos seus infomes anuais declarasen unha adhesión xeralizada, porén son tantos os matizes que relatan e as contradicións nas que incurren que todo parece indicar que os descontentos existen e que as disidencias son percibidas, dunha ou doutra maneira, polas autoridades. Que había un descontento masivo e un ambiente frío para co réxime polos moitos constranximentos impostos pola política, pola corrupción rampante e pola escaseza material da vida é indiscutible e facilmente perceptible ao revisar a documentación interna de diferentes autoridades franquistas, que contradí a publicística que reina na prensa. Os propios xefes provinciais de Falanxe recoñecían na documentación de uso interno a preocupación pola impopularidade do Movemento entre a poboación. O Xefe Provincial de Falanxe na Coruña recoñece sen miramentos nun informe interno que envía á sé central do partido en 1942 con motivo do día da festa da Vitoria,

> "como queira que me imaxino que tanto a prensa local como as doutras provincias falará en tonos encomásticos, creo a miña obriga, informarte desa frialdade xeada do ambiente... no desfile militar foron escasísimos os vítores e aplausos, sendo todos estes a cargo da Sección Feminina e dos grupos de Militares que tiñan lugares reservados para presenciar o paso das Forzas"[291].

No punto contrario atópanse os órganos de prensa clandestinos, a maioría vencellados ao Partido Comunista, que enxalzan calquera episodio de resistencia por parte do campesiñado galego e que se fan eco de moitas narracións sobre incidentes como as detencións en Galicia de campesiños que se negaban a entregar as colleitas[292]. A

[291] AGA, Presidencia, Informes mensuais sobre a provincia de A Coruña. Informe de abril de 1942. Caixa 51/20586.

[292] Son abundantes as referencias a estas accións ["Enérxica protesta de los campesiños de Lugo contra a rapiña falanxista", en MUNDO OBRERO, 25-3-1948. "Galicia. Motín de campesinos contra la Fiscalía de Tasas y la Guardia Civil", MUNDO OBRERO, 6-5-1948], razón pola que a Fiscalía de Taxas publicaba "con alarmante regularidade listas de sancións aplicadas a pequenos comerciantes e campesiños en todas as provincias españolas". O PCE fai chamamentos ao campesiñado para que ºculten as súas colleitas, que se negen a declarar o recollido e para que tiraran do campo violentamente

realidade está xusto entremedias. Multitude de casos relatados na documentación interna de Falanxe, e opinións e comentarios verquidos polas autoridades en ámbitos que entendían como privados desminten o panorama dunha opinión pública identificada cos presupostos do Partido Único e do réxime. Nada máis irreal que o debuxo dunha "comunidade nacional" que se facía de portas para fóra, pero nada máis lonxano dun campesiñado imbuído de ideoloxía comunista disposto a acabar coas requisas mediante a loita directa contra as comisións de requisa[293].

Había moitas bases para protestar pero isto non significou necesariamente un alicerce para un masivo levantamento. O que require consideración é saber as razóns para esa apariencia e para a evaluación, de feito caracterización, dos patróns do disenso popular. No capítulo anterior témonos referido ás características históricas que amosa o disenso na Galicia rural, de aí que xa teñamos posto os piares para proceder á caracterización de ditos patróns sen caer en simplicidades e acudindo a lóxicas de actuación e comportamento. Como vimos, e como semella confirmar o estudo da etapa franquista, a elección dunha conduta que garda apariencias de resignación e dos modos de protesta máis "escondidos" están en relación coa eficacia dos órganos do Estado, que converten esa opción en irracional[294].

Malia as ameazas de sancións, algunhas persoas negáronse a obedecer certas normas e mantiveron unha posición renuente e repetida de desobediencia en momentos en que dito comportamento era definido como delito, era extremadamente perigoso e duramente reprimido. E isto converteunos en "disidentes", en protagonistas de resistencia civil porque o franquismo mesmo os tildou como tal ao entender que todo acto ou actitude fóra do establecido constituía unha mostra de "non conformidade" co propio sistema. Non é doado demostrar a existencia dun sentimento de inxustiza que non era expreso polo receo ás represalias. As comunidades rurais van defender aquilo que consideran os seus dereitos, máis fano de forma non declarada. No seu día a día mostran a sua indignación e descontento pero non actúan de modo que alteren a orde establecida. Entendemos así, o termo de "disenso" nun senso amplo e comprensivo de toda forma de desacordo e actitude negativa, que pode transformarse en apatía, desobediencia civil, protesta ou oposición e que convive co consentimento.

A dura represión acabou con moitas das posibilidades dunha rebelión subalterna pero a protesta denscansou nunha cultura popular autónoma que non era factible

---

aos ladróns das Comisións de Requisa falanxista" [MUNDO OBRERO "Las listas diarias de multas y expoliaciones". 20, 27 xuño de 1946]. SANTIDRIÁN ARIAS, V.M, (2002), *Historia del PCE en Galicia*, Sada, Ed. do Castro, p. 387

[293]Sobre a creación desta imaxe dunha poboación en comunión co réxime sin ningún atisbo de fisuras, vd. GARCÍA, J., (2004), *La resistencia silenciosa. Fascismo y cultura en España*, Barcelona, Anagrama

[294]A República Democrática Alemá foi caracterizada pola súa aparente estabilidade, eficiencia e aquiescecia política, en contraste coas turbulentas historias locais dos seus veciños Checoslovaquia e Polonia, da mesma maneira que Galicia. Segundo os estudos realizados para explicar esta distinta idiosincracia a explicación está na capacidade represora do Estado e non na diferenza da mentalidade da poboación da RDA con respecto a outros países veciños. Nisto insiste M. Fulbrokk, que emprega os informes das autoridades para dar conta dos niveis de descontento amosados pola poboación. FULBROKK, M., (1993), "Popular discontent and political activism in the GDR", *Contemporary European History,* 2, 3, pp. 265-282

reprimir e que erosiona a tópica concepción da posguerra como unha etapa de harmonía. Nela atópanse mostras cotiás e abondosas de descontento, xa difuso e esluído, xa artellado e verbalizado, coa situación sociopolítica imperante, que se ben poucas veces se traducía nun posicionamento consciente e comprometido de oposición ao réxime, requerían de toma de decisións e a realización de accións que en ningún caso remiten á pasividade, á resignación ou ao acatamento. O grao de resistencia parece vir definido polas posibilidades existentes en cada momento, e podían ir dende acudir as xuntanzas esporádicas con outros veciños para escoitar Radio Pirenaica ou a BBC, o que xa era considerado acto de conspiración polo réxime franquista, ata a colaboración eventual coa guerrilla ou as forzas organizadas de oposición, a lectura de distintos órganos de prensa clandestina, etc. Trátase, se se quere, de actuacións que reflicten capacidade de autodefensa e autoconservación, mesmo de mantemento de niveis de autonomía con respecto a un Estado cada vez máis próximo e con medios para exercer un forte control na vida cotiá.

En España contamos con algúns traballos que se achegaron ao estudo dos indicadores da resistencia civil da poboación. En Andalucía, Antonio Miguel Bernal chamou a atención sobre que, aínda que a represión, as precarias condicións de vida e o control social ao que foron sometidos os campesiños andaluces, producíronse mostras de resistencia dos xornaleiros ao franquismo[295]. A Comunidade Valenciana, igual que Aragón, Asturias, Castela A Mancha e Cataluña, son as zonas que teñen recibido atención, aínda que en grao e profundidade ben diferente[296]. Facendo un balance, todos estes estudios conclúen sinalando que "durante os anos da posguerra, e malia aos "apoios" institucionais e sociais de que dispuxo o Novo Estado, a maioría dos españois amosaron un acatamento aparente do réxime como consecuencia do completo desartellamento da sociedade civil pola coerción social e o control estatal das canles de información, extendéndose a apatía política entre a poboación... relegada ao ámbito da vida privada... Porén, dentro deste amplo sector da sociedade caracterizado pola súa pasividade existía tanto un "apoio difuso" á ditadura, como unha "disidencia" que se manifestaron puntualmente nos momentos de máxima tensión política e social no país... Detrás desa indiferenza subxacía un crecente malestar motivado fundamentalmente polos problemas máis inmediatos aos cidadáns..." (Sánchez Recio et ali, 1995:89).

[295]BERNAL, A.M., (1993), "Resignación de los campesinos andaluces... *op cit.*, pp. 145-159

[296]SANCHEZ RECIO, G.; MORENO FONSERET, R.; SEVILLANO CALERO, F., (1995), *Estudios sobre el franquismo en la provincia de Alicante. Poder político, actitudes económicas y opinión*, Alicante, Universidad de Alicante; REIG, R., (1999), "Repertorios de protesta... *op cit.*, pp. 37-76; CENARRO LAGUNAS, A., (2001), "Las múltiples formas de resistencia cotidiana al régimen de Franco en Aragón, 1936-1945", en FRÍAS CORREDOR, C.; RUÍZ CARNICER, M.A., (coords.), *Nuevas Tendencias historiográficas e historia local en España. Actas del II Congreso de Historia Local de Aragón*, pp. 350-358; LEDESMA, J.L., (2001), "El campo en llamas: campesinos, "terror rojo"y revolución en la sociedad rural aragonesa durante la Guerra Civil", en CASTILLO, S.; FERNÁNDEZ, R., (coord.), *Campesinos, artesanos, trabajadores. Actas del IV Congreso de Historia Social de España*, Lleida, Milenio, pp. 249-255; MOLINERO, C.; YSÁS, P., (1998), *Productores disciplinados... op cit.*; GARCÍA PIÑEIRO, R., (2001), "Protestas populares de baja intensidad en la Asturias de la posguerra", *Espacio, Tiempo y Forma.* Serie V, 14, pp. 351-380.

O mesmo ocorre no rural galego. O que emerxe é o que ten verbalizado I. Kershaw na súa análise das opinións e actitudes da poboación alemana cara ao Terceiro Reich, e é a compatibilidade da "non satisfacción" en aspectos económicos, sociais ou de políticas concretas cunha "aceptación" do sistema[297]. A ameaza popular cara ao sistema estivo fóra de cuestión, a autoconservación individual ou familiar era o primeiro, e nas fases inicias do réxime case que o único. Pero o disenso foi unha constante a través de moitas actuacións que poñían en cuestión o discurso social dominante e as formas de control establecidas. Esta coexistencia prové dunha explicación á pregunta de por que actitudes de descontento non necesariamente se converteron en actividades de resistencia política e por que a oposición se mantivo na esfera da resistencia civil. Da natureza das formas de crítica e descontento recollidas durante o período da posguerra extráese unha característica en común: o disenso era fragmentario. O rexeitamento e o descontento con algunhas áreas de actividade do réxime coexistíu coa aceptación e a participación voluntaria noutras. Como os sistemas de poder son múltiples a resistencia a un nivel pode significar subordinación a outros. Por iso, debe identificarse a existencia dun abano de estratexias específicas de resistencia en ámbitos locais e cotiás[298].

O disenso popular foi transformado por veces en apatía, resignación, confusión e desespero polo conxunto da poboación pero, como atestiguan as fontes, foi percibido polas autoridades franquistas e criticado dende os diferentes foros. As mostras de disenso teñen importancia por si mesmas, primeiro porque incomodan ou asustan ás autoridades, segundo porque as identidades persoais poden ser preservadas a través de actos de non conformidade en contra do "asalto" estatal por controlar a esfera privada e, terceiro, e sobre todo, pola evocación que fan dunha actuación que pode ampliarse, multiplicarse e radicalizarse. Asi o confirma a documentación interna que as autoridades emiten sobre calquera das accións que consideran resistencia ao cumprimento das súas disposición[299].

Valla como mostra a actuación dos veciños da parroquia de Toiríz, do concello lugués de Pantón. Eles decidiron invadir a zona repoboada co seu gando inutilizando os traballos de repoboación ante a negativa por parte da Administración a respetar as 150 has. que a comunidade recibira como compensación para poder pastar o seu gando e pola súa clara decisión de repoboalas xunto ás 201 has. que xa consorciara forzosamente. O informe que o Enxeñeiro Xefe de Patrimonio en Lugo envía á Administración forestal central evidencia a importancia deste acto de resistencia,

[297] KERSHAW, I., (1983), *Popular opinion and political dissent... opus cit,* p. 154

[298] ABU-LUGHOD, (1990), "The Romance of Resistence: Tracing Transformations of Power through Bedouin Women", *American Ethnologist*, 17.1, pp. 41-55

[299] O medo a "propagación" do disenso está sempre presente na documentación interna, pois eran coñecedores de que desenvolvían o seu labor nun ambiente de descontento tal que calquera acto de resistencia civil podería servir de "mecha". Nun informe o Enxeñeiro da Brigada de Lugo do Patrimonio Forestal do Estado explicita como o posible triunfo dun concello lugués contra a política de repoboación forestal podería levar "anexa a suspensión de todos os traballos de repoboación na provincia... pola repercusión que o feito tería no *ambiente campesiño oposto en principio en todas partes a esta iniciativa do Caudillo*". AHPL. Fondo de la Delegación Provincial de Agricultura. San Breixo. 1943. A cursiva é nosa.

> "o 21 de decembro de 1954 prodúcese a primeira invasión en zona repoboada. A partires daquela data, con ostentosidade, pois chegaron a facer festas, repítese a entrada de gando no monte ao abeiro dunha anterior licencia de pastoreo, ..., sufrindo a gardería forestal toda clase de asoballamentos por parte dos paisanos, ate que tivo que ser retirada para evitar o emprego de armas,... a partires do día 21, seguiron enviando toda clase de gando ao monte... arrincando eles mesmos os piñeiros salvados do dente do gando".

O grao de preocupación que se transmite é evidente, xunto co efecto de ratificación personal e colectivo dos veciños de Toiriz (de aí a "ostentosidade" e a realización de festexos que acompañaron ás súas actuacións). O Enxeñeiro Xefe recoñece tamén a repercusión que noutros lugares próximos tivera a mobilización "... en Reiriz e Chave (O Saviñao), organizáronse colectas entre os veciños co fin de oporse á repoboación, aproveitándose dos rumores circulados como consecuencia dos incidentes ocorridos no cercano monte de Ferroedo de Pantón, estando pendentes da súa resolución os lugares de toda a comarca"[300].

Son moitas e moi variadas as mostras de resistencia civil, pois todas aquelas accións e actitudes que amosen ausencia de colaboración e consentimento para coas disposicións do poder remiten a este concepto: a realización de motíns, o rexeitamento de suscripcións, a difusión de rumores, a fidelidade ás ideas republicanas ou democráticas, etc. Incluidos nel fenómenos asociais e antisociais como o absentismo, o roubo de pouca monta, a apatía, a indisciplina e a negativa a traballar e outras mostras, porque son accións e actitudes que revelaban a incapacidade dos proxectos sociais do franquismo para inducir á poboación rural nos seus principios. Algunhas delas e outras máis son as que Ramón García Piñeiro, seguindo a James C. Scott, define como "protestas populares de baixa intensidade" (García Piñeiro, 2001:351). Para F. Sevillano Calero trátase de non "máis que formas de supervivencia, mentres que outras foron manifestacións pasivas de malestar social, que non expresións activas de resistencia, amosando os lindes do disentimento político" (Sevillano Calero, 2003:165), co que as remite a un plano "prepolítico" co que non concordamos, como temos dito.

Pola variedade de mostras que conforman a resistencia civil é necesario ordear e catalogar os casos recollidos coa finalidade de conseguir unha operatividade que permita unha mellor comprensión do caso galego en concreto e, asi mesmo, que posibilite unha comparanza doada con outras realidades españolas e europeas. A iso adicaremos o seguinte apartado.

[300]MOLINA VÁZQUEZ, X.X., (1999), "Incidencia da política de repoboación forestal na provincia de Lugo durante o franquismo", en PEREIRA, D. et ali. (ed.), *O monte comunal na Galicia contemporánea. Unha historia de resistencia*, A Estrada, A Fouce, pp. 107-120, pp. 112-113

5.3 Tipoloxías da resistencia civil: resistir sen armas na Galicia rural

Co obxectivo de establecer categorías dentro da esfera da resistencia civil, os diferentes autores da Historia cotiá alemana produciron toda unha batería conceptual distinguido xeralmente gradacións en función do nivel de crítica co réxime (indo dende o máis parcial ao xeral) e do ámbito dentro do cal os comportamentos de disenso teñen lugar (dende o privado ata o público)[301]. Ian Kershaw foi dos primeiros en establecer unha tipoloxía tendo en conta estes parámetros[302]. Emprega tres termos para conceptuar diferentes categorías de oposición, os dous primeiros remiten ao concepto de *resistenz*, mentres que a última sería propiamente *winderstand*. Fala de *disenso*, categoría que englobaría aquelas actitudes, frecuentemente espontáneas, críticas con algún aspecto do nazismo pero que non levasen asociadas inexorablemente o abandono dunha condición acomodaticia xeral. A *oposición*, outra categoría, comprendería aquelas formas de acción con obxectivos parciais e limitados, non dirixidas directamente contra o nazismo como sistema e que poderían estar realizados por grupos ou individuos en parte dacordo co réxime e a súa ideoloxía. Kershaw reserva o termo *resistencia* para nomear a participación efectiva nunha acción organizada en contra do réxime en busca do seu derrocamento.

D. Peukert renovou esa concepción tripartita inicial e estableceu unha ratio evolutiva que ten como punto máis baixo o *non conformismo*, actos individuais que infrinxen normas dadas polo Estado pero non poñen en cuestión o sistema, pasa ao *rexeitamento*, consistente en contravir as repetidas instruccións oficiais e/ou exercer oposición ante as imposicións das autoridades, sobe á *protesta*, unha acción de queixa ou petición de cambio contra algún aspecto do sistema político, e finalmente, na cúspide da ratio atoparíase a *resistencia*, categoría idéntica á súa homónima no esquema de Kershaw e a *winderstand* de Broszat[303]. As dúas propostas non mostran graves faltas de sintonía entre si, radicando a diferenza máis importante na concepción que das categorías establecidas posúen un e outro. Mentres que Peukert aboga por unha estrutura piramidal e estática na que as categorías estarían rixidamente establecidas en sentido ascendente, Kershaw formula un sistema de círculos concéntricos nos que as categorías flúen e se combinan sen mostrar límites ríxidos entre as diferentes gradacións. Ao noso xuízo, esta segunda concepción é máis coherente coa realidade dos actos de oposición en tanto que non implica o compoñente de salto cualitativo e de xerador dunha instancia superior de actuación que parece levar aparellada a concepción piramidal. Feita esta pequena salvedade, ámbalas dúas amosan unha percepción similar da resistencia civil e enfróntanse ás mesmas dificultades á hora de tratar de aplicalas a esa enorme cantidade de comportamentos sociais que non son mostra de adhesión ao réxime.

[301] Un bo resumo sobre as diferentes propostas en HOUSDEN, M., (1997), *Resistence and conformity in the Third Reich*, Londres, Routlege, pp. 161-176

[302] KERSHAW, I, (1983), *Popular opinion and political dissent... op cit.*, pp. 2-4

[303] PEUKERT, D., (1987), *Inside Nazi Germany... op cit*, pp. 83-84.

Sobre as principais formas que adopta a resistencia civil tamén se ten debruzado o xa citado autor J. Semelin[304]. Ao contrario que os autores estudosos da Alemaña nazi, este opta por centrarse máis no "modo" que no "grao" de resistencia. Segundo el, son tres as formas nas que se poden agrupar as actuacións deste tipo de resistencia. A primeira é a que el chama *forza das palabras e os símbolos*. As palabras poden axudar a manter a moral e a trazar unha perspectiva máis aló da inmediata realidade que dan acobillo ás formas de resistencia. As follas ou as canles clandestinas de radio son exemplos claros desta capacidade. O desenvolvemento da prensa clandestina xogou nese senso un papel fundamental, en tanto que vector de expresión e de construción de movementos de resistencia civil. Permitiu unha sorte de cohesión ideolóxica de grupos resistentes favorecendo así o despregue dunha acción concreta: traballo de propaganda, de sabotaxe, etc.

Outro modo de desenvolvemento da resistencia civil opera polo que o autor denomina *reactivación social*. Nomea os procesos polos que os grupos sociais ou profesionais máis diversos expresan, a través de crises que poden ser espectaculares (folgas, manifestacións) ou non (resistencias cotiás) a súa intolerancia a certo aspecto da política do réxime. O terceiro modo de desenvolvemento da resistencia civil que Semelin propón repousa sobre a *práctica clandestina da solidariedade*. Resistir sen armas, supón dar axuda a todos os que son vítimas da represión do poder, xa sexa por estar implicados a nivel político en contra do réxime, xa por ser perseguido por este ou por outros motivos. Nos dous casos, una máis de natureza política, outra de natureza máis humanitaria, trátase de resistencia civil, pero non deben ser confundidas. A nivel de países ocupados polos nazis teríamos a diferenza entre quen axuda aos grupos de oposición política, como maquis, e aqueles que axudan aos xudeos. Os que dan a axuda en cada un dos casos non teñen por que ser os mesmos, pero nos dous casos, trátase dunha axuda altruista e perigosa. O caso do xa citado deputado agrarista Alonso Ríos exemplifica o contraste entre a activación da solidaridade cun carácter máis político daquela máis compasiva. No seu periplo para escapar da represión franquista axúdao maioritariamente xente que de saber que era un "fuxido" non o faría pero si se comprometen no seu socorro pola causa humanitaria de axudar a un pobre[305].

En España son contados os autores que ousaron plantexar unha tipoloxía das manifestacións de resistencia civil que atoparon. A maioría optaron por non elaborar categorías ou ben por seguir as establecidas polos autores da Historia Cotiá Alem-

[304] SEMELIN, J., (1989), *Sans armes face à Hitler...* op cit.

[305] Recorda tamén nas súas memorias que que a xente pensara que era un home da igrexa axudoulle na súa fuxida "contábase na tal lenda que eu era un frade fuxido da zona roxa, e que gardaba o segredo, percurando non identificáreme co galle de non perxudicar ós parentes i amigos que me axudaran a fuxir. Coido que ista lenda favorecéume moito", o que corrobora a opción dunha axuda de tipo humanitario. Mesmo cando na poboación na que se atopaba corría o rumor de que era un fuxido, o apoio destas características activábase: "Mais iso de que un esmoleiro como era eu se metera a mestre, xa foi a proba definitiva do que todos sospeitaban: de que eu non era un probe de pedir, senón un fuxido. Mais aquila xente era boa, todos me apreciaban. Non tiñan inclinación a me facer mal". ALONSO RÍOS, A. (1979), *O siñor Afranio... op cit.*, pp. 141, 171

ana[306]. Un dos que si aportou unha catalogación foi Ramiro Reig, que se baseou no estudo empírico realizado sobre a realidade da Comunidade Valenciana[307]. O autor realiza unha división cuatripartita na que diferenza unha *resistencia ética*, que define como "fidelidade ás propias convicións e resistencia a pregarse ao vencedor en xestos máis ou menos visibles cos que o actor pretendía só manter a súa propia coherencia" (Reig, 1999:42); *transgresión*, todas aquelas accións que creban as normas; *protesta*, nas que sitúa as levadas a cabo no eido laboral e aquelas que tiveran a vía xudicial como medio; e, finalmente, *resistencia organizada*, que se corresponde cos actos realizados xa na última etapa do franquismo nos que formas como as folgas e as manifestacións aparecen, é dicir, cando son activadas formas de oposición organizadas e abertas.

Nos axustarémonos ao organigrama, tamén de catro categorías, que temos empregado no inicio do noso traballo para a conflitividade, e que se nos amosa válido para tentar realizar un repertorio para a resistencia civil en tanto que partimos de que son as mostras de conflitividade as que a conforman: resistencia aberta, non dirixida, institucionalizada e implícita. Na nosa opinión, a resistencia civil componse de actitudes e actividades que supoñen disentir, transgredir e protestar. Disentir implica amosar non conformismo, e engloba todo aquilo que remita á resistencia simbólica ou "ética" (non cumprir cos preceptos relixiosos, non acudir a unha reunión obrigatoria, vestir unha prenda vermella, etc.). Transgredir supón rexeitar cumprir as medidas establecidas (non pagar taxas oficiais, non prestar o traballo obrigatorio estipulado, etc.). E protestar consiste en evidenciar ante o sistema a necesidade ou pertinencia de que mude ou retire as súas disposicións con respecto a algo (recursos a xustiza para paralizar a repoboación dun monte forestal, cartas de queixas, etc.).

Para nós, a diferenza máis importante no seo da resistencia civil non radica na gradación que supón pasar de disentir a protestar, senón na elección do escenario que hai detrás dunha ou outra acción. A escena elixida é que fai que a resistencia se exprese de maneira aberta, facendo partícipe ao Estado, ou se realice sen unha finalidade expresa. A valía dunha forma de resistencia na nosa opinión non ven dada tampouco polo número de protagonistas da mesma, senón que ven definido polo malestar creado "ao dominador" e polo revés que lle supón a éste, sexa persoa ou institución, e, polo que ten de amosar fidelidade ás ideas propias e autonomía ante as imposicións.

Existen formas que aglutinan unha natureza híbrida e poden inscribirse en máis dunha categoría, caso do emprego da vía xudicial para opoñerse a algunha disposición lexislativa, exemplo claro de conflito aberto e institucionalizado. Optaremos por clasificar as formas de protesta naquela categoría que resulte máis definitoria, unha opción que non é óbice para recoñecer a súa dobre natureza. A nosa pretensión está en ofrecer un repertorio de formas de resistencia civil xenérico no que se dea cabida aos múltiples actos e actitudes que foi posible documentar no rural galego nos anos

[306] Ángela Cenarro, por exemplo, amósase seguidora da tipoloxía alemana. CENARRO LAGUNAS, A., (2001), "Las múltiples formas de resistencia cotidiana al régimen de Franco en Aragón, ... *op cit*, p. 349

[307] REIG, R., (1999), "Repertorios de la protesta... *op cit.*, pp. 51-69

corenta e cincuenta e que foron interpretados polo sistema político como agresións contra a súa soñada paz social.

Como imos ver decontado, no desenvolvemento da resistencia civil as formas de contestación que se adoptan interrelaciónanse seguindo o criterio de eficacia e oportunidade dos seus protagonistas. Acotío, por exemplo, as fórmulas variadas que adopta a resistencia aberta mestúranse e cohabitan entre si e con mostras doutros tipos de resistencia como a institucionalizada. Outras veces unhas fórmulas relevan ás outras, pero isto non evidencia unha progresión ou regresión da resistencia, senón unha reconsideración da estratexia entendida como máis apropiada en razón das dúas variables máis importantes que presenta a resistencia civil: máximo beneficio, mínima represión.

5.3.1 Resistencia aberta: de cara e/ou con determinación

A resistencia aberta é, pola súa natureza, o máis doada de recoñecer tanto por quedar na memoria colectiva como na documentación oficial. Exemplos desta forma de resistencia son a negativa ou o atraso ao realizar os pagos das diferentes taxas e cotas impostas polo sistema franquista; a resistencia simbólica; os boicots, o desacordo a nivel discursivo e a realización de motíns. O absentismo en xuntanzas e eventos obrigatorios ou "convintes": actos públicos programados polas autoridades, misas, determinandas reunións, etc. tamén está neste nivel de resistencia, igual que a negativa a participar en programas elaborados dende a Adminstración que, para o seu éxito, dependían de dita colaboración.

5.3.1.1 Negativa á realización de pagos

Como sinala P. Burke, "toda acción social se considera resultado dunha transacción constante do individuo, da manipulación, a elección e a decisión fronte á realidade normativa que, aínda que sexa omnipresente, permite, porén, moitas posibilidades de interpretación e liberdades persoais" (Burke, 2003:121). E, certamente, en Galicia, unha forma de acción social ante o franquismo partiu da decisión de non seguir as normas establecidas en diferentes ámbitos. Un deles no relativo ao cumprimento das disposicións económicas extractivas.

A negativa a realizar diferentes pagos e declaracións que entrañaban unha cotización económica ou material forma parte das armas propias da cultura campesiña. Situada á marxe da legalidade, os protagonistas desta forma de protesta son coñecedores do risco de represión que conlevaba[308]. Co rexeitamento a realizar os pagos asignados polas autoridades tratábase de minimizar os efectos do aumento impositivo decretado e de responder á política de control de produción e prezos establecido polo primeiro franquismo na súa busca do ideal autárquico, ampliando as bases de supervivencia. Un exemplo deste tipo de resistencia témolo na non colaboración coas

[308] A actitude do agricultor do municipio coruñés de Boimorto serve de exemplo. Avelino Pérez pola súa negativa firme e aberta a pagar as cotas da Hermandade, tivo que realizar senllas visitas á casa consistorial primeiro e ao cuartel da Garda Civil despois, segundo consta no informe do Prohome, onde foi "convencido" sobre a necesidade de que mudara a súa actitude. AHRG. Goberno Civil. G-2936

cuestacións ou subscricións decretadas polas autoridades. Estas, claras mostras de represión económica, atopáronse no rural galego con casos de resistencia. Estamos a falar do Prato Único, de Auxilio Social, de tómbolas patrióticas, de donativos para manter as tropas sublevadas (pro-subsidio ao combatente, donativos ao Exército Salvador, subscrición Soldados de Asturias), financiamento de Falanxe ou homenaxes como a que se lle rendiu a Calvo Sotelo, contribucións á visita de Franco a certa localidade ou a compra do pazo de Meirás para Franco, entre outras[309]. Pero sen dúbida, a repulsa á entrega do cupo foi a actuación máis popular, seguida da protesta contra as taxas derivadas dos amillaramentos.

O organismo franquista que máis sufriu esta forma de protesta na década dos corenta foi o Servizo Nacional de Trigo, ao que os agricultores debían informar sobre a colleita real obtida anualmente, base sobre a que se impoñía a entrega do cobro forzoso de determinadas producións. Ambos procesos, o de declaración e o de entrega provocaron a reacción dos cultivadores por consideralo tremendamente oneroso e inxusto. As numerosas e contínuas sancións, tanto por negarse a cumplimentar o impreso de declaración de colleita como por atraso ou incumprimiento do pago da cota, que tiveron que tramitar en principio o Gobernador Civil e despois a Fiscalía de Taxas, son mostra da extensión destas prácticas no rural galego.

Ata 17 municipios coruñeses tiveron graves problemas en 1942 co atraso dos seus conveciños á hora de facer as súas declaracións de colleita, o que provocou que fosen amonestados polo Goberno Civil[310]. Unha actuación que se repetiu dous anos despois, neste caso tendo a Fiscalía de Taxas como instancia de control. Desta vez os alcaldes de Mazaricos, Ortigueira, Rois, Tordoia e Zas foron amonestados e multados por non remitar á Comisaría de Recursos da Zona Norte o resumo municipal de declaracións de producións. Entre os alegatos dos alcaldes está a falla de impresos necesarios para que cada labrego cubrira os daeos, pero, sobre todo, aducen que "a maioría dos agricultores son reacios a declarar os seus produtos e atenden primeiro ás faenas da sega que a cumprir calquera orde da autoridade". No recurso do alcalde do concello de Zas apúntase directamente á "apatía dos agricultores" como causa da súa actuación[311]. Malia aos recursos, a Fiscalía Superior de Taxas impuxo aos alcaldes unha multa de 1.000 ptas a cada un, o que fixo que, na súa calidade de xefes locais de Falanxe nos seus respectivos concellos, escribiran á Xefatura Provincial do partido. Pedían a intercesión na súa causa e que a multa fóra condonada, en tanto que a sanción estaba "orixinada pola falla de colaboración dos produtores ao non prestar o apoio debido ás autoridades e organismos encargados destas funcións, realizando unha resistencia pasiva a prestar oportunas declaracións que os alcaldes se ven imposibilitados de cortar por carecer de atribucións"[312]. Un exemplo éste ben explícito de como unha

[309] A negativa é total con ocasión non só a participar con algunha cantidade económica senón mesmo a firmar en determinadas campañas. Como José Loureiro, do concello de Trabada, que se negou a firmar a adhesión dos excombatintes a Franco. AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.715

[310] Son os de Boimorto, Cabana, Cee, Coirós, Dodro, Fisterra, Frades, Malpica, Melide, Miño, Noia, Paderne, Rianxo, Rois, Santiago de Compostela, Valdoviño e Zas. AHRG. Goberno Civil. G-2808

[311] AHRG. Goberno Civil. Libro de Rexistro de Multas Gubernativas. A Coruña (1944) L-4978

[312] AGA. Presidencia. Informe da Xefatura Provincial de Falanxe. A Coruña. Caixa 51/20639

actitude pasiva e indolente, ademais de desobediente, non era unha excepción senón unha norma e de como esa actitude era lesiva aos intereses de autoridades locais e das políticas agrarias do réxime. Ademais é importante subliñar que os alcaldes mesmos no seu escrito conceptúan esa apatía como forma de "resistencia pasiva", evidenciando a súa condición e, insistindo nun dos aspectos polo que, de feito, era unha fórmula de protesta de grande interese: a dificultade para sancionala cos regulamentos existentes. Os labregos, pois, empregaban mecanismos que aproveitaban as poucas e pequenas rendixas que deixaba a legalidade vixente para tratar e minimizar a posible represión.

Nos Libros de Rexistro de Multas de Abastos da provincia de A Coruña aparecen tandas completas cos nomes de veciños da mesmas localidade que na mesma data son multados por negarse a entregar o cupo obrigatorio. No concello de Laracha en 1942 contabilízanse 280 multas por esa causa, en concreto por non declarar a colleita, sendo 108 os multados polo mesmo en 1943. No 1944 son os veciños de Vedra quen sobresaen con 154 multas por non entregar o cupo forzoso, achándose tamén cifras considerables que rondan a trintena en Ames, Teo e Boqueixón. Un ano despois son os veciños Oza os máis amonestados, con 146 multas, seguidos con máis de trinta multas os de Arzúa, Negreira e Narón. E na primeira metade do ano 1946 son os campesiños de Curtis os máis multados, ata un total de 123 multas por non entregar o cupo de cereais, o mesmo que os 37 de Laracha. No cómputo global son os veciños de Vedra, Ames e Narón os máis sancionados na provincia da Coruña por motivos de abastos nestes anos.

Se reparamos no número de multas por ano como un posible, que non esacto, referente sobre as negativas á entrega do cupo de cereal teríamos que o ano 1943 foi o ano en que máis se reprimiu este tipo de resistencia (compútanse un total de 1.918 multas), seguido de 1944 (856 multas). Os dados cos que contamos para o ano 1942 e 1946 son fragmentarios (xuño-decembro no primeiro caso e xaneiro-xullo no segundo), pero aínda así permiten albiscar que son probablamente os anos con maior número de sancións (785 multas en 1942 e 631 en 1946)[313]. A estas multas por non entregar o cupo de cereais debemos engadir as impostas por non entregar outro tipo de produtos como patacas ou fabas[314].

As autoridades non eran alleas á situación derivada do descontento do campesiñado galego con estas medidas extractivas como demostra a correspondencia interna entre as Administracións locais e os organismos do Ministerio de Agricultura e a prensa, onde aparecen masivos e insistentes avisos chamando ao pago e publícanse de xeito reiterado ameazas de multas aos morosos. Precisamente en 1942, un dos anos nos que as multas son moi numerosas por esta causa, o Xefe Provincial de Falanxe, con motivo da imposición de requisas de gando e establecemento de cupos por parte da Comisaría de Recursos segundo os concellos, admite que "a requisa nunca é doada e sempre é un arma de dous fíos... hai que temer, tendo en conta o ocorrido outra veces... que

[313] AHRG. Goberno Civil. Sig. 2808. Libro de Rexistro de Multas de Abastos (1942-1946). L-4956

[314] Ao longo de 1943 os veciños de Culleredo, seguidos dos de Neda e Laracha protagonizan actitudes reacias á entrega do cupo imposto para as patacas. En Mazaricos nunha sóa mañá de traballo do axente da Comisaría de Recursos, multa a 11 veciños por non entregar o seu cupo de tubérculos. AHRG. Goberno Civil. Libro de Rexistros de Multas Gubernativas (1941-1961). L-4963

haberá cabida para conflitos e resistencias de toda orde"[315]. E non se equivocaba na súa apreciación baseada en resistencias pasadas, no mesmo ano no que se puxo en marcha atopamos que, por exemplo na parroquia de Bandoxa, concello de Oza dos Ríos, foron multados pola Compañía de Recursos 62 persoas con 100 ptas cada unha por enganar a hora de facer a declaración manifestando que non tiñan gando[316].

De igual maneira, a través de AGRO, cabeceira da prensa sindical agraria da provincia de Pontevedra, pódese comprobar que a campaña de recolleita dos cupos de millo establecidos en 1946 foi especialmente difícil para as autoridades provinciais e sindicais que deberon mellorar os prezos de taxas, conceder varias prórrogas, facer chamamentos usando a altas autoridades como reclamo e, finalmente, poñer cuantiosas multas que acabaron condonando dada a magnitude acadada polas mesmas. O proceso pode seguirse nestes extractos do xornal pontevedrés.

> Nota do Gobernador Civil. (AGRO, 10-4-1946) "Tendo solicitado o SNT os cupos de entrega forzosa nesta provincia na presente campaña e *considerándose moi lenta a recollida pola resistencia que ofrecen os produtores a facer efectivos os cupos* que teñen sinalados malia incrementar os prezos de compra durante o presente mes, e sendo preciso que a recollida se efectúe con suma urxencia, co obxectivo de lograr as cantidades precisas para atender o consumo da poboación civil, poño en coñecemento de todos os produtores dos respectivos cereais que *castigarei con todo o rigor a aqueles que se fagan remisos á entrega das cantidades* que foron sinaladas, realizándose a partir do primeiro de abril, as oportunas declaracións de existencias e dándose conta á Fiscalía Provincial de Taxas das infraccións que tiveran sido observadas para a tramitación do correspondente expediente con carácter de urxencia".
>
> "Como se di na nota [do Gobernador Civil] xa se sinalou a ditos grans a prezo tan remunerador como suficiente para que ninguén se sinta perxudicado, por iso quixéramos levar ao ánimo de todos os nosos afiliados o concepto dun sagrado deber de colaboración coas nosas primeiras autoridades para atallar as dificultades de abastecemento actual a cuxo melloramento estamos todos obrigados na xusta proporción da nosa produción... polo exposto, *debemos esperar que todos os nosos agricultores terán que cumprir ordeadamente os seus deberes sen caer en dilacións maliciosas que retraigan a entrega xustificada. Con iso evitaremos que as nosas autoridades se vexan na ineludible necesidade de aplicar as sancións con rigor...*"
>
> Comunicación da Delegación Provincial de Abastecementos e Transportes seguindo as premisas dadas dende Gobernación Civil de Pontevedra (AGRO, 10-5-1946) "Por ordes recibidas dende a superioridade queda *ampliado ata o primeiro de xuño próximo o prazo de valildez das circulares... sobre compras de gran e as súas fariñas aos produtores*, continuando, en tanto, os

[315] AGA. Presidencia. Informe da Xefatura Provincial. A Coruña. Caixa 51/20586
[316] AHRG. Goberno Civil. Libro de Rexistros de Multas Gubernativas (1941-1961). L-4963

prezos de compra actualmente en vigor. Considerando que dende a data na que se cursaron as normas sobre o autoabastecemento de millo nos concellos desta provincia nos que se indicaba debía declararse o sobrante total de dito millo que puidera existir almacenado, tendo en conta a cantidade a que ascendía o cupo forzoso e os que tiñan que ser destiñados a autoabastecemento, pasou tempo suficiente e *as entregas que se realizaron polos señores alcaldes son exigüas*, faise público, para coñecemento dos produtores das zonas nas que o millo constitúe o primordial cultivo, *que se non se efectúan entregas voluntarias de cereais en prazo que finalizará o 15 do mes corrente, será aplicada a entrega forzosa e sancionados co máximo rigor por esta Xefatura*, pasando o tanto de culpa á Fiscalía Provincial de Taxas, *por considerar que a falla de colaboración dos produtos constitúe grave falla* nos presentes momentos, aparte da falla de correspondencia ao labor desta Xefatura a favor dos agricultores ao adoptar aquelas medidas que foron mantidas ata que polas circunstancias que atravesamos impúxose a necesidade de que as aportacións das zonas de cultivo de dito cereal sexan feitas efectivas no plano máis breve posible".

Nota do Gobernador Civil (AGRO, 25-5-1946) "*Tendo pasado con exceso os prazos concedidos por esta Xefatura de Abastecementos de entrega voluntaria do cupo excedente de millo* en poder dos agricultores, unha vez cubertas as súas necesidades para atender ao autoabastecmento de concellos e sobre todo as necesidades dos agricultores máis humildes que non teñen produción suficiente para a súa subsistencia, velando por uns deberes de xustiza e Hermandade que foron os que inspiraron a esta Xefatura a decretar as normas de autoabastecemento *e vista a falla de colaboración de atopei en algúns agricultores pudientes*, precisamente os máis obrigados no momento grave de necesidade da provincia, e*ste Gobernador vese no ineludible deber de actuar de aquí en diante coa máxima enerxía contra aqueles que esquecendo os máis elementais sentimentos de humanidade e velando unicamente pola súa ambición néganse a cooperar neste labor sancionándoos por desobediencia das ordes da miña autoridade, ... por negarse á entrega de cupos de cereais necesarios para o abastecemento da poboación civil*"

Nota da Fiscalía Superior de Taxas (AGRO, agosto 1947) "Reitégrase o importe das multas... por orde da Fiscalía Superior de Taxas con data de 25 de xuño do corrente ano, *disponse a devolución do importe das multas impostas pola falla de entrega de cupos na campaña agrícola de 1946-1947*"

Pero o SNT non foi nin moito menos a única entidade obxecto do desleixo dos labregos galegos no pago. As Hermandades Sindicais de Labregos e Gandeiros sufriron esta mesma resistencia. Estas entidades eran o chanzo local do aparello verticalista no agro, pois representaban nos concellos á Organización Sindical Agraria. As Hermandades constituíranse como órganos de "encadramento" da poboación que traballaba no agro e implantáronse no rural partindo dun precepto de obligatoriedade. Como deixanban claro tanto a Lei de Bases da Organización Sindical do 6 de decembro de

1940, na que se creaban ditas institucións, como o Decreto do 17 de xullo de 1944, sobre a Unidade Sindical Agraria, e a Orden da Presidencia do Goberno de 23 de marzo de 1945, que establece as normas reitoras da estrutura interna e funcións das mesma, "non é potestativo, polo tanto, dos labregos ou produtores do agro e dos gandeiros pertencer ou non á Hermandade Sindical; a súa afiliación ou encadramento é obrigatorio, así como o cumprimento dos deberes que a Hermandade impón como Organismo de carácter público, e en consecuencia o encadramento de todos os propietarios, arrendatarios, colonos, aparceiros, familias labregas, produtores independentes e obreiros na Hermandade Sindical da xurisdición onde desenvolven a súa actividade profesional, é OBRIGATORIO e AUTOMÁTICO dende o momento da válida constitución da Entidade Sindical"[317]. O encadramento rachaba coa tradición sindical precedente, caracterizada polo voluntarismo na afiliación.

O artigo 17 da Lei de Bases da Organización Sindical, de 1940, permitía ás Hermandades "impoñer cotas a todos os produtores da súa xurisdición indvidualmente considerados esteñan ou non inscritos naquelas". Igualmente enténdese que "polo seu carácter xeral, é esixible a todos os encadrados na Hermandade, sexa cal fora a súa categoría social ou económica, e ao non existir unhas normas concretas que determinen a base impositiva nas Ordes de Servizo que regulan a súa exacción, acostuma a deixarse en liberdade aos Cabildos Sindicais para que sexan fixadas tomando por base o líquido impoñible, cabezas de gando e hectáreas de terreo conxuntamente e en termos xenéricos, a capacidade económica dos produtores". Así quedaba constituída a cota sindical agraria ou cota sindical ao produtor, un gravámen para os encadrados que constituía a principal fonte de ingresos coa que a institución contaba para funcionar.

A gran preocupación das Hermandades vai ser manter o nivel recadatorio desta cota, pois era a que lle servía de sostén para a súa supervivencia, ben de xeito directo, polo cobro de cotas, ben de xeito indirecto, aplicando multas por medio da gardería rural ou derramas na distribución de insumos. De feito, a negativa ao pago da cota ou derrama establecida conlevou un problema funcional de primeiro orde para estas entidades pois non contaban con outras fontes de ingresos destacables, como se recoñece dende a Asamblea da Hermandade do concello de Castro de Rei,

> "que a razón para soster a Hermandade, é obvia, dado que non pode subsistir ningunha asociación sen que se dote de recursos para a súa eficacia ... que a utilidade do servizo está recoñecida por os múltiples beneficios que para as familias campesiñas que constitúen case a totalidade da Hermandade, se deriven do seu funcionamento e maiores canto máis eficiente poidan ser os medios económicos para o desenvolvemento das funcións que lle están encomendadas que as bases de imposición deben determinarse por encadradro, con cota igual para todos eles, posto que en este momento casi inicial de legalización da vida económico-administrativa das Hermandades, un certo límite de prudencia aconsella facelo casi sen per-

[317] ACAPP. Informe do Goberno Civil sobre a Obrigatoriedade do pago das Cotas da Hermandade Sindical de Labregos e gandeiros e do Encadramento

> xuízo de que coa experiencia deste primeiro exercicio de repartimento poda no sucesivo seguirse orientación distinta que o procedemento de exención debe de ser o de xirar o importe das cotas mediante recibos anuais... *a aplicación concreta dos ingresos obtidos será a de nutrir o orzamento anual de gastos*"[318]

Esta Asamblea decidiu fixar a cota anual a pagar polos encadrados en 24 ptas, en razón de 2 ptas ao mes. Neste caso, pois as cotas eran cantidades fixas a pagar por cada encadrado, independentemente da riqueza deste, pero noutros casos, optábase por implantar a derrama e non unha cuota fixa e igualitaria para todos. A derrama establecíase en función da riqueza rústica impoñible, da que era unha porcentaxe. Esta varía dunha Hermandade a outra, indo do 2% ao 6% do valor catastrado na contribución rústica.

Ademais de exemplificar a toma de partido por un ou outro tipo de pago, o extracto do documento anterior demostra o grao de premura que as Hermandades tiñan do diñeiro dos encadrados ao carecer practicamente doutros ingresos e, neste senso, a intención de evidenciar, aínda que sen exemplos concretos posto que non os había, a necesidade do labor desenvolvido por estas entidades. Alén disto, e en relación co que temos dito de falla de calado entre a poboación deste tipo de sindicalismo vertical, reseñar que a mediados de 1951 se asuma que se está no momento "inicial da legalización" da actividade das Hermandades, cando se constituiran oficialmente en todo o Estado en 1943 e contaban con Ordenanzas polas que rexirse dende 1945.

Os problemas de pago reflíctense en primeira instancia nos Libros de Afiliación que tiñan como misión principal a de permitir un control exhaustivo dos pagadores da cuota, é dicir, de todos os encadrados. No caso de Pontevedra, Daniel Lanero constata a destrucción física dos arquivos da maioría das Hermandades Locais, máis do 90%. Isto, sumado a que na documentación sobrevivinte (a das Hermandades de Rodeiro, Mondaríz-Baleneario e Pontesampaio), non se atoparon ditos libros, imposibilita a comprobación desta resistencia nun primeiro eido. Para Ourense, Anxo Collarte si atopou Libros de Afiliación como o da Hermandade de Avión, vixente entre 1947 e 1962, que deixa entrever, alén dos problemas de cotización, o que o autor denomina a "febre encadradora das Hermandades". A emigración dos varóns que estaban encadrados dende 1947 a altura de 1955 provoca que a Hermandade de Avión apunte novos encadrados, neste caso, mulleres labregas maiores de 50 anos ou menores de 30, exemplificando a premura en encontrar suxeitos cotizantes para manter o nivel recadatorio que sostiña a aparello sindical[319]. Para Lugo tampouco semella que chegaran ata nós un número importante de Libros de Afiliación pero dos que existen e poidemos sacar

[318]Hermandade Sindical de Labregos e Gandeiros de Castro de Rei. Libro de Afiliados. Acta da reunión de agosto de 1951 [O fondo documental desta Hermandade está actualmente en depósito no AHPL agardando a súa ordenación e posta en uso. A consulta do fondo foi realizada cando a documentación estaba sita na sé de dita entidade en Castro Ribeiras do Lea]

[319]LANERO TÁBOAS, D., (2005), *Sindicalismo agrario franquista en la provincia de Pontevedra... op cit.*; COLLARTE PÉREZ, A., (2002), *As Hermandades Sindicais no rural ourensán. Economía e sociedade baixo o franquismo (1944-1978)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (TID inédito), p. 32

dados cabe sinalar que hai abundantes casos como o da Hermandade de As Nogais, onde xunto ao Libro de Afiliados aparece unha "Relación de debedores". Nela quedan rexistrados os nomes dos debedores de cota e a contía a que ascende a débeda que o presidente da COSA de Lugo, Antonio Montenegro, clasifica como "incobrables" por ningunha vía. Neste caso concreto trátase de sete persoas que, en 1960 teñen débedas acumuladas dende 1955[320].

Nomeado polo Prohome, o Axente Executivo é o empregado que tiña como misión cobrar a cota ou derrama dos encadrados e as multas impostas polo Tribunal Xurado ou pola Policía Rural das Hermandades. Non todas as Hermandades contaban entre o su persoal cun Axente Executivo. A mala situación económica destas entidades sindicais no rural provocou que se aforrara en persoal, de aí que ás veces fora un garda rural o encargado do labor ou ben fora o cobrador de arbitrios do concello o que asumira a tarefa do cobro sendo retribuído cuns "premios de cobranza" (determinada proporción das multas que acadara cobrar).

Nos primeiros anos de funcionamento das Hermandades o pago da cota ou derrama tratou de garantirse facendo que coincidira coa retirada dos produtos que esta distribuía (anticriptogámicos, adubos, etc.) e co pago dos recibos do imposto sobre os bens rústicos, a contribución. Máis adiante, alén de recorrer a cobradores ou recadadores, este sistema substituíuse por outro no que se facía coincidir o pago da cota coa da cotización á Seguridade Social, nunha clara manobra por tratar de asegurar o pago. Porque do que non queda dúbida é de que o establecemento da cota polas Hermandades foi unha medida tremendamente impopular e así o rexistra a documentación e, dado que os insumos repartidos pola Hermandade non era en moitas ocasións do interese do labrego pola súa natureza, calidade ou prezo, acostumábase a prescindir da súa recolla e, con iso, do pago da cota. Facer coincidir o pago da contribución co da cota da Hermandade resultou unha boa medida por parte das autoridades. Que os recibos viñeran xuntos e se pagaran xuntos fixo que moitos labregos fixeran ambos pagos convencidos de que eran parte, os dous, do pago do imposto da contribución e, en tanto que garante da legalidade das súas posesións, nin sequera sopesaran a opción de non pagalo[321]. O Axente Executivo era un efectivo medio de represión e a opción a facer coincidir pago da cota co da Seguridade Social un evidente recurso ao control e sometemento da poboación.

Os cantidades adebedadas polos encadrados non pagadores da Hermandade de Castro de Rei ao longo da segunda metade dos anos cincuenta tamén son sintomáticos dos problemas recadatorios da mesma e do labor do Axente Executivo, non tan eficaz como poidera esperarse dado que, despois de que a súa actuación recadatoria non

[320] AHPL. Cámaras Locais. SIG. 341.5 [signatura e fondo provisionais a falla dunha organización e clasificación definitivas destes fondos por parte do Arquivo Histórico Provincial]

[321] É o caso de J. No seu testemuño indica que as Hermandades non eran sindicatos senón que eran un imposto, igual que a contribución. Entrevista a J.V.L., de S. Xulián de Bocamaos, parroquia do concello de Lugo.

dera froito, os morosos sabían que podía chegar, en caso de mal menor un recargo na cantidade a pagar e, aínda máis, o embargo dos seus bens[322].

Táboa 5.1: Cantidades adebedadas polos encadrados da Hermandade Sindical de Labregos e Gandeiros de Castro de Rei. (en pta.)

	CARGO	RECADADO	INCOBRABLE	PENDENTE
Ano 1956	2.545	500	–	2.045
Ano 1957	587	200	–	387
Ano 1958	3.001	777	–	2.224
Ano 1959	1.106	616	–	490
Ano 1959	2.227	674	–	1.553

Fonte: Cámara Oficial Sindical Agraria de la provincia de Lugo. Orzamento Xeral de Ingresos e gastos correspondente ao exercicio económico de 1960 da Hermandade Sindical Local de Labregos e Gandeiros de Castro de Rei. Liquidación executiva das cotas de morosos desa entidade. Fondo Documental da Hermandade de Castro de Rei

Como comentabamos os Libros de Afiliación son unha das fontes posibles para constatar os niveis de aceptación do pagamento das cuotas, pero outra documentación, xerada a partir da contabilidade e xestión da propia Hermandade e, a súa vez, do control que sobre ésta fai o organismo provincial, a COSA, permite complementar as informacións. No caso exposto, o da Hermandade de Castro de Rei, pode verse que os protagonistas da resistencia ao pago non responderon ás demandas de pago do Axente Executivo máis que nunha parte proporcional moi pequena (19,65%; 34,07%; 25,89%; 55,70%; 30,26% da cantidade adebedada nas diferentes anualidades). No concello de Toques a situación aínda é máis evidente. Neste concello coruñés son un total de 32 os encadrados da Hermandade que se negan a pagar a súa cota. Eles, ademais de negarse a cotizar malia os requerimentos continuados do Axente Executivo, acabaron provocando un altercado da orde pública no que, segundo consta ameazaron e insultaron gravemente ao axente, actitude pola que o Prohome da Hermandade propón unha sanción de 50 ptas para cada un dos resistentes[323]. A negativa ao pago da cota dos encadrados na Hermandade de Carballo convértese nun asunto de tal gravidade que a Hermandade recorre á COSA e ésta ao Gobernador Civil en busca de solucións represivas, xa que éste último é a única autoridade que pode autorizar un embargo sobre os bens dos que se negan a cumprimentar o pago. Segundo informa o presidente da COSA en xuño de 1955,

> "as cantidades totais recadadas de exercicios anteriores ascenden á ínfima suma de 12.428 ptas, e dende o pasado mes de marzo o Axente non volveu a facer entrega algunha, xa que non puido recadar nada pola reiterada negativa dos agricultores a facer efectivos os recibos da Hermandade. Actualmente está paralizada a recadación xa que o Axente notificou un por

[322] A Dirección Nacional de Sindicatos, segundo quedaba consignado no Decreto que establecía a Cota Sindical (2-9-41), tiña potestade para aplicar métodos de apremio e de recargo a causa na demora do pago.

[323] AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración Local. Sig. G-2936

> un a todos os morosos, e ao negarse estes, creu conveniente suspender a xestión ata tanto non se leve a cabo o procedemento de embargo"[324]

Non se trata a tenor dos dados existentes de excepcións. As crecentes dificultades das Hermandades para pecibir a cuota sindical provocaron que moitas delas se decidiran por contratar o servizo de cobradores profesionais alleos ao seu cadro de persoal ou ao de calquera outra entidade pública. Que os emolumentos deste servizo supuxeran ata o 10% do volume total de ingresos polas cotas e que a Hermandade estivera disposta a prescindir desta parte do ingreso é ben significativo da reiterada negativa dos encadrados a afrontar este pago, que provoca que a entidade use todos os recursos ao seu alcance[325]. Os problemas de pago tiveron unha grande importancia no caso da provincia de Pontevedra, onde durante toda a década dos 50 se constata que diferentes Hermandades tiveron atrancos para conseguir as cotas. Un impago que, como veremos, nalgún caso xenerou todo un repertorio de mostras de resistencia, alén da propia negativa a cumprimentar o pagamento da cota.

No caso da Hermandade de Mondaríz-Balneario a resistencia quedou na negativa e atraso reiterativo no pago das cotas dalgún dos seus 233 encadrados. Segundo a relación de contribuíntes "morosos" de dita Hermandade as negativas a "cooperar" coa entidade comezan en 1953, ano no que non pagan 34 persoas, a maioría deles adebedan algún dos trimestres, dous un semestre e outros dous a anualidade completa. No terceiro trimestre de 1954 os debedores da cota dese período son 13, pero a estes hai que engadir os que, malia ás debidas insistencias, aínda deben da campaña anterior a cota. Ese será o principal problema da Hermandade, a rémora no pago. Así, a ano vencido de 1959 aínda hai debedores da cota de 1955 e dos anos sucesivos. Isto fai que para o ano en curso as débedas sexan de moita importancia económica. Un exemplo co ocorrido en 1955. Nese ano, a 31 de decembro da cota de 1953 aínda se adebedaban 92,95 ptas e da de 1954 un total de 223 ptas, o que indica que algún dos morosos foi pagando os atrasos pero, para o ano en curso a situación era máis grave. A derrama ascendía a 5.150 ptas das que ao rematar o ano os encadrados debían 4.059,93 ptas[326]. Tendo presente que as derramas eran o groso, cando non o total, dos ingresos orzamentarios da Hermandade, resulta que a actitude dos encadrados de Mondaríz-Balneario coas trabas que puxeron ao pagamento das cotas mermaban calquera posibilidade de actuación por parte da Hermandade.

---

[324] AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración Local. Sig. G-2936

[325] Así se xustifica no caso da Hermandade de Avión a necesidade de contratar un servizo de cobro executivo das cotas entre os seus encadrados, "O Presidente pregunta aos reunidos se teñen algún rogo ou pregunta que facer. O camarada Manuel Prol Balando propón á Asamblea que o repartimento de Cotas debía cobrarse nas oficinas da Hermandade, e non polo Recadador de Cotas, aforrándose desta maneira o 5% do Premio de Cobranza que podía quedar a favor do contribuínte. Contéstalle o secretario decíndolle que un ano fíxose desa forma e foron moi poucos os que se presentaron a pagar voluntariamente. Ao Recadador de Cotas hai que entregarlle o Repartimento completo. O camarada Prol retira a súa proposición". Actas do Cabildo Sindical da Hermandade de Avión 26-11-1961. COLLARTE PÉREZ, A., (2002), *As Hermandades Sindicais no rural ourensán... op cit,* p. 33

[326] AHDPP. Hermandade Sindical de Mondaríz-Balneario. Facenda. Recadación. Contas e padróns de derrama (1953-1971). Caixa 28. Expedientes 1-10

Un dos casos a reseñar é o ocorrido en varias parroquias rurais do concello de Pontevedra, que mantiveron un conflito de alta intensidade coa Hermandade, a COSA e a Gobernación civil dende 1953[327]. Na parroquia de Marcón, nese ano, ademais dunha agresión puntual por parte dunhas mulleres, (táctica tradicional esta presenza feminina para minimizar a represión física que como veremos se repetirá), ao axente executivo, malia que ía en compañía do Prohome e a garda civil, atopamos unha actuación de resistencia perfectamente organizada e, como de costume, en actuacións propias da resistencia cotiá, con colaboración de determinadas autoridades locais. Segundo o informe recibido pola organización sindical provincial, os veciños da parroquia de Marcón celebraron unha reunión na que estivo presente o vogal do Cabildo da Hermandade, sen que tiveran permiso ou constancia da mesma o resto de autoridades da Hermandade. Nela, segundo consta, fíxose propaganda entre os veciños para non pagar a derrama, "dicindo ademais frases subversivas contra o réxime e os seus gobernantes, pedindo a destitución do Prohome e do persoal burocrático que nela traballa". Tamén se acorda nesta reunión facer unha comisión para que co diñeiro da extinta Cooperativa do Campo de San Martín de Salcedo, ir a Madrid e xestionar no Ministerio de Agricultura a anulación da derrama "facendo manifestacións tamén de que si Franco non os recibe intentarían realizar a petición ante a súa muller". Un aspecto de grande interese que reviste esta actuación dos veciños é que demostra o alto grao de cooperación e cohesión entre os veciños, que actúan como unha comunidade no relativo ás axudas mútuas e a defensa dos posibles perxudicados pola súa acción. Un espazo, por tanto, de "economía moral". Segundo apunta o prohome, nesa reunión dos veciños e o vogal díscolo,

> "confabulouse así mesmo e xuramentouse para que ao chegar o momento en que algunha propiedade sexa subhastada por débitos a esta Hermandade, non se presente ninguén á subhasta e do que veña de fóra comprar xa se encargaran eles de que non poda traballar a finca continuando con ela o mesmo deudor"

O altercado non quedou aí senón que, facendo válido o medo constante que amosaban as autoridades a que estes "escándalos" foran repetidos por comunidades veciñas, tivo lugar outro enfrontamento co Axente Executivo na parroquia de Campaño, en concreto no lugar de Sabarís, ante a negativa a pagar a cuota.

> "....envalentonados cada vez máis pola falla de actuación das autoridades, produciuse outro escándalo promovido por mulleres e nenos no lugar de Sabarís na parroquia de Campaño, xa que ao chegar o Axente Executivo coa parella da garda civil foron recibidos con silbidos, berros e ameazas e

[327]Toda a información sobre os sucesos nas diferentes parroquias do concello de Pontevedra está sacada o ACAPP. Hermandade Local de Pontevedra. Arquivo Correspondencia. Caixas 153 e 154. Carpetas M-131, D-59, G, D-56, J, A-7

> insultos e como se trataba de nenos e mulleres, non tiveron máis remedio os gardas e o axente de retirarse"[328].

É máis esta actitude resistente acabou xerando que o descontento con respecto a outras prácticas se fixera aberto (quintas, outros pagos, etc.). Diferentes lugares das parroquias de Mourente e Marcón, segundo o alguacil do concello de Pontevedra,

> "con motivo dunhas citacións que tivo que facer para o asunto das quintas, visitou diferentes lugares das parroquias de Mourente e Marcón, informándoselle en varias casas que... non están dispostos a pagar o da Hermandade, concello ou imposto provincial"

Ante o impago e a situación de resistencia, as autoridades da Hermandade van tomar a decisión de contratar un recadador. Éste, un antigo garda civil, foi nomeado o 14 de outubro de 1953 a cambio do premio de cobranza do 5% das cantidades que recadase. Pero esta decisión non fixo máis que empeorar as cousas pois, como se sinalará o seu cese no cargo será un dos detonantes do aumento da protesta. Cando a situación de impago e enfrontamento se xeraliza, o Prohome da Hermandade de Pontevedra, superado pola situación, pide ao Gobernador Civil que tome medidas drásticas para controlar unha actitude que cré se vai estender alén do concello,

> "En conversas sostidas cos vogais parroquiais do Cabildo desta Hermandade manifestaron que a única medida a adoptar, é a forza, xa que pola súa parte agotouse xa todo medio de convencemento, sendo por iso insultados e ameazados, pois din ademais que como houbo xa varios casos en que se debeu actuar con enerxía e non se fixo, esperando que reaccionasen depoñendo a súa actitude rebelde e vindo pagar as súas derramas, e, conseguíndose todo o contrario, ou sexa, que os rebeldes se envalentonaron coa actitude benevolente da Hermandade, e por iso non hai forma de levalos pola boas ao convencemento do pago da derrama. É o cabildo desta Hermandade o primeiro en levantar a adopción de tales medidas, pero está convencido de que senón se fai así, esta actitude de rebeldía pode transcender a outros municipios"

A resistencia das parroquias do concello de Pontevedra chega a uns puntos críticos que provocan a toma de medidas por parte das autoridades. Entre elas está, en outubro de 1954 involucrar aos curas párrocos das parroquias "rebeldes". Tratábase de que "convenceran" aos seus feligreses da necesidade de estar ao día no pago das

[328] Ao Axente Executivo esta actuación non o colleu de sorpresa, pois, prevendo que o seu labor de cobro en todas as parroquias ía atopar resistencias semellantes, demandara protección, porque segundo sinala "tendo visto indicios de resistencia colectiva de bastantes persoas do municipio, para o pago das cotas que foron impostas por derrama e policía rural o ano pasado, como o demostra a falla de pago duns 3.000 recibos por valor dunhas 75.000 ptas, malia a propaganda e xestións realizadas; e sendo preciso, para evitar a desvalorización de ditos recibos, o seu cobro por vía executiva... que se interese o Gobernador Civil e ordee á Garda Civil que me presete a protección e auxilio necesario". Carta do Axente Executivo ao Prohome. 20-8-1954

cotas porque se podía proceder ao embargo dos bens, labor no que participaría como "seguro" do axente executivo, a garda civil. Igualmente, debían dar conta da boa vontade das autoridades, insistindo en que "se corresponderá aos de boa vontade, e malia ter dereito a dietas dende o momento de inicio do expediente, perdoareillas a todos aqueles que na quincena actual salden os seus débitos, e se algún necesitara algunha pequena próloga e avisa, accederei a iso, detro das miñas pequenas posibilidades", debía publicitar o párroco. Como amosa a carta que dende a Hermandade se envía a COSA en decembro de 1955, as concesións que están dispostos a facer con respecto ao pago da derrama as autoridades sindicais, a tenor dos perxuízos que entenden que da situación de impago e rebeldía poden saír, evidencian que a preocupación das autoridades foi en aumento e que o labor dos cregos non foi efectiva.

> "Unha vez lido o amplo informe que sobre a recadación de cotas da Hermandade que me envías con data de outubro, debo indicarche que a xuízo desta Delegación Provincial *a situación plantexada é de tal delicadeza e pode trascender con repercusións de orde político e gubernativo a situacións de carácter insoluble e externa gravidade*, polo que se fixo preciso que por esa COSA se adopte unha acción de tutela e dirección cerca da mencionada Hermandade conducente a aliviar a tensión producida entre os afiliados e os axentes de recadación, sen deixar que o problema desemboque nun calexón sen saída. Estimamos que talvez sexa política hábil a de reducir a recadación de cotas as do presente ano e con respecto aos atrasos a obter a posibilidade dun peche de orzamentos con déficit. Evitando, dende logo, a concesión de abandono do cobro de cotas como dunha acción de forza que si respaldada polas disposicións legais vixentes, pode nestes momentos a esa Hermandade, perder o control efectivo sobre a gran masa dos seus afiliados creándose ao mesmo tempo unha desproporción descomunal, entre a cantidade adebedada polas cotas e os recargos, gastos de adxudicación, etc. que na maioría dos casos poden facer pensar aos campesiños nunha inxusta exacción pola enormidade da mesma"

A situación de resistencia nas parroquias rurais do concello de Pontevedra non vai quedar aí ante a actitude negociadora e conciliadora, senón que van reproducirse en 1956, cando, atendendo á petición do Prohome de "adoptar a forza" como solución ao problema de impago, o Gobernador Civil anuncia en marzo a formalización do embargo e a subhasta dunha das fincas embargadas a un deudor da Hermandade. En concreto, do veciño da parroquia de Marcón Antonio Baltasar Barcia. Esa toma de postura é adoptada nun momento de verdadeiro estado de desobediencia. En xaneiro os "morosos" das parroquias de S. Andrés de Xeve, Sta. María de Xeve e Lourizán amosan unha actitude desafiante e ameazante ante o Axente encargado da práctica das dilixencias de cobro[329]. A tensión empezara a extenderse a outras parroquias, caso da de Alba, onde 11 labregos estaban dacordo coa postura de que non se ía

[329] O que o obriga, novamente, a pedir protección ao Gobernador Civil para que o acompañe nas dilixencias a Garda Civil. Carta ao Gobernador Civil. 23-1-1956

pagar nada á Hermandade. Un destes labregos de Alba era Faustino Salgueiro, do que comprobaron que tiña en descuberto as derramas dende 1953. Como se pode apreciar, as fallas no pago eran numerosas e reiterativas no tempo, e malia a que ata certo momento sempre mantiveran un carácter individual, si eran un problema de primeiro orde nas arcas da entidade. O certo é que non conlevaban unha adopción de medidas tan serias como ao facelo os encadrados de maneira conxunta e, sobre todo, de xeito orquestado e visible para os labregos doutras parroquias.

Ademais, na decisión de empezar coas poxas públicas dos bens embargados, pesa que meses antes unírase a esta actitude negativa ao pago a parroquia de Berducido. Segundo o secretario da Hermandade local informa ao xefe da Comandancia da Garda Civil de Pontevedra "como existen ademais debedores en todos os lugares de dita parroquia... o alcalde de barrio... é debedor da Hermandade. Ao fin de que vostede se dé conta da enconada resistencia dos labregos ao pago da derrama legalmente establecida". O relato dun veciño dunha parroquia lindeira con Berducido evidencia a gravidade do altercado, cando todos os veciños se opuxeron ao embargo xudicial que se ía executar contra Dorinda Pérez Maquieira, a maneira de exemplo para todos os que non pagaran a cota,

> "en Berducido foi o axente a cobrar e levantáronse todos, parecendo unha guerra e que alí non había garda civil nin ninguén que entrase a quitar nada das casas, porque primeiro meterían por diante aos nenos, detrás ás mulleres e despois aos homes, e que estiveron esperándoos durante dous días con pedras e ferramentas e que non apareceron...a garda civil metérase nun coche e os veciños perseguíronos máis de medio quilómetro pola carretera berrándolles: "ladróns, tedes que marchar a Pontevedra, de Berducido non hai quen saque nada!"

Como vemos, non se trata dunha turba alienada polo fervor do momento nin por unha decisión tomada á lixeira. O motín para evitar o pago e o embargo dos bens estaba orquestado, perfectamente organizado e calculado. E así o amosa, alén do planeamento da estratexia de defensa ante a acción do embargo, a retahila de razóns que, por exemplo, no caso da parroquia de Berducido se dan para a súa toma de postura resistente. Éstas poden resumirse cumpridamente en:

1. que non se consideran socios da Hermandade por non terse inscrito voluntariamente nela, xa que foron dados de alta sen permiso previo

2. que, por non ter recibido por vía da Hermandade os sulfatos, sementes de pataca, alambre de fío para as vides e outros prudutos que deberan suministrarlles en relación ás súas necesidades, non se consideran coa obriga de pagar cota algunha

3. que formulada a consulta ante varios avogados, algún deles os asesoraron no senso de que o pago de ditas cotas non era obrigatorio para os non asociados, polo que pediran repetidas veces a súa baixa na Hermandade sen telo conseguido

4. que as cotas son moi elevadas e a súa situación económica non lles permite facelas efectivas

5. que en último extremo farían un esforzo por liquidar todas as cotas que teñen ao descuberto se no sucesivo quedan eliminados da lista de afiliados da Hermandade

Queda patente, xa que logo, o seu interese por desvencellarse da Hermandade, unha intención que parte da negativa ao encadramento, da falla de servizos dados pola entidade e da cantía da cota. Debemos reparar neste punto, en aras a enmarcar a protesta. Ata 1952 a sindicación nas Hermandades era voluntaria polo que, antes diso, entre a súa tardía creación e dita voluntariedade a posibilidade de xerar conflitos era moi ecasa. No 1953, ano no que empezan as protestas nas parroquias rurais do concello de Pontevedra, é o momento no que as Centrais Nacionais Sindicais se dotan do poder para impoñer cotas a todos os produtores da xurisdición dos sindicatos locais (no caso das Hermandades, o concello), estivesen inscritos ou non. É dicir, é cando comeza o encadramento, a filiación obrigatoria. Esta medida, xeral para todo o territorio explica por que nesa anualidade se reflicten os primeiros problemas relativos ás Hermandades. No caso concreto da Hermandade de Pontevedra á obrigatoriedade súmanse o cambio no establecemento da cota. Ata 1953 a cota rexíase por unha escala na que os propietarios que chegaban ata as 100 ptas. de líquido impoñible no imposto da Contribución satisfacían unha cota de 12 ptas ao ano, pero en 1954 a cota estableceuse sobre o cálculo do 3% do líquido impoñible, o que supuña unha suba cualitativa da exacción económica que resultou sumamente impopular.

Encadramento, suba da cuantía da cota, falla de servizos e, como sinalamos previamente, o papel do recadador contratado en 1953. Este, Rafael Arango Corral, ante a súa incapacidade para cobrar aos morosos e para levar a diante os embargos, foi cesado pola Hermandade. Unha situación que non era nova para este ex-garda civil, pois xa fora cesado polo presidente da COSA de Pontevedra, López Canabal, como axente executivo da Hermandade de O Grove. Arango, nunha actitude claramente vingativa, lanzou toda clase de rumores negativos sobre os xestores da Hermandade (incapacidade, mala xestión, latrocinio, etc.) e acabou alentando aos labregos para que mantiveran a súa postura resistente ao pago. Outro aspecto que non pode ser menosprezado é o labor de zapa levado a cabo polos "desafectos" ao réxime. Como o secretario da Hermandade de Pontevedra recolle no se informe,

> "existen grupos bastente numerosos nas distintas parroquias que se resisten ao pago da derrama imposta pola lei, *dirixidos por labregos incultos e que con anterioridade ao Glorioso Movemento militaron nas filas dos partidos políticos de esquerda e que son os que manteñen a incertidume entre os seus veciños* aconsellándolles que non paguen esta derrama xa que "non hai forza na provincia que os obrigue a iso", frase dun dos cabecillas nunha taberna"

Ante esta situación, os xestores da Hermandade acaban pedindo que sexan estas persoas máis significadas politicamente as que deban afrontar os descubertos da cota por vía de apremio, como exemplo para todos os demais resistentes. En febreiro de 1957 o presidente da COSA pontevedresa asina o documento no que se fixan as fincas sobre as que fai pesar embargo por falla de pago á Hermandade. Aparecen predios de 7 veciños de Marcón e 16 de Salcedo.

A COSA de Pontevedra recoñece que na Hermandade de Sanxenxo en 1959 hai un "problema recadatorio" ao deixar sen satisfacer as cotas un 40% dos labregos, malia ao labor do Axente Executivo, polo que lle elevaron varias peticións para que dispuxera o embargo dos bens dos deudores por vía executiva. Pero, ao contrario que no ocorrido coa Hermandade de Pontevedra, o Gobernador Civil non aceptou poñer en marcha o apremio[330]. A razón que esgrime o organismo provincial é dabondo significativa: "non podemos olvidar que somos un instrumento político e é unha medida totalmente impopular esta execución masiva". As protestas que suscitara esa medida anteriormente serviu de lección para as autoridades pontevedresas. Que a institución non perdera o pouco beneplácito que lle quedaba fronte aos labregos e non provocar unha conflitividade aínda maior foron as razóns que evitaron un embargo xeralizado de preto da metade de labregos de Sanxenxo nesta ocasión. Non obstante, como se fixera anteriormente, recomendouse que se realizase algunha execución a persoas de recoñecida oposición e destacadas a título de "exemplaridade" para o colectivo.

A constatación dos diversos impagos pode levar a establecer, como no caso dos cupos, unha relación directa entre non pagador e incapacidade para afrontar o pago. Pero a documentación demostra que rara vez non cumpren en tempo e forma co pagamento grupos como viúvas (que por selo son das poucas mulleres que aparecen como cabeza de familia e, como tales, son obxecto nominal do encadramento) ou grupos máis menesterosos, senón propietarios medios e mesmo abastados que consideran a cuota un abuso e decídense a non pagala[331]. No informe que realiza a COSA sobre a situación da Hermandade de Pontevedra é clara ao respecto, o problema non é a falla de cartos en tanto que as cantidades adebedadas non eran de moita cuantía. Non se trataba de non poder, senón de non querer.

> "a resistencia dos agricultores é tal que antes de satisfacer os débitos chegaron a tal punto que incluso se deixaron embargar estoicamente bens antes de facer efectivas cantidades irrisorias.... Polo que respecta ao co-

[330]Moito cambiara a situación para esta Hermandade que trece anos antes era presentada como exemplar polas autoridades sindicais da provincia de Pontevedra "Con gran celo e entusiasmo, esta Hermandade está levando a cabo as tarefas encomendadas e cuxa realización a acredita como unha das máis importantes da provincia. No último semestre duplicou o número de afiliados, que na actualidade pasan de 700. Leva repartido adubos por un importe aproximado de 50.000 pesetas, 5.000 quilos de salvado e uns 17.000 de patacas. Ademais, grazas ao seu labor cos labregos da comarca, evitando perxuízos e dentro do mellor espírito de comprensión, recolleu dos correspondentes cupos asignados, 2.611 quilos de fabas e 15.233 de patacas". AGRO, febreiro 1946

[331]No caso dos cupos isto é evidente na documentación. Por exemplo nun informe que a alcaldía de Trabada manda ao Gobernador civil en xuño de 1947 sobre os que non entregan os cupos, insiste en que a reticencia dase entre os grandes propietarios. Un dos que non entrega o cupo, e tamén se negara a firmar a adhesión a Franco dos excombatintes, era para máis inri, membro da Xunta Agrícola que interviña na fixación dos cupos do concello. Trátase de José Loureiro Castro, que se estimaba que tiña un capital superior as 300.000 ptas., constaba como gran produtor e rendista, ademais de explotar lugares en réxime de colonato. Doutro do que se queixa especialmente é de Gregorio Rodríguez, un dos principais propietarios e produtores do concello, un postor de gando ao 50%, albeite e criador de gando no monte, que segundo o alcalde "Vive á marxe da lei no referente a tributacións, nunca cubriu cupos, procurou sempre poñer dificultades a realización do amillaramento facendo campaña en contra...". AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12715

> bro... da Hermandade dos anos 53, 54, 55 encóntrase totalmente en suspenso..."

Os veciños de Berducido aducen que as cotas son excesivas, pero non dubidan en sinalar que están dispostos a facerlle fronte ao pago se lles "borra" da Hermandade, evidencia de que o custo da cota e dos atrasos non era a cuestión principal da súa protesta. Segundo os informes emitidos polas autoridades a líder da negativa ao pago na parroquia de Marcón é Manuela Otero García. Os dados que existen sobre ela é que é propietaria de arredor de seis hectáreas con 15.000 m. de vides, 2 vacas, 2 bois, un porco e galiñas. Ademais, é beneficiaria do subsidio familiar pola rama agrícola. O padrón de contribuíntes de Rústica e Pecuaria informa que conta cun líquido impoñible de 3.112 ptas, e, tendo en conta as cifras de líquido do resto de 7.029 contribuíntes rexistrados, pode considerarse unha das grandes propietarias encadradas na Hermandade.

O exemplo do impago e resistencia ao embargo de Manuela Otero é dobremente interesante, primeiro, porque como acabamos de ver, incide en que impago e pobreza ou, se se quere, incapacidade para realizar o mesmo, non son realidades que convivan e, segundo, porque demostra que a resistencia deste tipo tivo como cabezas visibles a mulleres. Nos informes internos das autoridades albíscase o protagonismo feminino nestas actuacións de resistencia ao pago, un mecanismo que, como acabamos de ver no caso de Campaño, ten resultados a hora de minimizar ou evadir a represión física. Na parroquia de Alba, en xaneiro e 1954, quen se amosa como a líder da negativa ao pago das cotas é a muller de Laureano Barreiro Castro. Segundo relata o Axente executivo encargado do cobro mentres estaban na taberna da aldea, onde se pretendía levar a cabo a recadación, a dona, ao coñecer a canto ascendían os recibos pendentes de pago que tiñan, "profeiu frases pouco dignas para a Hermandade" e, unha vez saíu a rúa, empezou a berrar "que a Hermandade era boa para os cabildos, que se enriquecían a súa conta", "que consentiron que apodreceran as patacas e tiráronas ao mar, antes de vendelas ao pobo que as necesitaba", "que ben se viron pasar os camións da sindical cargados de estraperlo", e outras. En Berducido, no 1955 a voz cantante lévaa Dolores Fontán, que insulta ás autoridades da Hermandade chamándolles "maleteiros" ao crer que ían embargar uns árbores a súa veciña que, como ela, tampouco pagara a cota. A explicación do Axente Executivo non axudou a calmar os ánimos pois a ela uníuse a súa filla e "proferiron insultos e ameazas... con berros e insultos soeces contra a Hermandade". Ao ver que a súa presenza non ía amañar nada o Axente e o policía rural que o acompañara decidiron irse "sendo perseguidos por un grupo de nenas insultándoos e ameazándoos" e decíndolles que si volvían por alí os axentes da Hermandade "que os queimarían". O capitán da Garda Civil, ao facer ver a importancia do labor desempeñado polos gardas que el dirixe ao acompañarar aos axentes recadadores para protexelos, redunda no papel tomado polas mulleres,

> "evitou en varios casos, que ditos axentes fosen obxecto de agresión, principalmente por parte de mulleres rústicas, aldeás, de carácter pendencieiro e agresivo, que se consideran irresponsables... apréciase a posibilidade de que produzan incidentes desagradables, a parte de que a presenza cons-

> tante da forza da Garda Civil, no acto descrito, dá a impresión dun feito de forza, evidenciando descrédito da lei e dos fins por esta perseguidos"

Comentarios certamente desmerecentes que son a continuación dos que aparecen na correspondencia interna que Hermandade, COSA e Gobernador Civil se intercambian. O secretario da Hermandade ao citar aos "culpables" do movemento de resistencia acusa convencido ás mulleres das diferentes parroquias que, intercambiando opinións, negan a valía das directrices das autoridades que lles insisten na obligatoriedade de pagar a cota da Hermandade e, a maiores, fanse eco da conveniencia de non pagala e incitan ao resto da poboación a tomar a postura do impago e a ulterior resistencia ao embargo. Non dubida en tildar a estas mulleres e "verduleiras" que se adican a "difamar e calumniar aos que sempre as favoreceron, non tendo intelixencia suficiente para recoñecer os seus favores". Coma sempre, as autoridades asocian á falla de cultura e preparación as tomas de postura resistentes ao éxito das medidas por eles implementadas.

5.3.1.2 Os motíns

Como vimos de ver a negativa a entregar o cupo ou a facer efectivo o pago da cota da Hermandade acabaron en certas ocasións provocando un motín. A opción de organizar motíns apóiase, igual que o rexeitamento ao pago de taxas, nas experiencias, crenzas e comportamentos presentes na memoria da protesta da poboación que os usou con asiduidade durante o Antigo Réxime. Trátase, xa que logo, de volver a empregar unha forma clásica de actuación que nunca fora desbotada senón que pasara a un segundo plano ante a existencia doutros canles para a protesta na República. Os motíns documentados para os anos 40, os ocorridos en Lourenzá (Lugo) en 1941, en Cerceda e Tordoia (A Coruña), en 1944, e en O Saviñao e Guitiriz (Lugo) en 1947 e Amoeiro (Ourense), en 1948, dan noción do seu carácter puntual e excepcional, explicable polo grao de represión en forma de multas e as condenas penais que implicaban[332]. Nos casos rexistrados era a maior parte da aldea, cando non a súa totalidade, a que participaba dos tumultos, iso si, sempre contando coa axuda ou a connivencia dalgunha autoridade (alcalde, secretario do concello, etc.) e empregando os ardides ao seu alcance para minimizar a represalia das forzas de orde como a presenza de mulleres e nenos en primeira liña do motín[333]. Estas características

[332] AHRG. Goberno Civil, Administración local. G-2808; AHPL, Goberno Civil, sig. 12702; SOUTO BLANCO, M^a.J., (2003), "Una revuelta de hambre" en la Galicia del primer franquismo: O Saviñao", en *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea*, pp. 241-254. SOUTELO VÁQUEZ, R.; VARELA SABAS, A., (1994), "Variaciones en las formas de represión y resistencia popular en el mundo rural ourensano... *op cit*, p. 288

[333] As mulleres de Escairón son as que protagonizan o motín de O Saviñao e, sabedoras do castigo que iso conlevaba non dubidaron en facer unha petición de clemencia ante o Ministro de Agricultura en forma de telegrama no que indican "concello Saviñao amotinado na rúa causa gobernador levar ración de pan do pobo piden clemencia xustiza humildemente nais de familia...". A súa condición de mulleres e a definición que fan de si mesmas como "nai de familia" asegúralles un trato moito máis benévolo por parte das autoridades que non dubidan en explotar como eximente. AHRG. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.714

presupoñen a presenza de certo grao de organización, e subliñan que se trata dunha acción marcada pola racionalidade e pola existencia de pautas e límites establecidos, negando o seu carácter explosivo e casual.

A irritación pola entrega de cupos a propósito de que serían desviados ao mercado negro, tanto en Lourenzá, Cerceda, como en Tordoia, Amoeiro e O Saviñao, como a indignación pola prepotencia dun alcalde empeñado en talar as árbores do campo da feira, no caso de Guitiriz, deron paso ao agravio, por iso é polo que a poboación optou por amotinarse.

En marzo de 1941 segundo os informes da Falanxe local o descontento con respecto á falla de subsistencias e aos prezos que acadaban os produtos no mercado negro era moi alto, e víñase acumulando dende meses antes. Segundo estes informes, "non só as clases humildes, senón os que viven de soldos e xornais non chegan nin para pan". A situación de descontento derivou nunha protesta colectiva cando un rendista que tiña almacenado trigo en gran cantidade tratou de ocultalo para desvialo ao mercado negro. Segundo a información das autoridades neste acto participoiu "o pobo", é dicir, que se trata dun número importante e representativo de persoas que se uniron para evitar esta venda ilegal e trataron de repartilo posteriormente entre os participantes. O motín non acabou neste reparto senón que a turba "foron a casa de labregos acomodados esixindo a venda do que tiñan a prezo de taxa". A garda civil de Lourenzá actou para desfacer o tumulto pero, polo que parece, non se rexistraron actos de violencia[334].

En Tordoia o motín ocorreu en novembro de 1943 cando os labregos de cinco parroquias do concello, Gorgullos, Castenda, Numide e Leobalde, decidiron recuperar do almacén local do SNT o trigo e o centeo que entregaran en condición de cupo forzoso. A turba concentrouse nas inmediacións do almacén e provocou graves incidentes, incluindo a ameaza ao cobrador do SNT da zona, ata acadar o seu obxectivo, incautar o gran. As autoridades non conseguiron deter aos veciños, malia as continuadas ameazas de "severas" sancións en caso de que non reintegraran as cantidades de trigo e millo incautadas ou devolveran o seu importe.

En Cerceda, en xuño de 1944, un total de 469 labregos das parroquias de Cerceda, Xesteda, Meirama, Queixas, Rodís e As Encrobas, boicotearon a entrega do cupo de millo que se lles impuxera. O cobrador do SNT para a zona de Ordes dá conta de que malia ter feito "todo o que estaba na súa man" para recoller o millo, incluso téndose desprazado en varias ocasións, non puido recoller máis que unha cantidade insignificante. As autoridades son coñecedoras de que a resistencia dos labregos vai máis alá da reiterada negativa a seguir as disposicións do cobrador do SNT, chegando a desviar o gran ao mercado negro.

O grao de contrariedade con respecto as medidas políticas establecidas por parte dos protagonistas mídese non por unha real necesidade de comida para evitar unha crise de subsistencia nos primeiros casos ou pola extrema necesidade de sombra para acomodar o gando que ía venderse á feira no segundo, senón polo sentimento de ser inxustamente tratados en relación a como o foron anteriormente e a como o eran outros pobos, é dicir, por romper o que moralmente era aceptable no seu cosmo-

[334] AGA. Presidencia. Informes sobre a orde pública da provincia de Lugo. Informe de marzo de 1941. Caixa 51/20533

visión e os seus parámetros de racionalización. As autoridades adoitan interpretar os amotinamientos como altercados moi graves e, como tales, consígnanos como unha protesta de importantes repercusións que debía ser castigada convenientemente para que non volvese a repetirse alí onde se xerou e, sobre todo, nas zonas próximas, onde temían que o eco destas accións fose un aliciente para a súa realización. Así o manifesta o Xefe Provincial do Servizo Nacional de Trigo de A Coruña, que para o caso do motín de Cerceda sinala "ademais de supor unha merma nas dispoñibilidades de cereais con destino á panificación co consecuente perxuízo do abastecemento, se non se corrixe servirá para que na próxima colleita non se entregue ningún cereal, non só estes mesmos agricultores, senón o resto dos do concello e circundantes".

A mesma preocupación aparece no caso do motín de Tordoia, onde se consigna que "de repetirse tales anomalías, ademais de mermar o prestixio desta Comisaría, predispoñen o ánimo do paisano carente de cultura suficiente apra facerse cargo de certas equivocacións". A incultura sempre aparece como referente explicativo de actitudes de disidencia dos labregos, reafirmando unha visión paternalista e pacata das autoridades pero, como temos dito, un perfecto tópico dos que aqueles souberon tirar partido a maneira de "arma do débil". A Comisaría de Recursos non é a única que insiste na necesidade de cortar este tipo de episodios, dende a Xefatura do SNT provincial tamén se "roga" ao Gobernador Civil para que impoña "... forte sanción... pois doutra maneira sentaría un precedente que seguirán outros concellos co conseguinte perxuízo... e a anarquía que suporá a falla de autoridade"[335]. E tamén no episodio rexistrado no Saviñao, onde o pobo se amotinou en 1946 impedindo a saída de 41.500 quilos de centeo requisado. A situación non foi diferente no concello ourensá de Amoeiro, onde os veciños tamén se negaron abertamente a entregar os cupos de fabas, millo, patacas, madeira e viño corresponentes á campaña de 1948.

5.3.1.3 Resistencia simbólica e desacordo a nivel de discurso

A resistencia simbólica pode verse como a menos intensa dentro do grao de descontento que presupón unha acción de protesta pero era unha das máis molestas para as autoridades locais do Réxime, pois, pese a percibilas, non daban marxe para tomar as represalias establecidas, como si o facían outro tipo de protestas. A súa eficacia eficacia residía no alivio que os seus protagonistas puidesen sentir ao realizalas e en coñecer o nivel de malestar xerado naquel ou aqueles que eran obxectivo de devandita actuación. Facer estallar foguetes polo cese dun alcalde impopular foi o modo de protesta que os veciños do concello lucense de Láncara escolleron en maio de 1948, coa conseguinte indignación por parte das autoridades municipais por "un feito denigrante e de falla de respecto aos poderes constituídos"[336]. Nalgunhas ocasións, o seu éxito ía moito máis aló e xeraba cambios beneficiosos para aqueles que se servían deste mecanismo de protesta. Neste sentido, Luis Domínguez ten documentado como a festa anual realizada desde 1913 para recordar como a fortaleza campesiña derrotou a unha disposición gobernamental na comarca de O Ribeiro, obrigou ás autoridades

[335] AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración Local. Sig. G-2808
[336] AHPL. Goberno Civil, sig. 12703

do réxime, a través dos seus dous alicerces do poder local, concello e Hermandade, a reconducir os conflitos de devandita comunidade rural á vía institucional[337].

Moi poucas cousas resultaban máis molestas para o estilo franquista que o chascarrillo ou o comentario, por iso é polo que tratouse en todo momento de cortar de raíz estas expresións de desafección mediante a imposición de sancións[338]. Estes, como o insulto, tamén traducen non conformidade coas estruturas dominantes e coas normas establecidas polo franquismo. Con bastante frecuencia comentarios e críticas convértense en coplillas e versos satirizantes, moitas veces versións de cancións tradicionais nas que se dá cabida á metáfora e vocabularios críticos. Nun contexto caracterizado por unha forte xerarquía e polo silencio como máximo garante de supervivencia, a cultura popular, que desvela unha forte creatividade, converteuse nun arma de expresión de queixas. En 1940 o Xefe Provincial de Falanxe na provincia de Lugo informa aos seus superiores nacionais que "hai cancións que se cantan sen recato algún e publicamente, alusivas a este estado de cousas"[339]. Con esta expresión refírese aos problemas máis inmediatos ao campesiño, os que protagonizaban esta forma de protesta. No municipio de Lourenzá, as autoridades falanxistas non poden deixar de recoñecer que "aumenta o desasosego entre o vecindario en xeral, tanto polo prezo elevado das subsistencias, como pola falla de equidade do racionamento...eso contribúe a un descontento que se manifesta en todas as conversas e que pode chegar a acarrear consecuencias graves..."[340]. O emprego de formas que implican desacordo a nivel discursivo (coplas, cancións, etc.) estaba moi presente nas comunidades rurais galegas para establecer un clima de desazón e turbación que atormentaba ás autoridades locais, sobre todo se eran os elementos esquerdistas quen os empregaban[341].

Sobre a resistencia simbólica voltaremos devagar máis adiante por tratarse, na nosa opinión, unha das manifestacións máis xenéricas, ricas e menos estudadas das recollidas no agro galego.

5.3.1.4 Boicots

Albert Jensen advirte nas súas investigacións que a sabotaxe non é espontánea, unha acción entusiasta ou un ataque de rabia, senón pensada e coordenada. Como acción de resistencia cotiá funciona mellor cando non pode ser calificado como ilegal, por ser máis difícil de castigar, e, ademais, porque deste xeito pode ser máis perseverante no tempo[342].

---

[337]DOMÍNGUEZ CASTRO, L., (1999), "Sindicalismo vertical y coorporativismo. Los orígenes del cooperativismo vitícula en Ribeiro (1952-1967)", en *Tiempos de Silencio. Actas IV Encuentros de investigadores del Franquismo*, Valencia, Universitat de Valencia, pp. 226-332, p. 326

[338]LAZO, A., (1998), *Retrato de fascismo... op cit.*, p. 64

[339]AGA, Presidencia. Informe Xefatura Provincial de Falanxe. Lugo. Caixa 51/20533

[340]AGA, Presidencia. Informe Xefatura Provincial de Falanxe. Lugo. Caixa 51/20533.

[341]O Delegado local de Falanxe de Láncara sinala como "o labor solapada dos antigos caciques inspira confianza ao elementos de ideoloxía esquerdista para expresarse con liberdade en comentarios, murmuracións e difamacións de autoridades...". AGA. Presidencia, caixa 51/20533

[342]Citado en HERNGREN, P., (1993), *Path of Resistence. The practice of Civil Disobedience,* Philadelphia, New Society Publishes, pp. 82-83

Na categoría de boicots englobamos boa parte das "armas do débil", todas aquelas actitudes de disimulo, falsa ignorancia, así como as accións causantes de desperfectos, que teñen como consecuencia minar pretensións e realizacións da administración. Atopamos no caso galego unha voluminosa documentación sobre actitudes deste tipo en relación, sobre todo, coa loita das comunidades campesiñas contra a política de repoboación forestal. As formas en que protestou contra esa usurpación son múltiples e foron alterándoas e combinándoas no tempo[343]. Incendios provocados, pastoreo ilegal, roturacións ilícitas, arranque de plantas, talas, arrasamento de viveros, neglixencia e pasividade á hora de acougar un incendio provocado, etc. documéntanse practicamente na totalidade das zonas onde o Estado dispuxo unha reforestación do monte comunal. A importancia acadada en Galicia pola lexislación forestal e, a súa vez, pola resistencia interposta pola poboación rural fai que ésta mereza unha atención privilexiada, asique sobre este aspecto trataremos máis polo miúdo nun epígrafe específico. Pero, neste punto, cabe citar, a modo de exemplo, as actuacións levadas a cabo en Porto do Son en 1946, onde un incendio provocado e a negativa a sofocalo son constatados no informe do garda forestal, que di que "moi pouca concorrencia de veciños dos lugares limítrofes... non se presentaron os veciños das parroquias de Nebra, Calo, Orseno, Puilla, Cans, Figueira, Sabuceda, Balteiro, Maceda, Graña, todos avisados...". Noutro monte do mesmo concello coruñés, a multa do Distrito Forestal fai referencia ao arranque de 600 pinos de tres anos do que se inculpa á vecindade[344].

5.3.1.5 Absentismo, omisión e non participación

A non asistencia a unha asamblea da Hermandade é para moitos labregos o medio para indicar o seu descontento co labor Prohome ou o Cabildo e mesmo o desleixo cara o sistema sindical estatal, malia que non se artelle como unha reivindicación concreta contra o final da política corporativa. Nas actas das Hermandades consultada por nós para casos da provincia de Lugo e por Anxo Collarte para Ourense, nunca se fai constar que ningún encadrado tomara a palabra nunha Asamblea, nin fixera petición de ningún tipo e son contadas as intervencións dos representantes parroquiais. As ausencias continuadas acaban freando o labor das Hermandades no rural. Como recoñece o Prohome da Hermandade do concello pontevedrés de Cotobade en 1959, "dende a súa creación esta Hermandade ten tido unha vida en papel, razón pola cal foi sempre ineficaz e pouco operativa...enfermiza, raquítica e anquilosada", así decide levar a cabo "pequenas obras" para conseguir que "ás seguintes asambleas veña máis xente" (Pereiro Leiro, 1994:158)

A omisión é unha maneira de desobediencia directa ante certas disposicións que, unha e outra vez, as autoridades reiteran aos labregos. Unha destas disposicións foi a de estipular, por parte do Cabildo da Hermandade, un calendario para a realización da colleita que os encadrados debían cumprir. Esta regulamentación, a parte de non ter outra explicación que o desexo de impoñer control a todo tipo de acción levada a

[343] SOTO FERNÁNDEZ, D.; FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2004), "Política forestal e conflictividade nas terras comunais de Galiza *...op cit.*, pp. 225-249

[344] AHRG, Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administracións Locais. G-2808

cabo polos labregos, deu lugar a un bo número de multas pois estes negábanse en masa a cumprir con este requisito. Un exemplo disto témolo no acaecido na Hermandade de Avión.

> "malia aos Bandos publicados en todos os pobos prohibíndo a recoleción de millo antes do día 23, hai 246 veciños que a fixeron, facendo caso omiso do disposto en ditos Bandos. Somete [o garda] ao Cabildo e ao Xurado que isto é un caso de rebeldía que non debe de pasar sen sancionarse, pois caso de facelo constituiría un mal exemplo. Acórdase por unanimidade sancionalos a todos con vintecinco pesetas" (Collarte, 2002:100)

Os veciños das parroquias deste concello mantiveron esta postura displicente con respecto ao cumprimento das disposicións da súa Hermandade e, por iso, voltaron a ser multados en varias ocasións, como recolle a Acta desta sesión do Cabildo Sindical de novembro de 1958,

> "os veciños de Penedo de Couso, malia recibir a circular desta Hermandade prohibíndo a recoleción de millo ata o día 3 de novembro, fixérona os días 16 e 17 de outubro, estropeando así o froito. ...Posto o asunto a votación acórdase o seguinte: como queira que os veciños de Penedo de Couso son reincidentes por terceiro ano consecutivo de desobedecer as ordes da Hermandade, o Tribunal Xurado acorda sexan sancionads con 25 ptas de multa cada un, e ao mesmo tempo que se poña o asunto en coñecemento do Sr. Alcalde e o Xefe Local, para que este se o estima oportuno, os volva a sancionar ou o comunique ao Excmo. Sr. Gobernador Provincial"

En 1961 o garda xurado de Avión, despois de denunciar a 223 veciños por ter as galiñas abandonadas, faino tamén contra 59 veciños de Couso, Penedo, Acevedo e Vilariño por facer novamente a colleita do millo "en verde", antes da data marcada pola Hermandade, polo que son multados con 50 ptas" (Collarte, 2002:100,185).

A prestación de traballos obrigatorios para a Hermandade ou o concello foi unha medida igualmente impopular. Acumúlanse as multas a colectivos de veciños que se negaban a prestar dito servizo, sobre todo no referido á realización de determinadas obras en infraestruturas. En decembro de 1944, por exemplo, son multados 39 labregos das parroquias de Foz por non acudir a facer os traballos establecidos polo concello para a realización do camiño de Marzán. A suma total da multa é de 1.853, 20 ptas, indo as cuantías individuais dende a 7,20 ptas ás 300 ptas[345]. En Mondaríz-Balneario a resistencia á cooperación co concello focalízase na omisión da chamada a participar nos labores de limpeza de pozas e canles de rego en 1958. Os 25 veciños da parroquia de Escubeiro son multados con 20 ptas por non presentarse en xuño para realizar ese traballo obrigatorio e, dado que unha parte dos afectados non pagaron a multa, meses despois notificóuselles as intencións de cobrar por vía de apremio. En outubro

[345] Arquivo Municipal de Foz (en adiante, AMF). Multas da Alcaldía.

a situación repítese con outros 33 veciños do concello que, igualmente, desatenden a orde de acudir aos traballos de limpeza de dous canles de rego[346].

Un exemplo que ilustra ben como a non participación se torna resistencia témolo no acontecido ante a decisión estatal de levar adiante a colonización dun terreo, ata daquela monte comunal, dos concellos de Castro de Rei e Cospeito. O labor do Instituto Nacional de Colonización (INC) do Ministerio de Agricultura, a quen correspondeu a obra, como moi ben ten estudado Carlos Barciela, foi un rotundo fracaso en termos xerais. Nin conseguiron solucionar o problema ao que a súa creación quería dar resposta, unha reforma e adecuación das estruturas agrarias, nin paliaron de maneira certeira problemas como o do paro no sector agrario. De feito, entre a Obra Sindical de Colonización e o INC entre os dous organismos mencionados non conseguiron asentar en terras de colonización máis que a 1.759 familias nos seus primeiros dez anos de funcionamento[347].

Na Terra Chá, polos Decretos de 10-2-1956 e 18-1-1957 expropiáronse 2.889 ha de superficie que correspondía a montes veciñais das parroquias de Triabá, Duarría, Loentia, Mos, Ribeiras do Lea, Bendia e Bazar no concello de Castro de Rei e as de Goá, Muimenta, Roás, Momán, Xustás, Rioaveso, Sta. Cristina e Sistallo en Cospeito. Unha vez roturada e adubada a terra púxose en regadío mediante acequias. Cando estivo saneada e limpa a zona procedeu a parcelarse a zona e creáronse catro núcleos de poboación (Matodoso, A Espiñeira, Arneiro e Veiga de Pumar) con 189 "unidades familiares de explotación".

Unha das grandes eivas coas que contou este proxecto estatal foi a falla de cooperación social, en concreto das zonas próximas á de colonización que, con esa actitude atrasaron a constitución da colonia e mudaron os parámetros iniciais desexados polo INC, e, coa súa displicencia, redebuxaron os obxectivos do mesmo.

Un dos problemas máis graves que se formulou aos funcionarios do INC foi convencer á poboación circulante para participar no seu proxecto de modernización do agro. En 1959 abriuse a admisión de colonos pero o rexeitamento xeralizado dos labregos obxecto da proposta do INC obrigou ao persoal do INC a desprazarse dando charlas e tratando de convencer da pertinencia de participar nesta iniciativa. Este

[346] As informacións existentes indican que neste concello a regulamentación do sistema de regadío conlevou serias alteracións da "paz social franquista", ata o punto que o concello se desentende da organización do mesmo dándolle en 1954 a competencia á Hermandade. Segundo comunica o alcalde ao prohome "tendo coñecemento esta alcaldía das alteracións da orde pública promovidas por algúns labradores do concello, por motivos do rego, cuestión esta que consideron debe ventilarse pola Hermandade e pola presente delego as funcións que puideran relacionarse co concello encomendando á Hermandade a dirección de todo o que a regos e limpeza de encoros proceda, asumindo tamén a parte executiva, a fin de que pola mesma se sancione a todos aqueles que non cumplimentasen as ordes....e así acabar coas anomalías que se están producindo que tan mal efecto causan...a fin de chegar a crear unha situación de tranquilidade no ánimo dos regantes... máxima urxencia posible...". AHDPP. Hermandade de Mondaríz-Balneario. Tribunal Xurado (1952-1965). Multas, denuncias e actos conciliatorios. Expediente 1

[347] BARCIELA LÓPEZ, C., (1986), "Introducción. Los costes del franquismo en el sector agrario: la ruptura del proceso de transformaciones", en GARRABOU, R., et ali., (eds.), *Historia agraria de la España contemporánea. 3. El fin de la agricultura tradicional (1900-1960)*, Barcelona, Crítica, pp. 383-454, p. 408

labor vese recompensado escasamente xa que un ano despois a colonización só conta con catro "semicolonos" vidos de A Pastoriza. Decimos semicolonos porque ningún dos catro homes, que son familia (tíos-sobriño) abandoara a súa explotación familiar, senón que a compaxinaban co casal da colonización, en contra dos desexos do INC. Ademais, dous deles decidiron abandoar a iniciativa e volver a A Pastoriza.

Así, nos primeiros anos, os únicos poboadores son os "colonos obrigados", os habitantes de varias parroquias de Quiroga e Negueira de Muñíz aos que o proceso de repoboación forestal dos comunais deixou sen posibilidades de supervivencia económica. A centralidade do pastoreo de gando vacuno e lanar e da agricultura de rozas no comunal nestas zonas da montaña luguesa facía totalmente imposible a conciliación repoboación-supervivencia sociedade rural, co que o réxime franquista "recolocou" á poboación das parroquias afectadas no espazo de colonización. Nalgún caso, como o do pobo de Barcela, a situación complicárase pola apertura dun embalse en 1953 que o deixaba incomunicado co resto do concello.

O rexeitamento dos poboadores da área limítrofe, área á que se dirixían os esforzos de convencemento foi un feito. Xosé María Cardesín menciona que "o persoal do Instituto recorda especialmente as dificultadas iniciais para atraer a un número suficiente de voluntarios á zona: sobre todo en comparación coa obra de colonización similares fóra de Galicia. Esta dificultade para poboar resultáballes aínda máis sorpresiva cando consideraban a situación xeral da área: de saturación demográfica, xerada pola falla de adecuación entre o crecemento da poboación ao longo dos anos cincuenta e un estancamento do sistema productivo...nos informes da época destacan "para máis ou menos encuberto que en xeral existe na rexión" (Cardesín, 1985:15).

As causas do rexeitamento son varias e ningunha se refire á tan manida explicación de que a sociedade rural se amosara opositora á innovación e as mudanzas. Estas están en relación coa negativa de admitir unha innovación inducida, obrigada, non explicada e incongruente no momento dende moitos puntos de vista, sobre todo social e economicamente. A proposta de colonizar era allea á realidade galega, non existían precedentes nin se asimolou ou adaptou á situación da zona onde se trataba de implantar, polo que era visto como unha imposición estatal máis. Por outra banda, o proxecto non foi debidamente explicado, fórmulas e obxectivos non estaban claros e isto activou a reticencia e a desconfianza da poboación. Pensemos que a novidosa proposta era totalmente irracional no momento no que se plantexou. Aspectos como a introducción de vacas de leite e ausencia de espazo a monte eran dende a óptica, a dunha agricultura de policultivo orgánica onde a venda de carne era un xerador de ingresos básico na explotación familiar, unha incongruencia. Ademais disto temos que ter presente que as iniciativas do Estado franquista na zona non partían de cero, senón que adoecían da boa estima ou cando menos da indiferenza necesaria para ser asumidas como beneficiosas de partida. Nos últimos anos cincuenta cando o proxecto colonizador escomeza as consecuencias doutras políticas agrarias franquistas xa se deixaran sentir como nocivas para os intereses labregos. Sen ir máis lonxe a creación da zona de concentración partiu do despoxo realizado polo Estado no monte comunal das parroquias lindantes, o que causou xa un inicial descontento coa iniciativa colonizadora e o accionamento de fórmulas de resistencia (enfrontamentos directos coa autoridade, cartas de queixa, "armas do débil", etc.).

A oposición a formar parte do continxente repoboador dos labregos da zona provocou que o INC tivera que recorrer a voluntarios de espazos lonxanos xeograficamente. Finalmente, andados os anos sesenta, establecéronse colonos procedentes doutros puntos da comarca da Terra Chá, sobre todo de Abadín e A Pastoriza, e doutras zonas de Galicia, pero tamén de Asturias e Santander, e incluso un marroquí. En Veiga de Pumar, por exemplo, a totalidade dos colonos proceden da parroquia de Ernes, concello de Negueira de Muñíz que viron como as súas terras quedaron anegadas por un encoro[348]. A negativa casionou tamén que o nivel económico dos colonos non fora o requerido nas bases do proxecto: os colonos non eran pequenos propietarios como sería de desexar polas autoridades, e non contaban co nivel económico que se requería para a posta en marcha da iniciativa. E, finalmente, causou reticencia e provocou relacións hostís coa zona colindante. Todo isto foi determinante para que foran admitidos moitos colonos que estaban moi lonxe de cumprir coas premisas de "boa conduta" que se buscaban inicialmente. Os testemuños recollidos por Xosé María Cardesín son elocuentes,

> "aquí vinieron los peores, os que nadie quería en ningún lado. La Guardia Civil les firmaba certificados de buena conduta para librarse de ellos...Eran la mayoría unos mangantes, no querían trabajar..."
>
> "aquí vinieron todos caseiros, gente que no tenía nada. Algunos nin silla traían para sentarse... Caseiros y matrimonios jóvenes sobre todo..."
>
> "de las parroquias de alrededor no hay casi nadie...Hubo que irlos a buscar a Pastoriza a Fonsagrada...si hasta incluso hay un marroquí" (Cardesín, 1985:12)

Todos estes factores erosionaron xa de partida os obxectivos que o Estado buscaba coa colonización. O máis importante, a posibilidade de que a colonización fora o exemplo a seguir para as explotacións colindantes esvaeceuse cando os labregos da zona non se sumaron á iniciativa e tamén ao sentir estes que as persoas que si ían eran de baixa "cualificación agraria" ou de escasa catadura moral. Por tanto negábanlles a condición de referentes necesario para servir de "guía" no proceso de modernización desexado polo franquismo. Outra, non serviu para absorver o exedente de man de obra no agro e, con iso, favorecer a conxelación dos salarios agrícolas e evitar a emigración campo-cidade en proporcións importantes. Neste punto o estudo pormenorizado de X.M. Cardesín demostra que a colonización non foi un parche para a marcha de efectivos ao espazo urbano, senón que foi "un primeiro paso para a emigración" (Cardesín, 1985:33). Dos 44 colonos que abandoaron a súa parcela antes de 1967, sábese o destino de 29, deles, 23 formaron parte do continxente migratorio cara a cidade[349].

[348] LÓPEZ ANDIÓN, J.M., (1980), *Estructura y morfología agraria en La Terra Chá...* op cit., p. 33

[349] Esta recusa a formar parte dos "candidatos" a colonos da poboación colindante tamén se rexistra en Portugal. A creación de "colónias agrícolas" en varias zonas do país non contou co seu consentimento, o que provocou, como na Terra Chá, que na maioría dos colonatos os casais foran ocupados por poboación vida de zonas moi lonxanas e que tampouco respondían aos requisitos esixidos inicialmente pola Junta de Colonizaçâo Interna, o homólogo do INC español.

Alén da negativa a participar no proxecto estatal, a creación da colonización foi motivo de protesta por parte das comunidades veciñas en tanto que esta iniciativa, como a repoboación forestal, partía do espolio do monte veciñal de ditas comunidades como se ten dito, o que deu orixe ás máis diversas formas de resistencia pola súa parte (cartas, boicots, etc.)

5.3.2 Resistencia institucionalizada: facendo partícipe á Administración

Nestas formas de protesta a forma e o alcance da institucionalización afectan ao modelo de conflito a nivel do comportamento[350]. Primeiro, pola variabilidade da forza dos controis institucionais sobre as accións e, segundo, porque a institucionalización do conflito non se limita a ofrecer un marco de referencia para a acción. Os acordos ou disposicións institucionais aparecen implicados nas prácticas cotiás e poden alterar a forma en que os conflitos se entenden. Tres son as formas de protesta que responden á categoría de conflito institucionalizado, o inicio e seguimiento de procesos xurídicos en defensa dos seus intereses contra a Administración, o envío de cartas ás autoridades franquistas para transmitirlles queixas e denuncias e, o uso dos resquicios legais que deixaban as institucións franquistas para tratar de frear algunhas disposicións emanadas do poder.

5.3.2.1 O recurso á xustiza

Este tipo de resistencia constituía un recurso caro e lento e, evidentemente, sen ningunha garantía de transparencia nin equidade pero, con todo, en moitas ocasións constituíu unha opción para facer notar unha protesta. Atopamos un punto de encontro entre a sociedade rural e o ámbito xudicial, entendido este como hábil manexo de prácticas obstrucionistas. Tácticas xudiciais como o dereito de apelación foron recursos postos en marcha para relentizar os procesos e erosionar a posición do adversario. Estas actuacións poñen en evidencia que o ámbito xudicial non era un espazo novo para o campesiñado nin, moito menos, un campo tan contrario como era de prever dado o réxime ditatorial.

O motivo que concitou maior número de preitos foi a repoboación forestal, política que cambiaba radicalmente as funcións do monte pola vía do intervencionismo totalitario. A presentación de preitos ante as autoridades xudiciais foi ben estudada por Eduardo Rico, quen constatou, sen que a mostra sexa completa, a existencia de 272 instancias presentadas para o período 1941-1971, cifra que dá conta da magnitude da

[350]Francisco Sevillano sinala a pertinencia de "delimitar" o termo para que se poida entender o disenso como "categoría residual, a modo de manifestacións de resistencia non organizadas de maneira estable nin institucionalizadas, que se manteñen dentro dos niveis moderados e non violentos no ámbito do individual ou colectivo". Nós apostamos por unha visión ampla que inclúe a resistencia institucionalizada, pois entendemos que no contexto dunha ditadura como a franquista a opción a presentar queixas e demandas ante á Administración supoñía unha atitude non compracente ou adhesionista. SEVILLANO CALERO, F., (2003), "Consenso y violencia en el "Nuevo Estado" franquista: historia de las actitudes cotidianas", *Historia Social*, 46, pp. 159-171, p. 167

oposición presentada se temos presente que foron 226 os municipios repoboados nese tramo temporal[351]. Esta forma de protesta supón en todos os casos unha actuación colectiva por parte das comunidades propietarias dos montes veciñais apetecidos pola Administración para reforestar. Detrás de cada preito está o descontento de moitos individuos particulares, sendo os preitos na súa maioría avalados pola práctica totalidade da comunidade, tanto co seu consenso como co financiamento do proceso.

Pero á xustiza acudiuse tamén para disentir doutras determinacións das autoridades franquistas. É o caso das cotas das Hermandades que, como temos dito, foron fonte de conflitividade xeralizada en todo o rural galego. O recurso á xustiza foi tamén activado como arma contra a cota, igual que a determinación de non pagar. Na Hermandade de Meira un labrego acusou a principios da década dos sesenta ao Prohome da Hermandade e ao Presidente da COSA de supostas coaccións destinadas a forzalo a satisfacer a cota. O preito chegou á Audiencia Provincial, co conseguinte enfado do presidente da COSA que sinala que "púidonos ter posto a min ou a calquera no banquiño dos acusados como un simple reo" (D. Lanero, 2005:131).

Pero os motivos polos que se accionou este tipo de resistencia son múltiples. En 1947 os labregos do tamén concello lugués de Abadín entablaran tres preitos contra o seu alcalde: un, avalado por un 90-98% dos veciños ante a Delegación de Facenda e o Gobernador Civil sobre a confección do amillaramento; outro entablado tamén ante a Delegación de Facenda por veciños de 5 parroquias sobre o imposto da contribución que dende o concello quería impoñerse en relación co aproveitamento de pastos e esquilmos forestais; e outro presentado por veciños da parroquia de Romaríz ante a intención do alcalde de mudar o trazado dun camiño en construción entre esa parroquia e a veciña de Gontán para aproximalo a unha propiedade súa[352]. No non moi lonxano concello de Rábade foron tres os veciños que se decidiron a recurrir ante o xulgado de Instrución de Lugo as multas que lles impuxera en agosto de 1950 o alcalde do concello José Arcadio Vázquez Díaz[353]. En Friol os veciños chegan co seu preito contra un concelleiro, Avelino López, ata a Audiencia de A Coruña, que comprobou as "irregularidades caciquís" que os veciños alegaban na súa conduta hora de impor prestacións de traballo persoal e impostos sobre vehículos[354].

Unha entidade sobre a que é preciso falar son os Tribunais Xurados das Hermandades Sindicais de Labregos e Gandeiros. Este servizo das Hermandades estaba composto por un presidente, cargo que coincidía co de Prohome, e tres vogais, designados pola Asamblea da Hermandade por un período de tres anos. As funcións do Tribunal poden resumirse cumpridamente en tres eidos. Primeiro, a arbitraxe nos conflitos producidos entre encadrados da Hermandade que optaran por acudir a dita xurisdición. Segundo, a imposición de sancións aos infractores das Ordenanzas polas que se regulaba a Hermandade. E, terceira e última, colaborar coa Sección Social da Hermandade como vía de conciliación previa nos conflitos laborais entre patróns e xornaleiros co fin de evitar chegar á Maxistratura de Traballo. As sancións que podía

[351] RICO BOQUETE, E. (1995), *Política forestal e repoblacións en Galicia, 1941-1971... op cit*
[352] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.697
[353] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.710
[354] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.702

interpoñer o Tribunal variaban, indo dende a amonestación privada ou pública ata a sanción ecómica, que, en principio, debía ter en conta a capacidade económica do condenado. Igualmente, a sanción podía consistir na perda da condición de encadrado da Hermandade, xa de maneira temporal, xa definitiva ou, de ser o caso, a perda do cargo que se ostentara dentro dela[355].

A súa finalidade era amortiguar o conflito existente no rural e, polo tanto, o uso que a poboación poidera facer del si que asume un caríz de adaptación para co sistema que non ten a elevación de casos ante o sistema xudicial, clara mostra de resistencia. Os Tribunais xurados minimizaban o conflito evitando que chegara a instancias xudiciais ou tomara forma doutro tipo de resistencia e evidenciaban o recoñecemento das decisións tomadas dentro dos sistema sindical imposto polo franquismo, ou o que é o mesmo dado o caríz de afiliación obrigada e dominio dos grupos máis abastados, demostran a asunción da condición de dominados por parte do conxunto dos labregos. Así, o que evidencia resistencia neste caso é a negativa a que o Tribunal Xurado se organice dentro da Hermandade e o escaso número de asuntos tramitados neles a partir das denuncias dos encadrados. Os dados que están ao noso alcance parecen confirmar que ambos supostos se deron. Da non constitución falaremos no apartado adicado ás resistencias que tiveron como característica básica aproveitar os resquicios que daban os organismos legalmente constituídos para frear disposicións emanadas das autoridades, pero reparamenos agora no tema das denuncias ante o Tribunal.

Segundo a información de Anxo Collarte para as Hermandades locais da provincia de Ourense cabe pensar que a situación foi moi distinta segundo o caso. Dúas actuacións completamente diferentes son as que temos na Hermandade de Avión e na de Castrelo de Miño. Na primeira delas o 98% dos casos que chegan ao Tribunal Xurado entre 1956-1962 carecen de denunciante particular, é dicir, débense a unha multa imposta pola Policía rural que, digamolo así, opera de oficio. O garda multa a aqueles que entenden están violando as normas do Cabildo aducindo causa de perxuízo a "varios veciños", sen que ningún veciño se queixe ou denuncie o acto. Na Hermandade de Castrelo de Miño, porén, entre 1955-1962 das 1.878 multas impostas, 1.339 identifican ao denunciante e ao perxudicado pola acción punible[356]. Estamos, polo tanto, ante unha información pouco concluínte e variable segundo o caso. Como veremos máis adiante será máis evidente a resistencia que se accionou en contra da súa constitución pero debemos subliñar, que malia a precariedade de documentación existente sobre a orixe das denuncias elevadas ante os Tribunais Xurados, existen claras evidencias de que nalgunhas Hermandades galegas sufriron un total obstracismo.

5.3.2.2 Queixas e peticións

A redacción de cartas foi outra táctica usada moi acotío. Como o resto de formas de resistencia institucionalizada, entre outras disposicións, foi dirixida contra a política

[355] ACAPP. Normas de establecemento e funcionamento dos Tribunais Xurados Parroquiais. Caixa 154

[356] COLLARTE PÉREZ, A., (2002), *As Hermandades Sindicais no rural ourensán... op cit*, p. 100-101

de repoboación forestal. Ante as actuacións do Patrimonio Forestal, os labradores afectados optaron, nun primeiro momento, pola presentación de múltiples escritos ante as máis altas autoridades (Gobernadores Provinciais, Ministros e Ditador) e os funcionarios forestais, nas que denunciaban a situación que padecían e facían constar os seus dereitos[357].

Igualmente foi un recurso extremadamente habitual para as mulleres e nais de detidos ou presos. As súas cartas, explicando a precaria situación económica e familiar na que quedan pola falla do marido/fillo na casa, cerran moitos dos sumarios incoados pola Xustiza Militar na provincia de Lugo. A petición de clemencia ao xuíz era un último intento por librar de prisión ou, cando menos, lograr un indulto na condena do familiar en cuestión. As peticións de liberdade dos detidos, moitas veces cheas de literatura patriótica coa que se espera ter maior influencia no tribunal xulgador, deixan á vista, afección á Causa e a convicción de que a detención do seu familiar débese a erros, malentendidos e a retesías persoais. A condición de boa persoa, persoa de orde, cumplidor no eido económico, amigo do cura, relixioso, etc., todos requisitos para amosar arrepentimento, aparecen nestas cartas tan axiña se explicitan as necesidades que a familia do reo pasa por non contar cos ingresos derivados do seu traballo.

Unha destas cartas é a que manda Concepción Iglesias Escourido para pedir a liberdade da súa irmá e do seu cuñado, inculpados nunha causa aberta por un atraco a man armada cometido para roubar a mercadoría dun camión na carretera Viveiro-Meira en setembro de 1944. Concepción declara que os seus familiares non teñen nada que ver co asunto alén de ser familia do fuxido que se cré protagonizou o roubo, alias Tizón, e pide a súa pronta posta en liberdade por ter ese matrimonio fillos de curta idade que dependen deles e que, de seguir en cautiverio os seus pais, irán a un hospicio[358]. Cando a garda civil se fai cunha copia dunha parte das memorias do guerrilleiro Marcelino Rodríguez, (a) Manforrer proponse descubrir os nomes reais das persoas que nela aparecen como enlaces da guerrilla na costa de Lugo. Na investigación un dos detidos é Luciano Paleo. A súa dona non dubida en escribir unha carta de clemencia na que expón que esta detención deixou "a súa familia un horroso cadro de espanto e desolación" e, por iso, "implora, convencida como estou da súa inocencia, e de que contra el non pode existir cargo algún que mereza ningún crédito" que o poñan en liberdade. No seu empeño de axudar ao seu marido incorpora, xunto a súa, outra carta na que o cura párroco fai un informe positivo do reo[359]. A muller de Paulino Goyanes Goyanes, de sesenta anos, e nai de José Goyanes Rego, de dazaseis, tamén escribe unha carta de súplica ao Tribunal Militar cando estes, xunto a outros seis veciños do concello Láncara son detidos polo cargo de relación con bandoleiros e participación en atracos a man armada. Emilia Rego, da parroquia de Armea, suplica que os liberen "considerando a recurrente un verdadeiro absurdo a imputación que

[357] Os veciños do concello de Mazaricos, por exemplo, presentaron unha petición ante o Xefe do Distrito Forestal da Coruña para solicitar a condonación da multa que se lles impuxeran por cerrar parcelas en montes catalogados como de Utilidade Pública. Trátase dun exemplo dunha cuantiosa casuística. AHRG. Goberno Civil. G-2808

[358] AMSF. Carta do 6-3-1945. Causa 409/44

[359] AMSF. Causa 383/46

se lles fai" xa que non é máis que unha "denuncia falsa duns comportables veciños que non teñen máis que a exterminar a honradez de persoas indefensas" e, "sen argüir máis lamentacións", insiste en que a mencionada detención "lle irroga unha serie de perxuízos por ser o seu home o único sostén da familia, creando unha situación económica tan precaria". Catro días antes, nos mesmos termos, escribira unha carta Pilar Díaz, 32 anos, muller de Emilio López, outro dos detidos nesa causa[360]. Aínda que os destinatarios destas cartas son na súa práctica totalidade os xuíces encargados de ditar sentencia, nalgunha ocasión a autoridade que recibe a misiva é outra. A muller de José Losada, o dono do bar de Escairón detido xunto a outros catro veciños do concello de O Saviñao por "transmitir noticias e levar recados entre os bandoleiros e Castro Veiga (a) Piloto" optou por mandar a súa carta ao Capitán Xeral da Octaba Rexión. O distinto destinatario non muda o formato da petición. Ela tamén insiste en que o sabe inocente, alude a súa delicada saúde ("que non está ben de saúde para aguantar o presidio na Prisión Provincial") e aos problemas económicos polos que pasa a súa familia debido a súa ausencia[361].

Unha das cartas máis tardías no tempo (1955) e das máis curiosas, en tanto que insiste na culpabilidade do seu marido para salvar aos seus fillos, é a de Ascensión Vázquez Fernández, de Vilaescura, Sober. O seu marido, Manuel Fernández Guitián (a) Sacristán, foi acusado por auxilio a bandoleiros, tenza ilícita de armas e falsificación de selos das diferentes autoridades militares e civís, e xunto a el detiveron aos seus fillos, Ramón e Jaime. O primeiro entrou en prisión en xaneiro de 1955 e os segundos en marzo do mesmo ano. Ascensión escribiu unha carta na que adxuntou escritos dos curas de Millán, Proendos e Arroxo, do Delegado Local de Falanxe, do médico e do farmacéutico, todos do seu concello, Sober, e nela sinala,

> "considero é doloroso que chegue a este extremo que unha nai teña que saír ao paso da verdade dos feitos que deron orixe a que estén encartados nun sumario no que se lles atribúe feitos só por manifestacións do seu pai e outros individuos, a maioría sospeitosos como se fará constar. O meu esposo, antes da detención actual, estivo preso por malos antecedentes e atribuírselle certos manexos con bandoleiros que merodeaban fai anos polo distrito de Sober, ao ser posto en liberdade e regresar ao fogar, diariamente se suscitaban leas debido a que continuamente me ameazaba e os meus fillos saían ao momento en defensa da súa nai. Máis tarde permitiuse vender gando nunha feira quedándose cos cartos sen traelos para o sustento da súa familia e, por último, tratou de vender a propiedade, ao que tanto a que suscribe como os fillos lle recriminaban pola súa conduta por ver que a casa ía á ruína. Ante esta actitude familiar, foi a causa de denunciar aos seus fillos acusándoos de feitos que non poden ser certos, pois sempre gozaron de intachable conduta, non así o seu pai, sempre dubidoso polos

[360] AMSF. Carta do 22-10-1947. Causa 338/47

[361] AMSF. Causa 523/47. As mulleres dos reos son as protagonistas maioritarias destas cartas, pero tamén están representadas as nais dos encausados. Unha delas foi a de Germán Juíz López, un labrego do concello de Bóveda que estivo escondido na súa casa dende outubro de 1937 ata que foi atopado nun rexistro dez anos despois. AMSF. Causa 583/47

> seus ideais contrarios ao réxime... dise de rumor público que depuxeron no sumario moitos individuos íntimos amigos do meu home, amizade que nace precisamente de ser do mesmo tamíz político, pois moitos deles estiveron detidos cando o atraco ao veciño de Canabal José Cobo Castro polo bandoleiro Piloto..."[362]

Pouco máis dun mes despois desta carta os fillos de Ascensión conseguiron saír en liberdade. Pero, como comenta Carlos Gil na súa análise sobre a situación na Rioxa, "máis que o exercicio piadoso do perdón, a liberación de detidos tiña que ver coas necesidades da guerra e, en todo caso, co tratamento de favor obtido grazas a algunha influencia persoal" (Gil Andrés, 2006:298).

As irregularidades no servizo de Previsión Social son outra constante denunciadaen peticións e cartas. En Riotorto foi unha reclamación feita por Concepción Bouso, unha labrega que se dirixiu ao Delegado do Instituto Nacional de Previsión en febreiro de 1950 para informalo de que o Corresponsal de Previsión Social de Riotorto cobraba diñeiro por confeccionar e tramitar expedientes para percibir o subsidio. A súa carta motivou que na Comisaría de Lugo da Dirección Xeral de Seguridade se levara a cabo unha investigación na que a denunciante se afirmou no dito, contando co apoio doutros veciños que confirmaron que "o señor Leivas activa os expedientes segundo como lle sexa gratificado, demostrando maior favoritismo cara aqueles que mellor lle recompensan"[363].

Cartas de reclamacións, de alegacións e pregos de descarga tamén foron a arma máis empregada á hora de loitar contra unha disposición entendida como hostil para os seus intereses por certos colectivos. É o caso dos muiñeiros e a súa oposición á imposición do imposto de Tráfico de Empresas. Éste grababa aos muíños adicados á moenda de cereal para penso, é dicir, supoñía un cánon polo uso industrial da instalación e a venda da fariña. Quedaban libres do seu pago aqueles que estiveran rexistrados como de herdeiros, é dicir, que traballaran só para os seus donos, sen destinar a fariña á venda ao público. As cartas que os muiñeiros escriben, sempre dirixidas ás altas instancias provinciais, teñen un duplo interese, primeiro pola súa contía, o que deixa ver, por un lado a evidencia de que o traballo clandestino dos muíños era unha realidade cotiá e xeral e, por outro, o labor represivo das autoridades que, en forma de multas consignan e tratan de paliar os usos que se fan dos muíños fóra da lexislación vixente[364]. E segundo, trátase de recursos presentados a finais da década dos cincuenta e principios dos sesenta, o que permite ver o cambio ocorrido nas

[362] AMSF. Carta do 19-7-1955. Causa 10/55. Manuel Fernández Guitián tiña abertas outras dúas causas, a 181/52 e a 20/55, nas dúas saía o seu nome como acusado de auxilio a bandoleiros. Ao empezar a guerra estivera escapado, pero presentárase voluntariamente e o caso fora sobreseido por falta de probas que o inculparan en algún delito. En xullo de 1949 ao irlle practicar un rexistro na súa casa ante a sospeita de que ocultara bandoleiros nela, deuse á fuga sin que se soubera o seu paradeiro ata que en setembro de 1952 se presentara en Zamora

[363] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.712

[364] De feito hai multas polas máis diversas irregularidades: moenda de cantidade excesiva segundo o cupo, cambio de muíño hidráulico a eléctrico sen permiso, non levar rexistro oficial das moendas, ter o muíño clandestino, arrendo ilegal, prezos excesivos da moenda, por cobro en especie, etc. A cantía das multas é moi elevada chegando ás 8.000 ptas e o peche do muíño por tres meses que interpón

formas en que a poboación rural se dirixe ao Estado. Nos recursos presentados nesta data tardía case a totalidade asume o discurso da falla de lexitimidade da Fiscalía Provincial de Taxas para poñer multas pola súa negativa ao pago do novo imposto. É dicir, pásase da petición de clemencia e a explicación das malas condicións de vida, que enchen as cartas que piden a condonación da multa por impago do cupo obrigatorio nos anos corenta, á discusión sobre a lexitimidade do organismo sancionador. O salto cualitativo é evidente.

En xeral os destinatarios das cartas de queixa eran as entidades administrativas superiores á que consideran culpable da súa aflicción ou, nalgúns casos, a máis alta Xefatura do Estado, e a súa función prioritaria era protestar pola corrupción das diferentes autoridades do réxime. A ela dirixiouse un veciño do Corgo denunciando a actuación do alcalde da localidade lucense a hora de entregar os produtos para o abastecemento. O firmante expón que escolle ao propio ditador como destinatario porque o Gobernador Civil é amigo do alcalde e encárgase de cerrar as vías para que a Fiscalía de Taxas, e incluso o Ministro de Gobernación, o multen. A opción de dirixir a misiva a Franco revélase en moitos casos como a "solución" ao amiguismo reinante nunha Administración totalmente corrupta como era a da ditadura[365].

Ao Goberno Civil de Lugo chegáronlle numerosas queixas sobre a actuación de determinados cargos municipais, especialmente alcaldes, pero tamén persoal de Falanxe ou cargos sindicais, acusados de sustraer parte das cantidades asignadas para o racionamento, de estar en connivencia con estraperlistas, de practicar personalmente o estraperlo, de esixir produtos aos agricultores ou de non lograr o abastecemento efectivo da poboación por unha manifesta apatía na xestión[366]. Os veciños do concello de O Incio xa na temperá data de decembro de 1938 non dubidan en enviar unha misiva ao Gobernador Civil do seu concelleiro, Dositeo Vázquez, que non contribúe no arreglo dos camiños como os demais veciños excusándose na súa condición de autoridade local, polo que os veciños na queixa piden o seu cese[367]. En 1941 os veciños de Sta. Cruz de Grolos, no concello de Guntín, tamén enviaron ao Gobernador Civil unha queixa contra o seu entón alcalde, acusándoo de realizar falsas denuncias contra eles. Os veciños da parroquia de Ousá, en Friol, escriben ao Gobernador Civil ao encetar a década do sesenta polo que entenden que son abusos e "represalias" do seu daquela alcalde, Manuel Andión Cebreiro,

> "permitiu a un concelleiro facer a súa casa en terreo do concello, usa o seu cargo de avogado para asoballar aos veciños, a totalidade das solicitudes e instancias que se presentan no concello son redactadas e resoltas polo alcalde que se converte así en xuíz e parte dos asuntos administrativos...

a Fiscalía de Taxas a un muiñeiro do concello de Arteixo por irregularidades na moenda en 1962. AHRG. AISS. Varios Fondos Antigos. Legaxo 3192.

[365] AHPL. Goberno Civil, sig. 12700

[366] AHPL. Goberno Civil, sig. 12702. O envío de misivas de protesta pola mala xestión de alcaldes ten sido estudada para a provincia de Albacete, en GÓMEZ HERRÁEZ, J. M., (1993), *Instituciones, perspectivas, economías y problemas sociales durante el franquismo: Albacete, entre el silencio y el éxodo rural (1936-1962)*, Albacete, Diputación de Albacete, pp. 89-91

[367] AHPL. Goberno Civil. Sig. 12702

> as reclamacións dos veciños de Ousá contra a arbitraria imposición da prestación persoal e de transportes (con inclusión no padrón de varios mortos, persoas exentas por idade e mulleres), reclamacións si estimadas por sentenza firme da Sá da Audiencia Territorial da Coruña, increméntase nun 100% a cota da totalidade dos que reclamaron por razón do arbitrio municipal sobre consumo de carnes en réxime de matanza domiciliaria formulado polo concello de Friol en 1960, en relación co 59, aumento que se pagou tamén en 1961 ameazando con maior aumento en 1962, resultando afectados de 65, 60 contribuintes. De continuar as represalias será a total ruína da maioría dos veciños de Ousá...o incremento en cotas tamén o sufriron outros contribuintes do concello como represalia do alcalde por motivos persoais...é tal o medo que se ten as súas medidas represivas, que os veciños non se atreven a exteriorizar a súa protesta contra tales desaforos... un grupo de veciños da parroquia de Carlín presentouse ante o alcalde para pedir a destitución do seu alcalde pedáneo toda vez que só creaba conflitos entre os veciños pero foron tratados con malos modos...".

Esta carta, firmada por 43 veciños parece que non tivo eco ante a autoridade provincial pois, estes voltan a enviar o mesmo escrito en febreiro de 1963 co único engadido de que, en vista de non ter recibido contestación, seguen cos mesmos problemas e "no ano 62 os veciños de Ousá tiveron que pagar o mesmo incremento 100% sobre as súas cotas de arbitrio de carne..."[368]

O obxectivo da denuncia que en maio de 1952 firman 54 veciños da parroquia de Corbelle (preto da metade do vecindario), do concello de A Pastoriza, tamén se refire a actividade do alcalde, Manuel Otero. Os veciños acusan ao alcalde de diferentes abusos dende o sistema que impón para o pago da contribución urbana, aducindo que os formularios eran cubertos polos funcionarios do concello sen dados sobre o valor real das súas casas senón simples estimacións, pasando polo mal abastecemento, do que culpan ao alcalde por quedarse para o seu proveito a cota de aceite de novembro de 1951 ou a imposición de taxas municipais inxustas ata de quedarse con parte dos cartos dos subsidos que cobraban os veciños.

Tamén contra a acción deste alcalde se dirixía a carta manuscrita enviada á mesma autoridade provincial en novembro de 1954 polos veciños de dúas parroquias do concello de A Pastoriza que se atopaban traballando nas obras dunha carretera e que reclaman os seus xornais que, denuncian, retén o daquela alcalde,

> "excelentísimo señor gobernador, señor somos uns pobres do concello de Pastoriza que traballamos en carreteras quempezó a Diputación e o alcalde...no nos pagou ós que traballamos nelas din que a Diputación deulle os cartos para pagarnos pero allí los gasto ia nosoutros nonos pago queriamos demandalo para que nos pagase pero como somos pobres no xulgado son encontra nosa ia fabor deles, despues se benga de nosoutros inos din

[368] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.702

> que pasa o tempo idespues que non podemos cobrarlle por eso dicurrimos escribirlle auste para que teña compasión denosoutros ile obligue apagarnos selo pedimos porsu madre... perdón pola molestia pero aquí todos lletemos medo porque é mui bengativo inonos atrevemos a demandalo inos vai comer todo o que nosoutros traballamos... que biba moitos anos según noso diseo do becinos de San Cosme i Vián"[369].

No caso dos veciños de A Pastoriza a súa queixa, malia a ser confirmada polo Tenente da Comandancia ao pedir o Gobernador que fora investigada a denuncia, non sabemos se prosperou e conseguiron cobrar os xornais adebedados polo seu traballo nas obras da carretera, pero si temos constancia de cartas que acadaron que a autoridade denunciada perdera o seu posto. En Ribas de Sil, por exemplo, cónstanos que o alcalde a altura de 1954, José González Rodríguez, perdeu o seu posto a raíz dunha denuncia dos veciños da parroquia de Moreiras de Abaixo. O Gobernador Civil informa ao Ministro de Gobernación de que,

> "Por razóns de interese público acordei suspender a José González no exercicio do seu cargo de alcalde...fundándome en que este ven amparando a conduta do veciño de Moreiras de Abaixo, Manuel Díaz, que, malia aos acordos adoptados polo concello con anterioridade, conducía as augas para unha finca da súa propiedade a través dun camiño público co conseguinte perxuízo para o vecindario. *Recibida queixa neste goberno, formulada polos veciños de dita parroquia contra a actitude do alcalde* reiteradamente se lle ordeou o cumprimento estricto dos acordos municipais anteriormente adoptados, sen que o alcalde dese cumprimento ás ordes..."[370].

En canto á autoría das cartas e queixas, cabe sinalar que, entre as documentadas atopamos maioritariamente a grupos de veciños suscitando o problema, queixa ou súplica, aínda que tamén abundan as formuladas por individuos particulares que se ven afectados por actuacións que censuran. Neste último caso a solución de retesías persoais e o ambicionar determinados cargos están detrás da redacción de cartas de protesta retroalimentando o conflito. Aínda que intereses deste tipo tamén se advirten en cartas con autoría colectiva, como a xa comentada dos veciños de Carballedo ao Gobernador Civil de Lugo para pedir a destitución do seu alcalde en 1944 na que as retesías entre o alcalde, por unha parte, e o xuíz municipal e párrocos do concello, pola outra, proxéctase no descontento da poboación.

As cartas de queixa contra algunha disposición das autoridades tomaban múltiples formas, pero xeralmente responden ao esquema seguinte: petición de indulxencia pola falla de ilustración, no caso de ser os propios campesiños os autores/redactores da misiva, mostra de respecto e afinidade á entidade de destino, presentación do problema e do grao de malestar que produce, comunicación da solución que se espera, declaración

[369] Transcirta cos erros gramaticais e ortográficos orixinais. A carta está escrita nun anaco de papel arrancado do que podía ser unha libreta da escola dalgún dos fillos dos afectados. AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.709

[370] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.712

do grao de desamparo no que se atopan os afectados. O interesante da resolución dos escritos presentados ante os diferentes órganos estatais é o emprego da exhortación moral para conseguir concesións a base de "avergoñar" ás autoridades competentes por permitir que determinada situación se dera. A boa conduta pola súa parte convertíase nun poderoso argumento moral para esixir un comportamento igualmente empático por parte das autoridades. Alén deste uso da moralidade como arma ante un Estado alardeador de ser o seu gardián e protector, o outro recurso das cartas é a adopción dunha linguaxe próxima e cara ao réxime. Esta opción pode ser vista dende unha dobre vertente: a da asunción acrítica de vocabros e xiros lingüísticos propios do discurso franquista, co que isto conleva de adaptación dos principios que a linguaxe mesma leva asociados ou, a segunda interpretación, un uso do vocabulario que é máis comprometedor para o propio réxime e serve de arma do débil[371].

Un exemplo claro é a carta dos veciños do concello de Boiro no que solicitan poder entar co gando pacer no monte repoboado pola Administración forestal. Son, en concreto, os veciños da parroquia de Belles de Arriba os que se dirixen á máxima autoridade provincial, o Gobernador Civil, en xuño de 1944. Estes, saltándose o sistema xerárquico adecuado, que pasaría por recorrer ás distintas entidades da Administración forestal, acoden directamente ao Gobernador, o que xa en si sería mostra de resistencia con respecto á primeria delas pero, alén disto, insisten na imposibilidade de manter as súas cabanas gandeiras se non se lles permite o acceso ao recinto do monte Peón que está repoboado, debido "á pertinaz sequía"[372]. A excusa do réxime pasa a ser agora a razón esgrimida polos peticionarios na lóxica de que si ao primeiro lle serve para pedir sacrificios aos segundos, estes asumen que unha autoridade non poderá negarlles unha petición baseada no mesmo precepto.

Insitir na súa ignorancia e outro dos recursos. Neste caso, fan uso dun dos axiomas máis repetidos por parte das autoridades, a falla de cultura, de preparación, de capacidade como causa explicativa de todo comportamento ou acción que non seguira os preceptos establecidos polo poder. En numerosas ocasións os labregos dan maior valía as súas queixas e súplicas insistindo neste tópico que os acobilla de posibles actos de represión (non fan con maldade accións reprobables aos ollos das autoridades) e poden gañar o comportamento paternalista do que fan gala as autoridades. Os veciños da parroquia de Samartiño de Corbelle que protestaron ante os abusos do seu alcalde por diferentes motivos en 1952 tamén o fixeron na súa condición de Prohome da Hermandade de A Pastoriza. Sinalan que o cobro das derramas da Hermandade se fixo por vía de apremio cobrando uns recargos "arbitrarios e inxustificados" por non telos avisados a tempo para poder pagar as cotas. Aducen que ignoraban que había que pagar dita cota, que non eran coñecedores de que se aprobara o cobro por vía de apremio, que non sabían dos prazos establecidos e un longo etcétera de excusas que incidían na súa condición de vítimas desinformadas e incapaces de entender as regras

[371] Sobre o uso da linguaxe como arma do débil, CAZORLA SÁNCHEZ, A., (2000), *Las políticas de la victoria. La consolidacion del Nuevo Estado franquista (1938-1953)*, Madrid, Marcial Pons

[372] AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración Local. G-2808

establecidas de cotización da Hermandade[373]. Unha ignorancia totalmente finxida en tanto que se demostra que acudiran á Asamblea da Hermandade na que se explicitou o sistema de cobro e a cota estipulada, que fixeran reunións para acordar non pagar, que tiveran varios enfrontamentos físicos cos funcionarios locais encargados do cobro en período voluntario, que se informaran cun avogado sobre a contía dos recargos, etc. etc.[374]

5.3.2.3 Aproveitando os resquicios das institucións

Unha parte da conflitividade foi canalizada en ocasións a través dos organismos oficiais, a través das plataformas legais como as cooperativas. Isto ocorreu sobre todo coa resistencia á intervención estatal na política de prezos agrícolas e de cupos de produción[375]. O exercicio das prerrogativas que ofrecía o sistema (tramitacións burocráticas), tanto na interpretación da legalidade emanada da Administración, como ao emitir peticións propias ou ao usar aos seus mediadores (autoridades locais, dirixentes das Hermandades), conduce á consideración da poboación rural non como "suxeitos pasivos" do sistema, senón como axentes que tratan de xogar as súas bazas e "negociar" co réxime nas disposicións que lles son lesivas para os seus intereses. Esta actitude activa vese claramente no uso das canles establecidas polo franquismo para conducir a protesta pero en formas non previstas polas autoridades, usando os resquicios da legalidade imposta. Un dos casos máis significativos é a elevación de queixas e denuncias sobre un organismo ante outro, como o fixeron os veciños de Belles, obviando as xerarquías da Administración Forestal ao facer unha petición referida a permisos de pasto do gando ante o Gobernador Civil. A esta ruptura do código "válido" segundo as autoridades recorreron dous labregos adscritos a unha cooperativa do campo a tenor dun informe interno da Obra Sindical de Cooperación, no que se indica que "repróbase a actitude de dous asociados que denunciaron a súa propia entidade á Fiscalía de Taxas e aconsellóuselles que no sucesivo cando teñan que producir algunha denuncia, se faga directamente ante as Xerarquías Sindicais que corresponda"[376]. Resolver internamente os posibles problemas era a opción "correcta" sengundo o establecido, así, evidenciar en público e de maneira legal, e polo tanto non represaliable, a corrupción dunha entidade é mostra evidente dunha forma de resistencia institucionalizada.

---

[373]"No noso pobo, non temos concelleiro, e dada a distancia que hai ata Pastoriza, non nos enteramos a tempo dos avisos... por todo iso nosoutros ignorabamos e ignoramos moitas cousas...". AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.709

[374]AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.709

[375]Un aspeto ben analizado para o caso do campesiñado de Castela A Mancha, vd. CHRISTIANSEN, T., (1999), "Conflictos políticos y administración en el sector agrario durante el primer franquismo: el caso de Cuenca", *Noticiario de Historia Agraria*, 18, pp. 225-245; SANZ DÍAZ, B., (1993), "Bastiones de la resistencia en Castilla-La Mancha: el caso de Villamalea" en SÁNCHEZ, I.; ORTÍZ, M.; RUÍZ, D., (coord.), *España franquista. Causa general y actitudes sociales ante la dictadura*, Ediciones de la Universidad de Castilla La Mancha, pp. 233-246

[376]AHRG. AISS. Correspondencia (1956-1963). Informe da Obra Sindical de Cooperación da provincia de A Coruña. Legaxo 3002 D.

Outra ocasión para frear as intencións e propostas da Administración usando os espazos delimitados para a participación resultaron as Asambleas das Hermandades. Nestas, organizadas obrigatoriamente unha vez ao ano, debía someterse a votación certas iniciativas do Cabildo, por tanto, podía funcionar de cortapisa das intencións das autoridades. E así o entenderon os labregos de bastantes concellos galegos que, co seu voto negativo paralizaron as intencións de constituír "servizos" como a policía rural e o Tribunal Xurado dentro da Hermandade.

A policía rural non é unha novidade do franquismo. Como tal, existía con anterioridade ao golpe de Estado do 36, constituíndo unha competencia dos concellos. As Hermandades van solicitar o traspaso desta competencia en aras de que fora respectada a propiedade dos encadrados, axudaran a manter a orde pública e fixeran cumprir as disposicións tomadas polo Cabildo. O desexo de implantar este servizo por parte das autoridades da Hermandade estaba en relación coa súa condición de órgano de control dos encadrados e coa intención de dispor de forza coercitiva para facer cumprir as súas disposicións. O interese das "forzas vivas" das Hermandades por contar co servizo de policía rural levounos a facer sucesivas peticións nas súas asambleas para a súa constitución. É o caso das Hermandades ourensás de Ribadavia e Beade que, ao longo de toda a década dos cincuenta, propoñen o seu artellamente sen ningún éxito[377]. No caso da Hermandade pontevedresa de Cangas os intentos pola súa constitución datan de mediados dos anos corenta e non foi ata 1953 cando se logra poñelo en marcha coa contratación de tres gardas[378]. A negativa da Asamblea Plenaria non era sempre respectada e, como no caso ca Hermandade de Ponteceso, o servizo foi creado directamente polo Cabildo en 1957, malia a oposición da Asamblea.

Dende a Administración os intentos para que o servizo da gardería rural pase ás Hermandades e se converta nunha realidade en todas elas é continuado dende mediados dos anos corenta[379]. Na prensa sindical os chamamentos a que se implante van acompañados de informacións sobre a "efectividade" acadada alí onde estaba en funcionamento. Cunha ausencia evidente de autocrítica a constitución do servizo aparece baixo títulos como "Un ano de éxitos. A realidade das Hermandades constitúe hoxe unha realidade coa que hai que contar. A nosa Hermandade de Labregos e Gandeiros ofrece un meritísimo balance... conta cun equipo de gardas debidamente uniformados e en función"[380]. En vista de que esta táctica non supera as reticencias dos labregos as informacións acaban acadando a forma de lemas publicitarios do tipo

> "LABREGO: non esquezas...que a Hermandade pode crear servizos de Policía Rural que che garantan a salvagarda das túas colleitas"[381]

[377] COLLARTE PÉREZ, A., (2002), *As Hermandades Sindicais no rural ourensán... op cit*, p. 99

[378] As informacións relativas ás Hermandades desta provincia, a menos que se indique o contrario, proceden do ACAPP. Caixa Gardería Rural e AHPP. Secretaría Provincial de Sindicatos. Parte-resumo das actividades das Delegacións Comarcais da Central Nacional Sindical (1955)

[379] AGRO, xaneiro de 1947. En Pontevedra, provincia onde este órgano de prensa ten o seu espazo de difusión, a finais de 1946 tan só existían catro Hermandades onde estivera constituído o servizo.

[380] AGRO, febreiro de 1947

[381] AGRO, xaneiro de 1949. A mesma Hermandade Provincial de Pontevedra, malia a súa falla de éxito no proceso de constitución do servizo nas Hermandades Locais, non deixa de enviarlles a estas

O non pago das derramas establecidas para soportar o custo do servizo foi outra das tácticas seguidas para que nas seguintes Asambleas que se convocaran trala constitución do servizo se tratara o tema dos problemas para o seu mantemento, e por tanto, posible supresión. O número elevado de impagos fai que a Hermandade de Padrón, por exemplo, se plantexe a súa pervivencia en 1960[382]. Na mesma data a Hermandade de Ponteceso non tivo máis remedio, debido a oposición dos encadrados a pagar os correspondentes recibos da derrama do servizo de gardería rural (recordemos que fora imposta polo Cabildo sen o consentimento da Asamblea en 1957), que convocar unha reunión extraordinaria sobre estes impagos e o futuro do servizo. A votación foi concluínte: 99 votos en contra da súa continuidade e peticións de disolución contra 6 votos proclives ao seu mantemento[383]. A situación na conflitiva Hermandade de Pontevedra non foi moi diferente. O servizo de policía rural foi aprobado con carácter obrigatorio en 1953, pois antes funcionaba nalgunhas parroquias con carácter voluntario. Segundo un informe da COSA, "suscitouse un ambiente de protesta por parte dos agricultores sobre todo no que respecta ao servizo de gardería rural, producindo esto como consecuencia que deixasen de ser pagados... unha grande parte dos recibos". É dicir, ao descontento polo cobro da cota da Hermandade sumouse un, aínda máis acentuado, agravio polo pago a maiores do servizo obrigatorio de policía rural, composto por cinco gardas contratados a media xornada. A repetida negativa ao pago provocou que o tema voltara á Asamblea plenaria de 1954 na que os labregos conseguiron que se restaurara a voluntariedade do servizo novamente[384].

Algo parello sucedeu na Hermande de Cambados. Nela a gardería funcionou ata 1954 ano no que a Asamblea Plenaria suspende o servizo sen que a cuestión económica sexa o motivo, senón a inutilidade que os encadrados aducen sobre o seu labor. Igualmente, na de Cuntis o servizo creouse segundo as actas "a maneira de ensaio" en 1952 e na seguinte Asamblea, un ano despois, foi anulado por unanimidade. Segundo o Prohome, dende esta data, en todos os actos nos que se menciona poñelo de novo a funcionar atópase cunha clara negativa. As Hermandades de Valga e de Rodeiro nin sequera puideron establecer un período de proba pois nos dous casos as actas das Asambleas indican que os encadrados consideran o servizo innecesario e néganse á súa constitución.

Os encadrados da Hermandade de Vilaboa puxeron en marcha dous mecanismos de resistencia para que Gardería e Tribunal Xurado deixaran de funcionar tamén dentro do marco da máis estricta legalidade. Os labregos viron como nos orzamentos para o ano 1953 se fixaban por parte do Cabildo derramas tanto para o servizo de gardería

os Regulamentos sobre o funcionamento da Gardería Rural e a sinalar, para o seu propio beneplácito que "actuouse adecuadamente para impulsalas ao establecement deste Servizo" pero non deixa de recoñecer "dende logo ten solera, e polo tanto, o*s pobos son un pouco reacios a organizalo*". AGRO, febreiro de 1947.

[382] AHRG. AISS. Sindicatos. Varios. Delegación provincial de Sindicatos. Correspondencia. Sig. 2969

[383] AHRG. AISS. Sindicatos. Varios. Delegación provincial de Sindicatos. Correspondencia. Sig. 2969

[384] ACAPP. Caixa 154. Carpeta M-131

como para o do Tribunal Xurado[385],e aproveitaron o período de reclamacións para expresar a súa negativa, acompañando este recurso coa presentación de peticións de disolución ante a COSA, organismo que estableceu "como medida política" suspender de inmediato ambos servizos.

A resistencia exercida dentro das vías legais establecidas provoca que o ritmo de constitucións deste servizo na xeografía galega vaia moito máis lento que o da media española e que as realizacións sexan significativamente máis cativas[386]. E aínda máis que subliñar o número de Hermandades que malia a intensa campaña non foron quen de poñer en marcha o servizo de gardería rural na provincia de Pontevedra, cabe mencionar os curtos períodos de funcionamento que tiveron moitos dos 23 servizos constituídos e o seu dificultoso asentamento a causa das múltiples e variadas mostras de resistencia por parte dos labregos[387]. En Ourense a situación é algo máis alagüeña en números totais, pois constitúese este servizo en 54 Hermandades, o que supón que funcione en máis da metade. En Lugo non existen dados concluíntes pero se nos atemos á información derivada da fonte oral e das catas realizadas na documentación das Hermandades locais o seu número sería aínda inferior ao da provincia de A Coruña, onde das 84 Hermandades existentes só 7 contaría con policía rural. Estas cifras coinciden cun momento de auxe deste servizo- que podemos datar entre finais da década dos cincuenta e primeiros dous anos dos sesenta-, concretamente a 1961. A partir deste período a contía dos servizos e dos gardas non fai máis que mermar, do que dan conta os múltiples despidos de persoal. O sempiterno problema do financiamento, o final da política autárquica, a emigración no rural, etc. son as causas que hai detrás do desmantelamento deste e doutros servizos dentro do sindicalismo vertical agrario, nestes intres.

Situación parella ou aínda máis precaria é, como xa adiantamos, a dos Tribunais Xurados, constituídos en aínda menos Hermandades que a Policía rural pola negativa dos encadrados a financiar un servizo que consideraban "innecesario", como sinalan na Asamblea os encadrados de Cuntis. Unha inoperatividade que se constata no caso da provincia de Pontevedra aínda nos casos en que se constituíu, como en Moraña, onde se convén que "por inactividade quedou sen cometido" ou Vilagarcía onde, cando menos

[385] Ademais unha derrama cuantiosa a tenor de que o Prohome convocou nada menos que cinco prazas de garda que, alén do soldo, percibirían "setecentas pesetas anuais de gratificación por gastos de vestiario".

[386] Para unha comparación co caso extremeño, vd. PÉREZ RUBIO, J.A., (1995), *Yunteros, braceros y colonos. La política agraria en Extremadura (1940-1975)*, Madrid, MAPA, pp. 79-92

[387] Un exemplo témolo no ocorrido na Hermandade de A Estrada. Nela o servizo funcionou dende 1949 no total das parroquias e foi unha das máis exitosas se temos en conta que entre esa data e 1952 foron sete os gardas contratados, un número que supón o dobre da media de persoal contratado para este servizo nesta provincia. Pero iso non evitou que dende 1955 nas Asambleas se evidenciaran as variadas problemáticas que conlevaba o seu funcionamento. Nesa mesma data a Hermandade de Baiona, que tentara durante moito tempo que o concello lle traspasara as competencias sobre os gardas, decidiu en Asamblea que o servizo deixara de ser obrigatorio. Incluso o publicitado servizo de gardería do concello de Caldas de Reis, que empezara a funcionar de maneira temperá en marzo de 1944 e, segundo o xornal AGRO, "as ventaxas deste servizo xa se están notando, pois vese como cada día decrecen os abusos que se viñan cometendo na propiedade privada dos nosos afiliados polo que xa son moi numerosos os agricultores que solicitaban a súa ampliación", deixou de funcionar en 1955.

dende 1957 ata 1961, non recibiu ningunha denuncia. Segundo a nosa información na Provincia de Pontevedra non se constituiron máis que cinco Tribunais, unha cifra ínfima significativa dabondo[388].

Neste apartado cabería tamén falar do papel das mútuas de gando que sobreviviron á represión dos primeiros tempos. Non se trata nin de lonxe de igualar a súa labor á de núcleos de resistencia, pero si de ter en conta que, segundo os informes derviados do control ao que se sometía aos seus cargos, foron un reducto onde xente afiliada na preguerra a partidos ou organizacións de esquerda atoparon un espazo para manterse aproveitando que o novo réxime non atopaba xestores, en calidade nin en número suficiente entre os seus adeptos. Informacións sobre o labor desenvolvido polas mútuas de gando nos anos corenta póñenos en camiño de poder aseverar dúas cousas que as convirten en espazos para a resistencia institucional. A primeira, a realización de xuntanzas sen o permiso das autoridades e sen, como era preceptivo, a presenza física dun representante do novo réxime que puidera controlar o dito. Isto non conleva a organización dun acto subversivo pero, dende logo, xa a súa condición de clandestina e ilegal daba uns marxes de acción e expresión evidentes. A segunda, o seu papel de intermediarias entre afiliados e determinadas disposicións oficiais. Foi aproveitado en diferentes ocasións para "erosionar" estas. Un exemplo disto témolo na actitude do Sindicato Agrícola de Liñaio, unha mútua do concello coruñés de Negreira. A alcaldía e comandancia da garda civil envíanlle senllos informes ao Gobernador Civil en 1943 denunciando o seu labor de resistencia. Dende o concello recoñécese que,

> "no que se refire a marcha desta entidade no seu aspecto social, observase que, apoiados na unión de toda a parroquia, que é grande, presentan algo de resistencia pasiva ao cumprimento dalgunhas disposicións oficiais, especialmente no relativo á entrega de gando de abastos, pois deuse o caso de que nalgunhas concentracións esa parroquia non suministrou ningún xato, conduta que parece subversiva do antigo agrarismo nos campos e que dá a entender pouco desexo de colaboración coa situación actual"[389]

5.3.3 Resistencia non dirixida: protestar de facto

Esta categorización implica dar importancia á acción aínda que a concepción que a xenere non derive de pensamentos conscientes e continuados de resistencia, ou estes sexan embrionarios. Moitos dos frontes de resistencia que as comunidades abriron, como a axuda aos fuxidos e a participación en actividades de economía sumerxida, poden inscribirse dentro destes parámetros, aínda que, como explicaremos existen claras diferenzas dentro da súa mesma natureza. Como sinalaba Semelin, para a "práctica clandestina da solidaridade". A valía desta categoría entendemos que está en recoñecer que as valoracións de distintas actitudes sociais cara á resistencia non poden limitarse ás percepcións, xa que as accións poden ser entendidas e sentidas como conflitivas polo sistema político malia non haber unha expresa motivación do suxeito de protestar.

[388] ACAPP. Caixa Gardería Rural
[389] AHRG. Goberno Civil. Partes e informes. Sig. G-2758

Durante a Segunda Guerra Mundial, o mercado negro foi unha parte integral da vida diaria en todas partes da Europa en guerra (zonas ocupadas, colaboracionistas, neutrais) e incluso no Reino Unido ou Estados Unidos. En calquera Estado onde a Administración optara por unha economía controlada, na que os suministros e a distribución estivera regulada mediante racionamento ou sistema de cotas e a demanda excedera este suministro regulado, floreceu o mercado negro.

En España o intervencionismo económico, ao servizo da opción illacionista e da autarquía, focalizou a política económica e agraria do réxime mesmo antes de acabar a contenda civil, dende 1937 coa constitución do SNT e 1938 coa creación do Servizo Nacional de Abastecementos e Transportes. O autoritarismo e a política intervencionista feita ad hoc da defensa dos intereses de determinados grupos empresariais provocaron e aceleraron a fraude xeralizada nas prácticas económicas, comerciais e fiscais, como ten analizado Carlos Barciela. A política autárquica e o intervencionismo provocaron o establecemento de cupos e regulamentaron taxas de produción e de prezos, dando pé a un negocio da especulación e de mercado negro que afectou a todos os niveis da economía e ao conxunto dos produtos agrícolas e practicamente á totalidade da poboación. O ano 1943 marca o inicio do intervencionismo no consumo coa implantación da cartilla e racionamento. O sistema de cupos na produción agraria implantouse un ano despois, na campaña 1944/45 e, segundo o establecido, obrigábase aos produtores a realizar unha declaración da posible colleita. A partir desta declaración, que os alcaldes e as Xuntas Locais Agrícolas debían validar, a Xunta Provincial de Distribución de Cupos fixaba os cupos municipais e as Xuntas Locais facían a distribución dos cupos por explotación. Este sistema favorece claramente aos grandes propietarios e autoridades varias, pois son eles quenes organizan os repartos, pero tamén deixaba lugar para que o resto dos produtores non vencellados a instancias de poder buscaran evadir a obriga de entregar parte da produción.

O importante é sinalar que dende o primeiro momento o mercado negro diferenza dous grandes grupos, un o das elites agrarias e autoridades que se aproveitan da corrupción xeral ao abeiro dos seus cargos e boas relacións persoais para engrosar os seus patrimonios, e outro, o dos que acoden a el por necesidade, para tratar de garantir a subsistencia familiar. Evidentemente o primeiro, consentido e amparado por persoas integrantes da Administración non é unha forma de resistencia nin de amosar descontento, senón todo o contrario: un espazo reservado á adeptos e afíns para a xeración de consentimento, pero sobre este punto xa insistiremos máis adiante. Pero o segundo si entendemos que é unha mostra de "armas do feble" en tanto que desafía a legalidade imposta polo sistema político e serve aos seus protagonistas para mellorar as súas condicións de vida sen ter que recorrer a outras accións que por ser menos clandestinas son máis facilmente represaliables. A súa condición de arma do feble corrobórase ademais polo comportamento que a comunidade tiña cara ao estraperlo e os pequenos estraperlistas. Este tiña como eixes a exculpación e a xustificación deste trasego ilegal de mercadorías, igual que en casos como os incendios realizados no espazo forestado polo Estado ou a axuda a fuxidos. En aspectos como o falseamento das declaracións de produción (disimular a entidade real da produción; facer unha estimación á baixa da superficie a cultivar; ocultar a existencia de reservas para as sementes, etc.) e o agochamento das colleitas para evitar a entrega forzosa do cupo

a prezos de taxa e o desvío da produción cara o mercado negro, estiveron as tácticas máis empregadas para non cooperar coa política de cupos e tratar de colocar produtos agrícolas no mercado negro. Coas cartillas de racionamento a situación fraudulenta era semellante (empregar a cartilla dun familiar defunto ou dun emigrado, acudir ao reparto de dous concellos, etc.)

Os abundantes e pormenorizados estudos sobre mercado negro existentes para o caso español exímennos de incidir na explicación desta conduta[390], só cabe, si a caso, incidir en que o rural galego non foi unha excepción na tendencia xeral seguida polo conxunto da poboación. A ocultación e a fraude, xunto a unha corrupción administrativa sen precedentes, enraizáronse na economía rural deixando unha pegada indeleble na memoria colectiva[391]. A importancia que acadou o comercio clandestino de produtos de primeira necesidade era tremendamente negativa para as ansias estatais de conseguir o seu ideal de autoabastecemento e, sobre todo, para acadar o grao de control da poboación que pretendía. As ameazas de multas e condenas por este comportamento eran reiteradas e publicitadas para tratar de frear estas prácticas. Con data do 2 de novembro de 1939, a Delegación Provincial de Abstecementos e Transportes de Pontevedra fai público o seguinte chamamento co fin de dar por rematadas as irregularidades,

> "A fin de evitar ocultacións de mercadorías que, ao mesmo tempo que desvirtúan a información desta Delegación acostuman a servir de base a especulacións e alzas de prezos, advírtese a todos os produtores, almacenistas e detallistas, que a primeiros do presente mes de novembro, deben formalizar a acostumada declaración xurada das existencias que posúan en dita data, que a falsedade acometida nas mesmas será considerada como infracción de precepto legal, incurrindo en sancións, decomiso

[390] Os traballos do profesor Barciela teñen cualificado e cuantificado o fenómeno no referido sobre todo ao cereal, vd. BARCIELA LÓPEZ, C., (1998), "Franquismo y corrupción económica", *Historia Social*, 30, pp. 83-96; (ed.), (2003), *Autarquía y mercado negro. El fracaso económico del Primer Franquismo, 1939-1959*, Barcelona, Crítica. Outras investigacións dignas de destacar son MARTÍ GÓMEZ, J., (1995), *La España del Estraperlo (1936-1952)*, Barcelona, Planeta; BRETÓN SOLO DE ZALDIVAR, V., (1993), "Algunos aspectos de la coyuntura agraria de Cataluña bajo el primer franquismo: intervencionismo y mecanismos de acumulaciónen los regadios leridanos durante los años cuarenta", *Agricultura y Sociedad*, 67, pp. 9-45; GONZÁLEZ PORTILLA, M.; GARMENDIA, J.M., (1988), *La posguerra en el País Vasco. Política, acumulación y miseria*, San Sebastián, Kriselu; GUTIÉRREZ DEL CASTILLO, C., (1983), "Una estimación del mercado negro del aceite de oliva en la posguerra española", *Agricultura y Sociedad*, 29, pp. 153-173; NAREDO, J.M., (1981), "La incidencia del "estraperlo" en la economía de las grandes fincas del sur de España", *Agricultura y Sociedad*, 19, pp. 81-128

[391] A súa influencia pode sentirse nos testemuños orais, como demostran traballos que se teñen feito a partir deste tipo de fonte, vd. PRADA RODRÍGUEZ, X.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (1998), "Estrategias de supervivencia económica na posguerra: mercado negro, acaparamento e ocultación", *Historia Nova V. Contritubicón dos Xoves Historiadores de Galicia*, Santiago de Compostela; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (2001), "Galicia nos tempos do medo e a fame: autarquía, sociedade e mercado negro no primeiro franquismo, 1936-1959", *Cadernos do IDEGA-Historia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela

> de mercadorías, clausura do establecemento e incluso na privación da liberdade para todos os propietarios de comercio"[392]

As publicitadas ameazas coincidían no tempo co labor da xurisdición militar que se ocupou nun primeiro momento dos delitos de acaparamento, podendo penalo con reclusión maior e ata coa morte se era calificado como unha perturbación intencionada da economía nacional. A xeralidade dos comportamentos ilegais levou ao Estado a crear en 1940 ao órgano sancionador por excelencia dos delitos en materia de abastecementos, a Fiscalía de Taxas. A constitución desta xurisdición especial xustificouse pola persistenza dos abusos na venda de artigos suxeitos a réxime de taxas e ao aumento da especulación, denominados polo Estado como "criminais manobras... con grave dano para o abastecemento das poboacións e dos fogares humildes españois" (Tamarit, 2005:55).

O estudo do estraperlo e o contrabando na etapa franquista ten que pasar pola mención de que estamos ante unha forma de resistencia histórica. A negativa a aceptar unha lexislación económica que poñía en risco as economías familiares, que era sentida como erosionante da "economía moral" ou que cercenaba tradicionais vías de comercialización (o que pasaba sobre todo en zonas fronterizas, onde a raia política mudaba relacións mercantís históricas) non era unha novidade, senón unha fórmula xa asentada de comportamento fóra das diferentes legalidades impostas polos diferentes Estados. Por tanto, unha vez máis, definimos unha fórmula de resistencia contra o Estado e as súas medidas e non contra o franquismo ou, se se quere, antifranquista. Iso si, e como comenta Anxo Fernández, nunha análise das formas a través das que os campesiños galegos historicamente manifestaron oposición ás exaccións fiscais e dos factores que determinan os seus comportamentos respecto ás mesmas debe terse en conta que toda explicación de fraude e resistencia fiscal debe integrar os factores que teñen un carácter máis obxectivo como o volume de produto detraído, forma de cobro dos impostos, capacidade operativa dos aparatos de inspección e control, etc. Pero tamén deben considerarse factores menos tanxibles como a ideoloxía e o sistema de valores dos grupos sociais implicados: sensación de que o imposto é gravoso, aceptabilidade do uso que se lle dá ao detraído, etc., de imprescindible análise para evitar interpretacións apriorísticas dos móbiles da fraude fiscal. E hai, ademais, que sinalar que a cuestión fiscal é unha máis das que o produtor agrícola ten en conta á hora de propoñerse a súa estratexia global de reprodución, polo que non ten senso razoar sobre as súas estratexias antifiscais sen atender ás súas estratexias no ámbito produtivo ou ao conxunto das súas relacións co poder político[393].

Xa que logo, as circunstancias socioeconómicas debidas á implantación do réxime franquista determinan en gran medida a actitude do conxunto da sociedade maioritariamente decidida a participar no mercado negro por considerar inxustas as normativas económicas que aquel sancionaba. Esta sentida ilegalidade é a que provoca tamén que a sociedade se amose comprensiva coas prácticas de estraperlo, coa ocultación de

[392] FARO DE VIGO, 2/11/1939

[393] FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, A., (2000), "As estratexias antifiscais nas sociedades campesiñas tradicionais... *op cit,* pp. 103-105

colleitas e coa fraude en xeral, como un mecanismo válido para asegurar a reprodución familiar. Así, como a maioría das formas de resistencia, constitúense en estratexias de supervivencia dentro da cultura campesiña, e, xa que logo, cando estas non responden a ansias de enriquecimiento ilícito senón ao aseguramento da reprodución familiar e, polo tanto, social, non quedan fóra da percepción do que se considera moral ou non reprobable para a comunidade [394].

> "estes tempos eran malos para todos porque toda esa xente non o facía por egoísmo, por facer capital, por facer diñeiro era porque tiñan que facer de comer ás familias e non había que..."[395]

O predominio das explotacións familiares que a penas empregaban man de obra asalariada provoca que a escala do mercado negro fora pequena. Estraperlábanse todo tipo de produtos pero en cantidades reducidas. A produción que se podía por no mercado negro era cativa, co cal os propietarios de explotacións familiares foron os grandes damnificados da política intervencionista do Estado franquista ao non ter capacidade para sacar proveito equivalente dos prezos fóra de taxa que conseguían os grandes propietarios ou a burguesía comercial que actuaba de intermediaria na compra-venda. A documentación estatal confirma que a maior escasez nos mercados é a de produtos alimenticios que "por ser producidos no país, abundaban antes: trigo, centeo, millo, patacas e ovos", sinalando que, "as existencias de produtos colleitados, continúan na súa maior parte sen ser vistos nos mercado públicos, por detracción unhas veces, por exportación e vendas clandestinas outras e por consecuencia do consumo natural os restantes. As patacas son moitas veces obxecto de moita venda exterior xa que nos mercados públicos comezan a notarse de falta malia a tratarse dun tubérculo cuxa produción nesta provincia é numerosa. Os ovos, aínda que son abundantes, tanto que permite considerar a súa exportación, despois de cubertas as esixencias provinciais, actualmente, debido a esa exportación animada por un tráfico ilegal, chegouse a cotizar a ducia de ovos a prezos que merecen o calificativo de escandalosos, alcanzando 15 ptas/ducia, cando se pagan en tempos normais a 3'50 centimos e o prezo de taxa non sobrepasou o límite de 6 ptas."[396]

As referencias dos testemuños orais reflicten como, efectivamente, o mercado negro era unha ilegalidade asumida como lexítima por vela necesaria para sobrevivir, de aí que os produtos sexan os propios das explotacións agrarias galegas e as cantidades estean en consoancia co minifundio no relativo á propiedade e ao policultivo en canto a sistema agrario, pero tamén por entender que o que o Estado demandaba en condición de cupos era inxusto.

---

[394] VILLAVERDE CABRAL, M.A (1983), "A economía subterrânea vem ao de cima: estratégias de população rural perante a industrialização e a urbanização" , *Análise Social* , 76, pp. 199-234, p. 202

[395] Entrevista a D.V., da comarca de O Condado. Extracto saído de ROCHA NOVOA, M., (2002), *As consecuencias sociohistóricas do estraperlo. O Condado, 1940-1990*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (TID inédito), p. 38

[396] AGA. Presidencia. Informe sobre abastecemento. Lugo. Informes de decembro de 1940 e maio de 1941. Caixas 51/20533 e 51/20533

"andaba por aí, se cadra comprando millo, como os demais...daquela andábase buscando o peso pois facía falta e comprábase algún millo e transportábao ca besta, e o transporte dela dábame algo...era un negocio pequeno..."[397]

"aquí viñeron alguinha vez [requisar] houbo que dar vacas a un precio máis económico, pagábanlla pero moi pouco...eso ocorriu algo, non moito, das vacas non houbo que dar moitas, despois de que requisaran froito pois andaban, porque claro, o froito ó estraperlo valía 40 pesos, e os 40 pesos eran redondos daquelas e corrían, entón o millo eran 40 pesos e o paisano que o tiña vendíallo ós estraperlistas porque claro si llo vendían a calquera veciño decía que era un ladrón, daí que viñeron a moitos e cacheábanlle a casa e levarlle as huchas e pan, enteiras de oito fanegas, de 10 fanegas, ... se un non era dono de ter o que tiña. Despois botaron o cupo das patacas, que había que dar as patacas de cupo tanto como semente, e había veces que che botaban un cupo que era máis grande o cupo cas patacas todas que collías; algún dábaas, algún non as daba, algún despois tivo que pagar multas, de aí houbo unha época bastante dura para eses asuntos... as huchas cubríanas con palla ou con herba, no teito, se podían pasaban o pan ó teito, pillaban os traballos que podían porque non llelo quitaran; porque encima de quitárllelo botábanlles unha multa e non lles pagaban o que lles levaban"[398]

"de gran, e de patacas e de todo o que se podía colleitar, e bueno, requisaron ata os porcos, de todo,... de todo o que podían... o que pasa é que a xente ocultaba, bueno, e nas matanzas, pois o que mataba os dous porquiños, que eran poucos, dicían que mataban un, ou que non mataban ningún, todo o mundo escondía, e, claro, vendíase os xamóns e os ovos para poder comprar fío para coser e ademais había unha cousa, que non conseguías botóns... cando o dos cupos, eles pedían unha declaración do que sementaba cada un, a xente non se daba conta do que dicía, porque moitos non sabían... ó millor o que che viña tomar a declaración era un castelán e falábaselle de ferrados e non sabía... o ferrado o que contiña...el falaba de hectáreas... ó mellor un tipo igual se lle ocurría dicir que poñía media hectárea, pensando que media hectárea era medio ferrado, e media hectárea son oito ferrados, e o tipo cando viña para dar o cupo, se collía 500 quilos de patacas poñíanlle 5.000, ¡haber como arranxaba o tipo para dar 5.000 quilos de patacas! Houbo moita xente que comprou para poder pagar o cupo... sempre pedían de máis[399]"

"chegamos a pagar de estraperlo o aceite, 1 litro de aceite daquela, pois vinte duros, que era como quen paga hoxe mil pesetas ou máis... era unha

[397] HISTORGA. Entrevista nº 97. Entrevistasdo B.M.O., parroquia de Limañón, Chantada
[398] HISTORGA. Entrevista nº 157. Entrevistado M. M. G., de S. Miguel do Monte, Chantada
[399] HISTORGA. Entrevista nº 156. Entrevistado T.M.B., parroquia de S. Miguel do Monte, Chantada

> barbaridade... o precio de racionamento daquela do aceite era de 3 ou 4 ptas... polo estraperlo viñan as cousas pero... ó mellor ías a un comercio e non había e se cadra nunha casa particular de estas estraperlistas era onde o había... o pan, o ferrado de pan valía paréceme a precio de tasa 30,50 ptas e despois necesitabas ti o pan, 35 ou 40 duros... e se cadra íalo buscar a casa dun labrador daí e decíache que non tiña e se cadra viña un estraperlista deses e vendíallo todo xunto, non che vendía nin un ferrado e vendíalle dez ou vinte a un estraperlista deses...vendían a un estraperlista e non a un da beira da porta...porque cobrar moito dáballes vergoña... a garda civil se cadar ías cunha cesta de queixos á feira e presentábaseche a súa muller... ou lle dabas o queixo ou metíanche unha multa por calquera cousa... ou ían a casa dun que estraperlaba "hai que me levar dous ferrados de pan a precio que sexa" pero non llo cobrabas porque senón ó outro día xa estaban fodendo"[400]

A pegada da "cultura de resistencia" nesta fórmula de resistencia é évidente. As estrataxemas ligadas ao estraperlo e o contrabando constitúen importantes memorias sociais que se transmiten de xeración en xeración con alto grao de precisión e coas alteracións propias da reactualización debidas a innovacións tecnolóxicas ou relativas ás paisaxes. Por exemplo, a existencia do mercado negro entre España e Portugal é certamente unha constante histórica. Carme Espido ten estudado as relacións comerciais entre ambos os países durante a segunda metade do s. XIX e comezos do s. XX e pode observarse como as tácticas de contrabando dos primeiros anos do franquismo non son máis que un *continuum* desa práctica[401]. Naqueles concellos ourensáns e pontevedreses máis próximos ao Miño, o contrabando vaise ver incrementado con motivo da intervención económica do franquismo ao servirse da cercanía de Portugal. O traballo de Raúl Soutelo sobre o mercado negro na provincia de Ourense evidencia a existencia dun intenso trasego de mercadorías entre a poboación dos municipios limítrofes, xa fora de produtos de primeira necesidade xa de volframio, co que comerciaban nos concellos limaos de Baltar e Calvos de Randín grazas á proximidade das minas de Borralha en Montalegre[402]. Félix García dá conta da xeralización do estraperlo nas minas de volframio da zona de Valdeorras, onde unha boa parte da poboación de concellos como Carballeda ou parroquias como Casaio, ata o fin da Segunda Guerra Mundial, se adicaba ao contrabando do mineral. Igual que nos concellos de A Limia, aquí o mineral facíase chegar ao norte de Portugal, onde o mercaban os alemáns. Os anos 1943 e 1944 son os de maior número de incautacións, por ser tamén os de maior produción e demanda en toda a provincia de Ourense, pero aínda así, o mineral incautado era unha mínima parte do que circulaba clandestinamente ás

[400] HISTORGA. Entrevista nº 177. Entrevistado M.P.C., parroquia de S. Breixo, Palas de Rei

[401] ESPIDO BELLO, C., (1997), "Aspectos do comercio contemporáneo entre España e Portugal", *IDEGA-Historia*, Universidade de Santiago de Compostela

[402] SOUTELO VÁZQUEZ, R., (2001), "Galicia nos tempos do medo e a fame... *op cit*

escondidas dos axentes de taxas e dos de vixianza da fronteira, ou en connivencia con eles[403].

O contrabando de volframio non se limitaba ás provincias setentrionais e, xunto ao de produtos saídos das agras, consolídase, co tabaco e o café, como unha das mercadorías protagonistas do mercado negro. Reparemos en que, segundo Jordi Catalán, no período 1939-1944 Alemaña absorveu máis dunha cuarta parte da exportación española e un dos artigos máis demandados foi o volframio, útil para que a industria militar nazi endurecera o aceiro[404], polo que se converteu nun produto de forte demanda. Na provincia da Coruña as multas por extracción ou venda clandestina son abondosísimas. En xaneiro de 1944 por extracción clandestina hai cinco multas de 500 ptas cada unha nos concellos de Coristanco, dúas no concello de A Coruña, dúas en Santa Comba e dúas en Oleiros. A contía da multa é significativa tanto da condición de reincidentes dos multados como da cantidade extraída. Dous meses despois son multados outros seis veciños de Santa Comba e un de Zas por non poder xustiticar a súa presenza nas minas e ese mesmo día outros catro veciños de Vimianzo fan fronte a multas por extracción clandestina, igual que un de Carnota e vintecatro de Camariñas (varios reincidentes) e dez de Laxe. Os concellos repítense nos meses seguintes xa que son nos que están sitas as minas ou os do seu arredor. Por exemplo, no mes de abril dese mesmo ano son multados trinta veciños de Noia, catro de Santa Comba, trece de Muxía, oito de Carballo, seis de Laracha e dous de A Baña; e no mes seguinte: tres de Santa Comba, sete de Arteixo, catro de A Baña, dous de Vimianzo, dous de Camariñas, dous de Ordes e un de Malpica[405].

As multas estaban postas en razón da cantidade extraída. En Noia en maio de 1945 cinco veciños son multados por extracción clandestina con 25 ptas, mentres que dous veciños de Outes e catro de Rianxo deberon pagar polo mesmo feito 50 ptas. Estas e outras sancións decretadas contra pequenos estraperlistas e acaparadores que aplicaban prezos abusivos para a venda dos produtos que comercializaban ou o facían por canles clandestinAs convértese na máis explícita proba da extensión do fenómeno da economía subterránea[406].

Seguindo a categorización feita Raúl Soutelo a partir das súas propias pescudas para o caso ourensán e a clasificación das antropólogas I. Fonseca e D. Freire para o portugués, pódense establecer tres grupos de contrabandistas, acomodable aos estraperlistas en xeral, segundo os motivos que os impulsan a estraperlar, sempre dentro dos sectores que o usaban como "arma do feble" e non como negocio lucrativo para medrar á sombra e co consentimento do franquismo. Por unha banda, aqueles que buscan unha actividade complementaria que axude a aumentar os rendementos da

[403] Sorbre o estraperlo nesta zona e tamén sobre a evolución do sector mineiro do volframio nesta zona ourensá durante a posguerra, vd. GARCÍA YAÑEZ, F., (2005), *O Barco e a Terra de Valdeorras durante a II República e o Franquismo (1931-1977)*, Vigo, A Nosa Terra, pp. 504-524

[404] CATALÁN, J., (1995), *La economía española y la Segunda Guerra Mundial,* Barcelona, Ariel

[405] AHRG. Libros de Rexistro de Multas Gubernativas. Sig. L-4935; L-4978

[406] Os Libros de Rexistros de Multas por Abastos en A Coruña (1942-1946) dan conta do carácter masivo de vendas ilegais, de transportes sen licencia e de todas as tácticas que eran penadas pola lexislación franquista no relativo ao comercio de mercadorías. No ano 1943, por exemplo, foron multados 1.918 coruñeses por temas relacionados con abastos. AHRG. Goberno Civil. L-4954

explotación familiar, a reprodución do grupo ou cumprir coa fiscalidade estatal; en segundo lugar, aqueles outros que pretenden reaccionar perante o intervencionismo estatal na agricultura; e por último, un terceiro tipo de actores sociais que entenden o contrabando como un negocio que ofrecía a coxuntura dada pola a guerra civil española, a Segunda Guerra Mundial e a demanda migratoria a Europa[407]. Quizáis, e por iso entedemos que o mercado negro debe encadrarse nas fórmulas de resistencia cotiá que supoñen unha "protesta de facto", as explicacións maioritarias son a primeira e a terceira. É dicir, non se parte tanto da ansia de erosionar a política intervencionista como de tratar de asegurar o sustento familiar. Pero non se pode negar a existencia da segunda das razóns, do desexo expreso de levar a cabo unha acción que fixera que o Estado renunciara a política de cupos e prezos taxados,

> "Cando nos requisaban o trigo, consultábasenos cantos ferrados necesitabamos que nos deixaran para sementar ao ano seguinte, e segundo a cantidade que pediamos xa lles quedaba feito o cálculo de canto iamos a colleitar, quedando xa obrigados a entregar á Xunta a cambio dunhas moedas. *Sen facer moito ruido para que non se cabreara o pequeno xigante*, decidimos entregar todo o trigo na primeira requisa, e á pregunta de canto necesitabamos para sementar, contestamos que ningún. O mesmo fixemos coas patacas e os porotos, e aquel ano casi se morren e fame tamén os da Xunta e a garda civil... A Xunta de Abastos, apoiada pola garda civil, requisábannos o gando e os froitos que sementabamos, a un precio irrisorio, e o pouco que nos quedaba estaba racionado con precio fixo e nin tendo cartos se conseguían alimentos... O pouco que se tiña colleitado levávano as mulleres ao mercado, e en plena feira, aparecían as requisas para levar casi todo. Á voz de alarma pola chegada da Xunta, todas as feirantes abandonaban os seus postos, e como nada tiña dono non podían requisar. Si se atrevían a tocar algo sen presenza do dono, as mulleres atacábanos a pedradas, e se pedían auxilio á Garda civil, ésta tardaba tanto en chegar que xa a trifulca acabara e ninguén vira nada. Os tricornios xa estaban do noso lado, polo menos recoñecendo que se ninguén sementa non hai pan. *Conseguimos a liberdade de prezos. Cada cal novamente era dono da súa colleita, ao ano abarrotáronse os mercados de comida, empezou a chegar aos pobres, ainda que só foran unhas miguiñas e foi a primeira batalla que lle gañamos a Franco despois da guerra, ao recoñecernos que aquela protesta campesiña todos tiñamos ganado*" (Varela, L., 1996: 51-52)

Este testemuño é válido tamén para dar conta dunha das fasquías do mercado negro no rural galego. O protagonismo das mulleres e do grupo familiar. O estraperlista tende a ampararse no grupo ao que pertence á hora de exercer a súa actividade. Relacións de familia, de veciñanza, de amizade tórnanse fundamentais para tender as

[407] SOUTELO VÁZQUEZ, R., (2001), "Galicia nos tempos do medo e a fame... *op cit*, p. 18; FONSECA, I.; FREIRE, D., (1999), "O contrabandista, já se sabe, era da oposição: discursos em torno do contrabando", en MARTÍNEZ RISCO, L; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (ed.), *Autarquía y contrabando... op cit.*

redes de comercio clandestino, para mantelas e formalizar unha rede de seguranza. A tendencia a formar grupos, sobre todo no caso de ser mulleres, tamén está en relación con defenderse en caso de imprevistos. Agrofoxo dá conta de como o estraperlo de volfram na zona de Noia se establece como unha estratexia familiar[408]. As mulleres ían ás minas e facer a venda xuntas, con cuñadas, avoas e nais, e mesmo os nenos. Martínez-Risco recolle dous testemuños que inciden na presenza dos nenos xunto ás súas nais que estraperlaban, como o estarían en calquera faena da explotación agraria, aínda que con riscos que as mulleres coñecían,

> "Acórdome de ir O Carballiño, chegaba do colexio ás 13 horas e dicía miña nai: "toma a Carballiño a tal sitio". Iba a Carballiño, viña e xa na porta dábame un plátano e "veña ao colexio, e a vir pronto que van vir os do tren"...
>
> "Eu sei que viña con miña nai. A min púñame diante e ela púñase detrás, e me dicía: "se a min me levan, ti non me coñeces, ti ao chegar a Ribadavia te paras..."[409]

M. D., do concello de Friol tiña nove anos en 1941 cando acompañaba ao seu pai a comprar centeo de noite a Monterroso,

> "vinte e pico quilómetros... marchábamos contra a noite onde o muiñeiro, levábamos tres caballerías... botábamos o pan no saco, preparábamos todo e a unha da mañá poñíamonos nas caballerías e andando, chovera ou caeran raios. Cada caballería levaba dous sacos, iba un diante pa vigilar o tereno... vinte e pinco quilómetros... e era para contrabando... se nos vían requisábannos e metíannos na cárcel... nós non chegamos a que nos pasara nada porque tíñamos cuidado, precaución e suerte porque por alí, na carretera de Santiago, estaban moitas veces..."[410]

E se antes de apuntar o papel feminino e familiar do mercado negro nos parabamos a comentar un testemuño que mencionaba a concepción explícita deste como unha fórmula de resistencia (por tanto, resistencia aberta) contra a política económica intervencionista do Estado, e vía no seu fin unha "vitoria" desta fórmula de resistencia cotiá, queremos reparar agora nun aspecto que, como dixemos na parte introdutoria deste traballo, é un referente para medir esta última, o papel das autoridades na súa represión. Comentabamos anteriormente un punto xa decisivo que indica que para o poder político o estraperlo era un delito en nada baladí: a xurisdición militar primeiro e un tribunal especial despois foron habilitados para loitar contra el. Pero cabe outra observación: as autoridades facían un uso político das multas de abastos. Ven é verdade que se trata dunha casuística particular e non da xeralidade das multas, pero éstas

[408] AGROFOXO, X., (2002), *Memorias do franquismo. A época do wolfram en Lousame. A corporación de Noia en Meirás*, Noia, Toxosoutos

[409] MARTÍNEZ-RISCO, L.; SOUTELO VÁZQUEZ, R. *Autarquía e contrabando na sociedade de posguerra,* Curso de verán da Fundación Vicente Risco, Ourense.

[410] Entrevisa a M.D.G., parroquia de Seoane, concello de Friol

axudan a ver como o sistema político exercía o control da poboación tamén a través destas multas xerando medo e buscando a desmobilización. En Foz este uso político das multas relativas a temas de abastos quedou na memoria popular e, igualmente, pode ser seguido na documentación oficial. Segundo a segunda, Francisco Fuentes Riego e a súa dona, Aurora Núñez Fraga foron, literalmente, acribillados a multas por incumplir a normativa no seu posto de carnicería. El era o afiliado número 7 da delegación de Unión Republicana en Foz, do que estaba considerado polo réxime "principal factor" e era membro da xestora da Fronte Popular cando ocorreu o golpe de Estado. A documentación do concello recolle que, "iniciado o Movemento nacional... manifestou nos primeiros tempos o seu desafecto ao mesmo dando motivo a repetidas sancións que motivaron que se mantivera en silencio dedicado á súa profesión de comerciante...". As multas de abastos pretendían o illamento social do líder republicano e de certo que o conseguiron. E non só o del senón o da súa familia. A súa dona sufriu toda a rigurosidade da lexislación sobre abastos e sobre comportamento existentes mentres que, polas mesmas infraccións atribuídas non eran inculpados outros comerciantes do concello. O 19 de xuño de 1948 a garda civil multouna cando estaba no matadoiro municipal e criticou o estado de limpeza de dito establecemento, dicindo que sería mellor levar a cabo os sacrificios nas casas, o que provocou a discusión con outra carniceira veciña. A multa desta vez, por escándalo público, foi de 50 ptas. Catro días despois a multa foi de 25 ptas, neste caso por infracción de abastos, xa que retirara a carne que tiña no seu posto da praza municipal fóra das horas establecidas[411]. Son algúns dos exemplos que poderían porse da represión económica e do control abafante que esta, como outras familias, sufriron por ter entre os seus membros a unha persoa conceptuada como "desafecto".

Como dixemos, a fonte oral tamén ten reparado neste uso das sancións económicas por temas de abastos como unha forma de represión,

> "conozo algunhos que foron maltratados o mellor porque eran rojos, chamábanlles rojos e por calquer cousa pois pegábanlles unha paliza... pero eu aquí non sei de que maltrataran a nadie nin de que eso... ahora maltratar ó mellor algunhos comerciantes que estaban fichados e que tal e tiñan multas por calquera cousa, por calquera cousa unha multa [¿e vostede cre que a multa era por motivos basicamente políticos?] si, si, si, si, si... por castigalos... por non ser do régimen, vamos por non ser adictos ó deles..."[412]

Un dos principais obxectivos do Estado era a regulamentación das actividades económicas en todas as súas verquentes e tanto a fiscalización como a regulamentación que xeraban alteraban as prácticas económicas no mundo rural. En tanto que por medio do recurso ao mercado negro a poboación saía do control e da vixilancia ao que era sometido, este funcionaba como fórmula de evasión, como espazo para o boicot dos

[411] AMF. Multas de abastos.
[412] Entrevista a G.R.S., do concello de Foz

intereses do Estado franquista, sempre dentro do ámbito cotiá e non necesariamente partindo da súa conceptualización como tal.

O apoio á guerrilla tamén mereceu atención como xerador e catalizador de conflito no rural. Fernanda Romeu no seu estudo sobre a Agrupación Guerrilleira do Levante adica un apartado á colaboración coa poboación campesiña, enlaces e puntos de apoio. Xustificaba a autora a súa formulación porque é preciso resaltar a importancia que a colaboración da poboación campesiña a través dos puntos de apoio e enlaces concretos, prestou á dita Agrupación na súa actuación. A autora recolle o testemuño dun dos máis famosos guerrilleiros da zona, alias Grande, para ilustrar esa realidade, "eu considero que os puntos de apoio desempeñaron un papel importantísimo e dende logo, grazas a eles os guerrilleiros puideron estar no monte sete ou oito anos, se non tivera sido pola súa axuda e solidariedade en todos os terreos, dos puntos de apoio,... non poderíamos soster esa loita tan longa que naturalmente cando empezaron a caer os puntos de apoio, é cando xa non poidemos resistir. Eles tiñan unha gran desventaxa sobre nos, que non tiña armas para defenderse e estaban entre dous lumes, entre a Garda Civil que os ameazaba e entre os guerrilleiros" (Romeu, 2002:155-156).

Coincidimos coa argumentación da autora levantina, e igualmente coa de Mercedes Yusta e algún outro estudoso do movemento guerrilleiro que souberon ver nos apoios un eido de tanto interese como a propia guerrilla e, é máis, entenderon que que, como sinala François Marcot no caso das axudas aos *maquisards* franceses durante a ocupación nazi, non ter en conta as redes comunitarias no apoio aos maquis é esquecer unha dimensión esencial do fenómeno guerrilleiro, sen o que el mesmo non existiría porque a implicación do medio rural no seu favor é un *sine qua non*[413].

Este apoio articúlase maioritariamente nunha lóxica nós/eles e apóiase na memoria da xenealogía familiar e nas prácticas grupais, demostrando a firmeza das primarias redes sociais de vecindade e solidariedade da comunidade rural[414]. Dar sustento a unha organización que merecía a hostilidade do poder político, xa fose de xeito pasivo gardando o segredo e permanecendo en silencio, xa activamente, dando información, refuxio ou comida, a poboación rural permitiu que a loita armada continuase. Diso eran conscientes as autoridades, como demostra o relatorio que o Fiscal militar de Lugo feixo nun dos seus alegatos:

> "certas comarcas da provincia de Lugo foron elexidas, en forma similar a outras radicadas en diferentes demarcacións administrativas de España, por grupos de malfeitores que, provistos de armas de todas clases, adicáronse á comisión de todo xénero de cobardes atentados contra as persoas e as propiedades e cuxas sinistras partidas de criminais teñen

[413] MARCOT, F., (1997), "Pour une sociologie de la Résistence: intentionnalité et fonctionnalité", *Le mouvement social*, 180, pp. 21-41, p. 25

[414] O Xefe de Falanxe de Lugo denunciaba en 1940 que os enlaces dos escapados de Alfoz eran "os veciños de Airas e Escourido, da parroquia de Oiras", e en Chantada os apoios eran dados "...polos habitantes das parroquias de Arcos, Muradelle, Pedrafita, Sabadelle, Pesqueiras e Veiga...", e advertía que no caso do concello de Cervantes grazas ao soporte social "os fuxidos extenderon o seu radio de acción considerablemente, chegando a todos os puntos do concello". AGA, Presidencia, Caixa 51/205333

> como fin verdadeiro a satisfacción de inconfesables apetitos particulares, se ben eles anceian o pretendido obxectivo, menos directo, consistente no derrocamento do actual réxime, para a súa substitución por unha nova era política, de caos e anarquía, bandas desenfreadas... que non titubean en, para crear a atmósfera de terror propicia... deixar tras do seu pasos unha longa senda bordeada de depredacións e crimes. *É indubidable que eses plans de violencia non contarían con posibilidades de permanencia se só dispuxeran dos seus propios medios... pero na práctica iso non é así, xa que persoas... cubertas por unha capa de inocencia, que lles outorga a súa aparente calidade de pacíficos habitantes de localidades próximas aos lugares de acción dos bandoleiros compoñentes das partidas armadas prestan a eses delincuentes cobixo para o seu descanso, protección ou silencio en contra do labor inquisitivo das autoridades, víveres e incluso as municións... e sempre suficientes e valiosas noticias sobre o despregue das forzas policiais... todo o que garanta aos bandidos certas condicións favorecedoras de impunidade...*"[415]

Outra vertente deste apoio da comunidade rural á acción dos maquis, percibida a través dos testemuños orais, é o papel da rede social en tanto que sustentadora, material e emocionalmente de unidades familiares afectadas pola represión por ter algún dos seus membros a condición de fuxido. Esa rede actívase para axudar dalgún xeito a restablecer algún tipo de "normalidade" nos fogares afectados, e con iso do conxunto da comunidade, sempre ocultando este labor tras unha aparente frialdade e distancia con aqueles que foran estigmatizados polo réxime[416].

Introducir estas formas de resistencia na categoría de "non dirixida" supón asumir que en moitos destes casos a intención de resistir non é recoñecida nin identificada polos protagonistas, porque ¿a maioría dos que acolleron na súa casa a un guerrilleiro querían suscitar algún tipo de protesta?, ¿a venda no mercado negro era usualmente algo máis que unha táctica para asegurar a supervivencia? Introducimos aquí un sesgo xa subliñado na presentación deste traballo: a intencionalidade non é para nos un aspecto decisivo no recoñecemento da existencia de resistencia civil, pero si para clasificala. Xenericamente, e na súa maioría se nos cinguimos ás fontes orais consultadas, non son consecuencia da intención de plasmar un descontento con respecto a un inimigo recoñecido, senón que gardan unha maior relación con condutas de supervivencia e solidariedade comunitaria. A diferenza, por exemplo, coas formas de boicot comentadas parece evidente, malia a que son as estratexias de supervivencia as que, en ambos casos, serven de liña de fractura da resistencia. No caso dos boicots a intención de danar e menoscabar a actuación da Administración acompaña ao acto concreto de boicot, pero na venda dalgún produto fóra do prezo de taxa imposto a intencionalidade de menoscabar a política autárquica non é tan perceptible na xeralidade da

[415] AMSF. Causa 177/46. A cursiva é nosa.

[416] Esta axuda é recoñecida en diversas memorias, entre elas, vd. PILLADO, M., (2002), *Desde el mar que perdiste*, Sada, Ed. do Castro; e tamén pola fonte oral: na zona de O Saviñao aínda se acordan de como a vecindade deixaba comida ás agachadas nas cunetas para que a muller do guerrilleiro "El Piloto" non pasara tanta miseria cando este caeu.

casuística como a permura de acadar un ingreso para mellorar a economía familiar. Estas accións maioritariamente non se derivan nin culminan na identificación dun culpable ante o que protestar ou, se se quere, articúlanse sen pensamentos conscientes e maduros de resistencia. O que si é evidente é que o seu resultado é igualmente rompedor do estatus quo imposto polo réxime franquista e, polo tanto, de innegable carácter conflitivo. Nestes casos, como na práctica totalidade das resistencias civís identificadas neste traballo o desafío presentado ao Estado, non se tingue de loita antifascista nin antifranquista. Como apunta Raúl Soutelo no caso do contrabandista, "desafía o proteccionismo económico simbolizado nas fronteiras territoriais... e ideas que atacaban os intereses económicos e políticos das elites que monopolizaban o poder a ámbolos dous lados da raia. Pero esto non xustifica que os investigadores convirtamos en virtude a necesidade allea, idealizando como heroes antifascistas a persoas que xa tiñan problemas dabondo con procurar que comer" (Soutelo, 1997:19). Certo pero, engadimos nos, non minusvaloremos a ruptura dos códigos establecidos polo franquismo que a acción de pequenos contrabandistas e vendedores-compradores supoñía, non só como desafío a medidas políticas económicas concretas, senón polo que ésta supoñía de activación das redes de solidariedade comunitaria, da posta en cuestión do discurso conformista e de obediencia das diferentes autoridades e mesmo o que presupón de xeración dun descontento para co réxime susceptible de converterse en marco dunha ulterior acción de resistencia.

Entendemos que o descenso aos casos concretos é necesario para poder diferenciar, por exemplo, un estafeta da guerrilla, evidentemente protagonista dunha conflitividade aberta con respecto ás políticas franquistas, dun pastor que ao atoparse cun grupo de fuxidos ao ir levar o gando ao monte non os denuncia, sen instrumentalizar ningún tipo de pensamento ou intención de protesta para coas políticas que converteron eses homes en "fóra da lei".

5.3.4 Resistencia implícita: calibrando o descontento

Esta categoría dá cabida ao descontento que non se transforma en acción, porque como é ben sabido, as contradicións existentes e os descontentos chegan a materializarse en protestas nalgunhas ocasións e nuns momentos, pero noutros non. O conflito está implícito na estrutura da situación se hai un desencontro de intereses recoñocible e se se poden aducir razóns específicas para explicar por que ese choque non conleva unha expresión observable. Cando a dominación é tan efectiva que non existen nin sequera normas informais para institucionalizar a resistencia, esta pode permanecer latente, quedando implícita na propia natureza da relación dominante-dominado[417].

Aínda recoñecendo a dificultade desta abordaxe, usando un método comparativo, pódese tratar de detectar e calibrar esa resistencia latente. Outro recurso que foi

[417] As actitudes non son determinantes inmediatos do comportamento, aínda que marquen unha tendencia, a relación entre actitude-comportamento pode verse reforzada ou inhibida pola actuación doutros factores, entre eles a acción ou omisión das autoridades políticas. SABUCEDO CAMESELLE, J.M.; REAL DEUS, J.E.; GARCÍA MIRA, R., (2003), "Medio ambiente e comportamento humano", en CASARES LONG, J.J., (coord.), *Reflexións sobre o medio ambiente en Galicia,* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 415-435, p. 423

xeralmente esquecido ou desvalorizado pola historiografía como fórmula de evidenciar o descontento que non se converteu nunha forma de protesta expresa é o rumor[418]. Os rumores estaban sempre presentes nas comunidades campesiñas a modo de xeradores dunha mentalidade colectiva e, xa que logo, sustentadores da cohesión social, sendo empregados con profusión en momentos de crises e falta de liberdades para establecer un certo clima de intranquilidade nas autoridades. Os rumores convértense nunha forma de expresión de disenso social en tanto que transmisores e xeradores clandestinos de información. En Galicia "obsérvase gran descontento e óense comentarios e críticas desfavorables contra as Autoridades da rexión, moi principalmente entre os campesiños" apuntaban as autoridades falanxistas[419]. O rumor, fórmula que podemos aprehender con relativa facilidade a través dos informes das autoridades locais, infórmannos sobre a opinión pública, e é, sen dúbida, unha vía para recoñecer o descontento reinante nas comunidades campesiñas.

Esta categoría, malia a súa debilidade dende o punto de vista máis positivista, permite non condenar á mera adxetivización de "alienadas" ás persoas e grupos que non son protagonistas de formas de resistencia en momentos que parecen propios para iso[420]. E permite, ademais, a interpretación de diferentes actitudes da poboación rural en función dos efectos derivados do marco de referencia co que se analiza a práctica da súa dominación, é dicir, da avaliación que efectúan a partir da realidade que perciben. Porque o descontento dun conxunto de individuos, labregos ou non, por moi importante que sexa, non xera un movemento de protesta de maneira instantánea, senón que son precisos recursos e oportunidades para transformar o descontento en acción. En todo caso, e como imos ver deseguida, mesmo a pasividade se amosa como un xeito válido de resistir de maneira implícita.

5.4 A pasividade dos labregos: un arma de doble fío

"Orde pública normal, se ben se nota certa falta de cooperación e civismo, mesmo tratándose de cousas que benefician á colectividade"

AGA. Presidencia. Informes sobre a orde pública do concello de As Nogais (Lugo). Partes da Xefatura local de Falanxe de maio e xuño de 1940. Caixa 51/20533.

Neste apartado pretendemos reflexionar máis devagar sobre unha das actitudes que identificamos como mostra de resistencia aberta, a omisión. É dicir, aprofundaremos no que posiblemente sexa o aspecto máis difícil de interpretar de cantos tiveron as actitudes e actuacións do rural galego, a pasividade. Gian Giacomo Ortu reflexiona sobre a interpretación do "non envolvemento" nas actividades promovidas polo Estado a partir da actitude dos campesiños e pastores da Cerdeña rural que non se uniron

[418] Malia que existen estudos que demostran o seu potencial conflitivo, vd. VIOLA, L., (1996), *Peasant rebels under Stalin... opus cit*

[419] *Documentación Inédita para la Historia del General Franco.* Fundación Francisco Franco. Tomo III. Informe da DGS do 30-12-1942, p. 747

[420] SILVA, M.C., (1995), *Resistir e adaptarse. Constrangimentos e estratégias camponesas... op cit,* pp. 22-30

ás organizacións fascistas. Segundo o historiador italiano, "unha valoración máis complexa merece outra tese da habitual na historiografía sarda... aquela da apatía cara ao fascismo das pobloacións rurais. Se levamos ao extremo o concepto da "indiferenza" no sentido da "estrañeza", temos unha valoración que, dalgunha maneira, e complementaria da precedente, do subversismo das masas rurais. Se nos diriximos cara ao extremo oposto da "pasividade", atopámonos, en cambio, fronte a unha valoración totalmente discordante, de básica aceptación do réxime. Como dado instintivo, o antiestatalismo deixa paso á opacidade dunha sociedade sen horizonte ético e político. Desta forma, labregos e pastores non son fascistas, simplemente porque non poden ser nin sequera antifascistas, xa que están no límite aínda non traspasado do "político". En definitiva, e unha tese que no seu polo negativo contribúe a desvalorizar a presenza das masas rurais que se atopan confinadas nun limbo de percepcións elementais e instintivas. Desta forma pódese eludir o xuízo histórico, non aparece nin o ben nin o mal, nin fascismo nin antifascismo (Ortu, 1990:201-202).

Certamente, a historiografía condenou en moitas ocasións as actitudes pasivas do campesiñado como evidencia dunha colaboración evidente cos réximes fascistas ou, de non dar creto a esta opción, optou por formular a cómoda opción do prepoliticismo dos labregos. Pero a pasividade en ocasións, e como revelan as fontes oficiais, están moito máis preto de significar resistencia que acomodación e cabe interpretalas como boicots das políticas e iniciativas estatais. Resulta moi difícil interpretar a pasividade, a non involucración, pero pode ser vista como unha mostra de desacordo, de desexo de apartarse das propostas do réxime fascista, malia que, alternativamente, existan casos onde sexa un sinal de aceptación básica. Un xuízo cualitativamente diferente que transforma un indicador potencialmente negativo en relativamente positivo da existencia de resistencia.

O franquismo buscaba a total resignación da poboación rural, especificamente daquela que, como a galega, tivera no movemento agrarista unha experiencia de politización e organización social. De aí a urxencia de non deixar pedra sobre pedra do asociacionismo agrarista anterior á Guerra Civil pois nin sequera pode esgrimirse a supervivencia dalgunhas das sociedades existentes dado que a súa función e funcionamento se viron totalmente desvirtuadas ata desnaturalizarse a partir de 1936. A súa finalidade era a de xerar apatía entre a poboación respecto á sindicación e isto implicaba desbotar toda experiencia ou consecución pasada, aínda que esta actitude supuxese demorar a realización do novo modelo sindical. Como temos dito, non hai maior mostra do afán desmobilizador do réxime que a existencia dun período de total ausencia de marcos de sindicación xerados e coordinados polo propio Estado. Pero a apatía e a resignación non son en si indicadores da aceptación resignada e acrítica dos preceptos impostos polo sistema político.

Se ata aquí reparamos no anceio franquista de desmobilizar á poboación, a lóxica estaría en dar por feito que toda resignación supoñía un éxito para o sistema. Pero non sempre é así. A falla de disenso non debe ser tomada necesariamente como sinal de consentimento porque para a imposición e funcionamento de diferentes políticas concebidas polo réxime este requería da cooperación ou colaboración da poboación, e a resignación que pedía á poboación en determinados aspectos, era vista como un obstáculo para a súa realización. Así, abundan os comentarios que entenden como re-

sistencia a apatía amosada, a inexistencia de interese por participar en determinados proxectos. É dicir, a indolencia dos labregos á hora de participar en determinados simulacros de eleccións dentro do aparello sindical estaba, de facto, consentido e apoiado polo sistema, de aí que nunca o sancionara con multas malia a estar, de *iure*, penada; ben diferente era a non participación nas obras de reparación ou de traballo colectivo estipulado polo sindicato vertical, penado con sancións económicas e criticado polas autoridades como un obstáculo para a operatividade do sistema[421]. Polo tanto, a apatía e o desleixo con respecto a moitos aspectos non pode ser visto sen máis nin relacionado co triunfo do sistema sobre uns sometidos labregos[422]. Nin sequera no tema da sindicación, pois se a desactivación era buscada coa finalidade de deixar correr un tempo no que desmontar a todos os niveis a realidade de preguerra, pasada a etapa inicial, ésta era recriminada polas autoridades franquistas. Os tópicos sobre o individualismo do labrego e a falla de cooperación convertíanse en explicacións polivalentes da escasa adhesión atopada no rural. Por exemplo, para advertir das moi discretas realizacións prácticas do aparato sindical, a escasa adhesión a Falanxe ou as dificultades da obra sindical.

O parte do Xefe local de Falanxe en Sarria é ben explícito a este respecto cando sinala que,

> "Falanxe é impopular, é alí [Sarria] indiferente ao pobo, o cal non quere saber nada de nada. É dicir, que nin sequera encontra eco favorable nin desfavorable e as cousas que non son susceptibles de crear inquietudes, malas nin boas, que non son capaces de despertar entusiasmo ou antipatía, son cousas sen vida, cousas mortas, aqui Falanxe é algo que só se recorda que existe os días de festa..."[423]

Salas Pombo non deixa de recoñecer que moita da problemática asociada á implantación do sindicato vertical responde ao "carácter tradicionalmente receoso do campesiño galego... Si hai mutuas parroquiais é porque ao ser entre veciños se fía... o campesiño galego, receoso por temperamento, permaneceu totalmente illado de Falanxe. Alcanzamos as vilas pero non as aldeas que a millares hai nestas terras". Este "carácter" tamén é o problema que estaba detrás, na súa opinión, da pouca influencia de Falanxe, dado o atraso e incultura dos campesiños (que) os ligaba total-

[421] Neste senso cómpre sinalar, ademais dos casos xa referidos, a escaseza de voluntarios durante a guerra para ir traballar na sega nas zonas recén liberadas por conta do Servizo de Recuperación Agrícola; a resistencia na bisbarra de Santiago ás prestacións de traballo gratuítas para a construción do aeroporto de Labacolla nos anos 40. CABO VILLAVERDE, M., (1999), *A integración ... op cit*, p. 417

[422] Na indiferenza residía tamén unha forma de axuda aos fuxidos. Antón Alonso Ríos, dá conta de que esta actitude o beneficiara para poder andar á luz do día no seu proceso de fuxida. "Sería preto das seis da tarde cando deixéi o mato da Grova. Non quixen agardar a noite e seguín camiño. O monte era chao. Paséi perto dun grupo de xente que estaba a debullar o centeio cunha trilladora. Faríanse os desimulados, pois eu paséi coase á beira diles". ALONSO RÍOS, A., (1979), *O Siñor Afranio ou cómo me rispéi... op cit*, p. 62

[423] AGA. Presidencia. Partes Mensuais de Falanxe. Parte do mes de outubro de 1942. Lugo. Caixa 51/20593

mente ao sistema caciquil de vello estilo que aínda hoxe dá as súas últimas sacudidas de monstruo agonizante"expoñía[424].

As contínuas mensaxes de propaganda das Hermandades para evidenciar a súa eficacia e valía en asuntos de interese para os labregos son claros síntomas do interese das autoridades sindicais por chamar á participación, dado que a afiliación era obrigatoria.

> LABREGO.
>
> ¿Queres constuir galiñeiros, estercoleiros, etc.?
>
> ¿Queres, en unión con outros veciños, analizar obras de regadío e de electrificación?
>
> ¿Queres obter préstamos a baixo interese e a longo prazo?
>
> ¿Queres dispoñer de Seguros de gando?
>
> ¿Queres dispoñer do Servizo de Policía Rural para salvagardar as túas colleitas?
>
> Todos estes beneficios e outros moitos podes obtelos a través da Hermandade de Labregos da túa residencia" [425]

Sen dúbida o documento máis significativo é o emanado da directiva da Hermandade Sindical de Labregos e Gandeiros do concello pontevedrés de Ribadumia. A Asamblea Plenaria en 1956 propón medidas para tentar mudar o illamento no que se atopa a institución e, alén de demostar que a pasividade dos labregos operou como unha das razóns para o fracaso do labor encomendado a estas entidades, é significativo porque recoñece o decisivo rol que tivera o sindicato de preguerra do concello e o seu forte calado entre a poboación. Este recoñecemento lévao a propor a imitación, no posible, a aquel, ata a tratar de comprar o mesmo edificio por se iso consegue que a Hermandade capte o interese para os labregos do concello,

> "...asistiu un escaso número de afiliados...esta Hermandade está carente da calor e empuxe dos labregos que a integran xa que a súa función en certo modo rutinaria, redúcese anualmente á administración dos seus recursos e á adquisición de desinfectantes, adubos e artigos de semente. Estimei sempre que o mellor procedemento para conseguir a adscripción dos labregos á Hermandade, sería devolverlle parte do cometido que tiña fai uns trinta anos a extinguida Sociedade de Agricultores do Umia, que logrou...ser considerada como la institución máis puxante daquela localidade...conseguir en primeiro termo que o edificio que foi da Sociedade de Agricultores do Umia volva a ser da propiedade da Hermandade...para iso ofreceuse incondicionalmente o Cabildo prometendo o Prohome, á vez que o alcalde,

[424] *Estudio sobre organización do Movemento en Galicia.* AGA. Gobernación, Caixa 89; Presidencia, Caixa 51/20586. Informe do 10-4-1942

[425] AGRO, xuño 1949

> que toda vez que o edificio que foi da sociedade se subhasta en data próxima, o concello o compre para cederllo á Hermandade, sempre que esta non conte con medios económicos para ir o remate da subhasta...que dificulta o mellor desenvolvemento da Hermandade, o recordo que entre os labregos perdura en relación coa lamentable actuación de anteriores mandos...conseguir desprestixiala ante os labregos que aínda hoxe non lle prestan a atención e o apoio necesario"(Pereiro Leiro, 1994:156-157).

A falla de eficacia e mesmo de funcionamento de diferentes organismos era tan comentado abertamente na correspondencia privada como ocultado en compararecencias e comunicacións públicos. Nun escrito do Secretario Provincial da Obra Sindical de Cooperación, Manuel Vázquez Seijo, ao Director Provincial de Asistencia e Promoción Sindicais de Lugo, en xuño de 1973, fai referencia a non operatividade das cooperativas nos trinta anos que levaban funcionando, insistindo no descoñecemento da xente respecto a esta iniciativa e a unha actitude, chamémoslle, "pouco respetuosa" para cos funcionarios encargados de achegar información sobre a mesma,

> ".. Ao iniciar as primeiras visitas, as zonas nas que existían Cooperativas que ben non funcionaban, ou llevaban unha vida lánguida,..., *a nosa presenza era tomada case a broma*, non se sabía da existencia dunha Obra de Cooperación, *non tiñan nin a máis lixeira idea* de que estaba vixente unha Lei e Regulamento que obrigatoriamente encadraba ás cooperativas dentro da Organización Sindical. Para as cooperativas do campo só había un organo asesor, e para iso cunha cantidade de defectos moi grande,..." [426]

Tamén Antonio Rosón en 1943, nun artigo publicado na prensa para a defensa das cooperativas franquistas asumía que,

> "os problemas provinciais do orde socioeconómica non teñen sido aínda cometidos no sentido das realizacións. *A organización rural* – e Lugo non é precisamente unha provinia ciudadá - *responde aínda a conceptos inhibidores* de tipo liberal. Non cremos neste individualismo rabioso e conxénito en cada español, pero temos que recoñecer que o problema máis grave e palpitante do agro galego, e en particular, do lucense radica na extrema disolución dos seus habitantes. En xeral, *os nosos produtores desenvolven as súas actividades en constante colisión de intereses anarquicamente, en forma ruda e primitiva.* Neste extremo é onde son máis amargos os froitos do liberalismo e maiores as resistencias que se ofrecen á adaptación do novo orde"[427].

A Vicesecretaría provincial de Obras Sindicais informou á Delegación Provincial lucense en xullo de 1963 sobre os poucos logros que a obra cooperativa, que, como

[426] AHPL. AISS. Caixa 1560. A cursiva é nosa
[427] EL PROGRESO, 18-7-1943

vemos, era un dos focos de interese das autoridades franquistas, insistindo nas mesmas causas que o fixera Salas Pombo vinte anos antes para explicar a situación lánguida do sindicato vertical, converténdoas en características endóxenas dos labregos,

> "... en materia de Cooperativas Agrícolas, hai que resaltar que neste aspecto a provincia de Lugo ven dedicando especial atención malia ás múltiples dificultades que ofrece Galicia e a nosa provincia en particular, para conseguir a unión voluntaria de grupos de labradores en Cooperativas, *dificultades que avaladas polo nivel cultural reducido que por desgraza todavía existe no noso campo*, como consecuencia da gran diseminación da súa *poboación rural relativamente illada*, por carácter de moitas vías de penetración e *pola falta dun elevado nivel económico* que podería favorecer esta acción."[428]

Nalgúns casos as autoridades son máis explícitas e falan directamente da "falla de interese" atopado na poboación como causa maior da inoperatividade dos seus proxectos. Ao relatar as dificultades que atopaban os técnicos da Obra Sindical de Cooperativas, por exemplo, para establecer unha futura cooperativa na localidade de Gondrame, no concello lugués de O Páramo, éstes conclúen no seu informe que "a impresión final é altamente pesimista e estimamos casi imposible realizar labor de ningunha clase" e entre as oito razóns que esgrime están aspectos como o enorme minifundio, as penosas comunicacións do lugar, falla de auga corrente pero sinala que "así e todo, o inconvinte máis importante é a a falla de interese das xentes deste núcleo, demostración do cal é que a reunión só asistiron tres persoas..."[429]. Nun informe remitido polo Delgado provincial da organización sindical de Lugo sobre o funcionamento das cooperativas en 1969 cita toda unha serie delas que non veñen funcionando nin no aspecto económico nin no social e que carecen de calquera vida administrativa practicamente dende a súa constitución. Son un total de 23 as que son recoñecidas como realidades unicamente no papel polo que se dan de baixa. As razóns reproducen o comentado para o caso de O Páramo[430].

Antonio Bernárdez ao reparar nas escasas materializacións do Plan Agrícola de Galicia, ademais da precariedade de medios económicos e outros atrancos como os conflitos corporativos no seu interior entre veterinarios e agrónomos, subliña a evidencia de que a pasividade dos labregos non permitiu o éxito de actuacións como as de divulgacións (cursos, conferencias, etc.). Amosa, de maneira esclarecedora, que, a diferenza do sucedido na preguerra, "na posguerra civil a mediatización da poboación rural polo nacionalsindicalismo malia á presión coercitiva dun sistema político autoritario, levan necesariamente ao absentismo na participación, é dicir, se o interese último do réxime franquista é propugna-la desmobilización social para acentua-lo control sobre os individuos, esta desmobilización vólvese na súa contra cando se trata de encadrar a poboación nunhas propostas socioeconómicas determinadas que por suposto emanan do Estado (Bernárdez, 1999:138). Así pois, temos que un dos proxectos da estrutura

[428] AHPL. AISS. Caixa 1560. A cursiva é nosa
[429] AHPL. AISS. Partes de Actividades. Memorias 1953-1976. Legaxo 1560
[430] AHPL. AISS. Correspondencia

institucional franquista máis destacados para o agro galego, orientado á busca dunha especialización que convertera o agro galego en abastecedor de produtos gandeiros e forestais, e cuberto dun discurso paternalista por parte de técnicos e políticos, tivo como unha das razóns do seu fracaso o comportamento inerme e pasivo dos labregos. A desgaña estará presente tamén, como indica repetidamente a documentación, no conxunto de actividades de divulgación organizadas dende as institucións. É o caso dos cursos propostos pola Central Nacional Sindical e das conferencias de divulgación dadas polos enxeñeiros do entramado institucional que para contar con algún alumno vense na necesidade de pagarlles os custos dos mesmos[431].

Nesta mesma liña de facer da pasividade e da non colaboración unha arma contra o control social ao que se trataba de someter aos labregos, está o desleixo co que se tratou no agro galego a proposta estatal de implantar os Servizos de Seguros de Gando no seo do Sindicato Vertical. Con iso pretendíase unificar, á vez que destruír, todo o asociacionalismo mutualista preexistente. A apatía amosada pola poboación foi de tal calibre que dita iniciativa, que para a provincia de Pontevedra trataba de artellarse dende 1945, seguía sendo publicitada en 1949 na prensa sindical como unha opción válida para os labregos. En febreiro de 1945 as autoridades evidenciaban os beneficios que sairían da súa proposta e establecían datas próximas e precisas para que a iniciativa botara a andar,

> "Vai crearse unha Mutua Gandeira Provincial que vele pola vosa riqueza preservándoa da morte e o sinistro. Non vai ser ningún organismo novo senón a ampliación e unificación de todos os regulamentos das Asociacións Mútuas que coñecedes, con normas únicas, redactadas dacordo co espírito de experiencia e coñecemento das mesmas. Na asamblea do 28 intervirán todos aqueles interesados na Gandeiría. Pedide ao Secretario da vosa Hermandade que vos ensine o proxecto presentado polo Sindicato Provincial de Gandería e redactade as vosas enmendas aos articulados para facelas valer na Asamblea Provincial. Cun organismo mutual único, asegurarédes a liquidación inmediata das primas e que os vosos bens queden preservados de todo risco" [432]

A falla de colaboración fixo que as autoridades optaran por dar un paso intermedio e crear unha Mutua de Previsión Pecuaria dentro da Obra de Previsión en xaneiro de 1946. Un ano despois, no balance da experiencia sinálase que os resultados obtidos "demostraron a imposibilidade de seguir coa organización e o procedemento", polo que se transfire á Hermandade Provincial, instancia que sempre se postulara favorable a tomar como criterio de construción as mutuas parroquiais xa existentes[433]. En 1949,

[431] Nunha comunicación da Delegación Provincial de Sindicatos de Lugo á Cámara Comarcal del Ribadeo en outubro de 1945 con motivo da organización por parte da Estación Agropecuaria Rexional dun cursiño de capacitación agrícola para produtores, pide nomes de labregos que poidan estar interesados en asistir..."advertíndolles que os gastos de locomoción e estancia nela son gratuitas". AHPL. AISS. Sección Casa Sindical Comarcal de Ribadeo. Caixa 1.863. Inv. 12, legaxo 64.

[432] AGRO, febreiro 1945

[433] AGRO, febreiro 1947

e dentro dos discursos eloxiosos do persoal da COSA pontevedresa, publicítase a crearción das Mútuas Sindicais de Previsión Pecuaria de Redondela, Porriño e Mos anunciando que outros cinco serían organizadas nun "curto prazo e é moi posible que se sitúen en Silleda, A Estrada, Pontevedra, Vigo e Ponteareas"[434]. Unha mísera bagaxe para unha iniciativa que se prevía existosa e que era asumida como unha tarefa de suma importancia polas autoridades sindicais. Coñecedores do fracaso do servizo ofertado acabouse por pedir a integración das mutuas existentes a través da súa federación na Mutua Sindical de Previsión Pecuaria[435].

Esta mostra de desinterese por parte dos labregos, xunto a proliferación nestes mesmos anos de mutuas gandeiras parroquiais fóra da canle ofrecida polo sindicalismo, constitúen un exemplo de que os gandeiros, na súa intención de non amosar conformidade co sistema sindical vertical, era capaz de renunciar a unha iniciativa estatal que non ía no seu perxuízo e que, é máis, constituíu unha das demandas máis repetidas ante as sociedades agrarias de preguerra. O declive das mutuas producirase nos anos setenta e non polo triunfo da opción do sindicalismo vertical, senón pola mellora da situación económica no agro que posibilita que os donos do gando poidan asumir as perdas sufridas pola enfermidade ou morte das súas redes polos seus propios medios. O artigo firmado polo secretario da Hermandade de Redondela en xuño de 1949 e reproducido na prensa sindical pontevedresa que segue é dabondo significativo. Dunha parte confirma o noso argumento os labregos seguían usando as súas mútuas parroquiais e ofreceron resistencia ante o desexo das autoridades de que se erradicaran, demostrando o a dureza do proceso de unidade sindical no agro. Pola outra, evidencia o sentir das autoridades sindicais con respecto ao campesiñado, totalmente maniqueo e alleo á realidade da sociabilidade no rural e a súa capacidade de discernir o que máis lle convén e, alén diso, indica que nin sequera en Redondela, onde conseguiran establecer unha Mútua dentro do sistema sindical, ésta funcionaba como única nin moito menos tiña a boa acollida que a publicística mencionaba [436].

> "... para facer xurdir no campo un espírito mutualista novo que substituíse ao que os nosos avós nos legaron e que aínda subsiste, gangoso e cansino, amparado en certas asociacións que están a piques de desmoronarse polo peso dos anos e o remordemento das súas malas obras, aínda que actualmente pretenden remendalas, branquealas exterior e interiormente, para enganar a simples... É unha mágoa que os dirixentes destas caducas sociedades, levados dun amor propio falso e dunha maldade diabólica continúen enganando aos paisanos e fagan crer que ao remozar a súa obra cun pouco de cal nas paredes xa a sanearon totalmente. ¡Que fatuos! Non se dan conta de que a enfermidade que padecen estas asociacións atópase nos cementos e para curalas totalmente, é preciso derrubar e desinfectar o edificio planeando logo, con amor e agarimo, a súa reconstrución para que non adoeza de defectos e encha todas as ambicións e esixen-

[434] AGRO, maio 1949
[435] AGRO, xuño 1949
[436] AGRO, xuño 1949

cias ao ofrecer as necesarias garantías... E eses señores de idade que non admiten modernismos nin comulgan coa novidade dirixen as súas agrupacións gandeiras dunha forma rutineira e dubitativa, sen admitir o ben común aínda que quizais o fagan polo seu propio. Eu só quero poñer de relevo o mal funcionamento... As Mutuas Sindicais de Previsión Pecuaria dan máis beneficio que as desacreditadas asociacións de que falamos,... ¿pero que importa que todo isto sexa verdade se aos seus afiliados fanlles crer que nós tratamos de enganalos baseándonos en leis que non existen e unicamente exercendo a coacción?. Conste que non falo sen fundamentos: falo por experiencia e cos documentos na man. Non citemos aquí os dereitos que nos asisten, pois de todos é coñecido o Decreto de 17 de xullo de 1944 (Lei de Unidade Sindical Agraria), que di a obriga que temos de incorporar á nosa disciplina a todas as entidades de carácter representativo e titelar dos intereses públicos económico-sociais-agrarios que teñan o seu domicilio no territorio dunha Hermandade. Eu só quero poñer de relevo o mal funcionamento destas vellas sociedades que actualmente se arrastran (que non é vivir) na nosa demarcación, con máis pintoresquismo que eficacia.

Fai varios días tiven que acudir, porque mo ordenaron, a unha asemblea extraordinaria que celebrou certa agrupación gandeira con pretensións de mutua. O local, metade tabernucho e metade tenda de comestibles, estaba adornado con multitude de telarañas e a suciedade era abundante. Acomodadas como mellor podían atopábanse preto dun centenar de persoas, das cales, estou seguro diso, saberían ler e escribir un número tan reducido que fácil sería contalas cos dedos das mans. A mesa da presidencia estaba chea de manchóns de viño tinto e algunha que outra conta do tute, ou as gráficas raias que van sinalando os xogos gañados nunha partida de brisca. O presidente, botando a visera cara atrás e limpando a suor co dorso da man, declara aberta a sesión cun corenta e dous por cento de castelán. Pero logo este home non sabía explicar o obxecto daquela reunión: mellor dito, non quería explicalo, porque a súa intención era levantar un acta ao seu antollo e cuxo modelo tiña escrito por un coñecido avogado, desde facía varios días. É dicir, que os acordos que se ían tomar non reflectirían o sentir dos afiliados alí reunidos. Houbo un voto de confianza para el e o seu secretario co fin de que correse ao seu cargo a confección dunhas novas ordenanzas para desenvolverse dentro da lei,... porque esta mutua non funciona legalmente... E a cousa acabou cando alí quedaban catro mullerucas adormiladas e dous ou tres vellos que bocexaban. Nin unhas nin outros se decataron do que alí ocorrera.

Aconséllovos que formedes unha idea de como pode funcionar unha mutua pecuaria con tales dirixentes e parecidos afiliados. ¿Que concepto terán eses homes do que é unha mutua? Bueno, o concepto eu seino, pero cáloo. Como este caso suceden centos durante o ano. Dende o directivo con soños de veterinario que cobra cara a consulta ata o que fai de bruxo, pasando polo analfabeto malicioso que antes sinalamos... porque non debemos con-

> sentir que o noso campesiño sexa explotado inicuamente por quen non teñen nin chisco de escrúpulo e para iso temos que ensinar todo o bo e necesario que as nosas Hermandades poden ofrecer a quen nos fagan caso e teñan fe nos que as diriximos e administramos... As mutuas Sindicais de Previsión Pecuaria son moi difíciles de crear pola oposición de moitos ignorantes e a infinidade de obstáculos que estes nos opóñemos a cada momento, ..."

Xa que logo, os devanditos tópicos, de "individualismo" e "atraso" que denunciaban as autoridades como mostra dunha pasividade que lles perxudicaba nas súas intencións e proxectos, serviron a moitos labregos para agochar actitudes de non cooperación co réxime. Estes reiterados calificativos, xunto a ignorancia dos labregos, convertéronse no recurso discrusivo do réxime para agochar as súas probres consecucións. Salas Pombo sinala que as actuacións de divulgación e publicitación debían pasar por "adaptarse ao nivel dos destinatarios da propaganda, nun programa que debía fundamentarse nos feitos xa que os *destiñatarios eran demasiado limitados ao carecer de capacidade retentiva e asimilativa*". En Lugo o Gobernador Civil en 1938 ao referirse ao "proceso de interiorización" dos principios do réxime sinala que está ante graves problemas para gañarse á "ignorante masa campesiña rural", porque "a pobre xente do campo inculta e atrasada non comprendeu aínda o espírito de xustiza que é base fundamental do Glorioso Movemento", se ben acerta a comentar que non é só esta incapacidade dos labregos a culpable desta falla de adhesión no rural lugués, senón que "tamén inflúe nisto a solapada propaganda que algúns realizan".

O que tampouco pretendían as autoridades franquistas con estes perxuízos era, como evidenciamos ao referirnos as cartas de queixa, fornecer dun recurso de defensa e resistencia aos labregos, pero si que o fixeron, pois os tópicos foron usados a maneira de "armas do débil" para evitar os efectos da acción represora. É o caso dos afiliados do Sindicato de Agricultores e Oficios Varios de Vilar de Mouros, no municipio coruñés da Capela, que, malia estar adscritos á CNT, en palabras do primeiro alcalde franquista do concello, trala clausura da súa sociedade seguiron traballando sen supoñer ningún tipo de perigo para o Movemento, pois todos son "elementos de cultura rudimentaria e que descoñecen en absoluto os principios máis elementais da política e que hoxe só se preocupan da labranza e do coidado do gando" [437]. A "máscara" da ignorancia labrega, como a falsa sumisión, serviu de estratexia para enfraquecer a dominación.

Así pois, en moitos casos a pasividade e a inhibición non eran nin moito menos síntoma de harmonía e consentimento para co franquismo, os seus adláteres e as súas políticas. A casuística amosa que, ben ao contrario, a non cooperación e o alonxamento das actividades promovidas pola Administración eran vistos por esta como mostras de resistencia ao seu anceio de acadar o control da poboación e de lograr éxito nos seus proxectos. Convimos con V. Fernández Vargas cando aprecia que "poderíase dicir que o exilio interior xerou resistencia cívica" (Fernández Vargas, 1981:48). Así se explica que dende o poder se impuxeran formas máis activas de compromiso cos novos símbolos do réxime. As suscripcións populares exerceron como tal. Estas non xurdiron

[437] AGA. Xustiza. Caixa 75/951

na guerra civil, xa se viñan usando anteriormente con diferentes fins sociais e políticos, pero o período bélico supuxo a convocatoria de novas cuestacións institucionais, como o "Plato Único", e subscricións organizadas polos distintos partidos e milicias como Renovación Española, Acción Popular ou a Comunión Tradicionalista. As máis destacadas son as de Falanxe. Gabelas como a "Ficha Azul" e outras cotacións como a dirixida a Auxilio Social, verdadeiras incautacións encubertas, foron usadas para comprobar a subordinación e aquiescencia política[438]. Só a ostentación da aceptación e seguimento dos poderes establecidos podía servir para ser considerado "adepto" polo réxime e, así, non ser encausado por unha ou outra lei.

> "Cando viñan as de Falange, as rapazas que estaban en Falange, coa jefa á cabeza pois viñan poñendo as estampitas aquelas e colgando e tal e cobraban dúas perras gordas pero pero...se eu tiña dúas perras gordas eran po cine ou pa outro sitio... pero había que poñelas, polo medo, ... xa che collían a banderita e xa cha clavaban... que eu recorde dos poucos que decían que non eran os soldados de permiso, eses si que non lles daban nada e decían "xa estou facendo bastante aló"...aqueles xa non traían tanto medo"[439]

A miúdo se resalta a falla de colaboración dos sectores populares coas accións dos opositores e antifranquistas, sen explicar as variadas actitudes sociais, xa foran de pasividade, resignación ou adaptación nunhas condicións de vida tan extremadamente duras como eran as da posguerra[440]. O corolario da nosa análise diverxe desta visión, pois supón a constatación de que os partidos e organizacións antifranquistas foron moi ineficaces en mobilizar as resistencias do campesiñado cara ao réxime, e a verificación de que a imaxe deliberadamente proxectada por éste calou de maneira tan profunda na memoria colectiva que acadou ocultar, desvirtuar e condenar ao esquecemento numerosas manifestacións de disidencia e todo un repertorio de actitudes de rexeitamento e hostilidade. Precisamente, a transición posfranquista demostra a existencia dunha resistencia cívica capaz de artellan, mellor ou peor, certos mecanismos substitutorios do poder oficial. É evidente que a dirección dos movementos tivo que ser asumida polos partidos políticos, pero é tamén innegable que os partidos atopáronse con individuos conscientes e responsables en maior número do esperado.

A evolución no tempo do sistema político, as súas mudanzas, determinaron os cambios nas formas de resistencia. Nese sentido, a pasividade buscada inicialmente polo réxime resultou a posteriori unha resistencia na realización das súas políticas. Polo tanto, debemos incorporar á análise esa variable como un aspecto altamente condiconante da realidade de calquera protesta e, en último caso, da elección dunha

[438]Sobre a condición de incautación encuberta das suscripcións, vd. VEGA SOMBRÍA, S., (1999) "La implantación del Franquismo en Segovia. La incautación de bienes a los oponentes políticos", en *Tiempos de Silencio. Actas del IV Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Valencia, pp. 127-133, pp. 131-132

[439]Entrevista a G.R.S., do concello de Foz

[440]Así é denunciado por NICOLÁS MARÍN, E.; ALTED VIGIL, A., (1999), *Disidencias en el franquismo (1939-1975)*, Murcia, D.M., p. 10

actitude ante o sistema por parte da poboación. Disto ocuparémonos de seguido, xunto coas causas e motivacións que levan a un suxeito, no noso caso de estudio, a un membro dunha comunidade rural, a ser protagonista da resistencia civil.

5.5 "Resistentes funcionais": os protagonistas da resistencia civil

A natureza clandestina de moitos dos actos de resistencia civil aquí recollidos fai que non sexa posible establecer a súa autoría. Nin sequera a documentación derivada da represión dos mesmos aclara este punto xeralmente. A maior parte das veces que as actuacións non son protagonizadas por un único individuo ou un colectivo pequeno, as propias autoridades optan por referirse a categorías un tanto abstractas pero que remiten a certo grao de precisión por delatar o volume de persoas involucradas na acción. "Veciños", "a vecindade", "a parroquia", "as mulleres", etc. son os substantivos colectivos que máis a miúdo aparecen na documentación como autores precedidos, ou non, de adxectivos ou adverbios cuantitativos. Hai veces que a resistencia parte dun descontento dun grupo específico (os muiñeiros, os pescadores, os regantes, etc.) pero en xeral a non identificación social ou profesional dos protagonistas evidencia a súa amalgama socioeconómica. Non é válida a análise partindo do concepto de clase, que se creba a todas luces, senón a partir da de redes sociais, necesarias para o xurdimento e base do sostemento dun fenómeno de resistencia civil.

Un *sine qua non* da resistencia civil é a densa e rica sociabilidade existente no rural, base da comunidade. Kindkaid estuda a comunidade para chegar a negar as argumentacións que entenden que é a súa existencia a que provoca a pasividade / non rebeldía do campesiñado. Apunta á solidariedade da comunidade como base propiciatoria para a revolta campesiña: a maior solidaridade comunal maior potencial revolucionario[441]. Nas mostras de resistencia civil entrevese a fortaleza das relacións sociais, da "socialidade" (Varela, J., 2006:261), tanto no senso horizontal (igualdade, cooperación) como no vertical (poder, dependencia), dentro da comunidade. Nos anos corenta e cincuenta esa socialidade voltouse específica e particular pois convivía cos odios e resentimentos producidos pola guerra, pero víase reforzada polo propio modo de vida e de traballo no agro que seguía facendo que a identidade do "nós" dominara no rural fronte ao "eu". Só fai falla recordar que a maioría dos traballos requerían da axuda veciñal (mallar, fiar, segar, trillar, etc.). Todas elas tarefas que acaban en xuntanzas e festexos que favorecían a socialización da comunidade alén do control das autoridades. Igualmente había moitos lugares de encontro (feiras, camiños, etc.) que renovaban, actualizaban e reforzaban os lazos familiares e veciñas. Como as tarefas e as festas, as formas de resistencia civil poñen en evidencia a dimensión colectiva que acadaba a vida no rural. As actuacións propias da resistencia civil non son manifes-

[441] KINDKAID, A.D., (1987), "Peasants into Rebles: Comunity and Class in rural El Salvador", en LEVINE, D.H., (ed.), *Society for Comparative Study of Society and History*, Arbor, University of Michigan Press, pp. 466-494, pp. 466-467

tacións individualizadas, aínda que o protagonista, a parte visible, sexa un individuo singular, porque nelas requeríase se non o concurso, si a complicidade grupal.

Esa complicidade susténtase unha rede social, concepto sobre o que volveremos máis devagar ao tratar pormenorizadamente da axuda prestada á guerrilla. Só apuntar que se trata de grupos informais, en tanto que economicamente e profesionalmente diversos, interconectados por redes igualmente informais de relación son a base tamén da resistencia civil. Estas redes sociais, como mencionan as antropólogas lusas P. Godinho, I. Fonseca e D. Freire, superan a concrección espacial da propia comunidade, o que explica que os actos de resistencia tiveran protagonistas de varias aldeas, parroquias ou comunidades. As autoras fan fincapé nun argumento como é o de que "as unidades-chave espaciais poden non coincidir con poboacións como aldeas ou vilas, senón ser antes os elos entre os elementos dunha rede e dunha con outras redes: a escala vasta en que estas sociedades operaban pode tornar notoria a imposibilidade e a inutilidade de circunscribir os nosos modelos teóricos a entidades hermeticamente pechadas como as aldeas, as vilas ou as casas. Por veces, a análise faise no entorno de aglomeracións de individuos mutables e volubles, cuxa característica aséntase nos intereses que teñen en común" (Godinho, Fonseca, Freire).

A aparente cohesión da poboación da pé á pregunta sobre a organización. Como atinadamente sinala Orlando Figes, o debate estaría arredor de asentar as bases do que é "organizado" e do que é "espontáneo" no que a estas actuacións se refire[442]. Evidentemente non se trataba dunha organización referida a unha reunión formal e conxunta, a unha toma de posturas conciliada, á existencia dun plan de acción definido, etc. Pero como vimos de ver, sobre todo no referido aos motíns, pero tamén nos casos en que a práctica totalidade dunha parroquia se nega a pagar a cota ou se pon lume de maneira coordenada a un monte repoboado, a espontaneidade non é unha das características da resistencia civil. Habería que remitirse a observación do código cultural polo que se organizaban, pois é este o que lles confire esa especie de irreflexividade que se albisca se o comparamos con programas formais de acción. Novamente topamos coa cultura de resistencia e a súa condición de sustentadora da resistencia civil porque nela e nas redes sociais tecidas sobre ela configúranse non só, como temos dito, as formas do repertorio de protesta, senón tamén as "canles" para a mobilización. O código cultural de protesta encamiña este tipo de accións ata parecer que se estruturan por vías organizadas.

Nos testemuños orais obsérvase unha tendencia psicolóxica a simplificar os mecanismos causais que se consideraron relevantes para elixir os comportamentos seguidos durante a Guerra e a posguerra. A racionalidade que esgrimen os protagonistas explica as condutas individuais como froito do compromiso entre comportamento subxetivamente desexado e comportamento socialmente requerido. Son moitos os que anceiaban tomar algún tipo de medida opositora ou de resistencia (a de fuxir é a que aparece con máis asiduidade) pero que sopesaron as súas responsabilidades familiares ou as

[442] FIGES, O.; KOLONITSKII, B., (2001), *Interpretar la revolución rusa. El lenguaje y los símbolos de 1917*, Madrid, Biblioteca Nueva-Universitat de València, p. 58

súas capacidades (saúde, economía, fortaleza das relacións sociais) e declinaron ese posicionamento inicial[443].

Así, non é a "mentalidade propia do labrego" a que frea a elección da loita aberta contra o Réxime, como se ten sinalado polos autores que concordan cunha visión atávica do campesiñado, senón a inexistencia de potencialidade para a protesta. A posibilidade de levar a cabo unha protesta acostumaba a ter como precondición a dispoñibilidade de certos recursos e de información, a través de redes relacionais e de parentela nas que os individuos se inxerían. É precisamente o carácter cotiá da vida dun grupo de persoas, complicadas en acontecementos locais pero relacionados con feitos políticos e económicos que escapan ao seu control, o que proporciona as explicacións das motivacións e das estratexias de acción asumidas. Neste senso, a resistencia ten moito de "continxencia". É a conxuntura a que crea os condicionantes que configuran o marco plural de disxuntivas finitas onde se regulan as decisións, as accións ou omisións dos suxeitos. Aspectos como a inestabilidade das redes intanxibles de amizades, vínculos, protección, asegurarse a supevivencia, etc. distorsionaron as actitudes e preferencias individuais.

Ausente a racionalidade da opción da oposición, o que operou foron as formas de resistencia civil. Os factores desencadeantes da decisión de resistir con respecto ao poder están en razón da "cultura de resistencia" e das "identificacións fortes". A súa erosión parcial ou total amósase como o motor dunha toma de postura nada complacente para co poder. Así, numerosos colectivos sociais coñeceron varios "momentos-chave" que determinan a súa entrada na resistencia civil segundo os modos de expresión e os ritmos que lles son propios. Grupos sociais e colectivos diversos non se opuxeron á política franquista en xeral, pero si disentiron de aspectos particulares que rompían liñas de actuación ou de crenza que crían "sagrados" e resistiron a intromisión do Estado nese ámbito concreto[444].

No rural galego un caso evidente é o dos tratantes de gando, que, en desacordo dende primeira hora coa opción de Falanxe de controlar os envíos de carne á fronte, coa taxación de prezos e coa política repoboadora que minguaba os espazos a pasto, empezaron a artellar estratexias para evadir o control ao que se vían sometidos. Dende a alcaldía de Foz ponse en coñecemento do Gobernador Civil en xuño de 1938 que os tratantes de gando chegan a acordos entre eles para fixar o prezo do gando vacún e postúlase a entrega directa de gando por parte dos produtores á Falanxe sen pasar polas mans dos tratantes. Póñense exemplos de algúns tratantes concretos como Rosendo Canto Salgado, de Sto. Tomé de Lourenzá e Ramón Ventoso Rrodriguez, de Vilanova de Lourenzá, Eduardo Fernández, de Reinante, que "aínda que non pode comprobarse

[443]... eran da CNT e algúns deles déranse o monte, e eu se tivera quen me acompañara tamén... acórdome de fuxidos ó monte... non houbo tanto porque tanto medo meteron á poboación porque o individuo que se largaba ó monte ou que non se presentaba cando o citaban, prendíanlle á familia, á cárcere, entón todo o mundo se acobardou". HISTORGA. Entrevista nº 177, Entrevistado M.P.C., parroquia de S. Breixo, en Palas de Rei

[444]C. Koonz estuda na Alemaña nazi este fenómeno para o caso concreto do ámbito relixioso e rexistra que poboación que xeralmente apoiaba aos nazis usaba a súa capacidade crítica en áreas que concernían aos seus ideais relixiosos. KOONZ, C., (1992), "Ethical dilemmas and nazi eugenics: single-issues dissent in religious contexts", *Journal of Modern History*, 64, pp. 8-31

en todas as feiras, igual que na do 30 celebrada en Foz,... póñense dacordo nos prezos a pagar e case sempre figura un ou dous como comprador, aínda que despois sortean as reses". A altura de 1957 os tratantes accionan outro tipo de protesta. Segundo o informe do Gobernador Civil da provincia da Coruña de agosto dese ano "chegaron á Dirección Xeral testemuños acreditativos de que por parte de gandeiros e tratantes se mandan aos matadoiros da provincia xatas pequenas segundo o regulamentado... co fin de evitar esta reiterada actitude de rebeldía e desobediencia ao cumprimento das disposicións, denunciando os feitos ante a Xefatura Provincial de Gandería aos infractores"[445].

O "crecemento" da resistencia obedece así a unha serie de reaccións sociais en cadea que precipitan a acción de certos elementos dos grupos[446]. A reunión destas mobilizacións particulares conlevan á edificación dunha resistencia de maior envergadura. A implantación dunha lexislación desfavorable aos intereses rurais fixo que xente caracterizada polo acatamento das disposicións lexislativas viran criminalizadas as súas actitudes meramente por subscribirse a modos de comportamento tradicionalmente aceptados[447]. A transgresión masiva da lexislación provocou que o poder draconizara máis a lexislación e sancionara con máis severidade a ruptura das súas normas.

Ser resistente ten que ver con querer, pero tamén con poder e, indubidablemente, coa continxencia. Véxase a opción de axudar aos guerrilleiros. Esta sostense sobre a base de relacións de amizade, en función dunha decisión puntual, a causa de situacións familiares, en medio dunha grande confusión de ideas, etc. É dicir, hai que ter en conta a importancia da continxencia no senso de verse "afectado" persoalmente, familiarmente ou comunitariamente por algunha medida concreta imposta polo réxime. En moitos concellos do rural galego a poboación non tivo ocasión de protestar contra a concentración parcelaria porque non se levou a cabo alí, o mesmo que moitos labregos nunca se atoparon cun guerrilleiro e deberon tomar a decisión de axudalo ou denuncialo. No concello de Cervantes, no sur do Lugo, non encontramos unha soa mostra de resistencia ante o auxe da política de repoboación dos anos corenta e cincuenta sinxelamente porque o alcalde non catalogaba como bens do concello os montes veciñais, así, non tiveron ocasión de amosar unha resistencia que si sentían se medimos a súa colaboración para cos guerrilleiros da zona. Aínda máis, nin sequera as disposicións xenéricas conseguían "afectar" por igual á poboación. A política de abastecementos, por exemplo, demostrou axiña a súa incapacidade para evitar a fame e a súa mala xestión só fixo que o problema do abastecemento empeorara, pero a escaseza e/ou o desacougo por causa da corrupción rampante non afectaba a todos por igual.

[445] AMF. Corresponendencia. AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración Local. Sig. 2936

[446] Semelin explica como en Noruega, cando o réxime se inmiscue na escola se produce a mobilización dos profesores, igual que os ataques contra a igrexa son os que mobilizan ao clero, e non antes. SEMELIN, J., (1989), *Sans armes face à Hitler... opus cit.*

[447] Kershaw, no seu estudo sobre Baviera, demostra que as motivacións que levan a unha toma de postura activa de oposición ou de resistencia civil están relacionados coas filiacións rexionais, de clase e relixiosas, a supervivencia, o poder do partido local e o terror que pode inflixir o aparato represor, o beneficio individual e o interese material. KERSHAW, I, (1983), *Popular opinion... op cit.*

François Marcot indica que, en teoría, todo o mundo pode resistir porque todo o mundo pode ter a intención de facelo e inventar as súas propias formas de acción. Pero na práctica todos os actores non son solicitados/afectados da mesma maneira ou/e non encontran as mesmas posibilidades de actuar. Esta reflexión parece evidente no caso da axuda á guerrilla. Esta reclutaba apoios en virtude das súas necesidades e os labregos facíanse cargo de funcións determinadas (comida, vixilancia, dar noticias, etc.), é o que Marcot denomina "principio de funcionalidade"[448]. Esta reflexión incide, aínda máis se cabe, na nosa determinación de non gradar por "valía", en canto ao nivel de protesta ás diferentes formas de resistencia no sentido de entender que todo aquilo que se pareza máis a unha forma de "oposición" é máis decisivo. Se non partíramos de recoñecer ese principio de funcionalidade estableceríase que o labor de calquera linotipista da cidade de Ourense ou de Pontevedra sería máis meritorio que dar de cear a un fuxido nalgunha pequena parroquia porque se asume que o primeiro tivo unha función máis primordial. Pero dende o noso punto de vista, e seguindo os presupostos de F. Marcot, o valioso era a existencia de "resistentes funcionais", é dicir, de todo tipo de individuos que se encargaran de accións e funcións segundo a súa capacidade, condición e oportunidade. Prover de repouso e comida a un guerrilleiro era igual de vital e fundamental que imprimir varias copias de "El Guerrillero", poñamos por caso.

É necesario distinguir entre aqueles que de veras se botaron ao monte e quen, en cambio, colaborou dende a súa casa; entre quen foi combatente e quen actuou de soporte; entre quen estivo escondido durante meses e quenes estiveron na cadea por anos porque uns optaron por ser "antifranquistas ou opositores" e outros por resistir no ámbito civil. Pero dentro das accións propias desta última as diferenzas poden ir pouco máis alá de diferenciar tipoloxías en virtude dalgún aspecto (resistencia aberta, institucionalizada, non dirixida, etc.), non deben gradarse pola súa aparente envergadura ¿Ou acaso alguén podería medir a diferenza entre firmar unha carta de queixa ante o Gobernador civil ou rexeitar unha subscripción de Auxilio Social?, ¿e entre queimar o monte repoboado e dar cobixo a un guerrilleiro? Por veces pode pensarse que é o número de veces, a natureza reincidente do protagonista o que dá máis valía a unhas actuacións que outras. Pero tampouco é o caso pois habería que sinalar unha falaz liña: ¿levar a comida a un fuxido durante dous anos ten máis mérito que deixarlle durmir na casa unha noite? Só en parte. Primeiro, porque unha única vez era a precisa para que o réxime castigara e condenara ao seu opositor. Segundo, o nivel de control e de perigo podía ser moito maior no caso da axuda puntual que parece menos significativa. E, a maiores, tampouco sería claro cal tivo un maior potencial representativo. De feito, a maior igualdade que amosan as formas de resistencia cotiá entre elas dáballelas o Estado coa súa consciente utilización de incoherencias entre sistemas de regras e de sancións. A practicamente nula relación que gardaban delitos e condenas difuminaba os lindes entre as diferentes actuacións. A pena posta por espallar un rumor podía ser igual, maior ou menor que a de participar nun motín, que a de non pagar as taxas da Hermandade, que a de vender carne fóra do precio de taxa, etc., etc. A aplicación da máis absoluta arbitrariedade caracterizou o sistema e

[448]MARCOT, F., (1997), "Pour une sociologie de la Résistence: intentionnalité et fonctionnalité", *Le Mouvement Social*, 180, pp. 21-41, p. 25

igualou en certa medida os actos de resistencia. Nas mesmas circunstancias en que un sería executado outro puido cumprir condena en prisión ou ser multado.

A única maneira de gradar en canto a súa valía os actos de resistencia civil é o seu estudo pormenorizado e isto é practicamente imposible coas fontes existentes. É a casuística particular a que permite albiscar aspectos como riscos corridos, éxito da actuación, intensidade, intencionalidade, etc. Isto non impide profundizar no seu estudo como colectivo e, constatar que é nestes espazos "periféricos" que abre a resistencia onde perviven e xermolan elementos constitutivos da sociedade civil pois neles é onde se activan prácticas de solidariedade, de organización e de reivindicación en contestación ás políticas do réxime.

A existencia e representatividade das mostras de resistencia civil indican que durante as primeiras décadas do franquismo en ningún momento se pode falar seguidismo e sumisión da comunidade rural galega con respecto ás disposicións e políticas do franquismo, pero si podemos entender a súa relación en termos de indiferenza interesada, apatía, adaptación e negociación[449]. Kershaw observa para o caso do réxime fascista alemán que a "oposición decae... no punto onde converxen os valores nazis e os valores de conservación", (Kershaw, 1990:376). Nós imos reparar de contado neses puntos de adaptación que, entendemos, non son a cara oposta dunha moeda onde a cruz está ocupada pola resistencia civil, senón que conviven con ésta e moldean as actitudes que puntualmente mostrou a poboación cara ás disposición franquistas.

[449]Nun sentido moi parello conclúen os traballos feitos para o rural mallorquín, vd. VIVES RIERA, A., (2005), "La resistencia de la Mallorca rural... *op cit.*, p. 87

Capítulo 6

A "adaptación": un "primum vivere" sen claudicación

"coa minoría sería difícil. Usei a miña cabeza. Quero estar do lado da maioría"
Campesiño malaio.

SCOTT, J.C., (1985), *Weapons of the weak: everyday forms of peasant resistance*, New Haven, p. 11

"cando os nazis atacaron aos comunistas, el estivo un pouco desgustado, pero, despois de todo, el non era comunista, e non fixo nada; e despois eles atacaron aos socialistas, e el sentiu contrariedade, pero, el non era socialista, e non fixo nada; e despois as escolas, a prensa, os xudeos, e así..., e el estaba sempre incomodado, pero non fixo nada. E cando eles atacaron a igrexa, e el era o pastor, e fixo algo, era demasiado tarde"

MAYER, M., (1955), *They thought they were free: the germans 1933-45*, Londres, p. 166

Ao falar da resistencia civil fixemos fincapé nas razóns que levan á toma de postura dun suxeito ante o réxime político e insistimos na complexidade e variabilidade das actitudes grupais e individuais. Neste epígrafe subliñaremos aquelas condicións que facilitaron que a maior parte da poboación española, e con ela a rural galega, se "adaptara" ao sistema político saído da Guerra Civil. A consolidación do franquismo só foi posible grazas a que unha parte da sociedade civil colaborou no seu sostemento. O tipo e grao de consentimento que gozou o réxime franquista alvíscase en que o seu final non se traduciu nun mero regreso aos comportamentos e valores anteriores, senón nun enfoque cultural no que os vellos comportamentos e valores só en parte encontraban o seu acomodo, mentres que outros, establecidos no tempo do réxime, continuaron consciente e inconscientemente presentes[450].

[450]DE FELICE, R., (1996), *Rojo y negro*, Barcelona, Planeta, p. 29

O entusiasmo popular para co réxime que transmite a prensa e a publicidade franquista, o ambiente triunfalista, era máis retórica apoloxética que outra cousa. Pero unha ditadura non se sostén coa simple coerción, senón encontrando unha base, máis ou menos estable e duradeira, xerando uns intereses compartidos e tecendo unhas redes de coptación que permitan a súa supervivencia e funcionamento. Non hai dominación sen un mínimo de aceptación, por débil que esta sexa, como afirma a teoría política[451]. Calquera réxime que pretenda pervivir no tempo debe concretar unha serie de instrumentos de socialización que transmita aos cidadáns a crenza na lexitimidade do sistema político e na súa acción positiva para con eles, é dicir, que artellen algún tipo de consentimento. As ditaduras fascistas amosáronse extraordinariamente eficaces tanto no desenvolvemento dos mecanismos de integración política como nos de exclusión e represión. As fronteiras entre os diferentes tipos de consentimento e a coerción son difusas e cambiantes e os dous provocaron exclusión e subordinación, os eixes sobre os que o franquismo debuxou o seu proxecto de "comunidade nacional"[452]. Á raíz do debate suscitado na historiografía sobre o fascismo italiano, primeiro de carácter nacional, a partir do que se desenvolveron investigacións coa pretensión de constatar que o consenso era unha actitude xeralizada entre a poboación que viviu o réxime de Mussolini, xeralizouse o interese por debater sobre o grao de aceptación de sistemas ditatoriais e fascistas noutros países, incluido España[453].

O franquismo, para conseguir o seu fin último, perdurar no poder, entregouse a dúas tarefas prioritarias: manter a prosperidade e a seguridade de todos os que supoñían a súa base social e lexitimar o seu dominio mediante a súa "política social" e por outra, optar pola violencia aleccionadora e represiva. Esta opción de non entender a represión como algo iniciático á espera de conquistar á poboación tendendo mecanismos de integración e mobilización diferénciao do resto de réximes fascistas, porque non amosa un anceio por crear unha verdadeira "comunidade nacional", malia á intención de reeducar aos desafectos[454]. Sen dúbida, a orixinalidade do franquismo con respecto aos outros fascismos, véxase a súa orixe nunha guerra civil, determinou fasquías específicas no seu proceso de organización do consentimento[455]. A represion e a creación dunha atmósfera de terror e medo eran parte estrutural da política fran-

[451] LUEBBERT, G.M., (1997), *Liberalismo, fascismo o socialdemocracia. Clases sociales y orígenes políticos de los regímenes de la Europa de entreguerras*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, p. 18

[452] Sobre a feblezas das fronteiras entre coerción e consentimento, vd. PROST, A., (2002), "La guerre de 1914 n'est pas perdue", *Le Mouvement Social*, 199, pp. 95-102

[453] Exemplo de isto en Alemaña, entre outros, GELLATELY, R. (2001), *No sólo Hitler. La Alemania nazi entre la coacción y el consenso*, Barcelona, Ed. Paidós; ou o afamado GOLDHAGEN, D., (1996), *Hitler's Willing Executioner: Ordinary Germans and the Holocaust*, Nueva York, Taurus. Para o caso de Rusia, FITZPATRICK, S. (1979), *Education and social mobility in the Soviet Union, 1921-34*, Cambridge, Harvard University Press ou KOTKIN, S. (1995), *Magnetic Mountain. Stalinism as a Civilization*, Berkeley

[454] A. Lüdtke sinala que o Estado nazi poñía en práctica a represión, a neutralización do "opositor" e a integración. Esta última é a que o franquismo non accionou mantendo á sociedade dividida entre "vencedores" e "vencidos". LÜDTKE, A., (1992), "The Appeal of Exterminating "Others". German workers and the limits of resistence", *Journal of Modern History*, 64, pp. 46-67, p. 55

[455] CALVO VICENTE, C., (1995), "El concepto de consenso y su aplicación al estudio del régimen franquista", *Spagna Contemporanea*, 7, pp. 141-159, p. 150

quista e, por iso, non buscou o artellamento dun consenso activo e entusiasta na maioría da poboación. Como puntualiza Ismael Saz, "podería afirmarse que o binomio represión/consenso decantouse cara ao primeiro dos termos de forma máis acusada en España que en Italia ou Alemaña" (Saz, 1999:18). De feito, insistimos nós, os mecanismos de consentimento que o franquismo puxo en práctica teñen sempre unha cara represiva. É dicir, medidas que facilitaron a súa lexitimación ante unha parte da poboación, foron para a outra parte disposicións que sancionaron a súa exclusión, a súa condición de vítima, de represaliado e, sobre todo, de vencido. Porque a violencia só foi unha das fórmulas empregadas polo franquismo para represaliar á sociedade, as formas de atracción cara ao réxime, as vías para a busca de constentemento tamén operaron como coartadoras das liberdades, mesmo ata facer innecesario o recurso á violencia de forma permanente.

Incidir por razóns de interese no ámbito da resistencia e, incluso no transfondo de pasividade social existente, como é o noso caso, non exime de recoñecer o conformismo e incluso a adhesión entusiasta que o réxime recibiu dun amplo estracto da sociedade rural galega. Como ben advertía Pierre Vilar, a peor tentación dun historiador é illar un factor ou un aspecto da realidade. A necesidade de investigar como puideron xurdir as actitudes adaptaticias ao sistema imposto na maioría indecisa é tan importante como desenmarañar a resistencia se pretendemos ter unha imaxe completa e acaída da madeixa de actitudes da sociedade rural galega para co franquismo. Traballos como os de Gellately para o caso alemán resaltan a importancia do problema de xustapoñer a conformidade e a resistencia en tanto que dúas actitudes diferentes da poboación cara ao Estado nazi, solucionable unicamente a partir de prestar atención ás expresións de descontento cotiá[456]. As dúas son cara dunha mesma moeda, a adaptación deixa espazos para a resistencia civil, e episodios desta acomódanse en actitudes propias daqueloutra. O disenso parcial nuns aspectos foi compatible co consentimento noutras áreas.

6.1 O franquismo na Galicia rural. Nin "paréntese" nin "culpa colectiva".

Para reconstruír as formas en que a sociedade rural reaccionou fronte ao franquismo, é preciso subliñar a diversidade, complexidade de actitudes e de comportamentos. A grande maioría da poboación comportouse como a que B. Moore denomina "maioría confundida/indecisa" (Moore, 2000:254), é dicir, aqueles que nin foron activos resistentes nin rotundos colaboradores. Hai unha gran "zona gris" composta por todos os que lograron sobrevivir entre os dous lumes, imposibles de clasificar socioprofesionalmente, que se atopan transversalmente a través de todas as capas sociolaborais,

[456] GELLATELY, R., (2002), *No sólo Hitler... op cit.*; GELLATELY, R., (2004), *La Gestapo y la sociedad alemana... op cit.*

dende a burguesía a clase obreira, pasando polo campesiñado[457]. O estudo das actitudes desta maioría é o que nos interesa e é o que, ata non hai moito, quedaba exento de análise debido á carencia de metodoloxías e teorías válidas para aprehendelas. A opción preferente viña sendo a de seguir os esquemas propios do franquismo, que clasificaba a poboación en tres categorías, *adictos, desafectos e indiferentes*, actitudes básicas que nin moito menos son suficientes para englobar os comportamentos da poboación. Entendemos que estas categorías non son operativas e deben ser matizadas, primeiro, porque dan unha sensación de estatismo falsa, e segundo, porque cada categoría abrangue diferentes niveis e graos.

A inmensa maioría da poboación rural galega, como a española, adaptouse á nova situación. Axustouse ao poder triunfante e a súa nova lexislación e ás maneiras que a Administración tiña de facerse presente ante a sociedade. *Primun vivere* foi o código íntimo da xente[458]. Desaparecer, encerrarse, non comprometerse con ningún bando e esperar o final da ditadura foron as opcións da maioría para tentar superar o período cun mínimo de danos e sacrificios. Esa adaptación foi moi elástica, pasando de mínimos, entendida en moitos casos como un mal menor, a máximos, na fronteira da implicación e do compromiso. Abranguer as diferentes formas de adaptación, para diferenciar os seus diversos graos, é extremadamente complicado tendo en conta a grande diversidade de comportamentos existentes, xa non a nivel de conxunto, senón simplemente ao longo dun curso vital individual.

Sen recoñecer a opción da adaptación como a actitude maioritaria, é posibe que a imaxe que saíra do noso estudo poidera ser considerada próxima ou mesmo en sintonía coa liña interpretativa do "paréntese" ou do "excepcionalismo"[459]. Esta opción, abandeirada na famosa querela mantida no interior da historiografía alemá desencadeada a través do traballo de Ernst Nolte en 1986, pola liña conservadora, susténtase en subliñar a situación de excepción que nas diferentes historias nacionais terían causado ditos períodos fascistas ou parafascistas. Esta interpretación ten como corolario a exculpación do conxunto da poboación que apoiou, colaborou, consentiu e aceptou estes sistemas políticos, en tanto que esgrime a responsabilidade específica dun grupo concreto.

Detrás deste razoamento atópase o desexo de esquecer o pasado, de deixar atrás inquietantes preguntas e de non dar conta das implicacións éticas e morais, negando que eses períodos foran explicables de maneira endóxena, a partir da evolución histórica

[457] O termo e a conceptualización da "zona gris" é un dos acertos historiográficos de Primo Lévi. El emprégao para designar a todos os que non poden clasificarse nin como "detidos" nin como "gardiáns", e amplía o concepto ata dar cabida a práctica totalidade dos habitantes do campo de concentración nazi no que el estivo recluído, pechando así unha dicotomía entre bos/malos que el combate por maniquea. LEVI, P., (2001), *Los hundidos y los salvados... op cit*

[458] FELICE, R. DE, (1996), *Rojo y negro... op cit*, p. 56

[459] Interpretación que superou o marco xeográfico alemán e tamén sostén explicacións para o período estaliniano e do conxunto do período soviético na historia de Rusia, COURTOIS, S. (et al.), (1989), *El libro negro del comunismo*, Madrid, Espasa Calpe. Unha interpretación crítica coa teoría do excepcionalismo para o ámbito alemán, RENTON, D., (2001), "The agrarian roots of fascism: German excepcionalism revised", *The Journal of Peasant Studies*, 28, 4, pp. 127-148

das sociedades en cuestión[460]. Como sinala Ignacio Peiró, facendo súas as verbas de E. Traverso, trátase de interpretacións historiográficas que "comparten precisamente a tendencia a expulsar os crimes hitlerianos da traxectoria do mundo occidental" (Peiró, 2000:148, nota 11). Esta conclusión apoia o argumento de que os líderes e os partidos no poder actuaron contra a vontade da maioría do pobo e, sobre todo, á marxe deles, polo que as atrocidades levadas a cabo por estes rexímes constiúen unha excepción sociolóxica e política na historia deses países. Esta interpreción, na que se inclúe a famosa teorización totalitarista de Hannah Arendt (1987), posibilita explicar que, trala caída destes sistemas políticos, aparezan sen máis milleiros de antifascistas e sostedores da democracia nesas sociedades. Os historiadores que apoiaron esta corrente pode dicirse que tinxiriron de culpabilidade a grupos concretos defendendo ao cidadán de a pé.

Estamos moi lonxe de participar deste corolario que entendemos conduce á mesma falsidade histórica que a opción antagónica, inscribir eses réximes dentro da evolución histórica "lóxica" das sociedades onde xorde a costa de defender a tese da "culpa colectiva". Como advirte L. Mees, este plantexamento supoñía aceptar que tiña que haber "... millóns de alemáns obrigados a probar a súa inocencia ante os tribunais de *desnacificación*" para dar conta do seu día a día (Mees, 1996: 469). Daniel J. Goldhagen, a cabeza máis visible desta tendencia nos últimos anos, deu protagonismo aos alemáns "comúns" na explicación da orixe do hocausto propoñendo a culpa colectiva dos alemáns en tanto que non existiron colectivos ou grupos significados e identificables que se opuxeran ou deran unha opinión discrepante ante a matanza indiscriminada de xudeos. ¿Todos os homes se convirten en anormais se se atopan en condicións anormais? A súa controvertida resposta é positiva tendo, segundo el, a dependencia, a subordinación e a medianía moito que ver con esta realidade[461].

As dúas deducións suscitan a cuestión da responsabilidade nas atrocidades cometidas polos réximes fascistas optando ben por sinalar que afectaban só ás elites no poder, ben por inculpar ao groso da poboación. Ambas as dúas imaxes, contra as que reaccionou críticamente moita bibliografía[462], entendemos que son censurables por ofrecer unha interpretación monocausal e determinista baseándose en moitas simplificacións e permisas pouco elaboradas. A primeira conclusión por obviar os niveis de adhesión e cooperación social necesarios para o mantemento e funcionamento de ditos réximenes. Xeralmente son froito de estudos centrados na análise das actividades políticas da Administración central e nas elites que non teñen presente a implicación dos niveis provinciais e/ou locais de poder[463]. A segunda, entre outras cousas, por minimizar os

[460] Unha interpretación máis devagar en MEES, L., (1997). "¿Vino viejo en odres nuevos?... *op cit*, pp. 471-472

[461] Para o seguimento das críticas recibidas polo traballo de D. Goldhagen, vd. MORENO LUZÓN, J., (1999), "El *debate Goldhagen*: los historiadores, el Holocausto y la identidad nacional alemana", *Historia y Política*, 1, pp. 135-159

[462] Algunha recollida no traballo de BERNECKER, W.L., (2003), "El uso público de la historia en Alemania: los debates de fin del siglo XX", en CARRERAS ARES, J.J.; FORCADELL ÁLVAREZ, C. (eds.), *Usos públicos de la historia*, Zaragoza, Marcial Pons, pp. 20-81

[463] Para o caso español xa contamos con estudos que impiden caer nesa simpleza interpretativa, entre eles SANCHEZ RECIO, G.; MORENO FONSERET, R.; SEVILLANO CALERO, F., (1995),

niveis de represión, coerción e violencia empregados polos fascismos e réximenes asimilables a hora de impoñer os seus preceptos, ignorando tamén o fundamental papel que a propaganda tivo. Fronte a estas interpretacións optamos por seguir aquelas visións que avogan pola "historicización" deste tipo de réximes tratando de consideralos dentro da normalidade do proceso histórico nacional, como fan os autores seguidores da Historia da vida cotiá alemá. Este achegamento posibilita a análise da sociedade que viviu durante estes períodos como seres complexos e indecisos, superando as visións dualistas propias das teorías do "paréntese" e da "culpa colectiva".

6.2 Arredor do debate sobre "consenso". O "consentimento"

Tradicionalmente a análise do consenso da poboación con respecto aos seus gobernates e aos seus designios ten sido percibido como o estudo de todas aquelas realidades e ámbitos nos que se amosaba unha actitude totalmente antagónica con respecto á resistencia e á protesta. Un erro que comeza a evitarse nas investigacións máis actuais. Para a "maioría indecisa" consentimento e resistencia civil non son realidades excluintes, senón caras da mesma moeda. A realidade de "todo ou nada" distorsiona a realidade. Convén insistir na premisa central do noso traballo, críticas ao réxime e as súas políticas conviviron con actitudes de adaptación no tempo, no espazo e no individuo. Igualmente, tampouco se pode analizar o consentimento dende un plantexamento dicotómico en termos de "represión"–"consenso", pois é reducionista. As actitudes sociais son máis complexas e combínanse de modo varible nos diferentes grupos sociais, como temos comentado ao tratar da resistencia civil, non poden explicarse en virtude dunha única variable.

As análises sobre a conflitividade no rural advirten de que a realidade non coincide cunha sinxela simplificación dual das relacións sociais baseadas na concepción unidireccional do poder dende arriba cara abaixo, senón que o máis normal era que entrase en liza o pacto, o disimulo ou o encubrimento. É dicir que, como se puxo de relevancia xa, os dominados tiñan unha marxe de manobra para decidir protagonizar comportamentos de protesta ou de resistencia civil, pero tamén, para incidir en fórmulas de consentimento, segundo o momento e as circunstancias.

En Italia os historiadores adicados ao estudo do réxime fascista italiano coinciden na súa maioría en aceptar o amplo consenso que respaldaba ao sistema, pecando moitas veces de ignorar os efectos do control totalitario e da propaganda constante sobre a poboación e minimizando o emprego masivo de coerción e represión para acalar os desacordos suscitados. Nesta historiografía produciuse unha substitución dos esquemas que facían fincapé sobre todo a unha ríxida concepción de dominio

Estudios sobre el franquismo en la provincia de Alicante. Poder político, actitudes económicas y opinión, Alicante, Universidad de Alicante; SANCHEZ RECIO, G., (1996), *Los cuadros políticos intermedios del régimen franquista, 1936-1939*, Alicante, Instituto de Cultura Juan Gil-Albert; SANZ ALBEROLA, D., (1999), *La implantación del franquismo en Alicante. El papel del Gobierno Civil (1939-1946)*, Alicante, Publicaciones de la Universidad de Alicante

por outros que estructuran un discurso máis atento ás dinámicas de consenso. Nesta mudanza tivo un papel protagonista o historiador Renzo De Felice. A súa obra tivo un poderoso efecto revisionista con respecto á historiografía oficial vixente dende a fundación da República ao final da Segunda Guerra Mundial. De Felice insiste na idea, hoxe amplamente asentada, de que o fascismo, malia que non debe verse como un bloque monolítico, senón como un fenómeno histórico suxeito a matices que recibiu apoios diversos e inestables, gozou, por un tempo prolongado, concretamente entre 1929 e 1934, dun vasto "consenso popular"[464]

Esta conclusión é comprometida en moitos aspectos pero, sobre todo, e como están a advertir os seus críticos, pola propia significación do concepto "consenso" para definir e entender as actitudes populares baixo unha ditadura ou un réxime totalitario. A delimitación do concepto de consenso e o establecemento das actitudes que o compoñen non é unha tarefa sinxela debido ás diversas acepcións que se manexan. De aí a pertinencia de iniciar a reflexión sobre as súas características baixo o réxime franquista facendo expresa a acepción da que se parte. Cándida Calvo fai súa a proposta de M. Rampazi e E. Shills para definir consenso como "a adhesión e o apoio dado polos cidadáns ao sistema político, que se traduce, en termos de comportamento individual, na obediencia e na dispoñibilidade dos mesmos a aceptar as decisións adoptadas pola clase política... existe consenso cando se produce a aceptación común polos membros dunha sociedade de leis, regras e normas, cando se dá unha adhesión as institucións que as promulgan e aplican e, finalmente, cando existe entre os gobernados un xeralizado sentimento de identidade ou unidade..." (Calvo, 1995:142)

Como ferramenta analítica prestada da Ciencia Política "consenso" ten o problema de ter nacido para dar conta de actitudes de identificación e integración cos fins e organizacións estatais en sistemas democráticos onde existen sociedades plurais e marxes previstos para a demostración de disenso e protesta. Así, a súa adopción para un sistema como o fascista italiano é criticable porque non é demostrable nin aplicable por defecto á realidade das actitudes cando non hai mostras de disenso. Non se trata dunha actitude activa, positiva, nin voluntaria, senón que pode ser obtida por unha combinación de represión e control social e acostuma a ser mostra da efectividade da decisión de sobrevivir máis que dunha activa ou manifesta fascistización[465]. A existencia de consenso implica unha elección en canto a comportamento que demanda en sí a existencia dun réxime democrático xa que as continxencias dun sistema ditatorial ou autoritario implican non poder analizar o elemento fundamental que demostra a súa existencia e grao, o cumprimento das disposicións emanadas do Estado porque nestes sistemas dase unha ausencia real ou exclusión de alternativas.

Nós compartimos o exposto por P. Morgan e outros autores, e consideramos máis acertado falar de "consentimento" para referirnos á ampla gama de relacións e ac-

[464]FELICE, R. DE, (1974), *Mussolini il duce. Gli anni del consenso 1929-1936*, Turín, Einaudi, pp. 54 e ss.

[465]Unha crítica certeira e documentada á conclusión de De Felice para a sociedade rural italiana en CHIODO, M., (ed.), *Geografía e forme del dissenso sociale in Italia durante il fascismo (1924-1934)*, Cosenza, Pellegrini Editore; CORNER, P.R., (2002), "Italian Fascism: Wathever happened to Dictatorship?", *The Journal of Modern History*, 72, pp. 325-351

titudes entre gobernantes e gobernados que posibilitan a estabilidade do sistema político. Consentimento non remite a harmonía entre os dous nin denota un grao de cohesión importante como si o fai o concepto de consenso. Tampouco imprime un carácter horizontal ao acordo pola estabilidade, reducindo a incidencia dun conflito ou disenso, nin se amosa contínuo no tempo[466]. O consenso está máis próximo ao que poderiamos denominar "afinidade ideolóxica", ou "acordo" co tipo de sistema político, mentres que consentimento pode remitir a ese aspecto ideolóxico pero trascéndeo engadindo aspectos como a obediencia habitual, os custos de oportunidade, os incentivos e a presión[467].

España, aínda que tardiamente e de modo paseniño, tamén entrou neste debate, primeiro dende un punto de vista reducionista que limitaba as explicacións a dicotomías do tipo represión/consenso ou consenso/oposición. Sobre todo porque se incidiu na análise da represión e, dados os niveis constatados, parecía aceptable a idea de que, a diferenza do nazismo ou do fascismo italiano, o franquismo non procurara o consentimento da poboación senón que se limitara a reprimir á sociedade que non lle era afín e a aniquilar á oposición. Pero dende finais dos anos noventa, a análise mudou para dar cabida a plantexamentos que son quen de aglutinar as diferentes actitudes da poboación sen caer en extremismos. O tardío do interese por este obxecto veu dado pola lentitude coa que a preocupación pola historia social se espallou na historiografía española sobre o franquismo, máis centrada en debates sobre a traxectoria da oposición antifranquista e en esclarecer a natureza do franquismo como sistema político[468].

Foi un historiador italiano, Francesco Barbagallo o que a finais dos anos oitenta, a partir dunha reflexión sobre o debate existente na historiografía italiana adicada ao fascismo, abriu as portas para a realización, a modo de historia comparada, dunha análise sobre as actitudes populares cara ao franquismo. Borja de Riquer foi dos primeiros en introducir consideracións sobre as actitudes, non das minorías activas e concienciadas, senón da maioría da poboación catalana durante a posguerra[469]. Amosou que as actitudes dos diferentes grupos sociais en Cataluña foran diferentes e cambiantes no tempo pero que, a nivel xeral, se estendera a pasividade que, se ben distaba de ser un apoio entusiasta nin unha asunción de presupostos ideolóxicos maioritaria, si axudaba a explicar a penetración do franquismo na sociedade. Insiste en que hai evidencias suficientes para negar que houbera realmente unha actividade de oposición, de enfrontamento e de reacción diante do poder franquista, e o que atopa son actitudes

[466]MORGAN, P., "The years of consent? Popular attitudes and resistence to Fascism in Italy, 1925-1940", en KIRK, T.; McELLIGOTT, A., (ed.), *Opposing Fascism... op cit.*, pp. 163-179

[467]LEVI, M., (1997), *Consent, dissent and patriotism*, Cambridge, Cambridge University Press

[468]Sobre o interese pola historia social do franquismo, os seus logros e fraquezas, vd. MOLINERO, C.; YSÁS, P., (1998), "La historia social de la época franquista. Una aproximación", *Historia Social*, 30, pp. 133-154; RODRÍGUEZ BARREIRA, O.J., "La historia local y social del franquismo en la democracia... *op cit.*

[469]BARBAGALLO, F.; LANARO, S., (1990), "Debat", en VV.AA., *Franquisme. Sobre resistència i consens a Catalunya (1938-1959)*, Barcelona, Crítica, pp. 32-49; RIQUER, B. de, (1990), "Rebuig, passivitat i suport. Actituds polítiques catalanes davant el primer franquisme (1939-1950), en VV.AA., *Franquisme. Sobre resistència i consens a Catalunya (1938-1959)*, Barcelona, Crítica, pp. 179-193

de adaptación, deferencia, resignación, pasividade e rexeitamento que se combinan de xeito variable. Por grupos sociais o autor explica que a burguesía catalana deu o seu consentimento ao réxime polo interese que tiña de que os dereitos de propiedade quedaran garantidos, é dicir, tratouse dun consentimento froito de necesidades socioeconómicas, do interese se se quere, e non dunha convicción político-ideolóxica. Esta foi máis característica das clases medias, onde a forte tradición católica, xunto á ofensiva ideolóxico-relixiosa do réxime, obsesivo do adoutrinamento e da recristianización, lograron un consentimento pasivo destes, de inicio, defensores da causa republicana e do catalanismo. As clases populares, nomeadamente, a clase obreira, sostiveron un consentimento baseado na combinación de medo, resignación e adaptación e no que a represión e as durísimas condicións de vida exerceron como xeneradoras.

C. Molinero e P. Ysás centraron o seu estudo na análise das actitudes desa clase obreira catalana, posuidoras dunha longa tradición sindical e dunha cultura política con fortes raíces republicanas, socialistas e anarcosindicalistas, ante o franquismo. Sinalan que eran moi conscientes da súa condición de vencidos, que por outra parte lles era recordada constantemente, polo que a súa actividade predominante durante os primeiros anos da posguerra foi o "rexeitamento pasivo" cara o novo réxime. Este non evoluíu cara a posturas opositoras senón de consentimento pasivo, o que se explica, segundo os autores, en primeiro lugar, pola brutal represión contra o movemento obreiro e o gran despregue de forzas policiais efectuado pola ditadura. En segundo lugar, polas durísimas condicións de vida, que provocaron que a loita pola diaria subsistencia concentrara a maioría de esforzos. En terceiro lugar, hai que considerar tamén a memoria da guerra civil, xa que para unha parte importante da clase obreira as experiencias e recordos eran de signo negativo: violencia, inseguridade, fame e todo tipo de privacións e, polo tanto, todo aquilo que comportara o risco de reabrir a contenda era rexeitado. Por outra parte, as divisións e loitas internas que caracterizaron a vida política na zona republicana tamén influiron negativamente no ánimo de amplos sectores populares. E finalmente, aínda que non de menor importancia, habería que ter presente a desilusión e o desánimo ante a ausencia de alternativas plausibles á ditadura[470].

José M. Garmendia e M. González Portilla aprofundaron na actitude da burguesía vasca durante a guerra e a posguerra amosando como un sector que ideoloxicamente e politicamente abominaba o réxime franquista, ofreceron o seu consentimento polas posibilidades de enriquecemento que lles abriu a política económica, que desatou a súa capacidade estraperlista, e polo control que lles posibilitaba sobre a masa obreira, que lles evitaba as folgas e mantiña baixos os salarios. Facendo súas as verbas de Xabier de Landaburu sinalan que "o drama destes burgueses patriotas é que desexan unha Euskadi en liberdade, pero sen folgas, sen emocións, sen quebradeiros de cabeza, cun orde social como o de agora, que recorda a paz dos camposantos e con tal que sexan o competidor e o traballador quen teñan que facer de defuntos"[471].

[470] MOLINERO, C.; YSÁS, P., (1998), *Productores disciplinados y minorías subversivas. Clase obrera y conflictividad laboral en la España franquista,* Madrid, Siglo XXI, pp. 26-29

[471] GARMENDIA, J.M.; GONZÁLEZ PORTILLA, M., (1993), "Crecimiento económico y actitudes políticas de la burguesía vasca en la posguerra", SÁNCHEZ, I. et ali., (ed.), *España franquista. Causa*

Amén de debullar nas diferentes causas explicativas da opción de "consentir" co franquismo a partir de análisis enfocadas aos diferentes grupos sociais, e de interiorizar nos graos dese consentimento, a historiografía española ten avanzado ultimamente no estudo das razóns explicativas da xeración de consentimento cara ao franquismo. Convimos con Francisco Sevillano Calero cando sitúa o consenso cara á ditadura franquista nun cruce de varios factores "que arrancan a partir de (i) as orixes culturais da mobilización política que ocorreu co golpe de Estado e o estalido do conflito en xullo de 1936, e enlazan coa (ii) elaboración dun discurso lexitimador da autoridade da "España nacional", (iii) os apoios acomodaticios que se produciron naquelas circunstancias, (iv) a política de recompensas e a corrupción nunha sociedade dividida entre vencedores e vencidos, (v) a extensa e brutal represión que ocorreu, e (vi) a persistenza de vínculos sociais que permitiran as mostras de disenso na sociedade" (Sevillano, 2003:167).

Estas razóns, en diferentes porcentaxes e mesturas son as que están detrás da "adaptación" no rural galego. Como veremos deseguido, nel optouse por continuar sendo durante as primeiras décadas do franquismo o que viñan sendo historicamente "campesiños racionais con estratexias adaptativas", como ben os ten definido Rafael Domínguez e, así, en aras da supervivencia ou da mellora das condicións de vida, escolleron ofrecer o seu consentimento ao franquismo[472]. O que, sen dúbida, é pertinente é diferenciar e identificar as posturas e actitudes que conviven dentro dese consentimento como a inmobilidade, conseguida polas autoridades por coacción e medios violentos, o apoio difuso, debido á satisfacción de demandas simbólicas e materiais, e o apoio específico ou expreso[473].

Jordi Font i Agulló é un dos autores que máis se ten debruzado no estudo das diferentes actitudes políticas que no medio rural implican consentimento da poboación para co réxime e é tamen un dos mellores representantes da superación do estudo das actitudes sociais partindo da simpleza analítica consenso/represión[474]. No seu estudo sobre o Empordá, baseado na historia oral, tipifícaas segundo o seu grao de adhesión co franquismo. Parte da *adhesión sen condicións* á ditadura, que implica unha opinión positiva do réxime e do período histórico que este ocupou sen espazo, sequera, para o recoñecemento de problemáticas puntuais como as derivadas da autarquía. Xunto a este apoio inquebrantable, moi minoritario, está a *adhesión con diverxencias políti-*

Geneal y actitudes sociales ante la dictadura, Ciudad Real, Universidad de Castilla La Mancha, pp. 179-195

[472]DOMÍNGUEZ MARTÍN, R., (1996), *El campesino adaptativo. Campesinos y mercado en el norte de España, 1750-1880*, Santander, Universidad de Cantabria

[473]MORENO LUZÓN, J.J., (1990), "El estudio de los apoyos sociales del franquismo. Una propuesta metodológica", en CASTILLO, S., (coord.), *La Historia Social en España. Actualidad y perspectivas*, Madrid, Siglo Ventiuno, pp. 541-543

[474]FONT I AGULLÓ, J., (2004), "Nosotros no nos cuidábamos de la política". Fuentes orales y actitudes políticas en el franquismo. El ejemplo de una zona rural, 1939-1959", *Historia Social*, 49, pp. 49-66, pp. 54-63. Unha versión máis ampla e completa en FONT I AGULLÓ, J.,(2001), *¡Arriba el campo!. Primer franquisme i actituds polítiques en l'àmbit rural nord-català*, Girona, Deputació de Girona, en concreto na "Part Segonda", pp. 224-342. Deixamos fóra da análise sobre actitudes a que o autor denomina "disentimento entre o temor e a reclusión na esfera privada", por tratarse, como o seu nome indica, dunha forma de disidencia máis que dunha forma de aceptación.

cas e morais, trátase dun consentimento activo cara ao réxime con algunha fisura derivada de experiencias persoais ou comunitarias como un cautiverio ou ter pasado fame. Outras condutas amosan *pasividade condescendente ou indiferenza aprobatoria*, é dicir, son as propias de "individuos que teñen como obxecto principal remarcar que eles mantivéronse á marxe de calquera circunstancia relacionada coa política durante a posguerra" (Font i Agulló, 2004:57). Nestes casos pódese falar, se non de aceptación, si de consentimento pasivo da poboación cara ao réxime. Outra tipoloxía de actitude é a calificada como *desmobilización política e social, a interiorización do medo e o complexo de culpabilidade*, moi en liña coas "mentalidades autorreprimidas" que xa temos comentadas, e que supón un intento por parte dos seus protagonistas por esquecer, a causa do medo, as súas (ou familiares) antigas filiacións políticas. O *acomodamento*, partindo de posturas de condea política e moral, foi a opción de moitos dos que sufriron en primeira persoa a represión franquista e que tentaron acomodarse ao sistema para continuar coas súas vidas da maneira máis "normal" posible.

Os avances experimentados no estudo do consentimento, e por tanto na investigación sobre os apoios que na sociedade civil atopou o réxime franquista, non deixan de constituír pequenos oasis nun deserto, como denuncia Francisco Cobo no seu recente traballo sobre esta cuestión no que, ademais, chama pertinentemente a atención sobre a necesidade de reorientar as investigacións sobre os apoios sociais recabados polo franquismo, entendéndoos como "infinitamente máis diversificados, heteroxéneos e complexos que como ata o de agora se veñen concebindo" e introducindo un evidente sesgo interclasista (Cobo Romero, 2005:39)

Partindo das puntualizacións de Font sobre o rural de Girona e a apreciación de Francisco Cobo, achegamonos ao estudo das actitudes que amosaron adaptación e apoio no rural galego, onde, como se verá a variedade e matices debuxan comportamentos de todo tipo e intensidade dentro do consentimento. Un consentimento, insistimos, inestable no tempo, no propio individuo, puntual con respecto a cada medida emanada do poder e cheo de concomitancias coa resistencia cotiá. Porque é precisamente nos actos de resistencia civil onde se atopan os límites do proceso de creación de consentimento que puxo en marcha o franquismo para erexirse e perdurar no tempo.

6.3 Formas e ámbitos de "adaptación" no rural galego

Non é usual explicar por que cando un réxime de ditatorial se impón pola forza e en contra dos desexos dunha boa parte da sociedade, só unha ínfima parte desta se converte en "oposición" e traballa polo seu derrubamento. É unha obviedade histórica dada pola condición humana que a oposición sexa asunto dunha presada de individuos e non de todo un pobo. A xente a miúdo atemorizada pola consciencia de ter que pagar o prezo dunha loita que sentía moitas veces como profundamente allea, amosouse disposta a adaptarse, a miúdo oportunistamente en función de quen parecía máis forte e perigoso en determinado contexto.

Pero existen condicións específicas que axudan a explicar as razóns deste comportamento alén destas xeralidades. O sistema político saído do golpe de Estado de xullo do 36 deu orixe a reaccións claras en sentido contrario e a favor, pero, sobre todo,

xerou actitudes vagas, pouco claras, ambivalentes. Non se pode chegar a aprehender a resistencia dentro do comportamento social da poboacion sen establecer ao mesmo tempo o grao de participación do "home común" (Browning, 1992) no funcionamento do Estado, xa que son as dúas realidades convivintes no tempo e no suxeito. Por este motivo trataremos de abordar a evaluación do seu alcance e dos fundamentos desa adaptación.

Philippe Burrin no seu traballo sobre a Francia ocupada e a Francia de Vichy argumenta que a ocupación, como a ditadura, non se mantén unicamente mediante a represión senón a partir da xeración de consensentimento. Partindo da análise dos informes da censura do réxime colaboracionista de Vichy, distingue tres grandes grupos de comportamento dentro das actitudes adaptación. A primeira é a *colaboración-providencia*, unha adaptación política no senso amplo do termo; a segunda é a *colaboración-realismo*, que ten varios móbiles pero que parece proceder, sobre todo, da resignación; e a terceira é a *colaboración-conveniencia*, motivada pola vontade de defender uns intereses persoais ou corportivos nunha coxuntura incerta[475]. As tres vías de adaptación están presentes durante o franquismo no mundo rural, aglutinando múltiples formas en toda a súa diversidade, e dan conta do fenómeno de adaptación dunha maneira diferenciada. Cada opción foi vivida como mera necesidade para alonxarse das situacións demasiado perigosas ou, polo menos, para postergalas. Empezaremos falando da "colaboración-realismo" na que, sobre todo, se denotan as pegadas da represión, a fame e o control social vividos no rural galego dos anos corenta e cincuenta.

6.3.1 Colaboración-realismo

No franquismo, como noutros fascismos, consentimento e aceptación foron inseparables da coerción e a violencia. Parece innecesario voltar a recordar o carácter repreviso dun Estado como o franquista que foi durante toda a súa vixencia, é non só na longa posguerra. Trátase dun "Estado de Vencedores" no que a violencia foi un elemento chave para o seu mantemento[476]. A represión non foi só o primeiro paso, indispensable, para que o réxime tratara de crear consentimento a través das súas organizacións de masa e da súa propaganda, que podían monopolizar a información, senón unha constante no tempo. Antes xa tocamos o tema da represión, especialmente no relativo ao movemento agrarista, para ter unha idea da realidade de partida na que se inscriben os actos de resistencia civil e, polo tanto, para ter un marco no que valorizalos, de tal xeito, abrangueremos neste epígrafe que sigue outros aspectos da mesma.

6.3.1.1 "Co medo no corpo": o terror vivido e percibido

"eu sempre fun de esquerdas... pero o maior asunto era o medo"

HISTORGA. Entrevista a F., de S. Cosme de Barreiros

[475] BURRIN, F. (2004), *Francia bajo la ocupación nazi... op cit*, pp. 197-198

[476] CENARRO LAGUNAS, A., (1998), "Muerte y subordinación en la España franquista: el imperio de la violencia como base del "Nuevo Estado", *Historia Social*, 30, pp. 5-22

"o sorprendente, o tremendamente sorprendente da España daqueles anos, o que sorprendía a cada amencer, era estar vivo. Porque non todos podían dicir o mesmo"

VÁZQUEZ MONTALBÁN, M., (1980), *Crónica sentimental de España*, Barcelona, p. 20

Este apartado pode que quedara cumpridamente explicado aludindo unicamente a unha frase do Xefe de Falanxe de A Coruña. No seu informe mensual de xuño en 1940, ao referirse á orde pública da provincia escribe, "o temor, máis que a comprensión, fan que a orde pública non se vexa alterada"[477].

Alén desta pertinaz apreciación, quizáis cabe insistir en que a comparativa co réxime nazi alemán, co fascismo italiano ou mesmo o estalinista en termos de represión non pode conlevar a menosprezar ao franquismo como "menos represor", nin en termos de presenza da súa política represiva nin en eficacia da mesma[478]. O franquismo concebiu a coerción física e moral como parte estructural do seu proxecto, pois non aspiraba, como xa sinalamos, á integración dos vencidos nun ideal comunitario. Os grandes grupos de intereses como base social da violencia política, o papel dos medios de comunicación no desenvolvemento, difusión e culminación de accións violentas son aspectos relevantes para entender a natureza e a longa duración do réxime. E tamén debemos subliñar as fasquías que o medio rural confire á represión: nas aldeas e parroquias onde todos se coñecen o papel de "informador" de autoridades locais, falanxistas e cregos axudaban a crear unha atmósfera de inseguridade e desconfianza que forzaban a consentir o status quo.

Un trazo distintivo da guerra civil en Galicia, como é ben sabido, foi a práctica inexistencia de fronte de combate. O antifranquismo e a resistencia galega por iso, non compartiu a experiencia miliciana, o combate na guerra. Galicia foi un dos lugares onde a represión franquista máis axiña e máis cruel se deixou sentir converténdose nunha das máis sanguinarias das da retagarda franquista. Tan axiña comezou o conflito bélico en España, en Galicia comezou a busca, captura, e moitas veces morte, de todos aqueles que se significaran co Frente Popular, e contra aqueles que, sen ningún tipo de significación, estiveran afiliados ou simpatizaran con partidos e sindicatos de esquerda. A represión centrouse en zonas de concentración obreira e agrarista, eliminando a sectores que pola súa conciencación puideran ser foco de diverxencia ou disidencia. Aos implicados nos intentos de oposición armada formóuselles consello de guerra por rebelión militar contra os sublevados. Os campesiños, malia a ser o baluarte do réxime, non se libraron da represión e do aparato de control e dominación social exercido en aras de lograr a estabilidade.

Que Galicia non fora un lugar de enconado conflito bélico, unha zona con frontes, ou mesmo un territorio no que dende o primeiro momento os militares permaneceran

[477] AGA. Presidencia. Xefatura Provincial de Falanxe. A Coruña. Parte do mes de xuño de 1940. Caixa 51/20529.

[478] A contraposición de cifras indican que, en termos comparativos, as ditaduras alemá e italiana en períodos de paz tiveron, con respeto á española un "baixo perfil represivo", SAZ CAMPOS, I., M., (1999), "Entre la hostilidad y el consentimiento. Valencia enla posguerra", en SAZ, I.; GÓMEZ RODA, J.A., (eds.), *El franquismo en Valencia... op cit,* pp. 9-35, p.14

leais á legalidade constitucional para ser tomados depois militarmente polos sublevados, non implica que as manifestacións de violencia política fosen de baixa intensidade[479]. En contra do que se poda pensar por tratarse dunha zona de retargarda, a Galicia rural foi obxecto dunha atención especial, o que tiña moito que ver coas necesidades alimentarias do Estado franquista e tamén coa importancia acadada pola guerrilla. A diferenza do resto do Estado, a posguerra significa en Galicia a continuidade do conflito armado en forma de loita guerrilleira, primeiro arredor dos escapados e, dende o inicio dos anos corenta, dunha forma máis organizada militarmente. O mantemento da situación bélica pola vía guerrilleira singulariza os efectos do labor do franquismo, en dous sentidos: unha máis extensa e continuada represión, practicamente sen posibilidades de escape (a súa condición de *finis terra* e a veciñanza co Estado Novo Salazarista convértena nunha ratoeira) e unha vida social e económica condicionada polo conflito armado latente en muitas zonas rurais, non só na montaña[480].

O conxunto da sociedade rural galega aceptou unha realidade que moi ben verbalizou Castelao ao apuntar que os mortos e desaparecidos pola represión en Galicia eran "a flor do país" e "os únicos que podían gobernalo con acerto"[481]. Porque a represión cebouse cos máis politizados e comprometidos. Pero logrou afectar a toda a sociedade. Segundo os dados de María Xesús Souto para a provincia de Lugo, entre 1936 e 1939 son detidos por causas políticas na provincia 4.559 persoas, das que só unha mínima parte son intelectuais e cadros políticos (17%), certamente, como xa temos ditos, máis importantes pola súa representatividade que polo seu número. O resto dos detidos, preto da metade (45,3%) son labregos e os demais obreiros (20%)[482]. Os cálculos de Bernardo Máiz indican que en Galicia, entre 1940 e 1944 incoáronse 1.389 causas por delitos de orde pública, unha cifra que debemos valorar na súa xusta medida tendo en conta dúas apostillas: a primeira, sinalar que se trata dun tempo "de paz", non inclúe os anos convulsos do conflito bélico nos que o poder xa levara a cabo unha acción represiva selectiva sobre líderes e persoeiros destacados; a segunda, a maior parte destas causas teñen como protagonistas a colectivos, co que as taxas de per-

[479]Seguimos a definición de "violencia política" de Eduardo González Calleja. GONZÁLEZ CALLEJA, E., (1994), "Qué es y qué no es violencia en política. Consideraciones teóricas en torno al conflicto social violento", en VVAA., *Violència política i ruptura social a Espanya, 1936-1945*, Lleida, Ed. Universitat de Lleida, pp. 54-60; GONZÁLEZ CALLEJA, E., (1999), "Violencia política y represión en la España franquista", en MORENO FONSERET, R.; SEVILLANO CALERO, F., (eds.), *El Franquismo. Visiones y balances*. Alicante, Universidad de Alicante, p. 119-150

[480]A importancia para a loita guerrilleira en zonas como Arzúa, Melide e Curtis, que non se definen pola súa condición de montañosas, está máis que probada. O concello de Arzúa e as zonas limítrofes van ser o escenario das accións da partida de Benigno Andrade García, "Foucellas", do grupo dirixido polo labrego de Palas de Reis, Ramón Rodríguez Varela, "Curuxás" e do "Destacamento de Santiago Álvarez", ás ordes de Lisardo Freijó, "Teniente Freixó", vd. HEINE, H., (1980), *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Xerais. Sobre a axuda dos antifascistas portugueses e dos habitantes das aldeas da raia galego-portuguesa recibida por aqueles que escaparon alén Miño, vd. FERREIRA, F. E. RODRIGUES, (1996), "Os barranquenhos e a memória da Guerra Civil. "Os fugitivos eram entregues aos soldados do Franco, que os matavam...", *Història*, 20, pp. 40-51

[481]SEIXAS, X.M., (2004), "Emigración y exilio antifascista: sobre a especificidade do exilio galego de 1936" (en prensa)

[482]SOUTO BLANCO, M. J., (1997), *La represión franquista... op cit.*

soas represaliadas multiplican o número de encausamentos, xa de por si abultado[483]. Estes dados son indicativos de que éxito do Novo Estado radicou no desartellamento da sociedade civil e no seu amedrentamento ata asegurarse que non recibiría unha resposta organizada e politizada na súa contra. A sociedade saída da represión é unha sociedade dividida, cunha parte moi ampla dela excluída e atacada nas súas posicións e nos seus símbolos. Os que non foran asasinados, encarceados, etc. estaban escondidos ou tratando de camuflar o seu pasado a través dunha conversión en falanxistas ou próximos, estaban sendo depurados ou condenados á marxinalidade laboral e social e, en moitos casos, ao silencio. Como comenta no seu testemuño H. A., "non falaban claramente...os que non entendían de política xa nada, pero os que eran de esquerdas non falaban diante da xente...eran listos e tamén tiñan medo"[484].

O réxime procedeu a "matar civilmente" a miles de cidadáns retirándoos dos sus postos de traballo, ou degradándoos da escala laboral[485]. E, igualmente, provocou o outro tipo de morte civil, a marxinación social que foi para moitas das familias republicanas a peor represión das posibles,

> "é unha situación de medo cun sentimento de tristura enorme, ... naide estaba contento, nadie tiña alegría, despois detectabas tamén tensións entre distintas familias que tiñan distintas posturas ideolóxicas ou estaban implicadas de distinta maneira... a situación era moi negra...no caso concreto meu tiña cinco anos cando o Movemento... o meu avó foi vítima en certo modo do Movemento sen terse metido practicamente en nada... votaría ó mellor por un partido de esquerdas... era o carteiro da localidade e sen expediente de ningunha clase... un día un veciño vestido de falanxista botouno fora da súa oficina e quedouse con todo aquelo e seguiron rexentando o correo. Nosoutros fomos marxinados... había unha especie de locura colectiva en que todos, a inmensa maioría da xente que non pensaba como pensaban eles pois, marxinábanos, tiñas dificultades... o vacío social, o vacío de toda esa xente... foi a causa remota do falecemento do meu avó"[486].

Un dos aspectos máis repetidos pola fonte oral para explicar a sensación de terror que sentían e que impedía que sopesaran sequera a opción a avalar ou protagonizar algunha forma de resistencia está no perigo existente, incluso, en non facer nada. O terror é a tradución dese medo á represión, que sabían podía conlevar a morte e que os paralizaba e os disuadía de toda actividade de disidencia. O testemuño de Fe Mariño, de Castro, na provincia de Lugo, pode servir de exemplo. Ela ao relatar o seu drama familiar, os seus pais foron fusilados pola garda civil, o que non logra superar é que non houbera un motivo aparente para tal castigo "pois non eran intelectuais" (Bullón

[483]MÁIZ VÁQUEZ, B., (1989), *Galicia na II República e baixo o franquismo*, Vigo, Ed. Xerais, p. 102

[484]Entrevista a H.A.N., da parroquia de Trasmonte, concello de Friol

[485]LAFUENTE, I., (1999), *Tiempos de hambre*, Madrid, Temas de Hoy, p. 183-184

[486]HISTORGA. Entrevista nº 1.014. Entrevistado P.R.P., da parroquia de Seara, concello do Valadouro.

de Mendoza et ali., 2000:182). A sensación de que os actos de violencia puideran recaer en calquera, nos menos combativos, nos máis débiles, en fin, nos que menos se pensara, freou ao conxunto da poboación. A memoria da xente racionalizou que "os intelectuais", "os que andaban metidos en política", "os homes de ideas" puideran ser merecentes, se acaso, dalgún castigo, pero non puido aínda artellar unha explicación para a represión dos non activistas e dos abusos cometidos para penar as culpas dos que non podían ser "culpables" de algo. Tratos vexatorios e castigos desmedidos para con nenos, mulleres, "homes bos que non se meteran con naide, que eran boa xente, bos veciños", con maiores ou enfermos son imaxes que copan os primeiros lugares do imaxinario coletivo e que recaen na explicación dunha opción non opositora ante o sistema político existente.

O réxime impúxose ante o groso da poboación mediante un sistema de intimidación, baseada na creación dun clima violento e de contención que ten moito que ver coa intervención na vida privada e co control moral ou a imposición de actitudes[487]. Trátase dun aspecto desmolizador da oposición porque se ben aumentou o "marco da inxustiza" e mesmo o "marco da identidade", dous dos parámetros da acción colectiva, anulou o "marco motivacional", aquel que repara na racionalidade da acción (Klandermas et ali, 2000). Os temores e medos fundamentáronse en feitos obxectivos como os encarceramentos sen previo xuízo, o fraude nas causas xudiciais e a violencia gratuita exercida polas forzas de seguridade do Estado. A idea inoculada polo franquismo e asumida a maneira de regra de ouro para inhibir á poboación era a de non actuar porque o acto represivo podía tornarse en contra de calquera. "Ver" e "saber" era un mal moi menor con repecto a poder "sufrir" a represión.

Sirva un botón como mostra dese "medo no corpo" que deixaba a constatación dunha represión allea e do seu alto compoñente illador e creador dunha indiferenza sentida como precisa para a supervivencia propia,

> David García, de Portela, Pontevedra, recorda a chegada ao seu domicilio dos gardas civís que mataron o seu pai "tiña dez ou once anos, entón chegaron eses fillos de puta a casa, colleron ao meu pai e ao meu avó (que tivera relación co Estatuto de Autonomía). Non foi fácil porque tentaron escapar..., colléronos e fusiláronos coma a cans, diante de min e da miña nai, que aínda non dera a luz a miña irmá. Non deixaron que se confesaran..., non deixaron entrerralos no sagrado...".
>
> Igual sorte estivo a punto de correr o pai de Joaquina del Carmen Araújo, de Tui, "o medo a morrer do meu pai facíao ir rezando todas as veces que o montaban no camión para ser fusilado, e, en cambio, ao volver víñase cagando en todo os santos e brabuconeándose". Foi xulgado en catro ocasións, condeado e paseado outras tantas, aínda que sempre salvado porque gozaba da protección dunha prima súa, querida dunha alta autoridade militar. Pola contra, seu irmán Manolo non tivo tanta sorte, e foi pasado polas armas:"¿Qué facía unha nai dun fillo fusilado? Como tra-

[487] ARÓSTEGUI, J., (1994), "Violencia, sociedad y política: la definición de la violencia", *Ayer*, 13, pp. 17-55, pp. 17-55

ballaba nunha tenda de embutidos e manexaba un coitelo de medio metro de folla, cada vez que vía pasar unha parella de gardas civís rebanaba os chorizos cagándose na súa nai. Os sentimentos do meu pai, o irmán máis pequeno, a quen lle asasinaran ao seu irmán predilecto, quedan claros nos seus comportamentos: durante a época inmediata ao fusilamento pasou meses indo ao camposanto cun libro de poesía romántica e recitaba versos de Espronceda, de Bécquer, berrando, de noite, sobre as tumbas, como un espectro máis, con lágrimas nos ollos e, de vez en cando, con rabia, berraba ¡meu deus que sós se quedan os mortos!"

Carmen Villaverde pasou a guerra na parroquia de S. Andrés de Comesaña, cerca de Vigo: "dentro do que cabe tranquilamente, sen temor á incorporación a filas, sen ter a fronte cerca... pero presenciamos varias cousas, dos fusilamentos alí ao lado da escola. Un do xolleiro do Calvario que un día, ás tres da tarde, chegou un coche cun capitán da garda civil apodado "o Rabioso" xunto con 12 civís máis e vemos como, ao lado, a dez metros da nosa ventá, o capitán ordeoulle baixar do coche e o xolleiro negouse. ¡Camiñe, camiñe! Berraba Rabioso, e ao ser empuxado a culatazos e intentar el dar os primeiros pasos, soltáronlle unha descarga de balazos que o deixaron alí. Foi unha represalia, el era republicano, pero era un home de paz... a miña avoa paterna que vivía cara Porriño ... deixando de ver aquela escena xusto ao lado da casa... estando coa miña avoa nunha finca que tiñamos nós vimos chegar un camión con moitos soldados detrás, que... de repente se escoita ¡apunten, fogo! E me fusilan a outros homes alí diante, a unha distancia de catro ou cinco metros e conmigo contemplando a escena... armouse un balbordo terrible porque no pobo estaban fusilando bastante xente de alí e todo por ideas políticas tan só, que si eran concelleios na República... moitos familiares dos que mataran alí viñeron a comprobar as identidades e as escenas eran dantescas..."

A irmá maior de María Asunción Pasa foi encarcelada en Chantada por ter un noivo de ideas republicanas. Levaba a relación en segredo, pero descubriuse ao ser interceptadas as cartas que éste lle enviaba. Estivo casi un ano en prisión. Despois marchou a América... "Recordo o caso dunha muller, muller dun perruqueiro de alí, de Aranda, conta Carolina Brogueras, que berrou ¡arriba los rojos!, e fusilárona embarazada e todo como estaba..." (Bullón de Mendoza e De Diego, 2000:182-183, 189)

"Pasearon a un en Miraz, un señor sen culpa ningunha pero deulle por decir que era comunista, que era comunista... e foise esconder a un monte de herba... e houbo veciños os que lle caía mal e avisaron e queimaron a herba e ardeu el... eso foi moi triste, eso deu moita alarma en Friol e na rodeada"[488]

[488]Entrevista a B.G.L., da parroquia de Friol, concello de Friol

"Daquela nadie contaba nada, había que estar caladiño...boca pechada, que logo chegaban os guardias, levábante po cuartel... por nada... e *facíanche unha chaqueta*... había que andar cos ollos cerradiños"[489]

"Naqueles anos de Franco se che petaban á porta de noite non abrías nin a San Pedro"[490]

"Daquela non podías falar moito contra de Franco, porque senón, se te collían pois xa sabes (silencio) látigo (silencio)"[491]

"Problemas houbo bastantes, aínda quedaron rencores i-a Falange facía bastantes falcatrúas...daquela quedaban moitos rencores, os municipales, os guardias civiles, os pedáneos, o cura i-os falangistas, ises eran todos de dereitas, i-había que andar direitiños...na parroquia non mataron a naide, porque cada un foi salvando como puido..." (Varela, J., 2004:57-58)

"Ó tempo había que andar con moito coidado que había varios grupos que andaban por eí. ¡Houbo varios!..., primeiro foi un San Ramón que cando se marchaba a xente para as casas, xa eí algo de noite, pois mataran a un fulano elí ó baixar de Cambeo. Quero dicir que daquelas había líos grandes sobre esas cousas e en calquera sitio che aparecía alguén que pensaba mal de ti e que podía matarte, eso era moi fácil. Eu desde logo daqueles tiña medo incluso de salir con algunha xente porque te comprometían. Houbo unha época que aquello era malísimo"[492]

"Aquí [Vilasantar] levaron un e déronlle unha malleira cando non era nada de nada, non era rojo nin blanco nin nada, ¡se nin sabía ler nin escribir!"[493]

"Un día chegaron á nosa casa, pois, era así un tempo antes de botar as patacas, no mes de marzo, había unhas pataquiñas para semente porque collíanse poucas porque abonábase mal, a semente non se cambiaba, ó mellor votaba 7 ou 8 anos sen se cambiar, non había medio, e tíñamolas reservadas, xa non sei canto tempo había que non se podía comer patacas, para poder sementar e chegaron e dixeron que había que dar as patacas para o cuartel... colléronas e nada máis, e viñeron outro día... entraron nos cuartos onde durmiamos e levaron a roupa das camas ¡e deixáronnos sin roupa ningunha....[entrevistador: pero eso só llelo facían ós de esquerdas] "¡home claro! ¡Pois onde os outros non ían! Porque os outros eran deles e ademais os que decían ¡por que os falanxistas! E toda esa xente que se consideraba, pois, liberadora, como decían eles, da causa pois decían "ide á casa de fulano porque fulano é un rojo ese hai que quitarlle todo!" ... e de feito a nós... quitáronnos parte das terras, que despois arrendáronas

[489]HISTORGA. Entrevista nº 765. Entrevistado L.D.I., de Prevesos, concello de Castro de Rei
[490]Entrevista a A.C.V., de Muimenta, concello de Cospeito
[491]HISTORGA. Entrevista nº177. Entrevistado M.P.C., da parroquia de S. Breixo, Palas de Rei
[492]Extrato da narración de R.P.R. e J.G.R., de Vilamarín, Ourense, en JARDÓN PEDRAS, X.X. et ali, (1997), "¡Eu tamén son vella e recordo! ... *op cit*, p. 619
[493]Entrevisa a M.G.P., parroquia de Présaras, concello de Vilasantar

> a varios veciños, que as tivemos que loitar... un falanxista aquí de Argozón... David do Campante, que ía cas vacas e levaba a escopeta sempre pegada á bandoleira, á mañá e a tarde coa escopeta ó lombo ¡os falanxistas andaban coa escopeta ó lombo sempre... ¡quitáronnos o sitio [un prado arrendado]! ¡porque eran dun rojo!"[494]

E é necesario ter en conta que a violencia era un elemento estrutural do franquismo e, como tal, foi asumido pola poboación rural, que recorda que a violencia física ou paralegal non como unha realidade vencellada aos anos que durou o conflito bélico ou a unha inmediata posguerra, senón como un contínuum nas primeiras dúas décadas do réxime:

> "Aquí houbo señores que os días 8 e 22, que eran días de feira, que eran izquierdosos das aldeas, un dunha parroquia, outro doutra, que tiñan que vir ó cuartel da Guardia Civil a presentarse, e levaban unha malleira de o... tódolos, tódolos 8 e 22. Eu oín, que nós éramos pequenos, éramos nós moi pequeniños, e viña fulano de tal, non me acordo quen era, e salía de alí o tío tullido, encollido e ía para una casa que era un forno que logo poñíanlle unhos paños, para recuperar un pouco da, da ... *Estou falando do cincuenta e pico*"[495]

> "os falanxistas desta zona contra os familiares de Recaré, pois fixeron que estaba a mai do Recaré enferma na cama e foron alí os falanxista de Quinzás das Peras, que eran os Migueliños, acompañados do posto da garda civil de Mundín e dos soldados que alí había... chegaron onde a señora que padecía do corazón e aínda, por encima... ela estaría aflixida... déronlle a volta á cama, metéronlle unha paliza, déronlle unha volta á cama e deixárona por debaixo... unha casiña nun estado completamente miserable ... *si as represalias seguiron ata os anos 60 por aquí*, bueno algunha non tan dura.."[496]

Un mínimo apunte antes de continuar coa análise da actitude de "adaptación": a humillación por parte dos instrumentos represivos do réxime, se ben desmobilizou unha potencial oposición resultou ser cerne da resistencia civil. Foi un elemento fundamental na activación da cultura de resistencia da que se nutre unha parte constitutiva da resistencia civil, a resistencia cotiá, en tanto que foi entendida como comunitaria e pensada como posible segundo os cánones de racionalidade, é dicir, factible nun cálculo de custo/beneficios en senso amplo. Por exemplo, a opción a converterse en parte activa da guerrilla foi desbotado por moitos labregos porque os custos no relativo á represión dos seus familiares e desestruturación do seu patrimonio era inafrontable na

[494] HISTORGA. Entrevista nº 156. Entrevistado T.M.B., parroquia de S. Miguel do Monte, concello de Chantada

[495] Entrevista a J.A., de Arzúa, en LANERO TÁBOAS, D., *A represión franquista no concello de Arzúa*, (en prensa), pp. 78-79. A cursiva é nosa.

[496] HISTORGA. Entrevista nº 156. Entrevistado T.M.B., da parroquia de S. Miguel do Monte, concello de Chantada

súa cosmovisión, emporiso supuxo que valoraran positivamente a opción de converterse en apoios da mesma xa que, aínda que arriscado, supoñía minimizar os custos.

A represión á que foron sometidas as persoas comprometidas cos partidos do Frente Popular ou simpatizantes de esquerdas arrasou co intento de configurar unha oposición na Galicia rural. Non houbo vagas de accións antifranquistas, non houbo intentos dignos de mención de artellar unha oposición ao novo Estado valéndose de preceptos ideolóxicos que trascendan o labor da guerrilla e dalgúns exiliados por esa constatación da perda de líderes e polo trauma creado pola inexistenca dun fronte bélico que permitira xuntar á oposición. Envolverse en movementos sociais antifranquistas arrastraba uns custos que a maior parte da sociedade rural non estaban dispostos a soportar (igual, por outra parte, que a urbana). Os testemuños orais cos que contamos en ningún caso entenden que na situación existente na máis inmediata posguerra a oposición, en estrictu senso, é dicir, o antifranquismo, fora unha opción viable e racional. Á pregunta de se houbo algún tipo de oposición as respostas sempre son do tipo da dada por J., un veciño de Lourenzá,

> "aquí non había nada... aquí non había resistencia porque todo era en contra do que opuñese resistencia, non podía habela, non podía habela porque prendíante... aqui non houbo oposición armada... e co falar había que ter moito coidado, non podía un soltarse da boca que logo o deteñen e dábanlle paus ou ía para o cárcere..."[497].

A opción a protestar non entraba a considerarse nin en casos extremos onde o sentimento de agravio era prioritario,

> "na cárcere pegar non nos pegaban, pero fame pasábamos moita, non había que comer, estabamos cheos de piollos, ben deitabamos do que nos mandaban da casa [pregunta: ¿e que explicación lle deron de telo tantos anos na cárcel?] "ningunha, ningunha explicación, poñían preso gubernativo como desafecto ó réxime... non había dereito onde me meteron, porque me meteron, metéronme nunha corte dunha cabra, quitaron a cabra e metéronme a min alí... aquí en Foz..., [pregunta ¿e vostede nunca protestou?] "¡e que había protestar! Non había, non cabía protesta. Daquela quen había protestar. A min nunca me tomaron declaración, nunca me dixeron por que estaba alí,... nunca me dixeron nada, nin me xulgaron, nin tiven consello de guerra, nin nada de nada...".[498]

O clima de terror e a persecución constante non permitían máis que actuacións puntuais, incluso para moitos dos que estaban ideoloxizados e eran claros valedores do antifranquismo[499]. A represión non se limitou á violencia física, senón que se prolongou durante todo o período, sobre todo nas aldeas, baixo a forma dunha contínua

[497] HISTORGA. Entrevista nº 266. Entrevistado J.L.B., de S. Adriano, concello de Lourenzá.
[498] HISTORGA. Entrevista nº 1016. Entrevistado C.S.F., do concello de S. Cosme de Barreiros.
[499] Sobre esa sensación de "terror", vd. ORTIZ HERAS, M., (2004), "Instrumentos "legales" del terror franquista", *Historia del Presente*, 3, pp. 203-220, p. 206

vixilancia. Pode que a represión física se manifestase de forma menos violenta nos cincuenta que nos corenta, pero os outros tipos de represión continuaban moi activos. As restricións impostas no mundo laboral e, consecuentemente moitas veces, nas pautas de sociabilidade e relación, constituíron un aspecto central na estratexia de control social. Non se poden esquecer as limitacións que supoñía a represión "pasada" para un individuo e para a súa familia: moitas oportunidades de traballo esvaecíanse ou víanse coartadas por causa de antecedentes políticos ou penais, eivas na mobilidade xeográfica, etc. Os cupos para excombatentes e a esixencia de presentar avais de adhesión á Falanxe, representaban trabas que deixaban moitos traballos fóra do alcance dos que non se identificaban como leais.

A esta situación súmase unha sempiterna presión psicolóxica a través do medo a perder o traballo e ás represalias. O canteiro e mariñeiro socialista de Vilaxoán Rogelio Diz Rubianes, apreixado durante a guerra e ceibado en 1940 é exemplo disto. As pexas de tipo laboral que lle causaban o non ter o certificado de boa conduta libre de antecedentes penais por motivos políticos, e o estigma que supuña ser un sospeitoso de oposición ao réxime, pesaron na súa decisión de embarcarse cara a México,

> "... despois de estar na cadea, España representou unha prisión maior: para trasladarme dun lugar a outro sempre debín pedir permiso, ao igual que no penal... durante moitos anos despertei asustado e empapado en suor; cando ía a algún restaurante gardaba, sen darme conta, o zucre e o pan nos meus petos e o medo á xente uniformada facíame pasar malos ratos ata en momentos de diversión..."[500].

Manuel Pillado, mariñeiro afiliado ao partido Comunista e á UXT, non puido volver a navegar pola súa afiliación pasada, aínda que a lexislación establecía que aos soldados se lles respetaría o traballo que tiñan antes da guerra ao voltar licenciados. As súas memorias son esclarecedoras respecto á presión exercida sobre os perdedores e ao desalento que provocaba. "Tu non voltarás navegar" é a ameaza que lle fai o secretario do concello de S. Ciprián cando vai pedir o seu dereito de soldado, "non lle contestei. Marcheime sabendo bastante do que se propoñían: non admitirme porque era comunista. Si pretendía facer resistencia, amarraríanme con facilidade. Xa só me quedaba unha alternativa: adicarme á pesca, sen máis ambicións pola miña parte" (Pillado, 2002:220). Aínda que no caso de Manuel Pillado o desalento foi temporal e a miseria non lle impediu que seguira activo na loita antifranquista prestando axuda

[500] Xerardo Díaz Fernández, militante de Izquierda Republicana e oficial de xulgado no Porto do Son, pasou cinco anos na cadea e, despois de saír do cárcere, e malia estudar para procurador en tribunais, o Ministerio non lle asinou o título, e non puido exercer a súa profesión por causa dos seus antecedentes políticos, polo que decidiu emigrar a Montevideo. NÚÑEZ SEIXAS, X.M., (2006), "Itinerarios do desterro: Sobre a especificidade do exilio galego de 1936", en NÚÑEZ SEIXAS, X.M.; CAGIAO VILA, P. (eds.), *O exilio galego de 1936: Política, sociedade, itinerarios*, Sada, Eds. do Castro (en prensa); DÍAZ FERNÁNDEZ, X., (1991), *Desde la diáspora*, Sada, Ed. do Castro. A forza da represión simbólica na vida diaria dun "perdedor" é tamén recordada polo galeguista F. Fernández del Riego, vd. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F., (1991), *O río do tempo. Unha historia vivida*, Sada, Ed. do Castro

á guerrilla e organizando o Socorro Rojo, para outros moitos, malia ao compromiso ideolóxico, a opción foi renunciar as súas "ambicións" *sine die*.

6.3.1.2 Unha sociedade vixiada

Deixar de sufrir represión directa ou distanciar o medo a ser unha vítima pasou por pechar os ollos ante a violencia despregada polo réxime, pasou por adaptarse. Os corpos policiais reforzáronse para unha maior eficacia na instauración do terror e do control social ata conseguir unha "sociedade vixiada". Á garda civil, coa unión dende marzo do 40 do corpo de Carabineiros, e o Somatén, uníronse os da Gardería Rural, especialmente creados para vixiar a vida diaria dos labregos. A pretensión de disciplinar e controlar a vida á maneira dun cuartel militar foi trasladada ate a organización social e administrativa. A realidade dos feitos amosa que as forzas reacionarias lograron o seu obxectivo de conquerir "colaboradores realistas" co descabezamento das súas capas dirixentes e amedrentando ao resto. Nas grandes cidades aínda podía salvagardarse unha parte da vida privada pero nos pobos pequenos non era posible porque o control cotiá era moi efectivo[501]. A sensación de ser e estar controlados era constante na vida cotiá. M., unha caseira do concello coruñes de Vilasantar comenta que,

> "non se falaba e de cousas falabas amodiño porque estaban axexando á porta a guardia civil, e sen non era un guardia, un falanxista e senón un requeté ou un "chupón" deses que levaban os recados.... vían o fume e xa viñan polo pan"[502]

Do control da poboación, é non só do político, encargouse especialmente Falanxe, e para tal fin puxo en marcha o Servizo de Información e Investigación, que acumulaba pesquisas sobre os máis diversos comportamentos, valoraba os antecedentes e, de estimar o oportuno, denunciaba[503]. A recadación de informes sobre a conduta pública, privada e político-social non se limitaba á aqueles que se consideraran "perigosos" para o réxime polo seu pasado ou por unha actividade potencial. A recollida de información afectaba ao conxunto da poboación e, en boa medida, aí era onde repousaba a condición de arma abafante[504]. Arredor do gran aparello burocrático que é o "Movemento Nacional", gravitan organizacións encargadas do control de distintos segmentos

[501] Como demostran os traballos realizados para comarcas rurais da provincia de Sevilla, Girona ou Soria, vd. LAZO, A., (1998), *Retrato de fascismo rural... op cit.;* FONT I AGULLÓ, J., (2001), *¡Arriba el campo!... op cit.*; GARCÍA ENCABO, C.; JUBERÍAS HERNÁNDEZ, R.; MANRIQUE ROMERO, A., (1996), *Cartas Muertas. La vida rural en la posguerra*, Soria, Ámbito

[502] Entrevista a M.G.P., de Présaras, concello de Vilasantar

[503] Tras producirse a unificación os Servizos pasaron a integrarse nas Delegacións Locais de Información de FET, dependentes da Delegación Provincial de Información. Sobre o control social ao que se viu sometido o campesiñado en Asturias, vd. GARCÍA PIÑEIRO, R., (2002), "Boina, bonete y tricornio. Instrumentos de control campesino en la Asturias franquista (1937-1977), *Historia del Presente*, 2, pp. 45-64, p. 45

[504] Por exemplo, entre os informes que chegan ao Gobernador Civil de A Coruña están varios labregos do concello de Lousame. Entre eles figura un adolescente de catorce anos, varios mozos de dezaseis e dezasete e un ancián de setenta sin ningunha implicación política. VELASCO SOUTO, C., (2006), *1936. Represión e Alzamento Militar en Galiza*, Vigo, A Nosa Terra, p.163

sociais a través do seu encadramento: Frente de Xuventudes, Sección Feminina, e o máis importante de todos e con maior duración, a Organización Sindical (OSE) coas Hermandades Sindicais de Labregos e Gandeiros como estandarte para o medio rural. Testemuña do labor de control exercido por institucións como as da OSE son as cerimonias e actos públicos multitudinarios, sobre as que voltaremos falar, ou como a Sección Feminina, que ilustra ben un parágrafo dunha circular escrita en 1939 pola de Pontevedra na que se insta ás falanxistas a conseguir que o maior número posible de mulleres participe nas súas actividades,

> "Nos casos de resistencia absoluta tomaredes o nome, enderezo e circunstancias persoais da interesada (por exemplo viúva, traballa en tal cousa, ten ou non familiares nas nosas filas, etc.) de modo que ela poida, sen ameazas de sanción ás que non estamos autorizadas, sentir non obstante o temor de tal posibilidade"[505]

Ao control da poboación tamén se adicaron as Xuntas Locais de Servizo de Liberdade Vixiada, creadas nas cidades e nas vilas, pero con ámbito de acción no rural, en 1943. Tiñan a tarefa específica de vixiar a aquelas persoas que foran sentenciadas coa pena de "liberdade condicional" pola xustiza franquista. Integradas por afíns ao réxime, aos que auxiliaban os comandantes dos postos da Garda Civil, o seu labor non quedou en controlar as accións e actitudes políticas daqueles que estaban en liberdade condicional, senón que asumiron un papel de controladores tamén da súa conduta de vida, de aspectos relativos á moralidade, vestimenta, uso da linguaxe, etc.

Na Coruña, segundo dá conta Emilio Grandío, entre os meses de novembro de 1937 e febreiro de 1938 púxose en marcha un sistema de vixilancia e investigación que tivo como froito o control de máis de mil trescentas persoas consideradas "elementos sospeitosos". Nas investigacións realizadas pode constatarse, ademais de que os delitos de carácter civil ou penal son equiparados aos "ideolóxicos", pois a inspección excede os motivos políticos para chegar a controlar todo aquilo que era susceptible de saírse das liñas oficiais que marcaba o novo Estado, que as institucións como os Xulgados de Primeira Instancia, a Rexión Militar, o Goberno Civil, etc. participaban activamente no control dunha poboación xa espreitada por entidades como a Deputación Provincial, a garda civil, Falanxe ou a Delegación de Orde Público[506].

Asi, os tribunais ordinarios en relación coa fiscalización da vida da "xente normal" en todos os aspectos susceptibles de ser vixiados colaboraron en grande medida na vontade do Estado por rematar con comportamentos tidos por delitivos que, polo grao de miseria e dureza da supervivencia, eran debidos as máis das veces á busca da propia supervivencia[507]. Como sinalan Conxita Mir e Carme Agustí, "podería dicirse que unha vez reducida a actividade febril que os tribunais militares e especiais

[505] VEIGA, M., (2006), "Guerra civil. Do pacto de silencio a unha polémica explosión bibliográfica", A *Trabe de Ouro*, 63, Tomo 3, pp. 359-373, p. 362

[506] GRANDÍO SEOANE, E., (2000), *Años de Guerra. A Coruña, 1936-1939*, A Coruña, Vía Láctea Editorial, pp. 75-79

[507] A actuación dos tribunais con respecto aos "marxinados", ten sido estudada con precisión para espazos rurais da provincia de Lleida a través dos traballos de Conxita Mir. Entre outros, vd. MIR CURCÓ, C., (2000), *Vivir es sobrevivir...op cit.;* MIR CURCÓ, C. et ali. (ed.), (2005), *Pobreza,*

amosaron durante o primeiro bienio de posguerra, a xustiza franquista xirou a vista cara ao control da sociedade a través dos tribunais civís" (Mir e Agustí, 2005:87). Para Bascuñán Añover, nas primeiras décadas do século XX os autores de delitos sociais eran clases subalternas sen antecedentes penais pero a imposición do franquismo afectou ata tal punto que conseguiu que algúns deles fixeran da delincuencia a súa profesión, converténdose en delincuentes profesionais[508]. Segundo o autor, "na súa inmensa maioría non tiñan antecedentes penais. Roubaban para subsistir, é certo que non eran accións contra o sistema, pero sen dúbida amosaban a desigualdade sobre a que se larvaba ou se contiña o conflito (Bascuñán, 2005:115). Evidentemente existía unha correspondencia entre o empeoramento das condicións de subsistencia e a creba dos lazos de vecindade ou amizade que se produciron coa expansión dos roubos a todos os sectores da poboación.

As prácticas xudiciais de posguerra alí onde foron estudadas con profundidade, sobre todo Cataluña e Murcia[509], amosan o anceio por controlar a toda aquela poboación que se situara á marxe da legalidade imposta para acadar unha "normalidade formal" na que os pequenos delincuentes debían sufrir o rigor lexislativo. E. aínda máis, posibilita constatar o grao de pobreza que soportaban determinados colectivos (nenos, viúvas, mendigos, etc.) e o carácter exemplarizante das penas impostas polos tribunais ordinarios, como sucedía cos militares ou os tribunais especiais[510].

O férreo dispositivo de control repousaba tamén en asuntos cotiás como a presentación obrigatoria dos cupóns da cartilla de racionamento para obter alimentos, os salvoconductos para desprazarse, a necesidade de firmas para conseguir algún tipo de subsidio, etc. Era un mundo no que todo funcionaba a base de certificados de boa conduta, moralidade familiar, antecedentes, etc. o que sometía á poboación ao escrutinio continuado das autoridades. O certificado de boa conduta, por exemplo, resultaba un documento indispensable na vida de calquer veciño e a súa obtención esixía o previo

marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo, Lleida, Edicions de la Universitat de Lleida

[508]BASCUÑÁN AÑOVER, O., (2005), "Delincuencia y desorden social en la España agraria. La Mancha, 1900-1936", *Historia Social*, 51, pp. 111-138

[509]Alén de Conxita Mir, vd. AGUSTÍ, C., (2003), "La delincuencia de baja intensidad en el primer franquismo. Una aproximación desde el mundo rural"; GÓMEZ WESTERMEYER, J.F., (2003), "Delincuencia y represión en Murcia durante la posguerra", ambos en *V Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Albacete

[510]Este tema carece en Galicia de estudos cos que comparar datos doutros lugares ou validar solidademente conclusións, pero as pescudas iniciais, indican que precariedade de vida e delitos menores gardan certa relación. Roubos e furtos constitúen unha boa parte das causas instruídas polo Xulgado de de Primeira Instancia de Mondoñedo (xunto co delito de lesións). A súa pouca contía evidencian unha delincuencia de baixa intensidade protagonizada por xente humilde que furta produtos de primeira necesidade maioritariamente para o seu consumo ou venda. É o caso de catro roubos que teñen lugar en 1945 no concello, dous na parroquia mindoniense de S. Adriano, un en Quende e un en Argomoso. Ábrese unha das causas polo roubo de 285 ptas, dous xamóns, un par de zapatos, un foco eléctrico e boina da casa dun veciño e instrúense outra causa polo roubo dun anel de ouro, varios paquetes de tabaco e un paquete de cuchillas de afeitar. Outra causa é pola substracción dun billete de mil pesetas e o último expediente é polo furto de dúas caldeiras de cobre usadas. AHPL. Audiencia Provincial. Xulgado de Mondoñedo. Causas Penais. 1945-1962. Rolo de Sala. Sumarios 1-25. Sig. 27.49

informe da Delegación Provincial de Falanxe, que era quen garantía que o portador do documento carecía de antecedentes político-sociais e, á vez, ese salvoconduto só se emitía previo informe positivo da Xefatura Local Falanxista. Desta maneira a xerarquía fascista de pobos e aldeas tiña nas súas mans facilitar as cousas ou facerlle a vida imposible a calquera. Nos núcleos rurais non era un trámite baladí e só a actitude obediente e obsequiosa cara aos representantes do Estado podía garantir non entrar nunha espiral de problemas para desenvolver a vida cotiá.

Un control cotiá que se voltaba extremo con colectivos como familiares de presos ou fuxidos. Baste recordar os obradoiros textís de "Mulleres ao Servizo de España" que adoitaban estar nas casas dos curas ou prohomes locais do novo réxime, que foron xeitos diferentes de represión e control que padeceron as mulleres do rural con ideas ou familiares de esquerda. Estas agrupacións establecéronse por todo o territorio controlado polos sublevados e tiña como principal cometido fornecer de vestimenta ao exército. Só en Ourense, máis de 3.000 mulleres foron obrigadas a acudir a eses obradoiros. Tratábase de marxinalas e obrigalas a que se "rexeneraran" cosendo prendas para o Exército dos sublevados[511].

Do mesmo xeito o control multiplicábase en caso de optar a algún tipo de cargo ou posto. Os candidatos a ostentar cargos nas directivas das mutuas gandeiras que seguían funcionando despois de 1936 debían pasar o expurgo de alcaldes, comandancias da garda civil e xefaturas locais de Falanxe. Como Lourenzo Fernández Prieto demostrou, da información ofertada pola documentación xerada por esta forma de represión administrativa dedúcese que á altura dos anos 1942-43 boa parte dos cadros das mutuas tiñan un pasado vencellado a organizacións de esquerda que conservan os seus cargos en virtude da súa capacidade técnica e da falla de efectivos afíns cos que réxime puidera substituilos[512]. A conclusión do informe da Falanxe local de Teo demostra este punto ao recoñecer, en novembro de 1942, que entre os candidatos propostos para formar parte da Sociedade Amigos do Progreso de Baamonde hai un que "debe considerarse como elemento de esquerdas...", pero "reune condicións para desempeñar cargos públicos"[513]. A represión dos elementos de esquerda que empezara co triunfo do golpe militar non tiña concluído, malia a campaña de violencia física, as condenas, multas e o "expurgo" administrativo, debido ás sempiternas carencias de persoal de valía para ocupar este tipo de postos que tiña o réxime[514].

A fiscalización non se circunscribía a aqueles considerados "desafectos" por motivos políticos, é dicir, con antiga afiliación a partidos ou organizacións de esquerda, tendencia do voto nas eleccións do 36 ou actitude fronte ao novo réxime, senón que se escrutaban as condutas económicas, morais, os aspectos máis íntimos relativos ao comportamento afectivo ou sexual porque todo, absolutamente todo (de aí a impor-

[511] SOUTELO VÁZQUEZ, R., (2006), *Labregas, emigradas, estraperlistas... op cit.*, p. 169

[512] FERNÁNDEZ PRIETO, L., (1993), "Represión franquista y desarticulación social en Galicia. La destrucción de la organización societaria campesina. 1936-1942", *Historia Social*, nº 15, pp. 49-65

[513] AHRG. Goberno Civil. Partes e informes. Informes políticos de persoas vinculadas a Asociacións emitidos pola Xefatura Provincial do Movemento, comandancias da Garda Civil e Alcaldías (1942-1943). Sig. G-2758

[514] AHRG. Goberno Civil. Informes e correspondencia con corpos de seguridade sobre conduta de individuos particulares e miembros de Sindicatos Agrícolas (1936, 1937-40). Sig. G-2872

tancia da resistencia cotía) era un posible agocho para deslealdades a orde (e dentro dela á moral) instaurada. No concello de San Saturniño, é declarado "non apto" polo informe de Falanxe para formar parte da directiva da Sociedade "Ferreira Ganadera" en xaneiro de 1943 Manuel Fernández Pita porque, malia non ter cargos antes da guerra, nin ningunha actuación político-social, e de ter a consideración de "apolítico" dende o inicio do réxime "no mes de xullo de 1940 casou cunha veciña de Moeche" e este feito "ofrece algo de desconfianza" toda vez que as suas primeiras e casi únicas amizades en Moeche son "as persoas que máis se destacaron facendo política a favor dos partidos de esquerda antes do Movemento"[515]. O informe sobre dous dos candidatos a formar parte da directiva da Hermandade de Labregos de Castro, na Coruña, tamén demostra que o aspecto máis político queda relegado fronte a outro tipo de comportamentos,

> "con respecto a D.J.F.P., a súa reputación deixa moito que desexar en todos os aspectos, baseándome en que a industria que posúe (granxa avícola) foi obxecto de embargo, ... D.B.D., é tamén do estilo, ..., goza de moi poucas simpatías por ser un camorrista e un pendencieiro, por tal motivo foi sancionado varias veces e a isto hai que engadir que durante o Glorioso Movemento, estivo escondido para non ir á fronte sendo despois depurado..."[516]

Na mesma liña de exercicio de vixilancia e inspección da poboación atopamos as multas de carácter gubernativo que se impoñen por diferentes cuestións que remiten maioritariamente a non "acatar a orde establecida"[517]. Os libros de Rexistro de Multas Gubernativas da provincia de A Coruña evidencan a contía de cidadáns que foron represaliados por saltarse a lexislación tendente a controlar as súas persoas, movementos, bens e formas de ocio. As cifras, malia os lapsus temporais da documentación, son elocuentes. En 1938 foron 1.872 os coruñeses multados polo Goberno Civil, número importante que aumenta exponencialmente para os anos da década dos corenta cos que contamos con dados. En só catro meses de 1941 puxéronse un total de 5.247 multas; en once meses do ano 42 a cifra é de 6.890; en dazanove días antes de acabar 1944 os multados eran 6.120. Para 1945 foron emitidas 3.736 multas e en 1946, á altura do 12 de xullo, 2.300. A información para a década seguinte é aínda menos completa, pero non por iso menos explícita respecto da rigorosidade e intensidade do control. En 5 meses de 1950 puxéronse 2.387 multas e no ano 1951, a falla de quince días para rematar, 2.528[518].

---

[515] AHRG. Goberno Civil. Partes e informes. Informes políticos de persoas vinculadas a Asociacións emitidos pola Xefatura Provincial do Movemento, comandancias da Garda Civil e Alcaldías (1942-1943). Sig. G-2758

[516] AHRG. AISS. Correspondencia (1956-1963). Legaxo 3002 D.

[517] Non pode ser desprezado o montante económico que as diferentes administracións recadaban grazas ás multas ou confiscacións impostas aos cidadáns de a pé. O Goberno Civil de A Coruña no ano 1938 recadou grazas a esta represión de tipo económico 129.116,15 ptas. GRANDÍO SEOANE, E., *Años de guerra. A Coruña, ... op cit.*, p. 63-72; FERNÁNDEZ, SANTANDER, C., (2000), *Alzamiento y guerra civil en Galicia (1936-1939)*, Sada, Eds. Do Castro, 2 vol., p. 388

[518] AHRG. Libros de Rexistro de Multas Gubernativas. L-4768; L-4935, L-4978; L-5083

As causas das multas mantéñense no tempo. Alén das referidas aos cupos das que xa temos falado ao exemplificar a resistencia aberta a súa entrega, e deixando tamén as relacionadas co mercado negro, as máis numerosas practicamente todos os anos son as relativas á indocumentación, ben á inexistencia de documentos identificativos, ben á carencia de salvocondutos ou permisos. Viaxar sen salvoconducto é, sen dúbida, a multa máis reiterativa para os coruñeses. Trátase de xente do rural que viaxa á vila que hai nos seus concellos ou á cidade da Coruña e que non cumpre con este requisito. As multas son impostas pola Dirección Xeral de Seguridade e teñen un importe que vai de 25 a 50 ptas. Tan só en setembro de 1944 impuxéronse por este motivo 139 multas.

O segundo motivo máis repetido nos rexistros é o incumprimento da lexislación sobre vacinación animal. Na maior parte dos casos trátase da antirrábica dos cans, pero tamén en algún caso contra o carbunco do gando bovino. En febreiro de 1942 múltase a 159 persoas do concello de Mañón por negarse a observar esta regra e, según o establecido polo alcalde, terían que pagar entre 50 e 500 ptas. En outubro de 1951 78 veciños de Enfesta (antigo concello de A Coruña incorporado ao de Santiago de Compostela) son multados polo alcalde con 100 ptas cada un por non acatar dito precepto de maneira reiterada. Nese mesmo mes en Arteixo a cifra de multados sobe a 90. En Arzúa, Irixoa, Cee, Ames, Tordoia, Trazo, Lestrove ou Boiro os alcaldes multan á totalidade dos veciños que apararecen rexistrados parroquia por parroquia e pagan entre 15 e 45 ptas en caso de non ser reincidentes.

As seguintes en importancia numérica son as multas por escándalo asociado á borracheira e á blasfemia[519]. En 1942 hai 128 multados por ésta última causa, sen contar aquelas multas nas que se repite o protagonista por tratarse dun "blasfemo habitual" na provincia coruñesa. Como temos dito, o control "das palabras" foi un aspecto ao que as autoridades deron moita relevancia en tanto que o control total do discurso é unha peza chave da xeneración dun sentimento de presenza continuada da autoridade na vida cotiá[520]. Porque as multas non só establecidas en lugares como festas, romerías ou tabernas onde a embriaguez soltara a lingua. O control estaba presente en todo momento. A un veciño da Fonsagrada multárono en 1957 por blasfemar ao non poñerse dacordo na compra-venda dun xato na feira de Navia de Suarna con 200 ptas. Igual lle pasou a unha veciña de Rinlo, en Ribadeo, que nos arredores do Pósito de Pescadores blasfemou "contra o Santo Nome de Deus e profería outras palabras soeces" por non ter tido un bo día de traballo. Multas en lugares de traballo, lugares

[519] A introdución do delito de blasfemia no Código Penal é mostra da imperante influencia do nacionalcatolicismo. Esta extendíase, como sinala J.M. Tamarit, á configuración doutros sectores do Código, especialmente aos denominados "delitos contra a honestidade". TAMARIT SUMALLA, J.M. (2005), "Dereho penal y delincuencia... *op cit*, p. 57

[520] Conxita Mir fala de "palabras capturadas" por parte das autoridades franquistas e comenta "ao fin e ao cabo, isto sucedía nos mesmos anos en que as voces disidentes, encadradas en estruturas partidistas clandestinas, eran acaladas sen misericordia en todo o país, sumindo no silencio máis absoluto", MIR CURCÓ, C., (2000), *Vivir es sobrevivir... op cit*, p. 84

cotiás que imprimían, se cabe, aínda máis sensación de vivir constantemente baixo vixilancia e inspección[521].

Así, palabras e expresión consideradas "incorreccións" eran penadas para que nin sequera nos momentos de lecer ou diversión ás que se acostuman a asociar certas expresión o suxeito puidera ter unha "válvula de escape". En relación con isto atópase tamén o que constitúe outro corpus documental cuantitativamente moi destacado, as infraccións por realizar bailes sen autorización. Esta cuestión foi dende o primeiro momento un ámbito que as autoridades locais e provinciais quixeron controlar por tratarse de espazos favorecedores da sociabilidade das comunidades rurais, por tanto, lugares rompedores dos cógidos impostos polas novas autoridades en materia de comportamento, moralidade e de reunión. O seu potencial perigo e consecuencias negativas da súa celebración sen control son sinaladas polo alcalde de Foz nun escrito ao Gobernador Civil de Lugo en abril de 1939 respecto a unha petición de autorización para celebrar bailes públicos que fan os veciños da parroquia de S. Martín,

> "a afición ao baile aumentara en proporcións esaxeradas dende os últimos oito anos ata os extremos de que non só se bailaba os días festivos se non que tamén en moitos días laborables chegando a construír edificios para tal fin de importancia en todas as parroquias e por partida dobre na maioría, onde concurrían, ademais da xente nova, todos os nenos de idade escolar con máis puntualidade que ás escolas e á igrexa, a cuxos deberes se faltaba por completo... o cal foi causa principal de que en España á caótica situación do FP, da que con providencial protección liberouna o noso Caudillo. Por estas razóns entende esta Alcaldía que os bailes e espectáculos públicos deben de regulamentarse, prohibindo a asistencia a menores de 14 anos e nas aldeas non ten medios suficientes a Autoridade para evitalo se non é coa imposición dun imposto dalgunha importancia e se destine á Xunta de Protección de Menores..."[522]

O Gobernador civil de A Coruña subliña a problemática que acarrean os bailes e, por iso, e partindo de referentes católicos, suprime os bailes na provincia a altura de febreiro de 1940,

> "continuamente están chegando queixas a este Goberno Civl de todos os confíns da provincia sobre os bailes. Son moitos os pobos nos que teñen lugar sen a debida autorización e sabemos, ademais, que se prolongan ata avanzadas horas da noite e que con este motivo fanse prohibidas libacións, que dexeneran o ambiente en groserías, blasfemias e inmoralidades sen número. Agora ben, tendo en conta o perigo e a resoancia moral e social de tamañas extralimitacións, así como a austeridade e bo senso que a todos nos impón o momento presente de España, aínda húmido coa sangue de tantos mártires e o recordo amargo de tantos loitos; e considerando que,

[521] AHPL. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Sección Goberno e Réxime interior. Negociado de Orde Pública. Multas (1936-1960). Sig. 13.367
[522] AMF. Correspondencia.

> a estas alturas, cristianos e patriotas como somos e debemos ser, a Igrexa coa súa Cuaresma e a Patria coa súa preocupación polo provir, invítannos ao recollemento e ao sacrificio. Polo tanto dispoño e fago dispoñer que na provincia ao meu mando quedan suprimidos os bailes durante a Cuaresma" (Pazos Gómez, 2003:91)

O compromiso da Igrexa, en tanto que copartícipe da vitoria, tamén supoñía a suxección social da poboación campesiña, e ésta non dubidou en ser un bastión da mesma empregando todo tipo de armas que incluían moitas veces mostras de evidente represión simbólica, control e imposición ideolóxica[523],

> "O máis duro era que todo che recordaba que eles foran os que ganaran a guerra... ¡Hasta na misa tiñas que estar oíndo como o cura lle daba gracias a Dios pola "vitoria" e lle pedía por Franco...![524]

De "policía do pobo" tildan algunhas memorias aos párrocos rurais dando a entender o alto grao de control exercido por ese colectivo[525]. Ao calor do nacionalcatolicismo rexurdiron os delitos de relixión na súa versión máis extrema, como amosa a introdución do delito de blasfemia, o adulterio e os denominados "delitos contra a honestidade" que aparecían tipificados no Código penal e na lexislación especial. As autoridades non dubidaron en empregar profusamente os instrumentos de control moralista e relixioso, que resultaron dos máis lesivos para as costumes das persoas[526]. Sobre o papel da Igrexa e dalgúns dos organismos devanditos voltaremos máis devagar ao falarmos da "colaboración providencia", pois a súa función de control era só unha das tarefas encomendadas, a outra era procurar a conversión e adoutrinar á poboación.

A fonte oral trasmite un sentimento arraigado de que a esfera privada estaba exposta ao control e a unha plausible represión, polo que incluso se adoptaba unha

---

[523]Débense ter en conta aspectos como que para saír da prisión coa condicional era imprescindible ir confesarse e saber varias oracións que eran consideradas "básicas", a obrigatoriedade de acudir aos oficios relixiosos de domingo ou a necesidade de entregar a Folla de Cumprimento, que indicaba que se cumprira precepto pascual de tomar a comunión. Sobre a actuación da igrexa durante a ditadura, vd. CASANOVA, J.M., (2001), *La iglesia de Franco*, Madrid, Temas de Hoy; FONT I AGULLÓ, J., (1999), "Aspiramos a transformar totalmente la vida en España". Actitudes de la población ante la implantación del Nuevo Estado: la política como religión y la religión como política", *Tiempos de Silencio. Actas del IV Encuentro de Investigadores del Franquismo*, València, Universitat de València, pp. 333-340

[524]Entrevista con I.P.R., recollida en PRADA RODRÍGUEZ, X.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (1997), "Antropoloxía da memoria: representación simbólica e función social das construccións míticas ... *op cit.*, p. 635

[525]Denominación tan alusiva é a dada na entrevista por M.D.G., que iguala ao labor da garda civil coa do cura "medo non pero pánico si. Os curas e a guardia civil eran quen tiñan o "mercado" de todo... ¡falábannos da guardia civil daquela e!...nosoutros non coñeciámos máis medo que o da guarda civil e dos curas porque eran quen manexaban todo, a guardia civil e o cura, o cura era o guardia civil do pueblo, "si señor" e "si señor"...". Entrevista a M.D.G., parroquia de Seoane, concello de Friol

[526]ABELLA, R., (1985), *La vida cotidiana en España bajo el régimen de Franco*, Barcelona, Argos-Vergara

"máscara" de consentimento en círculos familiares e de amizades. Este autocontrol, mantido no tempo, é innegable que puido conducir a unha ruptura da propia identidade e a unha conversión, á maneira de "colaboración providencia" do suxeito. A simulación, a máscara, acabaron converténdose nunha parte mesmo da identidade individual e, como temos comentado, parte do legado herdado polos descendentes.

6.3.1.3 As ansias de voltar á "normalidade"

"os veciños o que querían era estar tranquilos,
traballar e que os deixaran tranquilos"

Testemuño de A.M.P.B, concello de Aranga

Os fortes desexos de que a "desorde" que reinara nos primeiros momentos despois do golpe de Estado pasara, é dicir, de deixar atrás os episodios do "terror quente", están detrás de moitas adaptacións protagonizadas pola sociedade rural galega. Non é estrano. Os proxectos de historia oral feitos pola *Alltagsgeschichte* alemá demostraron que os relatos que os contemporáneos fan dos anos do nacionalsocialismo presentan un criterio case unánime, o de centrarse na "normalidade" dese período. Estudos sobre a vida cotiá dos obreiros da zona do Ruhr identifican as maneiras nas que os nazis lograron axustar os seus discursos e accións para que os diferentes grupos sociais asumiran as fasquías excepcionais impostas polo réxime como algo normal nas súas vidas cotiás. O factor decisivo, sinalan os historiadores alemáns, non era a súa habilidade para controlar a vida diaria e o traballo da poboación, senón, máis ben, aproveitar o feito de que os alemáns comúns, despois das devastacións causadas pola I Guerra Mundial, da depresión económica, do desemprego, etc. estaban preparados para colaborar con calquera que xogara a baza de loitar pola normalización dos parámetros nos que se movía a súa vida cotiá (traballo, familia, etc.). Para moitos alemáns, o "estado de excepción" marcábao a guerra e a confusión da posguerra, o que deu aos nazis a oportunidade de presentar a Hitler como un "salvador do caos", como un garante da tranquilidade e a orde, nunha palabra da "normalidade" anceiada pola maioría. O nazismo nutría o sentimento de seguridade na vida privada e con el atraía a segmentos da poboación que na era pre-nazismo viviran nunha inseguridade económica que resultou dramática para o seu día a día.

Sementar medo sobre o que a ruptura da orde e, polo tanto, da normalidade, podía conlevar foi unha fórmula exitosa en Alemaña en tanto que o autoritarismo do réxime nazi foi asumido frecuentemente pola poboación como un paradigma da estabilidade. O medo ao caos funcionou como un patrón asumido pola poboación que predeterminou a reacción ante rupturas da normalidade a maneira de actitudes de protección familiar e persoal. Os estudos da Historia da Vida Cotiá amosan que a adaptación da maior parte da poboacón alemá ten que ser entendida como unha ferramenta para ter unha vida normal. F. Tommler insiste en que parte dos esforzos nazis polo control da sociedade baseáronse en buscar que a poboación vivira na "normalidade", conscientes de que era ésta suficiente para que moitos cidadáns amosaran a vontade de suspender as súas convicción políticas e/ou morais, en aras de preservar os seus papeis de traballadores, cidadáns, veciños, etc. Dá conta do incrible illamento da poboación

dentro do seu mundo, un construto autónomo de factos e crenzas que foi defendido coa consideración de que se a orde se rompía, o caos explotaría e non deixa dúbidas sobre ata onde se extenderon os lindes da "vida normal": ata a colaboración co réxime nazi[527].

Para aqueles que se adaptaron no rural galego é posible tamén definir os primeiros anos de franquismo como unha etapa dominada pola "normalidade". A insistencia na normalidade resulta da adaptación das expectativas do individuo, unha reacción ao que se asume que debían ser os seus anceios nese momento[528]. As circunstancias instrumentalizaron a percepción da realidade. Calquer adaptación forza a cambiar os parámetros dun individuo e unha "adaptación activa" supón a interiorización da realidade externa dentro de ditos parámetros, para ordeala dentro dos esquemas propios. Este intencionalismo, iniciado baixo diversas emocións como a ansiedade, a ambición persoal ou a solidariedade de grupo, trae consigo un modo de dominación vital para o que o plantexamento de posturas e actitudes como a complacencia ou a resistencia son totalmente secundarios. A cuestión central é que períodos como o definido polas primerias décadas de franquismo poden ser descritos como "normais" a nivel privado porque o mundo do "político" foi expulsado do ámbito da conciencia individual, incluso con efectos retroactivos, coa finalidade de tratar de vivir mellor ou de sobrevivir[529]. "Si, si", recorda A.B.N., "aquello de la política desapareció...allí no contaba, cada uno tenía su opinión pero de ahí no pasaba"[530]. O apoliticismo interiorizouse como a maneira de conservar amizades e convivir en certa "harmonía" de tal xeito que se converteu en "verdade" e era refrendado en ambientes privados e familiares nada hostís e mesmo ante antigos correlixionarios políticos, evidenciando unha total desmobilzación política e social.

> "... fun a casa de José de Forxas. Comín con eles e falamos durante moito tempo. A muller de José díxome que o seu marido nunca se metera en nada de política, nin tampouco os seus familiares. Eu enfadeime e golpeei a mesa ca man; seguidamente pedinlle perdón. Aquela reacción miña viuse impulsada porque antes da Guerra Civil, todos os de San Ciprián eran de esquerdas. Despois, o seu marido pasou á Comandancia de Marina e xa era franquista" (Pillado, 2002:291)

[527]TROMMLER, F., (1992), "Between normality and resistance: catastrophic gradualism in Nazi Germany", *Journal of Modern History*, 64, pp. 82-101

[528]Da necesidade que existía entre a poboación de Madrid de restaurar a normalidade unha vez finalizada a contenda civil insisten os testemuños recollidos por FOLGUERA, P., (1995), "La construccion de lo cotidiano durante los primeros años del franquismo", *Ayer*, 19, pp. 166-187

[529]A derrota na guerra civil, a censura e máis o medo a comprometer aos parentes motiva que tamén dende 1937-38 as alusións políticas explícitas practicamente desaparezan das cartas enviadas dende América. NÚÑEZ SEIXAS, X.M.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (2005), *As cartas do destino. Unha familia galega entre dous mundos, 1919-1971*, Vigo, Galaxia

[530]Entrevista a A.B.N., nado en Negueira de Muñíz, vive dende 1960 en Matodoso, concello de Castro de Rei

A tensión que provocaba entrar no ámbito do "político" e valorar situacións de acomodación ou de oposición rachaba coa "normalidade" asumida[531]. "Practicamente faise de todo excepto opinar de política, chamalo lapsus freudiano sería excesivamente sutil para a crudeza da época", indican Encabo et ali (1996:13) ao estudar a vida cotiá da aldea soriana de Benamira, amosando que se trata dun comportamento compartido pola poboación rural doutras rexións españolas.

No modo no que se asumiu a realidade existente tivo máis peso o mantemento da "orde", que aseguraba esa normalidade, ese día a día cos mínimos sobresaltos, que os pensamentos que podían levar a certos graos de resistencia, porque éstes conlevaban un nivel de desorde que rachaba o status quo creado a partir da sensación, certamente enganosa, de seguridade individual ou familiar[532].

Para a maioría a normalidade non resultou de non ver de preto a impunidade coa que o réxime se impoñía ou de non querer vela aferrándose a aspectos cotiás da vida que evidencian unha pasividade condescendente para co poder. Para a maioría a normalidade amósase como o resultado da suspensión das convicción morais, que é o que permite a deshistorización do período. A asunción de violencia gratuita e terror como un aspecto máis da vida diaria foi o custo de sentir que "todo era normal". Só os riscos corridos en primeira persoa como espectador, actuacións de resistencia como axudar aos opositores do franquismo ou a loita contra "a forestal" ou o relatorio de episodios de violencia física, devolven ás persoas á realidade da dureza e do medo vivido. Tratouse dun "habituarse gradual" (Trommler, 1992:92) da poboación ás maneiras do réxime, dun acostumarse aos poucos ás situacións de violencia, a recibir ordes e non poder deliberar o seu cumprimento, a crer que a situación era tan complicada que o goberno tiña que "actuar" coa xente que non o entendía, ou tan perigosa que, mesmo se a xente podía comprendelo, non podía darse conta debido á seguridade nacional. "Habituarse" á sensación de medo, á violencia, á corrupción, etc. foi a resposta da maioría para tratar de recuperar o grao suficiente de "normalidade" que permitía sobrelevar a vida diaria. Cantar himnos fascistas na escola, ir a misa os domingos, pagar a cota da Hermandade foron asumíndose, como outros rituais, dentro do ritmo que asumen as actividades cotiás e, así, deixaron de percibirse como os actos de represión que eran.

> "durante Franco foi a cousa evoluíndo si porque aquí pasamos dende o 39 que se acabou a guerra...doce anos de racionamento... pero a xente empezou a traballar e empezou a moverse. Despois do ano 45... entón xa dende daquela a cousa foi evoluíndo. Non había unha libertade de dicir

[531] É o caso de Luis Varela, para el a política era tema "tabú", "... aínda que eu de política non entendía absolutamente nada, igual aplaudía os discursos do Caudillo..." VARELA, L., (1996), *De Galicia a Buenos Aires. Recuerdos desde el Bar La Cancha*, Buenos Aires, Volpe Editores, p. 51. M.D.L. comenta que, "como mis padres no se metían *en cosas desas*, en mi casa no se hablaba de nada de eso", evidenciando a consideración pexorativa que a política tiña no seu ámbito familiar. Entrevista a M.D.L., da parroquia de S. Pedro, concello de Lugo. A cursiva é nosa.

[532] Narotzky e Smith describen esta forzada reclusión no ámbito do privado a causa da represión e do peche do espazo público, e as súas implicacións políticas e na memoria. NAROTZKY, N.; SMITH, G., (2002), "Being político in Spain: an etnographic account of memories, silences and public politics", *History and Memory*, 14, 1-2, pp. 189-228

> pódese falar ou podes eso, pero a xente xa se habituara, cada un tiña a súa vida... e quedar todo empobrecido... tamén se afanou en traballar"[533]
>
> "Eu creo que non, ¿eh?, non tardou demasiado tempo, non tardou demasiado en volver" [a normalidade],... si, si. E eu creo que...dígoche eso, que eu creo que aquí se estableceu un clima... de terror pero de normalidade,... Son núcleos moi pequenos, ¿non sabes?, entón a xente... e despois moi diseminado e..."[534]
>
> "eu estiven moito tempo, bastantes anos presa do medo..., nos primeiros anos respirábase ese medo nas casas, nos primeiros tempos. Despois si que foi pasando..."[535]

A importancia do desexo de que todo volva a normalidade, o anceio de levar unha vida coa mínima tensión posible, fai que en moitas ocasións as situacións incómodas ou cheas de presións non desemboquen en conflito. A presión social queda contida pola moitas veces irresistible atracción de resgardar a normalidade. Na mesma liña que o réxime de Hitler, o franquismo coaccionou á maioría da poboación a tantos niveis "próximos" (seguridade laboral, supervivencia familiar, encadramento, etc.) que evitou e imposibilitou a reflexión sobre a situación política a nivel macro. Un dos seus éxitos foi derivar a potencial oposición cara mostras de resistencia civil que cabían dentro da xeral adaptación. E esas mesmas voltan a demostrar a súa importancia e valía precisamante por iso, porque coa súa activación rachaban coa asunción da "normalidade", coa idea de orde que mantía a seguridade individual e familiar, metendo ao seu protagonista dentro de parámetros de incerteza vital.

A despolitización da sociedade foi o grande éxito do franquismo. A igualación mental que se fixo de "política" e "perigo" para o común da sociedade e "política" e "corrupción" para o beneficio duns poucos foi un triunfo da ditadura. Este logro comportou, alén da despolitazación das xeneracións que viviron os primeiros anos do franquismo, un efecto alienante das seguintes.

6.3.1.4 A falla de esperanza no cambio

A "colaboración realista" partía tamén da análise negativa das alternativas existentes. Esta valoración tiña en conta o poder do sistema e estimación da súa duración, igual que e imaxe dos posibles opositores, que non fundaban unha opinión positiva sobre o cambio da situación. A perspectiva dunha dominación duradeira, sobre todo a partir da constatación que a derrota do Eixe na Segunda Guerra Mundial non ía conlevar un cambio en España, conducíu a moitas persoas á adaptación, e mesmo á aceptación. Como xa dixemos na explicación sobre a temporalización da resistencia civil, a non intervención dos países gañadores da Segunda Guerra Mundial deixou sen azos a unha poboación que tiña cifradas as súas esperanzas de acabar co réxime na axuda exterior e, á súa vez, tamén supuxo un punto e a parte na oposición armada interior.

---

[533] HISTORGA, nº 357. Entrevistada E.R.N., da parroquia de S. Martín, concello de Baleira
[534] Entrevista a R.T.G., de Arzúa. LANERO TÁBOAS, D., *A represión franquista... op cit.*, p. 101
[535] HISTORGA, nº 1.014. Entrevistado P.R.P., da parroquia de Seara, concello do Valadouro

O crecente desinterese da poboación pola política, conceptuada grazas á represión como algo eminentemente perigoso e pernicioso para a seguridade persoal e familiar, axudou a illar ao movemento guerrilleiro, igual que as súas constantes baixas. Na fonte oral recollida atópase a pegada do estado de ánimo colectivo: un xeralizado sentimento de aversión cara aos franquistas e ás autoridades, pero tamén de medo cara á guerrilla, polo que a súa presenza supoñía de perigoso e polo recrudecemento da represión que conlevaba a súa acción. As constantes visitas das forzas franquistas ás zonas onde se cría axudaban á guerrilla facían que o medo á represión física estivera sempre presente e que, en moitos casos, non se dubide en recoñecer que a morte ou prisión dos guerrilleiros supuxo un descanso para á poboación. "Despois de que mataron ó Piloto desapareceu o terror na xente... xa quedaron máis a gusto", recoñece un veciño do concello de Paradela[536]. "A xente quedou máis tranquila cando Trigo desapareceu porque a xente tiña medo...incluso os domingos non podía haber unha festa con panderetas sin que o soupera Falanxe, que chegaban e desfacían todo e daban leña a xente", confirma un da parroquia de Cubelas, en Ribadeo[537].

Ser amigo de todos, sen axudar a ningún ou mantendo unha boa relación cos dous, segundo a circunstancia, era o mellor modo de defenderse, aproveitando as continxencias máis dispares. M. conta como na súa casa coincidiron a mesma noite o guerrilleiro "O Piloto" e uns gardas civís que ían de batida da guerrilla. Aínda que a súa preferencia por resgardar a vida do guerrillerio era clara, a decisión de axudar tamén aos gardas civís é significativa da decisión de "navegar entre as dúas augas".

> "durmiron aquí os dous xuntos porque, o Piloto estaba aquí, él e a amiga que lle chamaban Mirella, e o Segura tiña unha compañeira que traía que era alá cerca do Porto de Pedrafita, e entón cando naquela época estaba o xeneral, que era o director da garda civil que era de Norelle, e mandou que os guardias tiñan que saír e botar unha semana sen volver ó cuartel, de servicio por aí, dormir por onde se podía. E entón era víspera do Faro e subían por aquí arriba a rúa, e eu conocíaos que entre eles un chamábanlle

[536]HISTORGA. Entrevista nº 790. Entrevistado A.R.R. da parroquia de Portocarreira, Paradela. Un exemplo da forte represión acaecida nas zonas onde había fuxidos é a resposta de M., que á pregunta de se as forzas da orde molestaban no vecindario por ser un dos fuxidos de alí contesta que "os soldados tódolos días,..., e levaron moitos paos, todo aquel que o vía por aí... había quen fora acusar de que o vira, pois dalí ó outro día xa estaba a policía á mañá e non había máis ca leña". "Estando en S. Vicente, Manolo do Amaro e máis o Cástor, estivo o Recaré [o fuxido] un día con eles no monte,... ó día seguinte xa viñeron [os soldados] onde o Cástor e déronlle unha zurra... porque non avisou... e entón a raíz deso pois foi seguindo así...". Unha versión que ratifica T., da mesma aldea, que dí que á xente da zona pegábanlle por encubir a fuxidos ou pensar que os encubrían "a garda civil sí porque un día estaba un rapaz coas vacas e un "do Gallete" [un rapaz da zona] tirou un tiro de escopeta, sentiu un ruído e escapou. O rapaz cas vacas estaba e con elas quedou e chegou a garda civil alí...cos de Mundín e os falanxistas e dixéronlle quen fora o que tirara o tiro, se fora el ou se non que quen fora...e o rapaz non o quixo dicir, negou que o soubera, non quixo descubrir ó outro e déronlle unha malleira que tiveron que ilo buscar os pais alí que non se deu levantado, e así quedou...e despois atoparon unha señora, unha vella preguntáronlle se vira pasar o Recaré ou se sabía quen tirara o tiro ela díxo que non o sabía que ela non o coñecía siquera e déronlle dúas patadas e tamén a tumbaron na leira e deixárona alí..." HISTORGA. Entrevistas nº 156 e nº 157. Entrevistados T.M.B. e M.M.G., da parroquia de S. Miguel do Monte, Chantada

[537]HISTORGA. Entrevista nº 768. Entrevistado J.O.P., de Cubelas, Ribadeo

> o Ardicia, e outro chamábanlle, un que era aí de Taboada, teño idea que era Manolo. E dixen ¿e logo que vides facer?, "vimos por aquí temos que botar dúas semanas sen podermos ir ó cuartel", e eu díxenlles "pois vide a tomar un vaso" e eles acederon... e despois dixeron "non sabemos onde habemos dormir", "pois logo se queredes dormir, podedes dormir aquí", e non tiven máis remedio que deitalos uns cerca dos outros, agora que o Piloto sabía moi ben que estaba a garda civil, pero a guardia civil non sabía que estaba o Piloto (risas), e non pasou nada.."[538].

Neste falla de consciencia sobre o papel da guerrilla como opción futura de cambio debemos ver a incapacidade do propio movemento opositor armado para facer prender nas comunidades o "mito do bandolerismo social". Segundo Eric Hobsbawm, "o esencial dos bandoleiros sociais é que son campesiños fóra da lei, aos que o señor e o estado consideran criminais, pero que permanecen dentro da sociedade campesiña e son considerados pola súa xente como heroes, paladíns vingadores, loitadores pola xustiza, ás veces incluso líderes da liberación, e en calquera caso como persoas ás que admirar, axudar e apoiar. É a relación entre o campesiño corrente e o rebelde a que confire o seu interese e significado ao bandolerismo social" (Hobsbawm, 1976:10). Todos os que se botaron ao monte non eran merecentes de ser considerados guerrilleiros nin, no bo senso "bandoleiros". A constancia de que entre os que estaban fuxidos había meros atracadores, ladróns ou vividores amedrentaban á poboación que desidealizaba a acción dos guerrilleiros[539]. O dano que estes fixeron á guerrilla é comparable a de aquelas bandas de delincuentes que se facían pasar por guerrilleiros para cometer as súas feitorías.

Fernanda Alfaro fai referencia ao libro de Víctor Klemperer, *La lengua del Tercer Reich*, un ensaio sobre a linguaxe totalitaria da Alemaña nazi, que plantexa que "as palabras poden actuar como doses ínfimas de arsénico, un trágaas sen decatarse, parece non surtir efecto ningún, e ao cabo dun tempo, prodúcese o tóxico" (Romeu, 2002:15). Neste senso hai que valorar a influencia das reiteradas denominacións de "bandoleiros", "facinerosos", "atracadores", "asasiños", "ladróns" coas que diariamente e de forma reiterada autoridades e medios de comunicación, prensa escrita e radio especialmente, nomeaban aos fuxidos e guerrilleiros. Estas fórmulas, en nada inocuas, axudaban a que a poboación interiorizara no seu propio discurso este tratamento oficial, que equiparaba á oposición armada con problemas de orde público, minimizando o seu contido político. Unha proba disto témolo nas verbas adicadas na prensa á morte do guerrilleiro o Piloto, pensadas para escarnecer a súa figura con apelativos do tipo "atracador sanguinario", "asasiño de curas", "asasiño vulgar" ou "fustigador

[538] HISTORGA, nº 157. Entrevistado M.M.G., da parroquia de S. Miguel do Monte, Chantada

[539] A guerrilla era ou antoxábase ser un destino para maleantes e ladróns. Foi unha opción para José Rivas, un rapaz de Sta. Cruz do Valadouro, que foi detido en 1948 cando pretendía unirse aos guerrilleiros da zona de Viveiro e Mondoñedo, polo que foi condenado a 10 anos e un día de arresto. Aseguraba que quería unirse aos "bandoleiros" para ter cartos, andar ben vestido e deixar de traballar (el era criado nunha casa de A Pastoriza). O seu pasado de lacazán e ladrón de pouca monta foi confirmado polos seus veciños. AMSF. Causa 459/48

das leis"[540]. Tanto é así que para moitos contemporáneos das "actividades violentas" levadas a cabo polos guerrilleiros a descuberta de que eses sucesos eran exemplos da resistencia guerrilleira republicana e non de vulgares "atracadores" ou "maleantes" chegou coa democracia. Igualmente, conseguiu crear a sensación de que aqueles pobos que se caracterizaran por unha resistencia máis denodada a súa imposición era por abundar neles persoas "liantes" e "conflitivas"[541] ou situalos como "os outros", a cara allea aos "normais" aos "de aquí"[542]. Cando o morto era un compoñente do exército sublevado ou do grupo gañador da contenda denomínase "caído", un vocablo novo no léxico español e galego, moi en liña co alemán de "Gefallen" co que os nazis aludían aos que perderan a vida pola súa causa. Os sublevados apropiáronse da nomenclatura "nacionais", mentres que os defensores da legalidade republicana, pasaron a ser os "rojos". E así un longo etcétera de vocabularios e léxicos que conlevan unha grande carga simbólica e que se implantaron na linguaxe cotiá calando nas conciencias. O franquismo, sen dúbida, gañou non só a batalla bélica senón a "guerra das palabras"[543].

O papel dos medios de comunicación na difusión do medo foi tamén chave na Galicia da posguerra. A radio, como principal vía de información do rural actuou como vehículo de desinformación con continuadas noticias nas que se difundía o pensamento único, glorificando as bondades da vida en España en contraposición á mala situación do estranxeiro. A draconización dos cidadáns de países comunistas e dos guerrilleiros e a desinformación foron un pulo máis para a incomunicación da sociedade civil e, polo tanto, para accionar calquera tipo de oposición. Na "guerra das palabras" o franquismo contou, alén dos seus medios, cun importante aliado externo, o Estado portugués. Salazar conseguiu que a versión da guerra civil e do sistema xurdido dela fora glorificada e enaltecida nos medios de comunicación protugueses, sobre todo nos que contaban con difusión deste lado da fronteira. Non debemos menosprezar o seu efecto pois, como se sabe, cadeas de radio portuguesa como a *Rádio Club Português*

[540]Os apelativo na prensa á morte do Piloto en SACO, F., (2006), *Os irmáns Saco...op cit*, p. 67. Na entrevista realizada a C.A.P., o entrevistado refírese aos fuxidos coa significativa apelación de "extraviados". Manuel Veiga comenta o grao de despolitización que o franquismo consegiu imprimir aos guerrilleiros e ás súas accións, "en 1965, a non máis dunha ducia de quilómetros de onde eu vivía, un grupo de Gardas Civís matou, disparando desde bastante distancia, a Xosé Castro Veiga, coñecido como O Piloto, quen naquel momento se encontraba a xantar. Esta morte, do que algúns consideran o último guerrilleiro da península, foi comentada entre os que rodeaban exenta de matices políticos. Logo descubrín que o alcume de Piloto proviña de que Xosé Castro Veiga fora piloto de aviación da República, o que me levou a supoñer que as súas motivación ían máis alá das dun vulgar atracador". VEIGA, M., (2006), "Guerra Civil. Do pacto do silencio a unha polémica explosión bibliográfica", *A Trabe de Ouro*, 65, Tomo 3, pp. 359-373, p. 360

[541]Na conversa con M., de Reigosa, ela recorda como se comentaba con preocupación a chegada a esa parroquia de A Pastoriza dun caseiro que viña de Castroverde porque se oía que os dese concello eran uns marrulleiros, antisociais, amigos de meterse en problemas e, en definitiva, "mala xente". A anguria foi conciliándose co razonamento de que "eran como os doutro lado, sólo que os franquistas dicían así malas cousas deles porque eran contrarios... pero ao principio todos lle tiñamos algo de aprensión". Entrevisa con M.E.I.I., de Reigosa, A Pastoriza

[542]Así o recorda B., que define a "rojos" e "fuxidos" como "contrarios ao partido daquí". Entrevista a B.G.L., de Friol

[543]Parafraseando o célebre artigo de Paul Preston, vd. PRESTON, P., (1984), "Introducción. Guerra de palabras: los historiadores ante la guerra civil española", en PRESTON, P., (ed.), *Revolución y guerra en España, 1931-1939*, Madrid, Alianza, pp. 15-24.

e xornais do país veciño eran medios informativos usuais para poboacións de rexións fronteirizas como era Galicia. Os ataques dos sublevados serán definidos polos periodistas lusos como "operacións de pacificación" en zonas baixo o dominio da "barbarie vermella". Os rebeldes son caracterizados como persoas moi humanas, sensibles e con grande sentido da xustiza, mentres que para os republicanos adóptanse calificativos que insisten na súa irracionalidade. Os leais son vistos como "monstros, feras, cobardes, malvados, assasinos, moscovitas, canalhas, analfabetos, selvagens, inhumanos, ignorantes", etc. Porén os franquistas aparecen como "valentes, patriotas, salvadores, justos, sensiveis, humanos, herois, vítimas, mártires, cristianos, respeituosos". Como expón Alberto Pena, na estratexia mitificadora dos sublevados os corresponsais portugueses revestíronos tamén dun compoñente relixioso describindo as súas accións cunha linguaxe simbólica onde predominan os elementos divinizantes que confería á sublevación un carácter semi-divino que transformaba o golpe de Estado nunha auténtica cruzada contra a anti-España nada da Segunda República[544].

O réxime franquista converteuse no dono absoluto do discurso público e, con ese dominio procedeu a deconstruir as representacións que de sí tiñan os suxeitos e os colectivos e, como xa exemplificamos no caso do agrarismo, procedeu a "incautar a memoria" (Ledesma, 2004:43) da sociedade. Tratábase de reconstruir as identidades en función da imaxe moralista que o franquismo tiña sobre o que debera ser o seu proxecto de nación. A represión simbólica, na que era a ditadura quen elixía nomes e significados, tratou de mudar rasgos de identidade social e política dos suxeitos e, como no caso da guerrilla, conseguiu manter latente unha cosmovisión e unha linguaxe degradadora e envilecida que calou en boa parte da sociedade[545].

6.3.1.5 A *fame neghra*

Ademais da represión, do control social e da falla de expectativas, os anos corenta e cincuenta son tempo da plenitude da fame colectiva, esa *fame neghra* que se converte no primeiro recordo de moitos dos os que viviron nese tempo, por riba de calquera outra cousa[546]. A busca de alimentos converteuse na obsesión fundamental da vida. Pode dicirse que en áreas axiña controladas polos sublevados a guerra converteuse nunha posguerra igualmente dura en termos de supervivencia. Como evoca o afortu-

[544]Isto valeulle a emisoras e xornais portugueses agradecementos e homenaxes por parte dos falanxistas galegos. Faro de Vigo foi unha das primeiras cabeceiras en distinguir o traballo de Radio Club, apreciando especialmente os "profundos coñecementos castrenses" e os "xuizosos comentarios" do seu enviado para relatar o avance da contenda bélica. Radio Coruña e Radio Vigo tamén recoñeceron o "apoio moral" prestado aos galegos nos anos da guerra. PENA RODRÍGUEZ, A. (1998), *El gran aliado de Franco. Portugal y la guerra civil española: prensa, radio, cine y propaganda*, Sada, Ed. do Castro, p. 261, 364-365

[545]LEDESMA, J.L., (2004), "El lastre de un pasado incautado: uso político, memoria e historiografía de la represión republicana", FORCADELL, C., et ali., (ed.), *Usos de la Historia y políticas de la memoria*, Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, 33-53; RICHARDS, M., (2006), "El régimen de Franco y la política de memoria de la guerra civil española", en ARÓSTEGUI, J.; GODICHEAU, F., (eds.), *Guerra civil. Mito y memoria*, Madrid, Marcial Pons, pp. 167-200

[546]É o caso de M.D.G. que á pregunta ¿de que cousas te acordas dos anos da guerra civil? contestou directamente "da guerra acórdome de que foron os anos propios da fame, do racionamento do pan, de toda clase de comidas, do tabaco". Entrevista a M.D.G., da parroquia de Seoane, concello de Friol

nado título da obra Conxita Mir, vivir para a xente corrente converteuse en tratar de sobrevivir. Lacenas baleiras e comidas escasas provocaron que homes e mulleres revivan na súa memoria os anos iniciais do franquismo, alén da inmediata posguerra, como un período definido pola fame e a precariedade máis que por calquera outra realidade. Algunhas testemuñas consideran indigno ter pasado fame, polo que aseguran non tela padecido directamente, aínda que recoñecen que a precariedade era xeral,

> "a miña familia non gozou de abundancia, fame non se pasou pola sinxela razón de que nosoutros tiñamos unha agricultura para sobrevivir... nosoutros vivíamos nunha situación para aquel entón non poido dicir que de indixencia, pero para hoxe sería unha situación así. Por exemplo durante a inmensa maioría do ano comíamos pan de maíz e de trigo mezclado, e ás veces, de maíz só, para poder reservar o trigo para as últimas etapas do ano e incluso para ter o mellor cocido de pan de trigo na época das festas e por aí cando viña un parente... ías trampeando como podías en canto a que había que entregar trigo... O noso sistema de vida era bastante miserable..."[547]
>
> "aquí fame larga, si si...nos fame gracias a Dios nunca pasamos pero con moito xeito, que as veces tiñamos que comer a lechuga con graxa con torreznos...para comer sen ter aceite"[548]
>
> "daquela si, había moita moita, por que o racionamento que che daban érache moi pequeno e cartos non había, había que adaptarse ó que daban...daquela había moita pobreza..."[549]
>
> "cando se pasou fame foi ó terminarse a guerra porque houbo que racionar todo... daban unha ración de aceite para o mes... había que entregar o trigo aquí como se labraba e tíñase na casa, dende que se entregaba o cupo o máis podías comelo...o aceite estaba racionado... o azúcar... o pan... entregar... cupo de fabas tamén, igual non lle quedaba bastante para comer pero os precios desbordaronse porque un pobre que tiña que comprar o pan naquel tempo, chegou o ferrado de trigo (14 quilos) a 250 ptas.. .e eso era moitísimo mentras que se gañaba un xornal de dúas ou tres pesetas"[550]

Se ben é certo que nas zonas produtoras, como o é o rural galego, a provisión de alimentos era máis doada que nas cidades, isto non exime de que moitas familias labregas pasaran carestía[551]. Alén do aumento da poboación debido ao peche das saídas migratorias cara América e á volta de efectivos antes migrados ás cidades, só fai

[547] HISTORGA. Entrevista nº 1.014. Entrevistado P.R.P., da parroquia de Seara, Valadouro
[548] HISTORGA. Entrevista nº 177. Entrevistado M.P.C., da parroquia de Sambreixo, Palas de Reis
[549] HISTORGA. Entrevista nº 64. Entrevistada M.A.A.C., da parroquia de Xesteira, Monforte
[550] HISTORGA. Entrevista nº 226. Entrevistado J.L.B., da parroquia de S. Adriano, Lourenzá
[551] Así o recoñecían os informes sobre abastecementos da provincia de Lugo, "... era tamén preciso prestar atención á data de efecto dos suministros municipais dalgúns artigos como aceite, azucre, arroz e fariña xa que hai concellos onde non se recibiu o suministro dende fai bastantes meses, sen que quepa argüir no senso de que o labrego atende a súa subsistencia cos produtos da súa colleita, por

falla traer a colación a carestía reinante no tocante a sulfatos e adubos minerais, o que necesariamente fixo baixar os rendementos agrícolas, igual que a insuficiencia crónica de carburantes para a maquinaria agrícola. Os baixos prezos agrícolas oficiais levaron á caída da produción e tamén nos rendementos por hectárea ao recorrer ás vellas prácticas de roturar as terras marxinais ou nos montes comunais para sementar cereal. E non só a terras secundarias, senón lugares onde os rendementos son forzosamente decrecentes pola súa baixa cualificación (ou directamente non cualificación) como superficie agraria[552].

Pragas como a do escaravello da pataca na provincia de Ourense en 1943 deixou sen este preciado produto non só aos ourensáns senón aos núcleos urbáns e vilegos aos que se destiñaba o seu cupo[553]. A situación voltouse crítica a mediados dese mesmo ano co establecemento de cupos de entrega forzosa de millo, cereal base da alimentación humana e animal. Este gran, malia a ser Pontevedra a maior produtora do país, era cronicamente deficitario e tivérase que optar pola súa importación dende América con anterioridade á guerra, pois era un elemento fundamental para o puxante sector gandeiro galego. Así o entendían tamén as autoridades provinciais que reclaman a súa importación expoñendo a situación "crítica" en que as disposicións da Comisaría de Recursos colocaba á gandeiría galega[554]. Malas colleitas consecutivas e unha estipulación de cupos imposible de cumprir provocaron que a situación no relativo á alimentación da poboación non mellora cando menos ata 1945, ano no que as directrices da recollida de cupo de millo se flexibilizan. En decembro dese ano

canto son moitas as familias que non producen o suficiente para o seu sustento e porque ademais hai artigos alimenticios que por non poder ser suplidos con outros da colleita teñen que ser precisamente adquiridos no comercio". AGA. Presidencia. Informes da Secretaría Xeral do Movemento. Parte Correspondente ao mes de xaneiro de 1941. Caixa 51/20533.

[552]"...como non había nin siquiera sementes non se podía plantar moito. Aquí chegaron a plantar patacas nas cunetas...". ROCHA NOVOA, M., (2002), *As consecuencias sociohistóricas do estraperlo... op cit.*, p. 38

Sobre as dificultades para o abastecemento de fertilizantes para o agro láiase o Xefe Provincial de Falanxe na Coruña en marzo de 1942. AGA. Presidencia. Caixa 51/20586. Expediente nº 14.

[553]A escaseza no suministro de patacas é unha constante aínda un ano despois, en 1944, como denuncia os informes do Xefe pronvincial de A Coruña nos seus informes sobre o abastecemento da provincia. AGA. Presidencia. Caixa 51/20586. Expediente nº 46

[554]O Xefe provincial de Falanxe na Coruña pide a importación de 5.000 toneladas de millo como única solución para tratar de solventar a situación do sector gandeiro en maio de 1942 e en outubro expón no seu informe sobre a situación provincial as "dificultades que se presentan" para a realización das diferents tarefas agrícolas pola "escaseza de gasolina para maquinaria". Para a provincia de Lugo a situación de carestía é parella e preocupa igualmente á xefatura provincial que non dubida en sinalar nese mesmo ano que o maior problema de orde pública existente na provincia ven dado polo "gran descontento entre os agricultores da comarca de Monforte porque non se lles suministran adubos mierais máis que nunha pequenísima fracción das necesidades reais dos cultivos de temporada, de feito que na actual campaña de semente de centeo, que reviste gran importancia para o abastecemento nacional, foron destinados pola Comisaría de Recursos da Zona Oitaba, 24 vagóns de adubo mineral (superfosfato) cando as necesidades se aproximan aos 100 vagóns, débense ter en conta que foron sementados sin adubos as colleitas de millo e nabos. Na semente de patacas suministrouselles só 6 quilos de adubo por ferrado, cando se precisan 10...". AGA. Presidencia. Caixa 51/20586. Expedientes nº 22, 52 e 54. Caixa 51/20593. Xefatura Provincial de Falanxe. Lugo. Parte mensual do mes de setembro de 1942.

unha nota do Ministerio de Agricultura asume que as perspectivas non eran tampouco alagüeñas

> "espéranos aos españois un futuro próximo de grandes dificultades na orde da alimentación, e sen pretender alarmar a ninguén, ao contrario, ... este Ministerio crese no caso de difundir esta triste realidade, invocando a todos que axuden con alto espírito de colaboración ás medidas que por este Departamento se adopten e que buscan fundamentalmente estimular a produción de todo aquilo que aínda é posible obter como alimento humano e aproveitamento racional para o mesmo fin de canto haxa no agro con algunha posibilidade de ser recollido"[555].

Na carestía do rural galego nos anos iniciais do franquismo debe terse en conta o esforzo no abastecemento do bando fascista que a súa produción xogou[556]. Ademais, sufriu unha peor distribución dos cupos que redundou na agudización do problema da fame. Racións máis pequenas dos alimentos intervidos e maior espaciamento nas entregas eran características do suministro de produtos básicos desenvolvido polo Estado para paliar a situación de posguerra[557]. Como sinala L. López, en Ourense en 1944, as racións da cidade eran suministradas semanalmente mentres que nos pobos eran mensuais ou aínda máis periódicas dadas as corruptelas da distribución a nivel local[558]. Xoán González exemplifica estes repartos discriminatorios para a provincia de Pontevedra co caso das lentellas, que só se repartían nos núcleos urbáns de Pontevedra e Vigo, e nos cupos de aceite e azucre. Se para o primeiro dos produtos nas cidades de Pontevedra e Vigo os repartos eran de medio litro por persoa, no rural eran dun cuarto. Para o azúcar a diferenza era de 250 gramos a 150/125[559]. En Lugo atopamos que a situación era semellante a de Pontevedra e Ourense. Como recollen os informes sobre abastecementos de 1941, ademais de que se racionara "tan só unha terceira parte" da poboación civil da provincia por non terse recibido os cupos asignados

[555]FARO DE VIGO, 10-5-1945, cit. en GONZÁLEZ LEIRÓS, X., (2001), "Expansión de la miseria y auxilios de Falange. Pontevedra, 1939-1945", *Espacio, Tiempo y Forma.* Serie V, 14, pp. 381-418, p. 397

[556]José Ramos, do concello de Cervo, en Lugo, amósase convencido de que os altos mandos de combate tiñan un mellor sumistro de auga e comida, mentres que a poboación civil "comía as sobras dos militares", en BULLÓN DE MENDOZA, A.; DIEGO, A. de, (2000), *Historias orales de la guerra civil*, Barcelona, Ariel, p.119

[557]Os testemuños orais tamén concordan coa escaseza da ración entregada e acostuman a sinalar ás autoridades e grandes estraperlistas como causa da mesma. "¡e se che deran o que necesitabas...!. Daban aproximadamente... algún ano non deron nin un cuartillo a cada persona...dábanche un pouco porque o que lles sobraba estraperlábano eles o comerciante...estraperlábano os que os que trataban deso, a Xunta de Abastos era...aínda se correu a voz que aí pola parte de Vigo ou Pontevedra houbo aí un estraperlazo...aquí o estraperlo ía para Mellid...por Mellid e por outro lado, porque ademais dos establecemetnos había casas particulares onde estraperlaban...tabaco...aceite...café...". HISTORGA. Entrevista nº 177. Entrevistado M.P.C., da parroquia de San Breixo, Palas de Rei

[558]LÓPEZ FERNÁNEZ, L., (1999), "La población de Ourense ante el suministro oficial de alimentos durante el año 1942", en MARTÍNEZ RISCO, L.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., *Autarquía e contrabando na sociedade de posguerra... op cit.*

[559]GONZÁLEZ LEIRÓS, X., (2001), "Expansión de la miseria y auxilios de Falange ... *op cit.*, p. 387

pola Comisaría Xeral, "o racionamento na capital faise con bastante normalidade, o que non ocorre así na maioría dos concellos rurais xa que exiten varios que reciben suministros moi de tarde en tarde"[560]. A prioridade da capital ante os concellos do rural en materia de abastecemente era clara, igual que a desatención manifesta destes, nos que non se realizan envíos de produtos básicos como son o aceite e o azúcar con ningunha clase de periodizidade razoable. Como pode verse nos seguintes extractos dos informes de Falanxe, a falla de suministro chega a ser unha realidade preocupante para as autoridades que dan como "suxerencia para solucionar o problema" da carestía que

> "...pudiesen facerse envíos de aceite aos de Baleira, que non o reciben dende xuño; Guntín, dende xullo; Ribeira de Piquín e Villameá, dende agosto; Valadouro e Pol, dende setembro; Cervantes, Viveiro e Quiroga, dende novembro; Castro de Rei, Foz, Meira e Páramo, dende decembro e Taboada e Incio, que non fan suministros individuais dende xaneiro; e de azúcar aos de Baleira, que nono reciben dende xuño; Guntín dende xullo; Foz, Pol e Valadouro, dende setembro; Negreira e Paradela, dende outubro; Cervantes, Nogais, Palas de Rei e Viveiro, dende novembro; Xermade, Incio, Láncara, Meira e Quiroga, dende decembro e Castro de Rei e Ribeira de Piquín dende xaneiro do presente ano"[561]
>
> "Faise necesario adoptar as medidas antes indicadas, especialmente a de prestar maior atención ás datas en que se efectúan os suministros municipais xa que existen concellos que os reciben moi de tarde en tarde. De modo particular temos de sinalar a situación dos concellos de Cervantes, Pastoriza e Viveiro. No primeiro existen varios pobos da zona montañosa, entre eles Degrada e Cabanas Antigas que carecen de pan dende fai moito tempo e atópanse en situación anguriosa xa que tamén agotaron as existencias de patacas colleitadas"[562]

Os informes evidencian que os anos seguintes á guerra foron os anos de máis escaseza de alimentos, destacando a precariedade de 1941 e 1946. Pero a miseria non rematou nos anos corenta pois, aínda que si houbo diferenza entre a dureza da máis inmedianta posguerra e os anos seguintes, a mala situación non se viu paliada, só ata certo punto aliviada. Así se recoñece nalgunha documentación, como as memorias de Hermandades e Cooperativas. Na memoria da cooperativa da parroquia luguesa de Merille, no concello de Ourol, a altura de 1950 dise que "... durante o ano en curso non se puido conquerir sulfato de cobre para o sulfato da semente de patacas, e debido a iso e as condicións climatolóxicas adversas, a colleita actual non recompensa nin sequera a semente da plantación. Engadindo a isto a escaseza na obtención de

[560] AGA. Presidencia. Informes da Secretaría Xeral do Movemento. Informe sobre o abastecemento na provincia de Lugo. Parte do mes de febreiro de 1941. Caixa 51/20533

[561] AGA. Presidencia. Informes da Secretaría Xeral do Movemento. Informe sobre o abastecemento na provincia de Lugo. Parte do mes de maio de 1941. Caixa 51/20555

[562] AGA. Presidencia. Informes da Secretaría Xeral do Movemento. Informe sobre o abastecimento na provincia de Lugo. Parte do mes de marzo de 1941. Caixa 51/20533.

superfosfatos para o adubado das demais sementes, a miseria destes labregos salta á vista"[563]. A persistencia da cartilla de racionamento ata 1952 é outra mostra da precariedade existente. Outra témola na documentación xerada polo Auxilio Social, que deixa ver as necesidades alimentarias dunha poboación esfameada e enferma que acudía aos comedores[564].

A información que chega de alén mar certifica a dureza dos anos cincuenta, en consoancia co panorama xeral de racionamento, fame e retroceso no eido da mecanización e modernización das explotacións agrarias. De aí que os parentes emigrados seguisen a axudar con remesas aos seus familiares. E non só axudaron con remesas en efectivo, como amosan Xosé Manoel Núñez Seixas e Raúl Soutelo, Vicente Naveiras chega a consignar envíos de roupa dende Montevideo, sabedor da práctica imposibilidade de comprala deste lado do océano. Unha carta que escribe unha emigrante na capital de Uruguai á súa familia en San Sadurniño reflicte unha imaxe aquelada sobre a situación existente aquén mar á altura de 1957, "nós hoxe despois de comer tiramos o pan de trigo non por ser soberbia senón porque é un pan moi bo pero ponse duro da mañá á noite e eu recórdome tanto pensar que temos que tiralo tendo tantos mozos na familia que de tan boa gaña o comerían" (Núñez e Soutelo, 2005:92)

O acceso á comida era tan preciado que o réxime non dubidou en usar a súa distribución para xerar e manter adhesións. Así se explica o reparto extraordinario de arroz, patacas, conservas, bacallao, garavanzos e sopa que se realiza nos concellos de Pontevedra e Marín en agosto de 1943 con motivo da inauguración da Escola Naval e a presenza de Franco ou os repartos adicionais que tiñan lugar cando se celebraba algún acto de "afirmación nacional-sindicalista"[565]. No mesmo sentido enténdese a predilección por abastecer a conventos e outras institucións relixiosas en primeiro lugar, por diante de calquera outro grupo social máis precario[566]. Como atinadamente verbaliza Ramiro Reig "a miseria debuxaba un círculo aínda más angurioso, se cabe, que a represión e levaba a que as estratexias de supervivencia tivieran que recorrer ao humillante servilismo" (Reig, 1999: 40-41). Acudir ás diferentes cerimonias celebradas polo novo réxime era o custo para poder conseguir alimentos para uns, para outros a pleitesía consistía en encargarse do benestar do grupo de soldados que tiñan por cometido velar pola "seguridade" da zona. Isto era o que facía a familia de B. en Friol. A súa nái "axudaba" aos soldados destacados no cuartel de Friol cando viñan de facer batidas no monte en busca de guerrilleiros,

[563]AHPL. AISS. Correspondencia (1944-1959). Memoria da Cooperativa do Campo de Merille (1950). Legaxo 1557

[564]Segundo a Delegación de Auxilio Social na vila ourensá de O Barco, entre abril de 1953 e febreiro de 1954 os comedores da institución deran 15.770 comidas e "co pequeno sacrificio que significa a Ficha Azul, vemos que 23 nenos diariamente poden comer polo menos unha vez ao día". GARCÍA YÁÑEZ, F., (2005), *O Barco e a Terra de Valdeorras...op cit.*, p. 454

[565]GONZÁLEZ LEIRÓS, X., (2001), "Expansión de la miseria y auxilios de Falange ...*op cit.*, p. 391

[566]Así pasou en Lugo en 1941, cando, anta a reiteración da incapacidade para servir cupos de legumes durante meses a opción foi repartir as mínimas reservas existentes entre varias institucións relixiosas. AGA. Presidencia. Xefatura Provincial de Falanxe. Lugo. Caixa 51/20555. Informes mensuais de abastecemento. Parte do mes de outubro de 1941.

> "axudáballes a secar a roupa e así eles traíanlle barras de mantequilla, outras veces queixo, outras veces aceite... ela facíalles o lume na lareira, dáballes roupa do papá, amañáballela súa e nos tamén lles dabamos de comer... en Friol revisábanlles a casa a todos e a nos nada porque os soldados controlaban eso... porque se tiñas algo e dábaslles xa non vixiaban a casa, se non lles dabas pois vixiaban a casa, rexistraban e levábanche todas"[567]

O peso do cotiá é un condicionante de moita entidade, a carga do día a día non diminúe, a dureza dos tempos, a penuria (económica, ter familia na cadea, no monte, dividida entre os dous bandos, etc) apodérase do tempo e ocupa os pensamentos da maior parte da poboación. A busca da subsistencia puxo en xogo as máis diversas capacidades mentais e mesmo imaxinativas das comunidades rurais que, privadas de lugares e materias coas que abastecerse, multiplicaron as súas tarefas. Ante os apuros cotiás, o resto de valores cívicos e políticos pasaron a un segundo plano e abafábase calquera outra perspectiva de futuro[568]. O racionamento e a escaseza de produtos de primeira necesidade conlevaron o xurdimento dunha sociedade non só famenta e enferma, senón a creación dun ambiente de prohibicións e limitacións que serviu ao Estado na súa busca do control da sociedade. Como sinala Matilde Eiroa, "a fame fixo que se romperan as solidariedades sociais e disipou a enerxía física necesaria para a formación dunha resistencia".

A autora continúa comentando que "na teoría e na práctica, a autosuficiencia foi unha estratexia de anulación, de inhibición, de purificación dunha sociedade, exercida a través da escaseza" (Eiroa, 2006). Esa tese, na que coincide Michael Richards, e da que se amosan seguidoras tamén E. Barranquero e L. Prieto no seu estudo sobre o estraperlo en Málaga, insisten en sinalar a miseria da posguerra como unha opción do propio Estado para controlar á poboación e acadar a sumisión social[569]. Na nosa opinión, en liña co argumentado por C. Molinero e P. Ysás, a precariedade non era unha política expresamente artellada para asentar o dominio da poboación como o resultado negativo que tiveron boa parte das políticas económicas, e especificamente agrarias, impostas polo franquismo no seu proceso de instalación[570]. O presuposto de partida dos autores que apostan pola consideración contraria supón non dar creto aos informes das autoridades franquistas cando estiman que o problema da fame e da privación é un dos que máis lles preocupa por ser un dos potenciais xeradores de con-

[567]Entrevista a B.G.L., da parroquia de Friol, concello de Friol

[568]MIR CURCÓ, C., (2000), *Vivir es sobrevivir... op cit.*; FOLGUERA, P., (1995), "La construcción de lo cotidiano durante los primeros años del franquismo", *Ayer,* 19, pp. 165-187

[569]RICHARDS, M. (1999), *Un tiempo de silencio: la guerra civil y la cultura de la represión en la España de Franco, 1936-1945*, Barcelona, Crítica, p. 149. BARRANQUERO TEXEIRA, E.; PRIETO BORREGO, L., (2003), *Así sobrevivimos al hambre: estrategias de supervivencia de las mujeres en la postguerra española*, Málaga, CEDMA, p. 60. Sobre esta dupla interpretación, vd. MORENO FONSERET, R., (2005), "Pobreza y supervivencia en un país en reconstrucción", en MIR CURCÓ, C., et ali. (ed.), *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Lleida, Universitat de Lleida, pp. 139-164, pp. 152-153

[570]MOLINERO, C.; YSÁS, P., (2003), "El malestar popular por las condiciones de vida ¿Un problema político para el régimen franquista?", *Ayer*, 52, pp. 255-280

flitividade social e de descrédito e desafección da poboación[571]. Por outra banda, toda unha serie de conflitividade institucional entre o poder central e o local ou rexional baseábase en desacordos con respecto a que a política intervencionista discriminaba os intereses provinciais ou municipais. Polo tanto, non poden interpretarse a fame e a miseria como unha parte do programa político franquista. Os continuos chamamentos de Salas Pombo, por exemplo, para acabar cos cupos de millo e gando en A Coruña serían un exemplo paradigmático do dito sobre a actitude das autoridades rexionais/locais. No informe que realiza sobre a situación do problema gandeiro en setembro de 1942, insiste en que a solución da situación do agro pasa por retirar os cupos obrigatorios que tanto malestar crean entre os labregos polo inxustos que se consideran e polo grao de corrupción que conlevan,

> "recentemente a Comisaría de Recursos da 8ª Zona decretou a aportación forzosa e requisa de gando como medio de abastecer os mercados consumidores do interior de España e da propia rexión. Estas medidas provocaron un descontento e malestar xeral, que se acentúa no día a día... Todo procedemento de requisa é impopular, necesariamente leva consigo situacións de violencia que o fan antipático. Ademais non poden evitarse nel as inxustizas. En primeiro lugar fíxanse pola Comisaría uns cupos aos concellos. Estes a súa vez distribúenos entre os gandeiros, efectuando a asignación os alcaldes pedáneos. Primeira posibilidade de inxustiza e fonte de receos, primeiro orixe de rancores: a acción do pedáneo, que moitas veces se deixa levar polas simpatías e dos resentimentos. Segundo inconveniente grave: o campesiño entrega nestes primeiros meses de requisa as reses menores, o que tivo consecuencias moi graves porque ao ver a Comisaría de Recursos o pequeno volume das mesmas en lugar de seguir sinalando os cupos aos distintos concellos por cabezas, comezou as sinalalos por quilo, supoñendo o aporte por parte do campesiñado de máis reses... o malestar no agro é crecente, os campesiños están descontentos e abocámonos a unha gravísima

[571] Os partes mensuais remitidos á Delegación Nacional do Partido evidencian a preocupación das autoridades por ter un mínimo abastecemento de comida en tanto que iso mellora o "ambiente". No parte do mes de xullo de 1943 sinálase para a provincia de Pontevedra que "mellorou notablemente o abastecemento da provincia tanto en cantidade dos artigos distribuídos como na regularidade das distribucións causando isto unha excelente impresión ao público en xeral, que se traduce nun melloramento no ambiente con respecto ao Partido". Na provincia de A Coruña, tres anos despois nun informe aparece que "continúa a aumentar o prezo no mercado negro de algúns artigos de primeira necesidade... pola maior escaseza destes nos racionamentos oficiais, rexistrándose con estes aumentos o do malestar dos humildes" AGA. Presidencia. Secretaría Xeral do Movemento. Pontevedra. 1943. Caixa 51/20560; AGA. Presidencia. Delegación Nacional do Partido, Xefatura Provincial de A Coruña. 1946. Parte de novembro. Caixa 51/20639 (Este último tamén recollido por MOLINERO, C.; YSÁS, P. (2003), "El malestar...*op cit.*, p. 265 (nota 16). Nos concellos rurais ratifíciase a tónica provincial. No concello de Cospeito o Xefe Local de Falanxe sinala, "Idea xeral de orden público normal, sin que se vislumbre perigo algún próximo, unicamente puidera en época ulterior exteriorizarse protestas poa irregularidade coa que aquí se fai o suministro de comestibles (hai catro meses e medio que no houbo racionamento de arroz nin de aceite, e o último de zucre tivo lugar o 16 de setembro) non tendo asignados a este municipio suministros doutros artigos." AGA. Presidencia. Informes sobre a situación de orde público na provincia de Lugo. Informe de novembro de 1940. Caixa 51/20533

> situación económica... ademais hai un feito que afonda no malesar, o contraste entre as provincias limítrofes: Pontevedra e Lugo nas cales aínda non se implantou o sistema de requisa... pero sen dúbida para a Central Gandeira de Lugo integrada por casi os mesmos tratantes da Coruña (Páramo, Sobrado, Cortiñas, os irmáns Fernández, Eulogio Rivera, etc.), aspira á fácil ganancia que se obtén polo procedemento da requisa... sabemos que só no mes de xullo a Central Gandeira gañou suficiente para que quedasen libres dez mil pesetas para repartir entre os compoñentes da mesma, despois de ter pagado toda a rede de Axentes e Compradores que teñen gastos fabulosos, pois viven fastuamente e usan continuamente coches de aluguer que pagan a calquer prezo... O campesiño encóntrase con que se limitan ganancias por medio da intervención e que está obligando a vender nun momento no que non lle interesa... e ve que fronte a esa limitación de ganancias que lle impón a intervención os artigos que el ten que comprar, vestir, calzar....cóstanlle prezos fabulosos e que nin a Comisaría de Recursos nin o Goberno Civil nin a Fiscalía de Taxas conseguen que se lle faciliten a prezos asequibles. E ve tamén que o superfosfato que se vendía o ano pasado a 75 ptas/saco, e cuxo prezo baixo a tasa rigorosa a ser controlado polos sindicatos, chegou a pagarse despois da intervención da Fábrica de Cros pola Comisaría de Recursos a 250 ptas nas montañas de Lugo... É grave a situación de ánimo e grave o problema económico e é necesario afrontalos e resolvelos.... faise necesaria unha articulación total dos prezos... ¿solución? a supresión inmediata da rede de intermediarios da Central Gandeira e a súa situación pola Obra de Cooperación... exclusiva no abasto, unidade de dirección, redución dos marxes a 0,20 ptas quilo canal... e a aportación do campesiñado debía facerse de maneira voluntaria e non por medio de requisa[572].

En definitiva, non consideramos que a miseria fora máis que o resultado dunha política económica que era innegociable para o réxime por ser o seu buque insignia, a autarquía. A pobreza e precariedade deveu non dunha fórmula ideada para o sometemento da poboación, a maneira de fórmula de represión, como si o foron as múltiples formas de represión xa mencionadas neste traballo, senón dunha política económica que, como o conxunto de políticas do franquismo, afectou de maneira negativa a boa parte da poboación. Porén, entedemos que o "problema" para o franquismo foino menos en tanto que sacou proveito da escaseza para facer un reparto de produtos e alimentos que beneficiara aos seus "grupos de servizo" e, como sostemos, alienou a boa parte da poboación que o sufría[573]. O franquismo entendemos que non precisaba de aumentar o sometemento da poboación a través dunha política que impuxera a fame. A fame era un problema para a soñada "paz social", xa non porque supoñía unha raíz

[572] AGA. Presidencia. Caixa 51/20586

[573] NICOLÁS MARÍN, M.E., (1997), "Conflicto y consenso en la historiografía de la dictadura franquista, unha historia social por hacer", en TRUJILLANO SÁNCHEZ, J.M.; GAGO GONZÁLEZ, J.M., (ed.), *Jornadas Historia y Fuentes Orales. Historia y memoria del franquismo. 1936-1978, Actas IV Jornadas*, Ávila, pp. 27-38

para o descontento dos desafectos, senón porque indiferentes e afíns tamén contaban cun motivo de inquietude que era desfavorable para o anceio franquista.

Pero neste punto é importante facer un inciso sobre o que temos dito con anterioridade: mecanismos de adaptación e de resistencia civil van moitas veces da man. O caso da precariedade é un deles. Poucas cousas, como comentamos, alienaron tanto como a fame e a premura por conseguir alimentar ao círculo familiar ou convenceron das posibilidades que abría ser considerado "afín", e polo tanto, beneficiarse dos repartos. Pero, ao mesmo tempo, esta carestía e as súas orixes (corruptela nos abastecementos, prezos do mercado negro, etc.) estiveron no fondo de moitas actitudes de resistencia e era, e así o recoñecían as autoridades, un dos desencadeantes máis importantes do descontento da poboación.

6.3.2 Colaboración-conveniencia

Pero a fame no franquismo, como sistema corrupto que era, tivo dúas facianas. A primeira, a máis obvia, a dos que teñen carestía de alimentos e sofren por asegurar a reprodución das súas familias, que se adaptan ao sistema imposto por necesidade. A segunda, a dos que se enriquecen con negocios fraudulentos arredor da escaseza de produtos de primeira necesidade, os que sacan tallada da carestía, e que tamén se adaptan ao réxime como "colaboradores de conveniencia". Como sinalaba no seu testemuño J.M.V., "estraperlábase de todo, de todo. Sabíase de moitos que andaban nel... collían ás mulleriñas que levaban debaixo das faldas un quilo de azúcar, un quilo de café... pero en gran escala o mercado negro eran os comerciantes, os vendedores,... esa era a guerra encubierta"[574]

Non pode facerse referencia unicamente a factores de carácter negativo, pois actuaban algúns factores de carácter máis positivo para a "adaptación". A motivación para consentir co réxime, polo tanto, non debe reducirse a unha explicación baseada na capacidade de exercer a forza do réxime, ou o que é o mesmo, cargar as tintas sobre o medo da poboación, porque é claramente enganoso, ademais de reducionista. O Estado franquista foi quen de, usando e ampliando algúns mecanismos propios de todos os réximenes políticos, incitar, inducir, seducir e facilitar que membros da sociedade rural galega participaran na imposición das súas medidas sen estar ou sentirse enteiramente sometidos pola forza e a capacidade de coacción. Algunhas persoas viron unha oportunidade para o aproveitamento persoal nas novas leis e tentaron medrar profesional e/ou economicamente ao carón do réxime.

6.3.2.1 Medrar á sombra do franquismo

É importante subliñar que, como demostra a dobre faciana do mercado negro, o que para uns marcaba un ámbito de exclusión para outros operaba como un mecanismo de integración. Esta ambivalencia vai ser unha constante no conxunto de políticas e estratexias que o franquismo vai por en marcha para acadar a adaptación e colaboración da que falamos. A división social acontecida por mor da guerra civil non deixou

[574]Entrevista a J.M.V., parroquia de Amariz, concello de Guitiriz

de ser impermeable a causa dos mecanismos de atracción senón todo o contrario, éstes afundaron nesa liña divisoria na súa tan publicitada "comunidade nacional", que se dividía en poboación afín, debidamente cribada e seleccionada, e o resto da sociedade, onde aínda había posibilidade de diferenciar grupos máis illados como os vencidos e colectivos desherdados conceptualizados de "lacra social".

A estabilidade e seguridade que ofreceu o franquismo aos seus afíns facilitou a construción de redes clientelares, que se converteron en elites políticas e económicas as máis das veces, moi vencelladas cos espazos de corrupción que as políticas económicas e outras (sociais, asistenciais, etc.) deixaban. Non existe consenso na historiografía sobre quen se beneficiou da xeralización e duración do mercado negro, aínda que maioritariamente se afirma que produciu unha redistribución de renda a favor dos grandes propietarios e empresarios. Tendo en conta o rápido enriquecemento de estraperlistas e da recomposición do excedente empresarial no escenario do mercado negro e a corrupción do Estado das primeiras décadas do franquismo, a investigación polo miúdo das actitudes económicas exhibidas por diferentes grupos sociais, demostran que o apoio prestado por estes no transcurso da guerra ao bando gañador traduciuse despois nunha serie de compromisos que favoreceran o seu consentimento para co Estado[575].

En Galicia toda unha serie de comerciantes que queren prosperar, a cambio da súa "colaboración de conveniencia" recibe certa consideración por parte do réxime. É o caso dos grandes comerciantes e maioristas que controlan a distribución daqueles produtos cuxa escaseza fixera multiplicar o valor. O seu nome non é descoñecido para as autoridades. Ano tras ano, nos informes sobre abastecemento das diferentes provincias a Xefatura provincial do "Movemento", que empezan coa significativa frase de que "a situación xeral deste problema reviste as mesmas características sinaladas no mes anterior", reconta os nomes dos grandes estraperlistas locais, o lugar onde teñen os "depósitos clandestinos" e as materias primas que se adican a estraperlar. Unha mostra desta información que, insistimos, se repite ata a saciedade nos informes provinciais de Falanxe, é a que aparece para a provincia de Lugo en marzo de 1941[576]. Dela collemos unicamente a de dous concellos, Castro de Rei e A Pastoriza, que por non estar preto de ningunha fronteira, da costa ou dunha urbe ou vila, e que por ser eminentemente agrarios e carentes de vías de comunicación destacadas, pode considerarse que non se viron especialmente vencellados á posibilidade de entrar nun mercado negro tan lucrativo como o de zonas como as da raia portuguesa, onde o tren facilitaba o comercio ou onde existía mineral de fácil extracción como o lucrativo volframio.

> "Sobre depósitos clandestinos: en Castro de Rei, de aceite e tabaco en poder de Óscar Freire González e Angel Pérez, de Castro e Rozas respec-

[575] MORENO FONSERET, R., (1994), *La autarquía en Alicante (1939-1952). Escasez de recursos y acumulación de beneficios*. Alicante, Institut de Cultura Juan Gil Albert

[576] AGA. Presidencia. Informe sobre abastecemento na provincia do mes de marzo de 1941 da Xefatura Provincial de Lugo (Lugo, 14 de abril de 1941). Firma o xefe provincial do Movemento, Ramón Ferreiro. Informes da Secretaría Xeral do Movemento por provincias. Caixa 51/20533

> tivamente; en Pastoriza, existen grandes cantidades de cereais que se almacenan para non vender a prezo de taxa en poder de Antonio López Fernández, de Crecente, Manuel Valiña Vidal, de Gueimonde, Froilán Neira Iglesias de Piñeiro, Antonio Pena Sanjurjo de Bretoña, José Valiña Amoroso, de Bretoña, José Alonso, de Gueimonde, Manuel Bargueiras, de Aguarda, e os irmáns Basanta Legaspi de Aguarda..."
>
> "Sobre destacados infractores: Óscar Freire, Francisco Silvosa e Amador Palmeiro en Castro de Rei; en Pastoriza Constantino Silvosa de Pousada, Elías Carballeira e José Blanco Bello, de Fontemiñá, Manuel García Villamil de Piñeiro, Pedro Iglesias Portela, de Baltar, Jesús Otero Rodríguez de Reigosa, José González Vián de Pastoriza ..."

Todos son labregos que combinan a súa actividade agrícola e gandeira coa posesión de tendas que serven na maior parte dos casos tamén de tabernas. Estas, situadas, nas parroquias das que son veciños, convértense en usuais almacéns para as mercadorías que estraperlan. O conxunto da poboación deses concellos coñecía a súa condición de estrapelistas e a eles acudían tanto para vender como para comprar produtos fóra do circuíto legal, sempre desabastecido. Así pois, a súa actividade era pública e notoria entre o común da poboación e entre as autoridades locais e provinciais, sen que se coñeza que ésa fora orixe de problemas legais e penais como a lei impoñía. Nada alén de multas puntuais nalgúns casos concretos. Eran coñecidos *outsiders* da legalidade vixente no referente á política de control do mercado aos que se lle consentía a súa actividade, malia ás repetidas ocasións nas que se fai mención á necesidade e premura de acabar co mercado negro e coas consecuencias negativas que comporta e aos rumores inculpatorios que a poboación facía correr sobre a súa condición

> "a enérxica actuación que durante o pasado mes de abril se veu desenvolvendo polo novo Fiscal Provincial de Taxas logrou influír maior respecto ou polo menos maior temor aos que ousaban traficar coa fame dos menesterosos. A exemplaridade dalgunhas sancións deron ao problema un aspecto de marcha cara á normalidade, aínda que esta necesita moito máis para poder ser proclamada dun modo absoluto e definitivo. Especialmente na poboación rural se segue comentando e sinalando feitos punibles que poñen ao humilde en condicións de imposibilidade para facer fronte á vida xa que, rumores hai que acusan a realización de vendas clandestinas en artigos de consumo tan indispensable como a pataca e o centeo a prezos xamáis sospeitados"[577].

A renglón seguido dos seus nomes, nos informes de Falanxe, explicítanse fórmulas coas que acabar coa ilegalidade reinante pero, curiosamente, nunca pasan por multar ou proxectar algún tipo de medida que límite as actividades dos grandes estraperlistas de cada concello, senón que se alude á necesidade de mellorar os sistemas de vixilancia

[577] AGA. Presidencia. Parte Correspondiente ao mes de abril de 1941. Delegación Nacional de Provincias. Informe da Secretaría Xeral do Movemento. Caixa 51/20533

do conxunto da poboación e perfeccionar o sistema de abastos efectuando suministros de maneira máis puntual.

Informes anteriores e posteriores inciden nos mesmos nomes e doutros destacados "estraperlistas" dos concellos da provincia[578]: José González Rois (a) Fogueteiro e Manuel Álvarez Álvarez (a) Buronés, do Cádavo; José Antonio Fernández, de Foz; Antonio Fernández Fernández, de S. Martín de Cañadas, Cervantes; José Carballeira Gabeiro e Emiliano Carballeira Silva, de Cabreiros, Xermade, e tamén Eliseo Ramil e Andrés Pita, de Candamil; Ramón Castrillón, José Acebo Chao, José Rodríguez Alonso, Clemente Docampo e Juan Lamas (a) Nelos, de Lourenzá; Antonio Sabariz García, Julio García, e José Pardo Fandín, de Antas de Ulla; Antonio Salgado Porto e Enrique Gómez García, de Monterroso; de Taboada Francisco Fernández Porto, Desiderio García Rodríguez, José Rey, Manuel Sánchez; de Valadouro José Orol Otero, Jesús Castro Raña, José Ramón Hermida e Cándido Fernández, Ramón Blanco, Manuel Mogo, José Miranda, Fernando Raña e Hortensio Sánchez; Germán Vázquez Roguel de Reinante; en Ribadeo Pedro Fernández, Antonio Fernández, e José Padilla, Rosario "La Paragüera" e Ricardo Pernas...

Nin sequera tiñan dúbidas na maior parte dos casos con respecto a cantidades e produtos concretos cos que os grandes estraperlistas lugueses facían o seu negocio. Como pode verse gran, aceite e azucre, é dicir, produtos de primeira necesidade para a poboación eran o foco da súa atención, alén do demandadísimo tabaco.

> "En Baleira suponse en casa de Dositeo (a) do Palacio, de Alvaredo de Córneas a cantidade de (número ilexible) fanegas de gran de centeo correspondente á colleita de 1939. En Chantada é de convencemento público que os almacenistas daquela localidade, coñecidos polo "De Abaixo" e "Emilio de Camba" acaparan cereais e patacas. En Foz, supóñense 2.000 kg de fariña de millo en poder do muiñeiro José Antonio Fernández, pois ao entregárselle unha grande cantidade deste gran para moer, non entregou a totalidade, non podendo polo tanto xustificar o seu investimento. En Xermade, algunha cantidade de grans na casa de Manuel Rodríguez Seco, veciño do Empalme na parroquia de Cabreiros. En Lourenzá supoñense depósitos clandestinos de artigos suxeitos a racionamento en poder de Ramón Castrillón e José Acebo Chao. En Quiroga supoñense depósitos clandestinos de aceite e azúcar en poder de Germán Váquez Rodríguez, de Quiroga. En Riotorto, supoñen almacenado algún artigo racionado en poder do comerciante Francisco Sinde Ramallal. No Valadouro os comerciantes fan frecuentes viaxes a Lugo, decíndose que levan aceite, xabrón, azucre, etc. que logo teñen nos seus establecementos e venden a prezos desorbitados. En Viveiro suponsense tamén cereais en poder de labregos..."[579]

[578] AGA. Presidencia. Informe sobre abastecemento na provincia de decembro de 1940. Xefatura provincial de Falanxe. Caixa 51/20533

[579] AGA. Presidencia. Informe da Secretaría Xeral do Movemento. Informe sobre abastecemento na provincia de decembro de 1940. Caixa 51/20533

E así un longo etcétera de nomes que deixan entrever, amén da cuantía de persoas que fixeron negocio co mercado negro nos concellos rurais da provincia de Lugo, a súa condición profesional. A práctica totalidade son comerciantes locais, donos de almacéns, pequenos ultramarinos, tendas e carnicerías que compran entre o vecindario as materias primas para vendelas fóra do circuíto legal e, viceversa, venden entre os veciños produtos saídos do mercado negro. Os seguintes en número son labregos abastados, que por tal condición poden manexar unha marxe importante de excedente, sobre todo se temos en conta que, habitualmente, estamos ante campesiños rendistas. Trátase de labregos que contan con caseiros, un réxime de parcería que implicaba o pago de rendas polo lugar habitado e traballado e a realización de faenas a modo de xornaleiro para o dono nas épocas de máis traballo como a sega ou a colleita.

> "...vendas clandestinas que, especialmente, de centeo e patacas, se veñen facendo na maior parte dos municipios onde *os maiores posuidores por colleita e cobro de rendas retrán á declaración e á venda varias cantidades que reteñen no seu poder con ánimo de maior especulacións,* xa que o seu egoismo non se ve saciado coas exorbitantes cantidades (ata 500 pta a fanega de 64 quilos de trigo, 350 a de centeo en gran e 100 pta o quintal de 46 quilos de patacas), que nalgúns casos veñen percibindo segundo acusación xeralidada do rumor público"[580]

Tamén atopamos a profesionais relacionados coa industria do pan, muiñeiros e panadeiros favorecidos polas relacións coas autoridades locais que fan do seu negocio un bastión para o enriquecemento no mercado negro. A profesión de transportista tamén está representada no conxunto de grandes estraperlistas da provincia, igual que a de mestre. A cuestión que unifica aos coñecidos protagonistas do mercado negro é a súa condición de intocables e de protexidos á hora de realizar as compra-vendas ilegais. Así se recoñece dende a Xefatura Provincial de A Coruña do Servizo Nacional de Trigo en 1957,

> "malia ás medidas tomadas, as entregas que nos fan non son do volume que era de esperar, pero en cambio *estanse efectuando compras clandestinas por traficantes e especuladores, en feiras e mercados, sen o menor recato nin temor, ao amparo da impunidade.* Ditos negociantes tratan por todos os medios de que o trigo se desvíe do cauce legal, para o que non escatiman as máis tendenciosas campañas contra *o SNT, cuia xestión vese desamparada da colaboración de Autoridades locais e forzas públicas que coñecen e presencian ese tráfico ilegal sen intervir en absoluto.* Non dispoñendo este Servizo de persoal inspector suficiente para levar a cabo a necesaria represión do repetido tráfico clandestino"[581]

[580] AGA. Presidencia. Informe sobre abastecemento na provincia de marzo de 1941. Informe da Secretaría Xeral do Movemento. Caixa 51/20533

[581] AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración Local. Comunicacións cos concellos e outros organismos sobre agricultura (1944-1946). Sig. G-2008

A política intervencionista e de abastecemento deixaba grandes posibilidades para a fraude, o favoritismo e o abuso, e é en relación con iso co que os grupos favorecidos outorgan o seu consentimento ao réxime. Así ocorreu con José Rodríguez Roca e Manuel del Río de Guitiriz, donos os dous de senllas carnicerías e membro o primeiro, da Central Exportadora de Gandos de Lugo. Os dous sacrificaban reses en maior número do cupo permitido, compraban gando vacún clandestinamente en feiras como a de Parga e, tamén sen licencia, transportaban o gando mesmo ata a provincia de Ourense e comerciando coa carne en circuítos ilegais. A maioría era vendida a prezos abusivos, coa complacencia do persoal ferroviario, no tren que viña de A Coruña a Guitiriz, onde frecuentemente permutaba a carne por pan branco que traían mulleres daquela cidade que estraperlaban. Denunciados os feitos por un veciño da parroquia guitiricense de Buriz, os estraperlistas foron apreixados pola Garda Civil en 1947, cando ían cara Ourense vender 18 xatos de maneira ilegal. O informe da Comandancia da Garda Civil sobre o ocorrido dá conta de que os xatos foron sacrificados para consumo público, sen máis, nin multas nin apercebementos nin castigos porque non se podía probar que as reses saíran clandestinamente para a súa venda, e, sobre todo, porque se parte de que "a denuncia é froito dunha vinganza persoal co señor Rodríguez Roca"[582].

A protección dos grandes estraperlistas era un feito, aínda cando as probas apuntaban claramente á comisión dun delito. A compensación estaba en ter un cidadán máis a favor do réxime, non por convicción pero si por interese, e un aumento da rede clientelar da autoridade, e o prezo a pagar era o de contar con "amigos" nas altas esferas aos que gardar pleitesía.

Na carta que envía un "camisa vella" de Falanxe, Enrique Moure a outro, Santiago Vallejo Heredia o 3-9-45 para poñelo ao tanto do que pasa no concello de Palas de Rei, comenta diferentes irregularidades, e ao falar da Fiscalía de Taxas explica con claridade como se produce esta connivencia entre autoridades e estraperlistas de entidade,

> "no día 6 de maio deste ano viñeron dous axentes da fiscalía por unha denuncia formulada contra o panadeiro, Emilio Ruíz por vender particularmente a maioría do centeo que había para a ración ao prezo de 35 ptas os 13 quilolitros, como estes axentes non traballaron con celo,...creo que se puxeron dacordo co alcalde e o secretario, tomaron declaración a 5 ou 6 paisanos no cuartel da garda civil, pasando logo ao concello e á oficina oficial de Abastos, e, poñéndose dacordo co alcalde e co secretario para que citasen algúns pedáneos que... viñan aleccionados, dicindo que non fora vendido ningún centeo. Para poder efectuar dita venda o que fan é o seguinte: puxéronlles ración a todas as cartillas e como a maioría non o viñan buscar porque non lles facía falla nin sabían nada porque as cartillas téñenas os comerciantes por iso se lles fixo o asunto fácil, e unha vez feita a operación, deron de baixa as cartillas con que cometían a infracción..."[583]

[582] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.702.
[583] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.708

Tamén os informes internos de Falanxe se fan eco en numerosas ocasións dos procesos de enriquecemento ilícitos aos que dá pé a política económica autárquica e da existencia dunha cadea de favores que empeza nas altas instancias do réxime e chega aos grupos sociais favorecidos e, pola súa condición de agraciados, consentidores.

> "...con motivo do suministro de carne ao exército houbo un escandaloso suceso no que tivo intervención o coronel retirado da Garda Civil e o canónigo penitenciario Gregorio Saavedra *enriquecido brutalmente por procedementos bastante ilícitos, asunto tamén sobre o que se botou terra debido a certas proteccións.*"[584]

O mesmo ocorre cando un veciño do concello coruñés de Mesía denuncia a moenda ilegal que realiza un muiñeiro da parroquia de Vilamaior en abril de 1944. O seu primeiro paso é presentar a denuncia ante a alcaldía pero acaba co tempo recorrendo ao Gobernador civil de A Coruña, pois na alcaldía "ocultan" a situación do muiñeiro ante a Xunta Nacional de Trigo e a Xefatura de Industria[585]. Nalgúns casos, como o do alcalde de Carballedo, en Lugo, Manuel Vázquez Ferreiro, o flagrante da súa actuación provoca que a Fiscalía de Taxas actúe e vaia alén da acostumada multa provocando que o Gobernador Civil substitúa á autoridade local do seu posto. Neste caso concreto provouse que o alcalde, que exercía tamén de Delegado local de Abastecementos e Transportes, tiña relación co delito de "venda a prezos abusivos e outras irregularidades en relación cos artigos intervidos destinados ao racionamento" do que foi acusado xunto con 13 industriais do concello en 1944, co que non puido nin protexer aos "privilexiados" nin continuar no lucrativo cargo[586]. A Fiscalía tamén actuou no caso ocorrido en Lourenzá. Aquí unha investigación desta entidade en 1944 conlevou un expediente contra 22 industriais por venda a prezos abusivos e outras irregularidades no racionamento. A investigación derivou na constatación da existencia de culpabilidade por parte do alcalde e o oficial encargado da estatística e racionamento do concello[587]. En Barreiros a corrupción tamén foi tan evidente que a Fiscalía acabou cunha rede de mercado negro establecido pola autoridade provincial e algúns industriais do concello. Neste caso o alcalde, Virgilio Díaz, involucrara ao subcontador do SNT en S. Pedro de Benquerencia para que entregara en 1947 26.654 quilos de trigo a diferentes industriais panadeiros daquela comarca, malia non ter autorización para ordear a distribución de cereal panificable[588].

A Julio García Rodríguez, Antonio López e Antonio Rodríguez pasoulles algo semellante. O primeiro, un "camisa vella" de Falanxe, era o alcalde e oficial de abastecemento de Monforte, o segundo, veciño de Pantón, un muiñeiro, e o terceiro o dono dun ultramarinos e, igual que o anterior, un dos máis coñecidos estraperlistas do concello. O tendeiro adicábase a vender artigos que viñan para abastecemento para as

[584] AGA. Presidencia. Informe de Falanxe sobre a situación en Lugo e A Coruña. A Coruña. Caixa 51/20529. A cursiva é nosa.
[585] AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración Local. Comunicacións cos concellos e outros organismos sobre agricultura (1944-1946). Sig. G-2008
[586] APHL. Goberno Civil. Administración local. Sig. 12.699
[587] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.703
[588] APHL. Goberno Civil. Administración local. Sig. 12.697

distintas parroquias, ademais de favorecer aos seus amigos con vales do cupo extendidos a nomes falsos. O muiñeiro adicábase a moer o gran destinado ao abastecemento do concello de Monforte e enviábao a un almacenista, Prudencio Moure, que era o encargado de abastecer a todo o partido xudicial e, como os outros, era considerado como un dos máis destacados organizadores do mercado negro. Todo, por suposto, coa connivencia e aprobación do alcalde. Só a substitución deste de maneira momentánea no seu cargo por un inimigo político fixo que o engranaxe da cadea de mercado negro se resentira e Antonio López acabara sendo sancionado pola Fiscalía de Taxas, por esta e outras actuacións, en 1946[589].

Ás veces a única maneira de que cadeas de mercado negro como esta se rachara estaba non en que os industriais beneficiados foran investigados e multados senón en que o fora a autoridade pública que os protexía. Así ocorreu en Ourol en xullo de 1944. A acción da Comisaría de Lugo contra o alcalde Francisco Sanjurjo Camba por diferentes irregularidades cometidas por este conlevou que Porfirio Gómez, o encargado de vender a prezos abusivos os artigos desviados do racionamento, e o panadeiro Ramón Ladra, que vendía a fariña do racionamento do concello tamén no mercado negro, foran investigados e, esta vez xa, sen posibilidade de ter unha autoridade a favor que actuara de escudo[590].

En Guitiriz, porén, a investigación foi de abaixo arriba pero isto sucedeu porque a "rede" creada polo secretario do concello, José Roca, o transportista Antonio Sabaríz e o panadeiro José Lázare, e que acabou coa investigación de 12 persoas, sobrepasou o espazo local tratando de facer negocio a nivel interprovincial. Foi a garda civil de Ourense a que en decembro de 1944 parou a Antonio Sabaríz cando trasportaba 3.000 quilos de fariña de trigo de racionamento sen guía. Ao ser intervido o comboio descubriuse que esta fariña correspondía ao cupo do mes de decembro do concello de Guntín, vendido por José Roca Serén en 7.500 ptas a un almacén de Lugo. A investigación leva a probar que xa en outubro coa mesma procedencia, o mesmo comprador fixérase con outros 3.000 quilos. Desta partida, trasladada a Lérez e a Pontevedra, vendera 2.500 quilos. Tamén se descobre que José Roca retirara dos almacéns proveedores de Lugo os cupos de fariña do racionamento da poboación de Guntín correspondente ao mes de outubro, novembro e decembro de 1944, de 3.000 quilos cada un, vendendo os 6.000 quilos dos cupos de outubro e decembro. O cupo do mes de novembro retirouno e depositouno na súa casa onde vendeu 2.070 quilos a varios veciños de Guntín, entre os que estaba o panadeiro José Lázare. Éste xa fora o receptor dos 2.300 quilos de fariña que se tiña asignado a Guntín como cupo para o mes de setembro. O secretario do concello era o que se encargaba de falsificar a información dos formularios "H2" xustificativos da recepción pola Delegación de Abastos e os partes "H3" xustificativos da elaboración de pan e distribución da totalidade de fariña correspondente ás asignacións de cupo encubrindo a corruptela establecida. A situación atopada foi de tal entidade que ademais das multas económicas e as incautacións sométese a conside-

[589]APHL. Goberno Civil. Administración local. Sig. 12.705
[590]APHL. Goberno Civil. Administración local. Sig.12.707

ración do Fiscal Superior de Taxas o ingreso nun campo de traballo de José Roca, Antonio Sabariz e José Lázare[591].

Certamente, como no caso de Guitiriz e no xa comentado de Carballedo, houbo ocasións en que a situación era tan flagrante que as autoridades locais foron amonestadas e mesmo cesados. O caso máis sonado na provincia de Lugo foi quizáis o do alcalde de Baralla, Ginés Fernández Sierra, sancionado en setembro de 1942 con 30.000 ptas de multa e destinado a un batallón de traballo por seis meses. Nese expediente da Fiscalía de Taxas, coñecido popularmente como "estraperlo de Baralla", condenábase ao rexidor municipal por irregularidades na distribución de trigo e centeo que fora asignado polo SNT para abastecer á poboación do concello. Polos mesmos cargos aparece tamén sancionado o secretario do concello, este con 1.000 ptas e con tres meses de destino ao batallón de traballo[592]. O número de cargos públicos sancionados con algunha multa por temas de corrupción pode parecer alto pois en realidade a penas houbo alcaldes que se libraran dunha multa por parte da Fiscalía de Taxas pero debemos ter en conta a hora de valorar isto que, primeiro, a maioría dos expedientes partían dunha investigación instigada por outra autoridade en liza política co acusado (outro candidato a alcalde, o secretario do concello ou o Xefe de Falanxe Local) e non polo interese da Administración por eliminar a corrupción dos seus cargos; segundo, unha multa ou un expediente aberto por parte da Fiscalía non conlevou na maior parte dos casos o abandono do cargo[593]; e terceiro, unha acción sancionadora preséntase como anecdótica se reperamos na duración dos cargos e no volume de beneficios que neses períodos sacaban da súa actitude colaboraticia ou propiciadora do mercado negro[594].

[591] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.702

[592] AGA. Presidencia. Caixa 51/20593

[593] É o caso do alcalde do concello de Pedrafita do Cebreiro, multado pola Fiscalía Superior de Taxas. Segundo o informe do 14/8/42 desta entidade "examinado expediente nº 2.477 instruído pola provincial a Amadeo Quiroga Valcárcel, de Pedrafita do Cebreiro, secretario do concello, onde tamén é industrial, a Manuel Núñez López, de Villarín do Monte, industrial, alcalde do concello, e a Pura Carballo Valcárcel, industrial, por venda de artigos intervidos a prezos abusivos e tenza de artigos sin prezo de venda ao público. O alcalde vendeu aceite e xabrón suministrados no último reparto efectuado no seu establecemento a prezos superiores aos legais;...acordase impor...ao alcalde a multa de 3.000 ptas e incautación e peche por 3 meses...". Esta multa non provocou que perdera a súa condición de rexidor, como tampouco llo acarreou a Antonio Becerra Becerra, o alcalde de Navia de Suarna, multado pola Fiscalía Provincial de Taxas (expediente 1.892) con 5.000 ptas e peche do comercio da súa propiedade por tres meses por terse comprobado en 1941 que vendía no seu establecemento adubos a prezos abusivos. AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.709 e 12.706

[594] Isto último vislúmbrase nos informes que acompañan ás multas. Estas son por unha acción concreta pero sábese que o mercado negro fora unha opción transitada pola autoridade local durante longos períodos de tempo. Un exemplo témolo no expediente que a Fiscalía de Taxas abre contra o alcalde e o secretario do concello de Palas de Reis en novembro de 1944, "no expediente instruído nº 6721/44, resolvín impor a D. José Vázquez González e D. Santiago Parada Peral, alcalde e secretario respectivamente, do concello de Palas, a multa de 1.000 ptas a cada un por non dar publicidade aos tipos de racións e prezos de artigos distribuídos nos establecementos de dita localidade na segunda quincena de maio último, produtos que foron vendidos a prezos abusivos, con pleno coñecemento do Delegado Local de Abastos e do Secretario, *feitos que xa viñan ocorrendo dende o mes de novembro de 42, sen que se tomasen as oportunas medidas para evitalos*...". AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.708. A cursiva é nosa.

O tráfico de influencias e toda unha rede de condutas ilegais eran unha realidade cotiá sentida como tal pola poboación, sabedora de que a maior escala da infracción no mercado negro, maior era o grao de impunidade. Como advirte a J.M. Tamarit, "o dereito penal da vida cotiá era o que caía implacable sobre o pobre e retrocedía ante o poderoso" (Tamarit, 2005:67). A magnitude do problema do mercado negro contrasta coa escasa contundencia da lei contra os grandes estraperlistas, sancionados só en casos puntuais como temos indicado. Un exemplo paradigmático é o do industrial de Quiroga Germán Vázquez que se ben foi sancionado con multas económicas de entidade que son indicadoras do montante do seu negocio clandestino, grazas á protección coa que contaba non debeu asumir penas maiores como as veces pasaba con persoas que puntualmente e con cantidades modestas participaban do estraperlo para asegurar a súa supervivencia. E, a maiores, tras ser multado foi nomeado Xefe Provincial dunha Caixa de Compensación[595]. As verbas de Dionisio Ridruejo atinaban cando sinalaba que o réxime franquista serviuse de dous instrumentos para "para chegar a destruír toda vida civil". O primeiro o terror, o segundo "a corrupción metódica"[596]. A xestión desigual dos recursos serviu para fomentar a exclusión social. A corrupción económica e política ramplante foron dos maiores desestabilizadores das comunidades rurais en tanto que establecían nídias liñas de fractura entre os colectivos. Favorecidos e sancionados sabíanse pertencentes a grupos diferenciados en canto a súa relación coa Administración[597]. Así, pois, aínda que, malia que os anos corenta e parte dos cincuenta son unha época de escaseza xeral, para certos grupos do rural, empezando polos campesiños propietarios abastados, foi unha etapa dourada na que, como apunta Antonio Cazorla, sentíronse moi a gusto con esta política autárquica da ditadura[598].

> "... xente que efectivamente se engordou bastante. Eu coñezo... ó señor que se adicaba a eso en Taboada...chamábaselles da CREPA, que recollía os frutos, pois un tipo que non tiña nada e fixo ¡dúas ou tres carreiras

[595]Foi sancionado pola Fiscalía en novembro de 1940 con 10.000 ptas e clausura do seu establecemento por 3 meses por venda de petróleo a prezos abusivos. Un ano despois foi sancionado con 25.000 ptas e peche tamén de 3 meses por múltiples infraccións en materia de establecementos. Tres meses despois a multa foi de 10.000 ptas e clausura por venda de fertilizantes fóra do prezo de taxa. A Caixa de Compensación amparaba os seguros de gando mular, cabalar, asnal e vacuno, en animais de labor e de renda que non posuíran unha especialización zootécnica acusada, quedando excluídos os animais das outras especies domésticas. Os seguros obxecto de compensación pola Caixa eran os de inutilidade e morte de gando a consecuencia de enfermidade ou accidente, e con exclusión da morte por vellez. AGA. Presidencia. Caixa 51/20593

[596]RIDRUEJO, D., (1962), *Escrito en España...* op cit, p. 91; ARIEL DEL VAL, F., (1999), "Memoria contra poder: el desarrollo de la conciencia cívica bajo el franquismo", en *Tiempos de Silencio, Actas del IV Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Valencia, Universistat de Valencia, pp. 294-302, p. 294

[597]A diferenza entre a situación que precariedade do conxunto da poboación era ben percibida polos que, polo contrario, non pasaron necesidade. "Nos comemos sempre o que quixemos porque meu irmao era o do estanco e ali era onde daban o racionamento e así tíñamos de todo, aceite, arroz, tiñamos sopa, conservas, de todo, tíñamos de todo. Nos non pasamos fame e pan cocíamos no forno, porque tíñamos un forno e palleira grandísimos e alí cocían as racións e, como lles deixábamos o forno, dábannos o pan de primeira a nosoutros, comemos sempre pan como o que hai ahora na panadería". Entrevista a B.G.L., de Friol

[598]CAZORLA SÁNCHEZ, A., (2000), *Las políticas de la victoria... op cit,* p. 85

> ós fillos! á conta deso, porque moitas veces non chegaba tampouco onde debía chegar, para as necesidades que eles pretendían algunha vez que dicían que pretendían senón que estraperlaban"[599]

O estraperlo funcionou como un aliado das autoridades na cooptación duns grupos sociais e dunhas persoas a expensas de outras. Porque, en contraste coa complacencia cando non complicidade oficial cara o mercado negro a gran escala, o pequeno estraperlista foi a vítima principal da represión.

6.3.2.2 Os beneficiarios

Bases sociais consentidoras foron tamén aos que se beneficiaron da lexislación que recompensaba aos que participaran dunha ou doutra maneira a favor do triunfo franquista na contenda civil. O 25 de agosto de 1939 a Xefatura do Estado declarou todas as oposicións e concursos, reservando o 80% das prazas para os colaboradores dos sublevados como mutilados ou alféreces provisionais. Voluntarios, excombatentes, prisioneiros do bando sublevado, etc. foron gratificados de múltiples formas: postos de traballo, pensións, recompensas económicas, mellores condicións a hora de pedir subsidios, etc. Toda a sociedade recoñecía a súa condición de privilexiados dentro das comunidades[600]. O consentimento e, por suposto o activismo, ofrecía e o máis importante, estimábase que ofrecía, reais oportunidades de promoción socioeconómicas, nada desestimables dadas as difíciles condicións da vida diaria. O cotiá estaba así, marcado por un acentuado servilismo no que os privilexios servían de liñas de fractura.

Un exemplo de "beneficiarios" son aqueles que se empregaron na Gardería Rural. Para poder ostentar o cargo de policía rural había que cumprir requisitos como ser español, militante de Falanxe, que non existira ningunha dúbida da súa lealdade ao réxime, saber ler e escribir, non ter antecedentes penais, non ter menos de 23 anos nin máis de 60 e ter prestado servizo militar. Malia estes requisitos xerais, as esixencias prioritarias eran a lealdade ao réxime franquista e ser licenciado do exército sublevado, polo que se recoñecía a preferencia no acceso ao cargo da vella garda de Falanxe, dos cabaleiros mutilados de guerra, excombatintes, excautivos, orfos de guerra e dos que tiveran algún familiar asasinado polo bando republicano. Malia a existencia duns requerimentos perfectamente definidos, ao que se unía a superación dunha proba escrita, a provisión destes cargos é un dos exemplos máis evidentes de corrupción. Os dirixentes da Hermandade colocaban nestes postos a familiares, amigos, persoas ás que deberan un favor ou aos que puideran "cobrarlle" a recomendación. A dotación destes cargos, xa que logo, non era máis que outro instrumento clientelar.

---

[599] HISTORGA. Entrevista nº 156, entrevistado T.M.B., da parroquia de S. Miguel do Monte, Chantada.

[600] "... chegou a capitán e tiña unha boa paga ademais das vacas", recordan dun dos que na zona de Cospeito se glorificaba de ser un dos voluntarios da guerra civil. Entrevista a A.C.I., de Muimenta, Cospeito. A paga adicional que reportaba era un dos aspectos máis sentidos como sancionadores da desigualdade da poboación no rural pois contar con esa axuda económica situaba aos "vencedores" en situacións económicas moi por riba do que traballo e facenda les permitían.

Ben é verdade que o cargo non conlevaba un soldo de importancia, máis ben todo o contrario (na Hermandade de Pontevedra en 1952 este estaba estipulado en 300 ptas ao mes por media xornada de traballo, en outras Hermandades o soldo chegaba ás 500 ptas), pero hai que indicar que tamén se facían cun tanto por cen das multas impostas (o 33% na devandita Hermandade, o 50% noutras) e certas gratificacións por ter cargas familiares ou manter ou elevar a recadación (150 ptas mensuais en Pontevedra), o que facía aumentar o celo no cumprimento do seu labor o que o convertía nun importante ente de control da poboación rural. Como revelan algúns expedientes determinados gardas aínda sacaron máis beneficio dos seus cargos entrando en actividades clandestinas lucrativas. Un exemplo son os catro gardas da Hermandade de Moaña. Estes presentaron en 1957 un expediente contra a Hermandade por adebedarlles varias mensualidades do seu soldo, polo que se negaban a devolver os uniformes e as actas de toma de posesión dos seus cargos. Como o Tribunal de Conciliación non resolve o contencioso a COSA procede a elaborar un expediente sobre a situación. Nel recollen as declaracións de numerosas testemuñas das que resulta que os gardas percibían cantidades por non facer denuncias de infraccións das que debían dar conta, que se adicaban á venda de toxo e árbores das propiedades que vixiaban, que cumprían con labores de traballo particulares en horario de servizo co consecuente abandono deste, etc.[601]

Que as condicións económicas do seu traballo non foran excelentes non quita que se tratara dun sector representante da valía dos mecanismos de consentimento social tendidos polo poder. O Estado recompensaba os servizos prestados, unha mensaxe que calou en beneficiarios e sociedade que os rodeaba. Así nos primeiros anos sesenta, cando o sindicalismo desestrutura o servizo de gardería rural, as múltiples queixas que se dan por parte dos gardas están encabezadas por expresións alusivas á súa condición de "fillos desherdados" despois de levar facendo un gran servizo á Patria dende que a guerra estalara, como combatentes, e dende aquela como leais afiliados de Falanxe[602].

Outros exemplos témolos naqueles mestres que se fixeron cos postos vacantes dos mestres rurais represaliados que perderon as súas prazas, nos que accederon a cargos como o de xuíz de paz, a traballar en centraliñas telefónicas, conserxerías, estancos, os que tomaron os postos nos dispensarios de dinamita e armas de caza ou os gardas forestais. A recruta destes postos realizouse acudindo a coptación baseada na condición (ou suposicion desa condición) de afecto ou cando menos de indiferente ao réxime e crearon "consentidores".

En ocasións atopamos que o beneficio era puntual, pero era o suficiente para considerar que o réxime de Franco tampouco era merecente de recibir fortes críticas, máis non concordar ideoloxicamente con el,

> "¿Pois eu de Franco que vou decir?, que Franco a min non me gusta, como non me gustaba o sentido no que entrou ou non me gustaba cando Napoleón Bonaparte se proclamou emperador porque quixo el...pero...pois... Franco conmigo portouse igual que cos demais...cando se fixeron as casas

[601] ACAPP. Caixa Gardería Rural.
[602] ACAPP. Caixa Gardería Rural.

> a min tocoume unha... esta casa foi un regalo daquela... casas baratas que conseguiu Paco Mañón [alcalde Falanxista de Foz na metade dos anos corenta]... estas non eran da Obra Social, esto conseguiuno Paco... A min non me foi mal con eles, sencillamente de que as miñas ideas eran outras... a min non me castigou naide por nada"[603].

A efectiva imposición da política agraria, en canto a súa repercusión real, as formas mediante as que resultou estruturalmente posible impor ditas medidas, esixiu un mínimo grao de cooperación. Como se veu comentando ao longo do traballo, é importante distinguir a cuestión da popularidade que gozaba o réxime da cuestión do grao en que recibía, para medidas concretas, activa ou pasivamente, consentimento. Neste senso, cabe sinalar que certas propostas saídas da política agraria franquista, contaron coa aquiescencia de sectores do campesiñado que se vían beneficiados directamente por elas. A centralidade do campesiñado no discurso franquista non resultou tan só artificio manipulador, a maneira da "soberanía do campesiñado", senón que tivo o seu reflexo en determinadas políticas. Non se trata de recalcar a asentada interpretación do outorgamento dunha clara compensación económica a aqueles que como os pequenos propietarios e arrendatarios trigueiros contribuiran ao triunfo do novo Estado[604], senón de facer ver a que a pomposa exaltación que o Estado fai das virtudes da pequena explotación tivo efectos na política a aplicar que favoreceron e granxeáronse o consentimento doutros sectores da sociedade rural. Esta matización da tese clásica que argumenta que os intereses da grande propiedade e dos seus donos eran o obxeto ao que respondían as políticas agrarias, permite comprender que sectores da sociedade rural galega encontraran en algunhas destas disposicións razóns suficientes para ofrecer o seu consentimento ao réxime. Así pois, debe recoñecerse que aspectos do programa de reformas agrarias plantexados polo franquismo conseguiron captar colaboradores de conveniencia entre os grupos do campesiñado en Galicia.

Juan Pan-Montojo menciona que unha desas reformas puido ter sido a lexislación sobre arrendamentos. O autor incide no papel que tivo a regulación dos contratos de tenza da terra, especificamente coa Lei de Arrendamentos de 1940, coa reforma que dela se fixo dous anos despois dacordo co establecido no II Consello Sindical de Falanxe e coa Lei de 18 de marzo de 1944, no relativo a protexer a figura dos rendeiros e parceiros e mesmo favorecer a compra de terras por parte destes na metade septentrional de España[605]. Esta opinión baséase en que, por unha banda, esa le-

[603]Entrevista a G.R.S, parroquia de Foz, concello de Foz

[604]BARCIELA LÓPEZ, C., (1986), "Introducción. Los costes del franquismo en el sector agrario: la ruptura del proceso de transformaciones", en GARRABOU, R., (et ali.), (eds.), *Historia agraria de la España contemporánea. 3. El fin de la agricultura tradicional (1900-1960)*, Barcelona, Crítica, pp. 383-454, pp. 381-454

[605]No sur máis dun autor ten demostrado como o final da guerra supuxo unha época de penuria para os arrendatarios e aparceiros. María Teresa Ortega localizou duros enfrontamentos entre colonos e propietarios agrícolas dado que a resposta dos propietarios á subida dos salarios e á reducción da man de obra ocupada froito da emigración, foi iniciar o "recollido das súas terras" para explotalas directamente, e doutro, o "lanzamento" ou desfiuzamento dos aparceiros e arrendatarios que se resistisen a aceptar as condicions precarias dos novos contratos. ORTEGA LÓPEZ, T., (2003), *Del silencio a la protesta... op cit*, pp. 226-231

xislación establecía sancións para os propietarios que desfiuzaran aos seus "caseiros" usando medios fraudulentos, especialmente se se trataba de arrendatarios protexidos, é dicir, daqueles que tiveran unhas rendas inferiores aos 40 quintais de trigo e cultivo persoal. E, pola outra banda, a opción preferente do réxime polo cultivo directo provocou que nas zonas de dominio da pequena explotación, dado que éste resultaba moi costoso cando non imposible e dada a suma de prórrogas forzosas e rendas taxadas, se tendera cara a reducción dos ingresos dos propietarios, favorecendo a compra por parte do arrendatario[606]. A comprobación sobre o terreo desta premisa requeriría dun estudo de seu pola súa importancia. Polo de agora, unha pequena e a todas luces incipiente investigación sobre o tema que realizamos para unha zona cunha alta taxa de parcerías e arrendos como é a comarca luguesa da Terra Chá parece confirmar a tese de Pan-Montojo. Nesta zona compróbase que a perda de importancia destas formas de cesión da terra, sobre todo en forma de lugares acasarados, veu motivada por un proceso de redención de contratos por parte dos propios arrendatarios ou caseiros que aproveitaron o progresivo estancamento das rendas a partir de 1950 para converterse en propietarios. A situación das diferentes parroquias de concellos como Castro de Rei ou A Pastoriza que pertencen a esa comarca merece matización. Así mentres pararoquias como Santa Leocadia e Bazar na primeira e Lagoa e Cadavedo na segunda teñen altas porcentaxes de explotacións traballadas en réxime de parcería, noutras os caseiros nos primeiros cincuenta supoñen un espectro mínimo.

Analizados dous concellos sen reparar nestas diferenzas internas, segundo indica J.M. López Andión a partir do Censo Electoral de 1950, os parceiros e arrendatarios suporían sobre o total de cultivadores, un 26,27% para o concello de Castro de Rei e dun 16,97% no de Cospeito. A perda de importancia destas formas de tenza pode constatarse nas cifras que ofrece o Censo Agrario de 1962 que ilustran este descenso, aínda que se refiren a porcentaxes sobre terra e xa non sobre cultivadores. Segundo esta fonte empregada polo citado autor, as terras en arrendo serían neste momento do 9,44% en Castro de Rei e do 11,78% en Cospeito e en parcería o 4,10 e o 2,25% respectivamente. A redución dos lugares acasarados que se evidencia responde a que os caseiros aproveitaron o estancamento das rendas dos anos corenta para facerse donos de seu[607]. Evidentemente a mostra non é o suficientemente ampla como para avalar a teoría do profesor Pan-Montojo, pero si para apuntar que debemos ter presente que moitas medidas en xenérico impopulares e que mesmo noutras latitudes estatais orixinaran conflitividade, en certos espazos resultaron beneficiosas para determinados grupos do campesiñado e da sociedade rural.

Pero, voltando de novo ao menos concreto e á liña de análise principal, os grandes beneficiarios das políticas franquistas foron os grandes empresarios ou propietarios que dependían de traballo asalariado e que viron como a man de obra era cada vez

[606]PAN-MONTOJO, J., (2004), "Innovacións e continuidades na política agraria do primeiro franquismo (1936-1951)", en FREIRE, D., (et. ali.), *Mundo Rural. Transformaçao e Resistência na Península Ibérica (século XX)*, Lisboa, Ed. Colibrí, pp. 55-69, pp.59-61

[607]Sobre estes baremos e, en xeral, sobre o sistema de propiedade nesta comarca, vd. LÓPEZ ANDIÓN, J.M., (1980), *Estructura y morfología agraria en La Terra Chá*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela

máis barata e, debido á represión, menos combativa. Como temos indicado, Carme Molinero e Pere Ysás defenden que os industriais cataláns se viron beneficiados pola inexistencia de competencia externa no mercado interior, ademais de porque a política social e laboral promovida polo réxime aseguraba a subordinación dos traballadores permitindo o fácil control do factor traballo, igual que Garmendia e González Portilla para o caso dos industriais vascos. No caso do Val do Ter a falta de enerxía, materias primas e o intervencionismo provocaron que algúns industriais se enriqueceran, grazas a súa entrada no mercado negro e, como apunta Carmen Benito, as miserentas condicións de traballo dos traballadores en Asturias e a desactivación sindical repercutiron favorablemente no beneficio patronal[608]. Os salarios permaneceron estancados entre 1946 e 1953. Segundo os dados do INE que ofrece Roque Moreno, os traballadores que sufriron un maior descenso do seu nivel retributivo real entre 1936 e 1954 foron, no relativo aos activos masculinos, os agrarios (34% e 40% para os soldos máximos e mínimos respectivamente)[609].

O caso galego non foi unha excepción. Segundo amosa Luís Domínguez Castro, os niveis de miseria e fame, alén da marcada dependencia e o fin do sindicalismo agrario da comarca de O Ribeiro, permitiu aos propietarios conxelar os salarios nominais dos xornaleiros no decenio 1942-1952. No caso de ser muller a situación era máis acuciante pois o salario das xornaleiras era ata unha sexta parte do masculino[610]. Igual que acontece nesta comarca vitícola ourensá, pode sinalarse que durante o franquismo, sobre todo nos primeiros vinte anos, os empresarios e propietarios empregadores de man de obra xornaleira, independentemente de cal fora a súa actividade, encontraron no novo sistema político-social un marco idóneo para garantir a súa estabilidade e obter altos beneficios[611]. A nivel xeral podemos ver como en Galicia os soldos dos peóns empregados pola Administración para tarefas no rural (repoboación forestal, construción e mantemento de pequenas obras, etc.) ou por propietarios para completar a man de obra necesaria para as diferentes tarefas agrícolas, é dicir, na súa práctica maioría xornaleiros, seguen mantendo unhas condicións salariais precarias durante toda a década dos cincuenta e primeiros sesenta debido ao control salarial exercido. Ante esa favorable texitura os patróns consentiron co novo réxime político e as súas actuacións encamiñáronse a obter máis ventaxas del. Por iso, non dubidaron en ir

[608]MOLINERO, C.; YSÁS, P., (1998), *Productores disciplinados y minorías subversivas... op cit;* GARMENDIA, J.M.; GONZÁLEZ PORTILLA, M., (1993), "Crecimiento económico y actitudes políticas... op cit.; BENITO POZO, C., 81993), *La clase obrera asturiana durante el franquismo. Empleo, condiciones de trabajo y conflicto (1940-1975)*, Madrid, UNED

[609]MORENO FONSERET, R., (2005), "Pobreza y supervivencia en un país en reconstrucción", MIR, C. et ali, *Pobreza, marginación,... op cit,* pp. 139-164, p. 147


[610]DOMÍNGUEZ CASTRO, L., (1999),"Sindicalismo vertical y coorporativismo. Los orígenes del cooperativismo vitícola en Ribeiro (1952-1967)", en *Tiempos de Silencio. Actas IV Encuentros de investigadores del Franquismo*, Valencia, Universitat de Valencia, pp. 226-332, p. 328

[611]Así o demostran para os casos máis senlleiros, o andaluz e o extremeño, ORTEGA LÓPEZ, T., (2003), *Del silencio a la protesta. Explotación, pobreza y conflictividad en una provincia andaluza... op cit*; PÉREZ RUBIO, J.A., (1995), *Yunteros, braceros y colonos. La política agraria en Extremadura... op cit.*

alén da adaptación e participar activamente, tanto en amplas parcelas de poder local como instrumentalizando as entidades económicas en beneficio propio[612].

Figura 6.1: Salario dun peón e evolución no tempo

Ano	*Salario (Ptas)*
1953	24
1954	24
1955	30
1956	30
1957	35
1958	36
1959	44
1960	44
1961	44
1962	44
1963	70
1964	90
1965	90



Elaboración propia. AHPL. Fondo de la Delegación Provincial de Agricultura. San Breixo. PFE Brigada de Lugo. Recursos patrimoniais e rexime especial. Plans, proxectos e propostas de traballo. Gastos de Conservación.

As condicións salariais depauperadas dos xornaleiros que traballaban no agro galego facilitaron que tarefas como a colleita non se viran innovadas tecnoloxicamente, co conseguinte aforro económico dos propietarios. Os grandes propietarios conseguiron impor unhas condicións laborais miserentas para os xornaleiros e, así, ao medo e á precariedade engadíaselle unha hiperdependencia económica do patrón, polo que, sen dúbida, as condicións de explotación máis favorables para os propietarios foron as habilitadas polo franquismo na longa posguerra. Segundo un dos testemuños recollidos por Luís Domínguez,

> "os ricos mandaban moito e ao mellor había fame... traían 7 u 8 xornaleiros, pero ao mellor se presentaban 9 ou 10, entón din que lles tiraban as azadas e demais ferramentas para traballar ¡Ah, pero que non as recollía non podía traballar!...facíano casi todos os ricos, porque resulta que claro, a fame era moita e entón ao mellor si acaso un fulano índa que quixese casar cunha rapaza, tiña que ira a pedir traballo antes xunto a un destes señores "Veño a ver si me da Vostede traballo eu caso e tal". Pero resulta que lle decían "¡Non pero xa me veñen por 2 ptas!. Se vostede ven por 5 reais entón si". Así era a fame..." (Domínguez Castro, 1999:327)

[612]SANCHEZ RECIO, G. et ali, (1995), *Estudios sobre el franquismo en la provincia de Alicante. Poder político, actitudes económicas y opinión*, Alicante, Universidad de Alicante, pp. 47-48.

O franquismo tamén tratou de atraer o consentimento de certos sectores da poboación rural converténdoos en beneficiarios dos servizos que o Estado podía ofrecer. Esta era a gran baza do poder, ter a opción de distribuír bens e servizos cando estes eran escasos. Un secretario de Hermandade ten clara a importancia de prestar servizos que interesen aos seus encadrados para que éstes repararan na utilidade do sindicalismo rural e, a partir de aí, deran o seu beneplácito ao propio Estado,

> "e se trata de atraelos a esta doutrina por medio de servizos establecidos e que se establecerán a fin de que se den conta de que se ben é certo que teñen a obriga de satisfacer a derrama, imposta por lei son moi superiores ao importe da mesma, os beneficios que poidan perciber a través dos Servizos establecidos téndose conseguido que a maioría dos compoñentes do Cabildo estean xa encadrados en Falanxe e os menos sexan simpatizantes ou adheridos, precisamente por conocer mellor ca ninguén estos beneficios que obteñen a través da súa sindicación obrigatoria, sendo estos mandos os que nas súas parroquias chegan a convencer aos máis remisos e acompañándos á Hermandade para que esta lles resolvan moitos problemas e facéndolles ver que todos os beneficios e servizos son consecuencia dos postulados da doutrina falanxista. Algúns deles asústanse de que a Hermandade realice sen cobrarlles nada algúns servizos, como os da xestión e que proximamente poñerase en práctica o pago unificado de impostos e otros moitos cuxo relato sería demasiado longo..."[613]

Como advirte Carme Molinero, para os réximes nacionalistas autoritarios como o franquismo, responder ás necesidades materiais da súa poboación convertíase nun dos símbolos da "construción da patria". É evidente a relación directa entre aliviar as necesidades básicas da poboación e sacar rendementos políticos dese labor e o franquismo, a través do Partido Único e do traballo asistencial da Igrexa, fíxoo sobre todo coa implantación de seguros sociais, asunto no que entraremos explicitamente por tratarse, na nosa opción, dun dos maiores éxitos do franquismo á hora de xerar consentimento entre a poboación. A obra social franquista carece aínda de traballos para o caso galego, falto de monográficos e de estudos locais, pero xa deixou de ser un aspecto descoñecido a nivel nacional[614]. Ángela Cenarro fai fincapé na conexión entre políticas asistenciais e políticas represivas que, como temos dito, están presentes en todos os ámbitos de adaptación. Como acertadamente advirte a autora, o franquismo converteu a asistencia nun valor de cambio ideolóxico co obxectivo de convencer aos

[613] ACAPP. Hermandade Local. Correspondencia. Informe do secretario da Hermandade de Pontevedra. 1956. Carpeta D-56

[614] Entre outros cabe destacar os traballos de MOLINERO, C., (2003), "La política social del régimen franquista. Una asignatura pendiente de la historiografía", *Ayer*, 50, pp. 319-331; MOLINERO, C., (2005), *La captación de las masas. Política social y propaganda en el régimen franquista*, Madrid, Cátedra; CARASA SOTO, P., (1997), "La revolución nacional-asistencial durante el primer franquismo (1936-1940)", *Historia Contemporánea*, 16, pp. 89-140; ORDUÑA, M., (1996), *El Auxilio Social (1936-1940). La etapa fundacional y los primeros años*, Madrid, Escuela Libre de Enseñanza; CENARRO LAGUNAS, A. (2005), *La sonrisa de la Falange: auxilio social en la guerra civil y en la posguerra*, Barcelona, Crítica

desafectos a través da manipulación. Beneficencia e caridade interesadas foron as fórmulas amparadas pola lexislación social despregada que permitiron gañar adeptos ao réxime[615].

6.3.2.3 Os asegurados e os asistidos. As políticas sociais franquistas: entre a beneficiencia e a creación de redes clientelares

Os fundamentos normativos da función asistencial do Estado franquista veñen marcados polas mesmas bases do seu ordenamento positivo, seguidoras do discurso falanxista. O Foro do Traballo do 9 de marzo de 1938 asegura, entre outros aspectos que "se establecerá o Subsidio Familiar por medio de organismos adecuados", que "a Previsión proporcionará ao traballador a seguridade do seu amparo no infortunio" e que "incrementaranse os Seguros Sociais de Vellez, Invalidez, Maternidade, Accidentes de Traballo, Enfermidades Profesionais, Tuberculose e Paro forzoso, tendéndose cara a implantación dun Seguro Total. De modo primordial atenderase a dotar aos traballadores anciáns de retiro suficiente"[616]. O Foro de 17 de xullo de 1945 incide nos mesmos parámentros, igual que a Lei de Principios Fundamentais do Movemento Nacional de maio de 1958.

Pode asegurarse que a consecución de consentimento no rural galego pasou pola "política social" franquista. Ésta era unha maquinaria socializadora da poboación ao mesmo tempo que tiña un evidente carácter coaccionador e discriminador dos disidentes. Como puntualiza Ángela Cenarro, "as políticas sociais da ditadura de Franco... formaron parte de esa lóxica consistente en excluír primeiro para someter despois" (Cenarro, 2005:95). Represión e paternalismo era unha mestura moi cotiá nas medidas e políticas do réxime. Detrás da posta en marcha do modelo asistencial franquista, masivo pero non equitativo, había un obxectivo claro, xerar a adhesión ao Partido Único e ao propio réxime. As funcións asistenciais eran entendidas pola OSE e por Falanxe como unha actuación prioritaria, sabedoras da súa condición de xeradoras e mantedoras de redes clientelares de adheridos. Estas políticas, como os outros mecanismos creadores de consentimento nos que temos reparado, insisten na consolidación da división social, entre beneficiarios e excluídos, deixando rigurosamente os principios de "hermandade" e a "comunidade nacional" para o eido discursivo. As medidas artelladas para beneficiar a uns discriminan aos outros, aos que non se identificaban co réxime ou non estaban dispostos a someterse á disciplina preceptiva.

A obra social estatal deixaba o seu desenvolvemento en mans da OSE que, por medio de servizos, obras e sindicatos artellou a súa propia infraestructura, que no papel toma corpo entre o fin da contenda civil e 1942, aínda que o seu desenvolvemento

[615] CENARRO LAGUNAS, A., (2005), "Beneficiencia y asistencia social en la España franquista: El Auxilio Social y las políticas del régimen", en MIR, C.; AGUSTÍ, C.; GELONCH, J., (ed.), *Pobreza, marginación, ...op cit.*, pp. 93-111

[616] Declaracións III e X, nº 1 e 2 do Fuero do Traballo. ÁLVAREZ BRINGAS, C.; COCIÑA IGLESIAS, C., (2000), "La función asistencial en el régimen franquista: la Previsión Social en la provincia de Lugo", en *El franquismo: el régimen y la oposición. Actas de las IV Jornadas de Castilla-La Mancha sobre investigación en archivos*, Guadalajara, Anabad Castilla-La Mancha, pp. 399-416, p. 401

real vai ser lento, parcial e diferencial. As Obras sindicais, dependentes da Delegación Nacional de Sindicatos, son os organismos executivos da función asistencial franquista e son a OS de Artesanía, de Educación e Descanso, do Fogar, a do 18 de xullo, de Colonización, de Formación Profesional, de Previsión Social, de Cooperación e de Loita contra o Paro. Os organismos provinciais de cada OS artéllanse arredor das Delegacións Locais de Sindicatos, das Hermandades no caso do agro, funcionando como Corresponsalías.

A *Obra Sindical 18 de Xullo*, adicada ao labor sanitario, e a *Obra Sindical de Previsión Social*, un sistema de subsidios sociais e pensións, son os grandes estandartes da obra social. Entre a OS 18 de xullo (1940) e Previsión Social (1941) construíuse o embrión dun sistema de seguridade social que, malia aos seus profundos e amplos defectos, constituíu un fito que se lle recoñeceu no momento ao réxime e conferiulle lexitimidade. A memoria, igualmente, aínda que nalgúns casos sopesa o alcance do rigor coercitivo exercido por organismos e institucións desenvolvedoras da política social franquista, recoñece mérito a súa actividade e función. Os beneficiarios dos subsidios transixiron nos máis dos casos co réxime, co que a seguridade social actuou como un seguro do propio réxime.

A OS 18 de Xullo, que funciona ata 1971, tiña como cometido a xestión do seguro de enfermidade en colaboración co Instituto Nacional de Previsión. Tratábase de implantar e desenvolver a asistencia sanitaria aos traballadores e as súas familias, velar pola seguridade no traballo, ofrecer asistencia médico-farmacéutica e axuda económica durante as enfermidades e de prestar asistencia sanitaria aos Montepíos e Mutualidades Laborais e Caixas de Empresa. Na definición dos seus propios obxectivos ilústrase unha das fasquías que a OS 18 de Xullo vai ter, igual que pasará coa Previsión Social: a axuda está destinada a "produtores" na linguaxe do réxime, aos obreiros[617]. Ese sesgo vai estar sempre presente nel está a explicación á escaseza de consecucións que tiveron no rural nas primeiras dúas décadas de franquismo as OS máis importantes, as dúas de carácter asistencial ou Fogar. As razóns para o desleixe da actuación no medio rural son varias. A primeira é a escaseza de medios económicos destinados a este fin. A obra social deu unha débil resposta á situación de precariedade xeral existente sobre todo polo limitado dos seus recursos económicos. A segunda razón é a inclinación a atender o espazo xeográfico onde a contenda bélica tivo máis repercusión, é dicir, por concentrar o se labor no centro e leste peninsular, as zonas leais á República ata o último momento. A terceira era a súa vertente urbana. Como se apuntou, a previsión social no rural foi durante o franquismo unha responsabilidade exclusiva da OSE a través das Hermandades, en concreto das Corresponsalías, e éstas non estiveron constituídas e funcionando en Galicia ata 1943-1945, co que a atención a este espazo foi tardía. Ademais as cidades foron o espazo máis beneficiado polas diferentes axudas estatais en razón, tanto da concentración demográfica como pola existencia de condicións de vida máis duras pola imposibilidade de facerse con algunha alternativa de abastecemento. A cuarta e última é que as autoridades

[617]Nada de estraño se reparamos no discurso "obrerista" de Girón, como ten feito Carme Molinero. Un obrerismo no dobre senso, discurso populista e de identificación traballador-obreiro. MOLINERO, C., (2005), *La captación de las masas... op cit*, pp. 86-108

sabían que podían sacar réditos da súa acción amedrentadora da poboación rural de retagarda durante os primeiros anos de réxime. Na súa política de "pedra e cenoria" estaban no momento de aproveitar os efectos da primeira, polo que retrasaron a segunda. A fortaleza da represión e a penuria económica era suficiente para non ter que forzar con premura unha mobilización social como substituta ou apoio da lexitimidade conseguida pola represión, alén dos ceremoniais masivos organizados para "teatralizar" a adhesión pública ao novo réxime e do uso da propaganda.

Como se mencionou eran os sindicatos verticais locais, na súa sección de Corresponsalía, os encargados de xestionar as axudas de Previsión. O corresponsal era o encargado de arranxar os trámites, dar o visto bó ou rexeitar as peticións e, finalmente, o encargado de pagar a axuda económica aprobada. A posibilidade de autorizar ou denegar subsidios converteu aos dirixentes sindicais locais nunha figura central da vida cotiá das comunidades. O seu ascendente aumenta se temos presente que moi usualmente era o mesmo Prohome o que exercía de corresponsal e, non era raro, tamén de oficial encargado de abastos, ou que todos os cargos municipais recaeran nunha mesma familia[618]. O sistema de xestión acadou tales niveis de corrupción a tenor da documentación e, sobre todo, segundo os testemuños orais recuperados, que foron o mellor sistema para premiar amizades, favores e pleitesías mentres que, ao mesmo tempo, sancionaban enemistades e desavinzas.

> "En Pastoriza cobrabas non porque foras de Franco ou deixaras de ser, cobrabas as pensións se lle levabas algo ao de Xan que era quen era o que levaba o de corresponsal e tamén a Hermandade. Se lle levabas algo pois facíache os papeles se non nada... nin siquiera disimulaba xa nin chos collía ou tirábaos alí. Se non collía algo el nada. E peor era a muller, ela era a que collía os "regalos", collía de todo cartos, carne, etc... ela era a persoa máis interesada que había"[619]

> "[corrupción]... tamén pasa co subsidio que cobran vellos e cabezas de familia, os que estafa coa ameaza de retirárllelo, con 200 ou 300 ptas e ademais atemorízaos para que lle den regalos de xamóns, queixo, sacos de castañas ou troitas..."[620]

[618] Unificar os cargos nunha única persoa ou nunha mesma familia conlevaba ostentar un dominio total da vida cotiá da poboación dun concello. A creación de auténticas faccións dentro do poder local non era tan estraño debido á acumulación de cargos. Un grupo de poder constituiuno a familia Chao en Samos, por exemplo. Nun informe da Dirección de Seguridade recoñécese o grao de poder que teñen nese concello, "O 18 de xullo os irmáns Chao uníronse á causa nacional dende o comezo encargandose de organizar aos falanxistas en Samos, gañándose as antipatías e o rencor do outro grupo. O entusiasmo e lealdade dos Chao levounos a formar parte en todo momento da vida pública do concello ostentando diversos cargos directivos que foron aproveitando para ir aumentando o grupo dos seus adictos ata constituír unha forza importante no concello formado por veciños das aldeas que serven de forma adicta á familia...". En Foz, o alcalde, Rogelio Rey colocara ao seu irmán como Xefe local de Falanxe e Delegado local de Sindicatos, igualmente ostentaba o cargo de Prohome da Hermandade e controlaba a Corresponsalía. AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.701 e 12.713

[619] Entrevista a M.E.I.I., de Reigosa, A Pastoriza

[620] Acusación feita por un emigrante nun informe sobre o alcalde do concello de Baleira, a súa vez Corresponsal en 1950, Salvador Guzmán. AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.697

A documentación refrenda os testemuños orais. Nalgúns casos a actitude do corresponsal e outra autoridades do sindicalismo local é tan flagrante que as altas instancias obrígaos a enmendar "erros" que non son tales, senón exemplos dunha conduta corrupta en extremo,

> "comprobado que Antonio Somoza, primeiro tenente de alcalde do concello cobrou determinadas cantidades de diñeiro por facilitar os modelos impresos para a obtención do subsidio familiar..."[621]
>
> "Polo Xefe da Hermandade dase conta ao Cabildo da circular conxunta da Obra Sindical de Previsión Social e Cámara Oficial Sindical Agraria, sobre denegacións de Subsidio de Vellez por ingresos superiores a 2.500 ptas e denegacións a Mulleres Casadas. O Cabildo, tendo en conta que o Corresponsal de "Previsión Social", malia ter sido notificado, non asiste á reunión aportando os expedientes que foron denegados e os dados que puideran ser necesarios acorda emitir informe favorable nos expedientes dos anciáns que encomendaran a esta Hermandade, nun principio, a formalización do recurso de alzada e cuxa situación económica é verdadeiramente precaria... "[622]

Aceptación de subornos, cobro dos gastos da xestión e dos formularios, retención dun tanto por cen das pensións, etc, etc. son lugares comúns na memoria popular e, como temos visto, crearon un fondo descontento que levou a exercer diferentes fórmulas de resistencia. Pero noutros casos o descontento non se transformou en acción ante a posibilidade de facerse cunha axuda económica vital en moitos lares[623]. E tamén, debemos subliñar, a resistencia viuse mermada porque malia que esta tivera resultados e o corresponsal mudara, a substitución non supoñía unha mudanza nas prácticas corruptas do servizo[624]. Pero estas prácticas delitivas, xunto a outras de marcado carácter clientelar, como levar o subsido á casa do beneficiario, xeraron o consentimento de todos aqueles que se vían favorecidos e patrocinados.

---

[621] Por esta constatación o Gobernador Civil pide o cese do 1º tenente de alcalde de Pobra de Brollón ao Ministro de Gobernación en abril de 1944.

[622] Comunicación da Sección do Cabildo de Castrelo de Miño, 7-2-1957. Recollido en COLLARTE PÉREZ, A., (2002), *As Hermandades Sindicais no rural ourensán ..., op cit,* p. 183

[623] A súa xeralización levarou a actuar ás autoridades sindicais que, dende a prensa publicitaban, entre outras cousas, a gratuidade da xestión para cobrar o subsidio. "¡Labregos! Para cobrar o Subsidio Familiar non tedes que pagar nada ao corresponsal. Todos os servizos de Previsión Social son gratuitos. O bo corresponsal de Previsión serve mellor e máis rápido aos que nada lle ofrecen". Tamén dende a Asamblea de Hermandades da Provincia de Pontevedra propuxéronse diversas iniciativas que evidencian o problema de corrupción existente nas corresponsalías "10º acordouse solicitar da Caixa Nacional de Previsión que para maior garantía e rapidez no cumprimiento das obrigas dos Corresponsais se efectúen os pagos a través da Administración Provincial de Sindicatos, encomendándolle a este Servizo a liquidación dos mesmos coa Caixa Nacional". AGRO, marzo e xullo de 1945

[624] Un exemplo foi o ocorrido no concello de Taboada. Eulogio Sánchez Perulero era o Delegado local de Sindicatos e Corresponsal de Previsión Social no municipio. Cometeu estraperlos no exercicio do seu cargo, vendeu sulfato de cobre do cupo consignado para o concello, e cobrarba cantidades por abonar o subsidio familiar, entre outras irregularidades, polo que foi suspendido en 1946. Pero dende esa data ocupou o cargo o seu cuñado Manuel López González, que parece que seguiu imitando o modo de comportamento do seu predecesor. AHPL. Goberno Civil. Sig. 12.714

As prestacións máis importantes ofrecidas pola OS de Previsión eran o subsidio familiar e o subsidio de vellez. A primeira tiña unha fasquía definitoria, unha fonda relación coas políticas demográficas que o réxime quería consolidar, asegurando a permanencia da muller no fogar e pulando a constitución de familias extensas. Toda relación ou familia que non se incluira no modelo entendido como ideal quedaba exceptuado das axudas e sancionado como "anormal". O caso máis evidente é o das nais solteiras, que quedaban descartadas de toda posible axuda, malia ser un dos grupos máis necesitados, por rachar co modelo de familia fixado e cos criterios morais do réxime.

Ao cobro do subsidio familiar, que se xeralizou dende mediados da década dos corenta, tiña dereito, segundo a lexislación, toda familia que tivera dous fillos menores de catorce anos. O máis salientable é mencionar que as cantidades asignadas eran insignificantes, 10 ptas por fillo a partir do segundo. Segundo os dados que Daniel Lanero saca para a provincia de Pontevedra da prensa sindical, nesta provincia a OS de Previsión Social pagaba subsidios familiares a un total de 19.593 familias de labregos, cifra que o autor entende é posible que non se axuste á realidade e estea inflada cunha intención propagandística e lexitimadora da acción da OS de Previsión Social[625].

De feito a Administración, consciente da súa precariedade, engadiu ás axudas económicas do subsidio familiar complementos como os coñecidos como préstamos de nupcialidade ou premios a familias numerosas. Estes últimos supuñan certos beneficios, nomeadamente reducións en diferentes taxas, para as familias de catro ou máis fillos solteiros e menores de 18 anos ou que, sendo maiores desta idade, estiveran incapacidatados para o traballo. Os primeiros, concedidos con motivo dun novo casamento supoñían unha axuda de 2.500 ptas para as os varóns e 5.000 para as mulleres. Podían solicitalos os homes que estiveran asegurados no réxime de subsidios familiares con menos de 30 anos na data de celebración do casamento e de 40 anos se se trataba dun excombatente ou excautivo. As condicións que debían cumprir eran dúas, a de contraer matrimonio cunha muller menor de 25 anos e a de non exceder as 10.000 ptas anuais de ingresos. Para as mulleres as condicións (ademais de menor de 25 anos e no exceder dos ingresos na mesma cantidade que o seu futuro marido) eran ter traballado durante nove meses como mínimo nos dous anos anteriores ao casamento, ser solteira e "comprometerse a renunciar a súa ocupación laboral". Unha vez máis unha mostra de que a xustiza social mantiña unha fonda relación coa disciplina e o control social. Os beneficios que se aseguraban eran bonificacións do 25% do saldo pendente por cada fillo, non cobrar xuros polo préstamo, a posibilidade de amortizalo cos devengos por subsidios familiares, suspender as entregas por plazos de seis meses posteriores a cada parto e a súa cancelación ao cuarto fillo se vivían os anteriores. A finalidade

[625]LANERO TÁBOAS, D., (2006), "Looking for "consensus". The spread of social ensurance into Galician rural world (1940-1975)", *Sixth European Social Science History Conference*, Amsterdam

de converter ás mulleres en esposas e nais e coidadoras do fogar está sempre presente neste tipo de disposicións, amén do interese en acadar o aumento poboacional[626].

Tanto este préstamo á nupcialidade como o seguro de maternidade, outro complemento do subsidio familiar, non tiveron eco no agro. Un e outro estaban destinadas a "obreiras e empregadas" expresamente. Igual que outras realizacións do Instituto Nacional de Previsión como a Casa de Maternidade. Unha delas constituíuse en Teis, o concello lindante coa cidade de Vigo (e que acabou sendo parte da cidade nos anos corenta), onde si había obreiras e empregadas potenciais usuarias do servizo. As mulleres do rural non cumprían moitos dos requisitos esixidos, como o mencionado de ter cotizado algún tempo antes de casar. O traballo da muller no agro non conlevaba o seu censo como traballadora, propio do medio urbano, polo tanto non cotizaba. Unha evidencia xeral das políticas sociais do réxime é a dificultade de incardinar o peculiar do traballo no agro coas disposicións, a condición de "produtor" non sempre resultou válida para definir as diferentes categorías de traballadores rurais. Só fai falla reparar en prestacións como o seguro de accidentes de traballo ou o seguro nacional de desemprego, pensados por e para os obreiros. E se isto é así en xenérico, para a muller foi peor. A súa condición de traballora "sen papeis" deixábaa fóra dos requisitos establecidos para pedir certos subsidios e, a maiores, a súa realidade cotiá facíaa allea á maior parte das prestacións que se ofertaban. Isto é evidente no caso do seguro de maternidade. Nel incluíase a asistencia gratuita dunha matrona, do médico e da farmacia durante as fases de xestación, parto e posparto; unha axuda económica por fillo amamantado por un período máximo de dez semanas e dereito a reservar o seu posto de traballo durante a baixa materna. Todas elas son medidas estrañas para mulleres que daban a luz nas súas casas, axudadas por familiares e veciñas, que non acudían ao médico salvo un problema grave e que traballaban nas explotacións familiares ou que na súa condición de xornaleiras ou aparceiras non podían pedir baixa de ningún tipo. De feito, segue sendo xeral o descoñecemento que destes subsidios existe nas mulleres do rural. Na súa memoria asocian que "esas cousas éranche nas capitais",

> "Aquí eu creo que nunca houbo nada deso. Aquí naide iba o sanatorio siquiera. Home se había alguien moi enfermo ao mellor se chamaba ao médico pero era raro. O de ir ao sanatorio eso si que nada, a xente se estaba enferma grave pois morría na casa. De seguros e axudas aquí nada. Se viña o médico a casa pagabas e tamén se ibas a súa consulta. Aínda me acordo, un parto eran 500 ptas no sesenta e pouco, 500 máis as medicinas. Pagábalo tu e non había axuda ningunha. Aquí neste concello e nos darredor sempre foi así... nunca oín de axudas. Máis adiante cando tiñas un fillo na farmacia facíanche unha receta e dábanche un paquetiño con gasas e algodón e algunha cousa máis que non recordo, pero vamos eso xa máis adiante..."[627]

[626] A amortización deste préstamo facíase no Instituto Nacional de Previsión con entregas mensuais do 1% do importe prestado, é dicir 25 ptas mensuais si o préstamo fora de 2.500 ptas e 50 ptas mensuais se o préstamo fora de 5.000 ptas. AGRO, decembro de 1945

[627] Entrevista a P.I.I., de Reigosa, A Pastoriza

Seguindo cos seguros relacionados coa muller atopamos tamén o subsidio de viuvedade e de orfandade, a o que lle ocorre outro tanto. A memoria sitúao "moito para có de 1960". Esta axuda para viúvas e orfos de traballadores afiliados ao réxime de subsidio familiar tardou en xeralizarse no agro moito máis tempo que no medio urbano, xa non só pola non adecuación dos labregos á concepción de "produtor" ou "empregado fixo ou eventual" que empregaba o réxime senón pola escaseza de información. Pensemos que o labor de difusión das axudas, as súas tipoloxías e os requisitos pertinentes estaban en mans dos corresponsais que, como vimos de ver, caracterízanse polo seu grao de corrupción e non polo efectivo do seu traballo. Non atopamos ata o de agora mostras de que estes axentes levaran a cabo ningunha campaña informativa sobre as posibilidades existentes para o cobro destes ou outros subsidios.

Xunto ao subsidio familiar o outro máis exitoso do rural galego foi o de vellez. A "pensión" vai xeralizarse no agro a partir de mediados dos anos corenta e ten como beneficiairios aos traballadores maiores de 65 anos que pagaran o censo específico que daba dereito a ela (coñecido popularmente así, o "censo"). As primeiras cotizacións eran de 5 ptas ao mes, pero a principios dos anos cincuenta o sistema de cotización muda e establécense rangos de contribución, diferentes para os homes que para as mulleres, dentro da OS de Previsión Social. A pensión foi un dos maiores bastións do franquismo no agro a hora de xerar consentimento. Eran 125 ptas que, malia a súa precariedade en termos estrictos, supoñían unha axuda que se voltou indispensable en moitos fogares que o asumían como un soldo máis e agradecíano por consideralo unha grande axuda para a economía doméstica,

> "todo non era nada pero como estabas afeito a que nada che viñera sen telo que sudar moito, pois claro estaba ben. Ademais tal e como se ganaba daquela que che viñeran as 250 ptas da pensión dos enfermos...para os vellos non sei se era igual ou era menos... era axuda... a xornal para gañar eso un canteiro ou un albañil tiña que andar toda a semana"[628]

> "coa pensión Franco sacou aos pobres de pedir polas casas. Coa paga xa tiñan algo con que vivir. Porque a xente di que as pagas déronas os socialistas pero quen as deu foi Franco e eso hai que terllo en conta"[629]

Ao non ter un carácter universal as prestación nin ser redistributivos, a súa función non pode asumirse sen máis como un xermolo da Seguridade Social, malia iso, os subsidios foron un as da política franquista. Eran unha concesión e non un dereito, eran fondamente inxustos pois sancionaban a pertenza a unha rede clientelar e a cercanía que nela se tivera a autoridades locais pero a precariedade na que discurría a vida cotiá nos anos corenta e cincuenta xunto a novidade de ser obxecto dunha retribución económica que non conlevara horas de traballo parece ter compensado. Os subsidios foron un triunfo que se consolidará nas décadas seguintes á súa creación e que se convertirá nun aval de consentimento de moitas familias labregas. É un contrapeso contra políticas que resultaron nocivas como a repoboación ou disposicións como o

[628]Entrevista a A.C.V., de Pacios, concello de Castro de Rei
[629]Entrevista a E.S.C., de Galgao, concello de Abadín

encadramento obrigatorio. Na memoria quedou a instauración das pensións como un "haber" do réxime que facía esvaecer o descontento existente contra outras das súas actuacións, que minimizaba o seu "debe".

A maior difusión do susbsidio familiar e a pensión ou subsidio de vellez no rural en comparación con outros subsidios témolo no ocorrido no concello pontevedrés de Salvaterra de Miño. Segundo os dados da Corresponsalía de Previsión, a súa actividade na primeira metade do ano 1949 consistíu en abonar as nóminas do subsidio familiar dos meses de febreiro, marzo e abril por un total de 94.635,50 ptas e tramitar varios expedientes de subsidio familiar e de vellez[630]. Nin rastro doutro tipo de axudas para os 471 beneficiarios rexistrados no censo dese momento. O predominio destas axudas é máis evidente aínda se reparamos en que os 200 expedientes de que se achaban en trámite en agosto dese ano eran peticións de novos subsidios de vellez que, como sinalan dende a Hermandade de Salvaterra, están "esperando que se vexan convertidas en realidade e en data próxima as súas xustas aspiracións, o que significaría unha conquista máis do noso Caudillo no corazón dos traballadores españois"[631].

Á información local refréndaa a obtida a nivel provincial. Segundo a información da OS de Previsión Social para a provincia de Pontevedra no ano 1948, os expedientes de seguros sociais tramitados acadaron as seguintes cifras[632]:

Familias numerosas:	2.275
Subsidio de vellez:	10.842
Seguro de maternidade:	779
Subsidio de viudedade:	140
Subsidio familiar:	30.979
Subsidio de orfandade:	45
Préstamos nupcialidade:	255
Premios natalidade:	52
Accidentes de traballo:	1
TOTAL:	45.368

Os subsidios familiar e de vellez seguen mantendo unha clara primacía moi por riba dos outros, a pesar de que a cata provincial conten as cifras de expedientes tramitados nas cidades de Pontevedra e Vigo que, sen dúbida, fan medrar o número de subsidiarios dos préstamos nupciais e de orfandade, ademais de facer aparecer o de accidente laboral.

Pero as obras sindicais non se quedaban no asistencial, senón que reparaban en aspectos como a formación ou a mellora das condicións de vida. Para iso estaban a OS de Educación e Descanso, a OS de Formación Profesional e a OS do Fogar. A elas, sobre todo o sostemento desta última, o Estado adicou unha parte substancial do montante total orzamentado para a obra social. Segundo os dados da Vicesecre-

[630] AGRO, xullo 1949
[631] AGRO, agosto-setembro 1949
[632] AGRO, febreiro 1949

taría Provincial de Obras Sindiciais, o plan asistencial correspondente ao cuatrienio 1949/1952 para a provincia de Lugo estaría repartido do seguinte xeito[633]:

OBRA SINDICAL	ORZAMENTO	PORCENTAXE
18 de xullo	3.510.780 ptas.	28,44%
Educación e descanso	1.246.125 ptas.	10,09%
Formación profesional	1.563.060 ptas.	12,66%
Fogar	6.024.843,75 ptas.	48, 81%
TOTAL	12.344.808 ptas.	100%

A análise destas cifras permite ilustrar dúas realidades. A primeira é que a obra social non contaba cunha financiación suficiente para cumprir coas súas publicitadas finalidades teóricas. Segunda, incluso en provincias eminentemente rurais como o era Lugo, a sociedade rural non era a principal beneficiaria da xestión da obra social. A OS de Educación e Descanso, creada no mesmo ano en que se deu por acabado o conflito bélico a imitación do *Dopolavoro* fascista italiano e da organización alemana *La Fuerza por la Alegría*, como pode verse, era a que tiña un orzamento menor. O seu labor, pensado para organizar o tempo de lecer dos "produtores" (vacacións, excursións, etc.), estaba proxectado para ámbitos alleos ao rural. En puridade o seu fin era controlar "contentando" ás masas urbanas, aos obreiros, e dar a Falanxe unha ocasión para arraigarse socialmente facéndose cun espazo que antes era ocupado por asociacións civís, Casas do Pobo, etc[634].

O control da sociabilidade era unha pauta imprescindible para un ulterior control "total" das persoas, de aí que as actuacións desta OS se poidan medir en función do censo obreiro das cidades: maior número de obreiros máis iniciativas da Obra. No rural galego a sociabilidade pasaba por outros ámbitos que no urbano. Vacacións, rondaias, corais, etc. eran realidades alleas e exnovo e por tanto o fracaso estaba asegurado. A sociabilidade rural a penas contou con iniciativas para "encauzala" e xerar algún tipo de identificación poboación-réxime ou Falanxe. O o seu control pasou pola represión: prohibición de bailes, vixilancia das romarías, ilegalización do Antroido, etc. A única excepción, incluso a nivel teórico, constitúea o "Fogar do labrego". Tratábase de que nas instalacións da Hermande se habilitara un espazo que funcionara como lugar de reunión, diversión e formación para os labregos, alén das oficinas e almacéns ordinarios. A intención estaba en que a Hermandade se convertera en algo máis que un lugar

[633] Non é de estrañar que estas catro OS acaparen o total do orzamento presupostado. Segundo os dados de Carme Molinero sobre o orzamento de 1950 para OS a nivel estatal estas catro OS consumían o 85% do total dos fondos (18 de xullo 12,05%; Educación e Descanso 17,82%; Formación Profesional 24,52% e Fogar 29,34%). MOLINERO, C., (2006), *La captación de las masas...op cit*, p. 135

[634] A fonte de ingresos máis importante era a cota sindical, estimada en 1945 en 0,5 ptas para os traballadores menores de 21 anos e de 1 ptas para os demais. Segundo o estudo de López Gallegos para Valladolid a maioría dos obreiros negábanse a pagar as cotas. Esta persistencia no impago dos afiliados provocou que a Xefatura da Obra decretara que se dera de baixa a todos aqueles que non tiveran aboado a cota do ano 1953. Isto supuxo a baixa de 734. Malia esta medida, o problema económico perviviu ata finais do franquismo. LÓPEZ GALLEGOS, M. S., (2004), "El control del ocio en Italia y España: de la Opera Nazionale Dopolavoro a la Obra Sindical de Educación y Descanso", *Investigaciones Históricas*, 24, pp. 215-236, p. 226

para a administración e a burocracia e, así, calara nunha poboación que se mantiña alonxada da entidade. Carecemos de dados sobre o número de Fogares constituidos pero a tenor de informacións indirectas non parece que esta actuación pasara á consolidarse nin converterse en xenérica. Esta intención non se viu conquerida ata que, andada a década dos sesenta, as cooperativas montaron os "teleclubes", como veremos máis adiante[635].

Igual pasaba coa OS de Formación Profesional, orientada á formación dos fillos dos obreiros e coa OS do Fogar, adicada á construción de vivendas sociais nas cidades e vilas. A primeira non tivo a penas repecusión entre os labregos, por moito que algún dos fillos do persoal vencellado ás Hermandades aproveitara o servizo. Todo quedou en "anuncios" e na creación de expectativas de construción de hortos escolares, de cursos de capacitación e divulgación agropecuaria ou de campos de demostración e experimentación agropecuarias[636]. Nos orzamentos das Hermandades aparecen como destino dos fondos económicos algún destes servizos. É o caso da Hermandade de Castro de Rei onde os orzamentos de 1953-1954, 1957-1958 e 1961 recollen gastos na realización de cursillos agropecuarios (1.000 ptas anuais); bolsas para estudos de capataces agrícolas, mecánicos agrícolas, etc. (entre 1.000 e 500 ptas anuais) e outros servizos de experimentación e ensino (1.000 ptas.)[637]. A realidade parece indicar que se trata de servizos presupostados en caso de que o orzamento total da Hermandade fora o "ideal" (total de cotas cobradas, créditos, existencia de remantente, etc.) e os gastos de persoal, a partida máis importante de gastos en xeral, se acotara ao establecido. En caso de que isto non pasara, e cando menos a recepción do total das cotas como vimos era excepcional pola resistencia laberga ao pago, as primeiras actuacións que quedaban sen fondos eran estas. Así se comprende que da existencia de bolsas e cursos organizados pola Hermandade a poboación a penas oíra falar e, de ter noción de algún, se dera por feito que ían destinados ás autoridades e traballadores da institución ou a familiares e amigos achegados.

A segunda, considerada unha das actuacións máis emblemáticas cando menos en termos publicísticos polo réxime e constituída en 1940, proviña dun proxecto nacional elaborado polo Instituto Nacional da Vivenda e aínda que na publicidade se insiste en que a súa finalidade tamén era influír na mellora das condicións de habitabilidade do rural, a realidade foi ben diferente, cando menos na provincia de Lugo[638]. Como pode

[635] A Hermandade do concello de Ponteareas cónstanos que solicitou á Delegación Nacional de Sindicatos a cesión dos antigos edificios das sociedades de agricultores de Ribadetea e da parroquia de Guláns que, tralo desarticulamento do movemento asociativo de preguerra, pasaron a engrosar o patrimonio de dita entidade, co fin de levar a cabo "a instalación do fogar do labrego e centro de reunión dos afiliados". Esta parece ser a iniciativa máis avanzada no tempo, con todo, sen non ser nin moito menos unha realidade. As outras informacións non van máis alá de facer plans de futuro a longo prazo "preténdese a construción de Casas de Hermandade nas que se instalarán oficinas, almacéns e fogar do labrego, nas localidades de Salceda de Caselas, Valga, Caldas de Reis, Cangas, Forcarei, Vilagarcía, Tomiño, Redondela e outras...". AGRO, febreiro e xuño 1949

[636] Todas esas e máis intencións para a provincia de Pontevedra recóllense en AGRO, xaneiro 1949

[637] Fondo Documental da Hermandade Sindical de Castro de Rei. Liquidación de orzamentos (1950-1963)

[638] "CAMPESIÑO. O Novo Estado creou un organismo: o INSTITUTO NACIONAL DA VIVENDA, que se ocupará de mellorar as condicions da túa vivenda dándoche unha nova, diña e decorosa, si

verse no cadro precedente, esta OS contaba coa maior partida orzamentaria das obras asistencias presupostadas en Lugo, practicamente a medade dos fondos, e aínda así resulta unha cantidade moi modesta para catro anos de actuación. O seu destino foi ser investido nos núcleos urbanos para mellorar o mal estado e as condicións hixiénico-sanitarias das vivendas e a crear novos espazos habitacionais ante a grande demanda provocada pola migración campo-cidade da década dos cincuenta.

A OS do Fogar naceu ao abeiro da Lei do 19 de abril de 1939 pero non comezou a funcionar ata 1947, momento no que comeza a súa tarefa constructiva. Ata esa data, e aínda despois, é simplemente un referente propagandístico que contabiliza realizacións aínda non comezadas ou só proxectadas no papel. Ata finais dos anos cincuenta, momento de proliferación das "casas baratas", a carestía económica xeral e os altos prezos do material de construción esta os, non se construíron vivendas en Galicia.

Segundo as cifras que ofrece Agustín Cotorruelo, o gasto da OS nas diferentes provincias galegas foi moi diferente[639].

PROVINCIAS	V. CONST. (1956)	V. EN CONST. (marzo 1957)
A CORUÑA	3.274	123
LUGO	503	34
OURENSE	560	200
PONTEVEDRA	2.060	868
TOT. GALICIA	**6.397**	**1.225**
TOT. ESPAÑA	**97.416**	**37.302**

A predilección polas provincias máis occidentais de Galicia é clara, en liña co potencial industrial e urbano das mesmas. Mentres que en decembro de 1956 na provincia de A Coruña a OS ten construído un número de vivendas que a sitúa no sétimo posto das provincias españolas en actuacións, só por detrás de Madrid (14.162), Barcelona (8.205), Oviedo (3.931), Viscaia (3.913) e Valencia (3.601), e Pontevedra o 15; Lugo estaría no posto 49, só con Guadalaxara (447), Ceuta (306), Cuenca (289) e Melilla (98) por detrás en número de edificación de vivendas, e tan só superada por Ourense en dous postos. A lectura conxunta dos dados para Galicia dá conta de que, como dixeramos, ésta non é un espazo de especial interese para a OS do Fogar. Só un 6,56% das vivendas que financia nos primeiros quince anos de existencia se constrúen en Galicia e só un 3,3% das que están en construción no primeiro trimestre de 1957 o fan neste territorio.

Posiblemente as vivendas máis senlleiras das construídas pola OS do Fogar en Galicia entre 1942 e 1956, a modo de polígonos residenciais novidosos, sexan as que conforman as barriadas de Juan Canalejo en A Coruña, con capacidade para 570

careces dela". CAÑAS, D., et ali., (1992), *Tomelloso en la frontera del miedo: (Historia de un pueblo rural, 1931-1951)*, Ciudad Real, Diputación de Ciudad Real, p. 242

[639] COTORRUELO, A., (1960), *La política económica de la vivienda en España*, Madrid, CSIC, Instituto "Sancho de Moncada", p. 159-160

familias, ou as 100 vivendas "Grupo Compostela" rematadas en 1955 en Santiago de Compostela.

Voltando ás cifras orzamentadas para a provincia de Lugo debemos apuntar a inexistencia de realizacións nestes catro anos no medio rural. Na década dos corenta en xeral, como se dixo, a OS do Fogar tivo unha actividade moi limitada e despois desa data sabemos unicamente dos préstamos concedidos polo Instituto Nacional de Colonización para construcións adxectivas á casa nunha explotación (estercoleiros, galiñeiros, etc.) e dun número ínfimo de financiacións de casas para familias numerosas e pobres, polo que pode concluírse que no campo esta OS non deixou pegadas significativas[640]. Cousa distinta son as cabeceiras comarcais, as vilas. Nelas sí levaron a cabo construcións a OS do Fogar, en especial, naquelas cuxos hínterlands rurais se converteran en viveiro de emigrantes cara as cidades capital de provincia. No empeño por fixar poboación ao agro, en razón de manter a produción e os baixos salarios dos traballadores agrícolas, potenciouse a construción de vivendas estas vilas, cabeceiras de comarca as máis das veces, tratando de evitar tamén as aglomeracións, e conflitividade que puideran conlevar, nas cidades. Seguindo esta premisa constrúense a finais dos anos cincuenta e primeiros sesenta "casas baratas" en vilas como a Rúa, onde se edificaron 50 casas no programa denominado "Virxe de Fátima" ou no Barco, co programa "San Roque", tamén de 50 vivendas e que logo, en 1962, será ampliado a oitenta[641].

Os destinatarios destas casas entraban dentro do grupo de "beneficiarios" polo franquismo. Trátase de traballadores de empresas ou industrias que contaban co favor oficial, de funcionarios da Administración nos seus diferentes graos (administración local, sindicalismo vertical, gardas civís, etc.) cregos, mutilados de guerra, etc. etc. Polo tanto, estas "vivendas protexidas" quedaban para os "grupos protexidos" polo poder, nunha mostra máis de creación de redes clientelares. A construción destes polígonos ía acompañada de todo un cerimonial simbólico que incluía dende os nomes dos grupos de vivendas, sempre relativos ao réxime ("Francisco Franco", "18 de Xullo", etc.) ou ao calendario eclesiástico, pasando polas advocacións das rúas ("caídos" locais, autoridades falanxistas, etc.) ata a posta en escena do momento de concesión das vivendas, con entrega de chaves polas altas instancias sindicais e do partido provinciais, xerarquías eclesiásticas, etc. e coincidindo, normalmente, cun día sinalado para o calendario franquista para poder celebrar con moito público a efeméride.

A OS 18 de xullo é a outra receptora do orzamento provincial. Neste caso, como temos comentado ao tratar da OS de Previsión social, tamén son os traballadores doutros eidos diferentes ao rural os grandes beneficiarios, pero, ao contrario que as OS mencionadas anteriormente, si tivo repecusión no rural. Sobre todo debido á existencia dun seguro libre de enfermidade na rama agropecuaria que se mantiña mediante

[640] Unha delas na parroquia de S. Cosme de Piñeiro, A Pastoriza. Tratábase dunha familia labrega con 18 fillos. Esta e outras actuacións tiveron lugar ben avanzada a década dos sesenta. Entrevista a M.E.I.I., de Reigosa, A Pastoriza

[641] GARCÍA YAÑEZ, F., (2005), *O Barco e a Terra de Valdeorras durante a II República... op cit,* pp. 624-632

as aportacións voluntarias dos afiliados que desexaban acollerse a el. A compensación estaba na asistencia médica domiciliaria e de especialidades, medicamentos e hospitalización nos sanatorios da OS "18 de xullo". Antes da constitución deste seguro a finais da década dos corenta o Seguro de Enfermidade existente deixaba fóra aos traballadores do agro, como sempre por non casar coas características que o réxime manexaba para definir a traballadores fixos, eventuais ou por conta propia. Pero por moito que exista un espazo "especial" para os labregos a cobertura sanitaria vai ser mínima segundo apuntan os testemuños orais ata finais dos anos sesenta. A razón principal que mantiña aos labregos, sen seguro de enfermidade está case sempre en relación coa incapacidade de facer fronte ás cotas. Pensemos que non se trataba dun montante económico esaxerado, pero si importante para unha xa de por sí afogada economía familiar e moito máis se temos presente que os servizos ofertados polo seguro eran una novidade na realidade cotiá. Os enfermos coidábanse na casa da mellor maneira posible e non acudían ao médico máis que en contadas ocasións, co que era máis rentable economicamente pagar o uso puntual dos servizos médicos e os fármacos necesarios que cotizar mensualmente o seguro.

Falanxe nunca obviou o potencial mobilizador e propagandístico asociado ao exercicio (ou anuncio de exercicio) da asistencia social e aproveitou cada ocasión para autofelicitarse polo seu labor e recordar o seu protagonismo na súa consecución. Nisto insistiremos ao falar da "colaboración provindencia", por agora só sinalar que a prensa está chea de artigos e discursos feitos polas autoridades franquistas incidindo no papel da OS de Previsión Social no que supón de "chegada ao campo da xustiza social". Un ben significativo é o que firma César López Canabal, Subxefe Provincial de Falanxe en Pontevedra e, tamén da OS de Previsión Social en xaneiro de 1946.

> "Ahí está para todos os incrédulos e cortos de vista a lexislación social que gañou para España a Falanxe e que xa está nas columnas do Boletín Oficial do Estado. Non pretendemos, ao repetilo, presentar aos nosos campesiños a factura de canto facemos e nos afanamos por eles no batallar diario... Nos a Falanxe, non cremos en aquilo de que un home é un voto e non fomos nunca aos nosos campesiños a predicarlles como sacamos de feira ungüentos maravillosos con que resolver os seus problemas de sempre, senón que nos nosos postos de servizo afanámonos silenciosamente na busca das súas solucións e hoxe cando nos achegamos aos nosos agricultores non levamos monsergas senón realidades incontrovertibles, que ninguén pode deixar de recoñecer aínda cando haxa algúns miopes que non alcanzan a ver máis alá das súas narices para admitir e contemplar a nosa obra, porque non queren ou non lles convén. Dicimos todo isto a propósito deses actos que acaban de ter lugar polos pobos da provincia con motivo dos pagos do Subsidio Familiar e que deben repetirse e prodigarse no sucesivo, pois, aínda que non pretendemos facer política con estes beneficios sociais que a Falanxe, gañou para os españois, nunca está de máis que afirmemos o verdadeiro significado dos mesmos, ao propio tempo que desfacemos o equívoco e deixamos ben claro que os nosos subsidios non son un diñeiro que Franco distribúe para gañarse adeptos en momentos nos que algúns mentecatos poidan imaxinarse que a política do Caudillo está pouco menos

> que en saldo e liquidación, senón que son conquistas que logra diariamente a Falanxe o que, como o primeiro día, coma onte e como sempre, atópase con ánimos para non desmaiar, inaccesible ao desalento ata consumar a súa obra que non ten como obxectivos os irrenunciables postulados da Patria, o Pan e a Xustiza[642].

A importancia que acadaba no agro a axuda en forma de subsidios era tal que as autoridades utilizaron a súa distribución sempre que lles foi posible coincidindo con algún acto de exaltación de Falanxe para asegurarse concurrencia. Como temos dito, a "mobilización forzada" era unha das ferramentas do partido e do réxime para ilustar que a súa idea de "comunidade nacional" e dar gabanzas á xustiza e á paz reinantes en España grazas ao providencial Caudillo. Axudas e actos publicitarios ían acotío da man. Así, o Xefe Local de Falanxe en Ribadeo, Francisco Maseda indica ao Delegado Provincial Sindical, Eduardo García, que a concentración de produtores e falanxistas que se ía celebrar na cidade de Lugo en xuño de 1945 con motivo da visita do Secretario Xeral de Falanxe, o Delegado Nacional de Sindicatos e outros xerarcas ten que facerse coincidir coa entrega dunha "importante cantidade de subsidios familiares da rama agrícola a beneficiarios da provincia"[643].

Dentro das OS que non funcionaron debidamente nas primerias dúas décadas de franquismo está o cooperativismo. Se o fundamental obxectivo para a fundación e mantemento das cooperativas era, para as autoridades franquistas, a súa función económica, tampouco desprezaron, cando menos sobre o papel, a súa función social, entendida como ferramenta de influencia sobre a vida cotiá das parroquias rurais nas que se implantaban. A igrexa tinguía esa función social cunha "maior" labor de impulso da vida cristiá nas comunidades, entendéndoas como xeradoras de "hermandade" a través do traballo colectivo e do culto común. Para asegurar que as cooperativas cumplisen coas funcións sociais que se lles asignaban, véxase "elevar o nivel cultural do campesiñado" e exercer de centros de "convivencia cultural e recreativa", creáronse os Fondos Sociais Obrigatorios, encargados de financiar todo tipo de actividades que xurdiran no concello e estiveran en liña con ditas funcións (bolsas para os fillos dos técnicos da cooperativa, construcións de centros culturais, etc.)

Segundo as pesquisas de José Penedo no seu estudo sobre o sistema cooperativo galego durante o franquismo "en poucos aspectos como nas súas funcións sociais estiveron tan alonxadas as teorías oficiais do que a realidade trouxo" (Penedo, 2003:155). Na documentación que este autor consulta para os casos das provincias septentrionais galegas relativos aos Fondos Sociais Obrigatorios só atopa información evidente sobre a súa ineficiencia e inoperatividade: consultas por parte da Obra Social Cooperativa sobre contía e destinos dos fondos, ante a sospeita fundada da súa inexistencia real, e documentación derivada das únicas consecucións das cooperativas en materia de integración comunitaria, os teleclubes e tabernas que se abrían nos seus locais[644]. Dado que estas realizacións son moi posteriores ao marco de estudo analizado neste

[642] AGRO, xaneiro 1946.

[643] AHPL. AISS. Caixa 1.863. Inv. 12, legaxo 64. Sección Casa Sindical Comarcal de Ribadeo

[644] Mostra do primeiro é, por exemplo, a carta que o Xefe Nacional da Obra Cooperativa enviou ás xefaturas provincias galegas, insistindo en que a lexislación quería que, "xunto ao afán económico

traballo, pois dátanse avanzada a década dos sesenta, podemos concluír que a obra social das cooperativas nas primeiras décadas da súa existencia foi nula. Así o deixa ver o feito de que, a pesar da obrigatoriedade de dotar de capital aos Fondos Sociais, ante a precaria situación económica das cooperativas, que non tiñan diñeiro para asegurar a súa supervivencia, ésta disposición non era cumprida. E, ainda máis, cando existía este capital para obras sociais, éste era o primeiro orzamento sacrificado en caso de imprevistos ecómicos. Esa situación, pois, de inoperancia social mudará nos sesenta cando os teleclubes actúen como elemento atraínte da sociedade rural cara esta realización da política agraria franquista[645].

Pero que, en xeral, as Obras Sindicais foran no seu conxunto proxectos nada exitosos non quita que algúns grupos da poboación saíran beneficiados do seu labor e, como tales beneficiaros, ofreceran o seu consentimento ao Estado, igual que as políticas agrarias en xeral. E sobre todo, non quita que cos anos, algunhas delas crearan grupos agradecidos polo labor estatal e, polo tanto, consentidores aínda que partiran de experiencias de resistencia. O caso máis claro de que a evolución no tempo marcou evolucións nas actitudes cara o franquismo e as súas medidas é a relativa á OS de Colonización. No apartado adicado ás formas de resistencia repararamos en como os plans da Administración ou se viñeran a baixo ou se tiveran que adaptar para lograr sacar adiante a colonización na comarca da Terra Chá a causa das mostras de resistencia dos labregos da zona e dos propios colonos. Pois ben, o que en principio non foi máis que unha iniciativa minada polas resistencias, debido ao éxito économico acadado polas explotacións leiteiras viables que se constituíran na colonización a partir de finais dos anos sesenta provocou que os colonos se converteran en claros beneficiarios da política agraria franquista. Xa que logo, coa evolución que seguiron algunhas das políticas franquistas no tempo e coas mudanzas acaecidas no rural (emigración, especialización gandeira, motorización, etc.) algúns grupos, como os colonos, acabaron por dar o seu consentimento ao franquismo.

A. B., un dos colonos danos testemuño da opinión máis xeralizada que reina entre ese colectivo ao mirar a experiencia da colonización,

---

propio das cooperarivas, aparecese un forte contido social, moi en harmonía cunha concepción cristiá da vida...entre outros perceptos, o da obrigatoriedade do fondo de obras sociais. Esta Xefatura que non deixou en ningún momento de sentir inquedanza pola efectividade de tan loable... solicitando suxerencias para o investimento de ditos fondos...a penas tivo eco a nosa chamada...para propoñer un gran proxecto... pido sin demora información sobre o investimento que se dá actualmente aos fondos destiñados a obras sociais" AHPL. AISS. Correspondencia (1944-1959). Legaxo 1556. PENEDO FERNÁNDEZ, J., (2003), *"Por Dios, España y su revolución Nacionalsindicalista..." . El cooperativismo en el norte de Galicia a través de la documentación de la OSC: La Coruña y Lugo, 1942-1975*, Traballo de Investigación do Departamento de Historia Contemporánea e América, USC, (inédito), p. 155

[645] Disto eran ben conscientes as autoridades, que aproveitaban as ansias da poboación por ter un local social e poder ver televisión para expandir o número de cooperativas. Nunha acta de reunión da Cooperatia de Lens, no concello coruñés de Ames en 1968, non se dubida en sinalar que "unha fórmula ideal para conseguir as axudas solicitadas días pasados co fin de edificar o local social do teleclub e almacén, sería a creación dunha cooperativa de produción e comercialización de produtos do campo", FERNÁNDEZ, J., (2003), *"Por Dios, España... op. cit*, p. 156

> "foi un método bon, eu creo que non podía facer máis un pai polo fillo do que fixo Franco en Matadoso por nosoutros, nos dio la tierra, que es casi un regalo, la casa para vivir... con cuadra, con ganado... aquí si había veterinario, cando había que retirar unha vaca porque non collía cría, la llevaban y nos daban otra... aquí Franco en Matadoso, digan lo que quieran, se portó muy bien... na colonización se portó muy bien... las vacas baratísimas de Holanda, a 12.000 ou 13.000 ptas, vaca máis cría, baratísimas, teño que dicir que a nosoutros a colonización nos la regalaron... si... pos eu non podo falar mal de Franco"[646]

Exemplos e dados que dá indican que a súa condición de beneficiario da disposición franquista e conseguinte agradecemento xurdiu avanzada a década dos sesenta ou mesmo a principios dos setenta. E, por tartarse dunha época máis recente, é a que pesa na súa memoria, como no resto dos colonos. A condición de beneficiarios é recoñecida polos protagonistas, cuxas condicións de vida materiais melloraron exponencialmente, pero tamén polos veciños de pobos dos arredores que, aínda que non participan directamente das consecuencias positivas da colonización, ao ver os resultados recoñeceron como "un bo labor" e mostra da preocupación do franquismo polos labregos a política de colonización alí seguida[647]. Aquí e onde notamos a evolución na actitude cara ao franquismo deste grupo social, pasaron de resistentes a consentidores. Este é unha fasquía da que xa falaramos ao referirnos as causas que levan á toma dunha actitude ante o poder: esa actitude é variable no tempo e no propio suxeito.

Unha vez percorrido, aínda que brevemente, o labor desenvolvido polas OS en canto á consecución de consentimento no medio rural é preciso reparar no que, para co mesmo obxectivo, fixo outra das entidades franquistas, Auxilio Social. En tanto que, como vimos de ver, a maioría dos seguros ían dirixidos a asalariados, toda unha serie de persoas quedaron fóra do seu alcance, eles só podían optar a beneficiarse do labor de Auxilio Social (en adiante AS). Era o recurso daquela poboación que non podía garantir a súa subsistencia ou a da súa familia. Pero non era un recurso "gratuíto" pois AS artellouse como un medio de acción e socialización do programa de ideas políticas de Falanxe. E, a maiores do discurso alienante e moralista, a institución facía sentir aos seus beneficiarios que se trataba de caridade, polo que non sempre se recurría a esta axuda de bo grao[648].

---

[646] Entrevista a A.B.N., parroquia de Matodoso (parroquia nacida da colonización da Terra Chá), concello de Castro de Rei

[647] Algúns comentarios do bo "negocio" que resultou a colonización co correr dos anos para a xente que se instalou alí foron recollidos dos testemuños orais da xente da zona. Entrevistas a M.E.I.I., de Reigosa, A Pastoriza e a F.V.A., de Roás, Cospeito. Esta última comenta que "... [Franco] aparcelou todo... viñeron máquinas americanas e fixo as colonias... dalí do pueblo non foi nadie... *despois pesoulles* porque era pouco a pagar... trouxo xente de sitios deses montañosos que eran pobres...". A cursiva é nosa

[648] Sobre o potencial alienante e reeducador de Auxilio Social e outras institucións benéficas e relixiosas nos nenos fillos de "perdedores", vd. VINYES, R. et ali.,(2002), *Los niños perdidos del franquismo*, Barcelona, Plaza y Janés

AS é o resultado da unificación das diferentes obras benéficas creadas despois do golpe de Estado e beneficiarias do Fondo de Protección Benéfico Social. Dende a súa constitución en outono de 1936 como "Auxilio de Inverno", unha vez máis imitando as iniciativas italiana e alemá, foi fonte das ansias de control das diferentes familias franquistas: jonistas, falanxistas e católicos que, nesta orde, ostentaron o seu liderato. Non era para menos, xestionar esta entidade supoñía ter baixo titela un ente que posibilitaba un nivel de control social importantísimo e, ao mesmo tempo, facerse co prestixio social derivado de ser o "sorriso amable" (Cenarro, 2005) do réxime favorecendo a adhesión social. Porque, ante todo, AS é unha operación de imaxe do réxime e así o demostra a súa repercusión mediática, exponencialmente máis importante que as súas consecucións reais. Así, ao igual que as OS xa vistas, conqueríu xerar tanto colaboradores "de conveniencia" como, sobre todo, de "providencia" resultando un eficaz instrumento político do réxime.

Pedro Carasa concluíu que a obra de AS a penas si chegou ao rural converténdose nunha organización eminentemente urbana[649]. Alén disto, se temos en conta que nos primeiros anos da súa existencia centrou a súa acción na intendencia das frontes durante o conflito e inmediatamente despois nas zonas que permaneceran por máis tempo fieis á República, co fin de socializar a vitoria, temos que Galicia non constituíu unha zona de interese prioritario para AS. Aínda así, o reparto de racións a través de comedores infantís e comedores de hermandade, xunto a varias actuacións no relativo á Obra Nacional-Sindicalista de Protección á Nai e ao Neno, foron accionadas polo réxime en relación coa consecución dos fins da súa política demográfica, dar de comer a nais e nenos para que sobreviviran e foran sans como a "fortaleza" da nación esixía[650]. O traballo da organización das tarefas de consecución de fondos e posta en marcha dos servizos quedaba en mans das mulleres que, de forma obrigada, debían participar no Servizo Social durante seis meses. O carácter obrigatorio da cooperación casa coa intencionalidade de AS de "controlar", pois alén de aleccionar aos beneficiarios das súas accións benéficas, conseguía adoutrinar ás mulleres de entre 17 e 35 anos que prestaban servizo. Unha medida moi relevante, primeiro pola consecución de man de obra gratuíta, e segundo, e sobre todo, porque se reparamos na idade das colaboradoras vemos que son elas as chamadas a ser as "garantes" de que as familias que se consolidaban seguiran as directrices buscadas polo réxime en canto a demografía, moralidade, comportamento, etc. e as que servirán de modelo para asentar o que debera ser a ollos do sistema o papel a desempeñar polo xénero feminino. Por isto entendemos que alén de reparar nas cifras de asistidos e de fondos económicos empregados, é imprescindible para poder valorar o seu papel na sociedade dos primeiros anos de franquismo, subliñar a súa tarefa con respecto ao aleccionamento das mulleres do Servizo Social, en moitos casos homóloga da desempeñada polo Servizo Militar para os homes[651].

[649] CARASA SOTO, P., (1997), "La revolución nacional-asistencial durante el primer franquismo ... *op cit.*

[650] Sobre a retórica que guía esta Obra Nacional de Protección á Nai e ao Neno, vd. MOLINERO, C., (2006), *La captación de las masas... op cit.*, pp. 165-168

[651] Coincidimos con Inmaculada Blasco na súa apreciación sobre o papel convencional e nada rupturista da muller nestas institucións benéficas cando di que "mentres os homes e os movos do apostolado seglar se mobilizaba na fronte nos chamados Centros de Vangarda, as mulleres e os mozos de Acción

Para Galicia non existe un traballo rigoroso como fora de desexar sobre AS que permita seguir a súa tarefa no marco de despregue de cartos e recursos humáns ou o grao de implantación e de adhesión acadado vía realización de actos benéficos. Trátase, sen dúbida, dun dos aspectos máis necesitados dunha profunda investigación. Contamos, porén, cunha primeira aproximación ao caso da provincia de Pontevedra nos primeiros anos corenta e con algunha información para comarcas determinadas que pode resultar significativa do sucedido no conxunto de Galicia[652]. Xoán González, autor do estudo para a provincia de Pontevedra, sinala que detrás da intensísima obra de propaganda que sostiña a conciencia do significado da entidade, houbo mínimas consecucións e o motivo está especificamente no que xa tiña reparado Mónica Orduña, o "cansanzo" da sociedade e que o autor nomeda como "a crise do modelo de financiamento de Auxilio Social tal e como se tiña practicado na guerra" (González Leirós, 2001:398). Sostén que en época de guerra, polo tanto, entendidas como colaboracións puntuais, as cuestacións eran asumidas pola poboación pero como fórmulas cotiás de recadación non resultaron efectivas converténdose nun espazo de "evasión" para os sostedores. Éstes atopábanse no conxunto dos grupos sociais aínda que de xeito un tanto específico. Para os grupos máis humildes o sistema de colaboración establecíase a través de cuestacións públicas. A suscripción da Ficha Azul era o instrumento extractivo artellado para as clases medias e os donativos e subvencións quedaban para institucións e elites económicas[653].

Outros motivos uniríanse a este "cansanzo" para propiciar a diminución continuada dos fondos económicos de AS: o mantemento da política de cupos e o racionamento e o empeño ordenancista da entidade que a fixeron impopular. O primeiro deles deriva tanto de que á poboación chegaban uns racionamentos escasos, inestables e de pouca calidade como de que o propio cupo de AS estaba incluído nos cupos oficiais para a provincia, polo que cando algún produto sufría problemas de distribución ou nin sequera era retirado polas autoridades provinciais, AS tampouco os percibía. Como comentamos ao falar da "fame neghra" o racionamento adoecía dunha boa distribución

Católica implicáronse en múltiples maneiras na retagarda, no apoio aos rebeldes é a igrexa...Esta mobilización non desafiaba, en principio as definicións convencionais de xénero, xa que constituía, e asi foi presentada, unha prolongación da súa tradicional ocupación en tarefas de caridade, un despregamento das súas capacidades femininas e unha forma de expresar e fomentar o patriotismo esixido ás militantes católicas do servizo". Unha postura coincidente coa expresada por Mary Nash, cando se pregunta sobre a influencia da mobilización feminina e sinala, "¿Hasta que punto significou unha redefinición das relacións de xénero ou un avance decisivo na estratexia colectiva a favor da igualdade e os dereitos das mulleres? No caso da Guerra Civil española, parece que a imprecisión dos espazos público e privado, aínda que de profunda significación social, fixo pouco por modificar os roles de xénero básicos". BLASCO HERRANZ, I., (2003), *Paradojas de la ortodoxia. Política de masas y militancia católica femenina en España (1919-1939)*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, pp. 295-297. NASH, M., (1999), *Rojas. Las mujeres republicanas en la guerra civil*, Madrid, Santillana, p. 213.

[652]Referímonos a GONZÁLEZ LEIRÓS, X., (2001), "Expansión de la miseria y auxilios de Falange... *op cit.*; para a comarca de Valdeorras, vd. GARCÍA YÁÑEZ, (2005), *O Barco e a Terra de Valdeorras...op cit*, pp. 96-100

[653]É o que Pedro Carasa denomina unha "recadación de fondos orgánica reflexo dunha mobilización social xerarquizada". CARASA SOTO, P. (1997), "La revolución nacional-asistencial, ...*op cit.*, p. 103

e era habitual que certos produtos como arroz ou legumes, aceite ou azucre non foran repartidos durante meses.

Segundo os dados de Xoán González, AS na provincia de pontevedresa sofre un acudado proceso de deterioro ao longo dos anos corenta, soamente paliado por intentos de reactivación entre 1943 e 1945. Nos primeiros anos da década o desabastecemento de AS é tal que as circulares sinalan a necesidade de celebrar o Nadal con moito entusiasmo pero sen que iso implique un aumento do consumo dos seus asistidos. Acaban por pecharse cinco comedores a principios de 1941 por falta total de existencias e para poder acadar unha ratio de 1,20 ptas/día por asistido deuse de baixa a unhas 600 persoas entre nenos e adultos atendidos nos comedores de hermandade da provincia. Entre finais de 1941 e principios do ano seguinte liquidáronse outros dous comedores e rexistrouse unha nova redución do número de asistidos. En números o labor de AS na provincia a altura de 1942 resúmense en:

Asistencias en comedores infantís:	20.460
Asistencias nas cociñas de hermandade:	28.520
Asistencias totais:	48.980
Gastos totais:	39.015 ptas
Ingresos Ficha Azul e postulacións:	11.234,05 ptas.

Esta decaída non é particular do caso pontevedrés, senón que sucede a nivel estatal. Dende 1942 a redución dos ingresos provocou que se pasara a un sistema de exaccións indirectas non voluntarias que se establecerá na década dos cincuenta. Como a Cuota polo AS de 1958 que incrementaba unha peseta as consumicións de bebida e comida, ou a institucións do Día do Prato Único ou o Día sen postre, nos que se establecía unha reducción das comidas tomadas en restaurantes pero non o pago do menú, co que o diñeiro entregado a maiores polo comensal suporía un donativo para AS.

A situación segue en declive ata o ano 1943, cando o novo Gobernador Civil da provincia, Genaro Riestra Díaz, ocupa o seu cargo. Este dá conta da existencia de 19 comedores infantís e 15 de hermandade, ademais do Xardín Materno e o Centro de Alimentación Infantil como consecucións de AS ata ese intre. Dispensábase atención a 2.256 asistidos, o que supoñía un gasto de 106.126 ptas. Tendo en conta que os ingresos son por Ficha Azul eran de 22.000 ptas e por cuestacións de 25.000 ptas., AS en Pontevedra era deficitario (máis de 55.000 ptas mensuais). Este empobrecemento e a reducción do número de subscritores, que se dan de baixa (as subscricións de maio de 1944 a penas sobrepasan as 20.000 ptas), non impidiu que o novo rexidor provincial insistira en que "¡non importa!... temos que lograr que o Auxilio Social desta provincia sexa un exemplo en España" (González Leirós, 2001:404). E, consecuente con esta actitude, vanse instalar na provincia dous centros enmarcados dentro da Obra de Protección á Nai e ao Neno. O Centro de Alimentación Infantil de Vigo, inaugurado con grande boato en xuño de 1944 e o Fogar de Aprendices provincial, a instalar na cidade de Tui. Este último ilustra á perfección a diferenza entre o publicitado e as obras reais de AS. Segundo as intencións das autoridades, publicitadas reiterativamente na prensa provincial, previíase a compra dunha gran finca, a construción de edificios e a instalación de talleres de todo tipo (forxado, carpintería, electricidade, mecánica,

horticultura, etc.). Tamén se aspiraba por parte das autoridades franquistas a que no internado existira un museo e un arquivo. A inauguración, pensada para 1945, non foi posible ata decembro de 1950 e, debido a problemas co orzamento, non abriu as súas portas como Fogar de Aprendices, con talleres, museo e arquivo senón como un Fogar Infantil.

A realidade non subscribía discursos nin publicidade. A situación do AS en Pontevedra en 1945 é insostible e así se mantén ata que en xullo de 1946 se procede ao peche de todos os comedores, salvo o da capital e o de Vigo.

Unha fasquía que presenta AS en Galicia nas primeiras décadas de existencia e que se perfila co dito ata agora, compartida como vimos coa maior parte das OS, é o seu carácter netamente urbano. A totalidade dos sostidos e a meirande parte dos sostedores son habitantes das cidades ou, como moito, vilegos. Así, non é estraño que as súas iniciativas se sitúen neste espazo. Por exemplo, os comedores da provincia de Pontevedra radican en Vigo e Pontevedra, igual que as cociñas de hermandade, se ben amplían o seu radio a vilas como Sanxenxo, o Xardín Maternal está sito en Tui e o Centro de Alimentación Infantil tamén está na capital da provincia.

É probable que unha investigación detida de AS nestes anos matizara un pouco esta conclusión. Sobre todo se temos presente que o "hinterland" rural que rodeaba ás vilas era moi permeable ás accións acometidas nestas. Así, non podemos desbotar a influencia positiva que en toda a zona de O Barco e Valdeorras, por exemplo, tiveron as consecucións de AS nas vilas. Neste caso foron as "Mulleres ao servizo de España" as que a mediados de 1939 abren os primeiros comedores cos que conta a provincia de Ourense e crean o servizo de "Auxilio en Frío", adicado a dar bocadillos á poboación máis necesitada, orfos e viúvas de campaña e pobres[654]. Do mesmo xeito, tendo en conta que en 1940, e ligada á Hermandade da Cidade e o Campo, xurdiu o Corpo de Divulgadoras sanitario-rurais podemos intuír unha maior pegada de AS no rural[655]. Trátase dun corpo dentro da Sección Feminina adicado a levar os beneficios do labor asistencial e o adoutrinamento ás aldeas e pobos rurais que quedaban fóra dos circuítos dos comedores establecidos nas cidades. Un dos seus maiores obxectivos vai estar en reducir a elevadísima mortalidade infantil existente, seguindo sempre os ditados da política demográfica do réxime, polo que realizan campañas de alimentación infantil, hixiene, vacinación, etc. e educación das nais en aspectos de puericultura. Caridade, propaganda e control social das familias e das mulleres ían, como noutras ocasións, da man. O reparto de canastillas, medicamentos estaba vencellado á realización de discursos imbuídos en retórica franquista e da inspección e rexistro dos membros da familia, da situación dos nenos, etc.

Como advirte Rosario Sánchez, "estas mulleres foron unha eficaz ponte tendida entre as xentes máis humildes e o Estado con maiúsculas, provocando unha adscripción ao réxime baseada máis no agradecemento emotivo (pola solución de problemas particulares) que no coñecemento da realidade política. Na súa tarefa, as asistentes sanitario-rurais da Sección complementábanse con Auxilio Social, a organización es-

[654] GARCÍA YAÑES, F., (2005), *O Barco e a Terra de Valdeorras... op cit*, p. 98-99

[655] Sobre o seu labor e configuración, vd. MOLINERO, C., (2006), *La captación de las masas...op cit*, pp. 169-185

tatal encargada da beneficencia pública que ata a desaparición das cartillas de racionamento en 1952 se encargará de distribuír os cupos de alimentos aos máis necesitados, facendo proselitismo político ao tempo que mitigando algo as miserias da poboación e tentando abrir nas súas cabezas os principios de "xustiza social" e "solidariedade cristiana" que lles brinda o réxime, xunguindo perfectamente no seu seo o nacionalsindicalismo e o nacionalcatolicismo..." (Sánchez López, 1990:34). Non temos dados, alén da fonte oral, para subscribir esta afirmación para o caso galego. Segundo os testemuños recollidos as Divulgadoras foron unha realidade allea nas parroquias rurais ata os anos sesenta en que se volveron populares as "semanas de convivencia" entre elas e as mulleres e nenas galegas. Os recordos ilustran a aseveración de Rosario Sánchez no senso do "agradecemento emotivo" que o seu labor desperta. As daquelas rapazas recordan con afecto a aquelas mulleres de uniforme que lles ensinaron varias recetas de cociña, un punto de calceta que non coñecían, que lles facían facer ximnasia, etc. pero que, na memoria, non eran sentidas como un elemento propagandístico do réxime nin de control porque "non discursos nin nada daban", "eu non recordo nin que levaran o xugo e as frechas... non sei pero de Franco non falaron", "aquelo non era nada político, era libre, tu ibas se querías e se non nada", "os cursillos estaban moi ben, aprendías cousas e así... eu non recordo que comentaran nada sobre Falange nin deso"[656]. O dito, resultaron unha ponte eficaz de relación Estado-sociedade rural que deu protagonismo á Sección Feminina e logrou recoñecemento social pero, insistimos, non nos primeiros tempos do franquismo, senón nos últimos anos cincuenta e, sobre todo, na década dos sesenta.

Outra operación benéfico-política levada a cabo polas autoridades franquistas por medio de AS e tamén a través de entidades relixiosas como parroquias ou diferentes fundacións (Acción Católica, Conferencias de S. Vicente Paúl ou a Nosa Señora da Merced e Redención, etc.) e que deixou certa pegada no rural galego foi o aguinaldo de Nadal[657]. Este suministro simbólico extra que recibían, en teoría, as familias con máis penurias económicas, ten igualmente unha finalidade propagandística e política, subliñadora unha vez máis da xenerosidade do réxime e das institucións que o sostiñan. Tantos os encargados de entregar o aguinaldo como os lugares establecidos para tal fin nas aldeas ilustran este obxectivo. Nas aldeas os lotes, xeralmente compostos de comida e en certas ocasións de prendas de vestir (medias, pañuelos, etc.) e envoltos usualmente en bolsas ou envoltorios onde se podía ver claramente os emblemas falanxistas do xugo e as frechas, o reparto facíase nos locais de Falanxe e era levado a cabo

[656]Extractos de conversas con M.E.I.I., de Reigosa, A Pastoriza; J.F.L., de Matodoso, Castro de Rei

[657]Xoán González ofrece información detallada sobre a operación de "Nadal dos Humildes" que se levou a cabo nos primeiros anos corenta na provincia de Pontevedra na que se pode ver, unha vez máis, a predilección por realizar esta obra caritativa nos principais centros urbáns (Pontevedra e Vigo sobre todo, Vilagarcía e Marín), aínda que a busca duns maiores rendementos publicísticos levan a facer repartos na illa de Ons, na ría de Pontevedra, onde era de dominio público a precariedade de servizos existente. Alí, segundo recolle o autor da prensa provincial, un representante de Falanxe e o Gobernador Civil repartiron en decembro de 1944, 600 lotes de víveres que demostraban "plenamente que Falanxe e os seus homes sinten verdadeira preocupación por estas sufridas xentes, que ven transcorrer a súa vida no medio de grandes privacións". GONZÁLEZ LEIRÓS, X., (2001), "Expansión de la miseria y auxilios de Falange..."*op cit*, pp. 407-418. Cita concreta sacada da p. 416

polo triunvirato local: xefe local do Movemento, alcalde e cura párroco. Estes eran ademais os que compoñían a comisión recadatoria, co cal se convertían, outra vez, no que tanto poder lles confería, repartidores de beneficios nunha época de escaseza. Neste senso por iso anteriormente diciamos o de que "en teoría" eran as familias máis necesitadas as que recibían este aguinaldo pois, en realidade, temos constancia de que unha vez máis o reparto deu pé ás autoridades locais para favorecer a amigos e castigar a inimigos, independentemente da súa condición económica[658]. Como todo servizo do franquismo a corrupción definía a posibilidade de acceso ao mesmo.

Recapitulando sobre a "obra social franquista" e a súa relación coa sociedade rural galega podemos concluír que, por unha banda, estamos ante un dos maiores entes xeradores de consentimento cara o sistema político e, pola outra, que se trata dun éxito de socialización tardío xa que a falla de medios económicos e humáns, fixeron que os beneficios chegaran ao espazo rural andada a década dos cincuenta. Pero os límites desta actuación son evidentes e o máis claro é que non conseguiu consentimento activo máis que nun porcentaxe pequeño da poboación. O maioritario é un consentemento pasivo que deixou espazo para o disenso (negativa a acudir as concentracións e actos das diferentes Obras Sindicais), nunha pasividade que o réxime non buscaba e que estaba moi relacionado co grao de represión, control e corrupción que acompañaban á "obra social" franquista. Un aspecto a ter en conta é que esa xeración tardía de consentimento, en tanto que tardías foron as actuacións referidas ao rural, non conlevou unha socialización dos principios falanxistas por esta vía, como si aconteceu noutros lugares da xeografía española onde o Partido Único desenvolveu o seu labor de maneira máis temperá ou mesmo nas cidades galegas, como vimos de ver sobre todo para a provincia de Pontevedra. Na memoria Falanxe sigue vencellada coa represión para nada coa obra social do franquismo. O contrario que pasa coa Sección Feminina, que si sacou réditos das súas actuacións no que atinxe á memoria pero, insistimos, enmarcada sobre todo na década dos sesenta e moi escasamente nos últimos anos cincuenta.

6.3.3 A colaboración-providencia

Xunto a coerción social exercida, as autoridades franquistas tamén procuraron lexitimar a ditadura encadrando política e ideoloxicamente á poboación no Novo Estado mediante mecanismos de socialización política, que máis que a mobilización de masas, pretendían conseguir a aceptación pasiva dos supostos valores fundamentais do franquismo. Tres estratexias foron seguidas por parte do sistema político franquista para xerar colaboración-providencia: a manipulación ideolóxica, baseada na propaganda positiva sobre os seus logros e a publicitación dunha imaxe negativa da oposición; as operacións de interiorización de modelos e pautas acordes co sistema, no que o

[658]Na parroquia de Friol, unha das beneficiarias do aguinaldo era unha rapaza dunha familia ben considerada polas autoridades locais do concello que non pasaba polos apuros económicos doutras familias da parroquia máis ben ao contrario. Neste caso que apuntamos, o aguinaldo coincidía co Nadal e por iso respostaba ao nome de "os reis". A recollida "dos reis" facíase na cidade de Lugo, moi próxima ao concello de Friol e o lugar de reparto era a Catedral. Entrevista a B.G.L., da parroquia de Friol.

ensino ten un lugar preferente, pero tamén organismos como a Sección Feminina; e, finalmente, as accións para a creación da súa "obra" social que, como vimos de mencionar, serviu sobre todo para o control social e a consolidación de grupos afíns ao réxime en tanto que beneficiarios del. Pero non pode esquecerse tampouco o seu papel como creador de "consentidores convencidos". Nas primeiras dúas décadas de vida do réxime, ás que se circunscribe o noso estudo, medios de potencialización do consentimento como a escola ou o encadramento empezaron a dar os seus froitos, pero sobre todo funcionaron outras canles máis informais para que a orde política franquista persistira.

O réxime franquista contruíuse arredor dun proxecto político baseado nun universo simbólico e nun imaxinario popular colmado de exaltacións de carácter tradicionalista, católicas e reaccionarias, empregando de maneira pródiga simbolizacións estendidas xa no imaxinario coletivo do campesiñado. Isto provocou que amplos sectores deste se viran atraídos polos ideais de rexeneración nacional, patriotismo e catolicismo, converténdose así en soportes e apoios do novo Estado saído da guerra civil. Evidentemente, a "colaboración" baseada no convencemento é a que está máis próxima á "adhesión", é polo tanto, un paso alén da adaptación, polo que a súa aprehensión se dificulta enormemente. A divisoria trazámola entre aqueles que, mesmo convencidos polos principios do franquismo (reais ou discursivos), non participaron de facto na organización e instauración do réxime, de xeito que, non se contaron entre os cadros dirixentes de Falanxe nin nos órganos políticos da ditadura franquista na súa etapa fundacional, que entendemos como "adaptados" no senso da "colabaración-providencia", e aqueles que si participaron nestes órganos ou corpos franquistas, mostra dun apoio propio de "adeptos" ou "afíns". O salto cualitativo entre uns e outros é evidente e, como tal, foi sancionado socialmente.

6.3.3.1 Filas e trincheiras: lugares para o adoutrinamento e o convencemento

Un papel moi destacado para o adoutrinamento nos principios do réxime e na creación de consentimento franquista foi a participación de moitos campesiños na guerra e, posteriormente, no servizo militar. Os dous serviron de plataformas de conversión, primeiro, do persoal mobilizado e, posteriormente e, a través deste, das súas familias e grupos de sociabilidade. A incorporación a filas foi masiva en Galicia, conceptualizada como un "viveiro" de tropas franquistas xunto a Navarra e a Marrocos, polo que importantes continxentes de poboación masculina do rural entre os 18 e os 30 anos entraron a formar parte dos destacamentos do exército sublevado e, con iso, foron obxecto de adoutrinamento. As informacións recabadas indican que esta incorporación non responde maioritariamente ao fervente desexo de servir á causa dos sublevados, que tamén, senón que estaría máis en relación co éxito das campañas de propaganda dos sublevados, que a través da prensa e da radio enxalzaban o papel do exército de maneira retórica. Dentro desta campaña en Galicia destaca o labor de arenga que dende os púlpitos levaban a cabo os curas rurais. Os seus discursos foron un elemento primordial de mobilización dos mozos do rural. Ademais, na incorporación a filas hai que ver a ansia por evitar o castigo por deserción e a problemática que

levaba aparellada a fuxida. Noutras ocasións a incorporación a filas ou aos corpos de voluntarios como a "Lexión Galega" ou as diferentes "Bandeiras" eran vistos como un trampolín de salvación para persoas adscritas a organizacións filoesquerdistas. O líder galeguista Ramón Piñeiro nas súas memorias comenta,

> "fun sabendo tamén do asasinato de Ánxel Casal e de moitos outros compañeiros do Partido. Entón chamaron á miña quinta a filas e incorporeime ao exército, que era a mellor maneira de salvar a vida naquelas circunstancias" (Piñeiro, 2002:56)

Nalgunhas ocasións non se trataba dunha decisión particular senón dunha mostra de represión. Felix García non seu traballo sobre a zona de O Barco e Valdeorras comenta as prácticas coactivas que usaron os falanxistas e lexionarios ourensáns para engrosar as filas castrenses dos sublevados. Segundo comenta este autor, un grupo de lexionarios percorreron a provincia e recavaron información nas diferentes localidades sobre o pasado esquerdista ou antecedentes sindicais dos veciños, en colaboración coas novas autoridades locais e as milicias dereitistas. Identificados estes, a Lexión ofrecíalles a inmunidade a aqueles denunciados que se incorporasen, sinalando ademais "que para os desafectos ese era o mellor xeito de manifestaren o cambio de ideas", igual que a oportunidade dos fuxidos de primeira hora para redimirse (García Yañez, 2005:78).

Á hora de entender a participación no continxente bélico como elemento de consentimento debemos ter presente que moitos soldados tiñan unha idea sesgada da guerra ao ter tomado parte só en accións menores[659]. O recordo do compañeirismo, dos sitios novos aos que se vai, das mozas, etc. enchen as memorias dos que non entraron en combate directo. C.A.P., labrego de A Pastoriza, tiña 25 anos no 1936, polo que tivo que incorporarse a filas. Esto sucedeu en marzo do 37, momento a partir do que estivo en diferentes lugares "sempre como sanitario": Coruña, Asturias, Teruel, acabando a guerra en Castellón. Cando conclúe a súa opinión sobre aquela época sinala que "...non o pasei mal"[660]. Outros, pola contra recordan a barbarie e o horror da guerra, que recoñecen lles minou a conciencia ata o punto de sentir aos membros do bando contrario como verdadeiros criminais, merecedores de "pagar" pola situación de guerra existente[661]. O resultado das dúas experiencias redundou en calquera caso a favor do franquismo. Nun por non chegar a conceptualizar a guerra como a experiencia terrible que é e albiscar aspectos positivos da mobilización; no outro por conseguir unha identificación do bando que loitaba pola legalidade republicana como "inimigo".

---

[659] As unidades de choque estaban formadas polos voluntarios falanxistas e carlistas, polas tropas coloniais e polas unidades alemás e italianas. MARTÍNEZ BANDE, J.M., (1990), *La lucha por la victoria*, Madrid, Ed. S. Martín

[660] Entrevista a C.A.P., nado en Saldanxe, A Pastoriza

[661] Sobre a crise que na moral e na conciencia provocou a participación na campaña bélica serve como exemplo o comentado por Ramón Piñeiro nas súas memorias. O autor tamén recorda o papel da Igrexa a hora de pular o paso de campesiño a soldado. Relata como un día na fronte, preto de Teruel, as autoridades mandaron aos soldados do bando sublevado formar dentro dunha igrexa parroquial para oír misa e, como, durante a predicación incitaban a realizar un bo uso das baionetas, conceptuadas como elementos "entrañables", vd. PIÑEIRO, R., (2002), *Da miña acordanza. Memorias*, Vigo, Galaxia, p. 60

Ademais, para moitos a guerra e o servizo militar eran vistos como unha ocasión para saír das aldeas e conquerir formación. Pedro, de A Ulfe, conta como fixo o servizo militar en Ferrol, en Infantería, e esa foi a primeira vez que saíu da súa aldea e zonas dos arredores

> "eu non fora nunca ónha capital... O servicio habendo guerra cousa boa non é, pero se non a houbera sería unha cousa mui boa, pois asta aprendes educación, aprendes a falar coa xente, aprendes moitas cousas, asta nas teóricas que che daban os xefes aprendíase moito. Ademais o Ferrol é mui bonito" (Varela, J., 2004: 54).

O emigrante á Arxentina J. Puga, labrego orixinario da parroquia de Marce (Sober), ao falar das mulleres que emigraron a América dende Galicia nos anos cincuenta nas súas memorias, asume que se ben "tíñase superado o complexo de que aprendían a ler para escribirse co noivo, e asistiran ao colexio igual que o outro sexo", non estaban tan formadas como os homes porque "non foran a guerra nin tiñan feito o servizo militar" (Puga, 1988:157). Outro emigrante, Luis Varela, nado en S. Tirso de Vilanova (Malpica) en 1928 e que chegou a Bos Aires no 1952, tamén ten claro este parecer nas súas memorias,

> "no ano 1948, a patria convocoume para facer o servizo militar... na Mariña de Ferrol... Na explanada do cuartel de instrución fixéronnos formar a todos os reclutados, agrupados por rexións... ¡Den un paso a fronte os que teñan título de bachiller!...¡Den un paso a fronte os que sepan ler e escribir ben"...¡Que tristeza foi para min ver que eramos tan pouco instruídos os galegos ao lado dos vascos!... Naquel momento sentínme menos que un piollo...e para colmo, a maioría non sabía escribir nin ler se algunha carta recibía....Antes de deixar a mariña, despois de ter cumprido 23 meses ao servizo da patria, debo recoñecer que naquela institución tan disciplinada enseñáronnos a conducirnos como cidadáns dentro dunha orde como corresponde a toda civilización. Non digo que non existan otros mellores medios de formación que os militares, pero cando menos os galegos non tiveramos acceso a nada mellor"(Varela, L., 1996: 40-43)

Aínda que referido a outra problemática, a da emigración rural, o mesmo Salas Pombo non deixa de recoñecer o influxo da experiencia vital que a participación na guerra tivo para os labregos galegos e nas conclusións do Congreso Agrícola de Galicia de 1944 fai referencia a que,

> "os soldados que combateron con heroísmo ao inimigo (e ao longo da nosa cruzada de liberación) tiveron relación coas rexións máis cultas de España... o campesiñado que só comía os días de feira... tivo ocasión de coñecer as vantaxes dun nivel social ao que él non podía aspirar"[662].

[662] Citado en BERNÁRDEZ SOBREIRA, A., (1999), *Planificación agraria... op cit*, p. 65

A experiencia da guerra nas trincheiras, cun sufrimento común e un inimigo común, camaradería e adoutrinamento político, puido ter xogado un papel importante no cambio individual dos mobilizados do rural, ata convertertelos mesmo en activistas franquista, como algunhas memorias revelan, superando así os lindes da adaptación[663]. E, inclusive, converteunos en publicitadores do réxime entre os veciños,

> "a totalidade da xente nin era de izquierdas, nin de dereitas, nin anti-Franco, pero pasados tres ou catro anos os soldados que habían intervido na guerra viñan contando batallitas: nos tomamos aquela colina, nos matamos aqueles, aqueles eran rojos... casi casi me atrevo a decir que como os que regresaban había sobrevivido á guerra eran do bando que habían ganado, contaban as súas batallitas e eso se estendía polas aldeas e case vían a Franco como un héroe... como un salvador"[664]

Neste senso atopamos nos testemuños orais un grupo representativo de "publicitadores". Como o de A.B.N., que fixo a guerra dende o primeiro momento e estivo na fronte de Asturias, "pero paseino peor en Teruel e no frente de Madrid, en Burgos o frío era infernal... pero non o pasei moi mal", que amosa o alto grao de asunción dos "mitos" franquistas. Asume que a carestía de posguerra foi causada polas desfeitas que a guerra provocara, "evidentemente", por culpa dos "rojos" que queimaran e asolaran "comarcas enteiras por Valencia e Aragón e todo por aí". Dá conta tamén de que "sabe Dios o que roubaron e sacaron de España nos barcos eses republicanos, ouro e de todo en barcos". Neste contexto, interpreta que o racionamento era unha política aquelada para acabar coa fame froito da boa intención e inxenio de Franco e que "con Franco foron a mellor e a mellor as cousas pero con dificultades e traballando moito, pero foinos indo"[665]. Os discursos e doutrinas franquistas de cuarteles e trincheiras non caeron en saco roto senón que combatentes e excombatentes que os asumiran como axiomas certos arrogáronse un papel de receptores convencidos e "primeiras espadas" do aparello publicístico franquista. A súa versión tiña moito peso entre a comunidade rural, pois entendíase que, na súa condición de protagonistas da guerra, eran coñecedores e transmisores veraces da realidade. Eles estiveran alí, eles oíran a Franco directamente, eles viran as atrocidades dos rojos, eles formaran parte das campañas bélicas heroicas, eles sabían da situación de maneira certeira e, polo tanto, eles puideron convencer mellor que calquera autoridade á poboación, aos seus veciños.

---

[663]NÚÑEZ SEIXAS, X.M., (2004), "New interpretations of the Spanish Civil War", *Contemporary European History*, 13, 4, pp. 517-527, p. 526. Nesa "conversión", pero á inversa, repara Víctor Santidrián, documentando casos nos que traballadores estacionais apolíticos que permaneceron no verán de 1936 na zona de Madrid, por imposibilidade de voltar ás súas casas, convertéronse en defensores da legalidade republicana vd., SANTIDRIÁN ARIAS, V., (2002), *Historia do PCE en Galicia, 1920-1968*, Sada, Fd. Do Castro

[664]Entrevista a A.M.P.B., parroquia de S. Pedro de Cambás, concello de Aranga

[665]Entrevista a A.B.M., Matodoso, Castro de Rei

6.3.3.2 Entre o cumprimento da legalidade e a "normalidade" dos despolitizados

Houbo individuos que consentiron co franquismo porque optaron por non cambiar pautas asumidas de ter un "comportamento legal" e decidiron respectar a lexislación vixente. Entendían que eran normas "lexitimas" e lexitimadas por vir do Estado e por non considerar a orixe deste palmariamente ilegal. "Foron os que gañaron" e "eran os que mandaban" acostuman a ser a explicación dada. A lexitimidade conquerida pola vitoria na guerra civil foi un forte potencializador do consentimento. Esta actitude acostuma a ir asociada ás ideas de "orde" e "xerarquía", señas de identidade de moitos comportamentos seguidos no rural galego. Unha fasquía que acerta a ver o Xefe Provincial de Falanxe en Lugo, que no seu informe sobre a situación da provincia en xullo de 1940, ao referirse ao "Tema 19. Ambiente do partido e xeral político" cando apunta que (como sempre facendo notar os tópicos arraigados nas autoridades sobre o campesiñado galego),

> "... a característica constante da política de todos os tempos na provincia de Lugo é a sumisión da opinión a quen manexa os resortes do Poder Público. Nesta terra nunca houbo unha idea ou un partido que fructificase fóra do amparo gubernativo. A división da propiedade, o fraccionamento da poboación en núcleos insignificantes e o desamparo tradicional no que se encontraba sempre o que non tiña protección persoal, obrigaba a todos a buscar na política un escudo para o seu desenvolvemento. A persoa ou partido que máis influencia puidera ter era o que dominaba en todo momento. En ningunha provincia como en Lugo teñen tanto valor os cargos de Alcalde, Xuíz Municipal, etc, onde os que exercen algunha autoridade son case dunha casta superior..."[666]

Este respecto á legalidade vixente non impedía unha visión crítica da realidade e mesmo a detracción de situacións como a de carestía, pero non deixaba dúbida sobre a necesidade de obedecer aos que gañaran a guerra,

> "...Eramos amigos do cura e da garda civil,... en Galicia eramos a maioría franquistas e estabamos orgullosos de ter ganado a guerra... Polas boas ou polas malas, brancos ou rojos, obedeciamos ao pequeno xigante aínda que nos matara de fame. Había que pagar as consecuencias da guerra e sen protestar" (Varela, L., 1996:51)

Un aspecto a ter en conta é que para moitos a penas si mudou nada entre antes e despois da guerra. Ritmos e formas de vida seguiron rexidos polo peso do traballo cotiá. Para habitantes de aldeas nas que non houbo mortos pola represión nin estaban relacionados con partidos nin organizacións de esquerdas as mudanzas foron tan pequenas que non impuxeron unha toma de postura en contra do novo réxime. Máis

[666] AGA. Presidencia. Parte de xullo de 1940. Informes da Secretaría Xeral do Movemento por Provincias. Lugo. Caixa 51/20533

aínda, as únicas novas que chegaban eran as que contaban as autoridades ou os cregos co cal a asunción do discurso dos sublevados viase facilitada. Para algúns a guerra e as represalias da posguerra eran pouco máis que un conto lonxano, un rumor sobre o que acontecía nas vilas e noutros pobos. Camila, dunha parroquia do concello lugués de Chantada, conta como

> "despois da guerra non houbo desgracias, en Vilaúxe non mataron a nadie... eu oía contar de nena que había líos. Na Ulfe, daquela non se oía nada, o primeiro, non se lía, entonces, que cousas sabías?...sabías o que che decía o cura, o don Teolindo que estaba a favor de Franco..." e que "despois da guerra pasaba xente pola Ulfe e pola Lagoa, pero nunca se chegou a saber quen eran... pero decían que eran huídos..." (Varela, J., 2004:33)

Así pois, pode afirmarse que nos primeiros tempos do goberno franquista, a vida diaria dunha parte da poboación rural a penas sufriu alteracións, e é máis que probable que ese mecanismo interrrumpido da existencia cotiá actuase como inhibidor de condutas opositoras ou de resistencia. Para os que quedaron imbuídos dentro desa "normalidade", o período non resultou nada excepcional, máis ben foi interpretado como unha forma de continuidade. Estariamos ante o que Jordi Font denomina "pasividade condescendente" e que, na nosa opinión, é unha actitude vencellada con suxeitos que en etapas anteriores careceron de espazos de politización, é dicir, non participaron da vaga artelladora e politizadora que se deu a nivel xeral durante a República. A despolitización ou, en puridade, a falla de politización traduce no fondo unha desmobilización sen custos e unha adaptación doada.

Para explicar a adaptación destas persoas que non entenden que a imposición e institucionalización do réxime franquista mudara nada na traxectoria política xeral, debemos ter presente que a politización non chegou a todos por igual e que nas zonas rurais onde as organizacións agrícolas de esquerda non penetraran, a República non foi asumida como un período anovador e democrático. Isto é, o franquismo non se sinte como rachador no senso de que a República non foi percibida como mudadora da situación política nin social que lle precedeu. Para a provincia de Lugo María Xesús Souto expón que "as nosas investigacións sobre a República leváronnos á penosa conclusión de que os cambios institucionais e políticos que promoveu na provincia lucense, tiveron lugar con menoscabo dos aspectos democrático-electorais que os seus líderes propugnaban. Os distintos gobernos desta etapa, non eliminaron os mecanismos políticos e vicios electorais de réximenes anteriores, como o caciquismo, que seguiu vixente, sobre todo nos distritos rurais, que ao ser abrumadoramente maioritarios, afogaron o "voto verdade" dos urbáns... Ao igual que na Restauración ou na Ditadura Primorriverista, os Gobernadores Civís tiveron todo o poder sobre concellos e Deputacións, nomeando e destituíndo alcaldes, concelleiros e deputados provinciais ao antollo das autoridades do Goberno central" (Souto, 1999:11). Sen asumir a diferenciación entre rural/urbano que impón o argumento da autora, coincidimos en explicar boa parte das actitudes adaptaticias existentes pola falla de politización previa. A política seguíu amosándose durante os anos da República como unha realidade estraña para unha parte da poboación e, nese senso, o franquismo non traía novidade pexorativa ningunha na súa cosmovisión en tanto que sistema político.

6.3.3.3 A violencia como arma da lexitimidade e o mito da "paz de Franco"

A violencia tamén foi fonte de lexitimidade e de colaboración providencia, dentro do marco da manipulación ideolóxica que mencionabamos. Dende os seus inicios a ditadura construíu un discurso histórico, que se superpuña ao tamén poderoso mito da vitoria, sobre a violencia da guerra e da posguerra na que as súas accións aparecían como a xustiza absoluta e as dos vencidos como crimes aberrantes[667]. A experiencia común da violencia converteuse tanto nun motivo de exclusión social como unha fonte de lexitimación do réxime, ben a un nivel de inhibición e creación dun ambiente de medo paralizante, ben no nivel da conversión cos seus principios en razón de crear un ambiente dominado pola "orde" e a "seguridade". Como ten evidenciado Paloma Aguilar, o medo a que se puidera repetir a guerra era tal que boa parte da poboación aceptou a violencia franquista como un dano colateral e mesmo como unha necesidade para un ulterior ben maior[668]. Débese recoñecer, como apuntabamos ao sinalar que o franquismo gañara a batalla das palabras, que as "sutilezas" do discurso iniciático do réxime soubo calar nunha parte da poboación que chegou, incluso, a interpretar con ambigüidade casos de represión física e a interiorizar aos militantes de esquerda como verdadeiros "inimigos da patria"[669]. O franquismo soubo como publicitar o "Alzamento" e como buscar sitio para a violencia no seu discurso político en tanto que punto e final do "desorde" imposto pola República e inicio dunha ordeada "España nacional". A normalización da represión acabou sendo un foco para o consentimento na medida en que na opinión pública callou a idea de que ésta descansaba na loita contra a delincuencia e contra persoas situadas na marxinalidade.

Deste xeito, aínda que mesmo pareza un tanto paradoxal, se na violencia acadou o franquismo consentimento, no xiro discursivo e político dado a raíz da Segunda Guerra Mundial, é dicir, na non intervención tivo outro dos piares para a conversión da poboación. Para moitos, Franco foi o artífice da neutralidade de España na contenda mundial, o garante dunha paz moi desexada pola poboación, en relación directa con esa recuperación da normalidade que temos comentado, e esa condición reportoulle lexitimidade no seu cargo e confianza na súa xestión. É o"mito da paz de Franco" (Cazorla, 2002). Como indica un informe da Secretaría Xeral do Movemento referido á provincia de Lugo á decisión de non intervir "segue sendo moi favorable o comentario público, aínda polos sectores desafectos, facéndolles contínuos eloxios do acerto co que se dirixe a política exterior polo Caudillo e o seu Ministro de Asuntos Exteriores"[670].

Como atinadamente comenta Antonio Cazorla, o franquismo logrou construír arredor da paz un mito político de primeria orde no relativo á inclusión social. A imaxe pública coa que Franco saíu da Guerra Mundial foi a dun gobernante prudente

[667]BOX, Z., (2004), "Secularizando el Apocalipsis. Manufactura mítica y discurso nacional franquista: la narración de la victoria", *Historia y Política*, 12, pp. 133-160

[668]AGUILAR, P., (1996), *Memoria y olvido... op cit.*

[669]Estamos a referirnos a aqueles comentarios que ao recordar a morte violenta realizada por forzas franquistas ou afíns asumen para a vítima calificativos como os de "non era ben", "sempre foi algo raro", "pero creo que ese nalgo estivera metido", etc. que evidencian a interiorización da premisa franquista que igualaba a súa violencia con actos de xustiza e que, polo tanto, supoñen buscar unha explicación, por vaga que sexa, ás accións represivas.

[670]AGA. Presidencia. Informe da Secretaría Xeral do Movemento. Lugo. Caixa 51/20533

que coa súa intelixencia evitara unha nova guerra en España. Segundo este autor as razóns para o éxito deste mito son múltiples e variantes pero poden resumirse cumpridamente nas seguintes. En primeiro lugar, "a fácil acomodación do mito ás necesidades de estabalidade e normalidade dos españois fronte ás imaxes dun pasado de violencia, división e disrupxción da vida cotiá"; en segundo, a asunción por parte da poboación do negativa e inoperante que era a política, permitiu que a idea de neutralidade fora recibida con satisfacción; tercerio, os sentimentos nacionalistas, que non eran propios unicamente de franquistas, formaron un caldo de apoio propicio para o réxime ante as condenas internacionais e as trabas impostas a España dende o exterior; en cuarto e último lugar, debe repararse no exitoso labor efectuado polos medios de comunicación e o servizo de propaganda estatal que souberon convencer á maior parte da poboación sobre o efectivo papel de Franco para o mantemento da paz, conquerindo así a súa lexitimación social[671].

Alemaña conta con estudos como o de I. Kershaw no que se demostra e calibra a enorme efectividade acadada polo "mito de Hitler", que suplía incluso as carencias e impopularidade dalgunhas das institucións do Reich, do propio partido nazi e das autoridades. Peukert apunta tamén a trascendencia da "autoridade carismática" do Führer como elemento xerador de consentimento entre os alemáns. O seu mito funcionou como unha ponte no baleiro que existía entre o discurso positivista sobre o futuro que agardaba a Alemaña cos nazis e os desilusorio día a día do Terceiro Reich[672]. ¡Arriba Mussolini, abaixo o "podestà"! berraban nalgunhas manifestacións na Italia fascista dentro das protestas por "pan e traballo" que se sucederon en todo o sur do país e nas illas no período de Depresión (1930-1934). Sen dúbida unha combinación de lealdade e protesta deseñada para eludir a represión policial e protestar contra o labor das autoridades locais fascistas (moitos deles foron condenados por neglixencia ou inhabilitados para o servizo á comunidade), pero que non deixa de evidenciar que o "carisma" e o mito, adaptado, do "rei bo" e o "mal goberno", funcionou en todos os fascismos arrombando o consentimento[673].

Con Franco a situación non era de todo diferente. O seu "mito" reflíctese en que a súa figura quedaba fóra de moitas das críticas que recibían as accións e políticas do Estado. Como se comentou no caso de cartas de queixas sobre problemáticas que afectaban á poboación como a corrupción nalgún concello, a demanda dalgún servizo ou a queixa con motivo da carestía, ían moitas das veces dirixidas á súa persoa tanto pola intención de amolar ás autoridades con carácter máis local como pola usual consideración de que Franco non coñecía a situación real existente. A idea de que se Franco soubera as diferentes problemáticas causadas pola súa Administración as cousas mudarían amosa que a súa figura e o seu carisma, tantas veces exaltado pola

[671] CAZORLA SÁNCHEZ, A., (2000), *Las políticas de la victoria... op cit.*, pp. 224-225

[672] KERSHAW, I., (2003), *El mito de Hitler: imagen y realidad del Tercer Reich*, Barcelona, Paidós; PEUKERT, D., (1987), *Inside Nazi Germany. Conformity, Opposittion... op cit.*, pp. 67-78

[673] Sobre as manifestacións no caso italiano protagonizadas na súa inmensa maioría por xornaleiros (braccianti), vd. MORGAN, P., (1999), "The years of consent? Popular attitudes and resistence to Fascism in Italy ...*op cit*, p. 176

publicística e os medios de comunicación, operaba como elemento de consentimento entre a poboación.

6.3.3.4 Dous bastións: a igrexa e o discurso ruralista

Nos últimos anos os historiadores empezaron a subliñar o papel que xoga a linguaxe a hora de definir identidades sociais e políticas reclamando a súa condición de construcións culturais. Baixo esta perspectiva, os discuros léxicos ou simbólicos (base das ideoloxías), cumpren o propósito de dar un significado ou unha interpretación colectiva á experiencia social dun grupo social e, así, vencellar aos seus diferentes compoñentes sobre esa base[674]. Neste senso, e xa entrevendo un dos fundamentos da adaptación baseada na conversión, podemos inferir o potencial valor do discurso franquista, subliñando ata que punto a poboación rural estaba atrapada no discurso oficial e como este tivo un efecto paralizador da resistencia e, polo tanto, potenciador da adaptación. Zira Box ten amosado como o discurso fascistizado tivo unha capacidade de penetración que non debe ser minusvalorada, aínda que dentro dos lindes impostos pola situación de pobreza e desartellamento social do momento, unha opción que ratifican os últimos traballos de Carme Molinero e Ismael Saz[675].

Sería un erro chegar á conclusión de que a poboación rural era indiferente cara a nova cultura política emanada do franquismo. Alén da tarefa de erosionar o potencial que podería acadar a guerrilla ao accionar o "mito do bandoleiro", o franquismo ocupouse de levar a cabo un labor "constructivo" na súa relación coa poboación rural. Tendeu pontes culturais e de intermediación coas comunidades locais (caciques, igrexa, etc.) de maneira consciente, asegurando a través do seu discurso ruralista situarse dentro dos parámetros propios da sociedade rural e relegando á República a unha identificación demonizada cos principios da cidade e a industrialización. É subliñable, pois, o papel da ideoloxía ruralista do franquismo a maneira de "soberanía do campesiñado", útil para as necesidades económicas do réxime e para "convencer" e gañar a colaboración-providencia dos efectivos rurais. Isto entronca coa persuasión ideolóxica, principalmente a través da manipulación da xente mediante a propaganda e o ensino, cheos de demagoxia populista e modernizadora. É certo que despois da formación dos Estados fascistas a agricultura foi remitida conscientemente detrás da industria en termos de prioridades para o réxime, igual que en Italia e Alemaña, pero na imaxinería, no discurso fascista e no corpus propagandístico xogou un papel mobilizador nos

[674] Estamos a referirnos ao denominado "xiro lingüístico", unha liña interpretativa dentro da historiografía que, seguindo a estela da cuarta xeración de Annales e a súa preocupación polas mentalidades, observa as maneiras nas que a linguaxe contribúe a formación de identidades sociais e políticas, así como ao exercicio do poder. Un exemplo do énfase no estudo da linguaxe para aprehender mentalidades e experiencias dos "humildes", en FIGES, O.; KOLONITSKI, B., (2001), *Interpretar la revolución rusa. El lenguaje y los símbolos de 1917*, Madrid, Biblioteca Nueva-Universitat de València

[675] BOX, Z., (2005), "Pasión, muerte y glorificación de José Antonio Primo de Rivera", *Historia del Presente*, 6, pp. 191-216; SAZ, I., (2003), *España contra España. Los nacionalismos franquistas*, Madrid, Marcial Pons; MOLINERO, C., (2005), *La captación de las masas...op cit.*

casos alemán e italiano, e de retención do soporte campesiño, de adhesión pasiva no caso español[676].

Un exemplo do aproveitamento do discurso ruralista é o existente no réxime de Vichy, que contou co apoio dunha parte maioritaria do substrato campesiño reticente ao parlamentarismo polas repercusións da crise agraria sufrida nos anos trinta. *La terre, elle, ne ment pas* é unha das frases predilectas da doutrina oficial do réxime colaboracionista de Pétain. O papel de R.W. Darré, ministro de Agricultura nos primeiros anos da Alemaña nacionalsocialista, é quizáis o máis emblemático en canto a utilización do discurso ruralista. Destaca a súa retórica de *Blut und Boden* (sangue e terra), que incluía elementos ligados ao romanticismo agrario, no seu intento de introducirse nas sociedades agrarias existentes nos anos trinta, cando comezaba a organización propagandística do nazismo no agro. Darré recupera compoñentes da tradición reaccionaria do século XIX como a identificación de natureza, raza e nación, co que condenaba ao liberalismo e ao marxismo e criticaba a perda de tradicións asociadas ao campesiñado. As políticas máis senlleiras do nazismo como de colonización do Leste, a de reordenación do espazo mediante a reagrarización con explotacións de tamaño medio, a modificación dos sistemas de herdanza e a regulación do mercado estiveron sempre acompañadas nun discurso complacente cos labregos, convertidos en representantes "da nación alemá" e "da fonte da raza alemá". O discurso ruralista de Darré contribuíu en moito ao proceso de penetración do NSDAP no rural e a manter o réxime despois de 1933, as súas "utopías agrarias" e representacións míticas do corpus ideolóxico do "Blut und Boden" foron un baluarte para a conversión e a publicística, aínda que moitas desas disposicións quedaron na práctica baleiras de contido[677].

En Portugal, o salazarismo tamén enchen o discurso oficial de apelacións populistas e paternalistas aos labregos, entendidos igualmente que no caso alemán e español como o cerne da nación e fonte de valores morais, de "arrabalde do céu" segundo a súa propia propaganda. Salazar soubo aproveitar o forte catolicismo arraigado nos "camponeses" para conseguir o seu consentimento ao réxime en tanto que contrario ás tendencias de secularización ideolóxicas. Inspirándose na filosofía escolástico-tomista e nas encíclicas papais anti-racionalistas e anti-modernistas do século XIX, o salazarismo xogou cos sentimentos de descontento dos labregos, envoltos nun proceso de introdución do capitalismo que os convertía en figuras febles da economía. O discurso ruralista de Salazar colocaba nun escenario mistificador determinados valores da realidade campesiña como a familia e o deber, a patria, a relixión, a comunidade, a glorificación do traballo rural e das tradicións. Estes elementos, que formaban parte da retórica salazarista, arrastraron consigo un certo recoñecemento do sistema aos ollos do campesiñado e, en razón diso, ofreceron o seu consentimento ao réxime[678]. Igual que nos

[676]RENTON, D., (2001), "The agrarian roots of fascism: German excepcionalism revised", *The Journal of Peasant Studies*, 28, 4, pp. 127-148, p. 142; VELASCO MURVIEDRO, C., (1982), "El pensamiento agrario y la apuesta industrializadora en la España de los 40", *Agricultura y Sociedad*, 23, pp. 237-273

[677]SANZ LAFUENTE, G., (2004), "Naturaleza y nacionalsocialismo. Una aproximación a Blut und Boden y a Richard Walther Darré", en FORCADELL, C. et ali, (ed.), (2004), *Usos de la Historia y políticos de la memoria*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, pp. 494-525

[678]SILVA, M.C., (1998), *Resistir e adaptarse... op cit*, pp. 30-31

outros réximes fascistas europeos, esta retórica non evitou que as políticas estatais continuaran subordinando os interes dos pequenos propietarios. Os intereses ruralistas que dominaron os anos trinta e corenta beneficiaron exclusivamente a *senhores do vinho* e, sobre todo, a *senhores do pâo*. A partir de mediados de século, serán os intereses industriais os que dirixan a política salazarista[679].

En España a situación foi calcada. As autoridades do réxime non deixaron de empregar recursos discursivos parellos aos usados polos seus homólogos europeos, do tipo,

> "Porque do agro vainos vir a esperanza española. España é un país de agricultura. É campo, non cidade. A súa riqueza está no agro e no agro viven os seus mellores homes, os que atesouran as cualidades humanas máis altas. As virtudes da raza son virtudes campesiñas. A cabaleirosidade, a conduta sobria, a resignacón, os ímpetus heroicos alúmanse en calquera páramo e cando isto se produce ninguén se chama a engano ou sorpresa, porque en realidade non podía ser doutra forma. Moito se falou da corrupción moral do campo. En calquera caso esta corrupción é inferior sempre á que habita nos túneles e na sombra das cidades. Por outra parte, grandes zonas campesiñas permanecen limpas de toda lacra. Un enxeñeiro que coñezo que acaba de voltar do agro anonadado por ese espectáculo do home que o traballa. O meu amigo anda adicado a tarefas de colonización. O home está alí máis en contacto con Deus, me decía..."[680]

Como ten apuntado González de Benito, débese reparar na "mensaxe social" que hai detrás das actuacións do Estado no agro, arraigada na tradición socialcatólica e o nacionalsindicalismo[681]. Trátase de amosar interese, cando menos a nivel teórico e formal, pola mellora das condicións de vida no agro e pola innovación dos mecanismos produtivos. Francisco Cobo ten insistido en que estas invocacións ou a promesa dunha distribución da terra equitativa deberon convencer non só ás tradicionais elites rurais e a burguesía agraria, de por si desexosas de finiquitar as novidades impostas pola esquerda, senón tamén en colectivos de labregos e outros profesionais do medio rural (pequenos artesáns, comerciantes, etc.), ademais de xornaleiros ou caseiros que anceiaban converterse en propietarios, como lles aseguraba que o ía ser o discurso franquista[682]. Antonio Bernárdez afirma para o caso galego, ese discurso ruralista porfía no papel da divulgación para a mellora produtiva e social coa finalidade de evitar

---

[679] FONSECA, I.; FREIRE, D.; GODINHO, P., *Resistencia e conflicto no contexto rural portugués... op cit.*

[680] Así o escribe nun xornal sindical pontevedrés Juan Carlos Villacorta baixo o título "Grandeza Humana do Agro". AGRO, 18-7-1946

[681] GÓMEZ DE BENITO, C., *Políticos, burócratas y expertos. Un estudio de la política agraria y la sociología rural en España (1936-1959)*, Madrid, Siglo Veintiuno

[682] COBO ROMERO, F., (2005), "Represión y persecución de minorías y disidentes en las dictaduras fascistas europeas del período de entreguerras. Los apoyos sociales y la colaboración de los ciudadanos comunes. La alemania nazi y la España franquista", en MIR CURCÓ, C., et ali. (ed.), *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Lleida, Universitat de Lleida, pp. 13-49, p. 41

a conflitividade social, de aí que se insista na necesidade de educación do labrego a través da escola e do entramado sindical franquista ou na construción dunha estrutura divulgadora das innovacións[683].

Non hai dúbida de que o discurso ruralista e a propaganda franquista era máis eficaz cando se expresaba, e acontecía amiúdo, se non en termos relixiosos, si de certa misticidade aludindo aos "valores comunitarios" e á "provindencia". Así, a obriga de suministrar o cupo, como temos sinalado, explicábase con frecuencia en termos de solidariedade coa xente máis humildes doutras zonas e coa necesidade de abastecer aos soldados que combatían na fronte, que eran descritos en termos de "familia".

> "destacou o das entregas de cupos de millo e dirixíndose aos asambleistas con palabras de emocionada sinceridade recordoulles as súas palabras pronunciadas celebrando a Santa Misa na clausura da gran Feira-Exposición do Campo, exhortando a seguir o exemplo de San Isidro que sementaba un puñado para os pobres, outro para Deus e outro para cubrir as súas necesidades. Deus non necesitaba nada material, senón boas obras. Dar aos pobres, aos que non teñen, é ofrender a Deus. Que o millo que exista sobrante sexa para os que non teñen nada..."[684]

Os tons paternalistas enchen tamén as arengas á poboación rural galega que, como xa puxemos de manifesto ao falar da deformación da memoria do agrarismo. Priman a idea dun Estado protector e preocupado polos seus campesiños, con referencias significativas sobre a posibilidade de elevar en Galicia a idea de "orgullo campesiño". Sirvan extractos do propio Salas Pombo como exemplo da tónica discursiva,

> "a idea do amor ao campo tense que deducir dunha consigna fundamental: a do agradecemento ao Caudillo e ao Movemento, que por primeira vez na historia, adicou atención preferente ao problema do agro galego, tan abandonado eternamente"
>
> "nunca se trataran con tanto interese e cariño todos cantos asuntos poden afectar aos labregos, nin xamais se atoparon éstes rodeados dun ambiente de tanto afecto e comprensión e así se lles ve acudir a todos os actos satisfeitos e seguros de si mesmos, con plena conciencia de que valen e de que se lles considera. Verdadeiramente os campesiños poden dicir convencidos en España volta o amencer"[685]

En AGRO, o xornal sindical pontevedrés, insístese neste discurso redentor e paternalista que idealiza aos labregos e o seu traballo,

---

[683]BERNÁRDEZ SOBREIRA, A., (1999), *Planificación agraria...op cit.*, p. 64

[684]Discurso do Presidente da COSA de Pontevedra con motivo da clausura da Asamblea Provincial de Hermandades da provincia. AGRO, febreiro 1949

[685]O primeiro comentario pertence a SALAS POMBO, C., (1944), *Ponencia regional. Tema VIII. C.A.G.*, A Coruña, Delegación Pronvincial de Educación Popular del Movimiento; O segundo é un extracto dunha crónica sobre o Congreso de 1944, *Correo Gallego*, 29-10-1944. Citados en BERNÁRDEZ SOBREIRA, A., (1999), *Planificación agraria... op cit*, p. 65-66

> "o Servizo Nacional de Hermandades proxecta a organización dun gran Congreso ou Asamblea Nacional de Hermandades Sindicais de Labregos e Gandeiros que se celebrará durante o mes de outubro. Por primeira vez os agricultores españois, organizados e representados polas súas Hermandades locais e provinciais, poderán estudar e expoñer con toda amplitude e sinceridade os seus verdadeiros problemas, apuntando as solucións que a súa recoñecida e sufrida experiencia estime máis conveniente. Esta é a función do Sindicato, da Hermandade, unha función fortemente representativa, de participación de todos os produtores no que sexa elaborar normas para o traballo nacional. Labregos de Galicia, de Cataluña, de Andalucía, de Castela e de todas as terras de España, virán aquí para reunirse e plantexar ao Estado o primeiro plan de magnitude nacional elaborado polos propios campesiños. Sen ser excesivamente optimistas, non cabe negar a enorme importancia e as grandes posibilidades que encerra esta magna experiencia nacional. Os homes do agro español, tan sufridos e menosprezados por todos os réximenes que non tiñan unha esencia nacional, terán a ocasión de falar claro coa súa voz forte de homes apegados ao traballo duro e amoroso da terra. Non serán os caciques nin os leguleios os que formen esta primeirísima voz. Serán os homes que sementan, os homes que segan, os que día a día manteñen diálogo forte cos surcos da nai terra" [686]

Como vimos de ver os subsidios conformaron "grupos de servizo" entre a poboación en tanto que crearon beneficiarios das súas políticas sociais. Pero non só os propios beneficiarios foron os que consentiron co réxime nese aspecto. Toda a publicística que recubríu a acción da "obra social" tivo un papel destacadísimo na creación de consentimento entre a poboación, alén da beneficiaria dela en termos materiais. O recoñecemento de que "con Franco empezaron a vir as pagas" e de que as axudas, aínda que foran pouco cuantiosas "axudaban naquel tempo de miseria total" demostra a valía da publicística reiterativa do réxime a hora de convencer da súa preocupación,

> "E este, un labor contínuo e esforzado que busca o melloramento e axuda ás nosas clases traballadoras, *a estes homes e familias do noso agro polos que o Caudillo sente especial predilección e cara quenes se dirixe, non como mero acto de caridade ou artificioso engano, non senón como simple acto de estricta xustiza no ancho campo das realidades españolas.* É un novo motivo para que nestes días se leven a cabo diversos actos da máis pura afirmación sindical noutros tantos pobos da nosa provincia, o o*bxectivo de proceder á distribución entre numerosas familias campesiñas, dos subsidios que estas teñen pendentes de cobro e que grazas ao labor da nosa Obra Sindical van chegando ás súas mans para facer grata a realidade do establecido polo Caudillo de España...* Non tan só a Obra de Previsión acada ao subsidio familiar. É máis ampla, abrangue todos os aspectos da

[686] AGRO, xullo 1946.

> vida cidadá e do agro. Procura igualmente a protección da Maternidade, o infortunio na vellez ou invalidez, ten creado o seguro de accidentes, os préstamos á nupcialidade..."[687]
>
> "... por medio da Hermandade podes percibir os seguros sociais establecidos polo noso réxime, como subsidios familiares, subsidio de vellez, subsidio de viuvedade, subsidio de orfandade, seguro de enfermidade, seguro de maternidade, préstamos á nupcialidade, premios á natalidade, etc.
>
> ... se a Hermandade cumpre a súa misión, podes dispoñer de Seguro de Enfermidade en magníficas condicións e incluso dunha Policlínica, así como a posibilidade de ser internado nun magnífico sanatorio, en caso de precisar tú ou os teus familiares algunha intervención quirúrxica, sendo a conta do Seguro o traslado da túa residencia, a operación e estancia no sanatorio.
>
> ... a Hermandade da túa residencia pode e debe contar, se quere e cun pequeno esforzo, cunha casa propia na que ademais das oficinas e os almacéns, poda dispoñer dun local a onde acudas en ratos de esparcemento.
>
> ... se o solicita a Hermandade podes dispoñer dunha escola de orientación agrícola na que os teus fillos, ao propio tempo que a enseñanza xeral, recibirán aquellas de carácter práctico que os orienten a un mellor e máis racional exercicio da súa profesión de agricultores, por medio dos hortos escolares anexos a ditas escolas."[688]

O propio reparto dos subsidios convertíase no mellor momento para que as autoridades activaran os discursos xeradores de consentimento, como se ten dito, nunha clara manobra populista e de control e, alén disto, facendo valer o carácter clientelar que perseguían. Unha finalidade que ademais no discurso atopamos nos lugares onde en moitas ocasións se facía a distribución dos pagos. Aos actos colectivos publicitarios hai que engadir lugares definidos por ser espazos de sociabilidade campesiña como as tabernas ou o adro da igrexa, ou de alto simbolismo comunitario, como a escola unitaria da parroquia.

> "Dirixiu aos presentes unhas breves palabras o Presidente da COSA, D. Leandro del Río Carnota, quen se referiru ao significado deste acto no que, unha vez máis, se poñía de manifesto a xustiza social do noso Caudillo. Seguidamente, o Delegado Provincial de Sindicatos D. Francisco Carrillero García espuxo a súa satisfacción por ter ocasión de manter contacto con tan nutrida representación de agricultores e sobre todo por ser iso con ocasión de presentarlles dúas espléndidas realizacións: o Centro de Mellora Gandeira...e outra a destes subsidios familiares que van ser entregados xa que falan moi elocuentemente da xustiza do noso Movemento, sen igual no mundo, destes subsidios que non son dádivas nin limosna senón irrenunciable dereito que Franco gañou e estableceu para todos os

[687] AGRO, outubro 1946. A cursiva é nosa.
[688] AGRO, xaneiro 1949

> españois que traballan e contribúen co seu esforzo ao engrandecemento da nosa patria. Os dous oradores foron moi aplaudidos, procedéndose despois ao reparto de 34.000 ptas en concepto de Subsidios familiares da rama agropecuaria...” [689]

Outro exemplo a mencionar sobre o alcance do discurso na “captación das masas” é o das policlínicas rurais. Segundo a prensa sindical estaríamos ante unha “extensa rede” de policlínicas nas que os labregos podían obter asistencia sanitaria. A realidade parece contradicir esta afirmación pero a súa reiteración conlevou a aceptación de que “haber tíñaas que haber, delas falaban, pero por aquí non”. Ademais da información que dá a prensa non podemos certificar a existencia de ningunha pero, ésta anuncia que unha delas estaría no concello de Lalín. Segundo se pode ler no exemplar de AGRO de marzo de 1946, “Os nosos campesiños deben vivir ledos. Hai que levar ao campo os grandes beneficios do Seguro de Enfermidade. A O.S. “18 de xullo” establece en Lalín a primeira Policlínica rural”. Outra estaría no concello veciño de Silleda e sería inagurada en setembro de 1947. A máis diso todo serían obras futuribles. Aproveitando un gran acto de reunións dos Gremios Sindicais da Estrada e a distribución de 300.000 ptas por atrasos do subsidio familiar aos labregos da zona anúnciase que o Delegado Provincial de Sindicatos e outras autoridades, incluíndo aos membros do Cabildo da Hermandade, “visitou o magnífico local no que se proxecta instalar a Policlínica da Obra Sindical 18 de Xullo, o terreo que se pensa habilitar”. Dous anos despois comunícase a “ansiedade e impaciencia” que existe por ver funcionar no concello de A Cañiza outra policlínica, subliñando as xestións que dende Falanxe se fan para a súa rápida instalación[690].

Todas as informacións fóra da prensa sindical non refrendan e mesmo parecen desmentir a existencia de policlínicas, alén do que puideron ser pequenos botiquíns nunha cabeceira comarcal e un dispensario e un espazo para primeiros auxilios na casa do médico, e apuntan que se tratou, unha vez máis, dun labor propagandístico e dun intento de lexitimación política. É máis que posible que todo foran palabras baleiras de contidos reais, pero non pode desprezarse a eficacia desa publicidade en tanto que elemento activo do convencemento de que o réxime se preocupaba polos labregos e polos problemas do agro galego. As evidencias confirman o comprobado por Carme Molinero para o conxunto do Estado, “que o discurso sobre a política social converteuse en punto de referencia política do discurso franquista e nun dos instrumentos preferidos de propaganda” (Molinero, 2005:12)

O proceso de “conversión” tivo máis eficacia ao identificarse claramente a igrexa católica coa ditadura, como deixa entrever un dos comentarios recollidos anteriormente respecto a que a amizade co cura como aspecto decisivo para ser franquista, aínda que non se coñeceran os presupostos políticos do réxime[691]. A implantación do Novo Estado compraceu ás aspiracións do nacionalcatolicismo, xa que co fran-

[689] AGRO, maio 1949

[690] AGRO, marzo 1946; setembro 1947; marzo 1949

[691] Sobre o papel da igrexa no momento do golpe e posteriormente, vd. CARBALLO, F., (1995), *A Igrexa galega*, Vigo, A Nosa Terra; RODRÍGUEZ LAGO, J.R., (2004), *La Iglesia en la Galicia del franquismo (1935-1965), clero secular, Acción Católica y nacionalcatolicismo*, Sada, Ed. Do Castro

quismo se acadaba finalmente a plena integración da relixión católica e o carácter nacional[692]. Como sinala Enzo Collotti, no amplo espectro de formas que adoptou o fascismo en Europa, o caso español caracterizouse por un papel protagonista da igrexa católica xa que foi ésta a que lexitimou cultural e politicamente ao réxime. De igual maneira, o catolicismo asumiu o artellemento do consentimento arredor do novo poder político, función que se viu facilitada pola radicalización que a igrexa sufriu durante a República, e que a levou a deseñar eficaces campañas propagandísticas e de adoutrinamento, como a que presentaba a sublevación como "Cruzada"[693].

Así, un punto fundamental a ter en conta, respecto da percepción dos procesos de imposición do réxime por parte das comunidades rurais galegas, é o seu carácter relixioso. As autoridades relixiosas do rural exerceron unha función moi destacada tanto na adhesión como na adaptación da poboación ao sistema político. Non se pode esquecer que a comunidade rural vertébrase arredor dunha realidade relixiosa como é a parroquia e que o papel do párroco é historicamente o dun intermediario entre comunidade e aparato institucional (o único letrado). As instancias relixiosas e a cultura católica ofreceron ao rural un conxunto de significados compartidos que formaban parte de ritos e símbolos xa apropiados pola propia cultura campesiña, polo tanto, asumibles e integrables de maneira moito máis doada[694]. Boa parte dos labregos consentiron co franquismo, non porque foran falanxistas, nin porque compartiran outros ideais do franquismo, senón porque Franco representaba a España católica que moitas familias consideraban natural e desexable segundo a súa cosmovisión,

> "Viñamos de convivir co franquismo, pero eu nunca me din conta de que Franco era un dictador. Pertenciamos a unha familia moi católica e eso era sinónimo de franquista..." (Varela, L., 1996:51)

> "... ós que non practicaban a Religión Católica xa os víamos mal. Víamos que era un descaro e un malfeito eso de ser de izquierdas, sobre todo unha muller..."[695]

O seu papel asistencial tamén resultou principal na súa condición de factor de conversión ideolóxica. Todo o labor da igrexa vai sufrir unha recuperación espectacular despois da guerra, voltando a asumir prebendas e espazos cuestionados anteriormente co réxime republicano de tal xeito que, como argumenta Feliciano Montero, ésta entrará en liza coas políticas sociais estatais como Auxilio Social á hora de afirmar

[692]FONT I AGULLÓ, J., (1999), "Aspiramos a transformar totalmente la vida en España...*op cit*, pp. 333-340; FONT I AGULLÓ, (2001), *¡Arriba el campo... op cit*, pp. 75-92

[693]COLLOTI, E., (1996), "Cinc formes de feixisme europeu: Áustria, Alemaya, Itália, Espanya i Portugal", *Afers*, 25, pp. 25, pp. 520-522

[694]Un bo exemplo disto dao Antoni Vives no seu estudo sobre a Mallorca rural ao falar da festa do San Isidro "instaurada e potenciada polo aparato institucional do franquismo como festa de campesiños...o feito de inventar unha festa de ámbito nacional, revestida dunha linguaxe relixiosa e adicada exclusivamente á figura do campesiñado, supón o recoñecemento simbólico do mundo rural...". VIVES RIERA, A., (2005), "La resistencia de la Mallorca rural...*op cit*, p. 85

[695]Comentario saído das memorias de Obdulia A., de Amoeiro, Ourense, recollidas en SOUTELO VÁZQUEZ, R., (2006), *Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas... op cit.,* p. 168

as súas competencias[696]. Como este mesmo autor precisa, non se poden desligar os obxectivos da acción social católica do fin e carácter eminentemente recristianizador que teñen as obras católicas, xa que logo, acción social e obras benéficas eran "unha ocasión para a catequesis" (Montero, 2005:115).

Relixión católica e política operaban como parte dun todo, é así era asumido pola poboación que era coñecedora de que a participación activa nos servizos relixiosos ou a cooperación económica ou en traballo en tarefas relacionadas co mantemento e mellora de construcións eclesiásticas ou campañas de recadación, incidían directamente na súa boa consideración política. Pasar por un bo cristián estaba moi próximo a ser considerado un bo franquista e, polo tanto, asegurarse unha cordial relación coas autoridades. Control e adoutrinamento eran moito máis fáciles nas parroquias rurais, de por si pequenas entidades onde todo o mundo se coñecía e o cura era un persoeiro de referencia e de moita presenza na vida cotiá. Por os festexos populares e ao santoral ao servizo da "causa", enxalzando a novos heroes e deixando sen significado datas simbólicas como o primeiro de maio e aproveitando outras como o San Isidro, resultou un valioso recurso. O consentimento que a igrexa non conseguiu mediante o adoutrinamento e a súa campaña de recristinización tratou de gañalo co control da poboación a través dunha estricta regulamentación da vida cotiá. A penalización do tempo de ocio e da diversión, a criminalización de hábitos da sociabilidade e a vixilancia da orde moral imposta cercenaban os poucos espazos que a poboación tiña para evadirse da situación de fame e violencia reinante.

6.4 Formalizar o consentimento: o papel das denuncias

No seu estudo sobre a Xestapo, R. Gellately amosa que moita poboación alemá sucumbiu ao sistema de terror e delatou a amigos e conveciños, o que permitiu que unha relativamente pequena organización de control aterrorizara ao conxunto da poboación, de maneira que unha ampla aparencia de control policial asumiuse e normalizouse na vida cotiá dos alemáns. A sociedade, segundo el, non estaba tan "secuestrada" polo réxime nazi como "autovixiada" por si mesma (Gellately, 2001).

Segundo o escrito da Garda civil de Taboada ante a petición do Xuíz Militar de Lugo de que indicara nomes e vecindades de persoas que poideran declarar sobre os feitos que se encausaban,

> "polo carácter reservado dos paisanos desta rexión é moi difícil buscar testemuñas concretas, aínda cando conozan os feitos, unhas veces por non causar perxuízo aos autores e outras por evitar molestias de ter que trasladarse á capital, polo que a Garda civil, para ter coñecemento dos mesmos ten que valerse de confidencias e no curso do servizo ir sacando

[696]MONTERO, F., (2005), "Asistencia social, catolicismo y franquismo: la actuación de Acción Católica en la posguerra", en MIR CURCÓ, C., et ali. (ed.), *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Lleida, Universitat de Lleida, pp. 113-137, pp. 116-117

> conversacións cos habitantes dos pobos e deste modo chega ao coñecemento de feitos, pero se lles dí se están dispostos a declarar, contestan que o oíron dicir e que non recordan a quen"[697]

Pode dar a impresión que para o rural galego a sensación da "autovixilancia" non existiu, pero nada máis lonxe da realidade. A presenza de "denuncias instrumentais" é unha constante en Galicia como en todos os lugares que viviron baixo unha ditadura. As denuncias vóltase unha forma de arranxar disputas persoais e desfacerse de inimigos a todos os niveis aínda que en moitos casos, como sinala o escrito, non supuxeran unha axuda para as investigacións policiais e a súa ausencia permitira a supervivencia de modos de resistencia.

Das denuncias despréndese que a solidariedade da comunidade rural tiña unha nova fractura que viña a superporse ás preexistentes. O plus de socialización política introducida pola República fixo que cristalizaran dentro das comunidades "bandos" ou clans, que xurdiron entre os distintos grupos de influencia, configurados a partir da adhesión persoal a un "veciño". Non eran nin ideas nin opcións individuais as que daban forma ao grupo "de dereitas" ou "de esquerdas". Eran máis ben vencellos persoais, que implicaban intereses concretos. Con motivo da guerra a estes "bandos" enfrontados sumábase unha división máis, froito da asunción da división "nacional"/"rojo". Como acertadamente menciona Javier Ugarte, "a política formaba parte xa da vida local, pero a divisoria dereita-esquerda non representaba un fraccionamento horizontal, nin propiamente ideolóxico entre conservadores e progresistas, senón que tiña a súa orixe en pugnas banderizas lociais" (Ugarte, 1998:13)[698].

A asunción dos principios franquistas levou a que nas zonas rurais galegas tamén houbera certa colaboración nas labores de represión dos "desafectos" mediante a delación. Os que se viron convencidos polos principos franquistas quedaron inmersos na espiral da violencia política e radicalización verbal e ideolóxica precisa para ver na delación de persoas próximas unha obriga de "bo español". En Galicia, segundo os dados recollidos nas fontes xudiciais manexadas e arrumando as informacións da fonte oral, non obstante, son unha minoría as delacións indiscriminadas obra de individuos máis ou menos identificados co novo réxime e "homes de orde" que seguen a premisa de estar prestando un servizo ás autoridades. Máis numerosas son denuncias de neoconversos que necesitaban ocultar o seu pasado filoesquerdoso e que, por asegurar a súa supervivencia e minimizar os riscos da represión, estaban dispostos a delatar a antigos correlixionairos e conveciños. Envexas, problemas de convivencia, retesías pasadas entre familias e vellas rivalidades políticas aguzadas pola politización vivida durante a Segunda República, con claros antecedentes nos bandos caciquís, están no fondo do outro corpus, o máis cuantioso, de delacións ocorridas no rural galego durante os primeiros vinte anos de franquismo. Un novo formato con caríz político para resolver conflitos sociais e pugnas políticas anteriores ao réxime.

---

[697] AMSF. Causa 30/40

[698] UGARTE TELLERÍA, J., (1998), *La nueva Covadonga insurgente. Orígenes sociales y culturales de la sublevación en 1936 en Navarra y País Vasco*, Madrid, Biblioteca Nueva; NÚÑEZ SEIXAS, X.M., (1998), "Violencia política e represión en Galicia da Segunda República á posguerra...", *op cit*, pp. 226-227

Do primeiro tipo foi a que conlevou a detención do carpinteiro de Ribadeo Salvador González Álvarez, un dos vogais da Sociedade "La Prosperidad Obrera", adscrita á UXT, cando estalou a guerra e anteriormente concelleiro nos primeiros anos da República. A investigación do seu paradeiro iniciouse por unha "confidencia reservada" ás forzas de orde sobre que o fuxido estaba escondido na casa dunha veciña súa. No rexistro non o atoparon pero novamente "o confidente" indicoulles que se mudara á casa dunha das súas irmáns. O anonimato do confidente non impide adscribir esta denuncia a un "individuo de orde" xa que na declaración inculpatoria insístese no aspecto de que Salvador González era un "anticatólico" e que se trataba dun dos protagonistas da retirada da cruz do camposanto e que se postulou para que o nome da rúa de San Roque fora mudada[699]. Outro "individuo de orde" foi un falanxista de Taramundi, concello de Asturias limítrofe co lugués de A Pontenova, que denunciou a actuación contraria aos golpistas que neste lugar levou a cabo Facundo Torviso Arruñada (a) Electro Iberia. Este permanecera en liberdade e sen sufrir represión malia a ter sido un coñecido propagandista de esquerdas en A Pontenova durante a República e que organizara o Comité de Guerra cando o conflito estalou, porque a súa familia conseguira levalo para Taramundi, así as autoridades locais perdéndolle a pista. A denuncia posibilitou a súa localización e efectiva represión, xa que a esta acabou cun consello de guerra que o sentenciou a 12 anos e 1 día que quedaron tralo indulto en 5 anos de prisión[700].

Dentro desta tipoloxía están tamén as denuncias feitas por aqueles que, aínda que non convencidos polo conxunto da ideoloxía franquista, pero si polo seu discurso de orde e seguridade, optaban por dar conta ante as autoridades da Falanxe Local ou os postos da Garda Civil, da xente allea á comunidade que topaban. Como asegura nas súas memorias Alonso Ríos, na súa fuxida á Portugal o perigo estaba en que dentro das aldeas todos "non eran mudos... Que a xente observaba, levaba conta e non perdía detalle" (Alonso Ríos, 1979:98, 144). Por unha denuncia deste tipo Benito Montero e José Álvarez deberon dar conta ante a garda civil de Sober sobre as súas actividades. Finalmente demostrou que se trataba de dous contrabandistas de café que pagaron a súa parada na parroquia de Canabal, que infundiu sospeita a varios veciños que os denunciarion, cunha detención[701].

Do segundo tipo, realizadas por individuos cun pasado filoesquerdista que tratan de facelo esvaecer cun acto que os amigue co novo réxime ou evitar a represión que ían conlevar. Unha denuncia con este caríz é a que leva a 37 persoas do concello de Rivas de Sil a ser detidas co cargo de dar auxilio a fuxidos. O denunciante foi outro veciño dese concello que estaba exercendo como soldado do rexemento de infantería de Mérida e que, a cambio da declaración que denuncia a boa parte da súa veciñanza e familia (unha das denunciadas é a súa nai), pretendía que se lle pechara unha causa xudicial por deserción con armas e rebelión militar que tiña pendente[702].

[699] AMSF. Causa 513/40
[700] AMSF. Causa 293/40
[701] AMSF. Causa 330/41
[702] AMSF. Causa 598/47

As evidencias aproxímannos a unha realidade de denuncias, falsas ou non, presentadas por diversos motivos pero que acostuman a reportar algún beneficio material ou resarcimento moral para o denunciante. As denuncias eran formuladas, xeralmente, por persoas "solventes" de cara ao réxime que se valían desta condición para ir contra inimigos persoais aos que se tildaba de desafectos, converténdoos nun obxectivo do máis débil no momento, co que se daba contido a retesías e malquerencias. Asuntos "políticos" ás veces recobren as denuncias pero sen ser a causa de fondo. Isto ocorreu na denuncia que se interpuxo contra Antonio López Díaz. Este veciño dunha parroquia de Paradela converteuse nun "home-toupo" ao acabar a guerra ao ser un significado esquerdista. Votante do Fronte Popular, os primeiros días do golpe de Estado participara en senllos incendios nas parroquias de S. Salvador de Cortes e en Francos, polo que fora sancionado, e segundo o informe da garda civil de Sarria, fora un dos que "fixera fronte" ao Movemento. En maio de 1940 decidiu presentarse ás autoridades, que o deixaron en liberdade por non ter cargos na súa contra na época en que estivo escondido. Con estes antecedentes a denuncia que o leva a prisión en novembro de 1941 parecería relacionada coas ansias dalgún falanxista ou franquista convencido de castigar aos que se significaran contra o réxime e non recibiran castigo. Pero nada máis lonxe da realidade. A denuncia foi posta para arranxar pola vía rápida un litixio de terras. A falla de pago dun arrendo dunha finca nos anos en que permaneceu escondido posibilitara que un veciño embargara dito predio e este, ante a volta daquel e a súa negativa a abandonala, levou o asunto ante o tribunal que lle deu a razón pero non foi suficiente para que Antonio López asumira o desfiuzamento da posesión. A disputa parecía non ter máis arranxo que o de apelar novamente ante o tribunal do partido xudicial de Sarria ou elevar a causa a unha entidade superior pero a solución, en calquera dos casos, demoraríase no tempo. A denuncia evitou que a situación continuara. O denunciante aproveitou a condición coñecida de "desafecto" de Antonio López para montar unha denuncia con tintes políticos pero cun evidente fondo de intereses persoais[703].

A denuncia realizada en 1947 contra o fuxido José Vázquez Gómez (a) Batallón tampouco tivo nada que ver con "manter a legalidade vixente". A razón que levou ao seu denunciante a confiar o seu paradeiro á garda civil do posto de Celeiro foi a débeda que este acumulara no local do seu pai. O denunciante, un rapaz de 17 anos fillo do dono do bar onde o fuxido alardeara de invitar a todos os presentes o día da romería de Faro, en Viveiro. A brabuconada e a débeda levaron a entrar en cólera ao rapaz, que actou por vinganza. Batallón logrou fuxir do salón de baile, axudado por veciños da parroquia de Escourido que o alonxaron nun bote que tiñan nas inmediacións da praia de Abrela, pero iniciouse unha investigación sobre os que lle axudaran a evadirse[704].

Litixios entre veciños ou familiares por causas alleas á política e moito próximas á vida cotiá convértense na tea na que arden as denuncias. É o caso dun veciño do concello coruñés de Oleiros, a quen lle morrera unha cabeza de gando e non lle fora

[703] AMSF. Causa 717/40. Antonio López foi condenado a 15 anos de reclusión que lle foron conmutados por 6 anos e un día polo delito de auxilio á rebelión.
[704] AMSF. Causa 451/47

abonada pola mútua gandeira á que pertencía. Ante o que considera unha afrenta non dubida en subscribir unha instancia de denuncia ao Gobernador Civil en maio de 1943 informando de que a Sociedade de Seguros "La Campesina", celebrara unha xunta xeral carecendo do correspondente permiso[705]. Ademais de levar a pensar que non ten por que ser unha excepción, senón que é probable que se reuniran sen permiso e coñecemento das autoridades, e, polo tanto, nos atopemos ante unha fórmula de resistencia, o que queda claro é o uso da denuncia como técnica de vinganza por cuestións moi alleas ás políticas. Igual de lonxanas quedaron esas razóns na denuncia que María Juana Val Gil realizou contra o veciño da parroquia de Oiras, concello de Alfoz, Ramón Ruibal Casavella por encubridor de bandoleiros. Neste caso atopámonos ante unha desavinza matrimonial. A muller, en febreiro de 1945, denunciou ao seu marido ante as autoridades por dar pousada ao fuxido Luis Trigo (a) Guardarríos en agosto de 1945. O tardía da acusación con respecto á data dos feitos denunciados fai pensar que a muller empregou esa información como arma no momento que lle pareceu máis propicio para "desfacerse" da súa parella[706]. As malas relacións familiares impulsaron tamén en xuño de 1949 a Pedro Vázquez López, de Vilacaiz, en O Saviñao, a acusar á súa cuñada, Isaura Mariño, de dar axuda e aloxamento aos fuxidos da zona. Ésta negou a súa implicación e inculpou ao seu denunciante de ser el o que tiña relacións con fuxidos e de ter prestado axuda para a recollida de armas entre os veciños para facer fronte ao golpe, subliñando que fixera declaracións en contra do Réxime, polo que xa estivera detido no cárcere provincial de Lugo. As declaracións do resto dos parentes ante o xuíz militar levan a esclarecer unhas relacións familiares turbias que explican estas actuacións[707].

Do mesmo xeito, o procedemento da denuncia tamén se empregou como arma política para frear as aspiracións de posibles competidores polos cargos. Así o fixo, por exemplo, Secundino Blanco, mestre da escola de nenos de Negueira de Muñíz, que denunciou en 1941 ante o Tribunal Provincial de Responsabilidades Políticas de Lugo, e despois ante a xurisdición militar, a José Nogueiro, o xefe de Falanxe do concello, por prestar auxilio e esconder na súa casa cando estalou a contenda bélica a José Álvarez, Presidente do Comité Rojo de Ibias (Asturias), á postre sobriño do cargo falanxista. No auto de averiguación constátase que Nogueiro non axudara ao seu parente, polo que se desestima a dilixencia, facendo referencia a que a causa primeira desta denuncia está nas rencillas políticas e persoais dos protagonistas que, entre outras cousas, estaban disputándose a alcaldía de Negueira[708].

Ante as preguntas da Garda Civil sobre a axuda prestada a un grupo de fuxidos, a decisión de contar a verdade sobre o sucedido defínea a certeza de que as forzas de orde público xa sabían a verdade.

---

[705] AHRG. Goberno Civil. Partes e informes. Informes políticos de persoas vinculadas a Asociacións emitidos pola Xefatura Provincial do Movemento, comandancias da Garda Civil e Alcaldías (1942-1943). Sig. G-2758

[706] AMSF. Causa 78/47. Ramón Ruibal foi sentenciado a unha pena de 6 meses e 1 día

[707] AMSF. Causa 279/49

[708] AMSF. Causa 527/42

> "preguntaron ¿usted lo llevó a Rodeiro?, sí señor. ¿Usted lo llevó a Esperante?, si señor. ¿Usted lo llevó a Trabancas?, si señor. ¿Usted lo llevó a Robines?, no señor, a ese non, ese viñeron eles pola carretera e entraron xunto del. É verdade, que lles contei así todo porque *¡como vas contar a mentira sabendo que eles sabían xa a verdade!*[709]

Esta evidencia, moi habitual segundo permite comprobar a fonte oral, axústase ao convencemento da existencia de fontes de información dentro da aldea ou pobo que delataban este tipo de comportamentos. Isto demostra o sinalado por Conxita Mir sobre que, como a represión é unha continuación da guerra e que persegue unha clara función política, a delación e a denuncia convértense nunhas eficaces armas de control social polo seu poder desmobilizador e de silenciamento das disidencias[710]. E como comenta Ramón García Piñeiro, "en todo caso, o cúmulo de denuncias presentadas, xa foran certas ou falsas, ademais de reflictir o espírito revanchista e a degradación moral dos seus promotores, desvelan tamén o ambiente de incertidume e tensión no que se vivía" (García Piñeiro, 2001:362).

Certamente, xeralmente non se trata a penas de xenreiras entre franquistas e antifranquistas, concerne maioritariamente a episodios de conflitividade social solucionada no eido do político pero son actos que supoñen unha adaptación, cando non un intento de adhesión, cara o novo réxime.

6.5 Balance

Luis Varela exemplifica a opción da conversión, pois aínda que non se sente imbuído pola ideoloxía que abandeiraba o réxime, si se amosa seducido por algún dos seus aspectos. No seu caso a posibilidade que se lle ofertaba de verse categorizado como vencedor na contenda, aínda que as expectativas que esta posición lle conferían foran defraudadas, "... Se este era o premio dos gañadores, o botín foi máis ben escaso" (Varela, L., 1996:51). El era un de moitos,

> [pregunta: fame non había ou ?] "chea tampouco... e aínda houbo menos cando se acabou a guerra, aínda había máis fame... que houbo que ir buscar a ración de pan a Palas e era fariña destilada que era como quen comía barro... e non alimentaba nada...*eso foi o que trouxo a guerra, e as gracias que nos deu Franco ós combatintes, se mo deches non mo deras...*"[711]

> "Facendo alusión a nosoutros (emigrantes a Arxentina), que chegabamos en avalanchas, Franco dixo con velada hipocresía que nos perdían para

[709]HISTORGA, nº157. Entrevistado M.M.G., da parroquia de S. Miguel do Monte, Chantada. A cursiva é nosa.

[710]MIR, C. et ali, (1997), *Repressió econòmica i franquisme: l'actuació del Tribunal de Responsabilitats Polítiques a la provincia de Lleida*, Barcelona, Biblioeca Abat Oliva, Publicacions de l'Abadia de Montserrat

[711]HISTORIGA. Entrevista nº 177.Entrevistado M.P.C., da parroquia de S. Breixo, Palas de Rei. A cursiva é nosa, igual que a do seguinte parágrafo.

> sempre. Todo non pasaba dunha barata terxiversación da verdade. En España eramos demasiados cans para un óso. *Moitos dos que tiñamos salvado a vida, despois de habela xogado con tanto risco en forma tan ociosa estabamos de máis*" (Puga, 1988:213)

O consentimento non deixa espazo para a oposición, para o antifranquismo, pero si para a resistencia civil, pois, a supervivencia dunha visión crítica sobre as políticas concretas despregadas polo réxime en tanto que non favorables para si, posibilita o artellamento de actuacións dentro da resistencia cotiá, sen que iso crebe a súa posición de "consentidor". O exemplo dos excombatentes que axudaron á loita contra a repoboación do monte comunal ou contra a realización dun encoro que asulagaba a súa parroquia amosan a convivencia dunha opción de consentimento baseada na conversión de certo ideario ou idearios proclamados polo franquismo co protagonismo en actos de resistencia[712]. Así pois, aínda que gran parte da poboación foi susceptible á influencia franquista, o descontento e o desespero tamén se estenderon a todos os niveis[713].

Pero o que si quedaba fóra da adaptación era a idea da oposición ao réxime. A adaptación, entre a adhesión fervorosa e a oposición, comportaba unha actitude realmente ambigua. Remedios Tomé de Bahamonde, en Lugo, comenta que "aos que máis medo tiñamos era aos falanxistas, porque oíamos que eran os que mataban á xente. Porén, nosoutras estabamos metidas na Sección Feminina da Falanxe" (Bullón de Mendoza et ali., 2000:182). A súa reflexión é indicativa do que ocorreu a nivel xeral no rural galego, os marcos de inxustiza non se xeraron porque non se realizou unha correcta atribución de responsabilidades. Cúlpase a tres "tolos" do pobo, aos que se vestiron de falanxistas, a uns alcaldes sen escrúpulos, á propia situación de posguerra... pero non ao réxime. E isto permite, como no caso de Remedios Tomé, mesmo a colaboración con el en algúns aspectos, aínda cando se personaliza a represión e se atribúe o medo a unha póla ben próxima á do ámbito de colaboración. "Unhas vagas e abstractas fontes de inxustiza converten en difusa a indignación e fan que pareza absurda", atinan a indicar Concha Fernández e Xosé Manuel Sabucedo na súa análise sobre o comportamento social na liña entre descontento e protesta (Fernández e Sabucedo, 2004: 145-146).

---

[712] Aínda que fóra do período de estudo do noso traballo, a oposición amosada polo campesiñado de Castrelo de Miño ante o proxecto de FENOSA de construír un encoro que asulagou as terras de cultivo do val é un claro expoñente de como grupos "conversos" do franquismo se mobilizaron contra a obra, vd. SOUTELO VÁZQUEZ, R., (1998), "Marcharon coa terra e a xente marchou". Un caso de mobilización y resistencia campesina en la Galicia del franquismo: las protestas contra la construción del embalse de Castrelo de Miño (Ourense, 1964-1965), en DÍAZ BARRADO, M.P., (coord.), *Historia del tiempo presente. Teoría y metodología*, Universidad de Extremadura, pp. 361-366; COLLARTE PÉREZ, A., (2006), "La desposesión de espacios comunales en el franquismo. Poderes locales y resistencias campesinas en la Galicia agraria. Ourense, 1950-1978", *III Simposio Latinoamericano e Caribeño de Historia Medioambiental*, Carmona

[713] Igual ocorreu coa poboación alemá durante o período nazi segundo as conclusión de I. Kershaw no seu estudo sobre Baviera, onde repara en que o ascente do proxecto hitleriano na poboación concomitaba co descontento que na poboación producían, por exemplo, as malas condicións materiais e o desenvolvemento da política relixiosa. KERSHAW, I., (1983), *Popular opinion and political dissent... op cit*

"Aquí miedo al régimen ninguno, aquí había miedo á guardia civil" sinala A. ao relatar a situación existente nos anos corenta e cincuenta no concello coruñés de Aranga[714]. Gamson indica que "mentres a indignación moral estea estreitamente centrada en actores humáns sen fixarse na estrutura na cal funcionan, os marcos de inxustiza serán pobres ferramentas para a acción colectiva, conducíndoa á ineficacia". No mesmo senso argumentan Barranquero e Prieto para a provincia de Málaga ao referirse ás malas condicións de vida dos anos corenta, "unha gran proporción da poboación que sufría estes efectos da política económica e social franquista non era consciente da responsabilidade do réxime, o mesmo que esta proporción que vía nas causas das enfermidades algún axente natural e fatal... A fame e a epidemia consideráronse grandes desgrazas contra cuxos efectos había que loitar e cos que había que vivir"[715].

Culpabilizar da situación de inxustiza e de indignación moral, atribuír a culpa, é unha condición necesaria para aceptar que dita situación pode ser mudada. A inexistencia dunha culpabilización "ao réxime" senón a autoridades locais, a falanxistas concretos, ao sindicato, aos grandes estraperlistas ou mesmo a "desgrazas" sen máis explica en parte o porque da feble oposición. Isto levou a busca de solucións individuais a través de favores persoais e deu paso á condena moral de accións concretas e a unha concepción xeral de indiferenza, e mesmo favorable, con respecto ao franquismo[716]. A participación dun grupo social sexa nun movemento social presupón a superación do illamento individual para constituirse nun actor colectivo que busca promover un cambio favorable aos intereses dos seus membros ou oporse a un cambio que os afecta. Os movementos sociais son accións colectivas que responden a necesidades comúns nas que se desenvolve unha certa conciencia de intereses comúns, diferenciados ou opostos aos dos demais. As investigacións neste campo amosan que o xurdimento dun movemento social é un proceso acumulativo de aprendizaxe colectivo onde interveñen cando menos tres elementos: un interese común, unha capacidade suficiente e unha situación oportuna de actuar. Antes de integrarse nunha acción colectiva os suxeitos deben estar convencidos da súa valía, e neste proceso de "mobilización de consenso", xogan un papel chave os líderes e as redes sociais existentes, así como o acordo sobre o diagnóstico da situación e as medidas propostas. A mobilización para a acción colectiva implica una situación de insatisfacción coa situación existente, unha aspiración de cambio, unha convición que iso pode ocorrer por medio dunha acción conxunta, e por último, un compromiso persoal baseado na aceptación dos fins e os medios propostos.

Moitos destes elementos sinalados non se deron no rural galego dos anos corenta e cincuenta debido a que a adaptación, por unha ou outra causa, como temos visto, foi a opción presente no comportamento da poboación. O medo, a fame, as ansias

[714]Entrevista a A.M.P.B., parroquia de S. Pedro de Cambás, concello de Aranga

[715]GAMSON, W.A., (1995), "Constructing Social Protest", en JONHSON; KLANDERMANS, B., (ed.), *Social Movements and Culture*, UCL press, p. 92, cfr. en FERNÁNDEZ. C.; SABUCEDO, X.M., (2004), *Do descontento á acción... op cit*, p. 147; BARRANQUERO TEXEIRA, E.; PRIETO BORREGO, L., (2003), *Así sobrevivimos al hambre...op cit.*, p. 301

[716]Sobre a importancia dos favores persoais, vd. GÓMEZ HERRÁEZ, J., M., (1992), "Autarquía económica y descontento social en los pueblos de Albacete (1939-1959)", en *I Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, pp. 130-133

de normalidade, a falla de confianza nas formas de oposición existentes, o éxito do aleccionamento franquista, o respecto ás directrices emanadas dende os púlpitos ou a errada atribución de culpabilidade sancionaron a incapacidade para orquestar un movemento social antifranquista no rural galego alén do movemento guerrilleiro. Pero constatar isto non supón nin de lonxe deixar de evidenciar que a disidencia, o conflito e o descontento estaban presentes en todos os grupos da poboación rural, independentemente de que non construíran unha identidade colectiva de oposición. As resistencias foron unha constante e non poden quedar escurecidas e desvalorizadas a modo de anécdotas por non ter evoluído cara formas de antifranquismo. Recoñecer a existencia de consentemento supón recoñecer, de igual xeito, a súa concomitancia coas formas de resistencia civil. Como expón Peukert no seu estudo sobre a vida cotiá na Alemaña nazi, "as diversas formas de criticismo foron capaces de existir ao mesmo carón de recoñecementos parciais do réxime ou, cando menos, con aceptación pasiva da autoridade" (Peukert, 1987:65)

As experiencias cotiás da xente "normal" amósanse contraditorias e complexas e fan posible entender como o réxime puido constituírse e manterse durante os anos corenta e cincuenta. A vida diaria, coas súas durezas, rutinas e expectativas, é a clave para explicar por que a poboación tolerou e consentiu co réxime ditatorial saído dun frustado golpe de Estado que acabou en contenda. É a chave tanto para comprender as fontes das que xurdía o consentimento e o apoio como para valorar na súa medida os actos da resistencia civil.

BLOQUE III

TRES FORMAS DE RESISTENCIA CIVIL NO RURAL GALEGO

Capítulo 7

A resistencia medioambiental: a loita polo monte comunal

"Detiveron a José González Santiso, labrego, que vive nunha casa a 400 m. de onde ardeu, pois a este suxeito sonlle necesarios os pastos para a manutención das súas vacas e egua, xa que a capacidade das súas terras e posesións non lle eran suficientes. El négao con pretextos fútiles".

Parte de incendios. 1952. Monte Picato, Trabada (Lugo)

7.1 Introdución

Na primeira metade da década pasada os temas ambientais comezaron a gañar espazo nos asuntos de interese da opinión pública e na axenda política. O conflito social e o enfrontamento político arredor de problemas ambientais como o reparto de auga o a xestión de residuos provocaron unha toma de conciencia cidadá e política que arrastrou, como non pode ser doutro xeito, ás Ciencias Sociais, entre elas a Historia, a levar a cabo unha posta en valor dos parámetros medioambientais para dar unha explicación máis acaída ao desenvolvemento histórico[717]. Nós, seguindo esta liña, propomos unha relectura en clave medioambiental da conflitividade xerada en Galicia con motivo da repoboación forestal levada a cabo polo franquismo. Poderíamos ter escollido outra política que causara efectos parecidos, caso da concentración parcelaria ou a construción de encoros, pero por ser políticas máis tardías na súa aplicación, acadaron a súa máxima expresión na década dos anos sesenta, eliximos a forestal, ceñíndonos así ao marco temporal acoutado.

[717]De este interese xurdiron obras hoxe xa clásicas como GONZÁLEZ DE MOLINA, M., (1993), *Historia y medio ambiente*, Madrid, Eudema; GONZÁLEZ DE MOLINA, M., MARTÍNEZ ALIER, J., (ed), (1993), *Historia y Ecología, Ayer*, 11; GONZÁLEZ DE MOLINA, M.; MARTÍNEZ ALIER, J., (ed.), (2001), *Naturaleza transformada: estudios de historia ambiental en España*, Barcelona, Icaria; GUZMÁN CASADO, I. et ali, (coord.), (2000), *Introducción a la agroecología como desarrollo rural sostenible*, Madrid, Mundi-Prensa

Consideramos de interese, antes de entrar devagar no tema das resistencias á política de repoboación forestal franquista, recopilar, aínda que sexa esquematicamente, aquelas medidas ou lexislación franquista que operaron como xeradoras de resistencia civil, aínda que ao longo do capítulo adicado á definición e tipoloxización desta, estes "motivos" do descontento xa quedaron debuxados. Se tiveramos que facer unha relación destas causas de disenso no rural, estas serían moi semellantes ás designadas polas antropológas portuguesas Dulce Freire, Inés Fonseca e Paula Godinho para o caso do Estado Novo e polos autores da Historia cotiá alemá para o réxime imposto por Hitler. Alén do despotismo das formas de actuación, da violencia e doutros "modos" característicos dos réximes fascistas, as medidas que causaron maiores e máis continuadas mostras de disenso no espazo rural poderían resumirse cumpridamente nas seguintes.

Empezemos por sinalar o disenso creado por certas medidas da política económica que afectaron particularmente, aínda que non só, ao agro. A política intervencionista baseouse na crenza de que os prezos dos produtos e dos factores de produción podían fixarse por decreto, á marxe dos mercados, á imaxe do disposto pola política agraria nazi e, focalizada, seguindo os pasos da *Bataglia del Grano* mussoliniana, no sector cerealícola. O fracaso das medidas intervencionistas levou á Administración a adoptar novas disposicións reguladoras e máis controis (regulación de superficies de cultivo obrigatorio, requisas, entrega de cupos, taxacións de prezos, etc.) iniciándose unha espiral que culminou nunha situación na que as medidas afectaban ata aos máis ínfimos detalles da produción, da comercialización e do consumo dos produtos intervidos. A intervención dos mercados fixo indispensable o racionamento, que aínda que concebido como unha medida provisoria, acabou durando máis de 13 anos (1939-52). A consecuencia desta política foi a xeración dun descontento social xeralizado que, a pesar das duras sancións previstas para aqueles que non respetaran as estipulacións oficiais, non tardou en manifestarse a través de múltiples formas de protesta, sendo, como temos visto, o desenvolvemento do comercio clandestino, o "mercado negro"[718].

Xunto ao intervencionismo económico outro motivo provocador dun alto grao de conflitividade social no agro galego foi a organización corporativa. Á destrución das organizacións políticas e sindicais de clase ás que estaban adscritos extensos colectivos do campesiñado (o xa comentado movemento agrarista) seguiulle a creación dun sindicalismo oficial de carácter obrigatorio a través de órganos de integración corporativa do campesiñado, as "Hermandades Sindicais de Labregos e Gandeiros", un tipo de estrutura onde, ao contrario que os sindicatos de clase, se xuntan traballadores e propietarios en aras de evitar os conflitos de clase no seo da poboación rural. No Estado Novo portugués implantase o mesmo esquema coa constitución das "Casas do povo" e, en ambos os casos, a función de control do campesiñado resulta a principal, deixando nun segundo ou terceiro plano os labores de mellora económica e social que en teoría definían a súa natureza. Como se ten dito por parte dun pro-

[718]NAREDO, J.M., (1981), "La inciedencia del estraperlo en las grandes fincas del sur de España", *Agricultura y Sociedad*, 19, pp. 81-128; BARCIELA LÓPEZ, C., (1998), "Franquismo y corrupción económica", *Historia Social*, 30, pp. 83-96; BARCIELA, C. (ed.), (2003), *Autarquía y mercado negro. El fracaso económico del Primer Franquismo, 1939-1959*, Barcelona, Crítica, sobre todo pp. 55, 66-67

pagandista do Estado salazarista, tratábase de "un organismo que por si só sintetiza os principios fundamentais do sistema corporativo...é, por así dicir, o lar corporativo que ten sempre encendida a braseira da paz social" (Valente, 1996:41). As Hermandades e as demais organizacións do sindicalismo oficial franquista convertéronse para o campesiñado nunha carga económica, e moitas veces de traballo, e máis nun ámbito de corrupción para os afíns ao réxime e grandes propietarios, o que as converteu noutro foco de conflitividade contínua.

O establecemento de trabucos e certas contribucións, así como a rixidez da cobranza, foron tamén tremendamente impopulares nos diferentes réximes fascistas, en relación coa preocupación da poboación por asegurar a súa supervivencia e acadar mellores condicións de vida. No caso portugués a reforma fiscal de 1928 sería o punto álxido deste motivo de disidencia. No réxime de Vichy, a medida máis impopular tivo que ver coa imposición da prestación de traballo, o Service du Travail Obligatoire (STO). Esta obriga instaurouse en setembro de 1940 na zona libre e implicaba ir a traballar en réxime de escravitude nas industrias de guerra almás.

Diferentes políticas definidoras da contrarrevolución agraria buscada polo franquismo están tamén na orixe de diferentes tipos de conflitividade. Como xa vimos, a implantación efectiva dalgunha destas medidas deu lugar a distintas actitudes en tanto que perxudicados/beneficiados pola mesma pero, a nivel xeral, as que resultaron máis conflitivas en Galicia foron as relacionadas coa repoboación forestal e coa construción de encoros, xenericamente, a política hidráulica. Sen dúbida este non é un resumo cumprido das políticas que orixinaron a protesta campesiña senón unha somera enumeración das dúas máis conflitivas en Galicia. Outras medidas como a de colonización, inspirada pola *bonifica integrale* desenvolvida polo fascismo italiano, e posta en marcha tamén no Portugal de Salazar, tamén focalizou o descontento campesiño. A instalación de colonias agrícolas foi unha das políticas anunciadas polo Estado Novo portugués, e igual que no caso español, estaba destinada a contribuír a arranxar as estructuras agrarias conforme aos seus presupostos e obxectivos politico-ideoloxicos. Así, atribuíanse ás colonias agrícolas as funcións de "espazos moralizantes" e de "laboratorios sociais", titorializados con base a unha lóxica común reveladora da vontade de centralizar e integrar nun modelo único as propias especificidades locais" (Monclús e Oyón, 1988: 219). Pero non foi así, e afloraron diferentes fórmulas de resistencia que imposibilitaron que estes espazos operaran como o modelo que os réximes fascistas da Península Ibérica desexaban[719].

E, á vista do volume de monte repoboado pola Administración forestal, cabe cualificar á repoboación forestal como a auténtica política agraria desenvolvida en Galicia no primeiro franquismo.

As diferentes temáticas relativas ao monte comunal viñeron centrando o groso das aportacións que dende a Historia medioambiental se viñeron realizando nos últimos anos. Congresos e publicacións evidenciaron a pertinencia de abranguer o estudo deste espazo superando a visión antropocéntrica habitual, posibilitando a súa aprenhensión dende enriquecedores presupostos: eficiencia das distintas formas de propiedade, ac-

[719]Sobre as diferentes políticas agrarias levadas a cabo polo Estado Novo, vd. BAPTISTA, F. O., (1993), *A política agrária do Estado Novo*, Lisboa, Ed. Afrontamento

ceso aos recursos, funcións medioambientais, etc. E dentro da atención adicada ao comunal sobresaen aqueles textos que se centraron no estudo dos conflitos sociais entendidos como conflitos ecolóxicos ou medioambientais[720]. Isto permitiu recoñecer a loita das comunidades rurais de diferentes períodos históricos e espazos, polo uso e o aproveitamento dos recursos naturais que aseguraban a súa supervivencia e establecer as súas formas de protesta fronte á privatización e mercantilización sen simplismos que as definían como meros delitos[721].

Neste capítulo a nosa pretensión é insistir no estudo das formas de protesta postas en práctica polas comunidades rurais donas do monte veciñal ante o Estado franquista que, seguindo os parámetros marcados polo Estado Liberal, e engadindo todo o poder de coacción do que era capaz, consagrou o *modo de uso industrial*, rompendo o *modo de uso campesiño* e condicionou a supervivencia da agricultura orgánica de pequena explotación característica no agro galego[722]. Xa que logo, a lexislación forestal franquista supuxo en Galicia un conflito medioambiental polo uso, entre unha

[720] As grandes liñas interpretativas poden reducirse a tres: a defendida por Joan Martínez Alier y Ramachandra Guha, o "ecoloxismo dos pobres", que parte da premisa de que a defensa dos recursos naturais é protagonizada polos grupos sociais máis desfavorecidos dende un discurso ecolóxico; a definida por Mauricio Folchi, para quen nin todos os conflitos de contido ambiental son ecoloxistas, nin todos os conflitos ecoloxistas son protagonizados polos "pobres", polo que propón a súa conceptualización como "conflito social con contido medioambiental"; a tercera opción, sostida por Antonio Herrera, David Soto e Antonio Ortega, e aquela que contempla a división dos conflitos arredor dos recursos naturais en tres categorías: medioambiental, ambientalista e ecolóxico, dependendo da identificación ou non dun comportamento sustentable nos actores. MARTÍNEZ ALIER, J., (2005), *El ecologismo de los pobres. Conflictos ambientales y lenguajes de valoración*, Barcelona, Icaria; GUHA, R.; GADGIL, M., (1993), "Los hábitas en la historia de la Humanidad", *Ayer*, 11, pp. 49-110; FOLCHI, M., (2001), "Conflictos de Contenido Ambiental y ecologismo de los pobres: no siempre pobres, ni siempre ecologistas", *Ecología Política*, 22, pp. 79-100; HERRERA GONZÁLEZ DE MOLINA, A.; ORTEGA SANTOS, A.; SOTO FERNÁNDEZ, D., (2006), "La conflictividad campesina como conflictividad ambiental. Una tipología para el estudio de los conflictos ambientales campesinos (siglos XVIII-XX)", *III Simposio de Historia Ambiental Latinoamericano y Caribeño*, Carmona

[721] Destaca o salto cualitativo que supuxo por en valor a propiedade comunal, pasando de aseverar a "traxedia dos comunais" (Garret Hardin) a ratificar a "traxedia dos cercamentos" (Martínez Alier, Ortega Santos). HARDIN, G., (1968), "The tragedy of the Commons", *Science*, 162, pp. 1243-1248; ORTEGA SANTOS, A., (2002), *La tragedia de los cercamientos. Desarticulación de la comunidad en la provincia de Granada*, Valencia, Fundación Instituto Historia Social-UNED. Sobre a superación da asignación da categoría de "delito" a formas de comportamento do campesiñado, vd. CRUZ ARTACHO, S., (2000), "De campesino a ladrón y delincuente en Andalucía (XIX-XX)... *op cit.*

[722] O concepto "modo de uso" proposto por Guha e Gadgil permite diferenciar unhas formas de produción de outras dentro do mesmo sistema de organización económico e social. Segundo estes autores, dous son modos de uso que historicamente se teñen dado, o "modo de uso campesiño", propio de sociedades de base orgánica, e o "modo de uso terciario ou industrial", daquelas que empregan bases combustibles non orgánicas. GUHA, R.; GADGIL, M., (1993), "Los hábitats en la historia de la humanidad... *op cit.* Unha aplicación práctica da valía da teorización sobre modos de uso para abranguer a conflitividade xerada no monte, vd. GRUPO DE ESTUDIOS AGRARIOS, (2003), "Modos de uso y protesta social en los montes andaluces, 1750-1930. Algunos estudios de caso", en SEBASTIÁN AMARILLA, J.A.; URIARTE AYO, R., (ed.), *Historia y economía del bosque en la Europa del Sur (siglos XIX-XX)*, Zaragoza, Monografías de Historia Rural, Seminario de Historia Agraria, Prensas Universitarias de Zaragoza, pp. 161-194

Administración decidida a dar aos montes un emprego forestal e unhas comunidades que entendían o monte como espazo agrario[723].

7.2 As comunidades rurais fronte "a Forestal". As resistencias contra o "modo de uso industrial"

Sen lugar a dúbidas, o conflito máis destacado na historia do monte galego desatouse pola irrupción no comunal dunha lóxica produtivista antagónica á dos labregos e un sistema de propiedade oposta á exercida polas comunidades rurais, cuxa imposición comeza co Estado Liberal no século XIX e acada o seu punto álxido nas primeiras décadas do réxime franquista. Este, por primeira vez na historia de España, conta coas ferramentas e recursos necesarios para acometer o proceso de desposesión dos montes comunais á poboación rural. Para iso era preciso unha Administración omnipotente, unha absoluta desconsideración pola problemática causada á poboación rural coa súa política produtivista e unha carencia de recursos organizativos propios por parte das clases subalternas para mediar fronte aos desafíos e abusos exteriores. Todas estas fasquías se deron a partir da guerra civil e da represión que a seguíu.

Con estes novos medios o Estado tratou de impor a propiedade privada e o aproveitamento forestal no monte veciñal co obxectivo de abastecer a empresas papeleiras e celulósicas e acadar o ideal autárquico que envolveu toda a súa política económica ata a década dos sesenta. Coa Lei que da pé á creación do organismo repoboador por excelencia, Patrimonio Forestal do Estado, do 10 de marzo de 1941 e o seu regulamento, onde se crea a figura do consorcio e se aposta pola forestación masiva en termos de xestión pública, e a posterior Lei Hipotecaria de 1946, pola que se permite a inscrición dos montes comunais por parte dos concellos coa mera certificación do secretario municipal, póñense as bases legais para o desmantelamento da propiedade e xestión dos montes veciñais, un despoxo que continuou coa Lei Xeral de Montes de 1957. Ata a tardía Lei de 1968, que poñerá o primeiro chanzo no proceso de devolución da propiedade veciñal ás comunidades rurais galegas, o Estado franquista

[723]En España a vía para o desenvolvemento agrario denominado xenericamente como "Revolución Verde" empeza a abrollar despois da longa posguerra, definida polas políticas autárquicas, rachando coa forma de agricultura orgánica avanzada que, grazas ao labor do Estado na difusión das innovacións tecnolóxicas e ao artellamento da sociedade rural, se tiña acadado dende a crise agraria finisecular. O franquismo favoreceu un novo paradigma tecnolóxico que optou pola intensificación da agricultura modificando o modelo enerxético, pasando dunha agricultura de base orgánica a outra baseada en recursos non renovables e moi intensiva en capital e insumos externos con consecuencias claramente negativas tanto a nivel medioambiental como social. Sobre esta mudanza e os seus efectos, vd. SOTO FERNÁNDEZ, D., (2002), *Transformacións productivas na agricultura galega contemporánea: da Agricultura Orgánica á Revolución Verde... op cit.*

vai ignorar completamente os dereitos destas[724]. Pero non o vai facer, como imos ver, sen enfrontarse ás protestas daquelas.

O monte veciñal antes da acción da política repoboadora franquista era unha reserva de terras para o pastoreo, para o cultivo, para o abastecemento de adubo (sobre todo co toxo, *ulex europeus*), pero tamén para a recolección de madeira e leñas, cogumelos, etc[725]. Recursos todos eles que as comunidades aproveitaban e empregaban seguindo criterios da propiedade comunal, é dicir, mediante unha autoxestión independente de calquera outra instancia. O carácter vital destes recursos nunha economía campesiña orgánica como era a galega neses momentos explica por que as protestas por parte das comunidades rurais se reproducen e se sucenden dende o mesmo inicio do proceso de repoboación. A resposta veciñal fronte á usurpación é inmediata e toma diferentes formas, moitas delas xa empregadas en períodos históricos anteriores, sobre todo ante a Administración Liberal[726].

David Soto e Lourenzo Fernández Prieto, nun intento por sistematizar ditas mostras de resistencia repararon nas reclamacións administrativas; nas "respostas violentas"; nos preitos xudiciais; nas estratexias propias das armas do débil; na continuación do proceso de individualización do comunal[727], que mudaba a configuración e natureza do monte veciñal convertíndoo legalmente en privado e particular; e nos incendios[728]. Xa que logo, e por iso, entre outras cousas, escollemos como estudo de caso as resistencias accionadas contra a política forestal franquista, danse todo o tipo de fórmulas de resistencia que temos rexistrado, dende a aberta (respostas violentas, levar pastar o gando, incendios, boicots, "armas do débil"), ás non dirixidas (estivadas, incendios), pasando pola institucionalizada (preitos, cartas, reclamacións administrativas, etc.).

[724]Sobre o longo proceso que se abriu coa lei de 1968 e rematou co inicio da clasificación dos montes veciñais nos anos oitenta, e que supuxo o rotundo fracaso da opción forestal nos montes comuniais de Galicai, vd. GRUPO DE ESTUDIO DE LA PROPIEDAD COMUNAL, (2004), "La devolución de la propiedad vecinal en Galicia (1960-1985). Modos de uso y conflicto de propiedad", *Historia Agraria*, 33, pp. 107-130

[725]Sobre a importancia do comunal como base para a supervivencia das comunidades campesiñas galegas, vd. BALBOA LÓPEZ, X.L., (1999), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais. No estudo sobre as comunidades de montes veciñais en mán común dos concellos de Maceda, Vilar de Barrio e Laza, na provincia de Ourense, faise mención ás utilidades do monte veciñal antes de ser repoboado por PFE e, como a xeralidade dos montes comunais galegos, apréciase a súa condición de espazo agrícola. O pastoreo (uso que facían o 87,55% dos veciños), a recollida de toxo (un 82,2%), de leña (32,8%) e a agricultura de rozas (28,1%) eran preeminentes. GARCÍA NÚÑEZ, P., (2005), *Estudio das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común dos concellos de Maceda, Vilar de Barrio e Laza (Ourense)*, Traballo de Investigación inédito, Escola Politécnica Superior, p. 15

[726]Sobre a conflitividade histórica que rodeu ao comunal galego, vd. GUITIÁN RIVERA, L., (2001), "La destrucción histórica del bosque en Galicia", *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 13, pp. 105-166; REY CASTELAO, O., (1995), *Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela; VELASCO SOUTO, C. F., (2003), "Conflictos sobre montes en la Galicia de la primera mitad del XIX... *op cit*

[727]Unha explicación pormenorizada deste proceso en ARTIAGA REGO, A.; BALBOA LÓPEZ, X.L., (1992), "La individualización de la propiedad colectiva: aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia", *Agricultura y Sociedad*, 65, pp. 101-120

[728]SOTO FERNÁNDEZ, D.; FERNÁDEZ PRIETO, L., (2004), "Política forestal e conflitividade nas terras comunais de Galiza durante o franquismo 81939-1975), en FREIRE, D., et ali (ed.), *Mundo Rural. Transformaçao e Resistência na Península Ibérica (século XX)*, Lisboa, Ed. Colibrí, pp. 225-249

E mesmo é doado percibir, a través dos testemuños da historia oral, como as formas latentes de resistencia propias da resistencia implícita tiveron tamén o seu espazo.

Como pode verse, colocamos os incendios do monte repoboado en dúas categorías. É, sen dúbida, unha das formas de máis difícil categorización e por iso, e polo interese do seu estudo debido a inexistencia de traballos que o teñan como obxectivo temático no período que nos estudamos, anos corenta e cincuenta, consideramos que a súa análise debe ter un lugar preferente neste capítulo. Pero, antes de entrar na súa causalidade, natureza e consecuencias, repararemos na análise doutras formas de resistencia rexistradas no monte veciñal galego.

7.2.1 As modalidades de resistencia fronte a política de repoboación franquista no monte comunal galego: a activación dun arsenal amplo e diverso

O anceio por iniciar os acordos que organizaban as repoblaciones de xeito rápido e inmediato é comprensible se temos en conta que para as autoridades do réxime a política forestal era unha total prioridade, e máis na zona noroeste da península. O Secretario Xeral de Falange fixo chegar ao Xefe Provincial de Lugo unha circular xa no ano 1938 na que insiste en que "a repoboación do chan nacional, convertido pola incuria duns ou o egoísmo dos demais, en calvas e páramos, e a súa transformación en bosques follosos, que á vez que acrecentan a nosa economía sirvan para exercer unha influencia beneficiosa para o país, é *tarefa urxente e inaprazable*". Falanxe non era a única que tiña un desexo fervente de iniciar a "cruzada" repoboadora, tamén organismos como as Deputacións. Así o deixa patente o testemuño de López Acuña, un dos homes fortes da entidade provincial en Lugo,

> "Nos actuais momentos de loita económica, España, ao unísono das nacións irmás, cifra na revalorización das súas propias riquezas o fundamento esencial dun futuro próspero e independente, que cristalice nunha magnífica e auténtica realidade, o transcendental problema das autarquías. Pero non seríamos xustos, nin quedaríamos tras deste parágrafo satisfeitos, se non fixésemos enxalzar, como un dos máis sólidos e decisivos factores para o desenvolvemento desta política económico social, o da repoboación arbórea dos nosos montes, que asegurando o seu rendemento, mediante unha ben dirixida e ordeada técnica forestal, evite ou cando menos disminúa considerablemente, as fantásticas sumas que acadou a importación que facía España anualmente de madeiras, procedentes do norte de Europa e repúblicas americanas... A Excelentísima Deputación de Lugo, animada do poderoso alento Nacionalsindicalista e consciente dos elevados destinos que lle foron confiados, ao instar da súa xestión a custodia e réxime económico dos intereses provinciais, non podía permanecer indiferente ante a *vital cuestión que presenta o aproveitamento silvícola dos seus extensos montes*, moitos deles convertidos en minguados páramos e eirais, como máximo en terreos

áridos, medianamente fecundos en matorrais de mezquiña remuneración e pastos para o gando" [729]

Ambos testemuños evidencian a trascendencia que a tarefa repoboadora acadaba na acción estatal e, a máis diso, demostran a visión que sobre o espazo a monte se tiña dende o poder. Igual que os enxeñeiros forestais do réxime liberal, as autoridades franquistas non compartían a percepción que do monte tiñan as comuniades rurais, e desmerecían e desvalorizaban os usos e aproveitamentos que se facían del. Primaban unha visión na que o monte debía ser "bosque", é dicir, arborado, en función dos intereses puramente económicos da industria fronte aos dos pobos[730].

Coa repoboación o beneficio do comunal reverte a favor das corporacións locais, que se outorgan a propiedade dun terreo que en puridade non lles pertence, a Administración provincial e Patrimonio, polo que todas esas instancias apoiaron as repoblacións masivas con argumentos técnicos, económicos, políticos, ecolóxicos e sociais sen importarlles o carácter insidioso das mesmas[731]. Discútense as aptitudes agronómicas dos montes, arguméntase sobre as "enormes vantaxes" da repoboación con especies de rápido crecemento e quenda curta e sobre a conveniencia de crear masas monoespecíficas de *pinus pinaster*, xúlgase o sistema de explotación como "atrasado" e "tecnicamente insostible" e insístese en que son a "ignorancia" e a "pobreza" dos campesiños as que non lles permiten ver as grandes vantaxes económicas que para eles vai ter a tarefa repoboadora[732].

Como noutros apartados do noso traballo a provincia de Lugo serviranos como espazo de análise, polo que é pertinente aportar unhas pequenas nocións sobre o que o proceso de repoboación supuxo no comunal de dita circunscrición[733]. Nesta

[729] El PROGRESO, 1-4-1942

[730] Igual comportamento que o consignado en Portugal durante o Estado Novo. A ditadura de Salazar tampouco quixo ver a utilidade e necesidade dos "baldíos" para as comunidades rurais da montaña portuguesa. FONSECA, I.; FREIRE, D., (2003), "Bárbaros sin liberdad". Resistencia y agitación en las comunidades de montaña contra la acción de los servicios forestales en Portugal (1926-1974)", en SEBASTIÁN AMARILLA, J.A.; URIARTE AYO, R. (2003). *Historia y economía del bosque en Europa del Sur (siglos XVIII-XX), Monografías de Historia Rural*, Seminario de Historia Agraria, Zaragoza, pp. 195-222

[731] Lembremos que por medio dos consorcios, as corporacións municipais poderían obter o 40% do beneficio da corta de madeira, a Deputación un 25% e o PFE quedaríase co restante 35%. Estas proporcións manteranse invariables ata 1965.

[732] Estes razoamentos aparecen nas Memorias dos consorcios de xeito continuado, de feito, poderiamos falar dunha "plantilla" usada para o conxunto dos montes. En concreto, os extractos sinalados son da Memoria de Repoboación do monte Picato. Trabada. Consorcio indirecto. 1944. Igualmente a prensa está plagada de argumentos deste tipo feitos por enxeñeiros forestais e funcionarios da Administración. O xa citado López Acuña, home forte da Deputación de Lugo, non se reprime ao sinalar que "analizada a grandes liñas a obra de Repoboación Forestal que queda consignada, só resta engadir... os pingües beneficios que no aspecto particular produce aos pobos que aportan montes rasos ao Consorcio, tendo presente, que ademais do aproveitamento de pastos, leñas mortas e matogueiras que son cedidos gratuitamente aos vecindarios correspondentes, beneficiaranse así mesmo da explotación da masa arbórea, nun 140% das utilidades, correndo sempre con todos os gastos, unicamente a Deputación e o Patrimonio Forestal, que facilita deste xeito saneados ingresos a moitos obreiro que atoparán traballo nos bosques...". EL PROGRESO, 1-4-1942

[733] A actividade repoboadora estatal en Galicia durante os anos corenta e cincuenta céntrase nos montes veciñais, de feito máis do 98% da superficie repoboada dende 1943 a 1975 ten estes montes

provincia, de 1940 a 1974 consórcianse un total de 111.232 ha. Delas, 20.337 ha, que se corresponden con 124 montes de 18 concellos, mediante decretos de repoboación obrigatoria. Isto débese á imposilidade de conseguir a firma dun consorcio por parte da Administración forestal, e demostra a súa decisión de repoboar a calquera prezo social e ata político[734]. En 1959, do total de 66 concellos existentes na provincia de Lugo, 46 cederan os montes veciñais á Deputación para que esta negociase a súa repoboación con PFE[735].

Os consorcios indirectos en Lugo comezaron de xeito moi temperá, concretamente en outubro de 1940, cunha proposta de repoboación de 200 ha. para o monte Buio, no municipio de Viveiro, e son os predominantes ata a metade dos anos cincuenta, momento a partir do cal diminuíron para desaparecer co inicio da nova década. O monte comunal da provincia de Lugo amosa uns ritmos de firma de consorcios e de repoboación moi similar ao resto de Galicia[736]. Como pode verse na seguinte gráfica, son moi moderados na década dos corenta, e presentan un aumento fulgurante na década que segue ao ano 1953. Entre 1940 e 1955 Patrimonio consorciou a través da Deputación Provincial un total de 55.409 ha. no conxunto da provincia.

A intervención das Deputacións nos primeiros pasos da repoboación franquista está en relación, ademais de co seu desexo de obter beneficios económicos, con que estes plans de repoboación iniciais teñen como base os xa redactados nos anos vinte, nos que esta institución tiña total protagonismo. A maiores, as Deputacións contaban con Servizos Forestais e Patrimonio entendía que o seu ascendente sobre concellos "díscolos" era moi favorable para conseguir terreos para repoboar[737]. Tan axiña como Patrimonio deixa de ver os beneficios do labor desta institución, busca os consorcios directos coas corporacións municipais, o que eleva a súa parte nos beneficios (ata o 60% das cortas) e fai máis sinxelos os traballos de coordenación. Debemos dar conta, ademais, de que o traballo conxunto non se realizaba en total sintonía e máis dunha vez os funcionarios de Patrimonio quéixanse dos seus homónimos da Deputación lucense. Nos informes que redactan sobre os conflitos existentes, os enxeñeiros móstranse contrariados tanto porque constatan que as máis diversas problemáticas sobre o labor de repoboación forestal asoman sempre nos casos nos que a Deputación participa e non tanto naqueles que Patrimonio asina directamente cos concellos, como porque

---

como obxectivo. Os dados que aquí se presentarán sobre as repoboacións, xa en cifras, xa cartografiados, proceden, a non ser que se indique o contrario, da información recollida en AHPL. Delegación Provincial de Agricultura. Arquivo de San Breixo PFE. Brigada de Lugo. Plans, proxectos e propostas de traballos. Repoboacións. Sig. 11320- 11325.


[734] A negativa a asinar consorcios coa Administración franquista por parte dalgúns concellos, como Trabada, provocaron a saída das súas corporacións. Un caso destacado é o do municipio de Cervantes, onde o alcalde se nega a subscribir ningún consorcio sendo aprobados estes con carácter forzoso en 1958. MOLINA VÁZQUEZ, X.X., (1999), "Incidencia da política de repoboación forestal na provincia de Lugo... *op cit.*, p. 115; RICO BOQUETE, E., (1995), *Política forestal e repoboacións en Galicia... op cit,* pp. 64,72

[735] En total, foron 62 os municipios afectados por consorcios, xa directos, xa indirectos. Os únicos que non se viron afectados foron Alfoz, Barreiros, Outeiro de Rei e Rábade. RICO BOQUETE, E., (1995), *Política forestal e repoboacións en Galicia... op cit,* p. 65

[736] Este conta cun pormenarizado estudo en RICO BOQUETE, E. (1995), *Política forestal e repoblacións en Galicia... op cit.*

[737] RICO BOQUETE, E., (1995), *Política forestal e repoboacións en Galicia... op cit,* p. 57-59

Figura 7.1: Evolución de hectáreas consorciadas a través da Deputación en Lugo (1940-1955)



entenden que a Deputación non intervén cando a comunidade expresa a súa oposición á intervención forestal nos seus montes veciñais.

A incidencia dos consorcios e posteriores traballos de repoboación foi moi diferente non só no ritmo temporal, senón tamén a nivel xeográfico. Hai fortes diferenzas dentro da mesma provincia. Concellos como Quiroga, Fonsagrada, As Nogais, Friol, Pobra de Brollón e Navia de Suarna resultaron especialmente "castigados" ofertando os seus concellos grandes áreas de monte á Deputación para que esta acordase a repoboación con PFE[738]. Tamén cabe precisar a diferenza entre os montes veciñais daqueles municipios, como Viveiro, Friol, Trabada, Ribadeo, Sober, e Guntín que inauguraron as ansias repoboadoras da Administración e antes de 1945 boa parte das súas hectáreas son desconectadas dos seus usos agrosilvopastorís, doutros como Cervantes, Navia de Suarna, As Nogais, Baleira, Palas de Rei, Pastoriza ou Pol cuxa repoboación non foi ordenada e tramitada maioritariamente ata mediados dos anos cincuenta. Inicialmente a Administración forestal mostra unha clara preferencia pola zona costeira, aínda que se trate dunha zona cunha superficie de monte veciñal escasa en comparación con outros lugares da provincia, porque é das zonas edáfico-climáticas máis favorables para as novas plantacións. Pero, como pode observarse no seguinte mapa, os consorcios indirectos van estenderse practicamente á totalidade da xeografía provincial.

Evidentemente unha cousa é consorciar e outra diferente é a efectiva repoboación. Eduardo Rico calculou que en Lugo se repoboaron o 81,23% das hectáreas consor-

[738]Entre 1941 e 1955 en Quiroga consorciáronse de xeito indirecto 5.993 ha, en Fonsagrada 5.559 ha, en Friol 3.172 ha, en As Nogais 2.565 ha, en Pobra do Brollón 2.553 ha e en Navia de Suarna 1.384 ha

Figura 7.2: Concellos nos que os montes veciñais foron consorciados por PFE vía Deputación provincial (1941-1955)



ciadas[739]. Así, das 55.409 ha consorciadas indirectamente ata 1955, as repoboadas aunarían unha superficie de 45.009 ha[740].

Nesta provincia, como no resto do Estado, os labores tradicionais que se realizaban secularmente no monte comunal galego pasan a ser denominados e definidos polo

[739]RICO BOQUETE, E., (1995), *Política forestal e repoboacións en Galicia... op cit.*, p. 132

[740]Desde 1941 ata 1955 a repoblación real, seguindo os datos da Estatística Forestal de España, afecta a algo máis de 34.100 ha. pero esta estatística non ofrece para a provincia de Lugo dados para os anos 1951 e 1955. Eduardo Rico, partindo de fontes máis solventes, calcula que se repoboou en todo o periodo franquista (1941-1974) 88.243 ha. RICO BOQUETE, E., (1995), *Política forestal e repoboacións en Galicia... op cit*, p. 132

franquismo como "usos indebidos" e, polo tanto, criminalizados e perseguidos sen matices pola Administración forestal. Esta exerce un control milimétrico do territorio a través da gardería forestal e da presenza continuada dos enxeñeiros, aemais da acción dos gobernos locais. Por iso, moitas das formas de resistencia consisten na continuación deses labores, en tanto que ruptura das normas implantadas polo poder e como espazo para a conservación de modos de vida e de identificación que supoñen o distanciamento entre discurso franquista e poboación rural.

Parece claro que, polo volume de sancións rexistradas nas fontes, a poboación de certas zonas de Galicia non estaba disposta a renunciar ao monte, que seguía a considerarse un recurso primordial e irrenunciable. Pero máis alá das cifras brutas, o tipo de actividades sancionadas dan idea tamén de cales eran os usos do monte comunal que máis ferreamente defendidos foron[741].

Comezaremos por achegarnos ás formas cuxas fasquías as colocan dentro da resistencia aberta. A dependencia das poboacións rurais galegas do gando e a decisión firme do Estado de repoboar fan que o pastoreo ilegal sexa, con moito, a forma de aproveitamento máis perseguida e duramente sancionada, dados os cuantiosos danos que este causaba nas plantacións. A multiplicación das sancións nas primeiras décadas do franquismo destaca dous aspectos principais: por un lado, que ata os usos máis insignificantes, mesmo cando non causaban dano ningún, van ser castigados por unha Administración forestal que tiña orde de non permitir ningún tipo de ruptura das súas normas e, por outro lado, que precisamente son estas formas aparentemente inocuas as que serven aos privados de recursos para desenvolver o seu plan de resistencia contra o que consideran unha usurpación. Insitimos, xa que logo, na racionalidade das formas de resistencia cotiá: cando os piñeiros do Patrimonio Forestal enchían o monte baixo, era moito máis efectivo para unha poboación condicionada polo medo enviar a un rapaz para pastorear as cabras para que estas estragaran a plantación que, por exemplo, arriscarse a personarse no monte e provocar un altercado violento.

Segundo o telegrama que envía o Enxeñeiro Xefe do Distrito forestal ao Gobernador Civil de Lugo en decembro de 1942, é preciso que a autoridade provincial tome medidas para "amparar" a repoboación do monte Ladairo, no concello de Guntín, contra os danos que a través do pastoreo de gando, realizan as comunidades veciñas,

> "o garda forestal de monte Ladairo en repoboación pon no meu coñecemento tres denuncias, unha para un veciño de Pradeda por pastoreo abusivo consistente en 223 cabezas de cabras na zona plantada do monte con danos consistentes na destrución de 300 buracos; outra contra outro veciño do mesmo pobo por idem con 10 cabezas de cabras, 11 de ovellas e 4 vacas con destrucción de 100 buracos; a terceira a un veciño de Villameá por idem causas con 4 vacunos, 20 buracos destruidos, negándose a retirar o gando malia os requerimentos feitos polo garda forestal. Segundo as tarifas por pastoreo abusivo e especie de gando, ao primeiro multa de 46 ptas

[741] CABANA IGLESIA, A.; SANTOS PÉREZ, A., (2004), "Everyday Resistance of the Spanish Peasantry to Francoism in the 40's. The Rural Galicia Case", *Fifth European Social Science History Conference* (ESSHC), Berlín.

> en papel do Estado, 230 ptas en metálico como indemnización por danos na plantación; ao segundo 31, 75 e 175 ptas respectivamente; ao terceiro 15 ptas e 30 ptas"

As medidas sancionadoras non deberon ser resolutivas xa que nunha comunicación do gobernador de dous meses despois (2-1-1943), éste engade ás multas "arrresto gubernativo de 15 días a cada un dos denunciados"[742]. Non é raro que as autoridades superiores confirmen e engadan castigo ao xa posto por entidades inferiores. Debemos ter en conta que a reiteración nas resistencias era un dos maiores carros de batalla para as comunidades porque é xusto nesta repetición, neste contínuo goteo de gando no monte, onde estaba a mellor arma das comunidades rurais.

Este "amparo" tamén parece que era preciso nos montes da provincia de Pontevedra a tenor dos dados cos que contamos sobre a realización de pastoreo nos montes repoboados. O número de oficios da Brigada do Patrimonio Forestal de Pontevedra aos xuíces de primeira instancia e de instrución dos diferentes Distritos da provincia sobre as multas impostas por pastoreo abusivo é de por si ilustrativo. Do 10 de marzo ao 24 do mesmo mes do ano 1955, é dicir, en menos de 15 días, os oficios indican que foron interpostas 324 multas. A isto hai que engadir que todo parece indicar que non estamos ante unha relación completa das sancións, senón que houbo máis multas nese período pero que aínda estaban sen tramitar[743]. Nese medio mes de referencia as normas sobre non levar gando ao monte repoboado foron ignoradas polos habitantes de ata 14 concellos da provincia (Baiona, Campo Lameiro, Moraña, Oia, Ponteareas, Porriño, Redondela, Rodeiro, A Estrada, Fornelo de Montes, Gondomar, Vila de Cruces, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa) e varios limítrofes cuxo monte veciñal estaba dentro dos lindes provinciais de Pontevedra (Antas de Ulla, Avión ou Cea). As multas rara vez son unipersoais, o normal é que sexan varios veciños dunha mesma parroquia os que aparezan como receptores da sanción. Non estamos ante un pastoreo colectivo, senón que cando o garda forestal se decide a vixiar o monte dunha parroquia concreta atopa a moitos dos veciños con gando, de xeito que a multa resultante é para varios pastores[744]. E, como quedou ilustrado no texto sancionador do pastoreo no monte Ladairo de Guntín, a multa varía en razón do número de cabezas e do tipo de gando, ademais do nivel do estrago que o garda comprobe na repoboación. As multas son bastante onerosas, sobre todo se temos en conta a precariedade das economías da época, sendo o mínimo 10 ptas. Na súa maioría son pagadas mediante un xiro postal e senón en papel do Estado. No caso de ser cuantiosa a cantidade, cóbrese con pagos a prazos.

---

[742] AHPI.. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Goberno e réxime interior. Negociado de Orde Pública. Multas. Sig. 13.367

[743] A relación de multas impostas nese período na provincia non é completo pois as autoridades da Administración Forestal fan chegar a 11 concellos, algúns a maiores daqueles dos que teñen poboación sancionada, unha reprobación e un aviso sobre o comportamento que seguen de non dar trámite a multas postas polo Distrito Forestal. Polo tanto, todo fai supor que si os concellos realizaran unha boa xestión das multas por esta causa éstas serían moito máis numerosas para ese período. AHDPP. Servizos Forestais. Caixa 9.482

[744] É o caso dunha multa de 115 ptas posta o mesmo día a sete veciños da parroquia de Laxe, no concello de Fornelo de Montes, catro delas mulleres, AHDPP. Servizos Forestais. Caixa 9.482

A reiteración desta forma de resistencia obrigou a Patrimonio a aumentar constantemente os gastos en persoal e vixilancia. Así, o Enxeñeiro Director da Brigada do Servizo Forestal solicita a contratación de máis gardas ao Director do Patrimonio no mes de marzo de 1955, e aproveita para comentar que, aínda que xa tivera en plantel 72 encargados de mirar polas repoboacións, había unha "grande necesidade de vixiantes... gran problema na distribución de gradas porque para poder vixiar eficazmente a gardería ten que realizar un esforzo por encima das súas posibilidades"[745].

Antóm Santos, a partir do seu estudo sobre o caso dos montes veciñais da comarca luguesa de Sarria, sinala que o maior volume de denuncias correspóndese directamente coas etapas nas que a Administración empeza as repoboacións, polo que non é difícil deducir que as desobediencias e as mostras de disenso son respostas directas e inmediatas ao que as comunidades consideran unha usurpación do territorio por parte do Estado e das dúas entidades especificamente encargadas do proceso, o Distrito Forestal e, sobre todo, o Patrimonio Forestal[746].

A necesidade e a supervivencia, pero tamén a conciencia de desgastar á Administración forestal dende unha aparencia de inocencia, de estupidez ou de despiste, fan que o pastoreo se convirta nunha das formas de desobediencia máis empregadas. Detrás do seu aspecto de actividade individual e non planificada atópase en moitas ocasións un acto deliberado e colectivo: o envío de anciáns e rapaces ao monte para declararse insolventes e non ter que pagar a multa; pastoreo con rabaños de gando pertencentes a distintos veciños do lugar; ou a destrución de plantas argumentando que o causara o gando nun despiste do pastor ou nun momento de descontrol das reses.

Alén dos usos agora convertidos en delitos pola Administración franquista, e dentro das formas da resistencia aberta, Eduardo Rico ten rexistrado aqueles casos nos que as comunidades veciñas optaron por realizar a ocupación do monte para impedir o comezo ou continuación das obras de repoboación. Esta presenza derivaba xeralmente en episodios de violencia nos que a forza pública actuaba para controlar, dispersar e, as veces, deter, aos veciños. Isto ocorreu en parroquias como Bendollo (Quiroga), en Maceda (Fonsagrada), en O Saviñao, Ferreira de Pantón, Baralla, Abadín, Friol, Samos, en Vildicente (As Nogais), Guitiriz ou en Hospital (Pedrafita)[747]. En Guitiriz, por exemplo, a actuación violenta dos veciños chegou a intimidar e provocar a renuncia dun dos gardas forestais e conlevou a destrución de 16.000 pinos[748].

Debemos descartar que nestes episodios, como xa dixemos para os motíns ou outro tipo de actuacións directas, non estamos ante actos de ira cega, ante mostras de rabia

[745] AHDPP. Servizos Forestais. Caixa 9.482

[746] SANTOS PÉREZ, A., (2003), *Conflito socio-ambiental e monte comunal. A comarca de Sarria durante o primeiro franquismo... op cit.*

[747] Moitos destes episodios recollidos e comentados en RICO BOQUETE, E. (1995), *Política forestal e repoblacións en Galicia... op cit.*RICO BOQUETE, E. (1999) "Política forestal y conflictividad social en Galicia durante el primer franquismo... *op cit.*

[748] Fondo documental da Delegación Provincial de Medio Ambiente en Lugo. Sección de Montes. Consorcios Cancelados. Concello de Guntín.

incontrolada nin nada semellante. O momento, o lugar, a posta en escena, etc., etc. todo está planificado. Ademais, as autoridades tampouco reaccionan como se dunha actuación "saída da nada" se tratara. Ben ao contrario, os momentos de ocupación do monte, son previstos por estas. Un exemplo, un ano antes dos graves incidentes ocorridos no concello coruñés de Mazaricos, en concreto en agosto de 1960, o Prohome da Hermandade xa lle comunicara ao alcalde, ao Delegado Provincial de Sindicatos e ao presidente da COSA o descontento reinante e a posibilidade que este se convertera en acción,

> "grande inquietude de esta comarca... a desafección do Catálogo de montes e rescisión dos consorcios de repoboación co concello pudiera ter feito... comprobouse a inquietude social de que están poseidos e a incomodidade e desasosego que entre eles reina pola marcha da actual política forestal a que, aténdonos aos resultados, problemas que suscitou, reaccións e comentarios que na comarca está orixinando, podemos asegurar que non goza nin con moito da debida popularidade. A causa de todos os problemas, que con cautela se tiveron que enfrontar [por parte dos membros do Cabildo da Hermandade], pois unha decidida postura de intransixencia causaría a bon seguro alteracións de orde, manifestacións de protesta e bruscas reaccións, encontrámola no feito de ter incluído no Catálogo de Utilidade Pública a totalidade dos montes do término e precisando máis incluso os labradíos e os solares de edificios seculares que como os montes foron sempre da exclusiva propiedade... A administración Forestal actuou neste termo por conta propia, pois non pode considerarse respaldada por un simulacro do Consorcio do Concello... toda vez que a proposta do Consorcio realizada polo concello non foi en ningún momento aceptada polo Patrimonio forestal... a desafortunada da política emprendida nesta comarca. Non calamos que no termo se libraron certificacións de exclusión e realizáronse consorcios a título particular que suscitaron desconfianzas e comentarios que moito perxudican á marcha ascendente da política clara, ecuánime e decidida da política nacional...suplica se lles preste axuda e apoio para conseguir a desafección do Catálogo de Utilidade Pública e a rescinsión do consorcio de repoboación"[749]

Os boicots foron outra arma do arsenal contra "a Forestal". Os máis usuais teñen como obxectivo danar os viveiros realizados por Patrimonio para conseguir as plantas coas que repoboar ou destruír estas unha vez xa estaban colocadas e mesmo prendidas no monte. En agosto de 1946 o garda encargado da vixilancia do monte Aguillóns e Vallóns, no concello de Carnota, denuncia que foron arrrancados "intencionadamente" 600 plantas de pinos de tres anos dos que existían no perímetro repoboado daquel monte. As súas pesquisas non acabaron na identificación do autor/res desta infracción, aínda que o garda advirte que os sospeitosos son os veciños do lugar de Pedra Figueira,

[749] AHRG. AISS. Fondos Antigos. Correspondencia Delegación Provincial da Organización Sindical da Coruña co Goberno Civil. Legaxo 2966

donos do gando lanar e cabrío que pastorea polas inmediacións de dito monte e, polo tanto, declarados inimigos da repoboación[750].

Respostas violentas, boicots e outro tipo de estratexias de resistencia aberta foron contemporáneas dos intentos por parte das comunidades de evitar a repoboación mediante formas legais como escritos ao Ministerio de Agricultura e a PFE ou acudindo á vía xudicial. Estas formas implicaban que o conxunto ou boa parte da comunidade, malia ao alto grao de represión exercido polo réxime franquista, decida coordinarse e actuar contra a repoboación, cooperando na redacción e firma de escritos ou sustentando economicamente o proceso xudicial.

A presentación de reclamacións administrativas foi unha das primeiras expresións de descontento social xerado pola actividade repoboadora. As entidades que reciben estes pregos de descarga son todos aquelas involucradas na repoboación e as autoriades provinciais (Director de Patrimonio e Gobernador Civil son as máis usuais, pero tamén o Presidente da Deputación Provincial), e mesmo o propio ditador. As reclamacións e peticións son moi variadas en canto a súa causa, pero poderíamos agrupalas en dous tipos. As primeiras son aquelas nas que a queixa ten como obxecto acusar á Administración polas malas formas, ilegalidades e incorreccións nas que incorre a obra de repoboación e reclaman que o seu monte veciñal sexa retirado do Catálogo de Utilidade Pública, é dicir, son abertas protestas contra o labor de Patrimonio; as outras queixas non transmiten ese grao de enmenda á repoboación dos seus montes, senón que reparan en cuestións máis puntuais como dereitos de pasto, paso ou de colleita.

Queixa "á totalidade" é a enviada en 1944 polos veciños da parroquia de Sta. María de Cruces, no concello de Padrón, que piden que os seus montes sexan excluídos do Catálogo de Montes e declarados particulares e, en consecuencia, se vexan libre da acción de Patrimonio[751]. Dous anos despois, en marzo de 1946, trescentos veciños dos lugares de "Cabanacomba, Vilariño, Drada, Ramos, Reboira, Tarrelo, Penafachada, Ares, Manchas, Forcamuñiz, Gulgufe, Casasbellas, Acevedo, Sanguiñedo, Amoriz, Pardiñas, Curbita e Mámoas", no concello de Guitiriz, firman unha queixa contra a actuación de Patrimonio cos montes locais, na Serra de Montouto, que envían ao Presidente da Deputación Provincial de Lugo. Os veciños denuncian as irregularidades que comproban na realización da repoboación e que se aprecian, tanto na mesura (o consorcio contemplaba a repoboación de 620 ha e o perímetro real trazado no monte incluía 1.522,75 ha.) como no modos (na teoría contemplábase realizar a repoboación paulatinamente, acoutando zonas que puideran seguir sendo aproveitadas polos veciños; na práctica os aproveitamentos de pasto, recollida de leña e matogueiras son prohibidos e sancionados)[752].

[750] AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración Local. G-2808

[751] A instancia dos veciños de Padrón, escrita en marzo de 1944, vai dirixida ao Gobernador Civil da Coruña, pero este non é o seu definitivo destinatario, senón que os veciños piden que a solicitude sobre os seus montes, Coto Roado dos Pedrosos, chegue ao Ministerio de Xustiza. AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración Local. G-2808

[752] Agradecemos ao profesor Eduardo Rico Boquete ternos facilitado a documentación relativa á queixa destes veciños de Guitiriz.

Do segundo tipo son, por exemplo, as que temos mencionado dos veciños de Belles de Arriba, en Boiro, que reclaman poder pastorear o gando, mesma petición que a mediados dos anos cincuenta fan os veciños do lugar de Xubín, en Cuntis, tanto ao Director do Distrito forestal como a COSA, ou a dos veciños do concello de Mazaricos, que piden que lles condoen as multas impostas polo Xefe do Distrito Forestal[753].

Os escritos e reclamacións administrativas son moito máis cotiás que a opción a litigar ante a xustiza por razóns obvias como a brevidade da resposta ou o custo económico da estratexia[754]. Aínda que, como mencionan os veciños de Serres, no concello de Muros, cando piden o amparo do Gobernador Civil contra o Patrimonio, esta práctica ten tamén desvantaxes para os seus protagonistas, sobre todo cando a Administración "incauta" a documentación presentada polos peticionarios,

> "consideramos un atropelo a ocultación material das nosas propiedades que repercuten en sanción cada vez que exercitamos o dereito de uso e desfrute do noso, pois o garda denúncianos e o enxeñeiro aplica unha sanción... aínda que formulemos recurso, éstes carecen de eficacia pois o Enxeñeiro Xefe de Brigada é o xuíz e parte, recursos que son custosísimos"[755]

As respostas ás peticións rara vez son positivas, salvo aquelas nas que se pide algún permiso temporal ou moi localizado. Na súa maioría as peticións para poder realizar pastoreo, as máis numerosas, acaban non conseguindo o prace da Administración Forestal, que se excusa acotío na necesidade de que as plantas medren e non corran ningún perigo. "En canto o arraigo da planta sexa suficiente para que o pastoreo de gando vacún non perxudique á repoboación efectuada", é a resposta que o Enxeñeiro Director do Servizo de Pontevedra dá aos veciños de Xubín[756].

Ante a demanda que os veciños das parroquias de Zolle, Ferreira de Pallarés e Vilamerelle, do concello de Guntín, interpoñen ante o Ministro de Agricultura o 7 de febreiro de 1942 o Director do Distrito Forestal debeu intervir e informar sobre a posición de Patrimonio neste caso. O documento é ilustrativo do discurso mantido por esta entidade ao longo do proceso repoboador mantido en Galicia durante as primeiras dúas décadas do franquismo, de aí que reparemos nel de maneira detallada. A defensa da acción de Patrimonio ante o Ministerio comeza asegurando que "o concello de Guntín ao facer tal cesión (consorcio) non ten privado aos veciños da riqueza gandeira, nin do suministro de leña, nin vendeu os montes". Amosa a consideración pexorativa

[753] AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración Local. G-2808; AHDPP. Servizos Forestais. Caixa 9482.

[754] Os veciños do concello de Guitiriz, de feito, no seu prego de descargo sinalan que "puideramos exercitar as oportunas accións de orde xudicial, pero os gastos que nos ocasionaría non os poderiamos soportar

[755] Nesta petición que fan os veciños de Serres en 1960, piden que se lles recoñeza por parte do Delegado Provincial de Sindicatos a propiedade do monte Sestaio, incluído no Catálogo de montes para repoboar e tamén se queixan de que lles prive do dereito de paso con carros, e incluso de persoas, polos camiños que para uso diario había nos montes e que foron acoutados por Patrimonio para cortalumes. AHRG. AISS. Fondos Antigos. Correspondencia da Delegación Provincial da Organización Sindical da Coruña co Gobernador Civil. Legaxo 2966

[756] AHDPP. Servizos Forestais. Caixa 9482.

que para os enxeñeiros franquistas tiña o monte característico no Noroeste peninsular, o monte non arborado,

> "estes montes cedidos, turbosos edafoloxicamente considerados, en etapa bastante avanzada e pobres, presentan como única vexetación principalmente *erica*, a *cincerae* e *umbelleta*, e *ulex minor*,... unha vexetación inferior de líquenes; que é todo o pasto e leñas que os veciños cren ter... a abundancia de breixos que é un signo de decaemento da capacidade produtiva do chan por ausencia de follaxe protector do mesmo contra a acción desecadora dos ventos e do sol... nesta zona forestal, onde non existe arborado, o chan é pobre e non hai pasto espontáneo".

Trata tamén de por de manifesto que a existencia de gando da zona, razón que aducen os veciños para manter o monte veciñal, non é unha razón válida pola pobreza do chan do comunal, na súa opinión, xenérico en toda a provincia de Lugo, polo que se supón que era un argumento válido para contrarrestar calquera petición ou reclamación de comuneiros da provincia,

> "podemos xeralizar que a variación que coa despoboación forestal experimentou a vexetación herbácea desta provincia como consecuencia de desenvolverse nun medio máis pobre e luminoso actuou sobre a vitalidade da gandeiría... e o animal que alí se nutre sofre os efectos da influencia da composición das materias útiles; e así é preciso facer notar que nesta provincia, de terreos graníticos na súa inmensa maioría, onde falta o cal e o ácido fosfórico, os gandos foron percibindo do chan que os nutre en menor escala cada vez os elementos necesarios á constitución do seu esqueleto e nestas condicións a talla quedou reducida e dexenerada... estes montes, sen ningunha riqueza arbórea, aptos solamente para un mal pastoreo, sen leña e como únicos aproveitamentos o da matogueira ..."

E, na mesma liña, menospreza a valía dos aportes obtivos nas estivadas[757],

> "porque estes terreos son forestais aptos para estas especies e non para as agrícolas (e os beneficios forestales son) moi superiores a esas roturacións infructuosas e esquilmantes, con malas colleitas de centeo, que ademais de producirse cada 20 ou 25 anos no mesmo sitio non renden o traballo que lles costa (espazo de tempo no que o vóo arbóreo creado supón unha gran riqueza nunha materia que precisa España, mentres que desta forma é un terreo inculto, podendo facer por outra parte estas roturacións nos montes que lles quedan non aportados ao consorcio e nos aportados e non iniciados para executar a súa repoboación)"

Insiste, porén, no que de beneficioso ten a repoboación para os veciños,

[757] Sobre a realización e a importancia das estivadas, vd. MIRET I MESTRE, J., (2004), "Las rozas en la Península Ibérica. Apuntes de la tecnología agraria tradicional", *Histoira Agraria*, 34, pp. 165-193

> "PFE cederá aos propietarios do chan o 40% dos beneficios que obteña do aproveitamento... déronse e séguense dando en cantas repoboacións se executaron na provincia toda clase de facilidades para que as necesidades dos veciños non sufran nin o máis mínimo, como por exemplo, que sigan recollendo estrume incluso na parte recentemente repoboada e nas superficies adicadas a cortalumes e en non estender a repoboación a toda a cabida do monte para que sempre teña terreo suficiente e repoboar esta parte inculta cando dito pastoreo poda verificarse no xa repoboado.... E para concluír podemos dicir que esta instancia, como outras chegadas para Informe de esta Dirección dos veciños de parroquias próximas a cantos montes se executaron repoboacións, son firmadas sen coñecer o verdadeiro espírito de quen as redacta ou de quen asesora na redacción, que é o que propagando infundios irreais e tendenciosos, contrarios por completo ao fin que se persegue, pretende desta forma defender uns ferrados de terra que cercou hai poucos anos ao obxecto de facerse dono da propiedade comunal co transcurso dos anos... que firmantes de tais escritos foron e son exemplares capataces das brigadas de traballo como sucede nas repoboacións do monte en Coba da Serpe, termo de Friol (onde traballaron 740 homes conxuntamente), montes Castelo do termo de Viviero, etc. Considerando que en iguais circunstancias atópanse cantos veciños galegos, pois todos están sometidos a condicións de vida común, en cuxas parroquias están sitos os montes xa repoboados dos que subsisten en mellores condicións que antes de executar estas repoboacións cos xornais na repoboación, na explotación, nas industrias creadas á sombra destas masas forestais, cos aproveitamentos que seguen disfrutando (matogueira), mellorándose os pastos, creándose outros novos (leñas)..." [758]

Ante as argumentacións da autoridade forestal os veciños de Guntín viron como a súa reclamación era desestimada finalmente no Ministerio de Agricultura, que optou por dar credibilidade ás explicacións da Administración Forestal. Nunha cousa si tiña razón o alegato pro-repoboación que acabamos de ver: os veciños das comunidades que protestaban eran, ao mesmo tempo, xornaleiros e capataces da obra do Patrimonio Forestal. Hai casos nos que a reticencia dos veciños a prestarse como man de obra de Patrimonio é, en si, unha mostra de resistencia baseada na non cooperación. Isto ocorreu na repoboación do monte Picato, no concello de Trabada. A memoria do consorcio firmado por concello, Deputación e Patrimonio dá conta da neceside de subir o xornal establecido para os traballadores contratados como peón "que pola escaseza de man de obra" resultaba baixo[759]. Pero non é a norma dos comportamentos seguidos polas comunidades veciñais. O cotiá e que os homes do vecindario se apuntaran, ademais en número importante, para traballar nas obras de repoboación. Este feito non merma nin un ápice a valía das formas de resistencia. Os mesmos homes que pola mañá furan

[758] Fondo documental da Delegación Provincial de Medio Ambiente en Lugo. Sección de Montes. Consorcios Cancelados. Concello de Guntín.

[759] AHPL. Delegación provincial de agricultura. S. Breixo. PFE. Brigada de Lugo. Plans, proxectos e propostas de traballos. Repoboacións. Sig. 11320-2.

na terra para facer buracos para a repoboación, regan o viveiro ou plantan pinaster, pola tarde suben a ese mesmo lugar co seu gando, rapiñan ferramentas para boicotear o ritmo de traballo e firman as peticións para que os traballos non continúen. Non hai contradicción neste proceder. Todo resposta á lóxica de asegurar os ingresos da explotación, da "casa". Non se pon en cuestión a pertinencia de participar nos traballos de repoboación polo aporte económico que supón para a economía doméstica. Non é moralmente repobable pola comunidade, nin impide a nivel individual formalizar actitudes e comportamentos de resistencia.

> "Fun traballar ó monte, andiven no monte dende os 14... aquí e tamén no Viveiró, era Patrimonio o que pagaba o autobus e os que se xuntaran para ir roturar aló ás montañas, aló ó Viveiró...non sei que tal lles irá os pinos... alí era onde tiñan que repoboar antes ca aquí, neses picos, que aquí [concello de Friol] é monte raso"[760]


Este testemuño é dun home multado en repetidas ocasións por continuar realizando, no monte que axudaba a repoboar, labores que a Administración que lle pagaba consideraba delitos (recollía estrume). Dentro da lóxica campesiña esta actitude sería indicativa da ruptura do código de respecto e cumprimento do "deber" no marco da relación patrón-traballador. Pero, como dicimos, neste caso, a comunidade non condenaba estes comportamentos porque eran, se se quere, a mostra de máis fondo desprezo que se pode dar, e que ben se podería verbalizar no dito "roer a man que dá de comer".

Os xuíces franquistas tamén foron espectadores, e parte, da outra forma por excelencia da resistencia institucionalizada, o recurso a vía xudicial. Parte do vecindario das parroquias afectadas pola repoboación no concello de Trabada incoaron causa no Xulgado de Instrución de Ribadeo en 1947 contra o secretario do concello, José Ramón Aenlle, a quen sinalan como culpable da mesma. A comisaría de Lugo informa con preocupación ao Gobernador Civil sobre o descontento suscitado pola repoboación nese concello, atinando á hora de expor as causas que levaron aos veciños a decidirse por empregar a vía xudicial,

> "no concello de Trabada unha grande parte da súa riqueza estriba na gandería e na sementeira de trigo procedente da roturación do monte... os montes viñan adicándose á cría de gando cabalar e vacún, o primeiro en gran escala... Ao verificarse nos montes de Trabada a repoboación forestal, seguindo normas da Administración, a riqueza que supoñía para varios a cría de gando salvaxe polos montes, tivo que ser eliminada, polo que se produciu un fondo transtorno económico, unido éste o feito de que ao facer o plano dos terreos adicados a sementeira de piñeiros, incluíronse parcelas de terreo de propiedade particular, xusticada con títulos e escrituras, por iso está en marcha un preito... de ceder terreos privados culpan os perxudicados á José Ramón Aenlle... dito preito que sosteñen os propietarios perxudicados contra o acordo do concello co PFE, deu pé a que se

[760]Entrevista a B.M.F., parroquia de Lamas, concello de Friol

Figura 7.3: Concellos nos que se documentan reclamacións administrativas contra a repoboación (1941-1959). Fonte: elavoración propia a partir de Rico (1999:380)



producira unha grande grieta entre o concello e a maioría da poboación... por tal causa existe unha grande tirantez... o sr. Aenlle obra resentido, exercitando a vinganza administrativa cara aos que se consideran perxudicados pola repoboación forestal e pola invasión das súas propiedades, ...co que mantén latente os espíritos rebeldes... moito malestar social que hoxe existe en Trabada..."[761]

En consoancia co que temos mantido ao longo do traballo, insistimos en que o emprego da canle xudicial debe ser entendido como unha forma de resistencia e non como unha adaptación ao sistema. Primeiro, porque como resistencia era sentido

[761] AHPL. Goberno Civil. Administración local. Sig. 12715

por parte dos veciños emprender un litixio ante calquera nivel da Administración e, segundo, e se cabe aínda máis fundamental, porque ésta sentía estes procesos como unha afrenta digna de represión. Así o demostra que, por exemplo, no caso exposto de Trabada, os tres veciños que ían casa por casa pedindo a firma para apoiar o preito foran multados polo concello no intento de que cesaran no seu empeño, tildado de "enorme campaña dándolle ás veces tintes de manifestación". Non parece un feito illado, as corporacións municipais non querían perder nin o beneficio económico que sacaban da repoboación nin deixar ver a súa debilidade ou franqueza fronte a un vecindario unido e decidido a non resignarse ante a perda do seu monte.

O uso desta vía non remataba na maior parte dos casos na presentación dos litixios ante a primeira instancia xudicial. O anceio dos veciños por consolidar a propiedade sobre o comunal e evitar que fora repoboado levounos a manter longas apelacións e a acudir ata altas instancias. En varias parroquias do concello de Portomarín as comunidades viron na vía xudicial a mellor opción para evitar perder o seu monte comunal. Os de Nespereira promoveron un preito pola propiedade do monte da súa parroquia fronte ao concello que perderon en primeira instancia en Chantada e tamén na apelación na Audiencia de A Coruña. Esta derrota non rematou cos azos dos veciños que, algún tempo despois deste contratempo, e coas firmas daqueles que non foran parte do anterior preito, entablaron unha nova acción xudicial. Os resultaron foron idénticos novamente nas dúas instancias. Inasequibles ao desalento interpuxeron tamén outro litixioso de interdicto contra o concello e Patrimonio sobre unha parte do monte veciñal. Os veciños de Cabo Recelle imitaron aos de Nespereira pero, ao contrario que estes, a súa causa foi fallada a favor deles e contra o concello nas dúas instancias xudiciais. Na parroquia de Portomarín tamén acudiron ao sistema xudicial para evitar que se danaran os seus dereitos sobre o monte Ferreira. Os enxeñeiros do Distrito Forestal do Estado, ao efectuar o deslinde deste comonte Gándara de Cristo, incluído no Catálogo de montes de Utilidade Pública, incluíron tamén parte daquel que, segundo a documentación que posúen e presentan os veciños, é da súa propiedade.

Os exemplos citados das parroquias de Portomarín permiten ademais de sinalar a vía xudicial como un arma máis das empregadas polas comunidades ante a política forestal franqusista, introducir o papel que as diversas autoridades locais tiveron nesta resistencia das comunidades. Nestas manifestacións de descontento, propias da resistencia institucionalizada, as comunidades contaban nalgunhas ocasións con aliados externos, caso dos curas párrocos, elites económicas locais ou, máis puntualmente, coas corporacións locais. Esta ruptura do que en principio podería interpretarse como unha manifestación de "ecoloxismo dos pobres" (Martínez Alier e Guha, 1997), non no que se supón de existencia de preocupacións ecolóxicas nos protagonistas da conflitidade, senón na participación dos grupos máis depauperados da sociedade, explícase polos intereses económicos que xiraban arredor do monte, fonte de rendas non só para as comunidades rurais senón para outros agregados sociais.

A alcaldía de Portomarín, por exemplo, en principio amosouse remisa á defensa da propiedade comunal da parroquia de Portomarín fronte ao Estado, o que provocou unha reacción desfavorable dos veciños, pero posteriormente tomou partido a favor deles e o xuízo acabou por gañarse. Nos intentos fallidos da parroquia de Nespereira por conservar a propiedade do comunal fronte ao concello, os veciños van contar co

apoio do Tenente Coronel Manuel Ojea, cuxa conduta censura o alcalde, "pola súa actuación nos preitos contra o concello, pola visita que fixo, de paisano e a escondidas ao depositario que se atopaba en litixio contra o concello para recoller datos e formular despois denuncia contra do alcalde, polo seu afán de apoderarse dos montes Cudeiras, Lagoas e Labradas"[762]. As Hermandades, nalgúns casos, tamén denuncian os problemas que lles suscitan aos veciños as sucesivas vagas repoboadoras de Patrimonio. O Cabildo Sindical da Hermandade de Avión, en Ourense, "advirte" á Xefatura Agronómica de Ourense en decembro de 1953 de que,

> "debido a que este Municipio ten unhas 3.000 hectáreas repoboadas polo Consorcio Forestal, e unhas 500 has que están repoboando, os montes que hai na actualidade son indispensables para o pastoreo do gando existente que xa se atopa moi ameazado coas repoboacións que se están facendo... nos pasteiros do Suido"[763]

Ademais dalgunhas autoridades municipais, outros sectores do propio réxime (FRIGSA en Lugo con Antonio Rosón á cabeza) puxéronse en contra das disposicións de Patrimonio. Xa que logo, non podemos adscribir este conflito medioambiental no marco da teoría do "ecoloxismo dos pobres". Os perxuízos para o sistema agrogandeiro eran tales que autoridades e elites económicas se involucraron na protesta para defender os seus intereses. Non é de estrañar, como xa comentamos, en determinadas coxunturas, que as autoridades locais se puxeran ao lado dos intereses das comunidades, xa fora por paternalismo, por intereses persoais ou polo desexo de conservar o seu ascendente ante os veciños. Esta actitude ocasionoulles, en certos casos, a perda do seu posto ou cargo, o que insiste en demostrar a coerción que exerce o Estado franquista nestas primeiras dúas décadas de existencia para facerse coa xestión dos montes.

Os dados demostran que a opción de resistir mediante formas de resistencia institucionalizada estivo moi presente no agro galego para loitar contra a repoboación, malia a que os seus resultados se pronosticasen, e resultasen, escasos e afastados no tempo[764].

Dentro da resistencia non dirixida atopamos a outra modalidade de aproveitamento do monte común sancionado pola ditadura franquista, as estivadas ou rozas. Trátase dun uso maioritariamente colectivo no que a comunidade comparte os labores agrarios nos terreos comunais. Non se trata, *strictu sensu*, de evitar a plantación ou danar os traballos da Administración forestal, senón de continuar cunha actividade necesaria para a supervivencia económica das familias. Para desenvolvela con normalidade había que pasar por enriba dos requerimentos legais, negándose ao pagamento das taxas que o Estado impoñía. O peso do imposto e a conciencia da ilexitimidade

[762] AHPL. Goberno Civil. Administración local. Sig.12.710

[763] COLLARTE PÉREZ, A., (2005), "La desposesión de espacios comunales en el franquismo. Poderes locales y resistencias campesinas ... *op cit.*

[764] A primera sentenza favorable aos veciños dictouse en 1960 nun monte da parroquia de Sta. Eulalia, no concello de Begonte. A este seguíronlle outras como a do 23 de xuño de 1961 sobre dous montes consorciados no municipio de O Saviñao. RICO BOQUETE, E. (1995), *Política forestal e repoblacións en Galicia... op cit.*; MOLINA VÁZQUEZ, X.X., (1999), "Incidencia da política de repoboación forestal na provincia... *op. cit*, p. 115

do cobro polo uso e desfrute do que era comunal levaron a centos de veciños a non considerar este pago e a continuar practicando unha agricultura de rozas que supoñía unha colleita extra de grande trascendencia na economía familiar. Así o fixeron os 27 veciños da parroquia de S. Pedro de Cambás, no concello de Aranga, que en decembro de 1956 foron multados por encontralos o garda roturando o monte da Lousada[765].

Na mesma liña está a continuación da recollida de toxo como elemento para o adubado das terras e o estrado do gando,

> "despois había xa forestales eh... non deixaban meter o carro ó monte e ti pa sacare os toxos... bueno... era o que se usaba nas cortes, claro, se tiñas chousas e tiñas toxo ben, pero moitos e deles... non lles chegaban os toxos a nada ... e despois os forestales, algún inda os denunciara... ¡por ir ós toxos ó monte! porque estaba repoboado e non deixaban... unha vez eu máis outro metémolo o carro ó monte... dixemos hoxe vamos ir por eles que hai niebla e fomos e daquela non caemos pero despois doutra vez que fomos... caemos... chegou o forestal e... uf!...púxose con nós que nos iba ...iba denunciar e tal e cual... despois o fulano falámoslle en condicións e... e o fulano quedouse e... nada... non houbo nada... non houbo nada... que demais algún denunciárano... pero eu conocía ó fulano, andivera no monte con el ... e claro[766]

Como resistencia non dirixida conceptuamos tamén outros tipos de "usos indebidos". Trátase daqueles aproveitamentos secundarios, máis espazados no tempo e que causan un trastorno case imperceptible á Administración forestal, como a extracción de lousa para lousar as casas. A súa escasa sistematicidade e o puntual do delito perseguido lévanos a pensar que se trata máis dun hábito secular continuado a pesar da presión franquista do que unha estratexia de desafío sostido, aínda que nela haxa todo un cuestionamento "de facto" nos feitos a lexitimidade do estipulado polo réxime.

A tenor de todos estes dados podemos concluír que os graos e ritmos de protesta van estar relacionados coa incidencia da repoboación e a súa precocidade no tempo. Compróbase que estas resistencias activáronse ata nos concellos que se viron afectados de xeito máis temperá pola repoboación, é dicir, a resistencia á repoboación mobilizouse ao unísono que a propia repoboación. Con todo, houbo formas de resistencia, como continuar co proceso de privatización do comunal, que foron un recurso válido unicamente para as comunidades cuxos montes non sufriran unha inicial atención por parte da Administración forestal. Estes conseguiron formalizar o proceso de división xudicial dos seus montes veciñais ante a perspectiva de perdelos, unha posibilidade que non tiveron os que foron consorciados nos primeiros anos corenta que, como reflicte a fonte oral, "non viron vir" a Patrimonio.

As respostas propias das "armas do débil", que incluían obstaculizar o labor de repoboación a xeito de pequenos boicots, queimar as plantas do vivero ou dar informacións falsas aos enxeñeiros, meter o gando a pastar masivamente, as queixas e os

[765] AHPL. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración Local. G-2936
[766] Entrevista a B.M.F., parroquia de Lamas, concello de Friol

xuízos sucédense nos diferentes montes afectados como informa a fonte oral e as multas que as represaliaban. Foron empregadas polas comunidades de xeito combinado e sucesivo no tempo, segundo a rendabilidade que se esperara. Así, non é raro ver como os veciños dun monte que son de maneira reiterada multados por pastoreo abusivo e outros usos "delitivos" son, no mesmo ano, acusados de prenderlle lume, como lles pasou aos veciños do monte pontevedrés do Pedicalato en 1955. Ou que esas multas coincidan no tempo coa presentación dunha petición ás autoridades da Administración forestal para reclamar o libre pastoreo, como pasou cos veciños de Morgadáns, en Gondomar[767]. A simultaneidade ás veces non é tal senón que as formas de resistencia aparecen como accións sucesivas que se accionan ante a falta de éxito da precendente. Iso mesmo é denunciado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo Forestal en Lugo que indica que, por exemplo en Guntín,

> "despois de ver desestimados algúns escritos producidos para (sic) ante o Concello e a Dirección Xeral de Patrimonio Forestal, comenzou a cometer actos de violencia contra a repoboación, e a consecuencia diso foron sancionados con multas e detencións polo señor Gobernador Civil" [768]

A racionalidade, xa que logo, preside a elección dunha ou doutras mostras de resistencia, da súa cohabitación no tempo e/ou do seu escalonamento. Unhas formas das que, como avanzamos, inclúen os incendios. Neles repararemos a continuación.

7.2.2 O lume no monte comunal: entre a resistencia aberta e a non dirixida

> "Acórdome dun incendio, pois fun axudar a apagalo, alá polo ano 1950, que arrasou os montes de S. Colmede, de Pértega, a ladeira dos Cotos de Xuez, As Chans, todo o monte repoboado polo Esado, as Lombas, e ata incluso os montes da Lagoa e do alto de Moiras, por enriba da Zarrada do Coxo e da Zarrada de Xosé da Eira. Malia comentarse que lle plantaran ó monte, aquela vez, os veciños para protestar contra a repoboación que fixera o Estado nas Chans, sóubose máis tarde "pola calada" que fora un rapaz de Mouros, que acendera inocentemente unha *móta* (mata) de toxo... Lémbrome así mesmo do gran incendio no monte de Ribadil, que contemplei dende a nosa aldea, por aqueles anos. Foi parte da xuventude a apagar. Tornaron o lume, segundo se comentou, dos "montes de dentro", e despreocupáronse da zona repoboada do Patrimonio Forestal do Estado ¡Estaba claro que a repoboación non se tiña que ter feito sen anuencia dos veciños!""[769]

[767] AHDPP. Caixa 9482. Servizos Forestais.
[768] Fondo documental da Delegación Provincial de Medio Ambiente en Lugo. Sección de Montes. Consorcios Cancelados. Concello de Guntín.
[769] RODRÍGUEZ TRONCOSO, M., (2004), *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume*, Vigo, Ir Indo, p. 172

O significativo deste testemuño é, entre outras cousas, a rápida relación que a poboación facía do lume no monte comunal nos primeiros decenios do franquismo coa súa función de forma de protesta contra a repoboación, incluso cando non era certa dita atribución. Sorprende sobre todo porque nun monte como o galego, o lume historicamente tivera outra función allea a formulación dun conflito, a de ferramenta agropecuaria.

O noso obxectivo neste apartado é reparar no incendio forestal dende o punto de vista medioambiental como unha variable máis dentro das formas de resistencia que caracterizan o conflito social, sempre multidimensional, provocado pola aplicación da política forestal franquista. Para isto analizaremos exhaustivamente unha fonte, os partes de incendios do Distrito Forestal da provincia de Lugo, e un tipo de monte comunal, aquel afectado polos consorcios indirectos, é dicir, naqueles que participou como intermediaria entre Patrimonio e concellos a Deputación Provincial[770]. O período de estudo escollido, as primeiras duas décadas do franquismo, non conta con achegamentos a temática dos incendios, sobre todo, porque cae nunha era "preestatística", xa que de forma sistemática os incendios forestais non se contabilizaron en España ata 1968, coincidindo coa Lei sobre incendios forestais. Así, a única documentación que permite o seu estudo son os partes de incendios dos gardas forestais. Isto confírelles moito interese, malia a súa extrema debilidade como fonte: o grao de conservación non é o desexado, de feito existen varios anos para os que non hai información, non existe rigor na contabilización dos incendios, nin precisión nos cálculos de hectáreas ou plantas ardidas (moitos non ofrecen nin un cálculo aproximativo)[771]. Polo tanto, dende un principio insistimos en que a súa valía radica na posibilidade de debuxar tendencias e facilitar indicios, non en prover de cifras e porcentaxes irrefutables.

Unha precisión final con respecto á fonte. Entendemos que os partes de incendio, dos que derivan multas e sentenzas xudiciais non son indicadores do delito, "senón manifestación da represión exercida polo Estado contra as infraccións" (GEHR, 1999). Xa que logo, o que amosamos non son unha aproximación aos incendios existentes nos montes afectados na provincia de Lugo por unha repoboacións indirecta de 1942 a 1959, senón aos que as autoridades informaron e, posteriormente, decidiron, se era o caso, castigar.

Os incendios recollidos nos partes que afectaron dun ou doutro xeito a esas repoboacións foron 98. As súas consecuencias foron a queima de 1.477,35 ha, de máis

[770] A información aquí presentada, salvo que se sinale o contrario, remitirá a esta fonte que se atopa depositada en AHPL. Delegación Provincial de Agricultura. San Breixo. ICONA. Xefatura Provincial de Lugo. Montes consorciados. Partes de Incendios (1942-1959). Sig. 11244

[771] M.P., encargado do Distrito de Fonsagrada e Grandas de Salime, recoñece que el non tramitaba moitos destes informes nin multaba aos veciños polo que a Administración forestal entendía "malos usos" e "delitos". El era natural da zona onde vixiaba, polo que, malia ser "da forestal", a súa condición de "veciño" pesaba máis. Ademais, era moi consciente da necesidade que tiñan as comunidades de realizar actividades agrosilvopastoriles no monte comunal para asegurar a supervivencia das casas. Así que, durante os anos en que estivo nese posto non deu conta das infraccións sempre que puido evitalo. Entrevista a M.P.F., parroquia de Os Castros, concello de Fonsagrada.

de tres millóns de plantas e uns danos económicos calculados pola Administración superiores ás 4.600.000 ptas. Son datos á baixa que non poden servir máis que de indicio dunha realidade moito máis importante. Postos a analizar a incidencia dos incendios documentados na superficie repoboada teríamos que só unha mínima parte da mesma tería sufrido queima, pero que en máis do 50% dos concellos repoboados de xeito indirecto ocasionouse algún incendio (concretamente en 26 dos 46 afectados).

As repoblacións debidas a consorcios indirectos da provincia de Lugo arderon, a tenor da información dada polos informes dos gardas forestais, con especial virulencia o ano 1949 e no período 1952-1954. Nestes anos o lume afecta anualmente entre 222 e 383 ha. O baixo número de hectáreas queimadas para os primeiros anos da década dos corenta para os que temos dados (1942-1943), pouco máis de 32 ha., explícase pola escasa superficie reforestada neses anos, cando o que se estaba aínda formulando eran os consorcios e os traballos de repoboación non tiñan máis que comezado en lugares concretos[772]. A caída da superficie ardida despois do ano 1955 é consecuencia directa do descenso do número de consorcios indirectos, que reduce a superficie obxecto potencial da nosa análise sobre os incendios, máis que dunha verdadeira diminución do envite incendiario na segunda metade dos anos cincuenta[773]. Este continúa nas repoblacións debidas a consorcios directos entre Patrimonio e municipios.


Sucesos naturais e accidentais, estiveron sempre presentes ao longo da historia do monte lucense e estes anos non son unha excepción. Razóns "fortuítas" parecen estar detrás dun bo número de incendios rexistrados no monte consorciado nas primeiras décadas do franquismo (18%). Dentro destas destaca a escasa representatividade dos incendios causados por tormentas eléctricas (5 incendios) e a relevancia das tarefas de acondicionamento do monte para a súa repoboación. A queima de mato, a construción de cortalumes e outros traballos de preparación para a sementeira de árbores son a razón de boa parte deses incendios fortuitos. Os descoidos dos traballadores de Patrimonio son unha das explicacións dos incendios, iso si, sempre de incendios de pouca escala tanto en hectáreas como en plantas, xa que a súa actuación coincidía con fases iniciais da repoboación e cun rápido labor de extinción[774]. As accións debidas á actividade do exército franquista e outras forzas militares ou paramilitares

[772]De feito, ás veces arden espazos que aínda non foran plantados, polo que os danos remítense aos buracos e outras obras de acondicionamento previos ao plantío (cercamentos, materiais dos traballadores de Patrimonio, etc.). As plantas que se queiman nos catro incendios que se computan nesas anualidades son pinus pinaster de entre un ano e dous anos de idade, o que dá idea do inmediato da acción do lume con respecto ás tarefas de repoboación.

[773]A inexistencia de dados para os anos 1950 e 1951 reproduce unha caída na Figura 7.4 que sospeitamos que non amosa a realidade. Eses anos, a xulgar por fontes secundarias (historia oral, comentarios de informes dos enxeñeiros de PFE) formarían un continuo con respecto ás anualidades próximas.

[774]En marzo de 1957 un descoido dos traballadores de Patrimonio provocou o incendio de 0,04 ha da repoboación que estaban facendo no monte veciñal de Sto. Tomé e Monte Redondo, no municipio de As Nogais, o que supuxo a perda de 100 piñeiros dun ano, e do acaecido en outubro de 1959 no monte veciñal de Eugalonga, en Vilalba, onde arderon 0,01 ha con 300 pinus pinaster de tres anos. En xullo de 1956 aos traballadores de Patrimonio fóiselles das mans o lume co que estaban creando un espazo libre de maleza para un cortalumes e queimaron 30 ha da repoboación do monte Valdecebes e Artexiña, en Quiroga, o que supuxo a queima de 73.000 piñeiros de 2-3 anos. Este é o incendio de maiores dimensións debido á acción dos traballadores de Patrimonio na provincia de Lugo

Figura 7.4: Evolución de hectáreas queimadas en montes consorciados de xeito indirecto segundo os partes de incendios (1942-1959)




tamén están detrás deste tipo de incendios. A persecución de guerrilleiros e outras actuacións levadas a cabo no medio rural serviron de mecha para a queima de zonas repoboadas[775].

Descoñecemos a causa doutra parte dos incendios ocorridos nese período (14%). Os informes dos gardas forestais non fan mención á mesma ou barallan todo tipo de posibilidades: intencionado, causas naturais, accidente, etc. Aínda nestes casos de incerteza, o comentario de "crese que foi intencionado" e a sospeita sobre os vecindarios próximos son case unha constante nos partes cuxa conclusión acaba sendo a de "causa descoñecida". Esta intuición con respecto á culpa non é sorprendente pois as comunidades rurais prenderon lume e deixaron arder moitas hectáreas de monte comunal repoboado por Patrimonio, a Deputación e as corporacións municipais. Se nos atemos aos dados, un 76,7% dos informes presentan como causa dos incendios a acción das comunidades rurais. Agora ben, hai unha clara liña divisoria entre os lumes que as comunidades rurais "provocan" coa firme intención e obxectivo de danar a repoboación, e os lumes resultantes da realización de tarefas agrícolas que acaban deteriorando ao arborado ou á zona acoutada pola Administración para a súa repoboación.

[775] A acción máis chamativa foi a queima de 75 ha do monte Buio con piñeiros de cinco anos de idade en outubro de 1948 por parte da Brigada Especial para persecución de Bandoleiros. Nunha batida a un grupo de guerrilleiros que se escondía nese monte a Brigada optou por incendiar o monte e prohibir ás comunidades veciñas tentar calquer tipo de labor de extinción. En Teixeiro, un monte comunal tamén repoboado, arderon 0,38 ha, con 1300 pinus pinaster de 6 anos, cando o Rexemento da Cabaleiría nº 13 de Lugo tirou unha granada en setembro de 1952. As pistolas de sinais luminosas coas que adestraban as Forzas de Artillería asentadas en Guitiriz fixeron o propio con 2500 piñeiros que ocupaban unha hectárea repoboada do monte Serra de Sta. Cruz en xullo de 1956.

Figura 7.5: Causas de incendios no monte repoboado mediante consorcio indirecto na provincia de Lugo (1942-1959).



Dos incendios documentados, só unha pequena parte, como anunciáramos (13%), son provocados. A correlación entre a repoboación e os incendios é manifesta. Trátase nestes casos dunha indiscutible protesta social contra a usurpación sufrida e un intento por desanimar á Administración na súa política repoboadora coa fin de volver ao modo de uso campesiño. A plantación de espazos de monte veciñal e o que iso supuña para as comunidades de montes fixo do incendio un recurso para danala e intentar freala. A repoboación significaba perder superficie de pasto e non poder seguir contando co número de cabezas de gando; quedarse sen unha colleita de cereal a maiores da das terras de labradío; non poder aportar adubo ás terras de labor; ter que pedir diferentes permisos para poder recoller leña, etc, etc. É dicir, poñía nun serio perigo a supervivencia das comunidades e estas viron no misto unha fórmula de expresión do seu descontento e resentimento con respecto á posta en marcha da política forestal franquista.

Os lumes provocados acostuman a ter varios focos afastados entre si, o que implica unha autoría e coordinación múltiple, e o obxectivo de dificultar a tarefa da extinción, na que non se adoita participar máis que por ordes directas e ameazas de sanción[776]. A actitude favorable ou non á extinción é sempre recollida polos partes, o que permite

[776]En 1949 no incendio que se ocasionou na repoboación do monte Meda, en Samos, "o primeiro día de incendio axudaron a sofocar os veciños dos pobos limítrofes, Sangil, Montán e Zoo, pero ao día seguinte...ao volverse a reproducir en diferentes puntos...pediuse a cooperación dos veciños de Montán, e negáronse...que a eles non lles pertencían eses traballos... e que non se dispoñería persoal sen unha orde por escrito do alcalde de Samos. O pobo de Zoo, en vista de que pasara o perigo que ameazaba as súas propiedades, retiráronse ás súas casas malia as reiteradas intervencións do garda, igual actitude que adoptou o pobo de Montán...". No incendio ocorrido en 1956 en Gándaras de Castro de Rei, o garda constata que "os veciños acudiron [á extinción], aínda que algúns destes fixérono algo forzados pola Garda Civil, que procedeu a levantar o correspondente atestado"

trazar unha regra: cando os culpables son coñecidos pola Administración e son parte da comunidade a extinción faise rapidamente e con bo ánimo, o mesmo que no caso de que o lume poida afectar a terras dos veciños que acoden a sofocalo. No resto de casos, a extinción sempre se demora no tempo e implica algún tipo de coacción para obter a colaboración das comunidades[777]. Outra fasquía para estes lumes provocados é que comezan a horas intempestivas e préndense dentro do espazo acoutado por Patrimonio ou en zonas lindantes[778]. Estes incendios provocados non contrastan con lumes que non o son polas súas consecuencias destructoras, a diferenza do que ocorre nos anos sesenta e posteriores, dado que a eliminación da matogueira, principal elemento condutor e animador do incendio, era unha das primeiras tarefas a realizar para a repoboación. Así, ao coincidir os incendios dos anos corenta e cincuenta con repoboacións moi recentes, a matogueira non aparece como causante da expansión dos focos incendiarios. Igualmente, as plantas de piñeiros, aínda novos, non conseguen conformar incendios de gran magnitude como cando de adultas forman unha plantación monoespecífica[779].

Xunto ao afán destrutor, o lume tiña outra finalidade, a de asentar nese espazo os usos propios dun monte como o galego, entendido como unha parte complementaria do espazo de labradío. Cultivo de cereal e creación de espazos de pasto para gando están detrás destas queimas provocadas[780]. As "concesións" de zonas autorizadas para

[777] Os dados para as outras tres provincias galegas confirman a regra. Segundo unha comunicación do Enxeñeiro Director do Servizo Forestal da Deputación Provincial de A Coruña ao Gobernador Civil, en febreiro de 1946, o incendio ocorrido no monte Ladeiras de Iroita (tramo III da serra do Barbanza) da parroquia de Nebra, concello de Porto do Son, que afectou a case 50 ha, 3 delas repoboadas con piñeiro e eucalipto de 3 anos, non foi sofocado ata as 5 do seguinte día pola "pouca concorrencia dos veciños dos lugares limítrofes, dos que só acudiron 17 de Resua e 5 de Queiro". Un comportamento anormal que seguiron "os alcaldes de barrio e veciños das parroquias de Nebra, Calo, Orseño, Sobrado, Puilla, Cans, Figueira, Sabuceda, balteiro, Maceda, Graña, todos avisados. O Enxeñeiro que "para que este feito non quede impune, e vista a neglixencia... rogo... esclarecemento do feito delitivo e imposición de fortes sancións económicas aos que se negaron a participar...". AHRG. Goberno Civil. Secretaría Xeral. Negociado 1º. Administración Local. G-2808

[778] Catro hectáreas da repoboación do monte comunal Castelo, de Viveiro, arderon en setembro de 1943 por un incendio provocado "porque se iniciou lonxe dos sitios de tránsito usualmente e ás 23:30 horas", segundo o informe do garda forestal que aproveita para insinuar que a culpa é dos veciños da parroquia de Vilares que, pese a ser a máis próxima a onde se iniciou o lume, non fixeron intento por apagalo. O incendio do monte Picato en marzo de 1953 tivo tres focos, un dentro do monte repoboado e dous nos montes que limitan co el. Na opinión do tenente de Mondoñedo que levaba o caso "a finalidade do incendiario é a de obter pasto para o gando e ademais leña en abundancia para o consumo do vecindario". Seis focos distanciados son os contabilizados polo garda forestal no incendio de outubro de 1954 no monte Buio, en Viveiro, no que arderon 8 ha. con 11.500 pinus pinaster e insignis de 10 anos

[779] Un incendio catalogado como "provocado" foi o ocorrido en setembro no monte comunal do concello de Castro de Rei, Gándaras de Castro, en 1951, no que só ardeu 1,6 ha con 758 plantas de pinus pinaster. Outro provocado, ao entender do garda, foi o ocorrido no monte S. Esteban, en Fonsagrada en novembro de 1956 e que supuxo a queima de 3 piñeiros de 2 anos. Prendeu ás sete da mañá e "foi posto moi intencionadamente", xa que nas averiguacións atopan varias matas de toxo queimadas.

[780] O enxeñeiro director do Distrito de Lugo informa ao Tenente coronel da Comandancia da Garda Civil do municipio de Sober que está convencido de que o auxe dos incendios do monte repoboado Nogueira no ano 1957 está en relación coa renovación da concesión sobre a zona autorizada para cultivo agrícola na repoblación, unha concesión datada de 1939, que se amosa pequena para atender

cultivo agrícola, recolección de leña e pasto nas repoboacións eran mínimas para as necesidades das comunidades e o seu uso, sempre sometido ao escrutinio de enxeñeiros e gardas que daban ou quitaban permisos, era necesario para soportar a carga gandeira existente e garantir a subsistencia económica das comunidades. Este feito, ben coñecido para as autoridades, non lles impedía situar en lugares de baixa calidade ou de difícil acceso esas zonas, reducilas co transcorrer do tempo ou, simplemente, facelas desaparecer na práctica[781].

Preto da metade dos incendios documentados (53%) teñen tamén como axente causante ás comunidades rurais pero esta vez o lume está vencellado á súa condición de instrumento ao servizo de tarefas relacionadas coa actividade agraria dentro dunha agricultura orgánica. A principal destas tarefas eran as estivadas ou rozas, queimas do manto vexetal do monte mediante as que se preparaba un espazo deste para o seu cultivo. Así, eses incendios teñen orixe no monte comunal, pero non na zona acoutada para a repoboación. Moitas veces trátase de parcelas privadas que a poboación, medorenta da repoboación do comunal, demarcara no proceso de individualización, ao que xa fixemos referencia como forma de protesta. Un dos maiores incendios sucedidos no período estudado foi o que en agosto de 1949 afectou a 150 ha da repoboación do monte Cova da Serpe, de Friol, que tivo a súa orixe nas propiedades que no monte comunal colindante tiñan dúas viúvas. Outros incendios "intencionados" teñen a súa causa no lume usado para restaurar o ciclo produtivo do monte e obter pasto e o multifuncional toxo. Maioritariamente esta "limpeza de matogueira" tamén recae en persoas maiores, pero en ocasións son aqueles que se dedican ao pastoreo de gando os que se encargan de crear pastos nas zonas que quedan sen repoboar do comunal[782]. Estivadas e rexeneración do manto orgánico son as causas principais destes incendios, pero tamén hai incendios moi relacionados coa condición de espazo agrario do monte lucense, igual que estas, pero de xeito indirecto. Son os incendios que parten de fogueiras feitas para entrar en calor ou quentar comida e queimar formigueiros.

---

as demandas dos novos solicitantes. Aconsella ao enxeñeiro o control das persoas que nomea, aquelas que se quedaron sen concesión, por entender que están na raíz do problema dos incendios acaecidos. A intención que había tras os incendios provocados era ben coñecida polas autoridades, como demostra a súa "destreza" á hora de poñer castigos, "a zona incendiada queda rigurosamente acoutada a todo tipo de pastoreo durante seis anos, como mínimo, repóñanse ou non as marras", sinálase ante o importante incendio do monte Picato, en Trabada, en marzo de 1952, no que arderon 216 ha con 700.000 pinus pinaster de cinco anos.

[781] A "letra" dos consorcios asegura que o acoutamento ou prohibición dos usos será transitorio, cando non momentáneo. Como se sinala no texto do consorcio do monte Mioteira, en Pobra de Brollón, que se asina en 1949, "o aproveitamento de leña será *regulado* e o de pasto *suprimido transitoriamente* ata que medren as plantas... outro tanto podemos dicir das roturacións". A cursiva é nosa.

[782] O primeiro é o caso do incendio ocorrido no monte Gándaras de Ceide, no concello de Lugo, en 1959, do que é culpable confeso Bautista Buide López, de 70 anos, que asume facerse cargo das 2.583 ptas en que Patrimonio valora os danos dos 574 piñeiros de seis anos ardidos. O segundo é o caso de José Lestegás, dos seus dous fillos e un curmán. Os tres primeiros do municipio de Valadouro e o outro de Xove, detidos por entenderse que son os culpables de queimar 11 ha do repoboado do monte Buio, porque son "os que levan pastar toda clase de gando en devandito monte en todas as épocas do ano". As autoridades descobren que existen pequenas zonas queimadas a certa distancia da repoboación "demostrando con iso que o feito foi intencionado e seguramente con fins lucrativos para o pastoreo. Pois se queimasen con ánimo de causar dano na parte repoboada teríano feito máis preto, pois hai máis dun quilómetro de distancia".

Estes teñen como protagonistas maioritariamente a nenos que teñen no pastoreo a súa tarefa doméstica[783].

Tres características xenéricas aparecen neste tipo de incendios debidos a traballos agrícolas: primeira, os incendios que afectaron a maior número de hectáreas repoboadas na provincia de Lugo foron os "intencionados" e non os "provocados"; segunda, as persoas causantes, e moi a miúdo confesas, de ser os incendiarios son os débiles das comunidades: viúvas, anciáns, adolescentes, etc.; terceira, demostran a negativa das comunidades a conciliar na súa cotidianeidade a nova legalidade franquista.

A primeira conclusión insiste en demostrar unha percepción xa comentada, o lume como arma contra a repoboación non tivo o seu momento nestas décadas iniciais do franquismo. Con todo, a organización espacial que impoñía a repoboación si foi un foco de conflitividade, pois converteu prácticas seculares en accións punibles e rachou co equilibrio do sistema agrario galego baseado na plena integración agro-silvo-gandeira. A segunda constatación apunta a que a política que seguiu o réxime franquista no monte logrou desestruturar en certa medida ás comunidades rurais, que deixaron de facer colectivamente labores como as estivadas confiando a súa organización a individuos particulares que, en moitos casos, resultaron incapaces de dominar o lume e controlar os seus efectos. Esta debilidade, relacionada coa individualización do monte e con procesos como a emigración rural, non quere dicir ruptura, pois tanto nas tarefas de extinción destes incendios, nas que a comunidade participa de xeito inmediato e masivo, como nos posteriores traballos de reposición das marras, e ata no pago de multas, a comunidade amósase unida e eficaz na súa condición de espazo de economía moral[784]. Ademais, non debemos menosprezar o que de "arma do débil" ten a participación de anciáns e nenos nas tarefas relacionadas co uso agrario do monte.

A terceira cuestión repara en que estes incendios rachan coa legalidade vixente e coñecida polas comunidades. Estas néganse a interiorizar a pertinencia de que a Administración controle labores que sempre foran xestionadas pola comunidade, como era o caso da realización de queimas para estivadas ou a creación de pastos. Mantense unha actitude indolente ante a consabida necesidade de pedir autorizacións e permisos para ditas queimas, e así o denuncian os gardas forestais[785].

En conclusión, son moito máis numerosas as ocasións nas que o lume non se orixina como un acto deliberado ou provocado contra a repoboación, é dicir, como

[783] As 2,25 ha que arderon en xullo de 1952 no monte Paleira teñen como orixe a fogata dun neno de dez anos da parroquia de Balboa, en Trabada. En 1954, en Valdeconde, monte vecinal do municipio de Pobra do Brollón, arderon 100 ha con 200.000 piñeiros repoboados de 4 anos, a raíz da expasión do lume iniciado por unha nena de oito anos que estaba co gando e pretendía asar unhas castañas.

[784] No monte As Labiadas do municipio de Navia de Suarna, Elena Fernández, de 26 anos e veciña da parroquia de Vallo, que estaba pastoreando o gando a mediados de xaneiro de 1959, fixo unha fogueira para quentearse, un lume que non controlou e que acabou queimando 1,50 ha de repoboación, onde había 3.000 plantas de dous anos. O xuíz de instrución de Fonsagrada comunica a Patrimonio que "os veciños do pobo de Vallo ofrecéronse a realizar os traballos de reposición de marras, nese caso, o valor dos danos queda reducido á quinta parte" (inicialmente ascendían a 4.800 ptas.).

[785] No incendio ocorrido en xullo de 1956 no monte Cordal de Ousá, en Friol, a causa parece ser a realización dunha estivada de parcelas próximas á repoblación pertencentes aos veciños de Sta. Eulalia de Pena. O garda forestal, no seu informe insiste en que "xa tiña avisado aos veciños de que estas queimas necesitaban un permiso, pero estes obviaron a indicación".

unha forma de resistencia aberta, pero, igualmente acaba dando lugar a un incendio forestal. Son consecuencia de queimas realizadas por algún tipo de labor agrícola ou acción propia do modo de uso campesiño. Son os incendios que nós denominados "intencionados", pois aínda que son diferentes dos "provocados", en tanto que non responden directamente a un desexo de danar a repoboación, tampouco cabe nomealos de "fortuitos" ou "accidentais", pois facíanse rompendo conscientemente a legalidade imposta pola Administración forestal. Estamos ante unha forma de resistencia non dirixida. Esta natureza explica que non se tivese en conta que a planta non estivese medrada, nin sequera que só se tivera realizado o traballo de facer os buracos ou cercar a zona a repoboar cando se pon o lume. Non se trata de afectar ás plantacións, senón de negarse a aceptar o cambio na ordenación espacial que implica o novo modo de uso industrial, forestal concretamente, que a Administración buscaba e de rexeitar seguir calendarios e disposicións, desa mesma Administración, na xestión do seu espazo comunal.


Como se atisba polas poucas hectáreas totais afectadas polo lume, trátase de incendios de pequena entidade, non afectan a moitas hectáreas de repoboación. 41 deles non superan a hectárea e só tres chegan a 100 ha. ou máis. É a acumulación destes pequenos incendios o que os convirte nun fenómeno de entidade nalgúns montes, co que comparte pautas de formas de "armas do débil". Hai montes que sofren queima ano tras ano e que acumulan unha superficie ardida moi destacable. É o caso do monte Picato, en Trabada, que en seis anos a partires de 1948 ardeu en once ocasións afectando a unha superficie de 458 ha das 739 que foron repoboadas en 1944[786]. Noutras ocasións, como ilustra o caso do municipio de Fonsagrada o primordial non foron as hectáreas ardidas, (só arderon 16 ha.) senón a súa conversión nun fenómeno cotiá e de diaria preocupación para as autoridades dende que a repoboación comezou en 1952. O que inquedou á Administración forestal destes incendios foi a súa condición de boicot, a súa finalidade por entorpecer os labores de repoboación e a esixencia de contratar persoal de vixilancia que implicaban. A frecuencia dos incendios, así como a súa crecente repercusión económica e silvícola non tardan en alertar ás autoridades. Orzamentos adicionais empezan a ser usuais, xa non para aumentar a superficie repoblada, senón para repoñer os estragos protagonizados polas queimas de anos anteriores[787]. Igualmente a opción a realizar obras de mellora na repoboación que inclúan sistemas para frear os incendios empezan a notarse (camiños, cortalumes, máis dotación para vixilancia, etc.) nas partidas económicas estimadas nos orzamentos como gastos nos consorcios. Aínda así, a acción do lume nestes anos non é nin a pálida sombra do que será nas décadas seguintes. O recurso ao seu uso non pode compararse coa repercusión

[786] O monte Buio foi un dos máis afectados polo lume. Este monte, que ocupa superficie dos concellos de Xove e Viveiro, ardeu en oito ocasións entre 1942 e 1956 ata destruír algo máis de 207 ha. Da superficie repoboada no monte veciñal Coba da Serpe, en Friol, 167 ha tamén se viron danadas polo lume nos catro incendios que alí ocorreron

[787] No caso do monte Buio, o primero en consorciar de xeito indirecto na provincia e un dos máis abatidos polo lume, en 1943 as institucións vense na obriga de realizar un financiamento adicional de 113.868 ptas para a superficie xa consorciada nos anos 1940 e 1941.

que acadou nos anos sesenta cando, ao conflito pola ordenación do espazo, se engada de cheo a protesta contra as consecuencias da repoboación masiva[788].

Figura 7.6: Concellos consorciados por vía indirecta nos que se produciron partes de incendios (1942-1959).



[788]Na década dos sesenta comenzan a proliferar os incendios forestais, que se acabarán convertendo nunha lacra nos años seguintes. Entre 1975-1990 arderon en Galicia máis de 900.000 ha, o que supón casi unha terceira parte da superficie. BALBOA LÓPEZ, X.L., (1999), "El fuego en la historia de los montes gallegos: De las rozas al incendio forestal", en AREQUE JIMÉNEZ, E. (1999), *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Baeza, Universidad Internacional de Andalucía, pp. 255-277, p. 269

A modo de conclusión deste capítulo adicado á conflitividade medioambiental xurdida no monte comunal galego, e a partir do estudo tanto das modalidades de usos do monte comunal condenadas á ilegalidade polo réxime franquista como das accións propiamente de protesta podemos extraer certas conclusións. Por un lado, as primeiras eran prácticas habituais, por necesarias para a reprodución das economías domésticas, mesmo antes de que a Administración forestal deseñase un sistema de control do territorio e penalizase as infraccións. É o franquismo quen coas súas esixencias produtivistas aboca á ilegalidade actividades cotiás que, precisamente por iso, convértense, en mans da comunidade campesiña, en ferramentas para o combate forestal. A ditadura transformou, por entendelos sediciosos e potencialmente rebeldes, o que dende tempos inmemoriais eran traballos rutineiros. Onde antes se pastoreaba por simples necesidades de alimentar o gando, agora aprovéitase para causar estragos no bosque; onde antes se ía roturar para ampliar terreos cultivados cunha escasa posibilidade de sanción, agora a veciñanza ao completo desafía os criterios estatais e declárase, dentro das marxes que consideran racionais, contra as inxustizas de tal situación.

Non perdamos de vista que, como noutros tipos de resistencia, estamos ante un conflito de modos de uso, que non dunha nidia e política oposición ao réxime político como tal. Como acertadamente sinala Antón Santos, "por moito que na defensa do comunal se encarnasen, consciente ou inconscientemente, toda unha serie de valores e propostas sociais e ambientais con enorme significación abertamente contrarias ao produtivismo autárquico, por detrás desa invocación reiterada dos denunciados *ao traballo lexítimo, quieto e pacífico dos montes da aldea e ao seu dereito a subsistir* non se detecta en ningún caso unha formulación explicitamente antifranquista" (Santos, 2003). Interesa especialmente reparar en que se trata dunha desobediencia sistemática amparada por un discurso xustificativo e certo "programa de acción".

Capítulo 8

A práctica clandestina da solidariedade: "a guerrilla do chao"

Un veciño de Palas de Rei recorda o medo que na súa aldea pasaron cando viron como a garda civil traía a un guerrilleiro morto. O pavor non o provocaba a macabra visión en si, a dun cadáver pendurado dunha montura, senón a intranquilidade de que o cabo que traía o *botín* do monte reparara no detalle de que o calzado que vestía o abatido estaba pulcro e brillante. No pobo sabían que o guerrilleiro en cuestión morrera uns días antes por causas naturais mentres dormía en casa dun dos seus enlaces. Este optara por subir e deixar o corpo morto no monte para evitar a súa segura condena por prestarlle axuda dándolle cobixo[789]. Os veciños eran coñecedores de que si a garda civil reparaba no coidado aspecto dos zapatos do guerrilleiro a maquinaria represiva do franquismo se poría en marcha. Era a incuestionable e evidente proba da cotiá axuda que os fuxidos recibían nos núcleos rurais.

As memorias dos guerrilleiros son moi esclarecedoras sobre o papel determinante que tiveron as comunidades rurais no mantemento do movemento guerrilleiro. Francisco Rey Balbís (a) "Moncho", nado en San Ciprián, concello de Cervo, fuxido na zona coruñesa de Abergondo, declaraba,

> "temos que partir do feito de que a guerrilla é o pobo...ainda a xente con máis medo, os sectores máis ignorantes,... menos politizados... estaban na nosa banda. A colaboración do pobo era múltiple. Unhas portas abríanse máis e outra abríanse menos pero ninguén nos denunciaba... dirixíamonos sempre a familias pobres, pequenos campesiños ou xornaleiros. Dábannos leite, pan, manteiga. En veces, para desemular o que nos daban levábannolo ó monte no carro, debaixo do adibal, poño por caso, e se ían

[789]HISTORGA. Entrevista nº 177. Entrevista a M.P.C., da parroquia de S. Breixo, Palas de Rei

> cara ó agro, debaixo do esterco ou nalgún saco de semente. Vivían mal e anque non querían cobrarnos case sempre lle pagábamos estes abastecementos. A algúns enlaces dábamoslle cartos por adiantado para que nos mercasen roupa, conservas, menciñas... (Neira Vilas, 1991: 45-46)

As razóns que levaron a parte da poboación rural galega a axudar e informar aos guerrilleiros ou silenciar a súa presenza son múltiples e, como veremos, están en relación, sobre todo, coas lealdades formalizadas nas comunidades rurais antes da guerra civil. Pero, recordermos, que esas lealdades son tamén as liñas que marcaron a politización no rural, polo que non debemos desestimar a fortaleza desta á hora de configurar unha rede e de comprender a súa localización. O importante é sinalar que nos diferentes criterios que explican as redes de enlaces existentes, como veremos, a axuda prestada demostraba a firmeza das redes sociais e da solidariedade comunitarias, supoñendo un espazo de resistencia e de non cooperación dunha boa parte da sociedade rural co réxime e, como tal, foi perseguido e castigado.

Un aspecto que subliñábamos sobre as fasquías das formas de resistencia civil recollidas no rural galego pode comprobarse no estudo do posicionamento da poboación fronte á guerrilla. Involucrarse en fórmulas de resistencia partía, moitas veces, da pura continxencia, de que o suxeito se vira afectado pola conflitividade e non dunha toma de postura "contra o franquismo" en xenérico. Como xa temos mencionado, prestar axuda á guerrilla é, de xeito xenérico e maioritario, unha fórmula de resistencia non dirixida, polo que a súa activación no depende da identificación dunha institución estatal ou ao mesmo Estado como culpable e do anceio de danalo para subsanar o problema. É evidente que a guerrilla contou co apoio de suxeitos que partían dunha concepción de resistencia aberta, igual que contou nas comunidades rurais con francos opositores que se involucraron activamente na súa eliminación. Pero a "zona gris", como sempre, foi a maioritaria. E nesta zona os sentimentos que predominaban eran os de permanecer a salvo da dura represión estatal que a presenza da guerrilla impoñía, sen faltar aos códigos que a "economía moral" impoñían respecto ás lealdades sociais.

A presenza ou ausencia da guerrilla en determinadas zonas xeográficas marca xa de primeiro dunha fenda entre a poboación que, ao non verse involucrada, puido manter indiferenza e aquela que tivo que tomar parte. Por iso, antes de pararnos na análise das redes de apoio, cómpre, aínda que sexa de maneira sintética, reparar na influencia e no papel da guerrilla en Galicia. Como é ben sabido,, a inexistencia de "guerra" entendida como tal fixo da guerrilla a única forma de oposición armada ao franquismo en terras galegas, o que lle confire unha fasquía específica. Por outra banda, e como veremos, cando se fala do movemento guerrilleiro en Galicia non se pode evitar unha referencia aos homes-toupo e *fuxidos*, moitas veces estadios iniciais de ulteriores guerrilleiros, outras veces, condicións definidoras de homes que non pasaron a conformar as filas da guerrilla pero que tampouco consentiron con dar o seu apoio ás tropas sublevadas e ao franquismo nos primeiros anos da súa instalación.

8.1 Envolverse na oposición: o antifranquismo como opción

Houbo un grupo de persoas que optaron ou se viron na obriga de fuxir e esconderse nos montes, nun primeiro momento, e de loitar de maneira armada despois, que estableceron unha organización de oposición antifranquista. Alcumes como o do comunista "Piloto", o socialista "Guardarríos", "Foucellas" ou "Marrofer" ou o anarcosindicalista "Neira" conseguiron un lugar na memoria colectiva, pero foron moitos máis, aínda que sempre unha inmensa minoría da poboación, menos dun 1%, os que conformaron as filas da guerrilla en Galicia[790].

Coñecemos o número e a composición profesional da guerrilla en Galicia grazas ao traballo de Bernardo Máiz. O autor sinala que serían 356 guerrilleiros e que, como era de esperar, corresponden á estrutura económica das zonas de Galicia onde se ansenta a guerrilla: labregos (60), obreiros (61), artesáns (60), mariñeiros (43) e estudantes (14). Dende un primeiro momento as zonas de maior implantación xeográfica dos guerrilleiros foron o noreste da provincia da Coruña, a parte máis oriental de Ourense, sobre todo a comarca de Valdeorras, e o sur de Lugo. Estes agrupábanse en partidas que, aínda que con evidentes diferenzas en canto á súa pegada, operaban de maneira repartida polo territorio galego. Segundo Fernanda Romeu, en A Coruña funcionaban 37 partidas, 21 en Lugo, 15 en Ourense e só 1 en Pontevedra[791]. Máiz é o único que ata o de agora ten ousado contabilizar os resultados da actividade da guerrilla: 229 enfrontamentos armados coa garda civil, 217 axustizados polos antifranquistas, 59 secuestros de fascistas, 99 sabotaxes, 321 guerrilleiros mortos en acción, 461 guerrilleiros detidos, 88 guerrilleiros entregados, 1128 golpes económicos, 61 gardas civís mortos e 62 gardas civís feridos[792].

Analizaremos os motivos polos que o número de opositores ao franquismo foi tan reducido, e, polo tanto, por que o conxunto da poboación se alonxou da opción de converterse en antifranquista. Posteriormente repararemos nas motivacións e características que tivo a guerrilla, única mostra de oposición ao rexime saído do golpe do 18 de xullo que existíu no rural galego. Examinaremos expresamente o caso da provincia de Lugo para exemplificar este aspecto, aínda que sen renunciar a explicitar exemplos das outras provincias galegas.

---

[790] Os máis famosos mereceron atención específica por parte, sobre todo, de xornalistas e estudosos locais, LAMELA GARCÍA, L., (1991), *Foucellas. El riguroso relato de una lucha antifranquista (1936-1952)*, Sada, Ed. do Castro; REIGOSA, C., (1990), "El Piloto, el último maquis", *Historia 16*, 171, pp. 12-16; REIGOSA, C., (1989), *Fuxidos con sona*, Vigo, Xerais; TÉLLEZ, A., (2000), *A guerrilla antifranquista de Mario de Langullo. O Pinche*, Vigo, Ed. A Nosa Terra

[791] ROMEU ALFARO, F. (1987), *Más allá de la utopía: perfil histórico de la Agrupación Guerrilla de Levante*, Valencia, Alfons El Magnànim, p. 186

[792] MÁIZ VÁZQUEZ, B., (1987), "A Resistencia armada ao franquismo", *Nosa Terra. A Nosa Historia*, 2, pp. 4-7

8.1.1 A oposición no eido rural: fuxidos e guerrilleiros

A historiografía sobre a guerrilla pasou por varias fases, primeiro foi obra dos represores, como narración e exaltación dun servizo prestado á sociedade. No exilio iniciouse a liña oposta, continuada dentro a partir do ano 1975, feita por militantes que convertían aos guerrilleiros en heroes a magnificar. Nos últimos anos iniciouse xa unha liña de investigación sobre a guerrilla a cargo de historiadores (e outros científicos sociais) profesionais que permite unha visións mis obxectiva deste movemento antifranquista. As obras publicadas teñen como fasquía o seu carácter rexional, marco espacial que parece que se adapta mellor á análise pertiente deste fenómeno, aínda que se arrisca a caer en localismos. Os estudos existentes actualmente sobre a guerrilla en Galicia permiten achegarse con moita fialibidade a este tema, unha ventaxa evidente respecto aos aínda descoñecidos exiliados. Traballos de carácter local e achegamentos á figura de guerrilleiros concretos abundan e abéiranse ao calor dunhas moito máis contadas monografías xerais[793]. Estes traballos completáronse cos relatos dos propios protagonistas, xa en forma de memorias, xa co seu testemuño oral[794].

O primeiro que deixan claro estes achegamentos é que hai que diferenciar entre os "homes-toupo", os "fuxidos" e os "guerrilleiros". Os primeiros son os que se agocharon dende os primeiros días e estiveron durante anos sen saír practicamente do seu escondrixo. Todos teñen en común que non loitaron, senón que se agocharon, que non eran militantes de primeira fila nin de organizacións especialmente radicais, que non tiñan delitos de sangue nin postos no organigrama da República. Os que tomaron esta decisión compartían a crenza en que a guerra non ía durar e que a escapada sería de moi pouco tempo[795] e a sensación de que esconderse era a única vía para escapar de

[793]Entre estas últimas, HEINE, H., (1980), *A Guerrilla antifranquista... op cit.*; ÁLVAREZ GÓMEZ, S. (1989), *Las milicias populares gallegas. Un símbolo de la Galicia antifranquista*, Sada, Ed. do Castro; ASTRAY RIVAS, M. (1992), *Síndrome del 36. Agrupación del ejército guerrillero de Galicia*, Sada, Ed. do Castro

[794]Entre as memorias, alén das citadas ao longo do traballo, NOYA GIL, J., (1976), *Fuxidos. Memorias de un republicano gallego perseguido por el franquismo*, Caracas, Casuz Editores

[795]A memoria popular garda os nomes dos que por un tempo se agocharon en espazos pequenos e escuros nas súas casas ou en sitios próximos a elas para evadir formar parte do exército, e establecen unha certeira razón para tomar esta decisión: a idea de que a guerra non duraría. Ante a pregunta de por que decidiron escapar ao monte en vez de ir a guerra, a resposta acostuma a ser como a dada por C.S.F., de S. Cosme de Barreiros, "porque calculábamos que fora hai 15 días...pasaron anos... acabouse a guerra e fomos a... entregarnos á guardia civil". HISTORGA. Entrevista nº 1.016. Entrevista a C.S.F., de S. Cosme de Barreiros. Dos que fuxiron para non ir a guerra na rodeada da súa parroquia porque pensaron que non pasaría de ser uns días acórdase M., "foise Antonio de Rosende para o monte... cnado veu a guerra tiveron medo e non quería volver para a casa. Foise Antonio de Irena e outro que lle chamaban Curuxás, que tivo escondido nas casas vellas daí, e despois máis arriba nunhas penas, Paco do Roxo tamén en Vilela, tardou moito en vir pa casa". HISTORGA. Entrevista nº 769. Entrevistada M.S.M., da parroquia de Vilela, concello de Ribadeo. Xosé Manuel Sarille recorda no seu libro que na parroquia de Montecubeiro cando comezaron as levas en xullo do 36 para os menores de vinteioito anos "uns incorporáronse pero outros fuxiron. Xosé da Casanova desertou cando voltou de permiso, a Freire Millares fusilárono no trinta e oito por desertor, Enrique de Peruxe de Vilar, Daniel de Gómez de Verlán, Veiga, Daniel de Constantino de Cabanela, Manuel Carballedo, Domingos Fernández, Xosé Graña e Cándido Ferreiro xa non se incorporaron ou escaparon do exército...". SARILLE, X.M., (2002), *Polos fillos dos fillos... op cit.*, p. 102

seguras represalias[796]. O medo a entrar en guerra era unha fasquía que compartían os homes-toupo. Vicente Castro Moares, un veciño de Fruime escondeuse no monte para non ir á guerra e permaneceu oculto ata o remate da contenda bélica. Segundo o Informe da alcaldía de Lousame no 1939 "a impresión recollida entre os veciños e persoas de calidade, é que estivo oculto por medo a ir a guerra... permaneceu oculto todo o tempo que durou a campaña" (Agrofoxo, 2002: 66). A maioría presentáronse ante as autoridades, como Vicente, tan axiña como concluiu a guerra. Outros esperaron un pouco máis, así, o bienio corenta-corenta e dous rexístrase un constante pingar de homes-toupo "presentados voluntariamente"[797] segundo se recolle na documentación da xustiza militar, instancia que lles impoñía os castigos previstos para o delito do que eran acusados, "auxilio á rebelión" ou "adhesión á rebelión"[798]. En home-toupo tamén se converteu Ramiro Dalama para non incorporarse a filas no remprazo do 36, e así permaneceu ata que se presentou voluntariamente no Goberno Civil de Lugo en marzo de 1940. Este labrego de Sabadelle (Chantada) sufriu a pena máis común estipulada para estes casos, que era de ir a Caixa de Recruta e cumplir coas súas obrigas militares[799]. Moito máis dura foi a condena por idéntico delito para José Campos Fernández, un labrego de Montefurado (Quiroga), que foi condenado a 12 anos e 1 día, pena que lle conmutan por 6 anos de prisión. A diferenza no castigo ven dado polo pasado de afiliación sindical do segundo que é considerado un agravante[800]. Outros conseguiron reanudar as súas vidas sen sufrir pena nin castigo, alén de ter renunciado

[796]José Cabana Puentes foi un home-toupo por medo á represalia que, por causas persoais, estaba seguro de ir recibir dos novos falanxistas da súa parroquia, Goá, no concello de Cospeito. Viviu máis de dez meses no camposanto da súa parroquia, con breves visitas á súa casa. Nesta visitas a súa muller quedou en cinta, o que a obrigou a mentir sobre a paternidade e atribuirlla ao seu sogro, o único home da casa. Entrevistas a A.C.I, de Muimenta, a J.-M. L.A., de Goá e a F.V.A., de Roás, todos do concello de Cospeito

[797]Evidentemente nun bo número de casos a decisión de presentarse non foi "tan voluntaria". É o caso de Francisco Vila López, un pintor de Mazadoiro, Sarria. Foi acusado de auxilio á rebelión militar. "É significado marxista, era usual velo nas manifestacións a cabeza co puño en alto e vestindo a camisa roja. O 20 de xullo tomou parte activa na requisa de armas. Dende que caeu a súa vila fuxiu e tampouco se presentou cando o seu remplazo foi chamado a filas", segundo informa o Gobernador Militar de Lugo. "Figurou nas filas da Agrupación Juventudes Socialistas de Sarria, elemento activo", sinala o xefe local de Falanxe en Sarria. Presentouse ante as autoridades en 1940, a consecuencia de que o seu pai fora detido. AMSF. Causa 54/40

[798]Hai excepcións nesta xeralización pois atopamos casos como os de José Fernández Vildosola, traballador dun aserradoiro de madeira en Ludeiro, na Fonsagrada. Como afiliado a Izquierda Republicana e activo propagandista do Frente Popular, tan axiña como sucedeu o golpe de Estado pasou á zona de Asturias e loitou co exército republicano antes de converterse en 1940 nun home-toupo ata a súa detención, un ano despois. AMSF. Causa 279/41

[799]AMSF. Causa 30/40

[800]AMSF. Causa 690/40

á vida durante os anos nos que estiveron agochados[801], pero as malas condicións de vida que levaran os anos entoupados tamén acostumaron a pasarlles factura[802].

Aqueles que tiñan unha filiación máis significada coa esquerda, desertores da fronte e individuos que se negaron a incorporarse a filas conformaron o grupo dos fuxidos. Como colectivo tiñan diferenzas en canto á actuación: non participar do franquismo era a finalidade para uns, a loita pola legalidade republicana érao para outros. Os que non se incorporaron ao seu remprazo amosan coa súa decisión, como sinalan as memorias dalgúns exiliados, o seu descontento en xeral co réxime imperante, pero pode haber quen non contemple na oposición ao servizo militar un móbil político-ideolóxico definido, senón que sinxelamente ve nel un atranco para as súas especativas vitais e laborais individuais, imposto por un Estado alleo, pero sen por iso desenvolver unha actividade político-intelectual pública digna de mención. Como se pode apreciar nas memorias de Juan Aguiño, mariñeiro de O Grove que xunto a varios compañeiros se evadiu en barco dende Viveiro ata a Bretaña en agosto de 1937, non sempre se trataba tanto de oporse activamente ao novo Estado franquista ou aos principios políticos-ideolóxicos imperantes, aínda que tampouco simpatizaran con el, como de evitar ser incluídos nunha mobilización xeral no exército, fose este cal fose, e ver requisado o seu barco para a Armada franquista. Aguiño recoñece no seu texto non simpatizar co réxime franquista, malia a seguir admitindo non ter problemas e non militar na oposición. Os editores das súas memorias sinalan que o medo á mobilización da súa quinta no exército franquista e o requisamento do seu barco actuaron de detonantes da súa vontade de fuxir[803].

[801]"Aquí tuvemos a un escondido, aquí na Espiñeira, aquí na casa de José da Espiñeira, aquí estuvo un caseiro que aínda vive que está en Friol... tuvera unha suerte que non o localizaron, non sei se se presentou. Tamén estuvo o Varela de Pacios, estuvo unha chea de tempo e despois foise presentar á Coruña, inda macordo... presentouse e non lle pasou nada... non houbo que no acusara e non lle pasou nada...". Entrevista a A.M.C., da parroquia de A Espiñeira, concello de Friol.

[802]Aurelio Vázquez Costa sería un de tantos mineiros que se deran ao monte tan pronto comezou a guerra. Pasaría catro anos entoupado ata que se presentou ante as novas autoriadades o 30 de agosto de 1940. Cando foi chamado a súa quinta e destinado ao Corpo que estaba en Astorga non se presentou debido ao medo que sentía e volveuse á súa aldea de Froxán, no concello de Lousame, onde permaneceu oculto nunhas covas en unión doutro irmán que faleceu a consecuencia das privacións sufridas. Rematada a guerra decidiu presentarse pero a consecuencia das penalidades padecidas no monte sentiuse tamén enfermo e faleceu ao pouco tempo. AGROFOXO, X., (2002), *Memorias do franquismo... op cit.,* p. 64

[803]FRANCISCO DE LUIS, M.; ARIAS GONZÁLEZ, L., (ed.), (2000), *De O Grove a Cuba: (1937-1964): memorias de Juan Aguiño: pescador y exiliado*, Sada, Ed. do Castro, pp. 25-24. Casos de intentos de librar de ir ao remprazo ou de desertar son numerosísimos na fonte oral. Un deses intentos foi o do marido de María Asunción Posa (Ourense) que para evitar reincorporarse tras un permiso "bebeu viño dunha cuba na que había un mouro descomposto e empachouse de uvas verdes para que lle dera algo de estómago". BULLÓN DE MENDOZA, A., et ali, (2000), *Historias orales... op cit,* p. 126. Segundo o testemuño de C.F., que traballaba durante o conflito na consulta dun médico "uf! Alí corrían os xamós e as caixas de todo... todo para que os librara de ir a guerra, xamóns, de todo, de todo...". Entrevista a C.F., de Matodoso, Castro de Rei. As lembranzas sobre a táctica de arrimar os termómetros ás estufas ou a algunha fonte de calor para que demostrara a existencia dunha febre imposibilitadora da mobilización requerida son numerosísimas. Entre outras, A. sinala "téñollo oído contar ao tío dez mil veces como tratou de librar, el e moitos outros tamén o facían así, quentando os termómetros que lles poñían para mirar se tiñan ben a temperatura...decía que moitos se pasaban e o termómetro fervía a gallope (risas...)". Entrevista a A.C.I., de Pacios, Castro de Rei. A.G.L. conta

Tampouco a maoiría dos desertores pretendían pasarse ao outro bando, senón voltar a casa e non seguir adiante co conflito bélico, pero había casos en que a loita pola legalidade republicana si era a súa finalidade. Os Frechas Negras fascista sufriron deserciónS de oito novos recrutas en 1937, todos mariñeiros de A Coruña, a quen se cría membros da CNT. O seu comandante sospeitaba que a orientación política dos desertores era menos significativa que a súa procedencia xeográfica, pois os galegos foron á retagarda ver as súas familias, non á fronte a loitar polo outro bando. Para evitar máis saídas non autorizadas, o comandante dos Frechas Negras recomendou que os 525 recrutas foran transferidos do norte a outra rexión, como Extremadura, que quedara lonxe dos seus lugares de orixe[804]. Na zona de Viveiro as batidas dos falanxistas locais polos montes en agosto do 36 rendeu a dous soldados de artillería que desertaran con outros compañeiros e que se refuxiaran nas súas casas, pero na veciña zona de Ferreira deran con soldados de artillería e dun barco de guerra que desertaran con armas para pasarse á fronte de Asturias[805]. En todo caso, os fuxidos como colectivo eran "máis partidarios da acción que teóricos, pelexaron sen obxectivos políticos concretos, baseando a súa loita pola vida en responder á violencia con violencia...as accións de penalización e autodefensa fixéronse nas cabezas visibles do poder franquista: autoridades e "elementos de orden" máis significativos, falanxistas, confidentes e sacerdotes" (Serrano, 2001:37)

Os que engrosaron as filas dos fuxidos e dos guerrilleiros son sobre todo aquelas persoas cuxas relacións con partidos ou sindicatos de signo esquerdistas, xa fora de dirixentes, de afiliados ou de simpatizantes, era pública e notoria e sabíanse potenciais obxectivos da violencia imposta por falanxistas e grupos militares e paramilitares[806].

---

en primeira persoa as "actuacións" que lle valeron librar de ir á fronte e quedar no Cuartel de San Fernando, en Lugo, facendo de rapaz dos recados para os mandos. Entrevista a A.G.L., de Sta. María de Muxa, concello de Lugo

[804] SEIDMAN, M., (2003), *A ras de suelo. Historia social de la República... op cit,* p. 224

[805] EL PROGRESO, 15-8-36. Camilo Rodríguez Roca e Salustiano Rodríguez Martínez eran dos veciños da parroquia de Navalla, no concello de O Saviñao que foron chamados a filas pola súa quinta quedando adscritos ao bando sublevado contra a súa vontade. Contan como unha das súas aspiracións foi pasar ao outro bando. Eles e outros compañeiros tiñan un plan artellado para fugarse ao bando republicano, pero tiveron que abandonalo no momento da fuga polo descubremento da deserción simultánea dun tenente que alertou aos xefes militares. En SACO, F., (2006), *Os irmáns Saco ou a loita galeguista baixo o franquismo*, Vigo, A Nosa Terra, p. 51

[806] "andabamos a saltos, salvando o pelexo, *a nosoutros se nos collen, a min e ao meu irmán arrímanos ao paredón...* marchamos a Escairón, e alí estivemos para arrouparnos e opoñernos a ditadura, pero entón vimos que estabamos rodeados e volvemos para aquí, entonces aquí...fomos para Castro de Rei... ata que veu o exército desfacernos,...e entón arrimamos cara Reiriz, andivemos en Paradela... estivemos polas bodegas de Reiriz albergadas sobre os familiares que nos traían a comida...eu pasei dous anos e medio...ata que me colleron, colléronme na casa. E o meu irmán botou 14 anos e démolo metido en Francia, un grande amigo que tiña eu...levouno a Valencia e dende alí meteuno á... Africa francesa...despois cando na Africa francesa tamén houbera xaleo con eso dos maquis e cousa polo estilo pois...para Francia, e está en Francia en Lyon...eu cando andivemos camuflados foi o peor, eu ata estiven nunha igrexa escondido...debín botar alí 2 meses...". HISTORGA. Entrevista nº 609. Entrevistado R., da parroquia de Currelos, en O Saviñao, Lugo. A cursiva é nosa. En Muimenta, Jorge Sanjujo e Antonio Pollán, pasaron longas tempadas agochados de día baixo a ponte do río e no camposanto para fuxir das represalias dos falanxistas da zona. Entrevista a A.C.V., da parroquia de Muimenta, Cospeito; Entrevista a A.C.V., de Pacios, Castro de Rei

Como temos comentado con ocasión do estudo da represión do agrarismo, a opción de desaparecer, ben fuxindo ao monte, ben tentando chegar a un país estranxeiro, foi pola que optaron moitos dos que trataban de salvarse da represión[807]. Á socialización nun medio social ou familiar antifranquista[808] e/ou a experiencia de represión engádese, como outra das razóns de protagonizar este tipo de oposición, a negativa a cumprir coas disposicións militares, véxase incorporarse a filas ou permanecer na fronte[809]. Os individuos que se resistiron a asumir principios e disposicións dos franquistas negándose a combatir, violaron o código militar empregando métodos como o engano, a actitude pasiva e a fuxida. Actuaban de maneira que os sublevados calificaban de cobardes, indolentes e incluso criminais[810].

Evitar incorporarse a filas levou a ser considerados como "fuxidos" a Luis Balseiro de Abadín, Guillermo Blanco de S. Breixo, en Palas de Rei ou José González González, de Gundivós, en Sober e a Ramiro Vázquez, Francisco López e Emilio Díaz, todos de Fenoi, en Guntín[811]. E a deserción conlevou idéntica calificación para o labrego natural de Lagoa, en Alfoz, Eliseo Cortiñas Paz, que desertou da fronte de Madrid. Eugenio Fernández Costa, de Palas de Rei optou poa mesma saída, igual que Elías Carballeiro Rodríguez, labrego de Mosteiro, en Pol, que desertou de filas no 37. Desetor da fronte por dúas veces foi José López Díaz, de Doada, en Sober. A Primeira División do VI Corpo tamén experimentou a subversión dos galegos cando 27 deles "falanxistas nominais" de A Coruña desertaron das súas filas[812].

Seguindo co argumento empregado para explicar por que a oposición non foi unha opción para un número de persoas notable, pódese constatar que a oposición ao réxime saído do golpe de Estado, foi protagonizada por aqueles, uns poucos, para os que esa

[807] O exilio foi a opción de José Martínez Covelo, diretivo da Sociedade de Agricultores de Teis e concelleiro do Frente Popular de Lavadores que xusto despois do golpe, como asegura un informe de Falanxe, "aproveitando a desorientación reinante conseguiu embarcarse para Bos Aires onde se atopa actualmente", aínda que daquela o rumor popular era que marchara a Cuba. AHPP. Tribunal Rexional de Responsabilidades Políticas. Xulgado de Instrucción Provincial de Pontevedra. Caixa 19248. Expediente 275 (1941)

[808] Moitos dos fuxidos tiñan antecedentes familiares de sindicación en organizacións de esquerdas, como Justo Goás Barros, labrego da parroquia de Oiras, en Alfoz, que fuxiu tralo golpe, sendo o seu pai, Manuel, afiliado da Sociedad de Trabajadores de la Tierra y Oficios y Profesiones Varias de Alfoz, federada da UXT. AMSF. Causa 303/40

[809] Esa dupla causalidade aparece mesmo dentro dunha mesma famila: "cando estalou a guerra eu estaba no cuartel, facendo a mili... leváronnos para o frente... e tardei 16 meses en vir con permiso, e cando vin...pois entereime que meus irmáns andaban escapados... o Rafael pola mili, por non se presentar porque tiña medo... e Darío porque era da República, era republicano; había un comité, había un comité en Castro de Rei e el era un dos da directiva". HISTORGA. Entrevista nº790. Entrevistado A.R.R., da parroquia de Portocarreira, concello de Paradela

[810] Estas denominacións e outras similares ateigan as causas militares que se lles abrían cando se entregaban ou eran detidos. AMSF. Causas

[811] Esta decisión era nalgunha ocasión consensuada con veciños ou amigos que eran chamados a filas no mesmo momento. Así o recoñece un labrego de S. Cosme de Barreiros, que compratiu fuxida, refuxios e a presentación ante as autoridades franquistas unha vez acabada a guerra con outros veciños. "... eu e algún veciño máis tamén ocultámonos e non nos presentamos e tivemos durante o tempo que durou a guerra escondidos. Eu estiven en varios sitios, ata en Celeiro de Mariñaos." HISTORGA. Entrevista nº 1.015. Entrevistado F.F.B., de S. Cosme de Barreiros.

[812] Nomes e dados deste apartado, a non ser que se especifique o contrario, proceden de AGA. Presidencia. Informes sobre a situación de orde pública na provincia de Lugo. Caixa 51/20533

postura era a mellor das eleccións. Por exemplo, na provincia de Lugo na metade sur e surleste e en zonas concretas da mariña como Ribadeo e Viveiro e os seus contornos son zonas que María Xesús Souto apunta como máis duramente reprimidas por tratarse de espazos onde o arraigo de organizacións de esquerda era maior[813]. Así, a oposición focalizouse nestes espazos pois eludir a represión era un dos motivos de fuxir e entrar a formar parte da guerrilla en tanto que se sabían "culpables" aos ollos do inimigo e iso activou o seu marco motivacional ata entender que ser opositor tiña menos custo que permanecer á espera dunha segura represión. Polo contrario, no centro e no suroeste da provincia, onde os sindicatos preponderantes eran os católicos e os partidos de esquerda tiñan menos presenza, a racionalidade de fuxir era moito menor.

Ademais, e como pasa en todo tipo de resistencia, a oposición no rural galego estivo protagonizada por aqueles que tiveron a capacidade e a opción de fuxir e de, máis tarde, nalgúns casos, conformar a guerrilla. As posibilidades non eran as mesmas para todos os ameazados pola represión. Neste caso, aspectos como o capital relacional (posibilidade de encontrar axuda na escapada, existencia dunha rede que facilite a saída ao estranxeiro, amizade con persoas das forzas represoras ou con autoridades locais, axuda en todo tipo de intendencia, etc.), e o acceso á información (novas sobre inminente apreixamento, información sobre os movementos dos falanxistas, comunicación con outras persoas xa fuxidas, etc.) establecían os lindes entres quenes querían fuxir e aqueles que o puideron facer[814].

O caso do concello lugués de Paradela evidencia a relación entre a dureza da represión do agrarismo e a opción de fuxir. Alí predominaban sindicatos agrarios vencellados á UXT, cuxos militantes e simpatizantes foron acusados de atentar contra igrexas e representantes do clero, ocasionando a morte dun crego. En relación con estes sucesos as detencións foron masivas e as penas aplicadas moi duras, incluíndo 15 execucións xudiciais. Dura represión á que se xuntou a acción de "limpeza" dos falanxistas e que ten que ver coas acción violentas de marcado carácer anticlerical e antidereitista por parte de grupos de veciños presuntamente pertencentes á Sociedade de Trabajadores de la Tierra de UXT de Vilamaior, Mosteiro Vello e Castro de Rei. Entre os fuxidos do concello están José López Armesto, alcalde do Frente Popular[815] e o seu irmán Elías, fuxido converso en guerrilleiro ao que matou a garda civil en 1949,

[813] SOUTO BLANCO, Mª.J., (1999), *La represión... op cit*, p. 337

[814] A teoría da acción razonada/planificada de Fishbein e Ajzen amosa que a predición da conduta non pode basearse unicamente nas actitudes, senón que hai que considerar outra serie de elementos como as posibles consecuencias que se derivan dunha acción determinada, a valoración que merece cada unha desas consecuencias, a norma subxectiva e a percepción de control dos suxeitos. Esa capacidade de control dependerá da percepción que teña a persoa tanto respecto ás súas competencias e capacidades como ás oportunidades que lle brinde o medio. SABUCEDO CAMESELLE, J.M.; REAL DEUS, J.E.; GARCÍA MIRA, R., (2003), "Medio ambiente e comportamento humano", en CASARES LONG, J.J., (coord.), *Reflexións sobre o medio ambiente en Galicia,* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 415-435, pp. 420-421

[815] Este xunto á súa dona, Camen López Boado, estiveron escondidos ata 1941, ano no que se presentaron voluntariamente. A pena para el polo delito de "auxilio á rebelión" foi de seis anos e un día, o caso dela foi sobreseído. AMSF. Causa 378/41

Severino Díaz López, Jesús Mazaira Pérez, Benjamín López López, Manuel López Rodríguez, José López Boado[816] e Antonio López Díaz[817].

Ourol converteuse nun centro de fuxidos de primeira magnitude a causa dos numerosos afiliados ás sociedades agrarias dese concello que, de ascendencia socialista, víronse na obriga de esconderse para evitar a represión. Moitos dos fuxidos de primeira hora convertéronse en destacados guerrilleiros, como José Temblás Paz, cuxa familia sufriu unha durísima represión. En Ribas do Sil das parroquias de S. Clodio, Torbeo, Figueirido e Piñeira, onde estaban sitas as agrupacións socialistas agrarias, eran nados os fuxidos Gregorio Colmenero Fernández, Alejandro Martínez Martínez e Manuel Crespo Fernánedez. No Incio predominaban unha serie de sociedades agrícolas, copartícipes dos intereses da agricultura, gandería e industrias rurais de Bóveda e Póboa do Brollón, cunha clara definición republicana e nacionalistas, e do grupo de fuxidos existente, ao comezo do golpe 13. entre os que se encontraba unha muller. eran membros de ditas sociedades. Entre eles Manuel Rodríguez Valcárcel, presidente fundacional da Sociedad de Agricultores de Foilevar e presidente da organización (non legalmente constituída) Confederación Local de Sociedades de Labradores y Comités Republicanos[818]. En Pol o grupo de fuxidos están vencellados coa Sociedad Traballadores da Terra, de UXT. O seu presidente, Manuel Castro Tellado, acabou converténdose nun célebre guerrilleiro da zona ata que foi abatido pola garda civil. El tamén era socio da Sociedade Unión de Labradores de Montecubeiro, do veciño concello de Castroverde, da que tamén fuxiu un dos directivos, Bonifacio Sarille Tellado, que ademais ostentaba o cargo concelleiro, conseguindo exiliarse anos despois[819].

Amén dos líderes e afiliados agraristas, os protagonistas do antifranquismo en forma de fuxidos, guerrilla ou de colectivo exiliado foron moitos dos labregos que se tiñan vencellado activamente cos partidos políticos de esquerda, especialmente republicanos e socialistas. En Xermade o labrego que exercía de presidente do Comité de Esquerda Republicana, Marcelino Castro Prieto, viuse na obriga de fuxir en 1937 para

[816]José López Boado, labrego de Castro de Rei, concello de Paradela, presentouse voluntariamente en Portomarín en 1941 e foi acusado de "auxilio á rebelión" e foille imposta unha pena de vinte anos. Informan sobre os seus antecedentes dicindo que foi "un dos primeiros afiliados no Comité marxista de Castro de Rei, moi propagandista e entusiasta da causa marxista, era do grupo de avanzados en tempos do FP. Nos primeiros días da guerra formou parte dos grupos que cometeron desmanes requisando armas e intentando deter e molestar a xente de "ideario español". Despois afilouse a Falanxe indo voluntariamente á fronte co fin de eludir responsabilidades políticas, de onde desertou e pasou a zona roja. Ao volver a súa casa estivo en contacto con outros fuxidos, Elías e José López Armesto. Mala conduta, elemento perigoso para a paz social". AMSF. Causa 152/41

[817]A garda civil de Sarria acusou a este labrego da parroquia de Villarangunte de ser un dos que incendiaron dúas casas de "dereitistas" no inicio do golpe en Francos e en Vilachá antes de fuxir ata o fin da guerra. El non se presentou voluntariamente senón que foi denunciado. Tivo que cumprir unha pena de 6 anos e 1 día por auxilio á rebelión, amén de pagar 15.000 ptas de multa e pasar dous anos en prisión preventiva. AMSF. Causa 717/40

[818]SOUTO BLANCO, M^a.J., (1997), *La represión franquista...op cit.*, pp. 151-154

[819]O seu irmán conta pormenorizamente a súa situación nas súas memorias, SARILLE, X.M., (2002), *Polos fillos... op cit.* O exilio foi tamén o destino do tesoureiro da sociedade agraria de Meliás no concello ourensán de Coles, Avelino Pereira Montero, que tras ser represaliado fisicamente pasou clandestinamente a Cuba embarcado en Vigo e chagando á Habana en outubro de 1936. PRADA RODRÍGUEZ, X., (2004), *Ourense, 1936-1939... op cit,* p. 183

evitar a súa detención. En Ribas de Sil, o xastre Juan Rodríguez Vázquez participara activamente en actos e propaganda do partido socialista, do que era militante e fuxiu ao monte tan axiña como os actos de oposición ao golpe na súa parroquia de Torbeo e S. Clodio resultaron infructuosos[820]. Igual que Francisco López Gil, afiliado á Sociedad de Trabajadores de Merille, afecta a CNT, que tomou parte na requisa de armas para oporse ao golpe e ao ser mobilizado o seu reemplazo, non se incorporou no primeiro chamamento, facéndoo ao verse perseguido pola forza, polo que foi condenado á pena de reclusión perpétua, conmutada por 6 anos de prisión menor[821]. En Pastoriza, Vitoriano Mateo Ombreiro, zapateiro natural de Friol que fora o encargado de organizar o partido de Izquierda Republicana no concello e era o alcalde da Frente Popular, Ramón Armesto López, presidente do mesmo partido en Pastoriza, Manuel Murado, o tesoureiro do Comité da parroquia de Crecente e o secretario do Comité de enlace da parroquia de Gueimonde, deberon exiliarse en diferentes repúblicas latinoamericanas. Tamén se converteron en fuxidos Manuel Guzmán Soto, de Muras, xefe do partido de Esquerda Republicana e delegado gubernativo do Frente Popular, Ángel López López, garda "rojo" no Frente Popular en Monforte ou José López Vila, de Sabadelle, en Portomarín.

A fin do conflito bélico non supuxo o final da corrente de escapados, polo contrario, na posguerra asístese a un constante goteo de persoas que tratan de fuxir a causa da represión directa ou indirecta (na persoa dalgún familiar, de coñecidos, de amigos achegados, etc.). Aos ligados con ideas e organizacións políticas de esquerda vanlles dar relevo e compaña en moitos casos parentes, amigos ou veciños que se ven en perigo por ter axudado a estes fuxidos, ou aos xa guerrilleiros. Son os coñecidos como "enlaces queimados"[822]. De feito, non é raro que a oposición levada a cabo mediante a guerrilla acabe sendo "cousa de familia" e de "vecindade"[823].

Nos anos corenta e cincuenta houbo casos tamén de exilio provocados pola ameaza inminente de represión directa ou inmediata por parte do réxime, por mor de actividades político-sindicais descubertas, delacións, continuidade de sospeitas e da presión das autoriades despois da saída do cárcere ou de ter sufrido represión. Así, moitos fixéronse guerrilleiros ou exiliados despois de evadirse da cadea. Para escapar de denuncias e persecucións, como Benigno Rey Belbís, mariñeiro de Bergondo (A Coruña),

[820] A sentenza do 8-5-1942 por delito de rebelión militar condenouno a unha reclusión de 30 anos, conmutada por 20 anos e 1 día. AMSF. Causa 45/41

[821] AMSF. Causa 460/42

[822] Por exemplo, a raíz da caída do fuxido Luis Trigo Chao (a) Guardarríos en Lourenzá en 1948 cundiu o temor entre os enlaces que colaboraran con outro fuxido, "Ubaldo" e os seus compañeiros nas comarcas de Xermade e Ourol, e varios deles, como Benedicto Escourido Lúa a súa irmá Josefa, labregos de Miñotos-Ourol, fuxiron ao monte para incrementar o número xa excesivamente grande dos enlaces queimados que atrancaban a axilidade e a flexibilidade das partidas de guerrilleiros. HEINE, H., (1980), *A Guerrilla antifranquista... op cit,* p.189

[823] Sobre este punto insistiremos deseguido, agora só sinalar que a detención de familiares de fuxidos como recéns, sobre todo a partir de 1940, constituíu unha norma xeral, como o caso significativo de 6 irmáns (Carmén, Concepción, Francisco, Josefa, Manuel e Modesto) do guerrilleiro Jesús Iglesias Escourido "Tizón" que ingresaron no cárcere provincial o 20-4-1940. En Ourense un exemplo ilustrativo é o dos 5 irmáns Rodríguez López (Rogelio, Sebastián, Alfonso, Consuelo e Antonia), de Soulecín, no Barco de Valdeorras. SOUTO BLANCO, Mª.J., (1997), *La represión franquista ...op cit.*,p. 115; HEINE, H., (1980), *A Guerrilla antifranquista... op cit,* p. 26

que foi enlace da guerrilla antifranquista en Ferrolterra, ata que, axexado pola policía e logo de sufrir varias detencións, agachouse no 1949, fuxindo no 1950 a pé ata Francia; ou Antonio Ulloa Regueiro, labrego da parroquia chantadina de Torallo (da que colleu o alcume), que foi detido tras o golpe e confinado nunha cárcere improvisada que se fixera en Becerreá e que se fugou ao pouco tempo, aproveitando unha fuga masiva. Estivo fuxido ata que caeu nun enfrontamento coa Garda Civil o 4 de setembro de 1942[824].

8.1.2 Os perdedores non rendidos

Unha das caracterísiticas que Heine atribúe a guerrilla en Galicia é a conversión dos "fuxidos" en "guerrilleiros" mediante a concienciación política dos primeiros e a súa lenta transformación en opositores activos. Pode que concienciación política sexa unha expresión enganosa no senso de que, como xa dixemos, os fuxidos tiñan unha posición ideolóxica manifesta. Por suposto isto non quere dicir que non existiran afiliados ás diferentes organizacións de esquerda, como os fuxidos da zona de Noia, maioritariamente afiliados á CNT, por tratarse sobre todo de traballadores das minas de Lousame, onde este sindicato era maioritario. Ou os fuxidos da parte oriental da provincia de Ourense, Valdeorras e O Bolo, maioritariamente afiliados á UXT, debido á forte presenza da sindical socialista nas sociedades agrarias da zona[825]. Do que se trata é de manifestar a ausencia dunha pretensión política que os homoxeneizara como colectivo e incidise no abandono dunha actitude reducida á supervivencia. Este proceso de concienciación inverso aos que tiveron lugar na maioría dos movementos guerrilleiros contemporáneos nos que adoita ser o home politizado e ideoloxicamente definido o que se bota ao monte para se converter en político armado. Os grupos de fuxidos galegos, segundo constata o autor alemán, estarían na súa maioría despolitizados ata a chegada de resistentes asturianos despois da caída do fronte norte, entre eles o socialista Marcelino Fernández Villanueva "Gafas", que posibilitarían o artellemento dos escapados nunha verdadeira organziación guerrilleira e, a partir de 1942, a súa constitución en Federación de Guerrilas León-Galicia[826].

Malia a predominar os guerrilleiros non asdscritos a ningún partido, a dirección da organización estivo en mans de elementos socialistas e uxetistas, seguidos en importancia polos anarquistas e, en clara minoría, polos comunistas. Esta Federación foi a

[824] AMSF. Causa 536/42

[825] Na zona de Valdeorras debe insistirse na pegada do PCE. Este partido chegou a ter sete mil cincocentos afiliados en Galicia non seu momento máis álxido, xullo de 1936. De Ourense eran tres mil, maioritariamente concentrados en Valdeorras. Eran os militantes dos sindicatos agrarios dos concellos de Rúa, Vilamartín e O Barco, ademais de nos sindicatos que xurdiran no concello de A Veiga por influencia dos obreiros das obras de construción do ferrocarril Zamora-Ourense. Tamén destaca a súa presenza en sindicatos de xornaleiros agrícolas. GARCÍA YAÑEZ, F., (2005), *O Barco e a Terra de Valdeorras... op cit.*, p. 41

[826] Xunto a Marcelino Fernández os outros dirixentes asturianos da Federación de Guerrillas de León-Galicia (1942-1947) foron Mario Morán García e César Ríos Rodríguez. Os tres se exiliaron, seguindo os presupostos ditados polo Partido Socialista, do que eran militantes, en 1948. Os sus testemuños sobre aqueles anos están recollidos en REIGOSA, C., (2004), *O regreso dos maquis*, Vigo, Xerais

primeira que se conformou en toda España e a que sirviu de exemplo aos comunistas para a organización das outras agrupacións guerrilleiras[827]. A súa finalidade estaba en crear, a través de accións militares, que se concretaron na realización de "golpes económicos", un panorama de caos. Falanxistas e persoas afíns ao réxime eran o seu obxectivo de maneira que o seu capital roubado servira para mercar novas armas e víveres para asegurar a subsistencia no monte e para cubrir os gastos que ocasionaban a enlaces e redes de apoio.

A penas tres anos despois de constituírse a Federación, que se mantivo operativa ata 1947, formouse a segunda gran organización da loita guerrilleira antifranquista en Galicia, o Exército Guerrilleiro de Galicia, vencellado ao Partido Comunista. A data non é trivial, 1945. O momento é de claro optimismo para a loita antifranquista e, sobre todo, para o Partido Comunista no noroeste da península. Nun informe realizado por Santiago Carrillo en febreiro de 1945 este comenta a boa marcha da organización: "Galicia e León: Existe unha agrupación guerrilleira. É o grupo máis amplo, sólido e mellor arraigado entre a poboación. Goza de gran prestixio. Adheríronse ás JS de UN. Son uns 200. Recentemente enlazaron con dous grupos, un deles dirixido por un da CNT que aceptou toda a nosa liña política e de atracción" (Romeu, 2002: 57). Como xa temos sinalado, a confianza que en moitos desperta a derrota do Eixe na Segunda Guerra Mundial con respecto ao fin do franquismo, levou a inxerirse na loita armada á persoas que, ata o daquela, non se mobilizaran activamente. No mesmo ano, e como consecuencia dunha nova onda represiva que afectou ás células urbanas do Partido Comunista, moitos dos seus afíns botáronse ao monte, sobre todo, na provincia de A Coruña[828]. Os dous feitos mudaron por completo a fasquía que ata o daquela presentaba a loita guerrilleira nos montes galegos.

A aparición do Exército Guerrilleiro de Galicia supuxo a intensificación das accións, que agora acadan un tinte xa claramente político, pero, ao mesmo tempo, fixo da guerrilla un obxectivo máis fácil para os corpos policiais e parapoliciais. O incremento en número que supuxo a chegada das novas "xeracións" de guerrilleiros comunistas deu lugar a unha identificación dificultosa entre os propios guerrilleiros que conlevou un caldo favorable para o labor das cotrapartidas e infiltrados. A misión destes grupos era a de por ao descuberto as redes de colaboradores e enlaces dos guerrilleiros, e para iso copiaban costumes dos guerrilleiros, ían vestidos coma eles e tentaban imitar os seus comportamentos. Outro efecto negativo que trouxo consigo a aparición do Exército Guerrilleiro de Galicia foi a ruptura da fronte "antifranquista" que vencellaba aos diferentes grupos guerrilleiros, afíns a algún partido ou "independentes". O influxo

[827] SERRANO, S. (2001), *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista.* Madrid, Temas de Hoy, p. 92

[828] En febreiro de1946 foron detidos practicamente a totalidade da dirección do Partido Comunista, Xulio Nieto e Ramón Vivero, sentenciados a pena de morte mediante garrote vil, Xosé Vicente Rodríguez, que morreu ao seguinte día de ser detido, e era o enlace como Comité Rexional, a mestra de Castroverde Enriqueta Otero, condeada a cadea perpetua ou Emilio Golás, secretario de propaganda do Comité Provincial de Lugo e Guillermo Lozano "Rótula", secretario do Comité Comarcal de Monforte. Unha información detallada sobre do devir do Partido Comunista en Galicia en, SANTIDRIÁN ARIAS, V., (2002), *Historia do PCE en Galicia... op cit.*

cada vez máis intenso dos ditados do Partido Comunista, que acabou identificando a loita armada coa súa tendencia política, actuou de liña de fractura do colectivo.

O outro problema que veu da mán desta ampliación foi o que Santiago Carrillo indicou no seu "Informe de la situación y actividad del partido en el interior" en 1952, "mentres que nas cidades coa represión, decrecía o partido, as agrupacións guerrilleiras medraban momentaneamente. Non vimos que o crecemento numérico da guerrilla non era un síntoma de fortaleza, senón de debilitamento. Medraba o número de guerrilleiros, pero diminuía o número de puntos de apoio. Nese momento debiamos facer un repregue, non fiarnos do aparente fortalecemento e retirar xa forzas do monte para conservalas e usalas oportunamente...En 1948 as Agrupacións Guerrilleiras chegaran a un grao perigoso de illamento das masas." (Romeu, 2002:346-347). A decisión dos cadros clandestinos do Partido Comunista de enviar guerrilleiros a integrar grupos a comarcas alleas á da súa orixe provocou a creba dos lazos de solidariedade existentes entre guerrilla e comunidades rurais, vitais para o mantemento dos primeiros.

O ano 1948 marca o principio do fin do Exército Guerrilleiro. Nesa data son captuarados e executados en A Coruña Xosé Gómez Gayoso, Secretario Xeral do PCE de Galicia, e Antonio Seoane, xefe da Agrupación Galega do Exército Guerrilleiro, o que deixa sen líder ao movemento. O sucesor será, Manuel Fdez Soto (a) Coronel Benito, de Mugardos, que verá que baixo o seu mandato a Agrupación sofre en 1949 espectaculares caídas colectivas de efectivos. Unha delas cando na aldea monfortina de Chavaga perden a vida case todos os compoñentes do Destacamento Santiago Carrillo da II Agrupación (Ourense), entre eles Evaristo González (a) Roces, Guillermo Morán e Xulián Acebo Alberca (a) Guardiña. Ao trasladarse á zona Coronel Benito para tratar de recompor a oposición no sur de Lugo produciuse outro gran golpe á resistencia armada. Un contraguerrilleiro conseguiu acabar coa III Agrupación, matando ao propio líder guerrilleiro, a Elías López Armesto. No sur de Lugo só quedaron os guerrilleiros Xosé Arias Fernández (a) Cristo, que permaneceu no seu concello natal ata que foi abatido en 1954, e Xosé Castro (a) Piloto, que fixo o propio ata que as forzas franquistas o mataron en Belesar en 1965[829].

[829]"Piloto" era o alcume de Xosé Castro, un guerrilleiro que operaba na zona sur de Lugo, en Monforte, O Saviñao e Chantada. Nado en Boelle de Arxemil, concello de O Corgo, en 1915, ingresara na Aviación durante a Segunda República e de aí lle viña o alcume. Durante a guerra loitou no bando republicano e cando acabou a guerra foi detido en Madrid e condenado a 30 anos de prisión. Un indulto permitiulle saír en 1943, momento no que retoma o vencello co PCE e volta a Galicia para incorporarse á loita armada. Primeiro andivo por Baralla, Castroverde e o límite da Coruña pero trala caída en 1946 dos líderes comunistas desa provincia, desprazouse á zona sur de Lugo. Entre os guerrilleiros que o acompañaban nesa zona estaba Elías López Armesto, de Teilán (Bóveda), Xosé Arias Fernández, (a) Cristo, de Castro de Rei (Paradela), Xosé Pardo Rodríguez e Francisco López Quinte (Sarria) e Abelardo Gutiérrez Alba, (Cervantes) que chegou a ter no monte a toda a súa familia. Piloto morreu o 10-3-1965 nun encontro coa garda civil na parroquia de S. Félix de Asma, no lugar chamado Regata de Cacheira. Segundo o informe atestado do Xulgado de Instrución de Chantada, a garda civil "tivo coñecemento de que na parroquia de Rebordaos, concello de O Saviñao, fora visto momentos antes o Piloto polo que se estableceron en varias zonas dos arredores as forzas dos postos de Monforte, Currelos e Chantada". Esta información confirma os testemuños orais, que insisten en que Piloto caeu por causa dunha denuncia. AMSF. Causa 23/65

O franquismo perseguiu de forma denodada esta forma de oposición armada. A súa derrota foi un dos obxectivos capitais do franquismo e a el destinou substanciais fondos humanos e económicos. A lexislación prevista para o castigo dos fuxidos pola situación de guerra, promulgada en marzo de 1941 baixo o título de Lei de Seguridade do Estado, estivo operativa ata o 18 de abril do 47, cando se puxo en vigor a "Lei sobre delitos de Bandidaxe e Terrorismo", que establecía que "a xurisdición militar sería a competente para coñecer os delitos castigados nesta lei, que serían xulgados por procedemento sumarísimo" e que afectaba a:

- " aos que por atentar contra a seguridade pública, atemorizar aos habitantes dunha poboación, realizar vinganzas ou represalias de carácter social ou político, perturben a tranquilidade, a orde e os servizos públicos, provocasen explosións, incendios, naufraxios, descarrilamentos, interrupción de comunicicións ou derrubamentos, inundacións ou voladuras ou empregasen calquera outros medios ou artificios que ocasionen grandes estragos, serían castigados: 1. coa pena de morte se se producise a morte dalgunha persoa 2. coa reclusión menor a morte nos demais casos.

- a mala colocación ou emprego de subsistencias, materias ou artificios adecuados cos propósitos a que se refire o artigo anterior, será castigado coa pena señalada no número segundo, aínda que non se produza a explosión ou incendio ou efecto pretendido.

- aos que apartándose ostensiblemente da convivencia social, ou vivindo subrepticiamente nos núcleos urbáns formasen partidas ou grupos de xentes para adicarse ó merodeo, bandidaxe ou a subversión social, serán castigados coa pena de morte ou de reclusión maior a morte. E que tamén prevía que foran "excluídos de pena de morte os guerrilleiros que facilitaran con eficacia a captura dun grupo. A simple omisión dunha denuncia será considerada como unha axuda aos delincuentes".

Este texto, que como vemos definía e reprimía o delito de bandidaxe, non se mudou ata setembro de 1960, momento no que se refundiu.

Dende o ano 1941 desencadeouse unha envestida por parte do Estado para acabar coa resistencia armada antifranquista, que arreciou no 1947, incluíndo a aplicación sistemática da "lei de fugas" nas accións contra a guerrilla, o maior escoio para as Forzas de Seguridade do Estado. A acción represora e os problemas internos comentados fixeron que nos primeiros anos cincuenta a guerrilla entrara na súa fase terminal, o que levará á súa práctica desaparición. A partir desa data xa non se pode falar de "guerrilla", malia que quedaran guerrilleiros que, puntualmente e baixo condicións de illamento e supervivencia extremas, decidiran continuar no monte, caso do "Piloto".

A decisión de fuxir ou dar axuda aos *fuxidos*, que pasaremos a tratar de seguido, non só supoñía un conflito entre individuos concretos e poderes públicos. Tamén alteraba a convivencia da comunidade, ou cando menos, a relación veciñal. Porque estas actuacións conlevaban un maior grao de vixilancia e represión daquel grupo social próximo ao fuxido e da zona xeográfica onde se lle supuxera actuaba de forma clandestina. O espreitar da garda civil, os interrogatorios e os rexistros domiciliarios eran

cotiás e insistentes e isto obstaculizaba a decisión de axudar a un guerrilleiro e/ou a súa partida. É de grande interese saber se estes fenómenos de resistencia levaron a alteraron a convivencia das comunidades rurais ata o punto de supor unha creba definitiva ou se ben se tratou dunha das múltiples adaptacións ás que a comunidade logrou sobrepoñerse. É doado, coa superficial lectura da lexislación contra o "bandolerismo" imposta polo franquismo, deducir a alteración que supuxo o sistema de represión franquista nas zonas de actuación da guerrilla: veciños vixiando e denunciando veciños, sospeitas e tensión permanentes que menoscavaba tradicionais comportamentos colectivos, incidindo no individualismo. Pero, como se comprobará, a comunidade sobrevivíu a este episodio como o tiña feito ante outros elementos tensionadores, como a automutilización para librarse das quintas no século XIX[830]. As fendas debidas a diversos intereses dentro das comunidades era o "normal". Como xa sinalamos, e cabe insistir, a harmonía da totalidade dos suxeitos non é un requisito dunha comunidade forte. As comunidades, por definición, nin son igualitarias, nin homoxéneas nin inmutables e o efecto que tivo a guerrilla non foi máis que o de aprofundar na diferenciación entre faccións que respondían a intereses (políticos, económicos, etc.) distintos e que mobilizaron, unha vez máis, as súas lealdades.

8.2 A guerrilla do chao: a resistencia civil como base da oposición antifranquista.

O guerrilleiro Francisco Martínez (a) Quico, nas súas memorias, insiste no papel dos enlaces. Ao rememorar a vida dos guerrilleiros da comarca leonesa do Bierzo, puntualiza que "hai que rematar con esa imaxe romántica e diabólica do guerrilleiro concenado a vivir en covas no monte, illado de toda relación política ou social. Nos dormiamos casi todas as noites baixo teito, había moita xente que nos axudaba e daba cobixo e alimento" (1990:87). Francisco Rey (a) Moncho, tamén matizaba que,

> "o movemento guerrilleiro non surxiu no monte, saíu do chao ao monte. Alí onde había homes perseguidos que se viron na necesidade de fuxir, fixérono antes de caer de novo na cadea ou ante un pelotón de execución... Ao principio as nosas accións tiñan un carácter casi exclusivamente de fuxidos que se movían organizadamente buscando puntos de apoio, falando coas xentes da necesidade de crear o movemento guerrilleiro. Eramos os fuxidos, "os escapados", como nos chamaba o pobo. *E en esa época, no momento máis agudo da represión franquista, tivemos sempre o apoio abnegado, silencioso e incondicional do pobo. Aqueles homes que nas aldeas nos axudaban, sabían perfectamente ao que se expoñían e, nembargantes, non vacilaba en acollernos.* (Costa Clavell, 1977:160-161)

[830]BALBOA LÓPEZ, X. L., (1991), "Quintos e prófugos: os galegos e o servicio militar no século XIX", en CASTRO, X.; JUANA, J. de, (ed.), *VI Xornadas de Historia de Galicia*, Ourense, Deputación Provincial, pp. 51-71

A. Domínguez no seu estudo sobre o movemento guerrilleiro en España denomina aos enlaces, "guerrilleiros do chao", "milicias pasivas" ou "Servizo de información republicano", como os "heroes do día a día" e sinálaos como os grandes esquecidos da revisión histórica que se viviu en España nos últimos anos[831]. Está no certo, non se pode seguir estudando a oposición antifranquista nin o propio movemento guerrilleiro só dende o punto de vista dos combatentes. Unha reconstrución histórica que queira achegarse á verdade debe adoptar un punto de vista global que inclúa un aspecto vital para entender o movemento guerrilleiro na España da posguerra, o papel da poboación que lle posibilitou, dos xeitos máis variados, axuda e sustento.

A reconstrución do papel das comunidades rurais que en Galicia ou outras zonas da xeografía española axudaron ao mantemento da guerrilla antifranquista o que tampouco pode facer é caer no erro contrario ao que se estaba a cometer, desprezar o seu labor. É dicir, pasar a exaltalo ata non reparar en que o entusiasmo e afinidade ideolóxica non eran os sentimentos que despertaba a guerrilla en amplos grupos sociais do rural. De Felice comenta que o campesiñado italiano nun principio prodigárase na axuda aos militares en desbandada, aos soldados fuxidos, aos prisioneiros evadidos, pero que moi axiña se volvera desconfiado aínda que seguira sendo "humanamente solidario". Entende que no bienio 1943-45 a poboación rural aplicou unha forma de "resistente espera", sen tomar partido nin polos fascistas, nin polos alemáns nin polos partisáns dado que eran tres realidades alleas á cultura campesiña[832]. En Galicia, como demostraremos, os guerrilleiros contaron co favor de boa parte da poboación usando recursos simbólicos e relacionais propios da cultura campesiña, pero aqueles tamén se valeron das ameazas e do medo a represalias que provocaba a súa presenza.

Sería falaz dar creto ás apreciacións dos dirixentes do Partido Comunista sobre que os únicos sentimentos que provocaban os guerrilleiros nas comunidades era de puro entusiasmo. O ton da prensa comunista e dos seus propios informes é sempre optimista respecto ás relacións entre guerrilleiros e campesiños. Un dos puntos subliñables da información de MUNDO OBRERO é xustamente a unidade que establece entre a guerrilla e a cuestión campesiña. Víctor Santidrián introduce no seu estudo sobre o PCE en Galicia extractos de documentación que deixan ver esa euforia desmedida do Partido con respecto á relación entre fuxidos e campesiñado[833]. Estes están na liña da intervención de Enrique Líster no III Pleno del Partido Comunista de España en Francia, celebrado en París en marzo de 1947. Segundo afirmaba, en Galicia,

> "os chamamentos do partido aos labregos para que organicen as súas sociedades de agricultores e as alianzas de labregos clandestinas, está dando

[831] DOMINGO, A., (2002), *El canto del búho. La vida en el monte de los guerrilleros antifranquistas*, Madrid, Oberón, p. 17

[832] FELICE, R. DE, (1996), *Rojo y negro...* op cit, p. 54

[833] O autor introduce a opinion dun ex-guerrilleiro da II Agrupación da zona de Ourense, Camilo de Dios, que matiza a información oficial e comenta que, "en principio ben, en principio ben, ultimamente mui mal, mui mal, porque había habido moitas caídas, moita xente no cárcere, moitas represalias, queimaban as contrapartidas as casas dos puntos de apoio que se descubrían, collían e queimábanllas, metían á xentiña na cárcere, pegábanlles grandes palizas delante do pobo, xa os machacaban alí, i a xente, tiña moito medo, ultimamente tiña moito medo...". SANTIDRIÁN ARIAS, V., (2002), *Historia do PCE en Galicia,... op cit.*, p. 390

> magníficos resultados. As súas consignas de loita contra as hermandades falanxistas e polo falseamento das declaracións de semente, son seguidos cada día por maior número de labregos. O pobo de Galicia que durante a sublevación fascista demostrou o seu odio ao falanxismo e o seu amor á República, loitando coas armas na man, continuou e continuará coa loita, desprezando aos fomentadores da pasividade... Todo o máis honrado e combativo do noso pobo ve cada día con máis claridade que o Partido Comunista é o seu Partido"[834].

Líster e outros líderes políticos non acabaron de ver (ou non quixeron ver) a realidade da situación, sobre todo tendo en conta os anos nos que está feita dita declaración. As relacións de axuda aos guerrilleiros de finais dos anos corenta e principios dos anos cicuenta xurdiron inmersas na desconfianza xeral, entre unha poboación rural que na práctica as máis das veces non distinguía entre marxistas, socialistas, anarquistas, etc., e que, sobre todo, non lograba comprender como aínda alguén podía seguir combatendo contra un réxime asentado no poder[835].

Pero unha cuestión é certa. Moitos testemuños de enlaces e de guerrilleiros galegos ou que tiveron a Galicia como o seu lugar de operacións, aseguran que éstes dormían todas as noites baixo teito e matizan a imaxe do guerrilleiro solitario condenado a vivir a perpetuidade no monte, co que recoñecen e enxalzan o apoio da poboación do rural[836]. O labor de apoio, que debía soportar a vixilancia e o control dos falanxistas, exército e garda civil, a presión derivada da posible existencia de informadores, a tensión de contínuos e devastadores interrogatorios, rexistros domiciliarios, represalias e deportacións, non desmerecía en nada o sacrificio de aqueles que decidiron participar activamente na loita armada[837].

8.2.1 O apoio á guerrilla na Galicia rural: as redes de enlaces

As actividades de resistencia relativas a prestar auxilio ao movemento guerrilleiro, igual que a actividade insurreccional, reproduciu as solidariedades dos grupos sociais, das faccións. Para entender o fenómeno de creación e funcionamento da "guerrilla do chao" é preciso reconstruír as características dunhas complexas relacións sociais rurais inscritas dentro do marco das comunidades. Porque todas as comunidades están formadas por suxeitos que posúen fasquías propias, pero existen grazas a unha rede

---

[834] Ponencia de marzo de 1947, "Galicia na loita contra o réxime de Franco e pola República". Intervención do camarada Enrique Líster no III Pleno del Partido Comunista de España en Francia, celebrado en París os días 19, 20, 21 e 22 de marzo de 1947. CAZORLA SÁNCHEZ, A., (2000), *Las políticas de la victoria... op cit.,* p. 166

[835] Sobre os últimos guerrilleiros, vd. Albert CAMUS, "Los últimos guerrilleros y el trágico desenlace" en CASANOVA, J. et ali. (coord.), *Morir, matar... opus cit.,* pp. 285-295

[836] [¿pero logo durmir, nunca durmiron no monte?] "bueno, unha noite ou dúas si acaso, máis ou menos si". Responde un fuxido que estivo varios anos "no monte". HISTORGA. Entrevista nº 1.015. Entrevista a F.F.B., do concello de S. Cosme de Barreiros. Segundo as palabras da compañeira de Piloto, Ramona Curto Candal (a) Mirelle, "tivemos casas nas que estivemos tres anos seguidos". SACO, F., (2006), *Os irmáns Saco... op cit*, p. 66

[837] Unha mostra das múltiples formas de represión e vexacións que debían soportar os familiares de fuxidos en SARILLE, X.M., (2002), *Polos fillos dos fillos... op cit*

de interaccións no seo dunha configuración social, un espazo entre o individual e a sociedade. As redes relacionais das comunidades foron as que mitigaron a dureza da posguerra para os seus membros en múltiples ámbitos e, como temos visto, as formas de resistencia civil valéronse destas redes sociais para prosperar.

Barnes, o estudoso da Escola de Mánchester que introduciu o concepto de rede, defínea como unha malla de relacións flexibles e discrecionais, nas que non todos os compoñentes se coñecen o un ao outro pero poden interaccionar entre eles. Como temos dito, a rede crea un espazo de interdependencia entre varios estratos sociais e favorece a solidariedade e a axuda mútua en varias situacións: soporte material, problemas cotiás, etc. A rede social é o que permite entender o funcionamento da acción colectiva, sexa a nivel de comunidade, sexa a nivel de Administración local. Como sinala Barnes no seu estudo, a rede social sostén o idioma igualitario e a identidade comunitaria, e é o principal factor de estabilidade no equilibrio entre diversas clases e do consenso.

A nivel de interacción familiar a rede xoga un papel crucial, xa que é tamén un factor decisivo que caracteriza o proceso de socialización do individuo, de interiorización de normas e valores, de definición do estatus e da identidade. As relacións sociais externas á familia son constitutivas dunha rede, máis ben que dun grupo organizado, isto é, dunha configuración social na que só algúns, non todos os compoñentes, teñen intercambiado relacións sociais. A rede de relacións externas pemite entender a dinámica de control normativo. Así se a rede é das denominadas "de malla estreita", vencella a unha serie de prestacións recíprocas, exercita unha forte presión ideolóxica e normativa sobre o individuo, mentres que se a rede é "de malla ancha" exercita un control social e normativo menos pesado, consentindo unha variación máis grande na ideoloxía, nas obrigas e na norma de comportamento. É fundamental estudar a amplitude e a densidade da rede, o que se define como "características morfolóxicas" da rede, para ver a influencia que teñen estas características no individuo.

Hai dous modos nos que están sendo consideradas as redes nos diferentes traballos de Socioloxía ou Historia Social, a primeria, como fluxo de comunicación e a segunda como fluxo de bens e servizos, en relación ao uso instrumental da rede social. Outros estudos poñen a súa atención non tanto na influencia da estrutura da rede sobre a acción individual, senón na monopolización da comunicación a través das redes, e poñen en evidencia o papel que a rede pode asumir como instrumento de definición e de control social. A rede ten un rol crucial na definición dunha comunidade social e de intereses, na identificación da súa norma, no proceso de distinción e diferenciación, na construción da articulación do control normativo e na reafirmación da norma costituínte ou na clarificación e formulación de novas normas e modelo de comportamento.

A noción de "rede social", como conxunto de interaccións que forman un espazo social, supón incidir no coñecemento e a comprensión das ligazóns dos individuos entre si, e, deste xeito, permite aprehender as estratexias individuais e tamén as formas de acción colectiva. A fortaleza das comunidades campesiñas está na forte impronta, no enraizamento, dunha microsociedade feita de redes sociais onde o persoal está por riba doutras fracturas (opción política, clase social, etc.) e onde as forzas de integración social combaten as tendencias disolventes que veñen do exterior, caso do Estado du-

rante o franquismo, e mesmo dende o interior, por parte de individuos que antepoñen outros valores ou intereses aos comunitarios (vergoña pública, illamento, etc.)[838]. Na explicación dos comportamentos tanto individuais como colectivos é central reparar tanto nas trabas impostas polos diversos sistemas normativos como en que o individuo mantén un conxunto variado e variable de relacións que determina as súas reaccións e eleccións respecto desa estrutura normativa[839].

Elizabeth Bott define o termo "rol" como o comportamento que se espera de cada individuo por ocupar unha particular posición social. Un "rol relacional", está formado por aqueles aspectos dunha relación que supoñen expectativas recíprocas de conduta dunha persoa respecto doutra. A colectividade non depende só das semellanzas ocupacionais e da proximidade de domicilio. Aquela é a resultante complexa de innumerables decisións adoptadas por todos os membros da rede, dacordo con combiancións particulares de necesidades persoais e factores situacionais: presenza ou ausencia de lazos económicos entre os parentes; proximidade de domicilio; oportunidades para o establecemento de relacións fóra do núcleo xeográfico e da rede de parentesco, así como un complicado conxunto de factores relacionados coa mobilidade espacial e social.

O rol relacional é unha configuración social na que algunhas unidades que o compoñen manteñen relacións entre si. O parentesco e a amizade acostuman a ser os dous tipos máis elementais de relación social primaria. Os veciños e as asociacións voluntarias teñen trascendencia na medida en que son fonte de amigos potenciais, e porque poden coincidir parcialmente coas categorías de parente e amigo. Dos estudos realizados sobre redes sociais (emigración, etc.) dedúcese que os parentes teñen unha significación especial en calquera tipo de rede. A importancia do parentesco é triple: é especialmente factible que os parentes se coñezan entre si, de forma que o sector reticular de parentes é probablemente o máis unido de todos; segundo, a relación con e entre parentes próximos é relativamente duradeira; e terceiro, os parentes desempeñan un vital e dobre papel: non só apoian a un individuo, senón que tamén son soporte de novas redes parentais creadas a través de lazos como os matrimoniais[840].

As redes relacionais explican tanto que dentro dunha comunidade se dé cobixo e axuda aos guerrilleiros como que estes se dirixan e encontren soporte na sociedade civil. Así, para entender procederes ou decisións como as que supoñen cooperar ou axudar ao movemento guerrilleiro son decisivas as redes de amigos, as relacións de veciñanza ou de parentela, etc., redes relacionais xa establecidas e nas que se apoia esta fórmula de resistencia. Coñecer ao guerrilleiro, deberlle un favor a un familiar deste,

[838]Unha análise máis profunda sobre a teoría de redes e a súa aplicación aos estudos sociais nas diferentes contribucións ao traballo editado por Fortunata Piselli, vd. PISELLI, F., (ed.), *Reti. L'analisi di network nelle scienze sociali*, Roma, Donzelli Editori. Sobre todo o artigo da propia editora que serve como introdución, vd. PISELLI, F., (1995), "Reti sociali e comunicative", pp. VII-LXXIII; e LAUMANN, O.; PAPPI, F.U., (1995), "Reti di azione colletiva", pp. 227-249

[839]BURKE, P., (2003), *Formas de hacer historia...* op cit, p. 124

[840]BOTT, E., (1990), *Roles, normas y relaciones externas en las familias urbanas corrientes*, Madrid, Taurus, pp. 37, 181, 261, 339-340; BOOT, E., (1995), "Reti coniugali e reti sociali", en PISELLI, F., (ed.), *Reti. L'analisi di network nelle scienze sociali*, Roma, Donzelli Editori, pp. 53-88

confiar no veciño que pide cobixo no seu nome, etc. etc. son cuestións que deciden a reacción do individuo a hora de participar ou non da rede de auxilio daquel. Pola súa parte, para os guerrilleiros era preciso mobilizar a axuda axeitada, a que tivera menos riscos e aquela con visos de non comportar custos inasumibles, de aí que as redes sociais pre-establecidas dentro das comunidades rurais por eles con anterioridade ao seu paso á loita armada ou por achegados sexan un referente imprescindible. Deste xeito, desta interacción entre sociedade e movemento guerrilleiro, xorden dous tipos de elos, os fortes, como poden ser os trazados entre familiares, e os elos febles, tramados entre a veciñanza, correlixionarios, amizades, etc. Os dous tipos están presentes nas redes de enlaces conformados pola guerrilla no rural galego aínda que, como imos ver, unha ten predilección sobre a outra en determinados momentos.

A investigación sobre a densidade das redes levou a definir unha "zona de primeiro orde", é dicir, a constituida polos contactos directos do individuo, e unha "zona de segundo orde", conformada polos contactos dos contactos dese individuo. Estas zonas poden distinguirse coa denominación de "rede efectiva", a de primeiro orde, e "rede feble", a de segundo, pero malia ser menos densa que a anterior, ten unhas tramas internas que son moi tupidas, principalmente as de parentela, veciñanza, relacións laborais e asociación voluntaria[841]. A análise das fontes de xustiza militar, da documentación xerada por Falanxe e outras autoridades civís referidas ao movemento guerrilleiro e dos testemuños orais, coinciden ao suxerir que os elos fortes correspondentes á "rede efectiva" conquiren nun primeiro intre unha grande relevancia, cunha clara predominancia sobre a rede feble. Porén, co correr do tempo, ao final dos anos corenta, son as redes febles as máis requeridas polos guerrilleiros para conseguir soporte, son as que abren novas posibilidades relacionais e as que facilitan a acollida dos guerrilleiros en novas redes, malia non sempre coincidir en orientación política con estes.

Para chegar a aprehender estas redes empregamos dúas fontes básicas, a primeira a fonte oral, na que pode conseguirse un coñecemento de, se non toda, si boa parte da rede e as motivacións dos enlaces para participar nesta forma de resistencia. A segunda é a documentación xudicial xerada polos xuízos sumarísimos que debían pasar os enlaces cando "caían". Neste último caso o tipo de fonte levounos a seguir certas precaucións co obxectivo de criticar os seus máis que seguros sesgos. Pensemos que moitos inocentes dos cargos que lles foron imputados deberon comparecer e mesmo foron condenados pola xustiza militar, en que moitos dos cargos debíanse a denuncias que, com temos visto, se baseaban en retesías persoais e faltaban á verdade e en que, aínda sendo enlaces, os detidos negaban esta condición. Así, optamos por centarnos nos casos en que puideramos aseverar a veracidade da participación desas persoas imputadas na rede de enlaces dun fuxido ou un guerrilleiro, e estes foron:

- aqueles nos que a fonte oral nos servira de confirmación da información xudicial. No nos traballo os testemuños orais serviron como referente de comparación das

[841] Esta definición, xa clásica, en CUBITT, T., (1973), "Network density among urban families", en BOISSEVAIN, J.; MITCHELL, J.C., (ed.), *Network analysis: studies in Human Interaction*, Paris, Mouton, pp. 67-82

causas militares abertas aos enlaces de dous guerrilleiros, Luis Trigo Chao (a) Guardarríos e José Castro Tellado.

- aqueles nos que o motivo para a "caída" da rede de enlaces fora a incautación por parte das forzas de orde público franquistas da documentación do fuxido. Isto sucedeu en máis casos dos que puidera parecer a priori. Un deles foi con motivo de que a garda civil en agosto de 1946 se fixo cunha copia das memorias do guerrilleiro Marcelino Rodríguez Fernández (a) El Asturiano ou Manforrer, un dos líderes do movemento guerrilleiro. A investigación levou á garda civil a descubrir cal era a indentidade das persoas que na documentación aparecían baixo pseudónimos[842].

- os denunciados pola contrapartida ou por espías do réxime inmersos na captura dos opositores e da súa rede de apoio

- cando existía unha confesión por parte dun fuxido ou dun enlace detidos, xa fora pola busca dunha redución de pena xa pola violencia empregada polas autoridades e o medo, que acabase sendo confirmada por novos detidos e/ou encausados[843]

- aquelas na que as probas demostren a relación co fuxido ou guerrilleiro malia ás declaracións de inocencia do enlace. Estamos a falar, sobre todo, da existencia de fotografías en diferentes momentos e lugares entre enlaces e fuxidos e dunha relación postal entre ambos[844].

Tendo en conta tanto as relacións establecidas na "zona de primeiro orde" como na "zona de segundo orde", as razóns polas que unha rede de enlaces se establece e se sustenta poderían resumirse cumpridamente en,

1. relación familiar / parentesco

[842] AMSF. Causa 383/46

[843] Un caso asimilable a este presuposto, pero peculiar foi o que provocou que un enlace da parroquia de S. Miguel, no concello de Baralla, tivera o seu primeiro encontro coa xustiza. Trátase de Constantino Fernández, un labrego casado e cunha nena pequena que aloxara a El Asturiano, a Leandro Llorente (a) El Madrileño e Luis Armada Fernández, en abril de 1944, cando estes viñan de cometer un "atraco", en palabras da sempre tendenciosa documentación xudicial. El negou que eses homes tiveran usado a súa casa esa ou outra noite, ata que soubo que a información da garda civil viña da súa filla pequena, que entre xogos e por amizade, falara con outro neno que resultou ser o fillo do atracado. Nesta texitura Constantino declarou que "non tivo máis remedio que dar de cear a tres decoñecidos que na noite se persoaron na súa casa con armas de lume e, despois de rexistralo todo, baixo ameazas de morte". Neste caso, sobre todo porque este volve a ser encausado por enlace en 1946, pode afirmarse a súa condición de parte da rede dos mencionados guerrilleiros en razon da súa afinidade política e da vecindade con Luis Armada, que era da parroquia veciña de Cobas, tamén en Baralla. AMSF. Causa 165/44.

[844] Isto ocorreu, por exemplo, na causa aberta contra as irmás Filomena e Flora López López, veciñas de Aranza, do concello de Baralla. Son detidas en outubro de 1942 cando a garda civil atopa en poder do fuxido Antonio Ulloa Regueiro, de Becerreá, que fora capturado e morto, cartas e fotos que indican a existencia dunha relación duradeira entre éste e Filomena. Ela nega esta relación e a axuda que podería derivarse desta baseándose no engano ao que fora sometida e, por ter moi bos antencedentes toda a súa familia, o caso foi sobreseído en marzo de 1943. AMSF. Causa 536/42

2. veciñanza e amizade
3. afinidade ideolóxica / política
4. sentimentos de tipo humanitario
5. interese económico[845]

Os criterios mencionados coexisten na maior parte das redes de enlaces analizados. Ao nó que simboliza cada enlace na rede de soporte dun fuxido ou guerrilleiro poden incorporarse outros, anovando a relación inicial establecida entre éste e o enlace ou enlaces anteriores. Así, o normal é que se parta dunha rede fundamentada, como se dixo, en vencellos familiares e que se amplíe coa colaboración de veciños, amigos, camaradas, etc. As razóns de selección dos compoñentes estables dun grupo de enlaces, apoios ou casas seguras están, xa que logo, en relación coa existencia e a calidade da rede relacional do individuo antes de converterse en guerrilleiro. Esta conversión, evidentemente, pode causar a ruptura dalgúns nós da rede, por medo, desacordo coa acción armada, etc., pero abre outras, sobre todo baseadas en afinidade política e en sentimentos de tipo humanitario (caridade, compaixón, etc.).

Un apunte máis que, por obvio, non pode deixar de facerse explícito. As redes de apoio establecéronse xeograficamente alí onde as partidas tiñan o seu lugar de actuación, é dicir, coincidindo xeralmente coas zonas de orixe da maior parte dos guerrilleiros ou do líder da partida. E xa que os guerrilleiros eran na súa maioría persoas de aldeas onde o movemento societario e a politización a través das seccións dos partidos de esquerda tiveran un fondo calado, partimos de que as redes tamén se estableceron en poboacións politizadas. Así, concellos como Ourol, Muras e Viveiro no norte da provincia de Lugo e Chantada, O Saviñao, Cervantes e Quiroga no sur, van ser os lugares onde radiquen estas redes.

8.2.1.1 Redes baseadas na relación familiar e o parentesco

Que os grandes daminificados pola represión franquista foran os familiares dos fuxidos debe atribuirse a que as familias foron o principal apoio dos guerrilleiros, e practicamente o único no caso dos fuxidos e homes-toupo. O paso de fuxido a guerrilleiro conlevaba a ampliación das redes de relación polo que no caso destes últimos a familia era máis decisiva nos primeiros momentos. Segundo a documentación de Falanxe en Lugo, os apoios iniciais que tivo Luís Trigo Chao (a) Guardarrios eran "a súa muller e a familia de Viveiro (sic) Vicedo" e os fuxidos do concello de Guntín sobrevivían grazas ao apoio "das respectivas familias". Segundo a documentación xudicial, a convicción de que Manuel Goás Viveiro era o principal apoio do seu fillo fuxido, Justo Goás Barros, levou a que se efectuaran continuados rexistros na súa casa da parroquia

[845] Algúns destes criterios aseméllanse aos existentes na composición de grupos de axuda dentro das comunidades campesiñas para a elaboración de traballos colectivos, vd. MORENO FELIÚ, S., (1997), "Inda che axuda calqueira! Análise do sistema de axudas en Campo Lameiro", MORENO FELIU, P.S., et ali, (ed), *Traballos comunais no mundo rural*, Ourense, Museo Arqueolóxico Provincial, pp. 15-58, pp. 47-48

de Oiras, en Alfoz. Os seus veciños, a familia Val Veiga correu semellante sorte ao ter dous irmáns fuxidos[846].

A.R. recorda que cando estaba facendo o servizo militar e veu de permiso á casa os seus dous irmáns estaban fuxidos e sobrevivían co único apoio da súa familia,

> "... entón pois por eso... eu cando vin de permiso tiven que ir falar con eles que estaban metidos nun burato debaixo da terra no monte metidos... tiña que lle levar a comida a muller do meu irmán... e tiñan que cambiar de sitio. Estiveron en Ourigo, en Remesar.... na Oceira Blanca e despois presentáronse ó acabar a guerra...foron ó cárcere... eles viñan á casa, viñan á casa varias veces e non estaban permanentemente metidos no monte. Ás noites salían para fóra... varias veces eles viñan á casa pola comida...o Darío fixera unha cova na cociña, fixeron un burato na cociña e estaba alí. Polo día saía para... andaba pola casa e si viña alguén, pois metíase alí"[847].

Segundo as declaracións dos homes-toupo ou dos fuxidos que se entregan voluntariamente ou foron detidos nos primeiros anos corenta e deben facer fronte á xustiza militar, a famila, e non sempre todos os seus membros, eran os coñecedores dos seus escondites e correron coa súa manutención. José Rey, un fuxido de A Devesa que se entregou voluntariamente en febreiro de 1940, asegura que non saíu da casa en ningún momento e que ningún veciño o víu ou sabía do seu paradeiro. É máis, recoñece que nin a familia da súa muller, en concreto a súa sogra que ía moito pola casa onde estaba agochado, sabían o seu escondite[848]. No caso de José López Armesto, alcalde republicando do concello de Paradela, a situación foi a contraria, xa que foi a familia política a que lle serviu de cómplice ata que se entregou en novembro de 1940. Na súa declaración sinala que o seu paradeiro só era coñecido pola súa familia política e que foi o seu sogro, Antonio López, quen se ocupaba do seu coidado na súa casa da parroquia de Castro de Rei[849]. Maximino López Castaño era un carpinteiro avecindado no concello de Ribadeo que fuxiu ao iniciarse a guerra e que non se presentou ao remprazo que lle tocaba, polo que foi xulgado por fuxido e desertor cando se entregou en febreiro de 1940. Este asegura na súa declaración que non saíu neses anos da casa do se pai, sita en A Pontenova, e que só o seus proxenitores, unha tía e dous dos seus irmáns sabían onde se atopaba[850].

Hai moitos máis. En xeral, a práctica totalidade dos que deben dar conta ante a xustiza militar durante o período 1939-1941 dependían da axuda exclusiva de parentes directos. Incluso en datas máis tardías atopamos casos nos que a rede entre fuxido e enlaces débese a unha relación exclusivamente familiar. José Fernández Penalta (a) Pontevedrés era veciño da parroquia de Moreda, concello de Caurel e estivo fuxido

[846] AMSF. Causa 303/40
[847] HISTORGA. Entrevista nº 790. Entrevistado A.R.R., parroquia de Portocarreira, concello de Paradela.
[848] AMSF. Causa 595/40
[849] ASMF. Causa 378/41
[850] AMSF. Causas 3735/38 e 319/41

dende principios da guerra ata xullo de 1943. El estaba agochado no monte, aínda que ás veces baixaba á súa casa, e en todos os casos, era a súa muller quen se ocupaba de proporcionarlle alimento. A morte desta fixo que a súa situación mudara e tivera que ir á súa aldea natal, no concello de Lalín, para poder subsistir[851].En novembro de 1947, nun novo rexistro na casa do seu pai, é detido Germán Juíz López, labrego do concello de Bóveda que fuxira do bando sublevado ao leal cando o destinaron á fronte de Asturias. Segundo o seu testemuño, dende a caída desa fronte permaneceu na súa casa sendo o seu pai o encargado de asegurar a súa subsistencia[852].

As definidas polas autoridades como "múltiples e reiteradas xestións" para cos familiares e persoas que se sospeiaba próximas a Manuel Prada Arroyo levou tamén a que este se entregara en febreiro de 1948. Este veciño do concello de Ribas de Sil pasara á clandestinidade en xullo de 1936 porque era un dos afiliados da Sociedade Agraria de S. Clodio e do Partido Socialista local e ostentaba os cargos de xuíz municipal e alcalde pedáneo, o que o facía obxecto das intencións represoras dos falanxistas da zona. No seu periplo de fuxido o apoio principal veu da súa nai que ou ben o tiña escondido na casa ou lle levaba a comida á cova que este cavara nunha das súas fincas. A nai foi condenada a desterro en 1940 e morreu tres anos despois, polo que daí en adiante dependeu dos seus primos para sobrevivir[853].

Alén da axuda exclusivamente familiar que se alonga no tempo, o caso de Manuel Prada exemplifica tamén o doutro grupo, o dos que se entregaron cando o familiar do que dependían foi detido ou ameazado cun cambio obrigado de domicilio. A continuada axuda prestada a fuxidos e guerrilleiros fixo que as deportacións de familiares e parentes, como as ocorridas nos concellos de Trabada, onde a autoridade militar, ademais, puxo as casas dos deportados baixo a súa administración, e de Ribadeo, onde a familia do fuxido Manuel Margolle foi enviada a Ávila, estaban á orde do día[854].

> "[¿vostedes porque se entregaron?] "Porque levaron á Alicia para o cárcere de Sarria, levaron ás mulleres dos escapados... se non tiñan mulleres levaban ós pais, ó de Rivas leváronlle ó pai para a cárcere..."[855]

Nalgunha ocasión a ameaza de desterro foi suficiente para ser o móbil que levou a que o fuxido se entregara. Foi co caso de Florentino González Lanza (a) El Floro. Este carpinteiro do concello de Ribadeo nado na veciña localidade asturiana de Tapia de Casariego fuxira en xullo de 1936, cando os sublevados entraron na vila de Ribadeo ante o perigo de represión que supuña o seu cargo de presidente da Sociedade Obreira "La Prosperidad". Entregouse en febreiro de 1940 porque soubo que á súa muller a

[851] AMSF. Causa 316/45
[852] AMSF. Causa 583/47
[853] Manuel Arroyo tivo varias causas abertas por complicidade coa partida de Baldomero Gutiérrez Alba, pero nunca se demostrou a súa participación en actividades da guerrilla. O seu irmán Vitoriano estivo durante certos períodos fuxido con el, pero éste morrera nun encontro entre as forzas de orde público franquista e a guerrilla en 1946 na Pobra de Brollón. AMSF. Causas 95/48 e 616/46
[854] AGA. Presidencia. Caixa 51/20533
[855] HISTORGA. Entrevista nº 793. Entrevistado Anónimo, concello de Paredela.

levaran presa e a condenaran a desterro[856]. As detencións cotiás tamén surtiron o efecto desexado polas autoridades noutros casos, como o de Francisco Vila López, pintor do concello de Sarria que figuraba nas filas da Agrupación de Xuventudes Socialistas, e que se entregou como consecuencia da detención do seu pai, Jesús Vila, despois de estar tres anos agochado[857]. Ás veces eran as diferentes ramas da familia, directa ou política, as que sufrían o constante acoso das forzas de orde público. Así aconteceu cos familiares do guerrilleiro Manuel Aguiar, membro da partida liderada por Abelardo Gutiérrez Alba (a) Abelardo, detida practicamente na súa totalidade en marzo de 1946. Segundo consta no informe da garda civil de Navia de Suarna,

> "De noite forzas do corpo dirixíronse ao pobo de Ardevila para deter a Manuel Aguiar (a) Dorna que se supuña oculto no domicilio de Manuel Puente. Non se encontrou ao fuxido pero detívose a Manuel Puente e ao seu fillo, pero non puido comprobarse relación cos bandoleiros, malia ao parentesco, xa lonxano, da muller de Dorna. Outro grupo da garda civil dirixiuse a Fulgueiroa, onde detivo a Hortensio Doral López e Manuel Gómez Gutiérrez, e outro grupo a Chao de Dorna para deter a José López, que foron detidos malia negar a súa relación co fuxido. Outro grupo dirixiuse a Freixo para deter a Jaime Digón López, non o atopou na súa casa, por iso interrogou ao seu fillo Manuel Digón Doral, de 25 anos, e puxo de manifesto parte das relacións que esta familia sostén co fuxido coñecido como Abelardo, tentou fuxir e disparáronlle. Todos os detidos quedaron en custodia da Garda Civil de Becerreá"[858].

No concello de As Nogais os pais dos irmáns fuxidos Manuel e Gonzalo Becerra Souto, membro do Comité Comunista de Viladicente o primeiro e desertor o segundo, soportaron arresto domiciliario a nai e prisión no campo de concentración de Figueras o pai[859]. Na Fonsagrada seguiuse esa mesma política de deter aos familiares dos fuxidos. Segundo M.J. Souto, foron repetidos os ingresos no cárcere provincial e no de Monforte no ano 1940 de seis membros dunha mesma familia, a Fernández Vildósola (a nai e 5 fillos, 3 deles menores)[860].

Por enlace e suministrador de armas das partidas de fuxidos, que lidera varios dos que son os seus veciños e familiares (a familia Gutiérrez Alba), Segundo Alba Digón, un labrego de Sta. Marina, no concello de Cervantes é "interrogado convenientemente", segundo recolle o informe da garda civil. Todo parece indicar que se trata dunha metáfora que encobre a violencia física coa que se empregaban os gardas para obter infomación sobre a oposición armada e os seus enlaces[861]. O irmán de Piloto, Luis Castro Veiga, e o resto da súa familia, foron interrogados e detidos en múltiples

[856] AMSF. Causa 417/40. Durante o tempo que estivo fuxido o seu apoio foran os seus familiares de Tapia.
[857] AMSF. Causa 54/40
[858] AMSF. Causa 150/46
[859] AGA. Presidencia. Caixa 51/20533
[860] SOUTO BLANCO, Mª.J., (1997), *La represión... op cit*, p. 138
[861] A dureza deste interrogatorio conlevou que o detido dera o nome doutros colaboradores da partida de Abelardo Gutiérrez Alba. En máis dun xuízo sumarísimo os encausados na súa declaración negan

ocasións pola garda civil. Nunha destas ocasións, el denuncia as "molestias constantes polos rexistros e interrogatorios" que aguanta a súa familia, malia a que nunca se lles puidera probar que seguían mantendo relación co irmán fuxido[862]. Vicenta, unha labrega de 51 anos de Merille, no concello de Muras, acabou por tentar suicidarse cando a recluíron na prisión provincial de Lugo en xuño de 1948. Era a nai de José Vázquez Gómez (a) Ubaldo e por iso ela e o seu outro fillo Domingo sufriran rexistros, interrogatorios e detencións continuadas[863].

O efecto represor sobre as familias converteu a algúns parentes en fuxidos. A dona de José Castro Tellado, Engracia Díaz, pasou á clandestinidade en abril de 1947 porque, segundo unha carta da súa autoría que lle atopan a Vitoriano Labrada, un cuñado, na que lle indica a súa idea de irse, "os paus tamén doen moito"[864]. A familia Gutiérrez Alba, de S. Miguel de Cervantes é quizáis o paradigma de como as continuadas molestias e abusos cometidos coas familias de fuxidos acabaron sendo un motivo para pasar de enlace a fuxidos dos irmáns e da súa nai[865].

A isto engádese a represión económica sufrida polas familias dos fuxidos.

> "Eu fun sempre de esquerdas, nunca de dereitas... sendo de chavaliño tiroume para ser de esquerdas...e despois meu pai estivo 3 meses fuxido e 16 na carcel, era emigrante arxentino que traballaba nun banco, perseguíano polas ideas, porque era de esquerdas, colléronlle o que tiña, tiña moito capital"[866]

Xosé Manuel Sarrille recolle no seu libro de memorias a dureza destas multas e sancións en familias xa de por sí depauperadas pola falla de man de obra, "A vida puxérase aínda máis costa arriba, ás dificultades para mallar veu engadirse a segunda multa á nosa familia. Trataban de deixarnos na miseria e esixíronos o pagamento de tres mil pesetas. Abondo para vérmonos ao bordo da fame... Pagamos a multa, quedamos sen nada pero seguimos vivos", comenta ao lembrar a sanción que o concello lle impuxera ao seu pai en outubro de 1937 (Sarille, 2003:269, 271). Segundo os dados de María Xesús Souto, o importe da venda do gando requisado a familias de desertores

---

que o seu testemuño ante a garda civil fóra a verdade senón que era o resultado dos efectos da represión. Así o declararon, por exemplo, os nove veciños da parroquia de Seadur, en Rivas de Sil, cando, en 1948, son procesados por axudar aos fuxidos da zona e os sete que en outubro de 1949 son detidos na zona de Ourol. AMSF. Causa 316/45; Causa 363/48; Causa 339/49

[862] AMSF. Causa 523/47

[863] AMSF. Causa 576/47. En outubro de 1948 o consello de guerra condenouna a un ano e un mes por delito de auxilio a malfeitores

[864] AMSF. Causa 99/47

[865] Unha das irmáns, Domitila, ao ser detida en Barcelona, cando trataba de pasar á Francia en 1946 (onde xa conseguira evadirse o seu outro irmán, Abelardo) dá conta da súa vivencia como parte da partida que lideraba o seu irmán Abelardo dende 1943, despois de aguantar os continuados maltratos da forza tanto a ela como a súa nai. No xuízo que se fixo con motivo da súa detención condenada polo delito de bandidaxe a 20 anos e 1 día de reclusión na Cárcere de Mulleres de Madrid. Outro dos irmáns, Baldomero tamén foi posto a disposición xudicial, xunto coas persoas que conformaban a súa rede de evasión, cando este estaba en Barcelona a piques de cruzar a Francia, en 1948, dous anos depois do intento da súa irmá. AMSF. Causa 215/46; Causa 1/48

[866] Entrevista a J.-M. V., parroquia de Amariz concello de Guitiriz

en 1937 ascendía a 2.285 ptas e, xuntado o incautado a familiares de desertores e de fuxidos a cantidade ascende a un total de 33.360 ptas[867].

8.2.1.2 Redes baseadas nas relacións de veciñanza e amizade

Os lazos de amizade operaban neste tipo de resistencia como os da familia,

> "eu e algún veciño máis tamén ocultámonos e non nos presentamos e tivemos durante o tempo que durou a guerra escondidos. Eu estiven en varios sitios, ata en Celeiro de Mariñaos. *En casa de amigos, había que valerse deles...* [saíron o monte ou quedaron na casa escondidos?] eso había épocas, había épocas tamén de que enterábamonos tamén de que ó mellor, de que andaba de que comentaban ... dos que faltaban... eu teño pasado tempo na casa sí e máis nunca foi rexistrada... nunca tivemos que ir lonxe... non non...saíamos das casas e metíamonos no monte e ó mellor tamén, ter a precaución de que non te vira ninguén... aínda que foran veciños... teñen sabido de min algunhos fulanos e ata nin eran vamos...nunca deron parte, nin o daban... noutros non se podía confiar... *eu e máis o outro estuvemos nunha casa aló en Celeiro varios meses, na casa chamánlle S. Caetano é un barrio que está xa no monte e había uns que éramos amigos, e eran amigos tamén quen nos levou para aló,* fomos tamén para a casa dese Benito, íamos tamén para a casa del porque quedaba cerca e fomos tamén algunhas veces pasar alí a noite... alí levábannos a comida da casa.."[868]

As relacións de vecindade e as de amizade son difíciles de deslindar no mundo rural galego, onde a sociabilidade se cinguía na maior parte dos casos a zonas xeográficas próximas. A escaseza e dificultade dos transportes, igual que o tipo de tarefas relativas á explotación agraria, opción maioritaia no rural, impoñían unha sociabilidade acotada ás parroquias máis próximas á do suxeito, polo que os amigos creábanse entre os veciños.

> "...no monte estaba Curuxás...que era da CNT... estivo por aí, e a Garda Civil debíalle ter medo, sabía onde estaba pero se cadra ían zouparlle ó dono da casa que o tiña, que a el se cadra tiña amedrentado, pero a el nada... e despois escapou e fúmonos nós a Santa Margarita, e él escapou e veuse cara Sambreixo, e foi a casa de Blanco, que eran amigos tamén na casa de Blanco, e despois seica veu por aquí, e petou a porta, dixeronlles que eu viñera por aquí, pero nos non estabamos na casa, e foi á casa de Mansumino, e foi a casa de Andrés do Blanco e estiveran todos con él por aí, todos eran amigos del, xuntábanse todos aí, ata viña o bispo de Remonde [alcume doutro veciño] ... pois ese tamén estivo con el arriba...

[867] SOUTO BLANCO, Mª.J., (1997), *La represión franquista... op cit.*, pp. 278-279

[868] HISTORGA. Entrevista nº 1.015. Entrevistado F.F.B., do concello de San Cosme de Barreiros. A cursiva é nosa.

> e despois un zapateiro que había aí na casa de Devesa que lle chamaban o de Bran de Mácara, tamén estiveron con el, un de aí de S. Julián... todos eran amigos do Curuxás... todos tiveron que ir o cárcere e nós gracias que non estabamos na casa... os de Blanco todos... e aínda houberon de lamber unhas ostias... e despois lévanos diante de todos a cachear na Casa de Blanco, pero nos diante [uso dos enlaces como escudos humáns]... e cando saimos e non encontraron nada o Pepe de Mansumino riuse ... e pin pan, pegáronlle catro ou cinco patadas... pegáronlle a moitos..."[869]

> "el [Luis Trigo (a) Guardarríos] andaba tamén refuxiado na casa de amigos porque tamén ía recomendado duns a outros porque eu sabía que, eu por exemplo era deste bando e sabía que tu tamén eras e entón xa facíamos o asunto de bueno, na miña casa pois dorme e pois o outro día dorme na túa ou máis adiante outro, nun terceiro e así ía vivindo, ía ficando..."[870]

Evidentemente non estamos negando que os lazos de amizade non supereran os da vecindade, nin moito menos. Un exemplo disto témolo no caso de Antonio Durán Souto, un labrego veciño de Galdo, en Viveiro. Foi detido en decembro de 1945 por dar protección a un fuxido, Ramón Rodríguez Castiñeiras (a) Ramón da Veiga, co que segundo ambos confesan non o unía máis que unha amizade, non entre eles, senón entre o enlace e o tío do fuxido, Vicente Durán, que vivía na Coruña[871].

Voltando sobre os anteriores extractos de testemuños orais, é de interese sinalar que son dabando significativos sobre os dous niveis que amosan as redes baseadas na veciñanza e na amizade. O testemuño sobre Ramón Rodríguez Varela (a) Curuxás, guerrilleiro nado no concello coruñés de Toques e que operaba na zona de Palas de Rei, refírese ao primeiro nivel, o máis evidente se cadra, que é o protagonizado por unha relación directa de vecindade e/ou amizade entre o fuxido ou guerrilleiro e o enlace. É o tipo que denuncia o xefe de Falanxe en Lugo en 1940 cando expón que os enlaces dos fuxidos de Alfoz eran os habitantes das súas parroquias, os "veciños de Airas e Escourido, da parroquia de Oiras", a quenes, por esta causa, practicáranselles varios rexistros domiciliarios[872].

A veciñanza e a amizade foron tamén as bases nas que se asentou unha das mallas que compuña a rede de apoios dos guerrilleiros José Temblas Paz (a) Temblas, José Iglesias Escourido (a) Tizón e Plácido Ribera Cociña (a) Plácido. O primeiro era do concello de Ourol e os outros de dúas parroquias do veciño concello de Viveiro, Cobas e Galdo e, ás veces na compaña doutros guerrilleiros como Leandro Gómez Pérez (a) Trancas, nado no Ferrol, conformaron unha das partidas máis afamadas do norte lugués. Debido a confidencias, a garda civil tivo en setembro de 1947 coñecemento de que se atopaban escondidos na parroquia de Cobas, nunha caseta feita no monte. Os guerrilleiros puideron fuxir do acoso das forzas a tiros, pero non así os seus enlaces na zona, que caeron cando na investigación as autoridades atoparon fotos que evidencia-

[869] HISTORGA. Entrevista nº 177. Entrevisado M.P.C., de S. Breixo, concello de Palas de Rei
[870] HISTORGA. Entrevista nº 1.016. Entrevista a C.S.F., do concello de S. Cosme de Barreiros
[871] AMSF. Causa 11/46
[872] AGA. Presidencia. Caixa 51/20533

ban a relación. As fotos incriminaban a parte da familia de Regino Piqueras, labrego de Cobas, en concreto a dous dos seus fillos que convivían con el Vicente e María, ao matrimonio de Salvador González e Josefa González, da parroquia de Silán, en Muras, e ao de Miguel Eiroa e Dolores Carballeira, avecindados en Viveiro, aínda que ela era natural de Ourol. A relación de veciñanza entre fuxidos e enlaces pechábase cunha relación veciñal que se tinguía ademais co parentesco pois unha das veciñas de Cobas detida por atoparse unha foto incriminatoria, Antonia Piñón, era tía da parella de Trancas, Carmen Piñon (a) Carmiña, tamén fuxida[873].

Nestes supostos, nos que é o ou os fuxidos os que buscan entre a veciñanza e as amizades apoios e lugares seguros para esconderse, podemos ver unha circunstancia que resultou cotiá en zonas con altos índices de fuxidos e desertores: a dificultade de atopar axuda non pola negativa do rol relacional senón pola incapacidade deste a prestar apoio a máis fuxidos. Ás veces os fuxidos incluso atopan compañeiros de clandestinidade nas casas onde se tratan de esconder,

> "perseguíronme por ser do Comité de Izquierda, de Izquierda Republicana... escapei ó monte ... por medo... andiven no monte ata que se acabou a guerra... estaba escondido en varios buracos... volvinme para aquí pero non me metín na casa... eu e o Sergio de Paredes, estaba onda min, onde a Pura e o Sergio na casa da Encarnación a de aló arriba na que queimaron, pero estivemos pouco tempo porque o Sergio non estaba contento del, non o querían... *fomos a Valdorraca pero onde o Cesáreo... Cesáreo tiña xa o tío e o irmán e tiña non sei quen* e tivemos que ir... viñemos ó fondo do Xunqueiro, aí, onde o río, onde hai o castiñeiro... metémonos no castiñeiro que é oco por dentro... *o Rafael nos principios estaba escondido na casa de Valente, onde o Alejandro* e esa xente tiñan por arriba deles unha saqueta, un montón de patacas... fixemos un escondite secreto no prado... *o Rafael na casa do Valente estivo como quince días ou un mes...* andabamos tres xuntos... despois descubríronnos a secreta e houbo que cambiar. Falamos con Manolo da Oceira Blanca e preparou... xa el excavou algo e alí estivemos ben tempo... a comida viñamos por ela deixábana nun sito marcado..."[874]

O segundo nivel é ao que fai referencia o testemuño sobre Luis Trigo (a) Guardarríos. Dá conta da vecindade entre os propios enlaces que xenera toda unha "rede de segundo nivel", é dicir, de amigos de amigos (ou veciños de veciños) que se xenera sen a participación directa do fuxido ou guerrilleiro. Andrés Pérez Vázquez, un xornaleiro de 23 anos da parroquia de Bascós, no concello de Monforte foi, por exemplo, o veciño que iniciou a rede de enlaces da súa parroquia e da veciña de Reigada. El prestaba apoio a varios guerrilleiros, Roces, Segura e Guillermo dende 1947 e foi o encargado de buscarlles "casas seguras" para agocharse. Coa confianza que daban os

[873] Todos eles foron acusados e condenados, outros tres detidos, do concello de O Vicedo foron declarados inocentes por non atopar probas que sustentaran o seu papel de enlaces. AMSF. Causa 479/47

[874] HISTORGA. Entrevista nº 793. Entrevisado Anónimo, concello de Paradela. A cursiva é nosa

lazos de vecindade Andrés Pérez presentoulles ao seus veciños Manuel López, un peón caminero, José Quintela, un labrego de Reigada, e Antonio Castro, outro labrego, e preguntaron sobre a súa disposición a converter as súas casas en casas seguras. Todos eles aceptaron aloxar aos fuxidos, fixérono por varios días, e axudaron na publicación de prensa e pasquíns clandestinos. Foron detidos en maio de 1949, xunto a outros veciños de Monforte, por actividades e propaganda subversiva, ademais de por auxilio a bandoleiros, porque os colleron con varios paquetes de cuartillas, folios de papel polígrafo, follas tamaño folio co membrete "Nova Galiza", 33 exemplares de MUNDO OBRERO, 179 impresos de tamaño cuartilla con lendas vexatorias sobre o ditador, 47 exemplares de EL GUERRILLERO, unha máquina de escribir, tinta e dúas escopetas, entre outras cousas[875].

J.-A. D. recorda como a súa familia escondeu durante tres anos na súa casa a un fuxido que en principio non coñecían por ter amizade coa súa familia e cun dos seus enlaces constituíndo, xa que logo, unha rede de segundo nivel,

> "eu acórdome de oirlle contar a meu pai, meu pai viñera de Cuba no ano 19 e meu abuelo morreu a principios do 34... e o abuelo era algo gandeiro, tiña vacas postas por aí á ganancia, ... iba moito ás feiras... iban moito a feira a Asturias... viñan co ganao andando... e despois paraban nunha casa de Abadelle que tiñan alí amistá... e conocíano e tal... o caso é que nesta casa había un... tiña 3 fillos e o fillo máis novo fora a Cuba... con 16 anos e veu no 36 con 26 anos e era concejal no ayuntamiento de Castropol ou non sei que, empezaron a perseguilo os falangistas, registrarlle a casa, escondeuse e tal, entonces algún tal dixo a ver se o refugiaba nun sitio que fose aislado e tal e o home veulle pedir a meu padre, que non o conocía, se se podía vir esconder aquí...meu padre non coñecía aquel señor, había oido falar del e tal pero se conoce que directamente non o conocía siquiera... veulle pedir que tal... entón díxolle que si e viñeron de noite e meteuse na casa... meteuse na miña casa e estuvo escondido 3 anos e 18 días... aí tuvo escondido sen salir da casa, salindo polos arredores da casa, incluso no monte escondido, e bueno... e despois, estando el na casa naceu un [un dos irmaos da casa, eran sete] e recordo que nos enseñaba a leer, que nos bañaba, que nos pesaba, que nos atizaba tamén porque lle facía rabiar... Acórdobe que debeu ser polo ano 39 cando eu tiña 5 anos cando un día chegou o irmao....porque viñan velo moitas veces escondidos, unha hermá que tiña, que morreu en Gijón tamén, e que chegou un día o irmán del e lle dixo que se presentase que... un familiar que tiñan estaba asesorado que

[875] Manuel López Rodríguez foi condenado por encubridor a 3 anos, Andrés Pérez Váquez a 8 e a José Quintela a 2 anos e 6 meses. Todos aseguran nas súas declaracións que a axuda que prestaron foi debida a que os fuxidos lles dixeron que eran da brigadilla da garda civil. Neste caso é claramente un intento de excusar o seu comportamento ante as autoridades xudiciais pois as molestias que se tomaron para agochar as máquinas de escribir e os materiais de impresión (fixeron casetos segredos, enterraron material en zonas das súas fincas, etc.) e gardar gran cantidade de órganos de prensa clandestina e pasquíns subversivos implica unha relación baseada en termos diferentes á da ignorancia da condición de guerrilleiros dos individuos aos que serviron de enlaces. AMSF. Causa 166/49.

como non tiñan ningún delito e tal que se presentase que non lle pasaba nada, e así presentouse e estuvo na cárcel ano e medio en Oviedo, fixéronlle tres ou catro juicios nos que se tuvo que declarar culpable de cousas tal porque eu tuven despois fun velo e incluso cando se casou no ano 54 veu aquí a nosa casa... e mandábanos regalos por reis, porque el despois de salir da cárcel foise establecer a Gijón..."[876]

Unha rede de segundo nivel foi tamén a que conseguiu un enlace de Castro Veiga (a) Piloto, coñecido co alcume de "Largo", nunha casa da parroquia de S. Miguel do Monte, no concello de Chantada,

"foi cando empezou a vir o Piloto por aquí-.. *e ó Piloto quen o trouxo e entrevistou aquí co meu pai, foi un que lle chamaban o Largo que era de Nogueira, que ese home pois foi o que lles deu a coñecer ó meu pai como enlace nesta zona...* un día estivo con eles en Sta. Eugenia... os enlaces non se coñecían... coñecían ó que os presentaba e xa non coñecían a ningunha outra persona máis,... non se coñecían máis de dous... os enlaces para que despois non houbera represalia... Este home [Largo] non o volvemos a ver máis porque ó pouco tempo, el era carpinteiro e parece que traballaba nunha obra dun falanxista... estaba encima dunha parede e que lle deron un empurrón para atrás e matouse, despois decían que caera por casualidade... matárono intencionadamente porque dicían que estaba complicado pois cos ¡eu chámolles guerrilleiros, como para min eran! Pero eles chamábanlles atracadores e comunistas... o primeiro día que chegaron á casa, tróuxoos meu pai... era carnaval... e había un baile nunha corte... e viñemos do baile e serían... a unha da mañá máis ou menos, e chegamos nós á habitación onde durmíamos sempre nós e vimos a nosa cama con tres homes... meu pai nunca nos dixera nada, nunca nos falara deso... e vimos colgadas correaxes con bales ... preguntamos quen era esa xente... dixeron que eran xente que se viñan quedar un día para quentarse, que ía tratar co pai que traballaba na madeira... dixemos pero para comprar madeira fai falla pistola... foi seguindo a cousa... ó millor chegábanche un día vestidos segundo a época do ano, se era agosto ou o mes da sega pois viñan como seitores cun fouciño e pan debaixo do brazo, cun pucho de palla... no inverno, pois viñan cunha coroza de xuncos ou cunhas gabardinas vellas... como que eran rozadores... nunca entraban pola porta principal da casa, a casa tiña dúas corrientes pero despois había outras portas, eles entraban por unha que había que meterse de lado,... había que agacharse..ninguén sospeitaba que por aquela porta se puidera pasar nin moito menos... os rapaces que eran do noso tempo viñan para alí sempre xogar ás cartas á cociña e a nos gustábanos que viñeran porque desa maneira disimulábamos máis a cousa... eles despois subían por unha escaleira que había e entraban nunha habitación alá por detrás e na habitación abrían unha porta de

[876]Entrevista a J.-A. D.L., da parroquia de Cubelas, concello de Ribadeo

> frente á cociña onde había un ventanuco pequeno cun cristal e eles dende alí vixiaban quen estaba na cociña porque algún día ten estado a garda civil na cociña... a nosa tensión era bastante nerviosa, bastante dura, pero bueno, o que podía suceder alí... e foron seguindo así as cousas porque esto cando apareceu o Piloto debeu ser polo... 48... cando eu estaba na mili [1954] foi cando mataron ós de Vilameá e xa eles viñan pola nosa casa...Mataron un no lugar de Vilameá na casa da Fonte, un que lle chamaban o Segura... cando viñan a nosa casa, eu cando máis vin xuntos foron seis. Non podían vir moitos tampouco porque non había moito onde acomodalos... cando viñan eles había que durmir de tres. Eu durmín co Piloto moitas veces...viña o Segura...e viña outro que era Veterinario que dicían que era de Proba do Brollón, fíxome as curas dunha rodilla cando caín da bicicleta...eran moi educados, moi amables...viña un que era médico da parte de Ourense...acórdome que a miña irmá saíulle de pequena un ecema... díxolle dunhas herbas para curala... outros tres matáronos xuntos na Rúa do Petín nunha casa, fixeran unha emboscada o dono da casa e non sei si el sería un dos que caeu na emboscada...".[877]

A ollos da comunidade ter mantido algún tipo de relación laboral como amo/servente, patrón/asalariado, propietario/colono ou aparceiro, etc. daba pé a un vencello alén do contractual, de aí que no caso de que algún dos protagonistas do binomio estivera na condición de fuxido ou guerrilleiro se esperara e fora sentida como lóxica ("tíñalle obligación") a colaboración con el, na mesma liña que se esperaba dun veciño ou dun amigo,

> "don José... tivera ó muiñeiro escondido...algunha obligación lle tiña e meteu ó muiñeiro nos muiños da Ribeira, na propiedade del, deixoulles mentres que el vivira, pero agora morreu o muiñeiro... porque o tiveron na casa que tiñan de caseiros... pero non se soubo nada, nada... nin polo rapaz, gardou silencio... descubriuse agora dende que morreron...non o sabiamos, que estivera metido entre a meda da leña, que tiña unha portiña, pero despois que poñía os ranchos, por dentro e que se tapaba... se viñan os falanxistas non ían dar alí con el..."[878]

As irmáns Dolores e Genoveva Cortiñas, veciñas do concello de Muras, axudaron a José Vázquez "desertor do exército e suposto bandoleiro", segundo as autoridades xudiciais, por ese sentimento de obrigación comunitaria que contraeron con el por ter sido o criado da súa casa anos antes[879]. Este tipo de obriga comunitaria é, do mesmo xeito, a que explica a axuda dada a guerrilleiros que eran de fóra da zona onde operaban, pero que o facían en partidas nas que había veciños.

---

[877] HISTORGA. Entrevista nº 156. Entrevista a T.M.B., San Miguel do Monte, Chantada
[878] HISTORGA. Entrevista nº 244. Entrevista a A.G.P., parroquia de San Breixo, Palas de Rei
[879] AMSF. Causa 126/47

> "uns eran coñecidos e outros descoñecidos, ou sexa que se sabía quen eran polo nome, pero non porque se coñecera a todos. Pero había moitos que eran coñecidos, da parroquia de Castro de Rei había moitos..."[880]

As regras de hospitalidade comunitarias establecían que as amizades ou parentes dos veciños eran merecentes do mesmo trato ca éstes, polo que, como noutras ocasións, a rede de enlaces baseouse en comportamentos entendidos como "os debidos" polas comunidades rurais, independentemente, do elemento engadido que supoñía a clandestinidade dos protagonistas.

8.2.1.3 Redes baseadas na afinidade ideolóxica/política

A liña que separa os roles relacionais da politización no mundo rural é moi fina. En ningún dos casos comentados con anterioridade de redes baseadas na existencia de parentesco, amizade ou vecindade se podería negar taxantemente que existira unha afinidade ideolóxica e política entre fuxido e enlace, só que, a primeira vista, a rede relacional é a máis perceptible. Unha malla da rede que o guerrilleiro Piloto conformou na súa clandestinidade pode valer como exemplo de como os roles relacionais e a politización se mesturan. Nunha das investigacións sobre os apoios do mencionado guerrilleiro as autoridades detiveron ao seu irmán Luis Castro Veiga e a outros catro, Alejo Sánchez Díaz, José Ángel Fernández Blas, José Losada Ferreiro e Antonio Pérez Ulloa, acusados por servir de estafetas e correos para o Piloto. Luís ten unha evidente relación familiar co fuxido que explicaría de por sí o auxilio. Alejo era un labrego de O Corgo, lugar de nacemento do fuxido, polo que amizade ou vecindade serían igualmente válidas como razóns. José Losada Ferreiro era de Escairón (O Saviñao) era o dono do bar local, onde Piloto actuaba, polo que relacións veciñanza serían o criterios do seu vencello. Ángel Fernández Blas era o empregado (cobrador) da empresa de autobuses da liña Lugo-Monforte-Escairón e a relación que tiña co Piloto era de amizade antes da guerra, igual que a de Alejo Sánchez, que se adicaba a ter un posto de bebidas nas romerías da comarca. Antonio Pérez era tamén veciño de Piloto en Escairón.

Malia á primeira impresión, o criterio de conformación desta malla da rede de enlaces de Piloto estea moito máis en relación coa súa afinidade política e ideolóxica que co capital relacional, aínda que, sen dúbida este é fundamental, e seguro que o foi tamén no proceso de politización destes suxeitos antes da guerra. José Losada fora alcalde de O Saviñao durante a República e fora un dos organizadores da Sociedade de Oficios Varios da UXT, que presidía en 1934. Angel fixera a guerra en Madrid polo exército republicano e ao acabar estivera preso tres anos. Alejo organizara o partido Unión Nacional Republicana na zona, e adicouse ata 1946, cando empezan as detencións dos seus membros, a recoller aportacións económicas "á espera dun cambio de réxime na nación e o seu programa o de derribar á Falanxe". Ao ser detidos, evidentemente, negan toda relación co Piloto e terlle servido para recibir e enviar

[880] HISTORGA. Entrevista nº 791. Entrevistada E.M.V., do concello de Paradela

correo, igual que a súa implicación na organización dun partido clandestino subversivo e, ante a falla de probas, son absoltos[881].

Diferente sorte corre a rede que, igualmente baseada na afinidade política, conforman varios veciños do concello de Muras. As pezas chave desta rede son Antonio Chao, familiar de Guardarríos, e Antonio Baamonde, cuñado do fuxido Manuel Gato Ramudo, cuxa morte nun enfrontamento coa forza, no que tamén morre un garda civil, provoca o encarceramento da súa nai e muller, que o tiñan agochado na casa nese intre, e ao inicio da investigación que leva ao descubrimento desta rede en 1950[882]. O apelido Chao é unha constante nos detidos da zona do norte de Lugo dende o mesmo golpe de Estado. As irmáns e os demais parentes de Luís Trigo Chao (a) Guardarríos entraron e saíron da prisión unha e outra vez baixo a acusación de dar axuda aos fuxidos da zona, incluido Gardarríos[883]. Entre eses nomes destaca o de Antonio Chao que, segundo as fontes xudiciais "consta como activo comunista con actuación como tal en China e Rusia". O seu compromiso político levouno a ostentar o cargo de Xefe das Guerrillas do Chao nesta zona do norte lugués e a ser o activo organizador do partido Unión Nacional Antifranquista, que conseguiu constinuír en 1946 co apoio doutros afíns. Era el tamén, ata a súa detención, en 1949, o encargado de repartir a propaganda do Partido Comunista na comarca, igual que de constituír un enlace para Guardarríos. Antonio Baamonde, tamén de Muras, gardaba unha relación de parentesco directo cun dos fuxidos da zona polo que, igual que a dos Chao, a súa casa fora rexistrada en múltiples ocasións. O seu grao de politización fíxoo non só ser o enlace do seu cuñado, senón tamén ser un nó da rede de Temblas, co que compartira días de presidio nos primieiros anos de franquismo, e axudar a artellar xunto a Antonio Chao, do que era amigo, a organización do partido Unión Nacional, do que el era Secretario. Igualmente, e tras unha entrevista con El Asturiano puxo en marcha o Socorro Rojo en 1942. Para isto serviuse dos seus familiares, incluído un cuñado seu, José Pena García, de As Pontes de García Rodríguez, e dunha rede de veciños que sabía contribuirían (Manuel Cabarcos, Manuel Castelo, Antonio Castelo, Antonio Carreiras, etc.), todos de Muras[884].

A documentación xudicial non é a única na que se pode aprehender a influencia da afinidade política nas relacións do movemento guerrilleiro e a guerrilla do chao. Memorias de protagonistas como as de Manuel Pillado documentan tamén os intentos que individuos con afiliación de preguerra en organizacións e partidos de esquerda levaron a cabo para apoiar aos guerrilleiros da zona se Xove e Viveiro e para por en

[881] AMSF. Causa 523/47

[882] Sobre o encontro coa garda que deu pé á súa morte e posterior encarceramento da súa nai e muller por encubridoras, vd. AMSF. Causa 100/47. Igualmente, a xa comentada malla da súa rede baseada na obligra, preto da amizade, que daba o ter sido empregado por alguén, foi descuberta con motivo da súa morte. AMSF. Causa 126/47.

[883] As detencións, sobre todo nos concellos de O Vicedo e Muras, comezan xa durante os anos da guerra, e arrecian en 1940 cando Guardarríos é acusado do asasinato do xefe falanxista José Viador. Perfecta Chao Carreira e o seu fillo, José Chao, tamén foron detidos por dar auxilio ao fuxido José Vazquez Gómez (a) Ubaldo en 1947, polo que a primeira foi condenada a un ano de prisión. Rosendo Chao vai ser detido por cómplice do delito de formar parte de partidas do norte da provincia en 1950, sendo condenado a 14 anos de reclusión. AMSF. Causas 576/47 e 55/50

[884] AMSF.Causas 48/50 e 39/50

pé o Socorro Rojo[885]. Segundo a documentación da Falanxe luguesa os guerrilleiros en Chantada contaban co apoio de "veciños da súa ideoloxía e os habitantes das parroquias de Arcos, Miradelle, Pedrafita, Sabadelle, Pesqueiras e Veiga, por tratarse de veciños na súa maioría extremistas". E no Caurel, as autoridades falanxistas locais confesan que descoñecen a identidade dos enlaces, "se ben hai moitos pobos especialmente de Pedrafita do Cebreiro que por medio de subornos e porque a xente de todos eles é roja, ocúltanos e encúbrenos"[886].

Xa que logo, a afinidade política e o interese por cooperar coa finalidade intrínseca do movemento guerrilleiro, acabar co réxime franquista, non debe ser menosprezado como criterio de formación e sostemento das redes de enlaces, por moito que se mesturen con outras razóns.

8.2.1.4 Redes baseadas nos sentimentos humanitarios

O sentimento humanitarios como a caridade, a compaixón e a lástima, foron outra das razóns que levaron a moita xente a axudar aos fuxidos e guerrilleiros proporcionándolles sustento. Frecuentemente este sentir ían da man do medo. Non se trata tanto do terror provocado pola ameaza directa dun fuxido, senón do temor ás repercusións que todos sabían conlevaba axudalo,

> "maltrataron a unha sobriña e o pai tivo que ir o cuartel alá [fala dun escapado da zona, (a) Recaré]... despois conocino, veu aí algunha vez, *eles pedían de comer e entón había que axudalos*".[887]

> "... o do Elías, o do Cristo... andaban polas casas dos veciños pedindo comida, e, onda min viñeron e comeron, *e deilles de comer porque me daban lástima. Porque eu quería mellor darlles o que querían que, que me viñeran a atracar porque non lles quedaba outro remedio*, porque non tiñan que comer tampouco naquelas casas, nas casas a metade delas [¿a xente da aldea cando andaban os escapados por aí, que pensaban?] "tíñanlles medo, ós escapados, pero houbo moita xente, moita xente que lles deu comida, que non lles tiña medo... pero unha parte, unha parte tíñalles medo porque como andaban tras deles despois viñan por eles tamén, o que sabían que si lles daban de comer pois viñan, viñan por el... e os paisanos tiñan que ter medo, porque sabían que un labrador lles daba ou que falaba cun escapado xa viñan, xa viñan eles e levábano preso... como foi no Folgar tamén, porque sabían o que pasa, que lles daban de comer no Folgar era o Carlos do Fidalgo... e despois mira que lles pasou que ata os colgaron pola ventana e tal para que lles dixeran onde estiveran e non , e non os viran nin para nada non sabes, así que mira, como, como andaba

[885] PILLADO, M. (2002), *Desde el mar que perdiste... op cit.*
[886] AGA. Presidencia. Caixa 51/20533
[887] HISTORGA. Entrevista nº 97. Entrevistado B.M.O, parroquia de Limiñón, concello de Chantada

> o patio...e se encontraban un escapado na casa de calquera queimábanlle a casa." [888]
>
> "os escapados viñeron varias veces, nunca nos maltrataban s*ó pedían que lles déramos de comer, e nós non podíamos negarnos porque eles estaban con moita fame...* non se quedaban moito tempo... pasaban unhas horas."[889]
>
> [¿había xente que lles levaba a comida incluso ó monte?] "si, si, si, bueno e que lles daban nas casas, aquí a comida, eu creo que ¡bueno oh! Bueno os falanxistas por suposto non llela daban, nin llela ofrecían, pero despois a outra xente, que vamos, era xente que pois nin estaban en política, tiña, bueno máis ben e a xente toda de esquerda, que era a maioría de aquí, excepto uns cantos falanxistas que se consideraban ricos, *pois si lles pedían de comer non había ningun problema, agora preferían levárllela a algún sitio a que comeran na casa porque como a ameaza era que si os collían na casa o primeiro que facían era poñerte contra a parede e pegarche unhas ráfagas e deixalos todos mortos e despois queimárllela casa. ¡A ameaza deles era esa!*"[890].

A axuda baseada neste criterio é a principal para explicar o apoio dado ás familias dos fuxidos ou as súas parellas cando aqueles eran asasinados ou condenados. Neste senso constatamos como boa parte da veciñaza do concello de O Saviñao, malia que illou á compañeira do Piloto a efectos públicos, dado o castigo que supoñía ofertarlle axuda de maneira aberta, non dubidou en proporcionarlle sustento deixando comida nos camiños polos que se sabía ela pasaba. As razóns humanitarias son as que estaban detrás, tamén segundo as súas declaracións, da axuda que varias persoas prestaron a Carmen Pigueiras Piñón, a parella do guerrilleiro Leandro Gómez (a) Trancas cando este morreu nun encontro coa garda civil en 1948. Tomás Balsa, que era enlace dos fuxidos da zona de Ourol, tratou de mobilizalos para evitar que Carmen fora detida tras caer Trancas, e encargábase de comprarlle roupa e enseres. Manuel Vázquez tamén lle proporcionou comida, igual que Bautista Pernas[891].

Cumprir cos códigos impostos pola "economía moral" supoñía dar de comer aos menesterosos e axudar aos que se consideraba débiles ou inxustamente tratados e isto foi un recurso que xogou a favor dos fuxidos. Pero, como deixan ver os testemuños, o medo estivo moi presente nas comunidades rurais que se vían entre acatar os ditados non escritos de comportamento cos seus membros máis débiles e os altos custos de facelo. Evidentemente, como temos sinalado, o medo á guerrilla tamén estaba moi presente. Todos eran conscientes das necesidades que pasaban os homes que levaban unha vida de clandestinidade e sabían que iso podía levalos a coller pola forza e

[888] HISTORGA. Entrevista nº 792. Entrevistado L.R.C., da parroquia de Escairón, concello de O Saviñao

[889] HISTORGA. Entrevista nº 791. Entrevistada E.M.V., do concello de Paradela

[890] HISTORGA. Entrevista nº 156. Entrevistado T.M.B., da parroquia de San Miguel do Monte, concello de Chantada

[891] Carme foi condenada a 25 anos de reclusión e os que lle axudaron a catro anos de condena. AMSF. Causa 500/48

non pedir ou negociar as axudas demandadas. Este terror estivo moi presente aínda cando se tratara, como nos casos rexistrados, dun sentimento adxunto a outras razóns mobilizadoras do apoio. Na creación deste sentimento de medo debemos ver un dos grandes éxitos da política de represión franquista, a efectividade das contrapartidas que a partir de 1947 empezaron a actuar e a realizar accións violentas facéndose pasar por fuxidos, e o efecto negativo de ladróns e asaltadores que tamén se aproveitaron da figura dos fuxidos para encubrir os seus actos delitivos[892].

8.2.1.5 Redes baseadas no interese económico

É o motivo menos usual, sengundo a nosa información, pero non por iso deixa de recoñecerse. Neste caso non estamos falando dos cobros que os fuxidos e guerrilleiros facían a cambio de certos encargos e gastos de hospedaxe, un aspecto si xenérico e que está relacionado co desexo daqueles por conseguir e conservar a empatía de enlaces e apoios e non causar maior perxuízo a unhas economías xa de por si empobrecidas. Aínda que se rexistran casos nos que é a falla de acordo na compensación económica o que non permite engadir outro nó a rede de enlaces dun determinado fuxido ou dunha partida[893]. No que aquí pretendemos reparar é no móbil do diñeiro como única razón para establecer unha rede de apoio a fuxidos. Gañar cartos con esta operación é sustancialmente diferente de pedir unha compensación por estancias longas ou gastos elevados en comestibles, o salto é cualitativo. E así o debeu sentir o fuxido que decidiu denunciar á única rede-negocio que temos atopado.

Jesús López Suárez (a) Gazapo era un fuxido do concello de Chantada que en 1940 toma a determinación de exiliarse e non atopa outro camiño que pagar ao que parece unha rede profesional que se aproveita da necesidade de axuda de fuxidos para gañar cartos. A situación debeu ser tan gravosa para Jesús López que este escribiu varias cartas á atención das "Autoridades de Chantada" para dar a coñecer o seu sistema de fuga ao estranxeiro e inculpar aos que se aproveitaran da súa necesidade para enriquecerse. A carta é elocuente por si mesma de como o diñeiro levou a certas persoas a participar no sostemento e auxilio da guerrilla,

> "... se vostedes queren enterarse se eu conto a verdade chamen a declarar ao Garda de Asalto de S. Fiz, que é da casa do Gaiteiro e está na Garda de Asalto de Vigo... o primo de Carmen Cervelo, chamado Froilán, que vive

[892] Un caso famoso foi o dos roubos acontecidas nas parroquia de Bravos e Merille, en Ourol e noutras aldeas de Muras, por un grupo de veciños da zona coñecido como "os Crego" por levar este apelido. Estes usaban os nomes de fuxidos da zona como Jesús Iglesias Escourido (a) Tizón ou Plácido Rivera Cociña (a) Plácido, para cometelos. AMSF. Causa 616/48

[893] Malia os lazos de vecindade, e a afinidade ideolóxica, todos tiñan antecedentes por "comunistas", entre o principal enlace da partida do guerrilleiro Mario Langullo, José Gómez Diéguez, e Eladio Crespo e Argimiro Martínez Crespo, convir o prezo a pagar pola estancia dos guerrilleiros na súa casa foi un punto decisivo para que estes aceptaran involucrarse na súa axuda e constituír unha rede na parroquia de Seadur. O prezo convido entre José Gómez e Argimiro foi de 12,50 ptas/día. Os cartos non foron o motivo polo que Teodoro López deu cobixo ao Piloto, pero este confesa que o guerrilleiro lle deixou en varias ocasións cartos. Segundo o seu testemuño, "por uns días de pensión 160 ptas, outra vez 20 ptas diarias, e outra vez que foi con Golás pola comida e cea 60 ptas" AMSF. Causa 363/48; Causa 522/47

> en Vigo, invitou aos gardas de asalto para que comesen unha pulpada o día 5 de maio, aproveitando a ocasión para levarme a min... Estas cartas escríboas a Vigo, dinllas a un amigo para que as botase no buzón... dinlle a Carme Cervelo para o meu pasaxe 16.500 ptas... embarcoume a min e a outros máis"

Nesta carta inculpa a Carme Cervelo, á filla desta e a Froilán Iglesias de ter un verdadeiro negocio no que obrigan a desertores e fuxidos a cometer atracos e outros actos para conseguir diñeiro. Carmen Cervelo nega que recibira cartos de Gazapo nin doutro fuxido e indica que axudou a este por estar baixo ameaza, pero no pode explicar de onde sacou os cartos cos que comprou unha finca en Chantada, polo que acaba sendo condenada a 12 anos e 1 día que se conmutan por tres anos[894].

Este caso traémolo a colación malia a ser o único atopado destas características, por permitir evidenciar que non se pode menosprezar que o interese puido estar detrás das axudas que recibiron os guerrilleiros no rural galego. Nunha época de miseria xeral, tirar proveito de determinadas situacións ou relacións foi unha opción.

8.2.1.6 Redes complexas: a rede de enlaces de Manuel Castro Tellado

A morte do guerrilleiro Manuel Castro Tellado, guerrilleiro do concello lugués de Pol, nun encontro coa forza pública en febreiro de 1947 deu pé a que a súa rede de enlaces pasara a ser pública[895]. No corpo do guerrilleiro as autoridades encontraron documentación cos nomes e apuntes daqueles que lle servían de apoio, ao que se sumou a confesión inicial do fuxido detido Manuel Corral, as confesións que nos interrogatorios fixeron algúns dos enlaces e a documentación achada nos rexistros das súas casas, provocando que máis de 30 persoas foran chamadas a declarar e 24 delas foran detidas pasando a disposición da xustiza militar. A rede de enlaces deste líder do Partido Socialista e Presidente da Sociedade afiliada á UXT do concello de Pol comenzaba, como todas, no círculo familiar e estendíase a veciños, correlixionarios políticos e amigos ata cubrir os concellos de Pol, Meira, Pastoriza, Castro de Rei e Castroverde.

Na rede de enlaces de Castro Tellado podemos apreciar tres roles diferentes, segundo a tarefa encomendada. En primeiro lugar atopamos aqueles que ofrecen ao guerrilleiro casas francas, vivendas seguras onde pasar temporadas ou, cando menos, descansar periodicamente. Despois están os estafetas ou correos, que permiten ao guerrilleiro seguir coa actividade política e dar e recibir información sobre as consignas do seu partido. En terceiro lugar están os que poderiamos denominar encargados da intendencia, persoas que se ocupan de comprar víveres, vestimenta e todo tipo de enseres (armas e/ou balas inclusive).

Segundo a nosa información Castro Tellado tiña, cando menos, seis casas francas, unha en A Pastoriza, dúas en Meira, dúas en Pol e unha en Castroverde. Aniceto Díaz, xastre de profesión, empezou a ser enlace de Castro Tellado en 1944. Como indica a data non se trata dunha relación establecida nos primeiros días da clandestinidade de Castro Tellado, senón bastantes anos despois. Polo tanto, estamos

[894] AMSF. Causa 153/41

[895] Neste epígrafe empregamos a información extraída da Causa 99/47 consultada no AMSF.

ante unha ampliación da rede inicial do guerrilleiro, que, como dixemos, era a composta principalmente pola familia e amizades máis achegadas. A única relación que atopamos entre eles é de tipo indirecto. Aniceto era un gran amigo de Primitivo Rodríguez, cuñado (casado coa irmá) de Castro Tellado, xa que compartiran un longo período de emigración en Cuba no que, amén de politizarse, trabaron unha fonda relación de amizade. Do que era consciente Castro Tellado e de que contaba coa afinidade ideolóxica do xastre. Aniceto era un dos membros máis destacados de Izquierda Republicana de Meira, de feito era un dos concelleiros do Frente Popular en Meira cando estalou a guerra, fora multado en varias ocasións polo Gobernador Civil e estaba catalogado como desafecto polo réxime. A carta que lle envía para entablar a cooperación é dabondo ilustrativa, tanto da necesidade do guerrilleiro por ampliar a súa rede de enlaces, pois na inicial xa houbera baixas e sufrían un maior control, como da obriga deste de confiar en persoas coas que non lle unían unha forte relación anterior,

> "Camarada Dechado [seudónimo Aniceto] y familia: coa rabia a duras penas contida e os nervos tensos, ... coa tua solidaridade e axuda desbrozar o camiño que nos permite proseguir adiante a pelexa... busco no teu peito acollida sincera, sen a penas coñecernos... fágoo con enteira seguridade e confianza... iso costoulle a vida ao noso caro Manuel... o meu lazarillo, caido él, ¿onde ir eu?... as casas coñecidas están máis ou menos enclavadas dentro do círculo de vixilancia inimiga...saír desta zona e entrar en Mosteiro sen coñecer o terreo sería unha imprudencia temeraria... desculpa que te elixiera a ti como esclavo das miñas confidencias e apoio nas miñas necesidades... a contrasinal para recoñecerse é: preguntará pola madeira de nogueira e castiñeiro, ao que se contestará "sí sei de algunha"..."

A outra casa segura do guerrilleiro de Pol era a de Modesto López Rodríguez (a) zoqueiro, natural da parroquia pastorizense de Álvare, pero veciño de Meira, onde traballaba facendo zocas, o que o levaba a viaxar polas casas da zona con moita frecuencia e sen levantar sospeitas. O seu labor como enlace de Castro Tellado comezou en outubro de 1945, cando a casa de Aniceto Díaz deixou de ser segura porque moi cerca construíron un cuartel da garda civil. A relación co guerrilleiro era das que se titulan como "feble", dado que a relación "efectiva" dábase entre os enlaces, Aniceto e Modesto neste caso.

Darío Peino (a) Persa era o dono da casa onde Castro Tellado se agochaba cando estaba en Pol, en concreto na parroquia de Milleirós, e a súa relación fuxido-enlace baseábase na fonda amizade que os dous tiñan dende a súa nenez. Pode parecer unha obviedade, pero, aínda así, debemos sinalar que as relacións das redes de enlaces non eran unidireccionais entre fuxido-enlace ou viceversa, senón que a malla complícase con relacións paralelas entre os propios enlaces, as súas familias e veciños. Neste sentido, por exemplo, observamos que Darío Peino era un dos clientes de Aniceto Díaz e que este tiña exercido sobre el unha forte influencia, ata o punto de plantexarse iniciar unha nova malla na rede de enlaces de Castro Tellada que o tivera a el como iniciador. A outra casa franca neste concello estaba na parroquia de S. Andrés de Ferreiros, xusto no linde co concello de Meira. Nela vivían dous veciños do fuxido, Manuel Pasaro e o seu sobriño Ramón Pasaro, tío e sobriño.

A casa franca que o guerrilleiro tiña no concello de A Pastoriza era a de Donato Freire e estaba na parroquia de Crecente. O vencello entre el e o fuxido era a amizade, unha amizade do tipo que temos mencionado que hai entre empregado e empregador. Neste caso a empregada era a filla de Donato Freire, Carmen, que antes da guerra xa estaba na casa de Castro Tellado como aprendiz de costureira e despois seguiu alí axudando nas tarefas da casa. A razón que vencellaba ao guerrilleiro co dono da casa franca que tiña en Castroverde, Manuel Pérez Penela (a) Pereiro viña de que a parroquia na que estaba sita, Montecubeiro, tiña sido unha das de maior actividade para Castro Tellado porque había unha fonda relación entre el e os directivos da Unión de Labregos de Montecubeiro[896].

O grupo de persoas da rede de enlaces do guerrilleiro que servían de estafeta amosan unha fasquía definidora: o compromiso político e a afinidade ideolóxica. De feito entre os enlaces, e ás veces destinatarios das cartas de Castro Tellado, atopamos a persoas da executiva do Partido Socialista a nivel provincial como Manuel Cobas ou a Carmen Deales, viúva dun líder do partido fusilado en 1946, que operaban na cidade de Lugo. Tamén a José Coroas Rodríguez (a) canteiro, organizador e un dos líderes de Izquierda Republicana de A Pastoriza, e Lino Carrera Baltar, presidente da sección de Izquierda Republicana en Baltar (independente da de A Pastoriza aínda que estivera nunha parroquia deste concello), que organizaban a distribución postal na zona da chaira e entre esta e os líderes de Lugo. .Josefa Teijeiro e Faílde Fernández, nai e fillo respectivamente, operaban como estafetas do guerrilleiro Guardarríos, ao que ofrecían a súa casa nunha parroquia de Ribadeo, Cubelas, como vivenda franca. O seu marido e pai respectivamente fóra asasinado pola súa implicación política, polo que a súa familia actuaba como enlace entre os dous membros do Partido Socialista, agora convertidos en guerrilleiros, partindo dunha forte ideoloxización e sentimento antifranquista.

Das compras ocupábanse as máis das veces as familias dos que eran os donos das súas casas francas. Nesa escala da rede de enlaces de Castro Tellado destacan América Díaz, filla de Aniceto, e sobre todo, Anuncia Grandela, a parella de Modesto López, o zoqueiro de Meira. Entre as notas atopadas no corpo de Castro Tellado había anotacións do tipo,

> "o mesmo día 12 a Anuncia 65 para comprar polvo e coello e 100 ptas para libros a América. Entreguei a Anuncia o día 20 para carne e viño. O 21 a Anuncia dinlle 65 de queixo. Entreguei a Anuncia 22... e 7 de regalo para Anuncia..."

Destas liñas primixenias da rede partían lazos dos que Castro Tellado puido tirar para manterse na clandestinidade unha década. Era o caso, entre outros, de Francisco Pacio Rodríguez (a) Basanta, primo de Modesto, de José María Díaz Cortón, cuñado de Darío Peino, de Vitoriano Labrada, cuñado da muller do guerrilleiro, Engracia Díaz, ou de José Benito Sanjurjo Ónega, labrego da parroquia pastorizense de Crecente que se ocupaba de comprarlle os máis diversos enseres,

[896]Esta queda reflictida nas memorias de X.M. Sarille, vd. SARILLE, X. M., (2002), *Polos fillos dos fillos... op cit*

> "o día 9 dinlle 150 ptas a José Benito. O día 17 de decembro prestei ao sogro 1.000 ptas para patacas. Din 100 a JB para unha caixa de palas. O 31, 100 ptas a José Benito que me mandou gafas"

Familia, amigos, veciños, correlixionarios do fuxido, e familiares, amigos, veciños e correlixionarios destes a súa vez engrosaron a rede que permitiu que Castro Tellado se mantivera dende o golpe de Estado ata 1947 na clandestinidade, posibilitou que a súa dona Engracia Díaz, puidera evadirse para non seguir aturando os rexistros e malleiras das forzas, e que a filla de ambos puidera estar lonxe (Canarias), a salvo de servir como unha peza para a captura dos seus proxenitores. A estes habería que engadir a actitude das persoas que non conformaban a rede relacional dos enlaces pero que mantiveron en silencio as idas e voltas e presenzas que detectaban.

As redes de enlaces dos guerrilleiros da provincia de Lugo que tivemos ocasión de examinar gardan gran similitude coa establecida polo líder socialista de Pol. Cambian nomes e lugares de residencia pero continúan os mesmos tipos de vencellos. Os máis significativos, insistimos, son os lazos familiares pero, se houbera que sinalar un segundo criterio na conformación de redes teríamos que subliñar o papel da vecindade, non do propio fuxido, senón dos enlaces. A fórmula máis transitada como medio para engadir nós ás redes de enlaces é a presentación por parte dun enlace primixenio, familiar, correlixionario ou amigo, do fuxido aos seus veciños solicitando un lugar para o seu aloxamento. Isto permitiu que os guerrilleiros aumentaran os espazos para a súa acción e, ao mesmo tempo, convertéronse nun elemento que repercutía non só nas súas familias e roles relacionais, senón no conxunto da comunidade.

Un fuxido ou guerrilleiro era un elemento desestabilizador para a comunidade na que actuaba en tanto que asentaba e incidía nas divisións e conflitos sociais existentes. Creaba dous bandos, os que lle daban apoio e os que non. Pero o que non era, e sobre iso, trataremos no seguinte epígrafe máis polo miúdo, era un elemento alleo ou estrano para estas. Os fuxidos e guerrilleiros, nos seus territorios, estaban imbricados na vida cotiá da poboación.

8.3 A relación guerrilla/comunidades campesiñas: alén das redes de enlaces

Francisco Rey Balbís (a) Moncho, recorda que "tiñamos moitos enlaces que, en veces, para non espertar sospeitas, eran velliños, nenos que ían para a escola, algún crego e ata recordo que tivemos un garda civil identificado coa nosa loita" (Neira Vilas, 1991:35). Entendemos que unha análise de idades, nichos laborais ou nivel económico dos enlaces, ademais de ser practicamente inviable dadas as fontes existentes, non resultaría moi fructífero polo que o guerrilleiro Moncho comenta, a súa gran variedade. Había homes, había mulleres, nenos, labregos, tendeiros, veterinarios, mestres, secretarios de concello, antigos fuxidos, etc., etc. Isto non é máis que o resultado do peso das redes, confeccionadas por lealdades múltiples, e, tamén, polo efecto do emprego das "armas do débil". A idade, por alta ou por baixa, por exemplo, creaba unha película protectora dunha posible represión e permitía accionar con visos de éxito a arma da

ignorancia e do fácil engano. Así o fixo Manuel Nogueira Álvarez, veciño da parroquia de Cereixido, en Quiroga, cando foi detido en outubro de 1951 por auxilio a bandoleiros e tenza ilícita de armas. Segundo a documentación do seu xuízo, este labrego de 70 anos alegou total descoñecemento sobre a que os tres homes que tivo aloxados por algúns días un ano antes eran guerrilleiros, en concreto Julián Mateo, Odilio Fernández (a) Blas e Mario Rodríguez Losada (a) Pinche ou Langullo. Segundo afirma, eles dixéronlle que eran da brigadilla da garda civil para conseguir que os aloxara e non sospeitou cando tivo que facer labores propias de enlace e lle deixaron dúas escopetas para que as gardase. A súa idade fixo máis crible un testemuño que non o sería tanto se non se tratase dunha persoa maior, e iso valeulle que a pena fora só de 6 meses e 1 día[897]. Xosé Manuel Sarrille era o encargado de levarlle a comida ao monte ao seu irmán Bonifacio mentres este estivo no monte con só trece anos porque a familia entendeu que isto era menos perigoso ca que fora un dos adultos[898].

Moncho tamén subliña o papel das mulleres nos abastecementos, na propaganda, na desinformación ao inimigo, etc., "en Regüela tiñamos un grupo de mulleres aldeáns que eran os nosos enlaces fundamentais. O inimigo colleu presas a boa parte delas e logo foron ameazadas e torturadas pero non dixeron nin unha palabra" (Neira Vilas, 1991:41). As fontes xudiciais confirman a forte presenza feminina nas redes de enlaces dos guerrilleiros lugueses ou que tiñan nesta provincia o seu campo de acción[899]. Mulleres que son desprezadas polas autoridades como meras meretrices na maior parte dos casos en que non se trata de familiares directos dos guerrilleiros, pero que, debaixo da retórica franquista, se confirman como enlaces seguros e, nalgúns casos, parellas daqueles. Unha rede na que as mulleres tiñan un grande peso era a existente en Figueirido, no concello de Ribas de Sil, decuberta en 1947 pola declaración dun veciño que buscaba salvarse da causa aberta contra el por desertor. Os fuxidos que axudados eran os da partida de Evaristo Gzlez Pérez Roces, Antonio García Rodríguez (a) Negrín, de Sarria; Julián Mateo Vázquez (a) El Julián, de Montefurado; Manuel Tamargo González (a) El Tamargo e Gregorio Colmenero Fernández, os dous do concello de Ribas de Sil; e Mario Rodríguez Losada (a) El Pinche ou Langullo e (a) Blas, os dous de Ourense. As mulleres da aldea son a maior parte dos 37 detidos e inculpados por colaborar na continuación do movemento guerrillerio no sur da provincia de Lugo[900].

O traballo do delator Jesús Costoya, un veciño de Chavaga, en Monforte, que xa axudara ás forzas a atopar á partida de Evaristo González (a) Roces no mes de abril de 1949, posibilitou tamén que meses despois caera a rede de enlaces desa partida. Dos 29 detidos unha gran parte son mulleres. Entre elas estaba Carmen Rodríguez Nogueira, a compañeira do fuxido morto, pero tamén Petra Cenento Baños, dona da casa forte da partida dende 1947, Olivia López Cenento, filla da primeira; Teresa

[897] AMSF. Causa 229/51

[898] SARRILLE, X.M., (2003), *Polos fillos... op cit,* p. 111

[899] Nada novidoso. Se algo puxo de relevo a vangarda de estudos sobre a guerrilla é o labor das mulleres como apoios, amén de destacar o seu papel como membros do movemento guerrilleiro. Sobre todo, Vd. ROMEU ALFARO, F. (1987), *Más allá de la utopía... op cit.*; YUSTA RODRIGO, M., (2003), *Guerrilla y resistencia campesina... op cit.*, pp. 234-244

[900] AMSF. Causa 597/48

López Ayán, igualmente dona da casa franca dos fuxidos e na que atoparon a cinco deles escondidos tralo encontro en Chavaga, e as súas fillas Libertad e Ofelia Amaro López; Isabel Coutado Maseda, a filla doutro detido por enlace Manuel Coutado; ou Josefina Martínez Biel que na súa condición de dentista prestou varios servizos aos fuxidos[901].

Igualmente, estar conceptuado como "afín" ao réxime ou mesmo ser parte da Administración deste, nun ou noutro nivel, eran ás veces a mellor das máscaras. Nunha batida que acaba cun altercado na parroquia chantadina de Sabadelle, as investigacións levan ás forzas a identificar aos enlaces dos fuxidos da zona que, con gran consternación para o fiscal militar que leva o seu encausamento, actuaban cobixados no estatus de "bos cidadáns"[902]. As ocasións nas que se descobre que nunha rede de enlaces están elementos que non tiñan sido conceptuados como "desafectos" polo seu pasado político ou sindicalista ou por unha atribuída inmoralidade, as autoridades non deixan de expresar a súa enorme contrariedade. Así o fixeron cando a rede de enlaces de Luís Trigo Chao (a) Guardarríos foi descuberta con motivo da súa morte en 1948. Nela apareceron moitos "desafectos", dos que era esperable a súa condición de enlaces, sobre todo por ter relacións antes da guerra co Partido Socialista do que o fuxido era membro. É o caso, por exemplo, de Julio Pulido Pulido, un xornaleiro do concello de Barreiro avecindado en Lourenzá que foi o presidente do Partido Socialista deste último concello, polo que fuxira durante a guerra ata que foi detido pola garda civil ao concluír esta. Ou de Gerardo Redondo Valea, un xornaleiro que tamén estivera fuxido durante a guerra porque era un dos membros máis destacados da CNT. O sentimento de aldraxe ao réxime persoalizouse na detención de Manuel Rei, un médico nado en Santiago que tiña Lourenzá como destino dende 1942 e do que non podía esperarse que servira de enlace pois non se lle coñecían antecedentes políticos e constaba que levaba unha "boa conduta". Como "intachable" era recoñecido o proceder de José María Gómez Agrelo, o secretario do concello de Lourenzá, nado en Trabada. Non era para menos, a súa afiliación a FET engadíase a os méritos de guerra "foi á fronte gañando varias medallas e a graduación de Tenente Provisional de Infantería"[903].

Pero a relación das comunidades rurais e os guerrilleiros ía máis aló das redes de enlaces. A acción e presenza da guerrilla no espazo rural involucraba a máis xente que aos apoios establecidos. Cómpre sinalar que hai dous tipos de axuda que se escapan das redes porque non se converten en relacións estables e duradeiras. Son as axudas baseadas na ameaza de fuxidos e guerrilleiros e aquelas que se establecen por azar e que son esporádicas. Estas dúas razóns poden evoluír ata converterse en algún criterio dos que explican a configuración de redes estables, pero non é o habitual. As baseadas nas ameazas son difíciles de analizar, en principio porque é imposible acreditar esta causa como razón para acceder a axudar aos fuxidos, aínda que se sepa da súa existencia. Por unha banda porque os guerrilleiros nas súas memorias ou entrevistas negan ter usado este medio para conseguir apoio e, pola outra, porque os enlaces que eran detidos

[901] AMSF. Causa 318/49
[902] AMSF. Causa 422/41
[903] AMSF. Causa 385/48

alegaban a ameaza como causa para o seu comportamento coa finalidade de evadir o castigo, polo que non é factible achar casos nos que se poda confirmar a mediación da ameza e da coacción[904].

As debidas ao azar son, polo contrario, máis facilmente recoñecibles. Soportes ocasionais foron, por exemplo, Pedro Díaz Piedracoba, o seu irmán Amador, Andrés Castro Freire e Amador Freire Fernández, todos veciños de Trasparga, en Guitiriz. Eles estaban traballando nun prado en xaneiro de 1946 cando cruzou por el unha partida de catro fuxidos que ían cara Sobrado dos Monxes. Ofrecéronlles comida, que non quixeron cobrarlles, e non deron parte ás autoridades, como era preceptivo, pero entre uns e outros non se estableceu ningún tipo de rede de apoio, só se tratou dunha axuda puntual e fortuita, como moitas das ofrecidas por habiantes do rural que, polo seu traballo, tiñan unha relación frecuente cos espazos de monte nos que se movía a guerrilla (pastores, madeiristas, etc.)[905].

Outra forma de axuda que non pode ser desestimada e que supuxo un apoio para o movemento guerrilleiro, malia non consistir no artellamento de redes de enlaces, pero que a direfenza das fórmulas precedentes si foi estable no tempo, é o silencio mantido sobre as actividades deste. Así o denuncia un informe do posto da garda civil da parroquia de San Clodio, en Ribas de Sil. Advirte que os fuxidos que andan por aquel concello ás súas anchas porque ninguén dá parte[906].

O apoio que para os fuxidos era este silencio vóltase tremendamente significativo se temos en conta que os testemuños orais demostran que as andainas dos fuxidos e dos seus enlaces eran de dominio público. Reparemos nalgunhos extractos que ilustran como o conxunto dos veciños dos enlaces de Guardarríos sabían da condición destes,

> "[Guardarríos e a súa parella] paraban en Vilela, casa de Faílde que aínda o prenderan e tamén a mai, pararan en máis sitios aínda... botou bastante tempo na cadea Faílde, e máis tempo botou a nai... en Vilanova foi onde os mataron nunha casa onde paraban... Andaba por Vilanova, moito a Noceda, ía á Mariña. El durmía nas casas non no monte... en Vilela paraba en casa de Faílde, onde tamén comía...alí suministrábanlle cousas... pero despois chegouse a saber... nos sabíamos que paraba alí pero nadie decía nada porque a muller era veciña nosa non era para facerlle mal. Faílde e a mai pasárono moi mal, foi a morte dela, ela quedou máis tempo por ser a xefa da casa".

[904]"... e eles os que estaban de escapados, mesmo o Piloto, que todos eses na casa onde estaban eran perfectamente educados, porque o Piloto, eu anduven por aquí con él, *nunca foi a ningunha casa sen que lle preguntara ó da casa se o quería, se o admitían*. Entón eso, non facía ningunha faena que perxudicara a ninguén. Él preguntaba aquelo porque xa se sabe, o que falara co Piloto e non o dixera pois xa sabía o que lle tocaba, e o que, aquel que fora o que lle daba de comer ó Piloto...". HISTORGA. Entrevista nº 157. Entrevista a M.M.G., da parroquia de S. Miguel do Monte, Chantada. A cursiva é nosa.

[905]Ao coñecerse a súa actuación foron detidos e abríuselles instrución no Tribunal Militar. A súa confesión fixo que tivera lugar unha batida polos montes limítrofes de Lugo e A Coruña, polo norte de Vilalba, Guitiriz e Rábade, na que foi detido Enrique Vayalo Vizoso, irmán do guerrilleiro Antonio Vayalo (a) El Catalán, que pertencía á partida de Neira, da que el era enlace. AMSF. Causa 25/46

[906]AMSF. Causa 22/49

> "El coñecía moi ben a zona, como a muller era de aquí... e ademais como se decía que paraba en Vilela... na casa de Faílde... tiña moitas máis casas, tiña unha en Cabarcos que lle chamaban a de Corredoira, unha casa forte... tiña a de Regocorto de Cedofeita, que estaba casado cunha de Agrelos. Tiña grande colaboración con algunha xente... témolo visto en Vilela e por Pastoriza algunha vez"
>
> "eu sabía que paraba en Mundín con Salvador e paraba en Vilela con Faílde... que foron para cárcere cando o mataron a el porque apareceu a lista que tiña de enlaces... tiña moitos... a Regocorto... o secretario de Vilanova que fora alférez en Falanxe e déralle a pistola del, tiña enlaces con xente moi rica... el non dormía no monte, dormía en casas dos amigos e tiña en Vilanova unha casa que foi onde o mataron, viña do San Juan de Ove da festa..."[907].

Neste tipo de axuda a fractura social existente provocaba que o medo á delación e á denuncia fora unha constante, pero como podemos comprobar dado o alto grao de coñecemento existente entre o conxunto da poboación sobre as casas francas dos fuxidos, a maioría da poboación gardou silencio[908]. Nun primeiro momento a reacción pode relacionarse coas lealdades de preguerra que tiñan os guerrilleiros nas súas comunidades de orixe, ou co medo que estes podían provocar, pero a relación entre estas e aqueles era moito máis profunda que o que sería de ser só unha continuación de roles relacionais de preguerra ou unha actitude de ameaza constante.

Algúns dos testemuños que temos recollido ata aquí demostran que os guerrilleiros tiñan unha forte presenza alí onde actuaban. Non só ían agocharse polas noites a unha ou outra casa. Hai veces nas que pasaron tempadas tan longas, incluso anos, nunha vivenda, o que estreitou os lazos coa familia que lle daba hospedaxe e coa vecindade ou amizade desta sen partir de roles relacionais anteriores á vida na clandestinidade. Os testemuños fálannos do usual que era velos nas romerías, festas patronais ou en bailes como se foran un veciño máis a hora de participar na sociabilidade comunitaria. As autoridades xudiciais recollen testemuños que sinalan que en S. Miguel, na parroquia de Cervantes, na casa de Abelardo Gutiérrez Alba "celébrabanse moitas veces bailes, tocando a gaita o irmao deste, Manuel" e que se trata de festexos nos que se concitaba a maior parte da xente nova da parroquia. Isto leva ao xuíz instructor a

[907] HISTORGA. Entrevistas nº 765, 766 e 768. Entrevistados L.D.I., da parroquia de Prevesos, concello de Castro de Rei, M.S.C., da parroquia de Vilela, e J.O.P., da parroquia de Cubelas, ambos do concello de Ribadeo.

[908] A afirmación sobre que "todo o mundo o sabía" é unha das puntillas que aqueles que acaban, por unha ou outra cousa, declarando a súa participación nas redes de enlaces e dando información sobre outos nós dela, empregan con maior frecuencia no intento por exculparse ou autoexculparse. Nunha das investigacións ordenadas para descubrir ás persoas que servían de enlaces dos guerrilleiros desa zona é detido un veciño de Montefurado, Quiroga, que na declaración deixa escapar o nome de algún outro dos enlaces de Abelardo, Girón, Mario Langullo e Gafas, alén de confesarse el mesmo auxiliador e correo destes. Ante o tribunal militar insiste en que todo o que el declarou son cousas "que todo o mundo o tiña que saber", que esa información era pública e coñecida. Con iso argumenta que el non acusou a ninguén por telo visto apoiando aos guerrilleiros, senón que só se fixo eco das novas que todo o mundo tiña. AMSF. Causa 126/47

recoñecer a "facilidade coa que viven as partidas de rojos en Cervantes por causa do apoio e axuda económica que reciben de amigos, enlaces e suministradores"[909]. Pero tamén hai testemuños da súa presenza nas tarefas do agro como a sega, a malla, a recollida de patacas ou a matanza dos porcos. Recordemos que a guerrilla nutríase de habitantes do rural, polo que eran ben coñecedores destes labores e da necesidade que en moitos dos fogares había de man de obra.

Involucrarse na comunidade tamén impoñía que participaran nos conflitos que nela xurdían. Unha implicación que ía nas dúas direccións, do guerrilleiro cara á comunidade, e dos membros desta comunidade cara ao fuxido. Os primeiros facían valer o seu poder intimidatorio naquilo que podían para congraturar á comunidade que os acollía, véxase no amedrentamento dos cobradores do cupo ou nas ameazas ante alcaldes pedáneos ou outras autoridades locais que sobresaían nas súas funcións represoras. Os segundos, igualmente, valíanse de mencionar os nomes dos guerrilleiros ou o ascendente que tiñan sobre eles para poñer a balanza ao seu favor nun conflito intercomunitario ou mesmo intracomunitario. Os dous casos ilústranos senllos episodios ocorridos durante a clandestinidade do fuxido Plácido Rivera Cociña (a) Plácido. Este fixo un "aviso" ao alcalde pedáneo e encargado de recoller os produtos do cupo de Galdo, José González, co fin de aliviar a impopular carga dos veciños dunha das parroquias nas que actuaba. Pola súa banda, varios destes veciños, en concreto tres irmáns, usaron o nome do fuxido para arranxar un conflito cos donos do lugar que a súa familia levaba en arrendo. A venda duns piñeiros dos que entendían debían levar parte dos beneficios enfrontounos coa propietaria, á que ameazaron con que Plácido interviría para obrigala a repartir as ganancias[910].

Coa adopción da actitude de disentimento que supoñía axudar aos guerrilleiros, como no resto de resistencias civís comentadas, os campesiños non estaban loitando abertamente contra o réxime. Só nos casos dos "concienciados" se pode aseverar isto. A maioría estaba defendendo as normas polas que se rexía o seu modo de vida, ameazadas por un novo orde, e dilucidando a conflitividade intracomunitaria, agora surcada tamén polos bandos creados pola guerra. Pero, aínda que non o fixeran de modo voluntario nin nos atopemos ante un apoio entusiasta de maneira continuada no tempo, o que é certo, é que co apoio ou co seu silencio sabían que rompían a legalidade vixente, non amosaban cooperación coas novas autoridades e posibilitaban que o movemento guerrilleiro continuara activo.

A táctica de minar os apoios sociais da guerrilla a base da represión dos seus apoios foi moi existosa para o franquismo e grazas a medidas como as detencións continuadas, as requisas de bens das familias dos guerrilleiros, e o labor das contrapartidas, esta

[909] AMSF. Causa 163/43
[910] AMSF. Causa 402/45

forma de resistencia civil foi minguando a partir de 1947 ata esvaecerse nos primeiros anos cincuenta, ao compás do desartellamento das propias partidas[911].

[911] Os rexistros da xurisdición militar ilustran este esmorecer do movemento guerrilleiro e da resistencia civil que o sustentaba. Nos anos 1952-1955 só se abre unha causa ao ano na que se rexistre como motivo da detención "apoio a bandoleiros" ou similares. Iso si, todas eles son causas múltiples (mínimo de tres acusados). AMSF. Causas 181/52, 71/53, 10/55

Capítulo 9

Resistencia simbólica: un recurso para unha sociedade intervida

"tamén me afrixe ter que amostrar cara de risa ó señor,
coma se non abondase con darlle a mitade do que collemos"

NEIRA VILAS, X., *Memorias dun Neno Labrego*

Un artigo de EL PAÍS de hai algún tempo reparaba na represión constante que sofren os habitantes dun campo de refuxiados de Cisxordania. Controis para saír da zona, rexistros eternos, esperas sen explicacións, etc. O rapaz palestino que serviu de fonte á reportaxe comentaba que o obxectivo dos rexistros non era tanto a seguridade como "humillar ao rexistrado" (facíano espir pero non lle inspeccionaban a bolsa de man) porque "queren vernos chorar; por iso sempre me río nos controis e cando me preguntan a razón dígolles que son felíz. Descubrín que a risa é unha forma de resistencia"[912].

Seguramente ningún historiador que estude as fórmulas de resistencia dos palestinos que viven en poboados nun Estado imposto como é o de Israel poderá contabilizar e sopesar como tal a risa e outras fórmulas que de seguro hai e escapan ás "ferramentas" catalogadoras e analíticas do historiador. ¿En Galicia alguén usou a risa como "arma do feble"? Probablemente, igual que na actual Cisxordania, no rural galego durante os anos corenta e cincuenta alguén empregou un sonriso como recurso para amosar dignidade e non conformidade. Nós non podemos dar conta desas ocasións pero si podemos reparar na existencia deste tipo de resistencia. Así fixaremos a nosa análise en actitudes e accións que están en liña coa risa como forma de resistencia, nas mostras de resistencia simbólica[913].

[912] EL PAÍS, 9-1-2005

[913] Dunha delas son os protagonistas varios presos. Segundo relata o biógrafo dos irmáns Saco, galeguistas encarceados en senllas ocasións polo franquismo, un dos irmáns, Cesáreo e os seus com-

Ninguén pode negar a importancia do simbólico nun réxime como o franquista, tan preocupado por este eido. Baste recordar como o réxime convocaba asiduamente á poboación á celebración de actos cun marcado carácter alegórico coa intención de crear un novo imaxinario popular. Esixía a participación en toda unha serie de festas e aniversarios que debían ser seguidos de maneira entusiasta, como a celebración das vitorias durante a contenda ("pobos liberados") ou dos triunfos das potencias do Eixe a fins de 1942[914]. Demandaba comportamentos entendidos por el como simbólicos nos modos de vida cotiá, na vida privada, na expresión de feminidade, na relación coa relixión, na ratificación da adhesión política, etc. Polo tanto, para un réxime case obsesionado polo simbólico, a ruptura dos marcos simbólicos por el establecidos supoñía unha agresión, un motivo de conflito, un eido de resistencia.

No contexto de miseria e violencia creado polo franquismo Helen Graham preguntouse como a institucionalización da guerra civil que conlevou a construción do Estado franquista modelou ou danou as conciencias e identidades populares. Reflexionou sobre que estratexia psicolóxica de supervivencia foi empregada para sobrelevar unha etapa tan escura e sobre cal é a relación entre a deslocalización, atomización e desorientación social que caracterizou as primeiras décadas do réxime e as formas culturais que xerou[915]. A resposta atopouna ao en achegarse ás mentalidades populares é estudar os mitos, rituais, cancións populares, obsesións e convencionalismos.

A "alta cultura" era terreo dos gañadores da guerra polo que perdedores e disidentes non tiveron espazo público para a súa expresión e, nesta condicións, a cultura popular era o ámbito que permitía unha sorte de disidencia, consentía un "escapismo" da miseria da realidade cotiá. A autora define así un modo "elíptico de expresar conciencia e desacordo" (Graham, 1995:260) que radica, ademais de nas formas de cultura popular, no uso do dobre significado das verbas, na énfase e entoación doutras ou nos comentarios irónicos[916]. A resistencia simbólica que se verifican nun período no que estaban apagados, ou cando menos neutralizados, os movementos de contestación social, son formas de combate no plano simbólico, e permiten ver como a linguaxe, cantigas, os ditos, etc. foron expresións deste combate simbólico. A mesma conclusión chegara Luisa Passerini partindo da súa análise sobre a Italia fascista, as formas simbólicas de resistencia ao poder máis frecuentes en situacións de forte control social son as que adoptan expresións que pasan polo canto e o xogo, accións convertidas en

pañeiros do presidio de Alcalá de Henares cando os funcionarios os obrigaban a reunirse para realizar as consabidas arengas franquistas á Patria de España "Una, Grande y Libre", as dúas primeiras non tiñan resposta por parte dos presos, pero si a de "Libre", que se convertía nunha grande exclamación chea de intencións. Como comenta o autor, esta situación daba lugar a momentos cheos de tensión pois non era doado para os carceleiros tomar represalias desta fórmula de resistencia adoptada polos presos. SACO, F., (2006), *Os irmáns Saco...op cit*, p. 103

[914]Sobre a exaltación fascista realizada nos aniversarios das "liberacións" de cidades que serviron de fito, valla a pormenorizada descripción que realiza Ismael Saz sobre o acontecido no primeiro aniversario da toma de Valencia, SAZ, I., (2003), *España contra España... op cit.*

[915]GRAHAM, H., (1995), "Popular Culture in the "Years of Hunger", en GRAHAM, H.; LABANYI, J., (ed.), S*panish cultural studies. An introduction*, Oxford, Oxford University Press, pp. 237-244, pp. 239

[916]Sobre isto incidirá Vázquez Montalbán que fala do "reino da elipse". VÁZQUEZ MONTALBÁN, (1980), *Crónica sentimental de España*, Barcelona

compañeiras ocasionais do silencio imposto pola oficialidade[917]. É o que Scott denomina "discurso oculto", a expresión de resistencia e desontento a través de cancións e chistes, rumores e faladurías que na súa maioría, amosábanse impenetrables para os que eran alleos ao colectivo de onde xorde[918].

As actuacións que caracterizan a resistencia simbólica envían unha mensaxe difícil de medir e descifrar pois non son enmarcables en termos de "hostilidade irreconciliable" ou "sumisión". Sucesos aparentemente irrisorios porque non se trata máis que de palabras ou símbolos, pero sucesos que non son despreciables, porque demostran disidencia. A acción simbólica é neste caso unha das características fundamentais da resistencia civil, un símbolo que serve a vez como medio de expresion, de recoñecemento e de reagrupamento, difícil de destruír pola represión[919]. Como apuntan J. C. Scott e S. Fitzpatrik, as accións inscritas na resistencia simbólica constituían a miúdo formas de autoaxuda e de mellora da condición persoal, alén de que nela radica a defensa das tradicións, das crenzas e dos modos de vida[920].

9.1 Palabras non cautivas. Os rumores.

Nun dos seus acertados xuízos, E. Xammar, corresponsal de prensa en Berlín do xornal catalán AHORA cuxas crónicas permiten seguir o ascenso ao poder do partido nazi e a súa institucionalización, comentaba que, "un réxime de ditadura, se quere durar, ten que estar moi atento aos rumores populares. A prensa pode ignorar e a censura afogar durante máis ou menos tempo os rumores, ata que o Goberno encontre en cada caso a fórmula para saír publicamente ao seu encontro. Pero o Goberno non desestima nunca un rumor... Podería dicirse que a ditadura é rexime de rumor, como a democracia liberal é rexime de opinión..." (Xammar, 2005:224). Tamás Rittersporn no seu estudo sobre a resistencia simbólica que repousaba na cultura popular contra o réxime estalinista insiste en que as autoridades rurais estaban verdadeiramente obsesionadas polo control dos rumores porque sabían que eran un medio de expresar esperanzas e simpatías consideradas subversivas[921]. Para o mesmo caso N. Werth sinala que maneira

[917]PASSERINI, L., (1988), *Torino operaria e fascismo,... op cit,* pp. 93-95

[918]SCOTT, J.C., (2003), *Los dominados... op cit.*, pp. 197-235. Un testemuño recollido ratificou a teorización de Scott, aínda sen coñecela, cando apuntou, "es cierto que obedece a un signo simplemente de defensa, de escapar incluso de llegar a la adulación para colocarse en buen sitio... ha sido muy maltratado el agricultor gallego, el campesiño ha sido objeto de abuso permanente pero desde todos los ángulos... lo machacó por todas partes desde las rentas, los impuestos... y luego finalmente venía el cura y le acabaja de joder lo poco que le quedaba, con perdón, entonces claro, tenía que primero aparentar sumisión, y era sumiso, tenía que aparentar devoción, y era devoto, y era capaz de desperenderse de cosas para demostrar que quería admiraba o disfrutaba con el amo y claro, al final, que pasa con este señor, que cuando llegue a casa se dá cuenta de que encima de cornudo, apaleado... y creo que si no era un resistente sucumbía, entonces tenía que decir como me las apaño yo mañana para obtener una ventaja de todo esto...". Entrevista a Anónimo.

[919]TAMÁS RITTERSPORN, G., (2000), "Resistencias Cotidianas: el folklore soviético no oficial en los años treinta", *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 22, pp. 275-302

[920]SCOTT, J. C., (1985), *Weapons of the weak... op cit.*, p. xvi; FITZPATRICK, S., (1994), *Stalin's peasant... op cit,* pp. 5, 44

[921]TAMÁS RITTERSPORN, G., (2000), "Resistencias Cotidianas... *op cit.*

en que estes desacordos estiveron tolerados ou reprimidos, en función da coxuntura política do momento, aporta información sobre o "chan de tolerancia" de expresión de opinións non conformes coa ideoloxía oficial aceptada polo réxime estalinista. E fóra dese espazo para a tolerancia ou válvula de escape permitida sitúa as coplas populares e rumores, dos que recoñece que, como vehículos tradicionais de información no agro, coñeceron na Rusia estalinista un gran recrudecemento, para revelar o descontento campesiño[922].

En Galicia o silencio provocado polo medo consolidouse como un indispensable mecanismo de defensa para a poboación dado que ata o mínimo comentario crítico respecto a calquer aspecto do réxime podía conlevar gravísimas consecuencias. Pero este silencio non debe interpretarse sen máis como signo de aceptación e moito menos de afinidade co sistema político. Non pode plantexarse como correlato en tanto que detrás do silencio aparecen tanto apoios difusos como disidencia respecto ao mesmo[923]. Baixo o silencio subxacía o rumor xerado polo malestar motivado polos problemas máis inmediatos ao individuo, como a miseria e a fame, e cuxo papel se ten menosprezado polo de agora como forma de expresión de disenso, en tanto que transmisores e xeradores clandestinos de información.

O franquismo era ben consciente da necesidade de controlar a información que circulaba nos rumores. Bulos e rumores eran considerados polas novas autoridades un gran perxuízo para a moral nacionalsindicalista e para o novo modo de facer política[924]. Sabían que as expectativas comentadas neles non conlevarían a realización de disturbios nin chegarían a converterse mecanicamente en actos de tipo "revolucionario", pero a súa recollida foi unha das principais ansias dos informes oficiais, que enfatizaban o seu papel na inversión da verdade oficial. Non voltaremos aquí a insistir na trascendencia que o rumores acadaron con motivo do desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial, momento no que a caída do réxime era a súa temática habitual. Os rumores tiveron outros argumentos, se ben destaca sobre maneira que estes foron o medio escollido para espallar unha sensación de agravio sobre o descontento existente coa política de intervención, sobre todo no relativo ao reparto de cupos e ao abastecemento[925]. No concello de Vilalba insístese en que,

> "aínda que exteriormente non se notaron alteracións da orde pública, os elementos non simpatizantes co Movemento non desprecian ocasión, xa baseada en motivos de abastos, políticos ou xa sociais para criticar o labor do goberno, autoridades e xerarquías do Movemento con obxecto de crear un ambiente de hostilidade e intranquilidade no pobo, para que non se

[922] WERTH, N., (1999), "Les formes d'autonomie de la "Société socialiste"... *op cit.*, p. 174-175

[923] SÁNCHEZ RECIO, G. et ali., (1995), *Estudios sobre el franquismo en la provincia de Alicante... op cit.*, p. 98

[924] FONT I AGULLÓ, J.,(2001), *¡Arriba el campo!.. op cit*, p. 73, nota 76

[925] Outros dous temas que foron obxecto da activación do rumor como arma de espallamento do descontento e a indignación xeral foron a Lei de Arrendamentos Rústicos, esta vez só nos sectores máis abastados que contaban con caseiros para traballar as súas terras, e a corruptela das autoridades locais. Sobre o primeiro dos temas vd. AGA. Presidencia. Informe sobre a situación de Lugo e A Coruña (2-11-1939). Caixa 51/20529

> poda chegar ao labor de pacificación e normalidade definitiva chegando tamén para iso á propagación de novas falsas e contenciosas"[926]

Os rumores e as "novas falsas e contenciosas" eran detectados polas autoridades falanxistas locais que dan conta deles con preocupación, de maneira reiterada e pedindo que sexan castigados como se merecen, é dicir, como unha forma de ruptura da orde pública pretendida. No caso do concello de Foz, por exemplo, o Xefe de Falanxe sinala no seu informe de agosto de 1940 sobre que,

> "é boa pero a xente está completamente desmoralizada polo abuso dos prezos nos artigos de primeira necesidade e pola forma con que se escamotea por comerciantes desaprensivos todos os artigos. *Como consecuencia disto existen bulos e comentarios que é preciso cortar de forma exemplar e radical*"

Asunto sobre o que insiste tres meses despois,

> "reina un gran malestar entre o pobo, non precisamente pola escaseza de artigos de primeira necesidade, pois se visen que estes eran distribuidos equitativamente e que non se vendían con estraperlo, non se impacientarían; este malestar grande é que en aos ricos e comerciantes desaprensivos que abusan por todos os medios, que non cumpren coas taxas, e que o que ten cartos pode comprar todo o que queira a prezos fabulosos; que se castiga aos estraperlistas en pequena escala e sen comentarios, porén aos grandes déixaselles en liberdade. *Todo isto trae como consecuencia que se fagan comentarios, se espallen bulos e estea toda a opinión en estado de incandescencia*, notándose un malestar moi grande por falla de xustiza"[927]

No concello de Láncara a preocupación é aínda máis grande dado que identifican como culpables da xeración dos rumores a "elementos de ideoloxía esquerdista" que contaban coa confianza inspirada por "o labor solapado dos antigos caciques". Segundo o Xefe de Falanxe local aqueles exprésanse "con liberdade nos comentarios, murmuracións e difamancións de autoridades e xerarquías, cuxos actos realizan en cafés, tabernas e centros de reunión. Este problema, sentido como un ataque en toda regra ao sistema político imposto e a súa lexitimidade, alén dunha mostra de incapacidade para facer notar o control social que sobre a poboación era estimado como necesario, non se limita só a aqueles que poderían conceptuarse como antifranquistas, senón á poboación en xeral pois, en sucesivos informes, a máxima autoridade da Falanxe Local comenta que o gran problema de orde público do concello de Láncara

[926] AGA. Presidencia. Informe sobre a situación da orde pública na provincia de Lugo. Parte do concello de Vilalba do mes de maio de 1941. Caixa 51/20533.
[927] AGA. Presidencia. Informe sobre a situación da orde pública na provincia de Lugo. Partes do concello de Foz dos meses de agosto e novembro de 1940. Caixa 51/20533. A cursiva é nosa.

é a "moita liberdade en falar" do pobo, nas reunións que realizan sen autorización e nos contínuos escándalos[928].

Tabernas e outros lugares de ocio e lecer eran os lugares que con maior frecuencia servían para socializar os rumores malintencionados. En A Pastoriza as autoridades eran coñedoras do espazo no que aqueles que querían sementar un rumor se reunían e do que alí se falaba, "nunha taberna existente en Pousada propiedade de Valentín Silvosa e a súa dona Brígida Barja Pedreira reúnense con frecuencia unha pandilla de elementos todos eles de filiación esquerdista formada polos citados esposos e polos veciños da parroquia de Baltar José Llanes Díaz, todos os que fan comentarios en contra do Movemento, chegando incluso a dar vivas a Rusia e ao comunismo libertario", polo que insiste ante as autoridades da Falanxe Provincial da necesidade de pechar dita taberna[929].

Como temos dito na parte introdutoria deste traballo, o poder é un referente a hora de determinar que é resistencia e que non o é. Que as autoridades sentiran como un dos problemas a subliñar os rumores demostra o seu potencial como fórmula de resistencia cotiá, concretamente de resistencia simbólica. Os rumores, igual que con insultos e mesmo coas blasfemias, son un obxectivo de sanción prioritario para o réxime no seu intento de frear calquera discurso, por pouco artellado que estivara, que operara nas marxes. Estes discursos das marxes, xa que logo, eran entendidos polas autoridades, igual que polos seus xeradores, como posibles espazos para a creación de identidades políticas prohibidas en tanto que subvertían o discurso público e, como tal eran castigados con dureza[930].

O vicecónsul alemán Guillermo Cloos nun informe político realizado en 1940 sinala que "en termos xerais obsérvase que en Galicia se produciu unha decepción e un desfalecemento do espírito patriótico no pobo e, en particular, na provincia de Lugo", un descontento que atribúe á inadecuada política de prezos establecida polo novo Estado, que provocaba un mercado negro do que se faverorecían xerarcas e autoridades do que se favorecían xerarcas e autoridades ao tempo que estrangulaba ás pequenas economías campesiñas. O vicecónsul conclúe que a poboación galega, "malia a súa evidente decepción de maneira calada pero con rabia debe soportar ese perxuízo"[931]. Erraba. A rabia non se esvaeceu sen máis, senón que se canalizou a través dos rumores e os comentarios críticos que ían de boca en boca e amosaban disidencia con respecto a diferentes aspectos do réxime causando, como vemos, preocupación entre os cadros de Falanxe, malia non levar aparellados "actos revolucionarios".

[928] AGA. Presidencia. Informe sobre a situación da orde pública na provincia de Lugo. Partes do concello de Láncara dos meses de maio de 1940 e xaneiro de 1941. Caixa 51/20533.

[929] AGA. Presidencia. Informe sobre a situación da orde pública na provincia de Lugo. Parte do concello de A Pastoriza do mes de xaneiro de 1941. Caixa 51/20533.

[930] A Dodolino Trigo Barro, dunha parroquia do concello de Mondoñedo, por "circular rumores e novas contrarias ao Movemento" impúxoselle unha sanción de 300 ptas en xaneiro de 1938, máis do que lle tería correspondido por ir contra o disposto sobre regulación de compra-vendas ou outro tipo e infracción "civil" dese momento. AMM. Alcaldía. Multas.

[931] Arquivo do Ministerio de Asuntos Exteriores de Alemaña, Berlín. Akten Dt. Botschaft. Madrid. Caixa 765 (REG.BL.ALLG.). Agradecemos a posibilidade da súa consulta aos profesores Xosé Manoel Núñez Seixas e Miguel Cabo Villaverde.

O rumor convértese, pois, nunha vía de artellamento do disenso da poboación rural galega, é o mecanismo mediante o que se consegue crear e manter un diálogo político intrínsecamente subversivo e cun innegable potencial sedicioso pois, da súa posible articulación e evolución parte a construción da ideoloxía de protesta. A percepción do rumor por parte das autoridades como potencial causante de desordes públicos e xeradores de conflitividade, como expresión do latente descontento rural e como medio polo que os disidentes teñen opción a lograr callar na opinión pública, evidencia a súa valía como mecanismo de resistencia civil.

9.2 O arsenal verbal da resistencia simbólica: de insultos a romances

O vocabulario contrario, o que se falaba en termos críticos e negativos, tiña unha apreciable significación para as autoridades franquistas, que o asumían como afrentas que debían penarse, e así, son recollidas nos informes falanxistas e policiais. Baste recordar a denuncia que dos insultos fan as autoridades da parroquia pontevedresa de Berducido na loita que os veciños manteñen contra o pagamento da cota imposta pola Hermandade. As mostras son moi cuantiosas. O parte enviado pola Xefatura Provincial de A Coruña correspondente ao mes de agosto de 1940 evidencia este mesmo extremo ao tratar da situación da orde pública da provincia,

> " malia a boa vontade do Gobernador Civil os estraperlos de maior ou menor importancia están a orde do día, pero o que toma verdadeiramente caracteres alarmantes son as críticas, calumnias e chismes contra todas as autoridades e xerarquías, ata a última da nación, observándose unha grande pasividade e sendo dificilisimo, por non dicir practicamente imposible que os Axentes do Partido poidan evitalo..."[932]

Trátase de rupturas flagrantes da orde que se esixía, da obediencia que se pedía e do medo que se pretendía. E a poboación sabíao. O silencio era un coñecido e apreciado espazo de seguridade mentres que verbalizar algún desacordo ou consideración non grata para as novas autoridades tiña custos, xa en sancións, xa coa represión física. A primeira é a que as autoridades falanxistas do concello de Cervantes piden para Decoroso e Xosé Ramón Álvarez Santín, veciños de Barreiro de Vilafrial respectivamente, por facer comentarios que amosaban desacordo coa Falanxe[933]. A morte foi o alto prezo dos berros subversivos dun veciño de Saldanxe,

> "...os de Falanxe mataron a un home, un señor que era moi amigo do jefe de falange da zona. Todo o mundo dicía que era boa persona...pero

[932] AGA. Presidencia. Informes sobre a orde pública na provincia de A Coruña. Parte do mes de agosto de 1940. Caixa 51/20529

[933] AGA. Presidencia. Informe sobre a situación da orde pública na provincia de Lugo. Parte do concello de Cervantes de febreiro de 1941. Caixa 51/20533.

> íbase da lengua... que iba queimar o dos ricos... que iba... era revolucionario...coa lingua namais, non iba facer nada do que dicía. O final terminaron por matalo os falangistas"[934].

O labrego morto, do concello lugués de A Pastoriza, non era unha ameaza real no que a actos se refire pero subvertía a autoridade co seu discurso e isto mereceu unha represión tan dura como se dun acto se tratara. O que resulta implicitamente ameazador nunha protesta non é só a manifestación de descontento, que incomodaba e asustaba aos observadores respetuosos coas normas, senón as visións que evoca nos observadores e opoñentes acerca de ata onde podería chegar unha conduta tan obviamente irada. Podería radicalizarse ou estenderse a sectores máis amplos da poboación, causa rumores, comentarios, etc. que consiguen que a autoridade se sinta desafiada.

A súa peligrosidade fai que o anonimato sexa unha das fasquías deste tipo de resistencia. O protagonismo da resistencia simbólica volvía vulnerables á represión aos máis faltos de poder en termos relativos. Así estes preferían adoptar formas de insubordinación máis sutís e segredas, perpretadas por un grupo reducido ou uníco individuo sen reivindicalas. O anonimato era parte da propia protesta.

Igual que o era en ocasións a súa condición de "discurso oculto" (Scott, 2003), tanto porque se agocha detrás dunha máscara dun vocabulario educado e complacente como porque é impenetrable para os colectivos alleos aos que o xeneran. Tamén podería considerarse así porque aparece detrás dunha serie de disfraces, aínda que sexa aberta. É o caso de fórmulas como insultos verbais que desafiaron expeditivamente á autoridade. Estes escondíanse tamén, en ocasións nas borracheiras, noutras na vellez, noutras na intimidade e noutras, moitas, na condición feminina das protagonistas. Son disfraces que se saben minimizadores da represión e, á vez, cohesionadores do colectivo subalterno.

Michel Foucault e teóricos norteamericanos fixeron notar que o acto de caracterizar a individuos como "criminais", "loucos", etc. modifica a conduta doutros individuos respecto dos primeiros e ata pode suscitar a creación de novos grupos. Esto influíu, como se ten dito, na percepción que a xente do rural tiña dos guerrilleiros que, grazas a tarefa publicística estatal, acabaron sendo identificados por moitos como "bandidos". Pero a caracterización tamén ía de baixo arriba. Tiña dúas vías, a xa comentada impulsada polo poder político para cos guerrilleiros, os republicanos, os represaliados e colectivos "non gratos", e outra, a artellada pola poboación cara ás propias autoridades. Unha ilustración espectacular da forza activa da lingua é o insulto, unha forma de agresión na que os adxectivos e substantivos se usan non tanto para describir a unha persoa como para atacala. Expresión de insultos eran o mellor medio da poboación rural de aniquilar a reputación das súas vítimas, de destruílas socialmente[935].

---

[934] Entrevista a C. A. P., de Saldanxe, A Pastoriza

[935] Sobre o poder da lingua como "arma", vd. BURKE, P., (2003), *Formas de hacer historia... op cit.* Unha veciña de Matodoso conseguiu minar a un dos enxeñeiros que se ocupaban do control das formas de produción e de vida dos colonos poñéndolle o seu nome a un can, ao que non dubidaba en chamar e decirlle malintencionadamente que "dera ao rabo" cada vez que o enxeñeiro estaba nas proximidades, ante a grargallada do conxunto dos veciños. Entrevista a M.-C. F., veciña da parroquia de Matodoso, concello de Castro de Rei.

As cancións, os inxeniosos rumores e as burlas formaban parte da tradición popular de resistencia, as súas letras e músicas, baseadas moita veces en ripios clásicos que se remozan, coñecíanse de forma rápida e acadaba estar presente en territorios considerablemente extensos. Isto, comparado coa diseminación que acadaban as novas emitidas por radios clandestinas e a xeralización destas, non parece moi significativo, pero si o é se a comparación se fai, por exemplo, coa difusión da información das publicacións e pasquíns dos grupos de oposición antifranquista.

Como comenta Francisco Sevillano, a resistencia simbólica en moitos casos garda relación coa ambiguidade e as tensións que van caracterizar a institucionalización do novo Estado e o proceso de socialización da poboación nos valores do réxime[936]. Nesta liña atopamos unha cantiga referida ao Decreto de Unificación,

> "Antes eras falangista
> e ahora eres requeté,
> cambiache-la camisa
> do dereito pró revés.[937]"

O que aquí se cuestiona ou pon en solfa é o Decreto de Unificación asinado por Franco o 19 de abril de 1937, en virtude do cal fúndense nun só partido os falanxistas e os requetés para constituír Falanxe Española Tradicionalista e de las JONS. Nesta cantiga, sengundo a súa interpretación, satirizase o pintoresquismo do uniforme do novo partido creado, o traxe azul de Falanxe coa boina vermella ("tomate") na cabeza, ou a conversión ideolóxica que a unificicación conlevou.

Un dos aspectos que vai caracterizar as mostras deste tipo de resistencia no rural galego, alén da crítica ás autoridades de Falanxe, será o reproche ao papel desempeñado pola Igrexa. Son frecuentes as alusións críticas ao poder que o clero tiña en parcelas alleas á espiritual e a necesidade de participar en actos relixiosos para non ser culpado de desafecto ou directamente de "rojo",

> "Denantes tiñamos que ir á misa para salvar as ialmas e agora temos que ir tamén para salvar os corpos"[938]

Xogábase co dobre singnificado, poñendo énfase en certas palabras. As veces esa elipsis está conectada coa abulia. Ao mesmo tempo, hai cancións populares ou ditos que poden ser lidos como comentarios irónicos sobre a enorme distancia que separaba a vida real da "estrutura moral" patriótica imposta polo franquismo. Costa Clavell recolle a sorna coa que se respondía ao comentario da época gloriosa que se estaba a vivir na posguerra,

> "Fixémola unha, fixémola grande, fixémola libre... ¡Fixémola boa!"

---

[936] SEVILLANO CALERO, F., (1999), "Cultura, propaganda y opinión en el primer franquismo", *Ayer*, 33, pp. 147-166

[937] RODRÍGUEZ FER, C., (1994), *A literatura galega durante a guerra civil*, Vigo, Xerais, p. 73

[938] Este comentario e os seguintes e a primeira copla son citados en COSTA CLAVELL, (1977), *Las dos caras de la Galicia bajo el franquismo... op cit*, pp. 197-215

As cancións populares e copliñas xogaban un rol contestario onde se ridiculizan ou acusan os valores oficiais e as formas de proceder das autoridades. Un exemplo témolo no seguinte romance que se coñece no concello de lugués de Foz. Nel denúnciase a corrupción existente á hora de repartir un monte comunal da localidade pois as autoridades e as elites fixeron valer as súas influencias e a represión para facerse con partes dun monte que non lles pertencía. O autor anónimo desta cantiga emprega nomes que fóra da comunidade perden o seu sentido pero que no seu contexto supoñían unha pública denuncia. Os nomes de "mouchos", "covos" e "pegos" non son referencias literais a esas aves, senón aos nomes familiares ou apodos de autoridades e familias ricas do concello focense culpados de cometer un flagrante abuso no reparto do comunal.

D'A FRAGA D'A DEGOLADA[939]

Camiño d'o Valadouro, aló no rego dá fraga
naqueles montes desertos d'a fraga d'a Degolada,
onde se esconden os mouchos n'esas noites de xeada
e os corvos tamén se menten naquelas negras furadas
acompañados d'os pegos, que saltan de rama en rama
pa librarse d'o enemigo, mentres buscan bicada.

Contan os veciños todos, de toda aquela comarca
que a mediados de Diciembre quixo haber unha desgracia,
unhos cantos garoleiros amigos d'as empanadas
iban partir unha finca dunha peza segregada,
fiandose dun recibo de deudas que tiña pagas,
todo o mundo se aturdía en mirar como pasaba.

Iban en grupos de cinco, com'as tropas coreanas,
E detrás os do goberno, para darlles a retirada,
Mandados por un teniente deses de carreira larga,
que tamén levou un coche, que deixou a gran distancia
por non saber o camiño, eso non ten importancia.

Todo o mundo se equivoca, hasta os peritos se engañan
cando chegaron o monte mandaron presentar armas
e todo o mundo calado mentres levantaban actan.
Tamén estaba no medio, o descubridor da Habana,
Falando con un zancudo de cara cacareñada,
de bigotes extendidos como vincalleiras bravas.

Tamén botou un discurso, como fai a xente sabia,
dicindo: "Todo por aqui é noso, por aquí naide ten nada,

[939]VVAA., (1991), *Escolma poética*, Foz, Concello de Foz, pp. 11-14

según eu teño entendido chegamos a aquela valga,
e hasta me atrevo a decir que o curral daquela casa
tamen entra neste lote, porque a cria ten que ser, como
foi sempre, da vaca.

Presentouse unha escritura, que quixeron dar for falsa
dela quitouse unha copia, coas cousas ben detalladas
pa saber quen o vendera, e quen fora o que a comprara,
presenteime a aquel señor, que aquello representaba,
e dixome desta maneira:

Venga a las tres de la tarde, que ahora por la mañana
tengo asuntos que arreglar de mucha más importancia.
Fun cando me mandou, ou seña a hora indicada.
Quitou alí dun laceno un libro de moitas caras
E no folio trinta e oito encontrou a mangachada.

Esta finca no es vendida, esta finca fue donada
por unos vecinos de la parroquia inmediata,
que vendieron a un señor esas veinticinco has.
para que de ellas repartira a la gente denunciada,
sino tendrían que ir presos, por un asunto de tala
como la ley señalaba,

O señor deulles un pouco, a xente mais destacada
e el quedouse co resto, o que da finca sobraba.
Meus amigos labradores, sodes camellos de carga
mandade os fillos a escola, que aprendan a facer trampas
que han de sacar mais proveito que vosoutros na labranza.

As cantigas, e tamén os ditos, deixan tamén mostra da fonda pegada que a dura existencia material impoñía, expresada moitas veces na mitoloxía de determinados produtos (como o pan branco), dando conta da privación material existente. Neste senso, as coletillas que se lle adicionaban ás arengas franquistas son significativas, como a de,

"Arriba España... e coza o forno"

Que se berrase ¡Arriba España! deixaba de ser significativo como acto simbólico de adhesión ao novo Estado, ou polo menos perdía convicción, cando se facía sentir que o relevante era asegurar o traballo e a comida. Ás veces o desacordo co franquismo é moito máis directo e aberto e non se agocha en coletillas ou na sorna. Un exemplo disto témolo nunha coñecida copla que se cantaba na provincia de Ourense,

Meu santo Cristo de Ourense,
santo da barba medrada,

axúdame a pasare
a moura noite de España.
Dende que Franco a Falanxe
aferrollaron a España,
somos un pobo de escravos
que nos quedamos sin patria.

Unha cantiga popular era a que servía para protestar contra outra obriga a prestación de traballo forzoso. Neste caso recollemos unha cantiga que é coñecida nas zonas próximas á cidade de Vigo de onde, as autoridades, en plena guera civil, obrigaban aos homes a traballar nas obras do aeroporto de Peinador. A obriga era para a poboación masculina que recibía o chamamento, debía traballar de balde durante todo o día e o período que se requirise, tendo incluso que pagarse a súa propia comida. A única excepcionalidade era a contemplada con aqueles que puideran compensar a súa ausencia con 5 ptas/día.

Si vas ó Peinador,
Di que vas facer,
Vas a traballar
E non vas comer,
E non vas comer,
E non vas comer,
si vas ó Peinador
Di que vas facer[940].

Outro aspecto destacado a ter en conta nestas cantigas é o enxalzamento que se realiza das actitudes disidentes co establecido polo poder se fai nelas. Tratábase non só de denunciar os abusos e corruptelas das autoridades senón que tamén se repara en subliñar aqueles comportamentos desafiantes para con estas. Isto supón publicitar estes actos e os seus protagonistas como referentes para a comunidade. É o caso da seguinte cantiga que recollemos, "A do señor San Roque", que conta a negativa dun veciño do concello de Foz a cumprir coa prestación de traballo forzosa que o concello lle esixía. Destaca como se insiste na actitude displicente deste veciño ante as autoridades locais e, sobre todo, a ameaza velada realizada ao alcalde do concello sobre que o seu mandato podía acabarse de seguir cos abusos.

A DO SEÑOR SAN ROQUE

Xa hai tempo que eu queria darlle
a memoria un repaso,
e nunca tuven lugar por estar muy ocupado.
Ahora que me metestes no calabozo encerrado

[940]Recollido, como o anterior, de ALONSO MONTERO, X., (2004), "Cancións políticas que eu aprendín no Ribeiro en 1938", en *Revista A. C. FRAICELLUS*, 8, pp. 4-5, p.5

ei de facer o examen, e confesar o pecado.

Aló veñen por Sieiro os do gorro atravesado
preguntanto por Roque com caporal do barrio,
e Roque que estaba cerca da parrugueira sentado
foise acercando a eles, facendo o disimulado.

¿E uste Roque?, e son si señor, non teño porque negalo
Díase por detenido.-¿Hame explicar o caso?
Según orden que traemos, y el asunto está bien claro.
Vd. no cumplió la orden que el alcalde le ha manado,
en prestar su prestación en concepto de trabajo,
de la carretera nueva que de Marzan va al Santo.

Se me escoitan a razon, queda para min muy honrados,
suban ahí pa lareira e tomen asiento no escano
que antes de dous minutos heilles explicar o caso.

Saben os veciños todos de conforme teño carro,
teño ahí na cabana todo descomparallado,
o chedeiro arrinconado, as rodas en dous pedazos,
¿cómo quere ese señor someterme a eses traballos?
¿non saben que eu son enfermo?, miren como estou pelado
de andar por esas montañas,
luchando a cuerpo, tirando bombas de mano.

Diganlle da miña parte o alcalde, o señor Paco
que sempre o respetei e o sigo respetando,
que non abuse dos pobres, con todo golpe de mando
que detrás deste turbon, ainda pode haber chuvascos[941].

Dentro destas formas de cultura popular nas que a resistencia simbólica encontra agocho, debemos subliñar un romance recollido no concello de A Fonsagrarda e que é coñecido en toda a metade surleste da provincia de Lugo[942]. Trata doutra das temáticas máis usuais das cantigas e ditos da posguerra, a represión. Neste caso, a letra trae á memoria a historia do Comandante Moreno e do grupo que, canda el, fora loitar á fronte de Asturias e que, unha vez caída esta, trataron de voltar aos seus lares. No pobo do Acebo, na raia entre Asturias e Lugo, alguén avisou aos membros de Falanxe de A Fonsagrada da súa presenza e éstes asasinaron ao grupo do Comandante Moreno, 17 homes, e, máis tarde, a el. Neste romance denúnciase a forma en que se

[941] VVAA., (1991), *Escolma poética*, Foz, Concello de Foz, pp. 11-14
[942] SCHUBARTH, D.; SANTAMARINA, A., (recop.), *Cancioneiro Popular Galego*, Volume IV. Tomo II, A Coruña, 1988, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, pp. 82-83

levou a cabo este asasinato, así como a conduta dos membros de Falanxe por mancillar os obxectos persoais do Comandante Moreno. En fin, estamos ante unha fórmula de reprobación moral dos represores pola súa condición de asasiños e de profanadores dos mortos. Pola súa condición de romance, está pensado para perdurar na memoria, a maneira de escarnio dos perpetradores do asasinato.

En el pueblo de Acebo
Donde matan a los hombres
Aunque soy un pobre anciano
Ya sé que voy caminando
Poco antes de morir
yo les voy a explicar
como ya están enterados
mataron a diecisiete
estos venían de Asturias
haciendo uso del derecho
se hospedan en un pajar
sin saber que eran los pobres
los del pueblo de Acebo
se marchan a Fonsagrada
estos vinieron muy pronto
allí los asesinaron
están ya los cuerpos de estos
más le valiera al Moreno
el Moreno no cayó
a una fuga se dio
con dos tiros en el cuerpo
muchos martirios le han hecho
los martirios y tragedias
al comandante Moreno
unos le dan bofetadas
otros le hacen preguntas
y después de largo tiempo
una partida de palos
una vez hecho cadáver
fue llevado hasta al fosa
y después tienen valor
unos con la pluma de oro
con una buena zamarra
paseaba en Fonsagrada
paseaba en Fonsagrada
y un chistoso le decía
dónde está el reloj de oro
seguramente se gasta
donde está la cazadora
seguramente se gasta
pueblo de pocos amigos
después de tantos martirios
y sin carrera alguna
derechamente a la tumba
y con gran sentimiento
este trágico suceso
en este pueblo de Acebo
y al comandante Moreno
a sus casas de regreso
que les concedió el gobierno
sin mantas y sin colchón
víctimas de una traición
fingiendo de izquierdistas
dar cuenta a los falangistas
aunque venían de lejos
como si fueran conejos
en la fosa descansando
estarles acompañando
con los demás compañeros
pero cayó prisionero
allí de mala manera
en la misma carretera
que le han hecho pasar
es imposible explicar
otros le dan puntapiés
al derecho y al revés
sin darle ningún sustento
le dan por alimento
al comandante Moreno
de los demás compañeros
a subir a la carretera
y otros con la gran guerrera
el comandante Moreno
el otro día un "caballero"
con la zamarra de cuero
qué buen mozo estás moreno
del comandante Moreno
en el pueblo de Acebo
del comandante Moreno
muy cerquita de San Pedro

quién son aquellas dos luces
son las dos sobrinas mayores
el comandante Moreno
en los montes de Acebo
falanges de Fonsagrada
porque allí está de portero
que pasaron al Acebo
del comandante Moreno
hombre honrado y valiente
ahí le disteis la muerte
no podeis subir al cielo
el comandante Moreno.

Este romance, as coplas ou os ditos, actuaron como formas de ruptura do dominio dos medios de produción simbólica que tiña o Estado franquista. Foron illas onde deixar a flote mensaxes cunha clara intencionalidade subversiva, a de ser difundios e reiterados para crebar o control estatal establecido dende os púlpitos, as escolas, os discursos, as emisións de radio, etc. Un control que, recordemos, era quen de sumir aos suxeitos nun cotiá proceso de autorrepresión e no que o franquismo tiña unha das súas características definitorias e unha das súas máis subliñables armas para acadar a continuidade no tempo. Polo tanto, estas mostras de resistencia simbólica funcionaban como distanciadoras dese discurso deixando espazo para a "oponión popular".

9.3 Unha arma simbólica máis: os acenos

Reparamos nas palabras pero tamén cabe falar de xestos. A resistencia simbólica tomaba moitas veces expresións de irreverencia, como a negativa a realizar o saúdo falanxista, a levar os emblemas de Auxilio Social ou a firmar a adhesión ao "Caudillo" ou ao seu réxime, acenos que atestiguaban distancia respecto ao sistema.

Non cooperar con estas mostras de exaltación do réxime estaba duramente penado e no rural, onde todo o mundo se coñecía, convertíase nunha actitude que se sabía comportaba represión, sen excusa,

> "Obrigábanlle a ir a todo o mundo... aquí [concello de Foz] recordo a celebración da toma de sitios importantes como Oviedo ou Toledo..., aquí había un guardia civil que non estuvo moito tempo...vivía aí en frente, ao lado da miña casa, e había un home bastante maior e un cego, un home que tiña cataratas, pois o garda levounos a paus pá manifestación... non lles valeu dicir que era cego nin nada... e pegoulles unhos latigazos pa ir... e obligaban a calquera...había que ir...había que ir..."[943]

A segunda das actitudes valeulle unha sanción económica a un veciño de Pedrafita e a última a un de Riotorto a varios de Foz. O veciño de Riotoro era José Aguiar Mor, que, malia a estar afiliado a Falanxe, foi expedientado por negarse a firmar a adhesión a Franco[944]. No outro caso a comunicación do alcalde de Foz ao Comandante Militar da Praza de Mondoñedo en agosto de 1937 ilustra a falla de adhesión dos veciños da parroquia de S. Acisclo,

[943]Entrevista a G.R.S., parroquia de Foz, concello de Foz
[944]AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.709; 12.712

> "resultan ser certos os extremos... respecto aos veciños de S. Acisclo Rosendo Campo Osorio (ferreiro, vive coa sua sogra que ten un capital de 10.000 ptas), Leonardo Uría (labrego, 8.000 ptas de capital), Manuel Campo (labregdo, 2.000 ptas de capital) e Amando Pardiñas (labrego, 2.000 ptas de capital), quenes eran antes do Movemento afiliados entusiastas da Agrupación socialista con todos os seus familiares... e *permitíronse criticar a actuación das Mulleres ao Servizo de España ao patrocinar as cuestacións públicas*, se ben contribuiron en relación coa situación económica... *Todos estes e os demais simpatizantes desta parroquia negáronse a firmar os pregos de adhesión ao Xeneralísimo*"[945]

Noutras ocasións a forma de resistencia simbólica era, se cabe, máis simbólica. Segundo Díaz-Plaja na vida cotiá da poboación houbo cambios na vestimenta. Sinala que "todos os cidadáns que se atrevían a saír a rúa fixérono procurando vestir de forma que non ofendese aos novos donos da situación" (Díaz-Plaja, 1994:83). Na zona republicana a primeira vítima desa "depuración do vestir" foi o sombreiro, simbólico da clase burguesa, que se cambiou pola boina e tamén desapareceu a garabata. Na zona que quedou baixo o dominio dos sublevados o exemplo máis ilustrativo ten que ver co uso da cor vermella na vestimenta e tamén noutro tipo de roupa[946]. Un aspecto nada baladí para as autoridades e persoas afectas ao réxime que non dubidaron en denunciar a aqueles que se decidiran por amosar esa cor "demonizada" e, de ser posible, represalialo. Así o fixo un veciño de Vilavella, en Ribadeo, que denunciou a unha veciña, Máxima Balsa, por ter lavado no río algunhas mantas que "pola súa cor" podían ter sido usadas polos milicianos que foran detidos nesa zona costeira poucos días antes. O mesmo veciño apuntaba ter oído tamén que "Eugenio Amor e os seus fillos, veciños de Alza, estaban en posesión dalgunhas prendas de vestir e obxectos vermellos"[947]. A consigna estaba clara para todos, o vermello era unha cor estigmatizada,

> " e se che vían unha boina roja xa te collían, unha corbata roja, un pañuelo..."[948]

En setembro de 1936 El Progreso informaba da celebración da procesión do Corazón de Xesús en Viveiro coas bandeiras de "Labradores de Naín" e "Sociedad de Obreros", que "levaban as súas enseñas vermellas aínda", o que por parte dos participantes se desculpou da forma seguinte, "precisamente esas bandeiras con fondo vermello nunha

[945] AMF. Correspondencia

[946] A cor da roupa non era un asunto menor en ningún dos réximenes homologables co franquismo. Tanto para os dominadores como para os vencidos a cor da vestimenta era un referente simbólico de primeira orde. Segundo Xammar, en Alemaña a prenda máis distintiva era a camisa, "de todas as prendas de vestir a máis importante dende o punto de vista político é a camisa. Pero máis importante aínda que a camisa é, sempre dende o punto de vista político, a cor da camisa. Unha camisa de determinada cor equivale, por así decilo, a todo un programa". XAMMAR, E., (2005), *Crónicas desde Berlín...op cit.*, p. 74

[947] AMR. Caixa Correspondencia. Sig. 1183

[948] HISTORGA. Entrevista nº 177. Entrevistado M.P.C., da parroquia de S. Breixo, Palas de Rei

manifestación relixiosa era símbolo de que finalmente acabarán as organizacións proletarias en conxuntos de idealidade e sá reivindicación aínda que se as queira levar á revolución e ao materialismo"[949]. Lino Carrera era da parroquia de Baltar, en A Pastoriza, e nesta parroquia fora un dos organizadores e cadros principais da sección local de Izquierda Republicana, e ademais de ser un desertor, era, como vimos de ver, un dos enlaces do guerrilleiro Castro Tellado. Pero amén de insistir nestes feitos, os informes sobre a súa conduta subliñan que usaba "con frecuencia a garavata vermella", aínda que supoñemos xa sen o bordado que en prata locía este complemento antes da guerra, a fouce e o martelo[950].

Xa temos mencionado como facer estalar foguetes ("catro bombas e ao mencer do día seguinte foron disparadas outras dúas") pola toma de posesión dun alcalde impopular foi o modo de protesta que os veciños do concello lucense de Láncara escolleron en maio de 1948, provocando unha enorme indignación nas forzas vivas do concello polo que entendían un comportamento denigrante coa súa autoridade, polo que decidiron dar comezo á instrucción de dilixencias para averiguar quen eran os autores deste modo de protesta simbólica. Pois ben, non se trata dun feito illado. En A Pastoriza os veciños empregaron o mesmo sistema en abril de 1954 para festexar a destitución do ata daquel primeiro e único alcalde franquista, Manuel Otero. Segundo o informe que a garda civil fai dos feitos, os autores da acción puideron ter sido un grupo de mozos da parroquia de Crecente, que xa pretenderan boicotear o labor do alcalde protagonizando un altercado con motivo da visita dos inspectores á escola desa parroquia. En realidade, a forza pública non puido, como era o desexo e orde das autoridades do concello, identificar aos culpables do lanzamento das bombas, xa que este fora realizado, preto da casa do alcalde saínte, pero nun despoboado "buscando sen dúbida con iso conseguir a máis completa impunidade", comenta no seu informe a garda civil[951].

As ansias represoras destas formas de resistencia simbólica indican unha mínima tolerancia do réxime con respecto a elas e deixan ver que non son para nada inocuas. Como non o son as tentativas por facer persistir formas de relación e de ocio ilegalizadas por aquel. O caso máis senlleiro no rural galego é a celebración da festa do Antroido, proscrita polo seu potencial revolucionario, igual que temos visto no caso dos bailes. A continuación coa tradicional festa do Antroido, constatada tanto polos testemuños orais que comentan a súa participación como polas sancións económicas que as autoridades locais impoñían en caso de detectala, amosa un grao importante de impermeabilidade da sociedade fronte ao franquismo. Supón que tradicións, certos modos de vida, de relación, de comportamentos ancorados no bagaxe cultural do rural se mantiveron refractarios aos valores e ideoloxía desenvolvidos polo réxime.

[949] SOUTO BLANCO, M. J., (1997), *La represión franquista... op cit*, p. 63
[950] AMSF. Causa 99/47
[951] AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.709

9.4 A resistencia da memoria

O réxime franquista negou as condicións que posibilitaran a memoria colectiva a través da represión e promovendo unha "historia oficial", unha narración que calaba por contínua e única, que suplía a memoria colectiva tanto dun pasado que non era convinte que fora recordado, o do artellamento da sociedade rural galega, como de situacións contemporáneas a todas luces ilegais e alegais que o esforzo propagandísitico estatal se encargaba de inxertar na lexitimidade por medio do discurso do Estado como gardián e garante da integridade, unidade e honorabilidade da nación. Neste marco é evidente a centralidade de calquera método que permitira o que L. Frazier chama a "subversión da memoria" (Frazier, 1999:106)

As palabras soltas, refráns, frases feitas, romances, coplas, etc. que vimos de ver supoñen de por si unha mobilización voluntaria da memoria. Unha maneira de conservar unha memoria subversia como método de resistencia ante a carestía de ámbitos para actualizar a memoria colectiva e ante unha das primeiras consecuencias da interiorización dos principios do rexime ditatorial, o cambio de vocabulario na sociedade. A asunción do vocabulario e da memoria oficial na maioría dos casos supón unha adopción involuntaria e inconsciente, pero non por iso menos indicativa do triunfo do sistema nun aspecto que ansiaba controlar, a vida cotiá[952].

A Socioloxía recoñeceu o papel das representacións sociais como estruturas simbólicas encargadas de atribuír sentido á realidade e definir e orientar os comportamentos. Segundo Durkheim, o conxunto de representacións colectivas conforman o sistema cultural, a estrutura simbólica, a cohesión social dunha colectividade e son elementos que circulan e dan sentido a un grupo instituído de significados. Arredor da estrutura simbólica, a sociedade organiza a súa produción de sentido, a súa identidade, o seu "eu" e o seu "nos". Así, toda sociedade define uns límites simbólicos e dispón de respostas reais ou imaxinarias ás grandes cuestións que se lle plantexan: a morte, o ben, o mal, etc. Os conceptos e representacións colectivas son impersoais, estables e corresponden a entidades como os mitos, que conforman "universos simbólicos" arredor dos que xira a conciencia colectiva[953]. Como sinala Fernández Valdeorras, "os construtos identitarios son a maioría das veces, moito máis que realidades materiais intersubxectivas: son realidades cognitivas trascendentais. Complexos simbólicos que existen e persisten en tanto en canto... un grupo máis ou menos compacto de seres humanos asúmeos, repénsaos e actívaos como propios no seu sentir e vivir (Fernández Valdehorras, 2004:429). O estudo histórico destas representacións, en tanto que apartado da Historia sociocultural, fixo fincapé no papel da xeración de imaxinarios e imaxes codificadas compartidas por grupos de individuos que arruman á unha base cognitiva

[952]Para ilustrar as posibilidades que o vocabulario e a memoria teñen como limitante do labor estatal de autolexitimación e, por tanto, como mecanismo de resistencia, vd. FRAZIER, L.J., (1999), "Subverted memories": Countermourning as Political Action in Chile", en BAL, M. et ali., (eds.), *Acts of Memory. Cultural Recall in the present*, Londres, University Press of New England, pp. 105-119, pp. 105-108

[953]Unha análise máis profunda sobre as teorías durkheimianas e, en concreto, as representacións colectivas e a importancia que nelas ten o elemento simbólico, en BERIAIN, J., (1990), *Representaciones colectivas y proyecto de modernidad*, Barcelona, Anthropos

uns valores normativos e afectivos que superan a dimensión psicosocial para chegar á sociopolítica. Porque os imaxinarios axudan aos individuos a categorizar e interpretar o mundo que os rodea contribuíndo a xustificar condutas e actitudes dende o punto de vista social e, da mesma maneira, a sancionar outras como alleas, polo que operan tamén como linde entre uns grupos ou comunidades e outras[954].

A produción de mitos para anovar os universos simbólicos propios das comunidades rurais foi un dos mecanismos mediante os que a poboación converteu a memoria nun espazo de resistencia. Nela, a partir do recordo, construíuse unha serie de estratexias que posibilitaban manter unha valiosa distancia con respecto ás representacións que o Estado tentaba impor no seu labor de represión social e psicolóxica e no seu anceio por acadar o control social da vida cotiá das persoas. As construcións míticas non son medibles en razón da súa veracidade como relato, ben ao contrario, poden partir de mentiras ou invencións, pero non por iso deixan de ter importancia como método de resistencia simbólica, pois operan contra dúas mostras de posible consentimento: o esquecemento e a aceptación do discurso oficial (e da posterior memoria que esa retórica crea). Estariamos ante reelavoracións de feitos, de acontementos, de memorias prestadas que conlevan unha clara intencionalidade no relativo a facer comprensible a realidade que lle toca vivir aos suxeitos que conforman a comunidade reforzando a súa identidade como colectivo. Ao ter este obxectivo as narracións, malia non ser veraces, non son improcedentes, senón que deben resultar racionais e convincentes ao grupo para que este as asuma como reais e dignas de crédito e, así, sexan aceptadas como parte do universo simbólico da comunidade. Segundo Xulio Prada e Raúl Soutelo as narracións míticas son o resultado da interrelación de tres elementos: a fraxilidade da propia memoria, as emocións e vivencias persoais e as interpretacións do colectivo social no que os individuos se inxiren[955].

A poboación que viviu a dureza da represión franquista acudiu acotío a estas construcións míticas especialmente en busca de dous obxectivos, segundo reflicten os testemuños orais recollidos. O primeiro deles foi protexer a unidade da comunidade rural cando esta estaba en risco dado que unha parte dos seus compoñentes eran os infrinxidores da opresión mentres que outros eran as vítimas. Nestas elaboracións míticas buscábase afastar aos represores dos marcos do sistema de valores establecido pola cultura popular para poder xustificar e lexitimar a súa exclusión da comunidade. Esta exclusión simbólica partía da consciencia colectiva da inmoralidade do comportamento dos represores e reflictíase, sobre todo, no momento máis emblemático e simbólico de cantos un individuo ten dentro da súa comunidade, a morte[956]. Unha

[954]CHARTIER, R., (1988), *Cultural History. Between practices and representations*, Cambridge, Cambridge University Press; ABRAMS, D.; HOGG, M., (1988), *Social identifications. Social Psychology of intergroup relations*, Londres, Routledge

[955]PRADA RODRÍGUEZ, X.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (1997), "Antropoloxía da memoria: representación simbólica e función social das construccións míticas ... *op cit.*, p. 638

[956]Un estudo profundo dende o punto de visa da Antropoloxía sobre o que a morte significa no mundo rural galego nas obras de GONDAR PORTASANY, M., (1987), *A Morte*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego; e (1989), *Romeiros do alén. Antropoloxía da morte en Galicia*, Xerais, Vigo. Sobre os rituais fúnebres característicos nas aldeas, RODRÍGUEZ TRONCOSO, M., (2004), *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume*, Vigo, Ir Indo, pp. 334-338; Sobre a especial reverencia coa que se trata aos defuntos e á memoria das súas almas no rural galego,

actuación anómala ou a ruptura das rutinas establecidas no momento da morte e enterramento dos represaliados é, ao entender das comunidades, o castigo máis duro que se pode infrinxir a un "veciño". A falla de apoio á familia, da piedade na enfermidade, da presenza no funeral, a non verbalización ou da internalización dos anceios dunha vida eterna para o defunto son probablemente as sancións máis severas que unha comunidade garda. E son, a súa vez, castigo e mostra de expulsión do colectivo. Trátase dunha aniquilación persoal, que rara vez se herda ou mancha aos antergos do protagonista da represión, pero que é tan fonda que entronca cunha crenza de certa "xustiza divina" castigadora, na que a peor das mortes (con dor, lenta, en soidade, na máis absoluta miseria, etc.) é o castigo a unha vida terreal definida pola violencia e as actuacións ilexítimas en contra dos outros.

O segundo dos obxectivos buscados coa reinvención de mitos foi construír ídolos, suxeitos claramente idealizados que seviran como referente na xustificación da resistencia. Esta é unha mostra máis de espazo para o discurso oculto no que se di o que realmente se sinte, do que hai debaixo da aceptación "a primeira vista" do sistema. Este gañara, pero non convencera porque non conseguiu lexitimar as súas accións e comportamento, sempre envoltos nunha retórica de necesidade e racionalidade. No nivel do simbólico, as construcións míticas sancionaban o proceder inmoral dos represores e mitificaban con todo un conxunto de valores positivos aos que entendían vítimas inocentes.

Repararemos máis polo miúdo nas dúas finalidades das construcións míticas elaboradas polas comunidades rurais galegas por entendelas unha mostra máis de resistencia simbólica pero, ademais diso, por entender que teñen unha fasquía particularmente interesante: ser unha forma de resistencia que non desemboca, de ningunha das maneiras, en acción. Non transforma o descontento en acción, senón todo o contrario, é unha fórmula que reafirma a pasividade como maneira de comportamento colectivo. Como ben di François Bédarida, "o mito é
unha construción ou, se se prefire, unha posta en forma-dinámica, ligada a un certo sistema de valores... deste xeito mobiliza as memorias e as memorias propágana" (Bédarida, 1992:21) pero, a diferenza do que el sinala, neste caso atopámonos cun mito que é unicamente inspirador e non mobilizador. A resistencia simbólica que descansa sobre unha noción de "memoria punitiva" que desactiva o marco de inxustiza que leva a acción coetánea en aras do que é, por riba de todo, o gran obxectivo desta forma de resistencia, o mantemento da unidade e identificación comunitaria[957].

---

hai pasaxes sobre todo no capítulo IV de SÁ BRAVO, H. de, (1991), *Creencias del costumbrismo religioso en Galicia*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, pp. 45-54

[957] Neste punto coincidimos co sinalado por Xulio Prada e Raúl Soutelo que comentan que estas construcións míticas "non obstante, se ben constituían un incentivo para a paz social, eran tamén un xeito de manifestar o rexeitamento cara ás estructuras de poder que se impuxeran pola forza da sinrazón. Dende este perspectiva, a dimensión mítica da memoria sobre o fenómeno represivo proxectábase non só cara un pasado alienante, senón que o facía tamén sobre un futuro no que os veciños recuperaban a dignidade que lles fora arrebatada e vía lexitimada a sá parte de "verdade"; e aínda algo máis fundamental: permitíalles ter o sentimento de "facer historia" en troques de padecela", PRADA RODRÍGUEZ, X.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (1997), "Antropoloxía da memoria: representación simbólica e función social das construccións míticas... *op cit*, p. 651

9.4.1 A función social da memoria subversiva: a expulsión dos represores da comunidade

Antes de entrar na cuestión central do epígrafe, cabe facer mención, aínda que sexa moi por riba, sobre os cadros de Falanxe en Galicia por ser estes os principais protagonistas da represión. E, por selo, sono igualmente das construcións míticas das comunidades galegas que buscan a súa desidentificación como membros das comunidades rurais ás que pertencían.

Hai que escomenzar apuntando que os falanxistas por convición eran unha minoría. A súa condición de grupúsculo era se cabe máis destacada en Galicia que no resto do Estado, malia a propia debilidade do movemento fascista no conxunto do Estado ata 1936. Os primeiros grupos xordiran na cidade de A Coruña a finais de 1931 arredor das Xuntas de Ofensiva Nacional Sindicalista de Ramiro Ledesma. Dous anos despois aparecen en Santiago de Compostela, Lugo e Monforte, Vigo e Pontevedra. Pero foi Ourense, cidade e a provincia, onde FET tivo máis calado durante a etapa republicana. Oficial e formalmente a fundación de Falanxe en Galicia ten lugar en marzo de 1935 nun acto protagonizado por José Antonio Primo de Rivera en Vilagarcía de Arousa. A partir desa data empezan a formalizarse ante o Goberno Civil os regulamentos das seccións provinciais e locais.

Segundo os dados que achega Xosé Manoel Núñez Seixas, antes da guerra habería en Ourense un 700 militantes de Falanxe, a maioría xente nova de familias de clase media da dereita conservadora, monárquicos e calvosotelistas. Nesta cidade debido á combinación da forza do calvosotelismo local, a radicalización política do movemento obreiro da cidade e á presenza de líderes carismáticos a Falanxe Local acadara unha das representación máis numerosas de Galicia. En canto ás súas zonas de acción sinalar que a maior presenza dábase na cidade de Ourense, seguido de vilas (O Carballiño, O Barco, A Rúa, Rivadavia, etc.), aínda que tamén había pequenas agrupacións en comarcas rurais (Puxín, Maside, A Gudiña, Coles, Cortegada, etc.)[958]. Así pois, Falanxe era débil incluso onde era máis potente, caso de Ourense.

Un calado moito máis feble, e un carácter urbán e vilego aínda máis claro, é o da Falanxe de Pontevedra, artellado a partir dun grupo de ex–requetés por M. Castro Pena. Nesta provincia, e segundo a información de Daniel Lanero a partir do estudo de fichas de militantes e membros das milicias de Falanxe que cobren o período de 1934-1936, os labregos supoñen menos dun 8% da mostra, encabezada por profesionais do sector servizos (funcionarios, traballadores de banca, empregados de servizos públicos, etc.), profesionais liberais (abogados, médicos, etc.), militares, estudantes e mestres. Todas elas profesións pouco relacionadas co rural, como o eran os territorios nos que se afincaban. Pontevedra cidade aglutina a máis do 64% dos afiliados falanxistas da provincia. Antes da guerra a febleza de Falanxe no rural era evidente, amosándose incapaz de aumentar o seu groso de afiliados alén de cidades e vilas[959] .

[958] NÚÑEZ SEIXAS, X.M., (1993), "La Falange en los años treinta. El fascismo en Galicia. El caso de Ourense (1931-1936)", *Historia y Fuente Oral*, 2, 10, 143-174

[959] Así se entende que, por exemplo, en Pontevedra as seccións de Falanxe que se foron creando estiveran enmacadas no ámbito urbano e relacionadas con ámbitos alleos ao rural na súa práctica totalidade. Así, en 1935 as seccións creadas son as Centrais Obreiras Nacional Sindicalistas (CONS),

En Lugo, segundo María Xesús Souto, Falanxe xurdiu a partir dun grupo de estudantes formados nos Maristas, moitos procedentes da Juventud da URD[960]. Como no resto da provincia o groso dos militantes, arredor de 100, residían na capital e en vilas como Monforte, Sarria, de onde era o primeiro xefe provincial e máis tarde xefe da Falanxe en Galicia, Mario González Zaera, Chantada, Portomarín, Foz ou Vilalba, aínda que concellos eminentemente rurais como Castro de Rei, Monterroso, Guntín, Quiroga, Ribas de Sil, Riotorto e Portomarín tamén contaban con algunha representación antes do golpe de Estado[961]. A análise do ámbito local é se cabe máis clarexadora con respecto ao minúscula, por non dicir allea, que era esta organización no rural galego no tracto republicano. O Libro de Afiliados da Delegación Local de FET de las JONS indica que a agrupación local de Foz á altura do golpe estaba composta por 27 persoas, non acadando máis que representación na vila e en dúas parroquias do concello, número moi escaso en comparación, por exemplo, cos 127 da Agrupación Socialista no mesmo intre. A Comunión Tradicionalista non se constiuirá ata setembro de 1936 e non pasa dos 13 afiliados no momento da unificación coa Falanxe[962]. No concello de A Pastoriza a altura do golpe de Estado Falanxe contaba con 35 afiliados, destacando a súa concentración arredor dunha parroquia concreta, Crecente, explicable en razón de que o fundador de Falanxe neste concello era o dono da tilleira desa parroquia e dende a súa condición de patrón acadou a adhesión de varios dos traballadores e veciños[963].

Aínda que se inclúa a aqueles que se afiliaban ao calor do éxito bélico, non xa por compartir os principios fascistas, senón por sentimentos patrióticos ou para refrendar a súa condición de "bos cristiáns" o número segue sendo exiguo. A maioría dos afiliados a Falanxe son arribistas, falanxistas de aluvión que defendían exclusivamente intereses persoais, ben para medrar, ben para conservar un certo estatus socioeconómico ("señorito"). O ascenso rápido de Falanxe en Galicia explícase por un proceso de mimetismo e oportunismo e non por compromiso político ou ideolóxico. Así o recoñecía nun informe o Gobernador Civil de Lugo de setembro de 1938 ao advertir que había "individuos que pertencen a FET, con historias non moi recomendables, véselles nuns e noutros sitios lucindo a súa pistola", sensación que xa apuntaba un ano antes un escrito da Deputación Provincial de Pontevedra[964].

Non se pode esquecer tampouco que unha boa parte dos arribistas tiñan en razóns como o instinto de supervivencia física ou o benestar familar o *leitv motiv* da súa filia-

---

a Sección Feminina e o Sindicato de Estudantes Universitarios (SEU), todas en Vigo. LANERO TÁBOAS, D., (2005), *Sindicalismo agrario franquista en la provincia de Pontevedra...* op cit, pp. 23-27

[960]O expediente de constitución de Falanxe en Lugo data do 28/5/1935. Presidía a reunión o que sería Xefe Provincial, José Cedrón del Valle, aparecen como secretario José María Pereira Arrabal, o delegado de organización é Gumersindo Ojea Otero, Alfonso Neira López ostenta o cargo de delegado de tesourería, administración e contabilidade e Salvador González o de Delegado de propaganda e prensa. AHPL. Goberno Civil. Asociacións. Sig. 13051-28

[961]SOUTO BLANCO, M. J., (1997), *La represión franquista... op cit,* p. 24

[962]HERMIDA, R., (1998), "Da República á guerra", en VVAA., *Foz, un povo con memória própia, II Xornadas de Historia Loca*l, Foz, A Pomba do Arco, pp. 45-74, pp. 58-59

[963]AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.709

[964]AGA. Gobernación. Caixa 2791

ción, como temos visto ao falar das trincheiras como espazo para o consentimento. Era o caso de boa parte dos simpatizantes e, incluso militantes, dos partidos e sociedades de esquerda que pretendían coa súa adhesión á Falanxe borrar o seu pasado, para o que non dubidaban en pasar a ser os máis sanguinarios e vehementes. Como sinala Costa Clavell, "a camisa azul facía para eles as veces de salvoconduto político" (Costa, 1977:129).

> "falanxista en S. Vicente había...chamábanlle Pastor o Formigo e... a muller do Manuel Rey, que é unha cousa rara que el foi toda a vida comunista..."
>
> "si, en Castro de Rei había un Comité Revolucionario de Izquierda Republicana e os que estaban máis cabecillas... despois foron os fascistas. O Garalsito, o Alexandre e o Bustaregas eran os máis cabecillas e despois eran falanxistas que foron os que mataron na parroquia..."[965]
>
> "en realidade os de falange non eran falangistas...había poucos falangistas dentro do partido...había xente de izquierdas, ou xente que tiña medo a que os fodesen, e que se meteu en falage, despois eran os máis criminales. Metéronse por necesidade, por medo, por medo, por vocación non..."[966]

Así pois, o aumento exponencial do número de membros do Partido Único só pode entenderse nun contexto de represión e coerción[967]. Xulio Prada menciona que para o caso ourensán o máis común foi que os elementos significativos da esquerda buscaran o amparo do Requeté para escapar da represión falanxista[968].

Non se pode falar, xa que logo, da existencia dun entusiasmo xenuino dos cadros do propio partido con respecto aos principios fascistas, de aí que na maioría das aldeas Falanxe se organizase despois da sublevación, e, ainda así, malia as diferentes motivacións que cabían para a adhesión ao partido (seguridade, privilexios no mundo laboral, no acceso a recursos, etc.), seguía sendo unha realidade minúscula no conxunto da poboación. Abonda traer a colación as cifras de filiación a FET para amosar o grao de desmobilización social, pois ningunha das provincias chega á media española de militantes e adheridos á altura de 1949. A media española supón un 3,4% sobre a poboación total, en Galicia o máximo corresponde á provincia de Ourense cun 2,5% da poboación, seguido por Lugo, cun 1,7%, e Pontevedra, cun 1,3%, amosando a cifra máis baixa de filiación A Coruña, cun 0,9%. A situación non mellorara dende 1940

[965] HISTORGA. Entrevistas nº 165 e nº 794. Entrevistado T.M.B., da parroquia de S. Miguel do Monte, concello de Chantada. Entrevistado Anónimo, da parroquia de Portocarreira, concello de Monforte de Lemos.

[966] Entrevista a C.A.P., Saldanxe, A Pastoriza

[967] Así o confirma o testemuño oral acotío. "...daquela por medo ou temor, aínda que non tiveran moita idea, fixéronse falanxistas...". HISTORGA. Entrevista nº 177. Entrevistado M.P.C., de Sambreixo, concello de Palas de Rei, Lugo

[968] PRADA, X., (2002), "Que jamás la sangre derramada sirva para florecer partidos políticos. El nacimiento de FET y de las JONS en Ourense", *Espacio, Tiempo y Forma*, serie V, 15, pp. 421-454, p. 423

cando a porcentaxe de afiliación era do 3,1% para Galicia e do 8,4% para o conxunto do país[969].

As cifras reais ilustran mellor a realidade se cabe que os dados estatísticos. No informe correspondente ao ano 1941 Ramón Ferreiro, Xefe de Falanxe en Lugo, dá conta do raquitismo dos cadros da organización, tanto na cidade de Lugo, onde contaba con 894 afiliados, como no resto da provincia onde computaba 16.583 afiliados repartidos do seguinte xeito: militantes de Primeira liña 3.386, militantes de Segunda liña 4.463, adheridos 387, pelaios 841, flechas 1.630 e 222 cadetes. Da Sección Feminina 2.936 afiliadas, 1.284 adheridas e 1434 xuvenís[970].

Se a primeira constatación é a pouca contía dos cadros, a segunda é a súa escasa valía. As análises críticas dos propios dirixentes provinciais de Falanxe en Galicia con respecto á fortaleza do partido aparecen moi cedo. En novembro de 1939 un informe sobre a situación de Falanxe nas dúas provincias setentrionais non dubida en sinalar unha "deficiencia manifesta e falla de vitalidade da Organización política... falla de xente nova, capacitada e con espírito". Para Lugo, en concreto, expón que "existe unha perfecta organización burocrática carente por completo do sentido espiritual de Falange onde como noutros lugares nin constitúe o mellor nin o máis selecto"[971]. As queixas sobre o calado social, a actividade desenvolvida e a capacidade do persoal que forma parte do partido son xerais na documentación. Evidentemente debemos ter presente que en moitos casos, detrás da análise crítica do "ambiente do partido" están desencontros persoais entre os diferentes cargos, pero isto non exime de que as descripcións sexan precisas. Por exemplo, a mala relación entre o Gobernador Civil de Lugo e o Xefe Provincial de Falanxe, está detrás deste informe sobre a situación do partido en Mondoñedo en 1941, porque serve ao primeiro para rematar acusando ao segundo de "non facer nada nin en Mondoñedo nin no resto da provincia para mellorar este ambiente"[972], pero non deixa de prover dunha análise aquelada e descriptiba da situación. A maledicencia non está en esaxerar a mala situación, senón en escoller a que se considera unha das peores realidades da provincia, e na atribución de culpas,

> *Falanxe Local é moi débil e modesta, a caso a de peor espírito e de menos iniciativa de toda a provincia* (os poucos ex-combatentes do concello trataron de colocarse noutras partes). Ao acceder a xefatura Ramón Ferreiro destitue ao Xefe Local, un chófer, polo Xuíz de instrución, Francisco Bernuy Barrio, marqués de Benamejí, que faino ben pero ten a pega de ausentarse con frecuencia porque ten ao seu cargo cinco partidos xudiciais ademais de Mondoñedo, por eso substituiuno no cargo deixándoo de Inspector Provincial de Falanxe, para que lle axude na vixilancia. Nomeou xefe local a quen era Xefe de Milicias, Darío González Jáuregui, un Capitán

[969]MORENO FONSERET, R.; SEVILLANO CALERO, F. (2000), "Los orígenes sociales del Franquismo", en *Hispania,* LX/2, nº 205, pp.703-724, p. 717; CABO VILLAVERDE, M., (1999), *A integración... opus cit,* p. 388; Ellwood contabiliza 3.400 voluntarios falanxistas en Galicia. ELLWOOD, S., (1984), *Historia de Falange Española,* Barcelona, Crítica, p. 122

[970]AGA. Presidencia. Caixa 51/20555.

[971]AGA. Presidencia. Informes da Xefatura Provincial de Falanxe de A Coruña. Caixa 51/20529

[972]AGA. Presidencia. Informes da Xefatura Provincial de Falanxe de Lugo. Caixa 51/20533

> de reserva retirado, que é do menos malo de aqueles afiliados, aínda que carece de tacto e discreción, censúrao todo sen documentarse... pero *a súa calidade de Capitán retirado dalle certa autoridade imprescindible para que os camaradas daquela desmaiada Organización formen nos días de festa, suprema aspiración que se pode ter, por agora, en Mondoñedo...* teño que soportar que se entreteña mandando mensaxes directas ao Caudillo, ao Xefe de Milicia Nacional e ao Ministro de Gobernación... Agora quere ser alcalde. Efectivamente quen desempeña este cargo na actualidade, .Jorge González Redondo, deixa moito que desexar polo abandono absoluto no que ten o pobo e polo seu antifalanxismo... converteuse nun requeté intransixente cunha camisa azul. É xestor da Deputación e está sempre en Lugo. É amigo sumiso do Bispo e do Xeneral Tella, gobernador Militar da provincia... de todos modos, como *esta xestora está fracasada* e os seus compeñentes en desacordo, ata o punto de que no momento actual non se puido aprobar os presupostos para o ano 41 por falta de asistencia de concelleiros ás sesións".

A esa mesma altura, e sen mediar crise interna algunha, Salas Pombo, ocupante da xefatura provincial de A Coruña refrenda a condición "desmaiada" de Falanxe nesa provincia, dando conta de que "ao tomar posesión desta Xefatura provincial o 11 de agosto de 1941 encontreime coa desagradable sorpresa de que nesta provincia víñanse mantendo unha grave ficción ao informar a esa Nacional sobre a real situación na que se desenvolvía a actividade do Movemento, chegándose a facer figurar como existentes xefaturas locais que facía moito tempo pecharan e desapareceran, reseñándose cifras de afiliados que fai anos se sinalaron... só unha media ducia escasa de xefaturas locais continuan funcionando cunha vida lánguida e morteciña".

Mostra tamén da escasa de presenza do "Movemento" no rural é a decisión, en 1942, ante o caos na distribución de inputs agrícolas, de crear as Xuntas Parroquiais, organismos sen representación de FET que se encargaban da recollida das declaracións xuradas de superficie cultivada e das necesidades de fertilizantes e praguicidas. A súa constitución contraría enormemente as autoridades falanxistas que se ven desprazas dun ámbito de poder de primeria orde como era a organización de cupos e o abastecemento. Neste senso, son frecuentes os alegatos contra destas Xuntas Parroquiais da Comisaría de Recursos, baseados, por suposto non en que facían competencia no seu ascendente sobre a poboación, senón en que ían en contra dos principios do nacionalsindicalismo e que "sacaban facultades" a Hermandades Sindicais e Cooperativas, ademais de "funcinonar mal"[973]. Así pois, FET non dispoñía en Galicia nin de medios humanos, nin estruturais, para conseguir unha implantación real, de aí que optase por apoiarse nas redes de poder local preexistentes e consentise, por exemplo, coa pervivencia de sociedades agrarias ata a Lei Sindical de 1942. Como é ben sabido, esta permisividade rematou supoñendo un obstáculo a posteriori para a armazón sindical vertical pois, a incorporación masiva de elementos do sindicalismo

[973]Son os razoamentos dados dende a Xefatura Provincial de Falanxe de A Coruña. AGA. Presidencia. Xefatura Provincial de Falanxe. A Coruña. Informes. Informe do 8-5-1942. Caixa 51/20586.

superviviente, especificamente sindicatos católicos, propiciou que os principios destes impregnasen decisivamente o contido e a práctica do sindicalismo franquista.

Outro exemplo de febleza ilústrao os comentarios que as autoridades fan con motivo da "Primeira Marcha 1949" na provincia de Pontevedra. Trátase dun percorrido no que se tenta calibar o ambiente existente nos diferentes pobos polos que pasa a comitiva para crear distintas organizacións falanxistas (Sección Feminina, Frente de Xuventudes, Garda de Franco, etc.) e, de novo, volta a recoñecerse a falta de éxito dos "principios do Movemento". Este informe, firmado por Manuel Crespo Alfaya, é estimativo da introdución de Falanxe nestes lugares, podendo detectarse, ademais da incapacidade para instaurar novas organizacións, a febleza na maioría dos concellos visitados das organizacións xa existentes e a falla de cadros para incorporar e renovar os potos de poder. O ambiente é considerado escuetamente "bo", sen máis, nos concellos de Forcarei, Cercedo, Cotobade, Moraña e A Lama. Pero no resto de concellos percorridos, Vilanova de Arousa, Vilagarcía, Caldas de Reis, Campo Lameiro e Pontecaldelas o ambiente é descrito como "desfavorable". No caso de Vilanova de Arousa indícase que hai un alcalde enfermo, non hai xefe local de Falanxe nin delegado local e non se alvisca posibilidade de remprazo, segundo se constanta "é moi difícil facer nada neste pobo". En Vilagarcía de Arousa di que aínda que "só se estivo de paso, porén, vin un ambiente moi frío, creo que vai floxeando". Para Caldas de Reis os problemas son sobre todo relativos ao persoal. O xefe de Falanxe é tildado de "decente pero apagado" e o delegado "non serve". Pero insístese en que "dá a impresión de que non se pode facer moito máis, pero cos actuais dirixentes nada", pasando as únicas posibilidades por "un cambio total de mandos". En Campo Lameiro falla tamén o ambiente para que as organizacións falanxistas se artellen e conquiran calado social, no que ten moito que ver o papel do alcalde, á vez xefe da Falanxe local que "non parece mala persoa, pero encóntrase rodeado do peor ambiente, pois acúsano das maiores atrocidades administrativas e de someter ao pobo a un caciquismo atroz". Pontecaldelas presenta a mesma problemática, cun persoal que non merece unha boa consideración por parte do visitador que entende que o alcalde é "un tanto despreocupado", o xefe local "pouco activo e fallo de espírito"[974].

As autoridades do partido eran ben coñecedoras da súa pouca implantación e acollían a persoas cun historial esquerdista e republicano como numerarias do partido pola necesidade de efectivos. Un episodio significativo neste senso é o que relata o comunista Manuel Pillado, que tras chegar a súa vila natal, S. Ciprián, de loitar no bando republiano en Asturias, é invitado polo alcalde, coñecedor da súa militancia e da súa condición de fundador do sindicato UXT local, a organizar a Falanxe Local con outro camarada, "así seríanos máis fácil encontrar bos traballos" (Pillado, 2002:221). En Taboada, por exemplo, tamén se deu unha reposición nos cargos públicos dos principais dirixentes políticos do Frente Popular, entre eles Segundo Marín, Angel

[974] AHPP. Movemento. Xunta Provincial. Expedientes de Actos desenvolvidos entre 1949-1956. Caixa 40/2

Portela e Manuel Vázquez, malia coñecer a súa ideoloxía esquerdista e de ter estado fuxidos durante dous anos[975].

Falanxe en Galicia, segundo o pouco que hai estudado ata o de agora, remítese nos seus cadros en comarcas rurais sobre todo a mozos de familias máis ou menos acomodadas da vila, atraídos pola novidade e pola súa retórica de mobilización. Por debaixo destes sectores, predominantemente urbáns, atopabanse os cadros das parroquias rurais. Dentro destes parecen existir dous grupos ben distintos, a dos "xefes", fillos de familias campesiñas abastadas que puideran darlles estudos alén dos primarios, e os "matóns", a man executora da represión violenta das comunidades rurais que, xeralmente, coinciden coas capas menos favorecidas economicamente da comunidade[976]. Estes últimos son os que primeiro identifica a fonte oral, pola fonda pegada que deixou na memoria colectiva a súa acción represora.

> "...había aquí catro ou seis falanxistas, a soldo, con soldo..., porque non eran falanxistas nin eran nada, era xente ignorante, que non sabía leer nin escribir, destes que andaban facendo leña polas casas e... xornaleiros".

No concello de A Pastoriza, os primeiros estarían representados por Baltasar Pérez[977]. Fillo dun dos labregos máis ricos do concello, estudiou Medicina en Santiago e, dende o seu posto no Partido Único, actuou como dirixente da represión, sinalando ás posibles vítimas, entre as que estivo un veciño de porta co que tiña malas relacións persoais. O "matón" era José Bargueiras, nado na parroquia de Pacios, en Castro de Rei, no lugar que lle serve de alcume e que xa antes do golpe de Estado vivía en Reigosa, concello de A Pastoriza, onde levaba un lugar en réxime de parcería, é dicir, era un caseiro[978]. En Muimenta, parroquia de Cospeito, os "executores" eran os irmáns Canto, donos dunha explotación demasiado pequena para acadar a autosubsistencia, polo que se vían na obriga de completar os seus ingresos con traballos ocasionais de xornaleiros en casas "boas" da parroquia. Serán precisamente as casas onde máis traballos facían, as de Antonio Pollán e Ramón Anllo onde centren o seu afán represor. Os seus antigos patróns pasaron longas tempadas agochados e despois "gardáronlles reverencia" no discurso público, como forma de asegurarse unha certa

[975] AGA. Presidencia. Informes sobre a situación de orde pública na provincia de Lugo. Anos 1940-1941. Informe de maio de 1940. Caixa 51/20533

[976] Un veciño da parroquia de Ribadiso, Manolo "burra preñada", é a persoa que hai detrás desa definición. Tamén Manolo "El Cabrero" é outro dos máis lembrados no concello de Arzúa pola súa participacón na represión física. Entrevista a X., Arzúa. LANERO TÁBOAS, D., *A represión franquista no concello... op cit.*

[977] Segundo os informes persoais existentes sobre o persoal de Falanxe neste concello, Baltasar Pérez Núñez era da parroquia de Crecente e era coñecido co alcume da súa familia, "O Vinculeiro", ou do lugar onde se atopa a súa casa, "das Plazas". En 1941 tiña 32 anos e estaba solteiro. Segundo o Partido os seus méritos eran que cooperou na organización e impulso da Falanxe Local de Pastoriza, ata que por asuntos familiares trasladouse a Madrid, onde o colleu o Movemento e foi perseguido por "elementos extremistas marxistas", logrando pasarse "á España de Franco" na primavera de 1938, incorporándose ao seu reemplazo no exército sublevado, onde chegou a Sarxento. Desempeñou os cargos de Secretario Local de Falanxe de Pastoriza e Xuíz municipal. A súa posición económica viña dada pola súa famila, unha familia labrega abastada con propiedades urbanas. O valor estimado das súas posesións era de 50.000 ptas. AHPL. Goberno Civil. Administración Local. Sig. 12.709

[978] Entrevista a M.E.I.I., de Reigosa, A Pastoriza; Entrevista a C.A.P., de Saldanxe, A Pastoriza

tranquilidade para desenvolver a súa vida cotiá[979]. Malia isto, recórdase que, seguindo o *modus operandi* falanxista, onde se converteron en furibundos represores, foi alén de na súa comunidade, na zona da Mariña luguesa, especialmente en S. Cosme de Barreiros[980].

O escaso número de efectivos de Falanxe non supuxo que a súa presenza no rural non fora sentida como contínua, constante e mesmo numerosa, malia que ao recordar os nomes estes non superen a ducia[981]. Pouco significativos en número si o foron en accións. Os falanxistas pasaron a exercer servizos de vixilancia e colaborar coa Garda Civil en operacións de "pacificación" ou "limpeza" nas aldeas[982]. O maior problema no rural foi enfrontar o feito de que represaliados e represores eran membros da mesma comunidade,

> "eu vin sendo neno na...parroquia de Castro a un señor que estaba cargando un carro de esterco... e que pasaban por alí uns, *ó fin e o cabo eran veciños*, me parece que eran coñecidos falanxistas, que lle mandaron levantar a man, que non a levantou, estaba coa horquilla e, ou el non entendeu ou tomou a broma, e puxéronlle os fusís cerca do peito... ata que levantou a man"[983].

Recorda Pedro como entre o grupo de falanxistas que molestaban ao seu pai, pedáneo na República nunha aldea de Chantada, estaba

> "... o Lisardo con eles tamén e viñan armados e todo. Mira ti que son as cousas. O Lisardo cando se fixo a casa do pallar botou co Valentín

[979]Entrevista a A.C.I., de Muimenta, Cospeito

[980]En xeral eran os camisas azuis doutras zonas os encargados da represión, evitando así o problema de parentelas e amizades entre falanxistas e os individuos a reprimir. J.-M, comenta que, na parroquia de Roás, no concello de Cospeito, "sólo había dous falanguistas... un era primo de meu pai... Alí nunca mandaran facer dano nin o fixeran... alí naquel tempo por o que oín... eles alí os falangistas, unhos os de Roás iban a lexos e os de lexos viñan a Roás e a outros sitios... os de Roás en Roás non se meteron con nadie". Entrevista a J.-M. L.A., da parroquia de Goá, Cospeito. Amén dos casos citados, este comportamento constátase tamén, por exemplo, na Pobra do Caramiñal e en Ribeira, vd. PÉREZ GONZÁLEZ, J.A., (1993), "Ribeira e Pobra do Caramiñal", en WOUTERS, M., (ed.), *Os primeiros días*, Vigo, Xerais, pp. 93-107

[981]A impresión de que eran moitos os cadros de Falanxe nalgunha aldea sempre ven matizada pola contabilización dos nomes, que os converte nun grupo moi minoritario. "... O Pedro Varela era o jefe de Falange na parroquia, *pero da falange había moitos*. Na Ulfe eran o Manolo i o Darío do Ovella. O Pedro Varela i o Modesto de Andimil...", en VARELA, J., (2004), *"A Ulfe". Socioloxía dunha comunidade... op cit*, p. 57

[982]"... falanxista en S. Vicente había... chamábanlle Pastor o Formigo e... a muller do Manuel Rey, que é unha cousa rara que el foi toda a vida comunista, e casou con ela <Juanita, filla do Formigo> en contra da voluntá dos pais, porque os pais del eran de esquerdas, sempre foi xente republicana... nunca conviviu cos sogros, nin nada... naqueles tempos andaban co correaxe vestidos de falanxistas...acórdome <día da romería> salían cantando o Cara al Sol, na procesión non cantaban outra cousa... e facíante... eu acórdome que era un rapaciño e había que ir coa man que xa cansaba a man de ir levantada... e despois a Juanita era a cociñeira dos guardias en Mundín...chegaba ela e vai por fulano, fulano de cual, e fulano... xa se sabe o que esperaba...". HISTORGA. Entrevista nº 156. Entrevistado T.M.B., da parroquia de S. Miguel do Monte, Chantada

[983]HISTORGA. Entrevista nº 1.014. Entrevistado P.R.P., da parroquia de Seara, concello do Valadouro. A cursiva é nosa.

> a alí moitos meses traballando. Ó pai pagábanlle, e mantíamolo. Como o Lisardo o necesitaba i o pai tiña cartos daquela, que fora a Cuba, pagáballe non sei canto e pola noite iba dormir a súa casa. E despois de esto, de pasar meses servíndoo, virlle con esa faena" (Varela, J., 2004:58)

A comunidade rural tivo armas para enfrontarse a unha realidade como a de que no seu seo había membros que se ocupaban de represaliar a outros cos que había vencellos de amizade secular, parentesco ou veciñanza. A reinterpretación simbólica foi a resposta atopada. A solución estivo en autoconvencerse colectivamente, a través da función social dos mitos creados, de que os falanxistas e represores eran xente allea á comunidade, case que estranxeiros. No intento por afirmar os lazos intracomunitarios, os feitos dramáticos que supuña a represión e a violencia infrinxida foron interiorizados como actos de "bárbaros" cuxo comportamento os expulsaba de facto da comunidade. Quedaron na memoria como *outsiders* desta, algo que non pasou cos que se adaptaron ao franquismo sen amosarse participantes na represión. Non respectar os códigos comunitarios era o que se penaba, alén da conversión político-ideolóxica.

A adaptación pasou por ser a actitude maioritaria, a normal, polo que non foi sancionada socialmente non así a adhesión cando pasaba pola toma de partido na represión. A ocultación dos vencellos políticos non valía para os republicanos aos ollos escrutadores do Estado franquista, pero tampouco para os "gañadores" dentro das comunidades. Enfatízase por exemplo, como recolle Manuel Veiga "que unha viúva dun labrego asasinado (pola guerrilla) cobrara logo unha pensión do Estado, o que viña significar que a vítima probablemente tivera no pasado algunha relación co réxime. É dicir, podía ter sido un falanxista ou un paseador..." (Veiga, 2006:361).

A adhesión, porén, non era igualmente sentida, non caso de que a acción da persoa fora entendida como de "intercesión" entre uns grupos falanxistas máis violentos, xeralmente que se corresponden cos de zonas lindeiras, e as persoas da súa comunidade. A memoria colectiva dalgunhas comunidades garda os acordos sobre estas actuacións igualando ao falanxista local cun salvador de membros da comunidade da temida represión. Neste caso, os falanxistas, como "autoridade boa" son a razón que se esgrime para a ausencia de actos de violencia reseñable,

> "En Reigosa os falanxistas da parroquia eran Manuel de Canuto e Francisco Folgueira, boa xente e bos veciños. Non se meteron con naide, ao contrario, aínda axudaron moito... levábanse ben con todos tamén cos de izquierdas. En realidá, non eran falanxistas, eles foran á guerra no bando de Franco e viñeran así... pero eles nada...nada... non fixeron nada"[984]
>
> "na miña familia,..., aínda cando había diferentes criterios e ideais, non nos dividiron en absoluto. É máis, un dos meus tíos, que era de Falanxe de toda a vida, foi en realidade o que nos acolleu a min e a meus irmáns cando a miña nai foi condeada a morte [era alcaldesa frentepopulista de A Cañiza, Pontevedra], prevalecendo o cariño que había na nosa familia

[984]Entrevista a M.E.I.I., de Reigosa, A Pastoriza

> por encima de calquer tipo de división política" (Bullón de Mendoza et ali, 2000:69-70)

No lugar común da memoria que conforman os falanxistas que non tiveron protagonismo na represión, ademais do recoñecemento das comunidades cara aqueles que non usaron a violencia, vese a impronta deixada polos discursos lexitimadores dos golpistas e, polo tanto, a pegada da represión psicolóxica[985]. A memoria colectiva acabou achacando moitos casos de represión e violencia a "desalmados" que "dicían que eran falanxistas" ou que "traían as camisas", pero que "non se cré que o foran de falanxistas de verdade". E, a maiores, no senso lexitimador, a conduta violenta e o terror imposto polos membros de Falanxe, remitiu a moitas outras autoridades locais e cregos a ese recuncho da memoria que garda aos que non romperon a convivencia infrinxindo represión física,

> "houbera un comandante do posto... aqui en Ferreira de apellido Ruíz que salvou moitas vidas, incluso dicían... que este señor cando sabía que ían fusilar a algunha persoa ou que podían detelo... pois detíao el e metíao no cuartel e cando chegaban os falanxistas... pois xa non estaba na casa e era unha maneira de asegurarlle a situación. Outra persoa que estando encuadrada na dereita salvou moitas vidas aquí e que se lle deben moitos favores nese sentido,.. foi don Atilano Basanta, un médico que houbo na localidade, ó que se lle debe tamén segundo a opinión dos paisanos daquel entón... a este señor débeselle a vida de moitos paisanos do Valadouro... practicamente no Valadouro non pasou nada moi importante,... non houbo fusilamentos nin cousas asi de gran trascendencia..."[986]

As reelaboracións míticas que prenden na memoria colectiva son unha mostra da condena a comportamentos que se recoñecen ilexítimos e mesmo ilegais. Ningunha lei nin terreal nin divina amparaba actuacións como asasinatos de nenos, de vellos, de mozas ou asasinatos feitos "a traición". A reprobación moral dos represores ocupa un espazo prioritario nestes mitos. Os relatos máis sancionadores son para os protagonistas do "terror quente" que caracterizou os primeiros anos (sacas, "paseos", etc.). Os seguintes son para aqueles que, valéndose da prepotencia e a impunidade que lles infundía levar a camisa azul e portar armas romperon os códigos morais da comunidade: respecto á xente de idade, non mancillar mulleres, ter consideración cos mortos, etc.

Os exemplos sobre relatos míticos que teñen como función incidir no castigo recibido polos falanxistas da zona que romeperon os códigos son numerosos. Da es-

[985]"... aquí non hai queixas, do noso concello [pregunta: pero pola contra por Mondoñedo oín dicir que houbo asasinatos e sacas]... si, si por Mondoñedo mataron, houbo asasinatos. Si, e en Cospeito houbo asasinatos... en Cospeito díxose que foran falanxistas daquí executar alí... aquí non podían vir executar porque aquí había outro orde, primeiro o capitán Baeza e despois outras persoas de solvencia como xefes de Falanxe...". HISTORGA, Entrevista nº 266. Entrevistado J.L.B., de S. Adriano de Lourenzá

[986]HISTORGA. Entrevista nº 1.014. Entrevistado P.R.P., da parroquia de Seara, concello do Valadouro. Ou no mesmo senso, "O cura de Pacios e Outeiro velaba pola xente das súas parroquias para que ninguén lles puxera a mao encima... Don Gerardo era o cura... un gran home, salvou a moitos". Entrevista a A.C.I, de Pacios, Castro de Rei

pantosa morte que non se chega a "desexar" a un falanxista encargado da represión da xente da parroquia, pero que non deixa de entenderse como xusta, danos conta Manuel Sarille no seu libro de memorias ao lembrar que "no ano corenta e seis morreu o Latonero dun cancro en Castroverde. Durante dous meses escoitáronse os berros na Rampla, o Latonero morreu consumido pola dor dunha agonía horrenda... está morrendo coa pior das mortes, grazas a Deus, pensaba para min" (Sarille, 2003:132). Unha morte igualmente merecida a tenor destas reelaboracións míticas era a infrinxida para o escarnio do represor. A comunidade xustificaba o seu asasinato, como o facía co estraperlo, porque non rompía os códigos morais da comunidade. Os axustes de contas neste senso non estaban sancionados.

> "ó irmao de Teixeiro matárono en Celeiro, alí na Maradona e apareceu aquí tirado na auga, alí con dez ou doce mil ptas no bolsillo que cando lle encontraron alí os cartos dixera un guardia de Foz que se coñece que foi un axuste de contas que non foi por roubalo porque tiña os cartos no bolsillo. Nunca se soubo quen o matara apareceu me parece que foi polo 43 ou por aí. Despois de terminada a guerra el era tamén algo faltón era algo falanxista... que eses foron os que meteron a esta xente desa casa na... falanxistas, porque esta xente era de izquierdas antiguamente..."[987]

Como se ve neste testemuño dun veciño do concello de San Cosme, este tipo de morte enténdese como merecida e insístese en que non lle faltaban obxectos persoais que, primeiro, non igualaran ese acto de "xustiza" cun roubo calquera e, segundo, non implicaba un dos aspectos que máis se lles reprochaba aos represores falanxistas, o mancillamento do cadáver e o roubo dos seus enseres. Quedarse coas pertenzas dun morto era visto como degradante, incluso no caso dun asasiño que, en principio, podería parecer que non podía incurrir nun acto que o denigrara máis. Ese sentimento ilústrao perfectamente o romance do Comandante Moreno ao subliñar que os seus asasiños lucían o reloxo de ouro e a cazadora da súa vítima.

Os exemplos de falanxistas "matóns" aos que nos temos referido máis arriba, un no concello de A Pastoriza e outro no de Cospeito, foron traídos a colación malintencionados no sentido de que eles son os protagonistas de dúas construcións míticas que puidemos recoller. O primeiro dos relatos comeza apuntando a "Bargueiras" como un represor sen escrúpulos que tivo un dos seus centros de operacións no concello de Castroverde, pero que non dubidou en asasinar a un veciño do concello no que era veciño. A súa falla de moralidade que se lle achacou fai que se recorde na parroquia onde vivía e da que, insistimos neste punto, ata o 36 era considerado como un veciño máis, como unha persoa allea e se incida en que "non era de Reigosa" (recordemos que, certamente, era nado nunha aldea próxima do concello de Castro de Rei). A retesía da memoria aumenta cando se relata o "premio" que tivo pola súa conduta aberrante, consistente nun posto na garda civil de tráfico en Lugo. A comunidade esperaba un castigo, a modo de "xustiza final", que viu ou quixo ver unha vez o falanxista se xubilou,

[987] HISTORGA. Entrevista nº 1.015. Entrevistato F.F.B., do concello de S. Cosme de Barreiros

> "nos últimos anos non saíu do piso que tiña en Lugo... non saliu de pes para fóra... antes en Lugo tiña moitas influencias co seu uniforme... sacaba as multas aos amigos... desde que "a cousa perdeu a gracia" decían que non se vía, que tiña medo a quedarse solo ou que o viran... porque fixera moitas e moi gordas..."[988]

A sensación de que "a vida devolveulles algo do que merecían" tamén está presente no relato sobre os irmáns Canto, os falanxistas represores do concello de Cospeito. A mitificación recollida céntrase nun deles, José, que nas lembranzas populares quedou como "o peor dos dous". A memoria recolle todos os elementos que acotío compoñen estes mitos: o fracaso vital dos perpetradores, unha morte chea de sufrimentos e agonías terribles e un castigo que se asemella a unha vitoria final das súas vítimas e, con elas, da propia comunidade que o illou.

José Canto, á diferenza de Bargueiras, non soubo tirar proveito da súa folla de servizos represora nas filas de Falanxe e non acadou ningún posto que, cando menos a ollos da vecindade, o premiara e o sacara de ser un labrego con pouca propiedade. A súa morte produciuse fóra da casa, no medio dunha feira local moi concorrida, e non na intimidade do seu fogar e coa compaña dos seus familiares como é o admitido como "boa morte"[989]. E, ademais, os "castigos" non quedaron aí xa que "para o que fixera non chegaba a súa propia vida para pagalo... todo o que lle fixeran era pouco...así lle foi... así morreu e tuvo dous ou tres que non eran ben"[990]. O obstracismo ao que o someteron os veciños á hora do seu enterro estivo en liña co sistema de valores da cultura popular galega. O relato sobre o funeral mestura a verbalización dun desexo, a inexistencia de concorrencia, cunha explicación do que parece ter sido máis real, a escasa asistencia. Cando se introduce o matiz de que algunhas persoas si participaron no seu sepelio, a memoria recorre a unha explicación ben significativa "ao enterro foi xente polos fillos, polas mulleres e maridos destes e polos netos, que non tiñan culpa de nada... pero por el nada...por el todo o mundo iba dicindo "vaia o demo con il"[991]. Como sinalabamos, a comunidade non adoitaba culpar á descendencia do represor e, nese senso, con ela si operaba como o elemento sustentador en momentos duros como o era a perda dun familiar.

Acudir en número escaso ao enterro, non gardar formas establecidas nos velorios, non prestarse para levar o cadaleito no ombreiro á entrada da igrexa ou do camposanto, etc, etc. son anomalías nos rituais comunitarios establecidos no relacionado coa morte e cos defuntos dun grande simbolismo no mundo rural. Supoñían sancionar atropeios cometidos en vida que se entendían como irreparables e que conlevaban o que, malia non poder ser contabilizada como unha mostra de oposición, supoñía un illamento do represor. Un castigo que probablemente non sufrira en vida, polo medo e a necesidade de protexer a convivencia comunitaria, pero que na representación simbólica o condenaba a algo peor que calquera pena en vida, a exclusión da comu-

[988] Entrevista a M.E.I.I., de Reigosa, A Pastoriza
[989] Sobre o que se considera ter unha "boa morte" no rural galego, vd. GONDAR PORTASANY, M., (1987), *A morte...op cit.*, pp. 12-13
[990] Entrevista a A.C.I., de Muimenta, Cospeito
[991] Entrevista a M.E.I.I., de Reigosa, A Pastoriza

nidade de defuntos, que, dentro da racionalidade rural, é o mecanismo por excelencia da integración dos individuos dentro da comunidade dos vivos.

9.4.2 A función social da memoria subversiva: a creación do "heroe"

Os relatos míticos non só se empregaron para excluír a uns membros da comunidade, senón tamén para idealizar a outros. Un dos máis idealizados na memoria colectiva foi o guerrilleiro Luis Trigo Chao, coñecido co alcume de "Guardarríos".

Nado 24 de decembro de 1889 nunha familia labrega de S. Pantaleón de Cabanas, O Vicedo, Luis Trigo emigrou moi novo a Cuba e despois a Arxentina. Foi nesta migración cando tomou conciencia política, como moitos outros guerrilleiros da zona norte de Lugo (Templas, Fernández Camba (a) O Barnizador, etc.). Voltou a Galicia, en concreto ao concello de Mondoñedo, en 1921 onde se ocupa como garda forestal, traballo que lle permite establecer extensas relacións sociais na comarca e coñecer perfectamente a súa xeografía. A súa actividade política aquén mar comeza en 1929 cando dirixe aos veciños de Vilcalle nun conflito sobre a titularidade dos seus montes. Na República ocupa o cargo de secretario na Fundación da Agrupación Socialista de Mondoñedo, presidida por Xaquín Ares. Seguidor das teses insurreccionistas de Largo Caballero, intervén na radicalización do PSOE local a través dos seus comentarios no xornal socialista de Viveiro "El Momento". Con motivo do golpe de Estado convértese nun fuxido, pero nun fuxido atípico xa que non observa normas como a de non deixarse ver. Ao contrario, consta que era asiduo de tabernas, bailes e mesmo partidos de fútbol. Esta actitude desafiante, xunto ao coñecemento do monte, unido a que xa era un home maduro e dono dunha arma que manexaba coa habilidade propia da súa profesión, deulle axiña, segundo expón H. Heine, unha influencia grande sobre os mozos que se botaran ao monte coma él, aínda que parece que o Guardarríos non chegou a acaudillar ningunha partida[992].

Na súa etapa na clandestinidade diferéncianse dúas fases, a primeira, entre 1939-1941. Son os anos nos que se lle supoñen as primeiras accións de represalia contra falanxistas no norte da provincia de Lugo. Trataríase de dúas execucións, a de José Viador Traseira, un dos líderes e fundadores de Falenxe en Lugo, e a de Eladio Teixeira, que xunto ao seu irmao médico, era un coñecido represor nas comarcas de Foz, Viveiro e Ortigueira. Segundo a documentación xudical, foi tamén un dos encausados e declarados culpables do atraco e asasinato dun comerciante da parroquia de Lagoa, no concello de Alfoz, Eduardo Villar Otero en febreiro de 1940[993]. A partir de

[992] HEINE, H., (1980), *A guerrilla antifranquista... op cit,* p. 64.

[993] AMSF. Causa 303/40. O roubo consistira en Títulos de Débeda que tiñan un valor de 6.000 ptas e o diñeiro que nese momento había no establecemento. Na causa incúlpase conxuntamente a outros fuxidos Germán Méndez García, un labrego de 32 anos de Figueiras, concello de Mondoñedo, que se agochara no monte, para non incorporarse a filas, dende 1937 ata febreiro de 1940, momento no que se entregou, e Justo Goás Barros, labrego de 24 anos da parroquia de Oiras, concello de Alfoz. Finalmente, a sentencia condena a Germán Méndez a unha cadea perpetua que se convertirán en 30 anos de reclusión e Luis Trigo é declarado en rebeldía.

1942 muda a súa actitude, seguindo as directrices do Partido Socialista de abandoar a loita armada. Despois de asaltar nese ano a Hermandade de Labregos de Abadín, faise cunha máquina de ciclostil que o PSOE usará para editar ata 1948 arredor de 50 números do voceiro "Forja", que chegou a facer unha tiraxe de 400 exemplares. El participaba cunha sección, "Parte de Guerra", na que recollía informacións tomadas da BBC sobre a evolución da Segunda Guerra Mundial e novas sobre as súas actuacións. Entre 1942-47 as súas accións, roubos de cartos, teñen un carácter discriminado, escollendo os seus obxectivos entre curas, estraperlistas, funcionarios públicos, políticos e caquices, e destinando os fondos ben ao mantemento da estrutura clandestina do partido ben a afortalar e aumentar a súa base de apoios (pagos polos seus gastos, empréstimos, etc.). Tamén están presentes accións de castigo, que consistían en "avisos" a falanxistas ou gardas civís que se significaban polas súas accións violentas.

A traxectoria de Guardarríos garda certa similitude coa do partido do que era afiliado. A pervivencia do franquismo e a dureza da represión provocaron o desartellamento do PSOE galego na clandestinidade, que conclúe coa súa desaparición práctica á altura de 1948. A brigada Político-Sindical vai establecerse en Viveiro, con compoñentes tan afamados como Valdés e Balcón, que terá o seu maior obxectivo na morte ou captura do guerrilleiro de O Vicedo. Conseguen dar con el e matalo por S. Xoán en Vilanova de Lourenzá, o que suporá a desarticulación do Partido Socialista no Noroeste de Lugo[994]. Segundo as dilixencias instruídas polo xuíz militar con motivo da morte de Trigo e da súa parella, Antonia Díaz Pérez, os compoñentes da Brigada fixéronse pasar por guerrilleiros e acadaron entrar en contacto cun dos enlaces de Trigo, ao que fixeron crer que eran membros do Estado Maior das Guerrillas do Norte, para o que empregaron documentación falsa. O enlace era Gerardo Redondo Valea, un veciño de Vilanova de Lourenzá, que os ocultou na súa casa tres días, ata que na madrugada do día 25 de xuño Trigo fixo acto de presenza e empezou o tiroteo que acabou coa súa vida e coa de Antonia[995].

Ata aquí teriamos reflictido a realidade do devir de Guardarríos como guerrilleiro. Pero isto e só unha parte do que quedou na memoria popular da poboación da metade norte da provincia de Lugo. O que é trascendente neste epígrafe é sinalar como a súa figura trascendeu da doutros guerrilleiros afamados do lugar porque se converteu no protagonista do "mito do bandoleiro". A súa idealización é practicamente xeral. As testemuños que o recordan malia non telo visto nunca insisten en amosalo como unha especie de Robin Hood, ladrón dos ricos e protector dos pobres,

> "el non se gardaba de naide, el viña ás festas, non se gardaba... a guardia civil tiñalle medo porque dicían que cortaba co tiro da pistola o cable da luz... tiña moi boa fama coa pistola... e era moi boa persona... non se gardaba de nadie... pasaba pola carretera, viña ó salón a Vilela... e se

[994] Un resume máis detallado da peripecia vital de Luis Trigo en, A NOSA TERRA, nº 832, p. 32. 28-4-1998. Artigo autoría de Xosé Ramón Hermida.

[995] Todos os detalles deste encontro entre guerrilleiro e contrapartida, interpretados sesgadamente poden seguirse no Auto de Instrución que se abriu con motivo da morte do primeiro. AMSF. Causa 309/48 e na dilixencias que se seguiron despois desta para acabar coa rede de enlaces que o sostiña, Causa 385/48.

> había un pobre necesitado, pedíalle os ricos e dáballe algo a el... Cando o abatiron... o pobo estaba moi asustado, tivo que vir unha brigada especial de Madrid porque os de aquí tiñan moito medo...ía tomar algo a Ribadeo, un café, e deixaba unha tarxeta "aquí estivo Luis Trigo"...[996]

A súa valentía, mesmo ousadía, a súa honradez, a súa condición de experto tirador e de galán (separado da súa primeira esposa, a súa parella Antonia Díaz, era unha rapaza nova que segundo todos se uniu a él non tanto por compartir o ideario socialista, que tamén, senón por un namoramento propio dunha *belle histoire*), a demostración de fidelidade ao seu ideal aínda no momento da súa morte, etc. son lugares comúns da memoria colectiva.

> "El era non era moi alto, viña moi ben vestido, tiña unha chaqueta de coiro, unha gabardina enteira ata baixo, unhas botas de cuero altas..."[997]
>
> "Foron encontralos a Vilanova, el antes de morrer dixo "Viva la República" e non quixeron enterralos...só lles puxeron tablas ou caixas de queixóns non en caixas de verdade..."[998]
>
> "Para roubar buscaba xente pudiente, nunca teño oído que roubara xente que non tivera cartos. El andaba todo tranquilo, non debía ter medo oín que unha vez estaba tomando un café en Vilanova e que como o camarero tardaba en vir, deixara os cartos e un papel que dicía "así paga Trigo en todas partes "...viñeran unha xente especial de Madrid para matalos... El tiraba moi ben, decían que facía as letras do seu nome na porta dun muíño e para eso fai falta moito pulso"[999]
>
> "vino no salón de Vilela... non facía mal a ninguén...os guardias víano ás veces e non lle facían nada, non se metían con el porque tiñan medo que os fastidiase..."[1000]

Ao seu mito como "bandoleiro" engádese na memoria colectiva a súa condición de xusticieiro por entendelo protagonista da morte, xa comentada, dun dos xefes provinciais de Falanxe, José Viador Traseira. O peso de Viador como referente do partido en Lugo permite concluír a relevancia que o seu asasinato tivo a nivel simbólico para o franquismo. Nun artigo de o xornal El Progreso saído con motivo do seu asasinato reflíctese a súa centralidade no entramado de Falanxe,

> "nas primeiras horas do día de onte sorprendeunos a todos a nova da morte do camarda José Viador Traseira camisa vella da Falanxe,... temperamento profundamente impresionable e de reaccións inmediatas... era camisa vella e fundador da antiga Falanxe Española de las JONS e, como

[996] HISTORGA. Entrevista nº 765. Entrevistado L.D.I., parroquia de Prevesos, concello de Castro de Rei
[997] HISTORGA. Entrevista nº 768. Entrevistado J.O.P., parroquia de Cubelas, Ribadeo
[998] HISTORGA. Entrevista nº 769. Entrevistada M.S.M., parroquia de Vilela, Ribadeo
[999] HISTORGA. Entrevista nº 767. Entrevista a F.S.S., parroquia de Vilela, Ribadeo
[1000] HISTORGA. Entrevista nº 766. Entrevista a M.S.C., parroquia de Vilela, Ribadeo

> tal, militante da Falange Española Tradicionalista. Nos momentos difíciles da Falanxe, sufriu 14 xuízos de faltas por enfrontarse con elementos destacados do marxismo, é ao comezar a guerra atopábase no cárcere de Lugo, condenado a varios meses de prisión por ter tratado de impedir, xunto con outros camaradas, a manifestación marxista o Primeiro de maio. No aspecto político organizou na provincia 28 JONS, foi Xefe provincial sindical, nomeado en marzo do 35; Xefe provincial do Movemento, nomeado en febreiro do 36; desempeñou a Xefatura Provincial de Milicias ao comezar a guerra e despois desempeñou os cargos de Inspector provincial de Ferias, Inspector provincial de Falanxe, nomeado en agosto de 1937, e formou parte da comisión de Agricultura e Gandeiría e do Consello Provincial de Organizacións Xuvenís. No aspecto militar organizou varias centurias, mandou as primeiras forzas de Falanxe de Lugo e Ourense que operaron en Asturias, foi o organizador e primeiro mando da Bandera Lexionaria de Lugo e tomou parte na conquista de varios pobos"[1001]

A súa sepultura foi todo un acto de reivindicación da fortaleza de Falanxe en Lugo. A prensa provincial e local dá conta do "espectáculo" ao que acudiron todas as forzas vivas da cidade: autoridades militares, civís e xerarquías do Movemento. O cadaleito foi conducido polos seus camaradas de Falanxe de Abadín a ombros ata a igrexa de S. Froilán onde agardaban as autoridades. Acudiron as Organizacións Xuvenís de Falanxe e as de Sección Feminina, encargadas de levar as flores, e tamén se deron cita o Gobernador militar xeneral Rolando de Tella y Cantos, o Gobernador civil Ramón Ferreiro, o alcalde, o presidente da Deputación, o Xefe da Comandancia da Garda Civil, o Presidente e o fiscal da Audiencia, o Xefe do Estado Maior da 81 División, os Xefes provinciais de Falanxe de Lugo e Ourense, a corporación municipal de Abadín e todos os Delegados de Servizos de Lugo e algúns de Ourense, xunto a representacións de todas as entidades oficiais da provincia. A escenografía levou a que se percorreran as principais rúas de Lugo cantando o Caransol e cun desfile das Xuventudes de Falanxe. Finalmente a comitiva dirixiuse a Conturiz, onde foi enterrado na parroquia de S. Andrés de Castro[1002].

Viador era un home tremendamente impopular no norte da provincia de Lugo. A un concello desta zona, concretamente ao de Abadín, trasladarase a vivir coa súa familia e, alí, segundo os testemuños valéndose do medo que infundía e da violencia coa que actuaba, fíxose cun gran lugar na Fraga Vella. Esta era unha zona de monte comunal das cinco parroquias veciñas no que Viador cercou para uso e proveito particular 691,50 ha. A finca quedaba situada no que corresponde ao termo da parroquia de S. Xoan de Romaríz, concello de Abadín, pero trátase dunha zona de linde coas

[1001] EL PR0GRESO, mércores 10-4-1940. Sección "Voz de Falanxe"
[1002] EL PR0GRESO, mércores 10-4-1940. Artigo "Onte recibiu sepultura o cadáver do camarada José Viador Traseira, Camisa Vella de Falanxe"; LA COMARCA (órgano de prensa da zona de Ribadeo), mércores 10-4-1940.

parroquias de S. Martín de Figueiras, Pereiro e As Oiras, do concello de Alfoz, e Estelo e Tronceda, parroquias de Mondoñedo[1003].

Á desposesión do comunal uniuse o desfiuzamento de, cando menos, unha familia, a de José María Eiroa, que tiña a súa casa dentro da zona acotada por Viador, concretamente no lugar de Acibreira, e que se viu na obriga de marchar. A sensación de inxustiza xeralizouse polo contorno tamén con motivo do comportamento de Viador, que se aproveitaba da necesidade que tiñan os veciños do monte para pasto para poder manter os seus rebaños, para, a cambio dun uso puntual do monte que el privatizara, aproveitar a súa man de obra para realizar as tarefas da súa finca (cercamento, recollida de toxos, limpeza, etc.).

O asasinato tivo lugar nunha das roldas de control da súa finca que facía a cabalo e armado. Cando este voltaba ao seu domicilio esperárono nun lugar denominado Pico da Lebre (en concreto no punto chamado Rego do Paso), tremendamente abrupto, cheo de penas e matos, onde lle dispararon a queimarroupa. Segundo os testemuños, e como confirma o informe realizado polo Xefe Provincial de Falanxe, Ramón Ferreiro, o seu asasiño ou asasiños colocaron o seu cadáver a un lado do camiño, en posición cúbito supino, esparxiron os seus cartos por alí, deixaron o reloxo en lugar visible e puxeron ao seu lado unha segunda arma, unha pistola, que o falanxista levaba agochada. O cerimonial é indicativo, como o eran todos os axustes de contas, de que o a morte non era consecuencia dun atraco que saíra mal, senón do anceio de matar a dito individuo.

Nos motivos do asasinato igualmente volven coincidir a documentación oficial e a historia oral. No primeiro sinálase que "aínda cando ignoramos os móbiles do asasinato, descártase de todo o matiz político, dándose como hipótese máis segura a de estar relacionada a morte coa malquerencia nacida dos dereitos de propiedade sobre a finca...". Despois os discursos diverxen. A información oficial continúa expoñendo que "(finca) conquerida por dito camarada contra os abusos dos habitantes das comarcas cercanas que dende fai anos viñan apropiándose dos pastos e leñas da mesma"[1004]. A versión oral é xusto a contraria, insiste no espolio que supuxo o acceso á propiedade de Viador do seu monte comunal e na súa conduta ditatorial e violenta.

A raíz deste suceso é cando o mito de Guardarríos se reelabora e medra converténdose, como temos dito, nun referente memorialístico do "mito do bandoleiro". Pero este feito non conseguiu soamente lexitimar socialmente e a nivel simbólico a acción deste guerrilleiro, senón que deu pé a unha construción mítica paralela sobre os veciños das parroquias afectadas polo latrocinio do xefe falanxista, sobre todo, dos veciños de Estelo. Se nestas parroquias a memoria atribúe sen dúbida ese asasinato, en tanto que "xustiza final", ao Guardarríos, converténdoo nun ser idealizado a todos os niveis,

[1003] A súa viúva, Mercedes Rubio, vendeu en marzo de 1945 ese terreo ao Patrimonio Forestal do Estado. Nestes documentos de venda e establecemento de consorcio directo pode verse unha descrición pormenorizada da entidade e estado da finca que se apropiara Viador. AHPL. Delegación Provincial de Agricultura. San Breixo. PFE. Brigada de Lugo. Sec. Recursos patrimoniais e réxime especial. Plans, proxectos e propostas de traballos. Repoboacións. Sig. 11320-3

[1004] AGA. Presidencia. Informes da Secretaría Xeral do Movemento. Lugo. Informe do Xefe Provincial de Falanxe (9-4-1940). Informe da Xefatura Local de Abadín a Xefatura Provincial de Lugo (9-4-1940). Caixa 51/20533

moitos dos habitantes de parroquais cercanas a estas reelaboraron e socializaron outra representación simbólica. Recollemos testemuños da xente destas parroquias cercanas ás afectadas non idealizaron ao Guardarríos como o heroe porque se asumiu que fora a xente das aldeas afectadas, e non o guerrilleiro, quenes levaran a cabo este acto de xustiza e, aínda máis, actuaran como unha especie de "Fuenteovejuna" cando a represión polo asasinato comezou. O protagonismo nesta memoria lévano os veciños de Estelo, seguramente por ser o sitio elixido para o asasinato un lugar moi próximo ás primeiras casas desta parroquia.

En todo caso, como comentabamos, non se idealizou só o asasinato, senón o proceder da xente ante a represión. Esta, dado o nivel de infracción do *status quo* que supoñía a morte dunha autoridade de Falanxe nos anos corenta, e tendo en conta que existía constancia das retesías veciñais contra Viador, foi fonda. O Goberno militar impuxo 25.000 ptas de multa a cada unha das cinco parroquias limítrofes coa finca de Viador, é dicir, ás parroquias que tiñan o monte comunal na Fraga Vella. Sengundo consta, "a cuxos veciños se lles supón interesados colectivamente na morte do noso camarada". O documento segue dicindo "Dita multa, imposta de modo verbal e unida a ameaza de proceder á incautación de gando propiedade dos habitantes de aquela comarca, será moi eficaz para acadar que os non comprometidos declaren canto sepan en relación ao asunto"[1005]. Á multa e ás ameazas uníronse un grande número de detencións. A maior parte delas non quedaron documentadas xa que, segundo os veciños, tratábase de que a garda civil os levaba ao cuartel de Mondoñedo, onde os sometían a un interrogatorio no que a violencia física acotío estaba presente. Nalgúns casos, os menos, a detención acababa en ingreso en prisión. Foi o caso de tres persoas de Abadín, que acabaron en liberdade ou sendo xulgados en tribunais ordinarios por outros cargos.

As impresións optimistas das autoridades provinciais sobre que sería doado que algún veciño denunciara a outro pola comisión do asasinato de Viador, ante as sancións económicas, as multas e as detencións, non se cumpriron. O silencio da poboación destas parroquias e a negativa a inculpar a ninguén asegurando a súa total ignorancia dos feitos mantívose no tempo, mesmo ante o cumprimento dos castigos impostos polas autoridades. Estas, ante a seguridade de que foran un ou varios veciños do lugar, contando coa complicidade do resto da comunidade, os que organizaran e cometeran o asasinato, insistiu durante meses nos interrogatorios e nos controis da poboación,

> "constantemente actúan e traballan varios camaradas no descobremento dalgunha pista que aclare máis as circunstancias deste crime, pero como

[1005] AGA. Presidencia. Informes da Secretaría Xeral do Movemento. Lugo. Informe do Xefe Provincial (13-4-1940). Caixa 51/20533. No Arquivo Municipal de Mondoñedo quedou constancia documental da comunicación do Capitán Xeral da Rexión ao Xefe da Garda Civil e ao Alcalde de Mondoñedo (14-4-1940), e nela indícase que a multa se impón por considerar aos veciños das parroquias lindantes "cómplices ou encubridores do asasinato de José Viador...". A multa a cada parroquia debía ser pagada a prorrateo segundo as posibilidades económicas dos veciños e en plazo improrrogable de oito días. Finalmente estableceuse un sistema de prorrateo baseado no número de veciños de cada parroquia (Labrada 647 habitantes, Romaríz 419, Oiras 264, Figueiras 179, Estelo 121, Pereiro 461 e Tronceda 35). Por concellos Abadín debían pagar 62.676 ptas, Alfoz 42.627 e Mondoñedo 19.697. AMM. Correspondencia. Sig. 1369

> teñen que facelo con carácter particular e sen desatender a súa profesión, non é fácil que academos sacar en claro algo máis que o que obteña a xurisdición militar sobre todo se emprega medios e recursos de que dispón"[1006]

A necesidade de achar un culpable levou a que fora detido un falanxista, Ricardo Fernández Cabada, por atopar o xuíz militar "indicios racionais de ser autor de dito crime", pero como comenta oficiosamente o Xefe Provincial de Falanxe, pode que fora un dos probables inductores, pero os culpables son outras persoas que non consiguen poder acusar. A inexistencia de información fai concluír os informes sobre o asasinato de Viador coa inculpación de Luis Trigo,

> "suponse que o autor da morte sexa un fuxido chamado Luis Trigo Chao, de 54 anos, extremista perigosísimo que durante a República foi garda de ríos e montes, que ten fama de ser un excelente tirador, coñece a comarca e cometeu delitos dende o 18 de xullo de 1936... a este individuo será difícil cazalo como non se deba a unha casualidade e seguramente chegará a conquistar nesta rexión todo o nome dos bandidos lexionarios..."

Atinaba o Xefe Provincial de Falanxe nos seus vaticinios. Viador, grazas á materialización da proposta das altas instancias do Partido Único erexíuselle unha cruz de pedra no lugar do Pico da Lebre para perpetuar o seu recordo, pero os mitos que saíron do Pico da Lebre foron o de Guardarríos e o dos veciños de Estelo. A memoria foi o lugar para a resistencia[1007].

[1006] AGA. Presidencia. Informes da Secretaría Xeral do Movemento. Lugo. Informe do Xefe Provincial (7-6-1940). Caixa 51/20533

[1007] A cruz, aínda que caída, perdurou ata os días de hoxe, e nela pode lerse, ademais do nome do asasinado, o lema falanxista de ¡Presente! Esta comprobación, como a visita á finca de Viador, aos restos da súa casa e boa parte da memoria rescatada sobre este feito foi posible realizala grazas á xenerosidade da familia do Tato, en Estelo (Mondoñedo).

Conclusións

A memoria colectiva, análises pouco rigorosas, apriorismo e tópicos apuntan unha explicación que vai na dirección de asumir que as pautas que guiaron o comportamento dos galegos no rural nos anos corenta e cincuenta son o seguidismo, o activismo profranquista, a sumisión e a pasividade. Os estudos xeralistas apuntalan esta crenza e, en principio, con explicacións ben razoadas: o número de galegos no exército franquista é significativo; non fixo falla unha guerra nin actuacións bélicas destacadas para que Galicia quedara dentro do terreo dominado polos sublevados; a política agraria franquista tivo como unha das súas explicacións favorecer ás súas clases de servizos, véxase o campesiño propietario castelá e norteño, por tanto galego, e aos grandes propietarios do sur; en Galicia non houbo ata finais do franquismo movementos que poidan conceptuarse como "movementos sociais" de protesta; a forte influenza da igrexa no rural e que esta fora unha parte estrutural do franquismo evidencia que existían principios ben asentados na sociedade galega que coincidirían cos alentados e propostos dende o poder; e quizáis unha das máis reiteradas, a baixa politización existente no rural provocaría un substrato, de por si, propicio para o asentamento dunha ideoloxía e dun réxime como o franquismo sen provocar graves enfrontamentos nin tensión.

Neste traballo non tratamos de demostrar o contrario. A nosa pretensión non era contradicir senón comprobar, a partir das ferramentas coas que hoxe conta a Historia e cos aportes doutras Ciencias Sociais como a Antropoloxía e a Socioloxía, a veracidade de tal conclusión. Coñecer o comportamento da poboación rural galega durante os primeiros dous decenios de franquismo permite averigurar como respondeu ésta ás transformacións que ocorreron ao seu arredor, se as asimilaron, integrándoas na sua vida cotiá sen máis, se, polo contrario, se opuxeron e se amosaron reacios á súa penetración, ou ben, se as adaptaron ao seu devir cotiá a partir dunha certa "negociación" que supuxera a defensa dos seus múltiples intereses. A meta estaba en lograr que as argumentacións que deran resposta a estas preguntas baixaran ao terreo da investigación histórica e non quedaran noutros espazos de debate, pouco ou nada rigorosos, ou asentados pola mera inercia e a reiteración de postulados. Con este obxectivo empezamos este traballo e, igualmente, optamos pola metodoloxía que entendemos máis acertada.

Os piares teóricos desta investigación son basicamente dous e as súas potencialidades e debilidades son, á súa vez, a fortalezas e a fraquezas do noso traballo. Somos moi debedores da aplicación das teorías antropolóxicas de James C. Scott e da metodoloxía da Historia Cotiá Alemá. Estas son as pedras angulares sobre as que

se manteñen as nosas conclusións sobre os comportamentos dos galegos que viviron os primeiros dous decenios de franquismo na Galcia rural. As dúas permitíronnos achegarnos á historia da "xente común" e ao esvaradizo terreo das súas actitudes. Porque os suxeitos correntes son os protagonistas que buscabamos. Xente sin nome, xente sen cargos, xente que tiña permanecido fóra do interese das análises históricas porque non amosan fasquías que os sistúen baixo a luz dos focos da Historia política ou económica. Pero poboación que, ao noso entender, é chave no evoluír do proceso histórico a pouco que se amplíe o ángulo pechado de visión da Historia máis tradicional. A poboación "normal" que actuou dun xeito que puidera ter sido interpretado como "anodino" é extraordinaria como obxecto de estudo en todos os sentidos. Abre os lindes da Historia de maneira inestimable, en tanto que axuda a que ésta non se remita ao estudo dunha elite e dun, en termos numéricos, miserable tanto por cen da poboación. Posibilita o coñecemento de tendencias que foron definidoras de procesos e que nin comenzaron nin trazaron as minorias ou persoeiros escollidos. E permite topar unha maior riqueza de matices explicativos de feitos e acontecementos. E todo isto só a cambio dunha evidente dificultade de aprenhensión e análise.

é o gran hándicap das maiorías e dos seus comportamentos. As ferramentas para o seu coñecemento están menos evoluídas, contrastadas e establecidas, tanto polas debilidades das fontes que nos provén de información sobre elas como porque o interese que motivaron é máis novidoso. Pero xa hai traballo feito, e neste senso, tivemos a fortuna de poder inscribir a nosa investigación nun marco que ten probada a súa valía como referente. A resistencia, tanto como concepto como na súa aplicación nun tempo e un espazo concreto, ven sendo un ámbito de estudo renovado dende os anos oitenta, o que lle confire certa madurez aos resultados que sostiveron esa relectura.

Nós non entramos de cheo e de forma pormenorizada no debate sobre a natureza política do réxime, pero estamos posicionados na liña interpretativa que entende que o franquismo, cando menos nas primeiras dúas décadas da súa existencia, é un réxime fascista ou fascistizado, semellante, pode que máis en intención que en consecucións é verdade, a réximes como os impostos por Hitler en Alemaña, Salazar en Portugal e Musolini en Italia. E se non semellante sí comparable, de aí o empeño que amosamos por inscribir as realidades que iamos recoñecendo no rural galego coas estudadas nestas latitudes. E, de aí que no pareza totalmente válido e enriquecedor ter introducido un esquema analítico que, emanadado dende a Escola da Historia da Vida Cotiá alemá, deu xa froitos para coñecer os comportamentos da poboación a que lles tocou vivir estess réximes.

As grandes consecucións estiveron en renunciar aos simplismos a hora de entender "resistencia" como un concepto útil só para definir actitudes políticas contrarias ao poder que buscaban o seu derrocamento, e ampliar o seu rexistro, a comportamentos sociais que transmiten actitudes de disenso, falta de colaboración e protesta para con dito poder pero, sin pretender nin buscar a súa destrución. Este é, ao noso ver, o gran mérito do concepto de "resistencia cotiá" de Scott, que permite analizar o que queda debaixo deses comportamentos que, por "evidentemente" políticos, por organizados e por abertos, son os que constitúen os movementos sociais. Recoñecer a non presenza destes ten sido suficiente argumento para negar a existencia de conflito entre sociedade e poder/Estado sen reparar en formas que non se acomodasen ben ao modelo. Pero

a resistencia cotiá é unha forma de conflito social que se atopa debaixo dos grandes enfrontamentos directos e artellados "segundo as normas" dos movementos sociais. E reparar nela e nas formas que adoptou foi o que nos permitiu unha relectura sobre o noso obxecto de estudo.

Unha das grandes preocupacións foi a precisión conceptual. Insistimos en definir con tento palabras chave para non caer en conclusións erradas. A resistencia non é oposición, non é antifranquismo, pero iso non a desterra ao ámbito do "prepolítico". A resistencia non busca acabar co sistema político ao que se dirixe, a diferenza da oposición, nin se plantexa dende sólidas convicción políticas de liberdade ou democracia, como o antifranquismo. A resistencia pode converterse nun paso inicial para a concienciación do suxeito que a exercita pero non se trata dunha transformación mecánica. Igualmente, pode ser accionada por antifranquistas e opositores como unha ferramenta máis no seu labor de zapa.

A desactivación do societarismo agrario de preguerra resultou unha parada temática obrigada para reparar a posteriori nas actitudes da poboación rural galega cara ao franquismo. é ese episodio de represión, realizada dende todos os frontes (física, psicolóxica, administrativa, etc.) o que evidencia o grao e a intensidade da represión que a nivel xeral se viviu no rural e, é a partir da súa influencia e pegada, dende onde partiu a nosa comprensión das reaccións das comunidades fronte ao Estado nas décadas seguintes. Evidenciar o grao de politización acadado pola poboación rural española en xeral e galega en particular nas primeiras tres décadas do século XX a través dun amplo movemento asociativo que foi, se non unha "escola de democracia" (Garrido, 1996), si unha experiencia que supuxo a superación do illamento e a atomización do pequeno campesiñado propietario, é preciso para dar o seu valor xusto ao que supuxo o franquismo: a erradicación de cauces legais para artellar a conflitividade de maneira aberta e organizada e, con isto, a condena ao obstracismo a todas aquelas formas de protesta que tiñan esta natureza.

No noso traballo tratamos de ter presente en todo momento o alto custo que para unha sociedade que camiñaba paseniñamente cara ao seu propio artellamento como cidadanía tivo a implantación dun réxime baseado e definido pola violencia exercida sobre a parte de poboación, a parte real ou potencialmente opositora. Pero nin unha retórica oficial franquista fondamente ruralista, nin o traballo da Administración para moldear unha sociedade rural a partir do paternalismo, nin o medo inoculado puideron agochar a existencia de conflitividade no medio rural galego. Unha conflitividade que se manifesou mediante formas de protesta propias da tradición da loita campesiña, é dicir, tácticas constitutivas do seu patrón de cultura de resistencia, activadas neste período ditatorial en razón da ausencia de opcións racionais de resistencia política por vías formais e convencionais. Hai que subliñar, e así o tratamos de facer, que este substrato profundo de valores constituído a través de estruturas autónomas e plurisecculares de violencia e conflito, xunto ao papel do Estado, son os elementos definidores da conflitividade rural. Porque o Estado, ao ter o poder de sancionar, é o que debuxa os límites do tolerado e as formas nas que deben inscribirse os comportamentos para ser castigados.

Dende esta atalaia da relectura da conflitividade rural procedemos a reparar na resistencia civil. Esta amosouse pertinente sobre todo nun escenario como o agro galego

que non merecera demasiado interese pola ausencia de episodios de oposición política protagonizados por grupos merecentes da tradicional etiqueta de "Resistencia". O recurso a fontes como os informes das organizacións locais e provinciais de Falanxe sobre a situación social, a documentación do ámbito xudicial, os rexistros de multas do Goberno Civil, xunto á fonte oral, permitiron empezar a vislumbrar resultados que minan o tópico que igualaba ao campesiñado galego a suxeitos pasivos e ausentes. Subraiaron, pola contra, que ao longo das primeiras dúas décadas da ditadura franquista houbo desencontros e tensións entre a poboación e un Estado que trataba de controlar cada vez máis todas as actitudes e relacións desta. Esta dinámica aporta un corrector á visión estática dunha sociedade sumisa ás disposicións ditatoriais, á imaxe, en fin, dun réxime triunfante na súa intención de acadar un control total sobre a sociedade.

Que o agro galego nunca foi nunca o mundo apacible e harmonioso que a propaganda franquista facía crer queda aqui demostrado pola presentación dunha ampla casuística que implica que mentres que Franco proclamaba os beneficios da vida rural, as comunidades desenvolvían múltiples fórmulas de resistencia civil. O intento de catalogación destas prácticas realizado non é óbice para relatar que a resistencia pode ter moitas manifestacións e catalogalas e definilas non é un labor sinxelo. A expresión dun conflito é doado de percibir en moitos casos pero noutros permanece implícito ou non implica poder dar resposta as súas motivacións, xénese e intencionalidade. Como sinalamos, entendemos que as dúas décadas que nos serven de marco temporal, non poden entenderse como un bloque uniforme no que se refire á elección por parte da poboación dunha actitude fronte ao poder. Esta dependeu de varios referentes que mudaron no tempo. Debemos decatarnos que ata finais dos anos corenta resistencia cotiá e oposición, nomeadamente a oposición armada a través da acción da guerrilla, conviviron e que tanto para unha como para a outra, o desenlace da Segunda Guerra Mundial actou como liña divisoria. Todo cambiou aí tanto para o franquismo, que se asentou tras superar a debilidade, como para os opositores e os protagonistas da resistencia civil. Pero a diversidade da resistencia civil vai moito máis alá e non pode reducirse a un "antes" e "despois" do conflito bélico mundial.

A decisión de levar a cabo algún tipo de actitude que deixara traslucir disenso ou non seguidismo dos preceptos impostos polo sistema dependeu doutras variables, sobre todo do remprazo xeracional, que tivo lugar nos anos cincuenta, e do papel das autoridades locais. O primeiro ten que ver con que aqueles que non viviron a etapa de preguerra e "sufriron" a protección familiar consistente en gardar silencio sobre a politización e artellamento social de épocas pasadas e a dureza da represión, víronse privados da facultade de activar os marcos precisos o xurdimento dunha actitude contraria ao sistema político saído do golpe de Estado de xullo de 1936. O segundo dos aspectos é un dos máis interesantes e, seguramente, sería merecedor de futuras análises máis pormenorizadas. As autoridades no nivel máis próximo á sociedade xogaron un papel vital para entender tanto a existencia de resistencia civil como as formas que ésta toma. A súa condición de peza intermedia no puzle que conforman Estado e poboación deixaba que a súa actuación, dependendo do momento, se decantara por seguir ao primeiro como o que eran, unha prolongación do poder central, ou ben primaban os intereses das comunidades locais, que eran os seus propios na maior

parte dos casos. No relativo á resistencia civil as dúas posturas que comprobamos nas autoridades locais son a de duro e concienzudo ámbito de represión ou a de espazo de cobixo e apoio. A situación variaba tanto dependendo do motivo xerador da resistencia como da súa tipoloxía.

A tipoloxía presentada entendemos que ilustra que se barallaron tácticas de todo tipo, tanto activas e abertas como anónimas e encubertas, cun protagonismo tanto individual como colectivo e que estas variaron, evoluiron e combináronse no tempo dependendo das expectativas, medidas dende a racionalidade, que as comunidades lles atribuiran. Ademais, demostra que o conxunto de medidas implantadas polo franquismo e que ataxiron ao espazo rural (política forestal, intervencionismo económico, organización corporativa, etc.) tiveron unha resposta nada conformista e si conflitiva.

As formas de resistencia cotiá parecen irromper espontanteamente pero a súa análise pormenorizada permite recoñecer que na súa base existe certo grao de organización ou, se se prefire, coordenación. ás veces atópase un elemento que desencadea a protesta facéndolle tomar forma a ésta dun estalido mesmo casual e instintivo, pero na súa orixe imos atopar unha longa maduracion da resistencia, incluso cando non se prevía que forma asumiría. Outra das súas características é que foi desenvolta a nivel social-comunitario por conxuntos de agregados e grupos, dende os mellor situados ata os máis subalternos, polo que a "clase", entendida como identificación da poboación arredor da súa potencialidade económica, non é unha liña diferenciadora nin conformadora de colectivos. As lealdades que unen/separan son outras e están moito máis en liña coas representacións colectivas que con outras realidades. Outra das fasquías, en relación coa anterior, é que demostra a importancia dos vencellos e lazos que unen ao individuo na comunidade. A fortaleza da comunidade amosouse como unha constante alí onde se desenvolveu algún episodio de resistencia. Sen ela, sen o cobixo que proporcionaba aos individuos, xa fora de maneira activa (protagonismo/preparación colectiva) xa pasiva (gardar silencio, non denunciar, etc.), a resistencia civil vólvese moi dificultosa, mesmo imposible máis que a nivel implícito. Polo tanto, podemos concluír que a existencia e fortaleza da comunidade son prerrequisitos para que o descontento se convirta en acción. A relación entre comunidade e Estado non exclúe unha conflitividade que chega a ser moi intensa no interior da comunidade, ben ao contrario. As fendas intracomunitarias aprofundaron e ampliáronse a tenor da división social provocada e sancionada polo franquismo nas categorías de vencedores e vencidos. Pero comprobamos que á hora de activar unha forma de resistencia civil téndese a producir unha solidariedade corporativa na comunidade. E, finalmente, a resistencia civil do rural galego inscríbese dentro de valores de autoconservación, mellora da calidade de vida e salvaguarda da súa cosmovisión. Polo tanto, defendíase un modo de vida, un orde propio da e para a sociedade rural, cunha importante presenza da comunalidade tanto nas prácticas como no imaxinario colectivo. E esta defensa limita o control do réxime sobre a sociedade e prové de espazos entre o poder e a sociedade onde manter costumes e tradicións e formas de vida que aquel pode sancionar como ileais e/ou perigosas e, como tal, castigar.

Dentro do estudo das pegadas da resistencia civil demos especial relevancia a aquelas realidades que actuaban como referentes da actitude a tomar e á realización dunha tipoloxía válida de formas de resistencia, pero non esquecemos entrar no debate

sobre un dos comportamentos máis controvertidos, a pasividade. A pasividade no rural existe e non dubidamos en demostrar exemplos e casos nos que se constituíu na actitude preferente. Isto non implica que neste aspecto confirmemos sen máis o tópico. A pasividade ten tal grao de matices e variantes que pasa de poder verse como unha mostra de consentimento da poboación con certas medidas ou modos do poder a interpretarse como a evidencia dunha resistencia imposibilitadora ou coartadora dos plans estatais. Unha cousa eran os obxectivos marcados polas directrices políticas e outra foron as súas aplicacións prácticas, porque para materializarse tal e como eran dispostas dende o Estado e o Partido único, necesitaban da participación e do consentimento activo da gran maioría, e non sempre o conseguiu.

Polo tanto, apostamos por puntualizar a interpretación da pasividade como un trunfo do franquismo, aínda cando este réxime, e a diferenza dos fascismos clásicos non optara por mobilizar á poboación senón por lograr o seu acatamento pasivo. A pasividade é o confín da resistencia pero tamén do consentimento. Unha contradición? Sen dúbida, pero as paradoxas son a característica dos comportamentos rexistrados. Igual que os límites difusos de aí a dificultade de precisar quen eran os resistentes, asunto ao que tamén quixemos darlle entidade ao longo do traballo. Porque a diferenza dos heroes da oposición antifranquista, os actores da resistencia civil, como xa advertimos, non son definibles nin polo seu compromiso político co antifranquismo nin pola estabilidade da súa actitude cara ao sistema. A participación na resistencia civil é dependente dun conxunto de circunstancias e crenzas fundamentais, das capacidades relacionais dos individuos, das súas capacidades e das súas circunstancias.

Os resultados da nosa tese subliñan que o mantemento dun indiscutible autoritarismo baseado na capacidade represiva do Estado franquista é unha constante ao longo do período que explica en boa medida que a poboación ofrecera o seu consentimento, de aí que non falemos de "consenso". Pero, igualmente, concluímos que o réxime tivo unha "cara amable" que posibilitou que grupos sociais ofreceran o seu consentimento, e incluso formalizaran a súa adhesión, puntual ou non, sen que a explicación estea en reparar en aspectos de corte "negativo" (medo, control, fame, etc.). O franquismo soubo gañarse e favorecer a adaptación da poboación con aspectos "en positivo" como a creación de beneficiarios da súa xestión e facendo un uso eficaz da súa retórica. O papel da igrexa, dos servizos de propaganda, a pegada da ideoloxía ruralista e da política social do réxime congraturalaron a sectores da poboación rural galega que se convertiron en "adaptados", en consentidores.

A resistencia civil garda concomitancias con este consentimento. Se a resistencia civil engloba dende o descontento aos diferentes niveis de disenso e protesta, o consentimento, igualmente, supón unha serie de actitudes gradadas dende a indiferenza ata a adhesión. O obxectivo de coñecer e reprarar nas formas de resistencia cara ao franquismo levounos a un estudo do consentimento por entender que este non é a cara oposta daquelas, senón o espazo concordante e complementario. Os dous comportamentos teñen unhas liñas de separación febles e móbiles e, segundo nos concluímos, non poden separarse nin illarse. Funcionan como agregados, e non como antagónicos como se tiña entendido. Están presentes á vez no mesmo suxeito e a preeminencia dun ou doutro, segundo o momento ou a circunstancia, conforman a actitude a tomar. Así

o rexetimanento cara unhas certas medidas do franquismo conviven co consetemento que despertan outras.

é máis, ao longo do traballo insistimos en que esta relación resistencia civil-consentimento baséase xa nas súas fontes de orixe. é dicir, as mesmas disposicións emanadas do Estado franquista son as que en grupos, comunidades e suxeitos xeran resistencia e consentimento noutros. Aspectos como o medo e a precariedade económica, que están na base da conflitividade, son, a súa vez, o sustento no que se asenta o consentimento doutros agregados que non o sufrían tanto ou que directamente se beneficiaban da súa existencia. Na mesma liña, o labor da igrexa, foco de consentimento para uns en base ao seu control e a efectividade da súa doutrina, foi, á súa vez, un activo xerador de resistencias de todo tipo. Na nosa investigación queda reflicitido que as medidas que o Estado franquista impulsaba en pro do consentimento dunha parte da poboación sancionaban, á vez, a exclusión da outra parte da poboación que quedaba fóra de beneficios e prebendas e incluso do labor de convencemento. é máis, alén de sancionar a división social estas disposicións en prol do consentimento amosábanse como xeradoras de resistencia naqueles que se tentaba "conquistar" adheríndoos ás redes clientelares ou facéndolles evidente a "concesión", que non dereito, de formar parte do colectivo "afín".

Se tiveramos que definir, en conxunto, as actitudes da poboación rural galega cara ao Estado franquista nos primeiros dous decenios de existencia a partir do estudado sinalaríamos que estivo composto por un consentimento pasivo que convivíu cunha resistencia civil que foi tanto implícita como explícita, máis parcial que total e máis pasiva que activa. Unha resistencia civil que estivo presente a maneira de barreira imposibilitadora do anceio de control do franquismo e que perxudicou a aquel gravemente na medida en que demorou, mudou e trastocou boa parte das súas disposicións. Nesta investigación reparamos devagar en tres das formas que, malia as súas diferenzas, supoñen mostras evidentes de ruptura da "paz social" franquista e da súa publicitada "comunión" co mundo rural galego. A loita contra a política de repoboación forestal, o apoio á guerrilla e a resistencia simbólica. Estas tres fórmulas de resistencia preocuparon, inquedaron e molestaron ao franquismo. Certamente, non fixeron tremer o seu cada día máis estable asentamento no poder, pero tampouco non se trataba diso.


Non atopamos heroes pero non os buscabamos. A oposición foi a actitude heroica, a resistencia civil foi unha fórmula agochada as máis das veces en estratexias de supervivencia para o común da poboación. A resistencia civil é gris, como o era a poboación e o réxime dese momento. A imaxe que deste traballo sae non é a dun país contestario nin duns labregos irredentos. Pero os resultados demostran a falsidade do estereotipo da adhesión inquebrantable da poboación rural galega respecto ao franquismo e o seguidismo e apoio as súas medidas. Este tópico non se sostén. E non se mantén porque a investigación amosa a existencia e activación cotiá de múltiples formas de protesta contra as disposicións do Estado e os seus modos de actuación. Formas que non teñen nada de novidoso porque, como indicamos, existe unha forte continuidade coas empregadas en etapas históricas precedentes. Existe no agro galego unha tradición de conflitividade enmarcable no tempo longo que se actualiza ante o franquismo cando este, a través da lexislación establecida, buscou desmantelar formas

e cógidos de vida e convivencia das comunidades rurais. A novidade non ven dos modos, a fasquía que os revaloriza é o marco no que se activan. Ante un Estado cada vez máis opresor e fiscalizador da vida cotiá éstas protestaron poñendo en práctica formas que, primeiro, aliviaron as condicións de vida materiais e/ou morais de quenes as practicaron; segundo, a súa acumulación conseguiu erosionar e/ou reformular as disposicións contra as que se activaron; e terceiro, en moitos casos fortaleceron os lazos de solidariedade comunal.

"Xeralmente dase por sentada a idea, froito da observación lonxana da sociedade rural, de que as leis do Estado moderno impuxéronse con resistencias insufiencientes e historicamente irrelevantes, pero non sucedeu así, nos insterticios dos sistemas normativos estables ou en formación, grupos e persoas xogan unha estratexia propia e significativa, capaz de marcar a realidade política cunha pegada duradeira, non de impedir as formas de dominación senón de condicionalas e modificalas", acertaba a comentar Giovanni Levi no seu xenial estudo sobre a herdanza inmaterial. Nada explicaría mellor o papel que tiveron as fórmulas de resistencia civil rexistradas no rural galego dos anos corenta e cincuenta.

Documentación gráfica

Mapa de concellos de Galicia




Cartilla de racionamento e cupóns



Distribución de cartillas de racionamento



Aviso para o cobro das cotas da Hermandade Sindical de Labregos e Gandeiros (ACPP)



R-192

HERMANDAD SINDICAL DE LABRADORES Y GANADEROS

PONTEVEDRA


AVISO

Todos los labradores que no han hecho efectivas las derramas de la Hermandad y Policía Rural correspondientes al 1.º y 2.º trimestres del año actual, durante los períodos de cobranza de la contribución rústica, tienen un plazo hasta el día 1.º DE AGOSTO del corriente año, para pagar dichos recibos sin recargo alguno en las oficinas de la Hermandad (A. Mellado 3-1.º).

Los que no lo hagan antes de dicha fecha, les serán cobrados por VÍA EJECUTIVA con los consiguientes recargos.

IMP. LID. ELADIO PORTELA.- PONTEVEDRA

Aviso para o cobro das cotas da Hermandade Sindical de Labregos e Gandeiros (ACPP)



R-192

HERMANDAD SINDICAL DE LABRADORES Y GANADEROS

PONTEVEDRA

COBRANZA DERRAMAS-Período voluntario

Durante los días que se indican y en los ESTABLECIMIENTOS que se señalan, se procederá al cobro de las Derramas de la Hermandad y Servicio de Policía Rural, correspondientes al 3.º y 4.º trimestres del año actual de 10 a 1 de la mañana y de 3 a 7 de la tarde.

IMP. LIB. ELADIO PORTELA.- PONTEVEDRA

DIAS	PARROQUIAS	ESTABLECIMIENTOS DE	LUGARES
Lunes 19	Salcedo	Jesús Acuña Vidal (Valenciano)	Carballo do Pazo
Martes 20	Lourizán	Daniel Castro	Meán
Miércoles 21	Tomeza	Concepción Ríodríguez	San Pedro
Jueves 22	Marcón	Emiliano Rodríguez	Pazos
Viernes 23	Bora	Aurelio Alonso	Pío
Lunes 26	Mourente	Agustín de la Torre	Villaverde
Martes 27	Berducido	Benito Rivas Hermida	Berducido
Miércoles 28	Sta. M.ª de Geve	Jesús Sobral Solla	Gato Morto
Jueves 29	S. Andrés de Geve	Constante Pampín	San Andrés
Viernes 30	Lérez	Francisco Caamaño	Piedra Picada
Lunes 2	Cerponzones	Joaquín Porrelo	Tilve
Martes 3	Alba	José Barreiro	Empalme
Miércoles 4	Campañó	Casa Ventura	Cabaleiro

Los afiliados de las parroquias de San Bartolomé y Santa María (Capital) en las oficinas de la Hermandad (A. Mellado 3.-1.º) todos los días hábiles de 10 a 1 y de 4 a 7.

Este plazo voluntario finaliza el 1.º de Diciembre, pasándose los morosos al Agente Ejecutivo para su cobro por vía de apremio.

Señoritas de Auxilio Social facendo repartos



Coche de Auxilio Social



Comedor do Auxilio Social na cidade de Vigo



Reparto do aguinaldo



Rastrillo de roupa da Sección Femenina no nadal de 1945



Nenos do concello de Corcubión realizando o saúdo falanxista



Recollida de traballadores para a realización
das obras de construción do aeroporto de Peinador en Vigo



Realización de "estivadas"



N.º 117 *(arquivo Ebeling, nº 216)*
Xuntando a materia vexetal dunha roza para queimala.
Quintá- Becerreá.

Fontes

Fontes arquivísticas

- Archivo General de la Administración (AGA)
  - Fondo de Gobernación
    Memorias Anuais de Xestión do Goberno Civil de Lugo
    Memorias Anuais da Deputación Provincial de Lugo
  - Fondo de Presidencia
    Secretaría Xeral do Movemento. Secretaría Política
    Secretaría Xeral do Movemento. Vicesecretaría de Servizos
    Informes da Delegación Nacional de Sindicatos
  - Fondo de Agricultura
    SENPA. Expedientes
    CAT. Expedientes
  - Fondo de Xustiza
    Comisións Provinciais de Incautación de bens das provincias galegas
- Arquivo Histórico do Reino de Galicia (AHRG)
  - Fondo Goberno Civil
  - Fondo AISS
- Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL)
  - Fondo Goberno Civil
  - Fondo AISS
  - Fondo Audiencia Provincial
  - Fondo Delegación Provincial de Agricultura. San Breixo.
- Archivo Militar de San Fernando de Lugo (AMSF)
  - Causas Militares

  - Rexistro de Sumarios

- Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP)
  - Fondo: Movemento. Xunta Provincial.
  - Tribunal Rexional de Responsabilidades Políticas.
- Arquivo Histórico da Deputación Provincial de Pontevedra
  - Fondo da Hermandade Sindical de Labregos e Gandeiros de Mondaríz-Balneario
  - Fondo Servizos Forestais
- Arquivo da Cámara Provincial de Pontevedra (ACPP)
  - Gardería Rural e Tribunal Xurado
  - Hermandade Local de Pontevedra
  - Correspondencia
- Arquivo Municipal de Foz (AMF)
  - Libros de multas municipais
  - Correspondencia
- Arquivo Municipal de Ribadeo (AMR)
  - Correspondencia
  - Libros de multas gubernativas
  - Servizos agropecuarios
  - Seguridade cidadá
- Arquivo Municipal de Mondoñedo (AMM)
  - Expedientes de prófugos
  - Abastecementos e servizos económicos
  - Alcaldía
- Fondo documental da Hermandade Sindical de Labregos e Gandeiros de Castro de Rei
  - Libro de Actas
  - Libro de Afiliación
  - Correspondencia
  - Asuntos Económicos
- Fondo documental da Delegación Provincial de Medio Ambiente en Lugo. Sección de Montes
  - Consorcios Cancelados

Fonte oral

Arquivo de Historia Oral de Galicia (HISTORGA)

Entrevista Nº 64. Entrevistada M.A.A.C., (??), parroquia de Xesteira, concello Monforte (Lugo)

Entrevista Nº 97. Entrevistado B.M.O., (??), parroquia de Limiñón, concello Chantada (Lugo)

Entrevista Nº 152. Entrevistado V.S.G., (1905), parroquia de Meredo, concello de Vegadeo (Asturias)

Entrevista Nº 156. Entrevistado T.M.B., (1931), parroquia de San Miguel do Monte, concello de Chantada (Lugo)

Entrevista Nº 157. Entrevistado M.M.G., (1907), parroquia de San Miguel do Monte, concello de Chantada (Lugo)

Entrevista Nº 177. Entrevistado M.P.C., (1911), parroquia de Sambreixo, concello de Palas de Rei (Lugo)

Entrevista Nº 244. Entrevistado A.G.P., (??), parroquia de Sambreixo, concello de Palas de Rei (Lugo)

Entrevista Nº 266. Entrevistado J.L.B., (??), parroquia de S. Adriano de Lourenzá, concello de Lourenzá (Lugo)

Entrevista Nº 357. Entrevistada E.R.N., (1917), parroquia de Martín, concello de Baleira (Lugo)

Entrevista Nº 609. Entrevistado R., (1913), parroquia de Currelos, concello de O Saviñao (Lugo)

Entrevista Nº 765. Entrevistado L.D.I., (??), concello de Castro de Rei (Lugo)

Entrevista Nº 766. Entrevistado A M.S.C., (??), parroquia de Vilela, concello de Ribadeo (Lugo)

Entrevista Nº 767. Entrevistado F.S.S., (1923), parroquia de Vilela, concello de Ribadeo (Lugo)

Entrevista Nº 768. Entrevistado J.O.P., (??), parroquia de Cubelas, concello de Ribadeo (Lugo)

Entrevista Nº 769. Entrevistada M.S.M., (??), parroquia de Vilela, concello de Ribadeo (Lugo)

Entrevista Nº 790. Entrevistado A.R.R., (1914), parroquia de Portocarreira, concello de Paradela (Lugo)

Entrevista Nº 791. Entrevistada E.M.V., (1918), concello de Paradela (Lugo)

Entrevista Nº 792. Entrevistado L.R.C., (1914) parroquia de Escairón, concello de O Saviñao (Lugo)

Entrevista Nº 793. Entrevistado Anónimo, (??), concello de Paradela (Lugo)

Entrevista Nº 794. Entrevistado Anónimo, (??), parroquia de Portocarreira, concello de Monforte de Lemos (Lugo)

Entrevista Nº 1.014. Entrevistado P.R.P., (1931), parroquia de Seara, concello do Valadouro (Lugo)

Entrevista Nº 1.015. Entrevistado F.F.B., (1913), concello de Barreiros (Lugo)

Entrevista Nº 1.016. Entrevistado C.S.F. (1917), concello de Barreiros (Lugo)

Entrevista Nº 1.017. Entrevistado R.F.R., (1919), parroquia de Mañente, concello de Foz (Lugo)

Entrevista Nº 1.018. Entrevistada F.M.P. (??), da provincia de Madrid [Pasou a guerra e o principio da posguerra na parroquia de Vilaronte, concello de Foz (Lugo)]

Entrevistas realizadas no marco da materia Historia Agraria Contemporánea

J. Y. P., (1915), nado e veciño en Santa Eufemia, concello de Toques (A Coruña)

C. F. G., (1920), nada e veciña en Botos, concello de Lalín (Pontevedra)

M. M. U., (??), nada e veciña en Serres, concello de Muros (A Coruña)

C. A. P., (1919), nado en Saldanxe, concello de A Pastoriza (Lugo), veciño en Costamoura, concello de Cospeito (Lugo)

R. A., (1927), nada en Triabá, concello de Castro de Rei (Lugo), veciña en Xermar, concello de Cospeito (Lugo)

J. V. C., (1916), nada e veciña en Rigueira, concello de Pastoriza (Lugo)

J.-A. D. L., (1934), nado e veciño en Cubelas, concello de Ribadeo (Lugo)

J. G. G., (1933), nado en Fonteira, concello de O Corgo (Lugo), veciño en Pacios, concello de Baralla (Lugo)

B. M. F., (1934), nado e veciño en Lamas, concello de Friol (Lugo)

M. L.-Q. R., (1932), nado e veciño en Carballo, concello de Friol (Lugo)

L. L. V., (1923), nado e veciño en San Mamede de Nodar, concello de Friol (Lugo)

M. V. P., (1942), nada e veciña en Santiago de Castelo, concello de Lugo (Lugo)

R. C. F., (1934), nado e veciño en Santiago de Castelo, concello de Lugo (Lugo)

P. P. R., (1933), nada en Ombreiro, concello de Lugo (Lugo), veciña do concello de Sarria (Lugo)

J. V. L., (1932), nada e veciña en San Xulián de Bocamaos, concello de Lugo (Lugo)

I., (1918), nada e veciña do concello de Lugo (Lugo)

D. R. P., (1918), nado e veciño en Pacios, concello de Begonte (Lugo)

M. R., (1925), nado en Rellas, concello de Silleda (Pontevedra), veciño do concello de Bandeira (Pontevedra)

M. C., (1912), nado e veciño en Narla, concello de Friol (Lugo)

H. A. N., (1928), nada e veciña en Trasmonde, concello de Friol (Lugo)

M. L., (1928), nado e veciño en Pacios, concello de Begonte (Lugo)

J. R. G., (1926), nado e veciño en Santa María de Muxa, concello de Lugo (Lugo)

J. M. V., (1927), nado e veciño en Amariz, concello de Guitiriz (Lugo)

D.-C. V. T., (1917), nada e veciña no concello de Lugo (Lugo)

J. V. R., (1925), nado en San Félix de Paz, concello de Outeiro de Rei (Lugo), veciño en Santa María de Muxa, concello de Lugo (Lugo)

M.G.P., (1921), nada e veciña en Présaras, concello de Vilasantar (A Coruña)

B.G.L., (1927), nado e veciño en Seivane, concello de Friol (Lugo)

M.D.G., (1932), nada e veciña da parroquia de Friol, concello de Friol (Lugo)

A.M.N., (?), nado no concello de Negueira de Muñíz, veciño de Matodoso, concello de Castro de Rei (Lugo)

M.D.L., (1928), nado e veciño do concello de Lugo

A.G.L., (1917), nado e veciño de Santa María de Muxa, concello de Lugo (Lugo)

M.L.G., (??), nada e veciña de Seivane, concello de Abadín (Lugo)

C.F.C., (1929), nada e veciña de Rao, concello de Navia de Suarna (Lugo)

F.V.A., (1933), nada e veciña de Roás, concello de Cospeito (Lugo)

J.-M. L.A. (1926), nado e veciño de Goá, concello de Cospeito (Lugo)

Entrevistas propias

M.-E. I. I., (1945), nada en Reigosa, concello de A Pastoriza (Lugo), veciña en Pacios, concello de Castro de Rei (Lugo)

P. I. I., (1936), nada e veciña en Reigosa, concello de A Pastoriza (Lugo)

A. C. V., (1941), nado en Pacios, concello de Castro de Rei (Lugo), veciño en Muimenta, concello de Cospeito (Lugo)

A. C. V., (1943), nado e veciño en Pacios, concello de Castro de Rei (Lugo)

M.-C.F., (1916), nada en Quende, concello de Abadín (Lugo), veciña en Matodoso, concello de Castro de Rei (Lugo)

F.F.L., (1945), nada no concello de Meira (Lugo), veciña en Matadoso, concello de Castro de Rei (Lugo)

T., (??), nado e veciño en Estelo, concello de Mondoñedo (Lugo)

M.P.F., (1917), nado en Padrón, concello de A Fonsagrada (Lugo)

E.S.C., (1942), nada en Galgao, concello de Abadín, veciña de Xemil, concello de A Pastoriza (Lugo)

Entrevistas cedidas

A.M., (1917), nado e veciño no concello de Foz (Lugo). Entrevista cedida por Ramón Hermida

G.R.S, (1924), nado e veciño na parroquia de Foz, concello de Foz. Entrevista cedida por Xosé Ramón Veiga Alonso

Anónimo, (??), nado e veciño da cidade de A Coruña. Entrevista cedida por Antonio Míguez Macho e realizada dentro do Proxecto "As víctimas, os nomes, as voces e os lugares"

Bibliografía

ABELLA, R., (1985), *La vida cotidiana en España bajo el régimen de Franco*, Barcelona, Argos-Vergara

ABRAMS, D.; HOGG, M., (1988), *Social identifications. Social Psychology of intergroup relations*, Londres, Routledge

ABU-LUGHOD, L., (1990), "The Romance of Resistence: Tracing Transformations of Power through Bedouin Women", *American Ethnologist*, 17.1, pp. 41-55

ADAS, M. (1981), "From avoidance to confrontation: peasant protest in precolonial and colonial Southeast Asia", *Comparative Studies in Society and History*, 23, pp. 217-247

AGROFOXO, X., (2002), *Memorias do franquismo. A época do wolfram en Lousame. A corporación de Noia en Meirás*, Noia, Toxosoutos

AGUILAR, P., (1996), *Memoria y olvido de la Guerra Civil española*, Madrid, Alianza

AGUSTÍ, C., (2003), "La delincuencia de baja intensidad en el primer franquismo. Una aproximación desde el mundo rural", *V Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Albacete, CD Rom

AIZPURU, M., (1998), "El asociacionismo popular ¿reverso del modelo de organización social del franquismo? El caso de Barakaldo", en CASTILLO, S.; ORTIZ DE ORRUÑO, M.J., (coord.), *Estado, Protesta y Movimientos Sociales*, Bilbao, Asociación de Historia Social, Universidad del País Vasco, pp. 477-492

ALMODÓVAR, M.A., (2003), *El hambre en España. Una historia de la alimentación*, Madrid, Oberón

ALONSO DÁVILA, I., (1992), " La fuente oral instrumento privilegiado para el estudio de las redes sociales. El casco antiguo de Alicante en la posguerra española", en TRUJILLANO SANCHEZ, J.M., (ed.), *Jornadas "Historia y Fuentes Orales". Memoria y sociedad en la España contemporánea*, Ávila, UNED, pp. 181-200

ALONSO MONTERO, X., (2004), "Cancións políticas que eu aprendín no Ribeiro en 1938", *Revista A. C. FRAICELLUS*, 8, pp. 4-5

ALONSO RÍOS, A. (1979), *O siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*, Vigo, Ed. Castrelos

ÁLVAREZ BRINGAS, C.; COCIÑA IGLESIAS, C., (2000) "La función asistencial en el régimen franquista: la previsión social en la provincia de Lugo", VV.AA., *El franquismo: el régimen y la oposición. Actas de las IV Jornadas de Castilla La Mancha sobre investigación en archivos*, Guadalajara, Anabad Castilla La Mancha, pp. 399-416

ÁLVAREZ SOUSA, A. (1992), *Os incendios forestais. Análise sociolóxica do sector forestal galego*, Vigo, Xerais

ÁLVAREZ, F., (2002), "El tejido de la racionalidad acotada y expresiva", en WRIGLEY, M.B., (ed.), *Dialogue, Language, Rationality: a Festchrift for Marcelo Dascal*, Campinas, CLE /UNICAMP, pp. 11-29 (consultada versión dixital)

ALVES CALEIRAS, J.M., (1999), *Globalizaçao, nova ordem regulatória agrícola e mal-estar social: estudo dos conflictos rurais en Portugal entre 1986 e 1996*, Coimbra, Universidade de Coimbra

ANDERSON, L., (1990), "Alternative action in Costa Rica: peasants as positive participants", *Journal of Latin American Studies*, 22, pp. 89-113

ANDERSON, L., (2001), "¿Fascistas o revolucionarios? Política de izquierda y de derecha entre los campesinos pobres", *Política y Sociedad*, 38, pp. 129-151

ANDRIEU, C., (1997), "Les résistantes, prespectives de recherce", *Mouvement Social,* 180, pp. 69-94

ARCO BLANCO, M.A. del, (2004), *Las alas del Ave Fénix. La política agraria del primer franquismo [1936-1959]*, Granada, Comares Editorial

ARENDT, H., (1987), *Los orígenes del totalitarismo*, Madrid, Alianza

ARIEL DEL VAL, F., (1999), "Memoria contra poder: el desarrollo de la conciencia cívica bajo el franquismo", en *Tiempos de Silencio, Actas del IV Encuentro de Investigadores del Franquismo*, València, Universitat de València, pp. 294-302

ARNABAT, R., (2001), "Entre la pasividad y la movilización. Los campesinos del Penedés en los siglos XIX y XX", en CASTILLO, S.; FERNÁNDEZ, R. (coord.), *Campesinos, artesanos, trabajadores. Actas del IV Congreso de Historia Social de España*, Lleida, Milenio, pp. 199-212

ARÓSTEGUI, J., (1992), "La historiografía sobre la España de Franco. Promesas y debilidades", *Historia Contemporánea*, 7, pp. 77-99

ARÓSTEGUI, J., (2002), "La historia del presente, ¿una cuestión de método?, en NAVAJAS ZUBELDIA, C., (ed.), *Actas del IV Simposio de Historia Actual*, Logroño, Gobierno de La Rioja, Instituto de Estudios Riojanos, pp 41-75

ARÓSTEGUI, J.,(1994), "Violencia, sociedad y política: la definición de la violencia", *Ayer*, 13, pp. 17-55

ARRARÁS IRIBARREN, J., (1941), *Historia de la Cruzada Española: Galicia y Asturias*, Madrid, Ediciones Españolas

ARTIAGA REGO, A.; BALBOA LÓPEZ, X.L., (1992), "La individualización de la propiedad colectiva: aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia", *Agricultura y Sociedad*, 65, pp. 101-120

AYA, R., (1995), "La protesta como política: generalización y explicación en la sociología histórica", *Política y sociedad*, 18, pp. 107-113

BABIANO MORA, J., (1995), *Emigrantes, cronómetros y huelgas. Un estudio sobre el trabajo y los trabajadores durante el fraquismo (Madrid, 1951-1977)*, Madrid, Siglo XXI

BALBOA LÓPEZ, X. L., (1991), "Quintos e prófugos: os galegos e o servicio militar no século XIX", en CASTRO, X.; JUANA, J. de (ed.), *VI Xornadas de Historia de Galicia*, Ourense, Deputación Provincial, pp. 51-71

BALBOA LÓPEZ, X.L., (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais

BALBOA LÓPEZ, X.L., (1996), "A comunidade campesiña na Galicia Contemporánea: algunhas reflexións sobre a súa persistencia e a súa crise", en VVAA., *A guerra en Galicia; O rural e o urbano na historia de Galicia*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, pp. 431-449

BALBOA LÓPEZ, X.L., (1999), "El fuego en la historia de los montes gallegos: De las rozas al incendio forestal", en AREQUE JIMÉNEZ, E. (1999), *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Baeza, Universidad Internacional de Andalucía, pp. 255-277

BALBOA LÓPEZ, X.L., (2002), "Al margen de la ley: la defensa de los montes vecinales en Galicia (1848-1968)", en DE DIOS, S.; INFANTE, J.; ROBLEDO, R.; TORIJANO, E., (eds.), *Historia de la propiedad en España. Bienes comunales, pasado y presente*, Madrid, Centro de Estudios Registrales, pp. 451-492

BALDWIN, P., (1990), "Social Interpretation of Nazism: Renewing a Tradition", *Journal of Contemporary History*, 25, pp. 5-37

BAPTISTA, F. OLIVEIRA, (1993), *A política agrária do Estado Novo*, Porto, Ed. Afrontamento

BAPTISTA, F. OLIVEIRA, (1993), *Agricultura, espaço e sociedade rural*, Coimbra, Ed. Fora do Texto

BAPTISTA, F. OLIVEIRA, (2004), "Espanha e Portugal, um século de questâo agrária", en FREIRE, D., (et. ali.), *Mundo Rural. Transformaçao e Resistência na Península Ibérica (século XX)*, Lisboa, Ed. Colibrí, pp. 15-51

BARBAGALLO, F. et ali., (1990), *Franquisme. Sobre resistència i consens a Catalunya (1938-1959)*, Barcelona, Crítica

BARCIELA LÓPEZ, C. et ali., (2001), *La España de Franco (1939-1975): Economía*, Madrid, Síntesis

BARCIELA LÓPEZ, C., (1986), "El mercado negro de productos agrarios en la posguerra", en FONTANA, J. (ed.), *España bajo el franquismo*, Barcelona, Crítica, pp. 192-205

BARCIELA LÓPEZ, C., (1986), "Introducción. Los costes del franquismo en el sector agrario: la ruptura del proceso de transformaciones", en GARRABOU, R., et ali., (eds.), *Historia agraria de la España contemporánea. 3. El fin de la agricultura tradicional (1900-1960)*, Barcelona, Crítica, pp. 383-454

BARCIELA LÓPEZ, C., (1998), "Franquismo y corrupción económica", *Historia Social*, 30, pp. 83-96

BARCIELA, C. (ed.), (2003), *Autarquía y mercado negro. El fracaso económico del Primer Franquismo, 1939-1959*, Barcelona, Crítica

BARCIELA, C., (1990), " La colonización agraria en España, 1939-1951", en PÉREZ PICAZO, M.T. et. ali., (eds.), *Agua y modo de producción*, Barcelona, Crítica, pp. 98-120

BARRANQUERO TEXEIRA, E.; PRIETO BORREGO, L., (2003), *Así sobrevivimos al hambre: estrategias de supervivencia de las mujeres en la postguerra española*, Málaga, CEDMA

BASCUÑÁN AÑOVER, O., (2005), "Delincuencia y desorden social en la España agraria. La Mancha, 1900-1936", *Historia Social,* 51, pp. 111-138

BAYONA FERNÁNDEZ, G., (2001), "Activación de protestas y movilizaciones en la agricultura murciana en los años sesenta (siglo XX)", en CASTILLO, S.; FERNÁNDEZ, R. (coord.), *Campesinos, artesanos, trabajadores. Actas del IV Congreso de Historia Social de España*, Lleida, Milenio, pp. 261-271

BÉDARIDA, F., (1986), "L'histoire da Résistance, lectures d'hier, chantiers de demain", *Vingtiéme siécle. Revue d'Histoire*, 11, pp. 75-90

BÉDARIDA, F., (1992), "El tiempo presente, la memoria y el mito", en TRUJILLANO SANCHEZ, J.M., (ed.), *Jornadas "Historia y Fuentes Orales". Memoria y sociedad en la España contemporánea*, Ávila, UNED, pp. 17-25

BENIGNO, F., (2000), *Espejos de la Revolución. Conflicto e identidad política en la Europa Moderna*, Barcelona, Crítica

BENITO POZO, C., (1993), *La clase obrera asturiana durante el franquismo. Empleo, condiciones de trabajo y conflicto (1940-1975)*, Madrid, UNED

BENSAÏD, D., (2004), *Cambiar el mundo*, Madrid, Libros de la Catarata

BERIAIN, J., (1990), *Representaciones colectivas y proyecto de modernidad*, Barcelona, Anthropos

BERNAL, A.M., (1993), "Resignación de los campesinos andaluces: la resistencia pasiva durante el franquismo", en SÁNCHEZ, I.; ORTÍZ, M.; RUÍZ, D., (coord.), *España franquista. Causa general y actitudes sociales ante la dictadura*, Ediciones de la Universidad de Castilla la Mancha, pp. 145-159

BERNARDEZ SOBREIRA, A.; CABO VILLAVERDE, M., (1994), "Dous aspectos da política agraria do primeiro franquismo en Galicia. O Plan Agrícola de Galicia e a Estación de Fitopatoloxía Agrícola de A Coruña", *Historia Nova II*, Asociación Galega de Historiadores, Noia, pp. 187-207

BERNÁRDEZ SOBREIRA, A.; CABO VILLAVERDE, M., (1996), "Ciencia y dictadura: la investigación agronómica en Galicia durante el primer franquismo (1936-1950)", *Noticiario de Historia Agraria*, 12, pp. 119-139

BERNECKER, W.L., (2003), "El uso público de la historia en Alemania: los debates de fin del siglo XX", en CARRERAS ARES, J.J.; FORCADELL ÁLVAREZ, C. (eds.), *Usos públicos de la historia*, Zaragoza, Marcial Pons

BLASCO HERRANZ, I., (2003), *Paradojas de la ortodoxia. Política de masas y militancia católica femenina en España (1919-1939)*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza

BONFANTE et al., (1981), *Il movimento cooperativo in Italia. Storia e problemi*, Turín, Einaudi

BOREJSZA, J.W. (2002), *La escala del odio. Movimientos y sistemas autoritarios y fascistas en Europa, 1919-1945*, Madrid, Siglo Veintiuno

BOSWORTH, R. (1998), *The italian dictatorship: problems and perspectives in the interpretation of Mussolini and Fascism*, Londres, Arnoldi

BOTT, E., (1990), *Roles, normas y relaciones externas en las familias urbanas corrientes*, Madrid, Taurus

BOTT, E., (1995), "Reti coniugali e reti sociali", en PISELLI, F., (ed.), *Reti. L'analisi di network nelle scienze sociali*, Roma, Donzelli Editori, pp. 53-88

BOURDIEU, P., (1988), *Cosas dichas*, Barcelona, Gedisa

BOURDIEU, P., (1991), *El sentido práctico*, Madrid, Taurus

BOUSSARD, I., "Les paysans sous le régime de Vichy", CANAL, J. et ali. (dir.), *Sociétés rurales du XX siécle. France, Italie et Espagne*, Roma, École Française de Rome, pp. 247-255

BOX, Z., (2004), "Secularizando el Apocalipsis. Manufactura mítica y discurso nacional franquista: la narración de la victoria", *Historia y Política*, 12, pp. 133-160

BOX, Z., (2005), "Pasión, muerte y glorificación de José Antonio Primo de Rivera", *Historia del Presente*, 6, pp. 191-216

BRAUN, A., (1989), "Dissent and the State in Eastern Europe", en FRANKS, C.E.S., (ed.), *Dissent and the State*, Oxford, Oxford University Press, pp. 111-137

BRETÓN SOLO DE ZALDIVAR, V., (1993), "Algunos aspectos de la coyuntura agraria de Cataluña bajo el primer franquismo: intervencionismo y mecanismos de acumulación en los regadios leridanos durante los años cuarenta", *Agricultura y Sociedad*, 67, pp. 9-45

BROSZAT, M., (1991), "A Social and Historical Typology of the German Opposition to Hitler", en LARGE, C., (ed.), *Contending with Hitler. Varieties of German Resistance in the Thrid Reich*, Cambridge, German Historical Institute & Cambridge University Press, pp. 25-33

BROWNING, C. R., (1992), *Ordinary men: Reserve Police Battallion 101 and the Final Solution in Poland*, Nova Iorke, HarperCollins Publishers

BULLÓN DE MENDOZA, A.; DIEGO, A. de, (2000), *Historias orales de la guerra civil*, Barcelona, Ariel

BURKE, P., (1996), *Hablar y callar. Funciones sociales del lenguaje a través de la historia*, Barcelona, Biblioteca Nueva

BURKE, P., (2003), *Formas de hacer historia*, Madrid, Alianza

BURRILLO GIL, R., (2001), "Rebeldía campesina y represión estatal en la Zaragoza rural de la II República", en CASTILLO, S.; FERNÁNDEZ, R. (coord.), *Campesinos, artesanos, trabajadores. Actas del IV Congreso de Historia Social de España*, Lleida, Milenio, pp. 225-263

BURRIN, F. (2004), *Francia bajo la ocupación nazi. 1940-1944*, Barcelona, Paidós

CABANA IGLESIA, A. (2003), "La Galicia rural durante el primer franquismo. Resistencia o sumisión. Elementos para un debate", *V Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Albacete, Universidad de Castilla La Mancha, CD Rom

CABANA IGLESIA, A., (2004), "La derrota de lo épico el triunfo de lo cotidiano: la resistencia civil en el campo gallego durante los años 40. La memoria de las formas de protesta rural", *VII Congreso da Asociación de Historia Contemporánea "Memoria e Identidades"*, Santiago de Compostela-Ourense, CD Rom

CABANA IGLESIA, A.; CABO VILLAVERDE, M., (2005), "Cuando lo viejo muere y lo nuevo no acaba de nacer". El asociacionismo agrario en Galicia entre el Golpe de Estado y la creación de las Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos", *Congreso de Historia Agraria*, Aguilar de Campóo, CD Rom

CABANA IGLESIA, A.; LANERO TÁBOAS, D., (2002), "El franquismo en la historia agraria. Balance historiográfico", *X Congreso de Historia Agraria*, Sitges, CD Rom

CABANA IGLESIA, A.; SANTOS PÉREZ, A., (2004), "Everyday Resistance of the Spanish Peasantry to Francoism in the 40's. The Rural Galicia Case", *European Social Science History Conference* (ESSHC), Berlín

CABO VILLAVERDE, M., (1999), *A integración política do pequeno campesiñado: o caso galego no marco europeo, 1890-1939*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (Tese de Doutoramento inédita)

CABO VILLAVERDE, M., (2003), *Prensa agraria en Galicia*, Ourense, Duen de Bux

CALDAS, J. LEMOS DE CASTRO, (1988), *Política de Colonizaçâo Interna. A implantacâo das colónias agrícolas da Junta de Colonizaçâo Interna*, Lisboa (consultadas fotocopias no Centro de Etnoloxía Portuguesa)

CALVO VICENTE, C., (1995), "El concepto de consenso y su aplicación al estudio del régimen franquista", *Spagna Contemporanea*, 7, pp.141-159

CAMPILLO, A., (1995), *Adiós al progreso. Una meditación sobre la historia*, Barcelona, Anagrama

CAÑAS, D., et ali., (1992), *Tomelloso en la frontera del miedo: (historia de un pueblo rural, 1931-1951)*, Ciudad Real, Diputación de Ciudad Real

CARASA SOTO, P., (1997), "La revolución nacional-asistencial durante el primer franquismo (1936-1940)", *Historia Contemporánea*, 16, pp.89-140

CARBALLO, F., (1995), *A Igrexa galega*, Vigo, A Nosa Terra

CARDESÍN DÍAZ, J.M., (1987), *Políticia agraria y transformaciones en la agricultura gallega: la zona de colonización de Terra Chá (1954-1973)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (Tese de Licenciatura inédita)

CARDESÍN DÍAZ, J.M., (1997), "Miseria de la teoría de la modernización: una revisión de algunos sociólogos sobre el mundo rural contemporáneo", *Agricultura y Sociedad*, 84, pp. 141-164

CARRERAS ARES, JJ.; RUIZ CARNICER, M.A., (eds.) (1991), *La universidad española bajo el régimen de Franco (1939-1975)*, Zaragoza, Institución Fernándo el Católico

CASANOVA, J., (1991), *La historia social y los historiadores*, Barcelona, Crítica

CASANOVA, J., (2003), "El secano español revisado", en FONTANA, J., *Historia y proyecto social*, Barcelona, Crítica, pp. 239-261

CASANOVA, J., (coord.), (2002), *Morir, matar, sobrevivir. La violencia en la dictadura de Franco*, Barcelona, Crítica

CASANOVA, J.; CENARRO, A.; CIFUENTES, J.; MALUENDA, M.P.; SALOMÓN, M.P., (1992), *El pasado oculto. Fascismo y violencia en Aragón (1936-1939)*, Madrid, Siglo XXI

CASANOVA, J.M., (2001), *La Iglesia de Franco*, Madrid, Temas de Hoy

CASTILLO, J.J., (1979) *Propietarios muy pobres. Sobre la subordinación política del pequeño campesinado. La Confederación Nacional Católico-Agraria, 1917-1942*, Madrid, Servicio de Publicaiones Agrarias

CATALÁN, J., (1995), *La economía española y la Segunda Guerra Mundial*, Barcelona, Ariel

CAZORLA SÁNCHEZ, A., (2000), *Las políticas de la victoria. La consolidación del Nuevo Estado franquista (1938-1953)*, Madrid, Marcial Pons

CENARRO LAGUNAS, A. (2005), *La sonrisa de la Falange: auxilio social en la guerra civil y en la posguerra*, Barcelona, Crítica

CENARRO LAGUNAS, A., (1997), *Cruzados y camisas azules: los orígenes del franquismo en Aragón, 1936-1945*, Zaragoza, Publicaciones Universidad de Zaragoza

CENARRO LAGUNAS, A., (1998), "Muerte y subordinación en la España franquista: el imperio de la violencia como base del "Nuevo Estado", *Historia Social*, 30, pp. 5-22

CENARRO LAGUNAS, A., (2001), "Las múltiples formas de resistencia cotidiana al régimen de Franco en Aragón, 1936-1945", en FRÍAS CORREDOR, C.; RUÍZ CARNICER, M.A., (coords.), *Nuevas Tendencias historiográficas e historia local en España. Actas del II Congreso de Historia Local de Aragón*, pp. 350-358

CENARRO LAGUNAS, A., (2005), "Beneficencia y asistencia social en la España franquista: al Auxilio Social y las políticas del Régimen", en MIR CURCÓ, C., et ali. (ed.), *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Lleida, Universitat de Lleida, pp. 93-111

CERVERA GIL, J., (2005), *Ya sabes mi paradero. La guerra civil a través de las cartas de los que la vivieron*, Barcelona, Planeta

CHARTIER, R., (1988), *Cultural History. Between practices and representations*, Cambridge, Cambridge University Press;

CHIODO, M., (ed.), (1990), *Geografía e forme del dissenso sociale in Italia durante il fascismo (1928-1934)*, Cosenza, Pellegrini

CHRISTIANSEN, T., (1999), "Conflictos políticos y administración en el sector agrario durante el primer franquismo: el caso de Cuenca", *Noticiario de Historia Agraria*, 18, pp. 225-245

CLESSE, J.; ZAIDMAN, S., (1994), *La Résistance en Seine Saint-Denis, 1940-1944*, Paris, Syros

COBO ROMERO, F., (1998), *Conflicto rural y violencia política. El largo camino hacia la dictadura. Jaén, 1917-1950*, Jaén, Universidad de Jaén

COBO ROMERO, F., (2005), "Represión y persecución de minorías y disidentes en las dictaduras fascistas europeas del período de entreguerras. Los apoyos sociales y la colaboración de los ciudadanos comunes. La Alemania nazi y la España franquista", en MIR CURCÓ, C., et ali. (ed.), *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Lleida, Universitat de Lleida, pp. 13-49

COBO ROMERO, F.; CRUZ ARTACHO, R.; GONZÁLEZ DE MOLINA, M., (1992), "Privatización del monte y protesta campesina en Andalucía oriental (1836-1920)", *Agricultura y Sociedad*, 65, pp. 253-302

COBO ROMERO, F.; ORTEGA LÓPEZ, T.M., (2003), "Los poderes locales franquistas y la construcción de un nuevo consenso social. El caso de Andalucía Oriental", *V Encuentro de investigadores del franquismo*, Albacete, CD Rom

COBO ROMERO, F.; ORTEGA LÓPEZ, T.M., (2004), "Hambre, desempleo y emigración. Las consencuencias sociales de la política agraria autárquica en Andalucía Oriental, 1939-1975", *Hispania*, LXIV/3, 218, pp. 1079-1112

COBO ROMERO, F.; ORTEGA LÓPEZ, T.M., (2005), No sólo Franco. La heterogeneidad de los apoyos sociales al régimen franquista y la composición de los poderes locales. Andalucía, 1936-1948", *Historia Social*, 51, pp. 49-71

COHEN, J.L.; ARATO, A., (1995), *Civil Society and Political Theory*, Cambridge, MIT Press

COLBURN, F. D., (ed.), (1989), *Everyday forms of peasant resistence*, Londres, M. E. Sharpe

COLLARTE PÉREZ, A., (2002), *As Hermandades Sindicais no rural ourensán. Economía e sociedade baixo o franquismo (1944-1978)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (TID inédito)

COLLARTE PÉREZ, A., (2004), "Sindicalismo agrario vertical, lexitimación política e control social no franquismo a través do caso de Ourense", *Actas del Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, Santiago de Compostela-Ourense, CD Rom

COLLARTE PÉREZ, A., (2006), "La desposesión de espacios comunales en el franquismo. Poderes locales y resistencias campesinas en la Galicia agraria. Ourense, 1950-1978", *III Simposio Latinoamericano e Caribeño de Historia Medioambiental*, Carmona

COLLOTI, E., (1996), "Cinc formes de feixisme europeu: Áustria, Alemaya, Itália, Espanya i Portugal", *Afers*, 25, pp. 25, pp. 520-522

COLLOTI, E., (1996), "Cinc formes de feixisme europeu: Áustria, Alemaya, Itália, Espanya i Portugal", *Afers*, 25, pp. 25, pp. 520-522

CONNERTON, P., (1989), *How societies remember*, Cambridge, University Press

CORNER, P.R., (1974), *Il fascismo a Ferrara*, Roma, Laterza

CORNER, P.R., (2002), "Italian Fascism: Wathever happened to Dictatorship?", *The Journal of Modern History*, 72, pp. 325-351

CORTINA, A., (1998), *Ciudadanos del Mundo: Hacia UnaTeoría de la Ciudadanía*, Madrid, Alianza Editorial

COSTA CLAVELL, X., (1977), *Las dos caras de la Galicia bajo el franquismo*, Madrid, Ed. Cambio 16

COURTOIS, S. et ali., (1989), *El libro negro del comunismo*, Madrid, Espasa Calpe

CREW, D., (1994), (ed.), *Nazism and german society, 1933-1945*, Londres, Routledge

CRUZ ARTACHO, S., (2000), "De campesino a ladrón y delincuente en Andalucía (XIX-XX). Otra mirada a la esfera de los comportamientos sociales del campesinado", en GONZÁLEZ DE MOLINA, A. (ed.), *La historia de Andalucía A Debate. I. Campesinos y Jornaleros*, Barcelona, Anthropos, Diputación Provincial de Granada, 2000, pp. 159-178

CRUZ, R., (1998), "El mitin y el motín. La acción colectiva y los movimientos sociales en la España del siglo XX", *Historia Social*, 31, pp. 137-152

CUESTA, D.; ZAVALA, A., (1996), *En la montaña de León*, Oyarzun-Guipúzcoa, Biblioteca de Narrativa Popular 13, Ed. Sendoa

CUESTA, J. (ed.), (1998), *Memoria e Historia, Ayer*, 32

CUESTA, J., (2002), "La destrucción de la memoria de la Segunda República (1936-1944), en *Histoire et mémoire de la seconde République espagnole*, París, Univ. París X

DE TORO MUÑOZ, F. M., (1996), "Historia social de la resistencia alemana al nazismo", *Historia Social*, 26, pp. 129-140

DELLA PORTA, D., (1995), *Corruzione e democrazia: sette paesi a confronto*, Napoles, Liguori

DELLA PORTA, D., (1998), *Policing protest: the control of mass demonstrations in Western democracies*, Minneapolis, University of Minnesota Press

DÍAZ FERNÁNDEZ, X., (1991), *Desde la diáspora*, Sada, Ed. do Castro

DOMÉNECH SAMPERE, X., (2002), "El problema de la conflictividad bajo el franquismo: saliendo del paradigma", *Historia Social*, 42, pp. 123-143

DOMINGO, A., (2002), *El canto del búho. La vida en el monte de los guerrilleros antifranquistas*, Madrid, Oberón.

DOMÍNGUEZ ALMANSA, A., (1997), *A formación da sociedade civil na Galicia rural: asociación agrario e poder local en Teo (1890-1940)*, Santiago de Compostela, Grafinova

DOMÍNGUEZ CASTRO, L., (1999),"Sindicalismo vertical y coorporativismo. Los orígenes del cooperativismo vitícola en Ribeiro (1952-1967)", en *Tiempos de Silencio. Actas IV Encuentros de investigadores del Franquismo*, Valencia, Universitat de Valencia, pp. 226-332

DOMÍNGUEZ MARTÍN, R., (1996), *El campesino adaptativo. Campesinos y mercado en el norte de España, 1750-1880*, Santander, Universidad de Cantabria

DOMÍNGUEZ MARTÍN, R., (1998), "De l'aldea perduda a l'aldea recuperada: el mite de la decadència de la comunitat pagesa a Cantàbria (1750-1950), *Recerques*, 36, pp. 53-80

DOUZOU, L. (1999), "La Résistance et le monde rural: entre histoire et mémoire", *Ruralia*, 4, pp. 101-122

DURÁN MUÑOZ, R., (2000), *Contención y transgresión. Las movilizaciones sociales y el Estado en las transiciones española y portuguesa*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales

EDELMAN, M., (1999), *Peasant agaisnt globalization. Rural social movements in Costa Rica*, Stanford, Stanford University Press

EDWARDS, P.K.; SCULLION, H., (1987), *La organización social del conflicto laboral: control y resistencia en la fábrica*, Madrid, Ministerio de Trabajo

EIROA SANFRANCISCO, M., (2006), "Represión, restricción, manipulación: estrategias para la ordenación de la sociedad y del Estado", *Hispania Nova, Revista de Historia Contemporánea*, 6

(consulta versión dixital: http://hispanianova.rediris.es)

ELÍAS, N., (1994), *Conocimiento y poder*, Madrid, La Piqueta

ELLWOOD, S., (1984), *Historia de Falange Española,* Barcelona, Crítica

ESPIDO BELLO, C., (1997), "Aspectos do comercio contemporáneo entre España e Portugal", *IDEGA-Historia*, Universidade de Santiago de Compostela

FAINSOD, M., (1979), *How The Soviet Union Is Governed,* Nueva York, EDITORIAL

FANTASÍA, R.; HIRSCH, E., (1995), "Culture in Rebellion: The Appropiaton and Transformation of the Veil in the Algerian Revolution", en JOHSTON, H.; KLANDERMANS, B. (ed.), *Social Movements and Culture*, Minneapolis, Univ. Mimnesota Press

FARIA, C., (2000), *As lutas estudiantís contra a Dictadura Militar: 1926-1932*, Lisboa, Colibrí

FARINHA, L., (1998), *O reviralho: revoltas republicanas contra a dictadura e o Estado Novo: 1926-1940*, Lisboa, Estampa

FARQUHARSON, J.E., (1986), "The Agrarian Policy of National Socialist Germany", en MOELLER, R. G. (ed.), *Peasants and lords in Modern Germany: recent studies in agricultural history*, Boston, Allen and Unwin Ed.

FEGAN, B., (1986), "Tenants. Non-violent resistence to landower claims in a Central Luzon Village", *Journal of Peasant Studies*, 13, 2, pp. 87-106

FELICE, R. DE, (1974), *Mussolini il duce. Gli anni del consenso 1929-1936*, Turín, Einaudi

FELICE, R. DE, (1996), *Rojo y negro*, Barcelona, Planeta

FENTRESS, J.; WICKHAM, (2003), *Memoria Socia*l, Madrid, Frónesis, Cátedra, Universistat de València

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F., (1991), *O río do tempo. Unha historia vivida*, Sada, Ed. do Castro

FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, A., (1995), "Los grupos de poder local en Galicia, 1750-1850", *Noticiario de Historia Agraria*, 9, pp. 129-153

FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, A., (2000), "As estratexias antifiscais nas sociedades campesiñas tradicionais: Galicia, 1700-1840", en FERNÁNDEZ PRIETO, L. (dir.), *Terra e progreso:historia agraria da Galicia contemporánea*, Vigo, Xerais, pp. 103-127

FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1996), "Cidades de labregos, hortas de obreiros. Campo, cidade e historia agraria da Galicia contemporánea", en VVAA., *A guerra en Galicia; O rural e o urbano na historia de Galicia*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, pp. 413-430

FERNÁNDEZ PRIETO, L., (1993), "Represión franquista y desarticulación social en Galicia. La destrucción de la organización societaria campesina. 1936-1942", *Historia Social*, 15, pp. 49-65

FERNÁNDEZ PRIETO, L., (2000), "Represión franquista e desarticulación social en Galicia: a destrucción da organización societaria campesiña, 1936-1942",en FERNÁNDEZ PRIETO, L. (dir.), *Terra e progreso:historia agraria da Galicia contemporánea*, Vigo, Xerais, pp. 193-213

FERNÁNDEZ SANTANDER, C., (2000), *El Alzamiento de 1936 en Galicia*, Sada, Ed. do Castro

FERNÁNDEZ VALDEHORRAS, C., (2006), "Epílogo: da magna tradición aldeá á Galiza "cidade-xardín" de Europa", en RODRÍGUEZ TRONCOSO, M., (2004), *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume*, Vigo, Ir Indo, pp. 415-440

FERNÁNDEZ VARGAS, V, (1981), *La resistencia interior en la España de Franco*, Madrid, Itsmo

FERNÁNDEZ VARGAS, V., (2002), *Memorias no vividas. Madrid qué bien resiste*, Madrid, Alianza Ed.

FERNÁNDEZ, C.; SABUCEDO, X.M., (2004), *Do descontento á acción. A construción social da protesta campesiña en Galiza*, Vigo, Xerais

FERNÁNDEZ, O., (1997), "Los avatares de la noción de sociedad civil", *Boletín Electoral Latinoamericano*, nº XVII, pp. 79-96 (versión dixital)

FERREIRA, F. E. RODRIGUES, (1996), "Os barranquenhos e a memória da Guerra Civil. "Os fugitivos eram entregues aos soldados do Franco, que os matavam...", *Història*, 20, pp. 40-51

FINK, CH., (2001), *Silence. Burma under military rule*, Londres, Zed Book

FOLCHI, M., (2001), "Conflictos de contenido ambiental y ecologismo de los pobres: no siempre probres, ni siempre ecologistas", *Ecología Política*, 22, pp. 79-100

FOLGUERA, P., (1995), "La construcción de lo cotidiano durante los primeros años del franquismo", *Ayer*, 19, pp. 165-187

FONSECA, I.; FREIRE, D.; GODINHO, P., *Resistencia e conflicto no contexto rural portugués (1926-1974)*, Relatorio final de investigación, Facultade de Ciencias Sociais e Humanas, Universidade Nova de Lisboa, Lisboa, (en prensa)

FONSECA, I.; FREIRE, D.; GODINHO, P., *Resistencia e conflicto no contexto rural portugués (1926-1974)*, Relatorio final de investigación, Facultade de Ciencias Sociais e Humanas, Universidade Nova de Lisboa, Lisboa, (en prensa)

FONSECA, I., (1997), *O dia em que deixaram de "comer de boca fechada". Memórias de um conflito social-fomras de resistência em meio rural*, Dissertaçâo de Mestrado, Lisboa, FCSH/UNL (inédito)

FONSECA, I., (2004), " A Bem da Naçâo! Moderniçâo e resistência em medio rural durante o Estado Novo", en FREIRE, D., (et. ali.), *Mundo Rural. Transformaçao e Resistência na Península Ibérica (século XX)*, Lisboa, Ed. Colibrí, pp. 71-85

FONSECA, I.; FREIRE, D.; GODINHO, P., (1997), "O dilema do Estado Novo: a criaçâo duma verdadeira política rural, ou o aumento da GNR de forma a poder substituí-la", *Arquivos da Memória*, 3, pp. 35-52

FONT I AGULLÓ, J., (1999), "Aspiramos a transformar totalmente la vida en España". Actitudes de la población ante la implantación del Nuevo Estado: la política como religión y la religión como política", *Tiempos de Silencio. Actas del IV Encuentro de Investigadores del Franquismo*, València, Universitat de València, pp. 333-340

FONT I AGULLÓ, J., (2004), "Nosotros no nos cuidábamos de la política". Fuentes orales y actitudes políticas en el franquismo. El ejemplo de una zona rural, 1939-1959", *Historia Social*, 49, pp. 49-66

FONT I AGULLÓ, J.,(2001), *¡Arriba el campo!. Primer franquisme i actituds polítiques en l'àmbit rural nord-català*, Girona, Deputació de Girona

FONTANA, J., (1997), "Los campesinos en la historia: relfexiones sobre un concepto y unos prejuicios", *Historia Social*, 28, 1997, pp. 3-11

FORCADELL, C. et ali., (ed.), (2004), *Usos de la Historia y políticos de la memoria*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza

FOUCAULT, M., (1978), *Microfísica del poder*, Madrid, La Piqueta

FOUCAULT, M., (1994), *Vigilar y castigar. El nacimiento de la prisión*, México, Siglo XXI

FOX, J., (2004), "Review Article: Resistence and the Third Reich", *Journal of Contemporary History*, vol. 39, n^o 2, pp. 271-283

FOX, R. G.; STARN, O. (ed.), (1997), *Between resistence and revolution. Cultural politcs and social protest*, Nova Iersei, Rutgers University Press

FRANKS, C.E.S., (ed.), (1989), *Dissent and the State*, Oxford, Oxford University Press

FRAZIER, L.J., (1999), "Subverted memories": Countermourning as Political Action in Chile", en BAL, M. et ali., (eds.), *Acts of Memory. Cultural Recall in the present*, Londres, University Press of New England, pp. 105-119

FREIRE, D., (2000), "A difícil "paz social". Contestaçâo à Federaçâo de Vinicultores do Centro e Sul de Portugal (1933-1937), *XX Congresso da Associaçâo Portuguesa de Història Económica e Social*, Porto

FREIRE, D., (2004), "Os baldíos da discórdia: as comunidades locais e o Estado", en FREIRE, D., (et. ali.), *Mundo Rural. Transformaçao e Resistência na Península Ibérica (século XX)*, Lisboa, Ed. Colibrí, pp. 191-224

FREIRE, D.; FONSECA, I.; GODINHO, P. (1999), "Formas de luta nos campos durante o Estado Novo", *Coloquio 25*25 de Abril de 1974*, Odivelas/Loures

FRÍAS CORREDOR, C., (2000), "Conflictividad, protesta y formas de resistencia en el mundo rural. Huesca, 1880-1914", *Historia Social*, 37, pp. 97-118

FRITZCHE, P., (1998), *Germans into nazis*, Cambridge, Harvard University Press

FULBROKK, M., (1993), "Popular discontent and political activism in the GDR", *Contemporary European History,* 2, 3, pp. 265-282

FUSI, J.P., (2000), "La reaparición de la conflictividad en la Espña de los sesenta", FONTANA, J., (ed.), España bajo el franquismo, Barcelona, Crítica Biblioteca de Bolsillo, pp. 160-169

GALANTE, P; SILIANOFF, E., (2002), *Operation Valkyrie: the German General's Plot agaisnt Hitler*, Nova Iorke, First Cooper Square Press

GÁRATA CASTRO, L.A., (1998), *Los sitios de la identidad. El Bajo Miño desde la antropología simbólica*, A Coruña, Universidad de A Coruña

GARCÍA ENCABO, C. et ali., (1996), *Cartas muertas. La vida rural en la posguerra*, Soria, Ámbito

GARCÍA ENCABO, C.; JUBERÍAS HERNÁNDEZ, R.; MANRIQUE ROMERO, A., (1996), *Cartas Muertas. La vida rural en la posguerra*, Soria, Ámbito

GARCÍA NÚÑEZ, P., (2005), *Estudio das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común dos concellos de Maceda, Vilar de Barrio e Laza (Ourense)*, Traballo de Investigación inédito, E.P.S.

GARCÍA PIÑEIRO, R. (2002), "Boina, bonete y tricornio. Instrumentos de control campesino en la Asturias franquista (1937-1977)", *Historia del Presente*, 3, pp. 45-64

GARCÍA PIÑEIRO, R., (1990), *Los Mineros asturianos bajo el franquismo: 1937-1962*, Madrid, Fundación 1º de Mayo

GARCÍA PIÑEIRO, R., (2001), "Protestas populares de baja intensidad en la Asturias de la posguerra", *Espacio, Tiempo y Forma*. Serie V, 14, pp. 351-380

GARCÍA REIGOSA, C., (1993), "Maquis na raio galaico-portuguesa", *A Trabe de Ouro*, 16, pp.611-623

GARCÍA REIGOSA, C., (2004), *O regreso dos maquis*, Vigo, Xerais

GARCÍA REIGOSA, C.,(1989), *Fuxidos con sona*, Vigo, Xerais

GARCÍA YAÑEZ, F., (2005), *O Barco e a Terra de Valdeorras durante a II República e o Franquismo (1931-1977)*, Vigo, A Nosa Terra

GARCÍA, J., (2004), *La resistencia silenciosa. Fascismo y cultura en España*, Barcelona, Anagrama

GARMENDIA, J.M.; GONZÁLEZ PORTILLA, M., (1993), "Crecimiento económico y actitudes políticas de la burguesía vasca en la posguerra", SÁNCHEZ, I. et ali., (ed.), *España franquista. Causa General y actitudes sociales ante la dictadura*, Ciudad Real, Universidad de Castilla La Mancha, pp. 179-195

GARRABOU, R. et al, (ed.), *Franquisme. Sobre resistència i consens a Catalunya (1938-1959)*, Barcelona, Crítica

GARRIDO, S., (1996), *Treballar en comú: el cooperativisme agraria a Espanya (1900-1936),* València, Alfons el Magnànim

GASTÓN AGUAS, J.M., (2003), "Los campesinos navarros ante la revolución burguesa, 1841-1868", *Historia Social,* pp. 25-47

GEHR (Grupo de Estudios de Historia Rural), (1994), "Más allá de la "propiedad perfecta". El proceso de privatización de los monte públicos españoles (1859-1926)", *Noticiario de Historia Agraria*, 8, pp. 99-152

GELLATELY, R., (2002), *No sólo Hitler. La Alemania nazi entre la coacción y el consenso*, Barcelona, Paidós

GELLATELY, R., (2004), *La Gestapo y la sociedad alemana. La política racial nazi (1933-1945)*, Barcelona, Paidós

GEROLYMATOS, A., (1992), *Guerrilla warfare and espionage in Greece 1940-44*, Nova Iorke, PELLA

GIL ANDRÉS, C., (2005), *Lejos del frente. La guerra civil en la Rioja Alta*, Barcelona, Crítica

GIMÉNEZ, G., (1990), "La polémica europea sobre la comunidad aldeana", *Agricultura y sociedad*, 55, pp. 10-55

GLUCKMAN, M., (1954), *Rituals of Rebellion in South-East Africa*, Manchester, Manchester University Press.

GODINHO, P., (1995), "O contrabando como estratégia integrada nas aldeias da raia transmontana", *A Trabe de Ouro*, 22, Tomo II, Ano VI, pp. 209-222

GODINHO, P., (1996), "Memória social e Património", *A Trabe de Ouro*, 27, Tomo III, Ano VII, pp. 431-441

GODINHO, P., (2001), *Mémorias da Resistência Rural no Sul. Couço (1958-1962)*, Oeiras, Celta

GODINHO, P., (2004), "Movimentos sociais rurais: questões de teoria e métodos", en FREIRE, D., (et. ali.), *Mundo Rural. Transformaçao e Resistência na Península Ibérica (século XX)*, Lisboa, Ed. Colibrí, pp. 89-105

GOLDHAGEN, D., (1997), *Los verdugos voluntarios de Hitler: los alemanes corrientes y el holocausto*, Madrid, Taurus

GÓMEZ ALÉN, J., (1995), *As Comisións Obreiras de Galicia e a conflitividade laboral durante o franquismo*, Vigo, Xerais

GÓMEZ DE BENITO, C., *Políticos, burócratas y expertos. Un estudio de la política agraria y la sociología rural en España (1936-1959)*, Madrid, Siglo XXI

GÓMEZ HERRÁEZ, J. M., (1993), *Instituciones, perspectivas, economías y problemas sociales durante el franquismo: Albacete, entre el silencio y el éxodo rural (1936-1962)*, Albacete, Diputación de Albacete

GÓMEZ HERRÁEZ, J., M., (1992), "Autarquía económica y descontento social en los pueblos de Albacete (1939-1959)", en *I Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, pp. 130-133

GÓMEZ RODA, J.A., (2002), "Percepciones de las instituciones y actitudes políticas de la sociedad en la posguerra", *Pasado y Memoria*, 1, pp. 59-80

GONDAR PORTASANY, M., (1987), *A Morte*, Santiago, Museo do Pobo Galego

GONDAR PORTASANY, M., (1989), *Romeiros do alén. Antropoloxía da morte en Galicia*, Vigo, Xerais

GONZÁLEZ CALLEJA, E., (1994), "Qué es y qué no es violencia en política. Consideraciones teóricas en torno al conflicto social violento", en VVAA., *Violència política i ruptura social a Espanya, 1936-1945*, Lleida, Ed. Universitat de Lleida, pp. 54-60

GONZÁLEZ CALLEJA, E., (1999), "Violencia política y represión en la España franquista", en MORENO FONSERET, R.; SEVILLANO CALERO, F., (eds.), *El Franquismo. Visiones y balances*, Alicante, Universidad de Alicante, pp. 119-150

GONZÁLEZ DE MOLINA, A., (2000), "Introducción", en GONZÁLEZ DE MOLINA, M., (ed.), *La historia de Andalucía a debate. I. Campesinos y Jornaleros*, Barcelona, Anthropos, pp. 7-39

GONZÁLEZ DE MOLINA, M., (1993), "La funcionalidad de los poderes locales en una economía orgánica", *Noticiario de Historia Agraria*, 6, pp. 9-24

GONZÁLEZ DE MOLINA, M., (1993), *Historia y medio ambiente*, Madrid, Eudema

GONZÁLEZ DE MOLINA, M., (1996), "Los mitos de la modernidad y la protesta campesina. A propósito de "Rebeldes primitivos" de Eric J. Hobsbawm", *Historia Socia*l, 25, pp. 113-158

GONZÁLEZ DE MOLINA, M.; MARTÍNEZ ALIER, J., (ed.), (1993), *Historia y Ecología, Ayer*, 11

GONZÁLEZ DE MOLINA, M.; MARTÍNEZ ALIER, J., (ed.), (2001), *Naturaleza transformada: estudios de historia ambiental en España*, Barcelona, Icaria

GONZÁLEZ DE MOLINA, M.; ORTEGA SANTOS, A., (2000), "Bienes comunes y conflictos por los recursos de las sociedades rurales, s. XIX y XX", *Historia Social*, 38, pp. 95-116

GÓNZALEZ DURO, E., (2003), *El miedo en la posguerra. Franco y la España derrotada: la política del exterminio*, Madrid, Oberón

GONZÁLEZ LEIRÓS, X., (2001), "Expansión de la miseria y auxilios de Falange. Pontevedra, 1939-1945", *Espacio, Tiempo y Forma*. Serie V, 14, pp. 381-418

GONZÁLEZ MILLÁN, X., (2000), *Resistencia cultural e diferencia histórica. A experiencia da subalternidade*, Santiago de Compostela, Soutelo Blanco

GONZÁLEZ PORTILLA, M.; GARMENDIA, J.M., (1988), *La posguerra en el País Vasco. Política, acumulación y miseria*, San Sebastián, Kriselu

GRACE, E.; LEYS, C., (1989), "The concept of subversion and its implications", FRANKS, C.E.S. (ed.), *Dissent and the State*, Toronto, Oxford University Press, pp.62-85

GRAHAM, H., (1995), "Popular Culture in the "Years of Hunger", en GRAHAM, H.; LABANYI, J., (ed.), Spanish cultural studies. An introduction, Oxford, Oxford University Press, pp. 237-244

GRAMSCI, A., (1971), *La política y el Estado moderno*, Barcelona, Península

GRANDE, A., (1999), "Prensa e comunicación dos maquis na provincia de Lugo", en ALVÁREZ, R.; VILAVEDRA, D., (ed.), *Cinguidos por unha avela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2 vol., vol 1, pp. 1237-1241

GRANDÍO SEOANE, E., (1993), "El primer personal político del franquismo en la provincia de La Coruña. Cambio y continuidad de las élites políticas municipales durante la guerra civil en la retaguardia nacional, 1936-1975", en TUSELL, J. et ali, (ed.), *El régimen de Franco (1936-1975)*, Tomo I, Madrid, UNED, pp. 79-82

GRANDÍO SEOANE, E., (2000), *Años de Guerra. A Coruña, 1936-1939*, Vía Láctea Editorial

GRANDÍO SEOANE, E., (2001), *Vixianza e represión na Galicia da Guerra Civil. O "Informe Brandariz" (A Coruña, 1937)*, Sada, Ed. do Castro

GRUPO DE ESTUDIO DE LA PROPIEDAD COMUNAL, (2004), "La devolución de la propiedad vecinal en Galicia (1960-1985). Modos de uso y conflicto de propiedad", *Historia Agraria*, 33, pp. 107-130

GRUPO DE ESTUDIO DE LA PROPIEDAD COMUNAL, (2004), "La devolución de la propiedad vecinal en Galicia (1960-19859. Modos de uso y conflicto de propiedad", *Historia Agraria*, 33, pp. 105-130

GRUPO DE ESTUDIOS AGRARIOS, (2003), "Modos de uso y protesta social en los montes andaluces, 1750-1930. Algunos estudios de caso", en SEBASTIÁN AMARILLA, J.A.; URIARTE AYO, R., (ed.), *Historia y economía del bosque en la Europa del Sur (siglos XIX-XX)*, Zaragoza, Monografías de Historia Rural. Seminario de Historia Agraria. Prensas Universitarias de Zaragoza, pp. 161-194

GRUPO DE ESTUDOS DA PROPIEDADE COMUNAL-IDEGA, (2006), *Os montes veciñais en man común: o patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural,* Vigo, Xerais

GUHA, R., (2002), *Las voces de la historia y otros estudios subalternos*, Barcelona, Crítica

GUHA, R.; GADGIL, M., (1993), "Los hábitats en la Historia de la Humanidad", *Ayer*, 11, pp. 49-110

GUITIÁN RIVERA, L., (2001), "La destrucción histórica del bosque en Galicia", *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 13, pp. 105-166

GUTIÁN RIVERA, L., (1999), "Los incendios forestales a través de la historia. Pervivencias y cambios en el uso del fuego en el noroeste peninsular", en AREQUE JIMÉNEZ, E., (ed.), *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Baeza, Universidad Internacional de Andalucía, pp. 149-162

GUTIÉRREZ DEL CASTILLO, C., (1983), "Una estimación del mercado negro del aceite de oliva en la posguerra española", *Agricultura y Sociedad*, 29, pp. 153-173

GUTMANN, M., (1993), "Rituals of Resistence: a critique of the theory of Everyday Forms of Resistence", *Latin American Perspectives*, vol. 20, 2, pp. 74-92

GUZMÁN CASADO, I. et ali, (coord.), (2000), *Introducción a la agroecología como desarrollo rural sostenible*, Madrid, Mundi-Prensa

HABERMAS, J, (1981), "New Social Movements", *Telos*, 49, pp. 33-47

HABERMAS, J., (1989), *El discurso filosófico de la modernidad*, Madrid, Taurus

HALBWACHS, M., (1968), *La mémoire collective*, Paris, Presses Universitaires de France

HANCHARD, M., (2004), "Weapons of the Weak and Quotidin Politics", *Africa and the african diaspora Workshop*, University of Madison (consultada versión dixital)

HARDIN, G., (1968), "The tragedy of the Commons", *Science*, 162, pp. 1243-1248

HARGREAVES HEAP. S., (1989), *Rationality in Economics*, Oxford, Blackwell

HAWES, G., (1990), "Theories of peasant revolution: a critique and contribution from the Philippines", *World Politics,* vol. 42, nº 2, pp. 261-198

HEILBRONNER, O, (1998), "Catholic Resistence during the Third Reich?", *Contemporary European History*, nº 7, 3, pp 409-414

HEINE, H., (1980), *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Xerais

HERMIDA, R., (1998), "Da República á guerra", en VVAA., *Foz, un povo con memória própia, II Xornadas de Historia Loca*l, Foz, A Pomba do Arco, pp. 45-74

HERNGREN, P., (1993), *Path of Resistence. The practice of Civil Disobedience.* Philadelphia, New Society Publishes

HERRERA GONZÁLEZ DE MOLINA, A.; ORTEGA SANTOS, A.; SOTO FERNÁNDEZ, D., (2006), "La conflictividad campesina como conflictividad ambiental. Una tipología para el estudio de los conflictos ambientales campesinos (siglos XVIII-XX)", *III Simposio de Historia Ambiental Latinoamericano y Caribeño*, Carmona

HERVÉS SAYAR, H., et ali., (1997), "Resistencia e organización, a conflictividade rural en Galicia desde a crise do Antiguo Réxime ao franquismo", *Noticiario de Historia Agraria,* 13, pp. 165-191

HOBSBAWM, E., (1974), *Rebeldes primitivos. Estudio sobre las formas arcaicas de los movimientos sociales en los siglos XIX y XX*, Barcelona, Ariel

HOBSBAWM, E., (1976), *Bandidos*, Barcelona, Ariel

HOBSBAWM, E., (1976), *Los campesinos y la política*, Barcelona, Anagrama

HOBSBAWM, E., (1999), *Gente poco corriente. Resistencia, rebelión y paz*, Barcelona, Crítica

HOFMMAN, P., (1977), *The History of the German Resistence: 1933-1945*, Cambridge, Cambridge University Press

HOUSDEN, M., (1997), *Resistence and conformity in the Third Reich*, Londres, Routlege

HURTADO DÍAZ, A., (ed.), (2004), *Memorias del pueblo. La guerra civil española contada por testigos de ambos bandos: Anna Pibernat, Francesca Sallés, Josep Torras*, Madrid, La esfera de los libros

IBAÑEZ, J., (1994), *Por una sociología de la vida cotidiana*, Madrid, Siglo XXI

IGARTUA, J.; PAEZ, D., (1997), "Art and remembering traumatic collective events: the case of Spanish Civil War", en PENNEBAKER, J.W. et ali., (ed.), *Collective Memory of Political Events*, Nova Iersei, LEA

IRIARTE GOÑI, I.; LANA BERASAIN, J.M., (2002), "El campo navarro durante el primer franquismo: una incursión estadística", *V Congreso de Historia Agraria*, Sitges, CD Rom

ITURRA, R., (1993), "El método experimental en la antropología económica", en SEVILLA GUZMÁN, E.; GONZÁLEZ DE MOLINA, M. (eds.), *Ecología, campesinado e historia*, Madrid, La Piqueta, pp. 131-152

IZQUIERDO MARTÍN, J., (2000), *El rostro de la comunidad. La identidad del campesino en la Castilla del Antiguo Régimen*, Madrid, Consejo Económico y Social

JARDÓN PEDRAS, X.; MARTÍNEZ RISCO, L.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (1997), "Resistencia ó Estado e Adaptación ó mercado. Unha caracterización dos Movementos Sociais na Galicia rural contemporánea: 1808-1997", *Arquivos da Memória*, 3, pp. 15-33

JARDÓN PEDRAS, X. et ali, (1997), "¡Eu tamén son vella e recordo!. A fonte oral na recuperación etnohistórica do pasado: algúns problemas metodolóxicos dunha experiencia compartida", *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada.* Tomo I, Santiago de Compostela, CSIC, pp. 605-630

JENKINS, J.C., (1982), "Why do peasant rebels? Structural and historical theories of modern peasant rebellions", *American Journal of Sociology*, vol. 88, nº 3, pp. 487-514

JULIÁ, S., (1999), *Víctimas de la guerra civil*, Madrid, Temas de Hoy

JULIÁ, S., (2000), *Violencia política en la España del siglo XX*, Madrid, Taurus

KEDWARD, H.R., (1993), *In search of the Maquis: Rural Resistance in Southern France, 1942-1944*, Oxford, Clarendon Press

KERSHAW, I, (1983), *Popular opinion and political dissent in the Third Reich. Bavaria 1933-1945*, Oxford, Clarendon Press

KERSHAW, I., (2003), *El mito de Hitler: imagen y realidad del Tercer Reich*, Barcelona, Paidós

KINDKAID, A.D., (1987), "Peasants into Rebles: Comunity and Class in rural El Salvador", en LEVINE, D.H., (ed.), *Society for Comparative Study of Society and History*, Arbor, University of Michigan Press, pp. 466-494

KIRK, T., (1999), "Nazi Austria: the limits of dissent", en KIRK, T., McELLIGOTT, A. (ed.), (1999), *Opposing Fascism. Community, Authorithy and Resistence in Europe*, Cambridge, Cambridge University Press, pp. 133-149

KIRK, T.; McELLIGOTT, A. (ed.) (1999), *Opposing Fascism. Community, Authority and Resistence in Europe*, Cambridge, Cambridge University Press

KLANDERMANS, B. et ali., (2000), "Injusticial and adversarial frames in a supranational political context: Farmer's protest in the Netherlands and Spain", en DELLA PORTA, D. et ali., (ed.), *Social Movements in a Globalizing World*, Basingstoke, MacMillan Press

KLANDERMANS, B., (1997), *The Social Psychology of protest*, Oxford, Blackwell Publishers

KLEMPERER, K. von, (1991), "The solitary witness: no mere footnote to Resistance Studies", en LARGE, C., (ed.), *Contending with Hitler. Varieties of German Resistance in the Thrid Reich,* Cambridge, Cambridge University Press, pp. 129-140

KLEMPERER, K. von, (1992), *German Resistance agaisnt Hitler: the search for Allies Abroad, 1938-1945*, Oxford, Oxford University Press

KOEHN, B., (2005), *La resistencia alemana contra Hitler, 1933-1945*, Madrid, Alianza Editorial

KOONZ, C, (1992), "Ethical dilemmas and Nazi Eugenics: single-issue dissent in religius contexts", *Journal of Modern History*, 64, pp. 8-31

KOONZ, C., (1991), "Choice and courage", LARGE, D. C., (ed.), Contending with Hitler. Varieties of German Resistence in the Third Reich, Cambridge, Cambridge University Press, pp. 49-63

KORNETIS, K., (2003), "¿Un 68 periférico? Reflexiones sobre un análisis comparativo de la resistencia estudiantil en los regímenes autoritarios de la Grecia de los Coroneles y la España tardofranquista", *Studia Histórica. Historia Contemporánea*, 21, pp. 83-112

KOSHAR, R., (1986), *Social life, local politics and nazism: Maburg, 1880-1935*, Londres, Chapell Hill

KOTKIN, S. (1995), *Magnetic Mountain. Stalinism as a Civilization*, Berkeley, University of California Press

KRIESI, H., (et al.), (1992), "New Social movements and political opportunities in Western Europe", *European Journal of Political Research*, 22, pp. 219-244

KWIET, (1991), "Resistence and Opposition: the exemple of the German Jews", en LARGE, C., (ed.), *Contendig with Hitler. Varieties of German Resistance in the Thrid Reich,* Cambridge, Cambridge University Press, pp. 65-74

LABOIRE, P., (1990), *L'opinion française sous Vichy*, Paris, Seuil

LAFUENTE, I., (1999), *Tiempos de hambre*, Madrid, Temas de Hoy

LAFUENTE, I., (2002), *Esclavos por la patria: la explotación de los presos bajo el franquismo*, Madrid, Temas de Hoy

LANERO TÁBOAS, D., (2004) "Conflitos institucionais na Galicia de posguerra", *Pontevedra, Revista de Estudios provinciais*, 20, pp. 87-111.

LANERO TÁBOAS, D., (2005), *Sindicalismo agrario franquista en la provincia de Pontevedra (1936-1975)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (Tese de Doutoramento inédita)

LANERO TÁBOAS, D., (2006), *A represión franquista no concello de Arzúa*, (en prensa)

LANERO TÁBOAS, D., (2001), *Las Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos en el campo pontevedrés: una aproximación a su proceso de implantación y primeros años de funcionamiento (1939-1959)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (TID inédito)

LANERO TÁBOAS, M., (1996), *Una milicia de la justicia. La política judicial de la justicia (1936-45)*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales

LANGTHALER, E., (2006), "Constructing the peasantry: material, social and simbolic relations in an Austrian Rural Community, c. 1940", *Sixth European Social Science History Conference, Rural Network*, Amsterdam

LARCHER GRAÇA, L., (1999), *Propiedade e agricultura: evoluçâo do modelo dominante de sindicalismo agrário em Portugal*, Lisboa, Consello Económico e Social

LARGE, C., (1991), "Introducción", en LARGE, C., (ed.), *Contending with Hitler. Varieties of German Resistance in the Thrid Reich*, Cambridge, German Historical Institute& C. University Press, pp. 1-7

LAZO, A., (1998), *Retrato de fascismo rural en Sevilla*, Sevilla, Universidad de Sevilla

LEDESMA, J.L., (2001), "El campo en llamas: campesinos, "terror rojo" y revolución en la sociedad rural aragonesa durante la Guerra Civil", en CASTILLO, S.; FERNÁNDEZ, R., (coord.), *Campesinos, artesanos, trabajadores. Actas del IV Congreso de Historia Social de España*, Lleida, Milenio, pp. 249-255

LEDESMA, J.L., (2004), "El lastre de un pasado incautado: uso político, memoria e historiografía de la represión republicana", FORCADELL, C., et ali., (ed.), *Usos de la Historia y políticas de la memoria*, Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, pp. 33-53

LEGNANI, M, (1994), "Resistencia y República. Un debate ininterrumpido", *Ayer*, 16, pp. 15-49

LEVI, P., (2001), *Los hundidos y los salvados*, Barcelona, Muchnik

LICHBACH, M., (1994), "What makes rational peasants revolutionary? Dilemma, paradox, and irony in peasant collective action", *World Politics*, 46, pp. 383-418

LÓPEZ ANDIÓN, J.M., (1980), *Estructura y morfología agraria en La Terra Chá*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela

LÓPEZ FERNÁNEZ, L., (1999), "La población de Ourense ante el suministro oficial de alimentos durante el año 1942", en MARTÍNEZ RISCO, L.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., *Autarquía e contrabando na sociedade de posguerra*, Ourense, Curso de Verán da Fundación Vicente Risco

LÓPEZ GALLEGOS, M. S., (2004), "El control del ocio en Italia y España: de la Opera Nazionale Dopolavoro a la Obra Sindical de Educación y Descanso", *Investigaciones Históricas*, 24, pp. 215-236

LÜDTKE, A., (1992), "The Appeal of Exterminating "Others". German workers and the limits of resistence", *Journal of Modern History*, 64, pp. 46-67

LÜDTKE, A., (1994), *Histoire du quotidien*, París, Maison des Sciences de l'Homme

LÜDTKE, A., (1995), "De los héroes de la resistencia a los coautores. " Alltagsgeschichte " en Alemania", *Ayer*, 19, pp. 49-69

LUEBBERT, G.M., (1997), *Liberalismo, fascismo o socialdemocracia. Clases sociales y orígenes políticos de los regímenes de la Europa de entreguerras*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza

LUMBRERAS, F.; ZAVALA, A., (1998), *Cuando los ciegos guían*, Oyarzun-Guipúzcoa, Biblioteca de Narrativa Popular 14, Ed. Sendoa

LUNA, D. de; REVELLI, M., (1995), *Fascismo-antifascismo. Le idee, le identitá*, Florencia, La Nuova Italia

MÁIZ VÁQUEZ, B., (1988), *Galicia na Segunda República e baixo o Franquismo: 1930-1976*, Vigo, Xerais

MÁIZ VÁQUEZ, B., (2004), *Resistencia, guerrilla e represión: causas e consellos de guerra Ferrol, 1934-1955*, Vigo, A Nosa Terra

MÁIZ VÁZQUEZ, B., (1987), "A Resistencia armada ao franquismo", *Nosa Terra. A Nosa Historia*, 2, pp. 4-7

MAJUELO GIL, E., (2001), "El cooperativismo católico agrario durante el franquismo", en LÓPEZ VILLAVERDE, A.; ORTIZ HERAS, M. (coord.), *Entre surcos y arados. El asociacionismo agrario en la España del siglo XX*, Cuenca, Universidad de Castilla La Mancha, pp. 137-169

MARCOT, F., (1997), "Pour une sociologie de la Résistance: intentionnalité et fonctionnalité", *Le Mouvement Social*, 180, pp. 21-41

MARIÑO FERREIRO, X.R., (2000), *Antropoloxía de Galicia*, Vigo, Xerais

MARTÍ GÓMEZ, J., (1995), *La España del Estraperlo (1936-1952)*, Barcelona, Planeta

MARTÍNEZ ALIER, J., (2005), *El ecologismo de los pobres. Conflictos ambientales y lenguajes de valoración*, Barcelona, Icaria

MARTÍNEZ BANDE, J.M., (1990), *La lucha por la victoria*, Madrid, Ed. S. Martín

MARTÍNEZ LOPEZ, A., (2000), "La ganadería gallega durante el primer franquismo: crónica de un tiempo perdido, 1936-1960", *Historia Agraria*, 20, pp. 197-224

MARTÍNEZ RISCO, L.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (1999), *Autarquía e contrabando na sociedade de posguerra,* Ourense, Curso de verán da Fundación Vicente Risco

MATEOS, A. (2003), *La Contrarrevolución franquista: una aproximación microhistórica a la represión contra UGT y el nacionalsindicalismo desde la Cantabria rural, 1937-1955*, Segovia, Asociación Historiadores del Presente

MATEOS, A., (1998), "Violencia política, nacional-sindicalismo y contrarreforma agraria. Cantabria, 1937-1941", *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie V, T. 11, pp. 159-189

MAZOWER, M., (1993), *Inside Hitler's Greece: the experience of Occupation, 1941-1944*, Londres EDIT.

MAZOWER, M., (ed.), (2000), *After the war was over. Reconstructing the family, nation and State in Greece, 1943-1960*, Nova Iersei, Princenton University Press

McADAM, J. et ali., (1996), *Comparative Perspectives on Social Movements: political opportunities, mobilizing structures and cultural framings*, Cambridge, Cambridge University Press

MEES, L., (1996), "La "catástrofe alemana". El fin del régimen nacionalsocialista 50 años después", *Historia Contemporánea*, 13-14, pp. 465-484

MEES, L., (1997). "¿Vino viejo en odres nuevos? Continuidades y discontinuidades en la historia de los movimientos sociales", *Historia Contemporánea*, 16, pp. 219-253

MERSON, A., (1985), *Communist resistance in Nazi Germany*, Londres, Lawrence and Wishart

MÍGUEZ MACHO, A., (2005), "Movemento obreiro e nacionalismo na Segunda República en Galicia: o caso da Compostela de Ánxel Casal", *Xornadas Ánxel Casal. Unha vida por Galicia,* Santiago de Compostela

MIR CURCÓ, C. et ali, (1997), *Repressió econòmica i franquisme: l'actuació del Tribunal de Responsabilitats Polítiques a la provincia de Lleida*, Barcelona, Biblioeca Abat Oliva, Publicacions de l'Abadia de Montserrat

MIR CURCÓ, C. et ali. (ed.), (2005), *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Lleida, Edicions de la Universitat de Lleida

MIR CURCÓ, C., (2000), *Vivir es sobrevivir. Justicia, orden y manipulación en la Cataluña rural de la posguerra*, Lleida, Milenio

MIR CURCÓ, C., (2001), "El estudio de la represión franquista: una cuestión sin agotar", *Ayer*, 43, pp. 11-35

MIRET I MESTRE, J., (2004), "Las rozas en la Península Ibérica. Apuntes de la tecnología agraria tradicional", *Histoira Agraria*, 34, pp. 165-193

MOLINA VÁZQUEZ, X.X., (1999), "Incidencia da política de repoboación forestal na provincia de Lugo durante o franquismo", en PEREIRA, D. et ali, (ed.), *O monte comunal na Galicia contemporánea. Unha historia de resistencia*, A Estrada, A Fouce, pp. 107-120

MOLINERO, C., (2003), "La política social del régimen franquista. Una asignatura pendiente de la historiografía", *Ayer*, 50, pp. 319-331

MOLINERO, C., (2005), *La captación de las masas. Política social y propaganda en el régimen franquista*, Barcelona, Crítica

MOLINERO, C.; YSÁS, P., (1992), *El règim franquista. Feixisme, modernització i consens*, Vic, Eumo

MOLINERO, C.; YSÁS, P., (1998), "La historia social de la época franquista. Una aproximación", *Historia Social*, 30, pp. 133-154

MOLINERO, C.; YSÁS, P., (1998), *Productores disciplinados y minorías subversivas. Clase obrera y conflictividad laboral en la España franquista,* Madrid, Siglo XXI

MONCLÚS, F. J.; OYON, J. L., (1988) *Historia y evolución de la colonización agraria en España. Vol I. Políticas y técnicas en la ordenacion del espacio rural,* Madrid, MAPA

Monográfico da revista *Política y Sociedad* sobre "Análisis de Redes Sociales (2000), nº 33

MONSMA, K., (2000), "James C. Scott e resistência cotidiana no campo: uma avaliaçao crítica", *Revista Brasileira de Informaçâo Bibliográfica em Ciências Sociais,* 49 (edición dixital)

MONTERO, F., (2005), "Asistencia social, catolicismo y franquismo: la actuación de Acción Católica en la posguerra", en MIR CURCÓ, C., et ali. (ed.), *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Lleida, Universitat de Lleida, pp. 113-137

MOORE, B., (2000), "Comparing Resistance and Resistance Movements", en MOORE, B., (ed.), *Resistance in Westerns Europe*, Oxford, BERG, pp. 249-262

MORADIELLOS GARCÍA, E. (2004), *1936. Los mitos de la Guerra Civil*, Barcelona, Península

MOREIRAS, A., "La piel del lobo. Apuntes sobre la categorización de lo reaccionario", *Archipiélago*, 56, pp. 7-11

MORENO FELIU, P.S. et ali, (1997), *Traballos comunais no mundo rural*, Ourense, Museo Arqueolóxico Provincial

MORENO FONSERET, R., (1994), *La autarquía en Alicante (1939-1952). Escasez de recursos y acumulación de beneficios.* Alicante, Institut de Cultura Juan Gil Albert

MORENO FONSERET, R., (1999), "El régimen y la sociedad. Grupos de presión y concreción de intereses", *Ayer*, 33, pp. 87-113

MORENO FONSERET, R., (2005), "Pobreza y supervivencia en un país en reconstrucción", en en MIR CURCÓ, C., et ali. (ed.), *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Lleida, Universitat de Lleida, pp. 139-164

MORENO FONSERET, R.; SEVILLANO CALERO, F., (2000), "Los orígenes sociales del franquismo", *Hispania*, LX/2, 205, pp. 703-724

MORENO GÓMEZ, F., (2001), *La Resistencia armada contra Franco: tragedia del maquis y la guerrilla en el centro-Sur de España, de Madrid al Guadalquivir*, Barcelona, Crítica

MORENO LUZÓN, J., (1990), "El estudio de los apoyos sociales del franquismo. Una propuesta metodológica", en CASTILLO, S. (coord.), *La historia social en España. Actualidad y perspectivas*, Madrid, Siglo XXI, pp. 541-543

MORENO LUZÓN, J., (1999), "El *debate Goldhagen*: los historiadores, el Holocausto y la identidad nacional alemana", *Historia y Política,* 1, pp. 135-159

MORGAN, P., (1999), "The years of consent? Popular attitudes and resistence to Fascism in Italy, 1925-1940", en KIRK, T., McELLIGOTT, A. (ed.), (1999), *Opposing Fascism. Community, Authorithy and Resistence in Europe*, Cambridge, Cambridge University Press, pp. 163-179

MOSQUERA, E.A., (1984), *Cuatro años a bordo de una isla. Unha extraña manera de vivir nuestra Guerra Civil*, Sada, Ed. do Castro

MÜLLER, K.J. (1987), *The Army, Politics and Society in Germany, 1933-45. Studies in the Army's Relation to Nazism*, Manchester, Manchester University Press

NAREDO, J.M., (1981), "La inciedencia del estraperlo en las grandes fincas del sur de España", *Agricultura y Sociedad*, 19, pp. 81-128

NAREDO, J.M., (1996), *La evolución de la agricultura en España (1940-1990)*, Granada, Universidad de Granada

NAROTZKY, N.; SMITH, G., (2002), "Being político in Spain: an etnographic account of memories, silences and public politics", *History and Memory*, 14, 1-2, pp. 189-228

NASH, M., (1999), *Rojas. Las mujeres republicanas en la guerra civil*, Madrid, Santillana

NEIRA VILAS, X., (1991), *Guerrilleiros*, Sada, Ed. Do Castro

NICOLÁS MARÍN, E., (1997), "Conflicto y consenso en la historiografía de la dictadura franquista, unha historia social por hacer", en TRUJILLANO SÁNCHEZ, J.M.; GAGO GONZÁLEZ, J.M., (ed.), *Jornadas Historia y Fuentes Orales. Historia y memoria del franquismo. 1936-1978, Actas IV Jornadas*, Ávila, pp. 27-38

NICOLÁS MARÍN, E., (2005), *La libertad encadenada. España en la dictadura franquista 1939-1975*, Madrid, Alianza Ed.

NICOLÁS MARÍN, E.; ALTED VIGIL, A., (1999), *Disidencias en el franquismo (1939-1975)*, Murcia, Diego Marín Ed.

NICOSIA, F.R.; STOKES, L.D., (ed.), (1990), *Germans agaisnt nazism. Nonconformity, opposition and resistence in the Third Reich*, Oxford, BERG

NORGAARD, R. B., (1994), *Development Betrayed: The End of Progress and a Coevolutionary Revisioning of the Future*, Londres, Routledge

NUÑEZ SEIXAS, X.M, (2004), "Emigración y exilio antifascista en Alfonso R. Castelao: De la Pampa solitaria a la Galicia ideal", *Anuario del IEHS*, Tandil (Arxentina), 19, pp. 95-125

NÚÑEZ SEIXAS, X.M., (1993), "El fascismo en Galicia. El caso de Ourense (1931-1936)", *Historia y Fuente Oral*, 10, pp. 143-174

NÚÑEZ SEIXAS, X.M., (1993), "La Falange en los años treinta", *Historia y Fuente Oral*, 2, 10, pp. 143-174

NÚÑEZ SEIXAS, X.M., (1998), "Violencia política e represión en Galicia da Segunda República á posguerra: algunhas reflexións históricas", *V e VI Xornadas Galegas de Historia. Morte e sociedade no Noroeste peninsular/Un percorrido pola Galicia cotián*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, pp. 217-232

NÚÑEZ SEIXAS, X.M., (2004), "New interpretations of the Spanish Civil War", *Contemporary European History*, 13, 4, pp. 517-527

NÚÑEZ SEIXAS, X.M., (2006), "Itinerarios do desterro: Sobre a especificidade do exilio galego de 1936", en NÚÑEZ SEIXAS, X.M.; CAGIAO VILA, P. (eds.), *O exilio galego de 1936: Política, sociedade, itinerarios*, Sada, Eds. do Castro

NÚÑEZ SEIXAS, X.M.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (2005), *As cartas do destino. Unha familia galega entre dous mundos, 1919-1971*, Vigo, Galaxia

ORDUÑA, M., (1996), *El Auxilio Social (1936-1940). La etapa fundacional y los primeros años*, Madrid, Escuela Libre de Enseñanza

ORLOW, D. (1973), *The History of the Nazi Party: 1933-1945*, Pittsburg, Pittsburg University Press

ORTEGA LÓPEZ, T. M., (2003), *Del silencio a la protesta. Explotación, pobreza y conflictividad en una provincia andaluza, Granada 1936-1977*, Granada, Universidad de Granada

ORTEGA SANTOS, A., (2002), *La tragedia de los cercamientos. Desarticulacón de la comunidad en la provincia de Granada*, Valencia, Fundación Instituto Historia Social-UNED

ORTEGA SANTOS, A., (2002), *La tragedia de los cerramientos: desarticulación de la comunalidad en la provincia de Granada*, Valencia, Centro Francisco Tomás y Valiente

ORTÍZ HERAS, M., (1982), *Las Hermandades de Labradores en el franquismo. Albacete, 1943-1977*, Albacete, Instituto de Estudios Albacetenses

ORTÍZ, G., (2000), *La racionalidad esquiva. Sobre tareas de la Filosofia y la Teoría Social en América Latina*, Córdoba, Universidad Nacional de Córdoba (consultada versión dixital)

ORTNER, S.B., (1996), "Resistance and the problem of Etnographic refusal", en MACDONALD, J.T.,(ed.), *The historic turn in the Human Sciences*, Michigan, University Press, pp. 281-304

OSMOND, J., (1993), *Rural protest in the Weimar Republic. The Free Peasantry in the Rhineland and Bavaria*, Nova Iork, St. Martin Press

PALOMARES, J.M., (2004), "La depuración de la historia", en VV.AA., (2004), *La memoria de los olvidados. Un debate sobre el silencio de la represión franquista*, Valladolid, Ámbito Ediciones, pp. 37-43

PAN-MONTOJO, J., (2004), "Innovacións e continuidades na política agraria do primeiro franquismo (1936-1951)", en FREIRE, D., (et. ali.), *Mundo Rural.*

Transformaçao e Resistência na Península Ibérica (século XX), Lisboa, Ed. Colibrí, pp. 55-69

PARADA SEQUEIROS, E., (2003), "O patrimonio histórico da Unión General de Trabajadores (UGT) na provincia de Pontevedra: sociedad de oficios varios e agrarios", *Murguía. Revista Galega de Historia,* 1, pp. 119-128

PASSERINI, L., (1988), *Torino operaria e fascismo, una storia orale*, Roma, Laterza

PAZ, A., (1982), *La CNT*, Barcelona, Hacer

PAZOS GÓMEZ, M., (2003), *Despois da guerra*, Ordes, A. C. Obradoiro da História

PÉCOUT, G., (2004), "L'historiographie des Campagnes françaises", en en CANAL, J. (dir.), *Societés ruraless du XX Siècle. Francee, Italie et Espagne*, Roma, École Française de Roma, pp. 7-21

PENA RODRÍGUEZ, A., (1998), *El gran aliado de Franco. Portugal y la guerra civil española: prensa, radio, cine y propaganda*, Sada, Ed. Do Castro

PENEDO FERNÁNDEZ, J., (2003), "*Por Dios, España y su revolución Nacionalsindicalista...". El cooperativismo en el norte de Galicia a través de la documentación de la OSC: La Coruña y Lugo, 1942-1975*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (TID inédito)

PEREIRA, D.; MAGARIÑOS, A.; MOLINA, X.X.; ESTÉVEZ, F., (1999), *O monte comunal na Galicia Contemporánea: unha historia de resistencia*, Pontevedra, Edicións Fouce

PEREIRO LEIRO, A.J., (1994), *Sindicacalismo agrario franquista en la provincia de Pontevedra*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela. (Tese de Licenciatura inédita)

PÉREZ GONZÁLEZ, F., (2004), *Estraperlo en Cádiz*, Cádiz, Quorum Editores

PÉREZ RUBIO, J.A., (1995), *Yunteros, braceros y colonos. La política agraria en Extremadura (1940-1975)*, Madrid, MAPA

PEUKERT, D., (1987), *Inside Nazi Germany. Conformity, Opposittion and Racism in Everyday Life,* New Haven, Yale University Press

PEUKERT, D., (1991), "Working Class Resistance: Problems and Options", en LARGE, C., (ed.), *Contending with Hitler. Varieties of German Resistance in the Thrid Reich*, Cambridge, German Historical Institute, Cambridge University Press, pp. 35-48.

PIEDRAS MONROY, P., (2004), "La lista de Ángel Piedras". Memoria de la Guera Civil y subalternidad", *Actas del Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, Santiago de Compostela-Ourense, CD Rom

PILLADO, M., (2002), *Desde el mar que perdiste*, Sada, Ed. Do Castro

PIÑEIRO, R., (2002), *Da miña acordanza. Memorias*, Vigo, Galaxia

PISELLI, F., (1995), "Reti sociali e comunicative", en PISELLI, F. et ali (ed.), *Reti. L'analisi di network nelle scienze sociali*, Roma, Donzelli Editor

PISELLI, F., (ed.), *Reti. L'analisi di network nelle scienze sociali*, Roma, Donzelli Editori

PRADA RODRÍGUEZ, J. (1998), "Estado y represión: aproximación al estudio de los mecanismos represivos durante el primer franquismo", en *Estado, protesta y movimientos sociales. Actas del Tercer Congreso de Historia Social de España*, Vitoria-Gasteiz, Universidad del País Vasco, pp. 183-188

PRADA RODRÍGUEZ, X., (1993), "As modalidades represivas no primeiro franquismo. Unha proposta de sistematización", *Minius*, VI, pp. 99-117

PRADA RODRÍGUEZ, X., (2002), "Control político y dominación social en la retaguardia franquista: Ourense (1936-1939)", en MIR CURCÓ, C.; VICEDO, E., (edl), *Jornades sobre Sistemes Agraris, Organització Social i Poder Local als Països Catalans*, Lleida, Institut d'Estudis Ilerdens, pp. 581-599

PRADA RODRÍGUEZ, X., (2002), "De la explosión societaria a la destrucción del asociacionismo obrero y campesino. Ourense (1934-1939)", *Historia del Presente*, 3, pp. 11-28

PRADA RODRÍGUEZ, X., (2002), "Que jamás la sangre derramada sirva para florcer partidos políticos. El nacimiento de FET y de las JONS en Ourense", *Espacio, Tiempo y Forma*. Serie V, 15, pp. 421-454

PRADA RODRÍGUEZ, X., (2003), *Metodoloxía e fontes para o estudio da represión franquista en Galicia*, Ourense, Obradoiro de Historia de Galicia

PRADA RODRÍGUEZ, X., (2004), "Memoria 'da longa noite de pedra: la represión franquista en Ourense (1936-1939)", *Historia actual on-line*, 4

PRADA RODRÍGUEZ, X., (2004), *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión*, Sada, Edicións do Castro

PRADA RODRÍGUEZ, X.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (1997), "Antropoloxía da memoria: representación simbólica e función social das construccións míticas relativas á represión franquista", *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*. Tomo I, Santiago de Compostela, CSIC, pp. 631-651

PRADA RODRÍGUEZ, X.; SOUTELO VÁZQUEZ, R., (1998), "Estrategias de supervivencia económica na posguerra: mercado negro, acaparamento e ocultación", *Historia Nova V. Contribución dos Xoves Historiadores de Galicia*, Santiago de Compostela, Asociación de Xoves Historiadores

PRESTON, P., (1984), "Introducción. Guerra de palabras: los historiadores ante la guerra civil española", en PRESTON, P., (ed.), *Revolución y guerra en España, 1931-1939*, Madrid, Alianza, pp. 15-24.

PRESTON, P., (2004), "Las víctimas del franquismo y los historiadores", en SILVA, L., (coord.), *La memoria de los olvidados. Un debate sobre el silencio de la represión franquista*, Valladolid, Ed. Ámbito, pp. 13-21

PROST, A., (1997), "Résistance et société: quels liens?", *Le Mouvement Social*, 180, pp. 1-6

PROST, A., (2002), "La guerre de 1914 n'est pas perdue", *Le Mouvement Social*, 199, pp. 95-102

PUGA, J., (1988), *Asi fue nuestro destino*, Buenos Aires

PUZZO, D.A., (1993), *The Partisans and the War in Italy*, Nova Iorke, Peter Lang

RABY DAWN, L., (1988), *A resistencia antifascista em Portugal 1941-74,* Lisboa, Salamandra

RADCLIFF, P.B., (2004), *De la movilización a la Guerra Civil: historia política y social de Gijón (1900-1937)*, Barcelona, Debate

RAMOS, R., (1986), "O Estado Novo perante os poderes periféricos: o governo de Assis Gonçalves em Vila Real (1934-1939)", *Análise Social*, 9, vol. XXII, pp. 109-135

RANDLE, M., (1998), *Resistencia civil: la ciudadanía ante las arbitrariedades de los gobiernos*, Barcelona, Paidós

REIG, R., (1999), "Repertorios de protesta. La posición de los trabajadores durante el Primer Franquismo", SAZ CAMPOS, I.; GÓMEZ RODA, J.A., (ed.), *El franquismo en Vialencia. Formas de vida y actitudes sociales en la posguerra*, Valencia, Episteme, pp. 37-76

RENTON, D., (2001), "The agrarian roots of fascism: German excepcionalism revised", *The Journal of Peasant Studies*, 28, 4, pp. 127-148

REY CASTELAO, O., (1995), *Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela

RIBEIRO, M.C., (1995), *A Policía Política no Estado Novo*, 1926-1945, Lisboa, Estampa

RICHARDS, M. (1999), *Un tiempo de silencio: la guerra civil y la cultura de la represión en la España de Franco, 1936-1945*, Barcelona, Crítica

RICHARDS, M., (2006), "El régimen de Franco y la política de memoria de la guerra civil española", en ARÓSTEGUI, J.; GODICHEAU, F., (eds.), *Guerra civil. Mito y memoria*, Madrid, Marcial Pons, pp. 167-200

RICO BOQUETE, E. (1995), *Política forestal e repoblacións en Galicia, 1941-1971,* Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela

RICO BOQUETE, E. (1999) "Política forestal y conflictividad social en Galicia durante el primer franquismo, 1939-1959", *IV Encuentro de Investigadores del Primer Franquismo*, Valencia, Universitàt de Valencia, pp. 374-381

RICO BOQUETE, E., (2000), "Política forestal y conflictividad social en el noroeste de España durante el primer franquismo, 1939-1959", *Historia Social*, 38, pp. 117-140

RICOEUR, P., (2000), *La mémoire, l'histoire, l'oubli*, Paris, Seuil

RIECHMAN, J.; FERNÁNDEZ-BUEY, (1994), *Redes que dan libertad. Introducción a los nuevos movimientos sociales*, Barcelona, Paidós

RIESGO RAMA, S., (2000), *Control social y proyectos políticos en una sociedad rural. Carballo, 1880-1936*, Santiago de Compostela, Documentos de Traballo do IDEGA

RINDERLE, W., (1993), *The nazi impact on a German village*, Lexington, University of Kentaky Press

RIVERO, M.C., (2001), *Política y sociedad en La Rioja durante el primer franquismo (1936-1945)*, Logroño, Instituto de Estudios Riojanos

ROCHA NOVOA, M., (2002), *As consecuencias sociohistóricas do estraperlo. O Condado, 1940-1990*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, (TID inédito)

RODRÍGUEZ BARREIRA, O.J., (2006), "Cuando lleguen los amigos de Negrín... Actitudes individuales y opinión pública ante la II Guerra Mundial en una provincia del sur. Almería 1939-1945" , (en prensa)

RODRÍGUEZ BARREIRA, O.J., "La historia local y social del franquismo en la democracia, 1976-2003. Datos para una reflexión", *Historia Social*, (en prensa)

RODRÍGUEZ FER, C., (1994), *A literatura galega durante a guerra civil*, Vigo, Xerais

RODRÍGUEZ LAGO, J.R., (2004), *La Iglesia en la Galicia del franquismo (1935-1965), clero secular, Acción Católica y nacionalcatolicismo*, Sada, Ed. Do Castro

RODRÍGUEZ TRONCOSO, M., (2004), *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume*, Vigo, Ir Indo

ROMÁN LAGO, I.; BERNÁNDEZ SOBREIRA, A., (2005), "Agrarismo en la Galicia Contemporánea: entre el populismo y la reivindicación social", *Actas del XI Congreso de Historia Agraria*, Aguilar de Campó, CD Rom

ROMERO FALQUE, X.L., (1997), "A historia do Sindicalismo Nacionalista", *A Trabe de Ouro*, Tomo I, ano VIII, pp 129-141

ROMEU ALFARO, F. (1987), *Más allá de la utopía: perfil histórico de la Agrupación Guerrilla de Levante,* Valencia, Alfons El Magnànim

ROSAS, F., (1995), *Portugal entre a paz e a guerra: estudo do impacto da II Guerra Mundial na economia e na sociedade portuguesas, 1939-1945*, Lisboa, Afrontamento

ROSAS, F., (2003), "La oposición a la dictadura militar y al Estado Novo (1926-1974). La larga marcha de las izquierdas portuguesas", *Studia Histórica. Historia Contemporánea*, 21, pp. 137-154

ROSSITER, M., (1986), *Women in the Resistence, 1940-1944*, Nova Iorke, Praeger

ROUSSO, H., (1999), *Stalinisme et nazisme. Histoire et mémoire comparées*, París, Ed. Complexe

RUCHT, D., (1992), "Estrategias y formas de acción de los nuevos movimientos", en DALTON, R.; KUECHLER, M., (eds.), *Los nuevos movimientos sociales: un reto al orden político*, Valencia, Edicións Alfons el Magnánim, pp. 219-243

RUDÉ, G., *El rostro de la multitud. Estudios sobre revolución, ideología y protesta popular*, Valencia, Biblioteca de Historia Social

RUDÉ, G., *La multitud en la historia. Los disturbios populares en Francia e Inglaterra, 1730-1848*, Madrid, Siglo XXI

RUÍZ CARNICER, M.A., (1997), "Violencia, represión y adaptación. FET-JONS (1943-1945), *Historia Contemporánea*, 16, pp. 183-200

SÁ BRAVO, H. de, (1991), *Creencias del costumbrismo religioso en Galicia*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., (2003), *Señoríos y comunidades campesinas: aportaciones a la historia rural de la España moderna*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza

SABIO ALCUTÉN, A., (2002), "Imágenes del monte público, "patriotismo forestal español" y resistencias campesinas, 1855-1930", *Ayer*, 46, pp. 123-153

SABUCEDO CAMESELLE, J.M.; REAL DEUS, J.E.; GARCÍA MIRA, R., (2003), "Medio ambiente e comportamento humano", en CASARES LONG, J.J., (coord.), *Reflexións sobre o medio ambiente en Galicia,* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 415-435

SACO, F., (2006), *Os irmáns Saco ou a loita galeguista baixo o franquismo*, Vigo, A Nosa Terra

SAINCLIVER, J. ; BOUGEARD, CH., (dir.), (1995), *La Résistance et les français. Enjeux stratégiques et environnement social*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes

SAINCLIVIER, J., (1993), *La Résistance en Ille-et-Vilaine, 1940-1944*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes

SÁNCHEZ LEÓN, P., (2004), "Estigma y memoria de los jóvenes de la transición", en SILVA, E., (et ali.), (coord,), *La memoria de los olvidados. Un debate sobre el silencio de la represión franquista*, Valladolid, Ámbito, pp. 163-179

SÁNCHEZ LEÓN, P.; IZQUIERDO MARTÍN, J., (2002), "Miseria de la Microeconomía. (Sujeto, racionalidad e identidad en historia agraria)", *Taller del SEHA*, Sitges

SÁNCHEZ LÓPEZ, R., (1990), *Sección Femenina: Una sombra de destino en lo Universal*, Murcia, Universidad de Murcia

SANCHEZ MARROYO, F., "La delincuencia social: un intento de caracterizar la actuación penal en la españa rural durante la posguerra", *Norba, Revista de Historia*, 16, 1996-2003, pp. 625-637

SANCHEZ RECIO, G.; MORENO FONSERET, R.; SEVILLANO CALERO, F., (1995), *Estudios sobre el franquismo en la provincia de Alicante. Poder político, actitudes económicas y opinión*, Alicante, Universidad de Alicante

SANTIDRIÁN ARIAS, V., (2002), *Historia do PCE en Galicia, 1920-1968,* Sada, Ed. Do Castro

SANTOS PÉREZ, A., (2003), *Conflito socio-ambiental e monte comunal. A comarca de Sarria durante o primeiro franquismo (1936-1959)*, T.I.T., Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (inédito)

SANZ ALBEROLA, D., (1999), *La implantación del franquismo en Alicante. El papel del Gobierno Civil (1939-1946)*, Alicante, Universidad de Alicante

SANZ DÍAZ, B., (1993), "Bastiones de la resistencia en Castilla-La Mancha: el caso de Villamalea" en SÁNCHEZ, I.; ORTÍZ, M.; RUÍZ, D., (coord.), *España franquista. Causa general y actitudes sociales ante la dictadura*, Ediciones de la Universidad de Castilla la Mancha, pp. 233-246

SANZ LAFUENTE, G., (1998), *Propietarios del poder en tierras del Moncayo. Organización agraria y gestión de recursos en la comarca de Tarazona. 1880-1930*, Zaragoza, Centro de Estudios Turiasonenses, Institución Fernando el Católico

SARILLE, X. M., (2002), *Polos fillos dos fillos*, Santiago de Compostela, Candeia Editora

SAZ CAMPOS, I., (1999), "El primer franquismo", *Ayer*, 36, pp. 201-221

SAZ CAMPOS, I., (2003), *España contra España*, Madrid, Marcial Pons

SAZ CAMPOS, I., (2004), "La Dictadura de Franco como Historia del Tiempo Presente", en NAVAJAS ZUBELDIA, C. (ed.), *Actas del IV Simposio de Historia Actual*, Logroño, Gobierno de La Rioja, Instituto de Estudios Riojanos, pp. 77-91

SAZ CAMPOS, I., (2004), *Fascismo y franquismo*, Valencia, Universitat de Valencia

SAZ CAMPOS, I., M., (1999), "Entre la hostilidad y el consentimiento. Valencia en la posguerra", en SAZ, I.; GÓMEZ RODA, J.A., (eds.), *El franquismo en Valencia. Formas de vida y actuaciones en la posguerra*, Valencia, Episteme, pp. 9-35

SCHUBARTH, D., SANTAMARINA, A., (recop.), (1988), *Cancioneiro Popular Galego*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza

SCOTT, J.C., (1976), *The moral economy of the peasant: rebellion and subsistence in South-East Asia,* New Haven, Yale University Press

SCOTT, J.C., (1985), *Weapons of the weak: everyday forms of peasant resistance*, New Haven, Yale University Pres

SCOTT, J.C., (1997), "Formas cotidianas de rebelión campesina", *Historia Social*, 28, pp. 13-39

SCOTT, J.C., (2003), *Los dominados y el arte de la resistencia*, Tafallla, Txalaparta (orixinal: (1990), *Domination aand the Arts of Resistence. Hiddenn Transcripts,* New Haven, Yale University Press)

SEIDMAN, M., (2003), *A ras de suelo. Historia social de la República durante la Guerra Civil*, Madrid, Alianza

SEMELIN, J., (1989), *Sans armes face à Hitler: la résistance civile en Europe, 1939-1943*, Paris, Payot

SERRALLONGA URQUIDI, J., (1999), "La montaña catalana (1939-1945). Subordinación, abastos y mortalidad", *Historia Social*, 34, pp. 45-66

SERRANO, S., (2001), *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista*, Madrid, Temas de Hoy

SEVILLANO CALERO, F., (2000), *Ecos de papel. La opinión de los españoles en la época de Franco*, Madrid, Biblioteca Nueva

SEVILLANO CALERO, F., (2003), "Consenso y violencia en el "Nuevo Estado" franquista: historia de las actitudes cotidianas", *Historia Social*, 46, pp. 159-171

SHANIN, T., (1990), *Defining peasants: essays concerning rural societies, expolary economies and learning from them in the contemporary world,* Oxford, Basil Blackwell

SHARP, G., (1985), *Dynamics of nonviolent action. The Politics of Nonviolent Action*, Londres, Paperback

SILVA, E. et ali. (coord.), (2004), *La memoria de los olvidados. Un debate sobre el silencio de la represión franquista*, Valladolid, Ámbito Ediciones

SILVA, M.C., (1995), *Resistir e adaptarse. Constrangimentos e estratégias camponesas no Noroeste de Portugal*, Oporto, Afrontamento

SIMEÓN RIERA, J. D., (1998), *"Impasible el ademán". Franquisme i societat a una comunitat rural: Xábia 1939-1953*, Xábia, Ajuntamen de Xábia

SKOCPOL, T., (1982), "What makes peasant revolutionary?", *Comparative Politics*, vol. 14, nº 3, pp. 351-375. [Artigo publicado tamén en WELLER, R.P.; GUGGENHEIM, S.E., (ed.), (1983), *Power and protest in the countryside. Studies of rural unrest in Asia, Europe and Latin* America, Durham, Duke University Press)]

SNOWDEN, F. M., (1972), "On the social origins of Agrarian Fascism in Italy", *Archives Européennes de Sociologie*, vol. XIII, nº 2, pp 268-295

SOLJENITSYNE, A., (1974), *El Archipiélago Gulag*, Barcelona, Plaza y Janés

SOTO FERNÁNDEZ, D., (2002), *Transformacións productivas na agricultura galega contemporánea: da Agricultura Orgánica á Revolución Verde (1752-1986), unha aproximación a partir das macromagnitudes*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (Tese inédita)

SOTO FERNÁNDEZ, D.; FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2004), "Política forestal e conflictividade nas terras comunais de Galiza durante o franquismo (1939-1975), en FREIRE, D., (et. ali.), *Mundo Rural. Transformaçao e Resistência na Península Ibérica (século XX)*, Lisboa, Ed. Colibrí, pp. 225-249

SOUTELO VÁQUEZ, R., (1998), "Marcharon coa terra e a xente marchou". Un caso de movilización y resistencia campesina en la Galicia del franquismo: las protestas contra la construcción del embalse de Castrelo de Miño (Ourense, 1964-1965)", en DÍAZ BARRADO, M.P., (coord.), *Historia del Tiempo Presente. Teoría y metodología*, Universidad de Extremadura, pp. 361-366

SOUTELO VÁZQUEZ, R., (2001), "Galicia nos tempos do medo e a fame: autarquía, sociedade e mercado negro no primeiro franquismo, 1936-1959", *Cadernos do IDEGA-Historia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela

SOUTELO VÁZQUEZ, R., (2006), *Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas. Experiencias de vida e lembranzas de mulleres na Galicia rural: 1900-1960*, Valga, Concello de Valga

SOUTELO VÁZQUEZ, R.; VARELA SABAS, A., (1995), "Variaciones en las formas de represión y resistencia popular en el mundo rural ourensano. 1936-1946", en TRUJILLANO SÁNCHEZ, J.M.; GAGO GONZÁLEZ, J.M. (eds), *Jornadas "Historia y Fuentes Orales". Historia y Memoria del franquismo. 1936-1978. Actas IVas Jornadas*, Ávila, pp. 217-233

SOUTO BLANCO, M.J., (1997), *La represión franquista en la provincia de Lugo, (1936-1940)*, Sada, Edicións do Castro

SOUTO BLANCO, M.J., (1999), "Castro de Rei en la Guerra Civil", *Croa*, IX, pp. 40-43

SOUTO BLANCO, M.J., (2003), "Una revuelta de hambre en la Galicia del primer franquismo: O Saviñao", *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea*, II, pp. 241-254

SOUTO BLANCO, M.J., (1999), *Los apoyos al régimen franquista en la provincia de Lugo (1936-1940). La corrupción y la lucha por el poder*, Sada, Ed. do Castro

SOUTO BLANCO, M.J., (2003), "La Falange durante los primeros años de la Guerra civil. Un estudio de Caso", *Actas del V Encuentro de Investigadores del franquismo*, Albacete, CD-Rom

SPIVAK, G. CH., (1988), "Subaltern Studies: deconstructing historiography", in GUHA, R. et ali., (ed.), S*elected Subaltern Studies*, Nova Iorke, Oxford University Press, pp. 3-34

SPRIANO, P., (1978), *La Resistenza: Togliatti e il partito nuovo*, Turín, Giulio Einaudi

STEPHENSON, J. (1997), "Nazism, modern war and rural society in Wuttemberg, 1939-45", en *Journal of Contemporary History*, 32, pp. 239-354.

STEPHENSON, J., (1990), "Resistence to Not Surrender: Popular Disobedience in Wüttemberg in 1945", en NICOSIA, F.; STOKES, L. (ed.), *Germans against Nazism Nonconformity, Opposition and Resistence in the Third Reich*, Nova York, Berg, pp. 351-365

TAMARIT SUMALLA, J.M., (2005), "Dereho penal y delincuencia en la legislación de posguerraA", en MIR CURCÓ, C. et ali. (ed.), (2005), *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Lleida, Edicions de la Universitat de Lleida, pp. 51-67

TAMÁS RITTERSPORN, G., (2000), "Resistencias Cotidianas: el folklore soviético no oficial en los años treinta", *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 22, pp. 275-302

TARROW, S., (1997), *Poder en movimiento. Los movimientos sociales, la acción colectiva y la política*, Madrid, Alianza Editorial

TAYLOR, CH., (1994), *La ética de la autenticidad*, Barcelona, Paidós

TAYLOR, L., (1997), "The black market in Occupied Northen France, 1940-1944", *Contemporary European History*, nº 6, 2, pp. 153-176

TAYLOR, M., (1990), "Racionalidad y acción colectiva revolucionaria", *Zona Abierta*, 54-55, pp. 69-112

TÉLLEZ, A., (2000), *A guerrilla antifranquista de Mario de Langullo. O Pinche*, Vigo, Ed. A Nosa Terra

THOMÀS, J.M. (ed.), (2001), *Franquismo/Fascismo*, Reus, Fundació d'Estudis Socials Josep Recasens

THOMPSON, E.P., (1979), *Tradición, revuelta y conciencia de clase*, Barcelona, Crítica

THOMPSON, E.P., (1995), *Costumbres en común*, Barcelona, Crítica

TILLY, Ch., (1986), *The contentios French. Four Centuries of Popular Struggle*, Cambridge, Harvard University Press

TODOROV, T., (2002), *Memoria del mal, tentación del bien. Indagación sobre el siglo XX*, Barcelona Península

TOURAINE, A., (1997), *¿Podremos Vivir Juntos?*, Buenos Aires, Fondo de Cultura Económica de Argentina

TROMMLER, F., (1992), "Between normality and resistance: catastrophic gradualism in Nazi Germany", *Journal of Modern History*, 64, pp. 82-101

TUSELL, J. (1993), "La dictadura de Franco a los cien años de su muerte", *Ayer*, 10, pp. 13-28.

UGARTE TELLERÍA, J., (1998), *La nueva Covadonga insurgente. Orígenes sociales y culturales de la sublevación de 1936 en Navarra y el País Vasco*, Madrid, Biblioteca Nueva

VALENTE, J. C. (1996), "As casas do povo e a educaçao popular no Estado Novo (1933-1970)", *História*, 21, pp. 40-49

VALIANI, J. BIANCHI, G., RAGIONIERI, E., (1988), *Azionisti, cattolici e comunisti nella Resistenza*, Milán, F. Angeli

VAQUINHAS, I., (1995), *Violência, justiça e sociedade rural. Os campos de Coimbra, Montenor-o-Velho e Penacova de 1858 a 1918*, Oporto, Afrontamento

VARELA, J., (2004), *"A Ulfe". Socioloxía dunha comunidade rural galega*, Santiago de Compostela, Soutelo Blanco

VARELA, L., (1996), *De Galicia a Buenos Aires. Recuerdos desde el Bar La Cancha*, Buenos Aires, Volpe Editores

VAZQUEZ DE PRADA, M., (2003), "La oposición al régimen franquista en Barcelona. Algunas muestras entre 1948 y 1951", *Hispania*, LXIII/3, 215, pp. 1057-1078

VEGA GARCÍA, R., (coord.), (2000), *Hay una luz en Asturias... Las huelgas del 1962 en Asturias*, Oviedo, Ed. Trea, Fundación Juan Muñíz Zapico

VEGA GARCÍA, R., (coord.), (2002), *El camino que marcaba Asturias. Las huelgas de 1962 en España y su repercusión internacional*, Oviedo, Ed. Trea, Fundación Juan Muñíz Zapico

VEGA SOMBRÍA, S., (1999) "La implantación del Franquismo en Segovia. La incautación de bienes a los oponentes políticos", en *Tiempos de Silencio. Actas del IV Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Valencia, pp. 127-133

VEIGA, M., (2006), "Guerra Civil. Do pacto de silencio a unha polémica explosión bibliográfica", *A Trabe de Ouro*, 63, Tomo 3, pp. 359-373

VELASCO MURVIEDRO, C., (1982), "El pensamiento agrario y la apuesta industrializadora en la España de los 40", *Agricultura y Sociedad*, 23, pp. 237-273

VELASCO SOUTO, C. (1995), *Agitacións campesiñas na Galiza do século XIX*, Noia, Edicións Laiovento

VELASCO SOUTO, C., (2000), *Galiza na II República*, Vigo, A Nosa Terra

VELASCO SOUTO, C., (2006), *1936. Represión e Alzamento Militar en Galiza*, Vigo, A Nosa Terra

VIDAL CASTAÑO, J.A., (2004), *La memoria reprimida. Historias orales del maquis*, Valencia, Universitat de Valencia

VILLARES PAZ, R., (2004), "La renovación de la historia agraria española", en CANAL, J. (dir.), *Societés rurales du XX Siècle. France, Italie et Espagne*, Roma, École Française de Roma, pp. 53-73

VILLAVERDE CABRAL, M.A (1983), "A economía subterrânea vem ao de cima: estratégias de populaçâo rural perante a industrializaçâo e a urbanizaçâo", *Análise Social* , 76, pp. 199-234

VILLAVERDE GARCÍA, E., (1995), *Héroes e mártires. A Segunda República e a Guerra Civil no Barbanza*, Santiago de Compostela, Concello da Pobra do Caramiñal, Concello de Boiro

VINYES, R. et ali., (2002), *Los niños perdidos del franquismo*, Barcelona, Plaza y Janés

VIOLA, L., (1996), *Peasant rebels under Stalin. Colectivization and the culture of peasant resistence*, Oxford, Oxford University Press

VIVES RIERA, A., (2005), "La resistencia de la Mallorca rural al proceso de modernización durante la II República y el primer franquismo", *Historia Social*, 52, pp. 73-87

VVAA., (1991), *Escolma poética*, Foz, Concello de Foz

WELCH, D., (1993), "Manufacturing a Consensus: Nazi propaganda and the building of a "National Community (Volksgeneinschaft)", *Contemporary European History*, 2, 1, pp. 1-15

WELLER, R. P.; GUGGENHEIM, S.E., (1982), *Power and protest in the countryside studies of rural unrest in Asia, Europe and Latin American*, Durham, Duke University

WERTH, N. (1999), "Les formes d'autonomie de la "société socialiste", en ROUSSO, H., (dir), *Stalinisme et nazisme. Histoire et mémoire comparées*, París, pp. 145-183

WHITE, C. P., (1986), "Everyday resistence, socialist revolution, and rural developement: the vietnamese case", *Journal of Peasant Studies*, 13, 2, pp. 49-63

WILLSON, P. (1999), "Saints and heroines: re-writing the history of Italian women in the Resistence", en KIRK, T.; McELLIGOTT, A. (ed.), *Opposing Fascism. Community, Authority and Resistence in Europe*, Cambridge, Cambridge University Press, pp. 180-198

WOLF, E., (1973), *Las luchas campesinas del siglo XX*, Madrid, Ed. Siglo XXI

WOUTERS, M., (1993), *Os primeiros días*, Vigo, Xerais

XAMMAR, E., (2005), *Crónicas desde Berlín (1930-1936)*, Barcelona, Acantilado

YSÁS, P., (2004), *Disidencia y subversión. La lucha del régimen franquista por su supervivencia, 1960-1975*, Barcelona, Crítica

YUSTA RODRIGO, M., (1999), *La Guerra de los vencidos. El maquis en el Maestrazgo turolense*, Zaragoza, Institución Fernándo El Católico

YUSTA RODRIGO, M., (2003), *Guerrilla y resistencia campesina. La resistencia armada contra el franquismo en Aragón (1939-1952)*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza